UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Facultade de Filoloxía

Departamento de Filoloxía Galega

A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas

Tese de doutoramento

Valentina Formoso Gosende

Santiago de Compostela, abril de 2005

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Facultade de Filoloxía

Departamento de Filoloxía Galega

A LINGUA GALEGA NO ÁMBITO EMPRESARIAL: USOS E REPRESENTACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS

Tese de doutoramento de:

Valentina Formoso Gosende

Codirixida polos Profesores Doutores:

Carmen Alén Garabato e **Manuel González González**

v. e pr. **v. e pr.**

Santiago de Compostela, abril de 2005

Quero dedicarlles esta obra, aínda que non poida compensa-lo tempo que me retivo lonxe deles:

A miña avoa e miña nai, traballadoras monolingües en galego

A meu pai e a miña irmá, a quen a emigración os volveu políglotas

A Miguel, que sofre a situación diglósica da empresa galega do século XXI

AGRADECEMENTOS

Este traballo non sería posible sen a axuda dunha grande cantidade de persoas que colaboraron comigo neste longo proceso e ás que lles quero mostra-lo meu sincero agradecemento:

Ós meus directores, M. Carmen Alén Garabato e Manuel González González, pola confianza que depositaron en min desde o momento que lles propuxen esta "idea", guiándome e axudándome sempre, pese á distancia.

Ó profesor Henri Boyer, por me facer partícipe do seu *mundo teórico* desde moi preto, pero tamén polos consellos e os ánimos.

A aqueles que me abriron o camiño para o autodidactismo en disciplinas "novas" para min: Felicidad Barreiro, Xaime Subiela, Isabel Suárez e Ana C. Pérez, por facerme máis doado o achegamento a áreas como a socioloxía, a estatística, a psicoloxía ou a historia.

Ós meus ex-compañeiros da CEG: Herminia Moreira, Araceli de Lucas e Fausto Santamarina, por me seguiren levando da man polo mundo empresarial galego todos estes anos... e por moito máis.

Ós sempre atentos para achegarme calquera material: Iolanda Galanes, Anxo Lorenzo, Daniel Romero, Soco G. Conde, Rafa Villar, Olga Patiño, L. A. Girgado. Tamén ó persoal de Cidadanía, do Seminario de Sociolingüística da RAG, do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia e da Sección de Lingua do CCG.

Ós que fixeron posible a análise empírica desta investigación: tanto ós empresarios e ós traballadores, participantes desinterados nos grupos de discusión, e á súa moderadora: Isabel Suárez; coma ós directivos que accederon a contesta-las enquisas e me abriron as súas empresas. Tamén lles quero mostra-lo meu agradecemento ós entrevistados que aparecen nomeados ó longo do traballo, por compartir comigo as súas experiencias.

Ós amigos que colaboraron directamente nalgunha ou en varias partes do proceso: Bea (miña irmá), Ana Codesido, Rodolfo, Marga, Fidel, María G.; pero moi, moi especialmente a Ángeles Barreira e Ana Castro, que se volcaron neste traballo coma se fose seu. Sen as horas desinteresadas que deixaron, nin o resultado, nin o prazo de entrega serían os que foron. Pero ademais todos eles achegaron a parte humana que lle corresponde á amizade, como fixeron o resto de amigos e familiares que soportaron as miñas queixas e lamentaron as miñas ausencias. Quixera lembrar aquí a Lidia C., Xabier, Ánxela, Paz e, dun xeito destacado, a M. Louzao, quen estivo pendente de aconsellarme sabiamente cada paso, mesmo a través do fío do teléfono.

Déixolle as últimas liñas para Miguel quen, ademais de encargarse da "parte informática", resistiu, sen ningunha protesta, a difícil convivencia comigo nesta época de doutoranda, animándome nas peores horas, dándome forzas e empuxándome ata ó final. No fondo, débese a el que este traballo saia á luz.

ÍNDICE

ÍNDICE ..... *v*

ÍNDICE DE GRÁFICOS ..... *xi*

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS ..... *xv*

ÍNDICE DE TÁBOAS ..... *xvii*

ABREVIACIÓNS HABITUAIS NESTE TRABALLO ..... *xxi*

INTRODUCIÓN *1*

PARTE I: EMPRESA E LINGUA GALEGA. CUESTIÓNS XERAIS

Capítulo 1

A EMPRESA E A SÚA HISTORIA EN GALICIA *7*

1.1 Delimitación do concepto de empresa **8**
1.1.1 O tecido empresarial en Galicia 10

1.2 A empresa en Galicia: das orixes á actualidade **12**
1.2.1 A evolución económica galega na época contemporánea 14
1.2.2 A evolución das actividades de produción 17
1.2.2.1 A agricultura e o nacemento das primeiras empresas relacionadas 17
1.2.2.2 A pesca e o nacemento das primeiras empresas relacionadas 21
1.2.2.3 A industria fabril 22
1.2.2.4 O comercio, hostalaría e turismo 28
1.2.3 O atraso económico de Galicia 31

1.3 A empresa en Compostela. Notas sobre a súa evolución **34**

Capítulo 2

APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO EMPRESARIAL *41*

2.1 Antes do Estatuto de Autonomía **43**
2.1.1 As Irmandades da Fala e A Nosa Terra: a primeira publicidade en galego 44
2.1.2 A posguerra: de Galaxia á revista Chan 48

2.2 Desde o Estatuto de Autonomía a hoxe **52**

2.2.1 O papel da Administración Autonómica ... 55
2.2.1.1 As axudas económicas para a galeguización das empresas ... 56
2.2.1.1.1 Análise das convocatorias ... 57
2.2.1.1.2 Os orzamentos e as empresas beneficiarias ... 63
2.2.1.2 As demais actuacións da administración: publicacións, lexislación e servizos ... 95
2.2.1.2.1 Elaboración e distribución de materiais de apoio ó proceso de galeguización das actividades comerciais e empresariais ... 96
2.2.1.2.2 Iniciativas lexislativas ... 101
2.2.1.2.3 Constitución de servizos permanentes de promoción e dinamización lingüística ... 102
2.2.2 Iniciativas fóra da administración autonómica ... 105
2.2.2.1 As primeiras campañas para, en e / ou desde as empresas ... 106
2.2.2.2 Entidades creadas para contribuír á galeguización do ámbito empresarial ... 108
2.2.2.2.1 O Centro de Estudios Lingua e Empresa (CELE) ... 108
2.2.2.2.2 Fundación Galicia Empresa (FGE) ... 110
2.2.2.3 As campañas da Mesa pola Normalización Lingüística ... 117
2.2.2.4 A normalización desde as Asociacións Empresariais ... 120
2.2.2.5 A entrada do galego nas relacións laborais: a lingua dos convenios colectivos e as cláusulas de dereitos lingüísticos ... 131
2.2.2.5.1 Comisión de normalización lingüística no Consello Galego de Relacións Laborais ... 140
2.2.2.6 O modelo das empresas grandes ... 146

CONCLUSIÓNS DA PRIMEIRA PARTE ... 151

PARTE II: A LINGUA GALEGA NO ÁMBITO EMPRESARIAL. ANÁLISE EMPÍRICA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Capítulo **3***

O ESTADO DA CUESTIÓN EN SANTIAGO DE COMPOSTELA ... 159

3.1 Descrición xeo-demográfica ... 160
3.1.1 Estructura socioprofesional da poboación ... 163

3.2 Análise sociolingüística de Santiago de Compostela ... 165
3.2.1 Usos lingüísticos en Santiago ... 166
3.2.1.1 A lingua no ámbito da empresa ... 179
3.2.1.2 O cambio da lingua habitual ... 187
3.2.1.3 Cambio de lingua no ámbito do traballo ... 192
3.2.2 As actitudes lingüísticas en Santiago ... 198
3.2.2.1 Actitude cara á utilidade, o uso, a transmisión e o futuro da lingua ... 204
3.2.2.2 Lingua e identidade ... 207
3.2.2.3 Atribución da importancia ó tema da lingua e evolución do aprecio polo galego ... 209
3.2.2.4 Os prexuízos lingüísticos ... 211
3.2.2.5 Actitudes no ámbito da empresa ... 212
3.2.3 Conclusións ... 214

3.3 O traballo en prol da normalización lingüística no ámbito empresarial no Concello de Santiago ... 215
3.3.1 O galego nas asociacións de empresarios composteláns. As colaboracións do concello ... 218
3.3.2 A normalización do galego en Santiago desde o punto de vista dos representantes dos empresarios ... 220

*Capítulo **4***

PARÁMETROS TEÓRICOS PARA A ANÁLISE EMPÍRICA ... 225

4.1 Introdución ... 225

4.2 Unha comunidade con dúas linguas ... 231
4.2.1 Bilingüismo e diglosia na sociedade galega ... 232

4.3 Actitudes e representacións sociolingüísticas ... 240
4.3.1 A análise das actitudes seguindo o paradigma mentalista da escola norteamericana ... 241
4.3.2 As actitudes dentro do esquema das representacións sociolingüísticas ... 246
4.3.2.1 O concepto de representación social e representación sociolingüística ... 246
4.3.2.2 As representacións sociolingüísticas nunha comunidade diglósica. A proposta de H. Boyer 251
4.3.2.3 Representacións e actitudes nunha situación de conflito diglósico ... 259

*Capítulo **5***

METODOLOXÍA ... 275

5.1 Xustificación da investigación mediante metodoloxía cuantitativa e cualitativa .. 276
5.1.1 Problemas da análise só con enquisas. O porqué dos grupos de discusión ... 276
5.1.2 Complementación de métodos ... 282
5.1.3 A integración das dúas metodoloxías ... 284
5.1.4 As dúas metodoloxías nesta investigación ... 286

5.2 Análise cualitativa: grupos de discusión ... 289
5.2.1 Que é o grupo de discusión? ... 289
5.2.1.1 Delimitación ... 289
5.2.1.2 Definición e obxectivos ... 290
5.2.2 Organización e estrutura dos grupos de discusión ... 293
5.2.2.1 Selección da mostra ... 293
5.2.2.2 Contacto e recrutamento dos membros dos grupos ... 296
5.2.3 Realización e desenvolvemento dos grupos ... 297
5.2.3.1 Desenvolvemento do grupo ... 300
5.2.4 Análise e interpretación ... 302
5.2.4.1 Fichas técnicas dos grupos ... 304
5.2.4.2 Observación da estrutura grupal ... 307
5.2.4.3 Observación sociolingüística ... 311

5.3 Análise cuantitativa: enquisa e ficha observacional ... 312
5.3.1 A enquisa ... 312
5.3.1.1 Deseño do cuestionario ... 313
5.3.1.1.1 Contido ... 314
5.3.1.1.2 Forma ... 316
5.3.1.2 Administración do cuestionario ... 318
5.3.2 A observación ... 321
5.3.2.1 Elementos do método de observación ... 322
5.3.2.2 Administración da ficha observacional ... 326
5.3.3 A mostra. Procedemento de mostraxe ... 327
5.3.4 Etapas da mostraxe ... 333
5.3.4.1 Tamaño da mostra ... 333
5.3.4.2 A representatividade ... 334
5.3.4.3 A mostra invitada ... 338

*Capítulo **6***

ANÁLISE DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN. AS REPRESENTACIÓNS SOBRE O GALEGO NO ÁMBITO DA EMPRESA ... 341

6.1 O galego como lingua limitada na empresa ... 343
6.1.1 A imaxe dos usos lingüísticos nas empresas ... 344
6.1.1.1 A comunicación externa ... 344
6.1.1.2 A comunicación interna ... 353
6.1.1.3 Actitude de inseguridade: desde a falta de formación á idealización da norma. ... 358
6.1.1.3.2 A variante dialectal fronte á estándar. Idealización e negación da norma ... 359
6.1.1.3.3 Estándar escrito. O papel da escola ... 365
6.1.1.4 A actitude de comodidade ... 373
6.1.2 A falta de horizonte territorial como manifestación das limitacións do galego ... 376

6.1.3 Representacións sobre os usos do galego nas empresas 386

6.2 O galego como lingua estigmatizada: os vellos prexuízos 394
6.2.1 Marca de hábitat: signo de ruralidade 394
6.2.2 Marca social: lingua das clases baixas 405

6.3 A representación do autoodio e da identidade 411
6.3.1 As representacións de cataláns e vascos: o contraexemplo do autoodio 413
6.3.2 A actitude de lealdade lingüística 418
6.3.3 A deslealdade lingüística: ausencia dunha representación da lingua como identidade 424

6.4 Novas representacións do galego: da adquisición de prestixio a un novo estigma 441
6.4.1 A imaxe de lingua estigma do nacionalismo 450

6.5 Conclusión 453

Capítulo 7

ANÁLISE DAS ENQUISAS 459

7.1 Cuestións preliminares: caracterización dos enquisados e desenvolvemento da entrevista 459
7.1.1 A lingua da entrevista 465

7.2 Datos das empresas 471

7.3 Os usos lingüísticos orais nas empresas 479
7.3.1 Os usos orais dos traballadores 480
7.3.2 Os usos orais dos directivos 488

7.4 Os usos lingüísticos escritos nas empresas 494
7.4.1 A lingua empregada nos escritos a nivel xeral 494
7.4.2 A lingua de relación coa administración 498

7.5 Autoavaliación do conxunto dos usos na empresa 503
7.5.1 Opinións sobre os usos escritos 513
7.5.1.1 As perspectivas de aumento do uso do galego na propia empresa 514
7.5.1.1.1 Plans de galeguización cara ó futuro 514
7.5.1.1.2 As causas da ausencia de planificación sobre o aumento dos usos 518
7.5.1.2 Imaxe das empresas galeguizadas 523

7.6 A observación 531
7.6.1 A observación da lingua oral 533
7.6.1.1 A lingua empregada na atención telefónica 533
7.6.1.2 Lingua de atención ó público 535
7.6.2 A observación da lingua escrita 540
7.6.2.1 Rotulación exterior e interior 541
7.6.2.2 Lingua da papelería, documentación interna e comunicación con clientes 545
7.6.2.2.1 Papelería 545
7.6.2.2.2 Convenio colectivo e nóminas 552
7.6.2.2.3 Comunicación dirixida a clientes 554

7.7 Conclusión 561

CONCLUSIÓN FINAL *567*

BIBLIOGRAFÍA *579*

Enderezos electrónicos 625

ANEXOS

Anexo 1- I: Táboa de poboación activa por sectores de actividade. Galicia. 629
Anexo 1- II: Táboa de empresas beneficiadas con máis dunha axuda en 1998 pola DXPL..... 631
Anexo 2- I: Publicidade comercial na prensa (preguerra) 632
Anexo 2- II: Publicidade comercial na prensa (preguerra e posguerra) 634
Anexo 3: Agrupacións profesionais de poboación activa (1924) 635
Anexo 4: Folleto publicitario de Alcampo: Portada e folla interior 636
Anexo 5: Folletos publicitarios das firmas San Luís e Hipercor 637
Anexo 6: Resolución do CGRL..... 638
Anexo 7: Carta dirixida ós empresarios solicitando a súa participación nos grupos de discusión 639
Anexo 8: Cuestionarios pasados ó final dos grupos de discusión 640
Anexo 9: Resumo de temas extraídos dos grupos de discusión 641
Anexo 10- I: Carta previa á enquisa, versión en galego 642
Anexo 10- II: Carta previa á enquisa, versión en castelán 643
Anexo 11- I: Mostras gráficas 644
Anexo 11- II: Mostras gráficas..... 645
Anexo 11- III: Mostras gráficas 646
Anexo 11- IV: Mostras gráficas 648
Anexo 12: Correo electrónico enviado desde a CEG ás empresas 649
Anexo 13- I: Modelo de enquisa empregado para a entrevista cos empresarios 650
Anexo 13- II: Ficha observacional 653
Anexo 14: Ficha que se lles entregaba ós empresarios para contesta-las preguntas 6 e 7. 654
Anexo 15: Ficha que se entregaba ó remata-la enquisa para poder realiza-la observación..... 655
Anexo 16: Táboa de número de traballadores das empresas por sectores 655
Anexo 17: Listado de empresas enquisadas (que permitiron publica-lo seu nome)..... 656
Anexo 18: Convencións das transcricións..... 659
Anexo 19: Transcrición do grupo de discusión de empresarios 663
Anexo 20: Transcrición do grupo de discusión de traballadores..... 693

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Orzamento da DXPL para a promoción da lingua na empresa entre 1987 e 1999 64
Gráfico 2: Número de subvencións concedidas entre 1987 e 1999 66
Gráfico 3: Número de subvencións concedidas a empresas entre 1993 e 1999 67
Gráfico 4: Orzamento e número de empresas subvencionadas desde a DXPL 68
Gráfico 5: Solicitudes para as subvencións a entidades sen fins de lucro desde 1993 a 1999 71
Gráfico 6: Número de asociacións empresariais beneficiadas no período 1993-1999 72
Gráfico 7: Actividades subvencionadas nos anos 1996 e 1999 83
Gráfico 8: Distribución da mostra de Santiago segundo a súa lingua habitual 166
Gráfico 9: Lingua habitual segundo o hábitat de residencia en Santiago 167
Gráfico 10: Lingua habitual dos ascendentes e do entrevistado en Santiago 168
Gráfico 11: Lingua habitual segundo lingua inicial en Santiago 169
Gráfico 12: Lingua habitual dos entrevistados segundo a súa lingua inicial en Galicia 170
Gráfico 13: Uso habitual do galego segundo a lingua inicial por sectores 171
Gráfico 14: Lingua habitual segundo a idade en Galicia 171
Gráfico 15: Lingua habitual segundo idade en Santiago 172
Gráfico 16: Lingua habitual segundo a idade en Pontevedra 173
Gráfico 17: Lingua habitual segundo a idade na Coruña 173
Gráfico 18: Lingua habitual segundo o nivel de estudos en Santiago 174
Gráfico 19: Lingua inicial segundo a clase social en Galicia 175
Gráfico 20: Lingua habitual segundo a clase social en Galicia 176
Gráfico 21: Lingua habitual segundo a clase social en Santiago 177
Gráfico 22: Uso do galego dos entrevistados segundo a clase social por sectores (só galego/máis galego) . 178
Gráfico 23: Lingua habitual da mostra de Santiago segundo o hábitat de nacemento 179
Gráfico 24: Lingua habitual no traballo en Galicia segundo interaccións 181
Gráfico 25: Lingua habitual no traballo en Santiago segundo interacións 182
Gráfico 26: Uso do galego no ámbito de traballo en Galicia, Santiago e cidades 183
Gráfico 27: Usos do galego oral no ámbito laboral en Galicia 184

Gráfico 28: Usos do galego escrito no ámbito laboral en Galicia 185
Gráfico 29: Dominio da comprensión do galego en Galicia 185
Gráfico 30: Capacidade para entende-lo galego en Santiago 186
Gráfico 31: Medias de uso coa familia segundo a lingua habitual en Galicia 188
Gráfico 32: Medias de uso en diversas interaccións segundo a lingua habitual en Galicia 190
Gráfico 33: Lingua dos galegofalantes composteláns en diferentes situacións comunicativas 191
Gráfico 34: Falta de condicionamento da lingua de traballo na lingua habitual segundo a profesión en Santiago 193
Gráfico 35: Condicionamento da lingua no traballo sobre a lingua habitual en cada grupo de idade en Galicia 194
Gráfico 36: Sentido do condicionamento da lingua habitual segundo a lingua do traballo 196
Gráfico 37: Grao de responsabilidade que atribúen os cidadáns a distintos ámbitos da sociedade na normalización do galego en Santiago. 197
Gráfico 38: Grao de responsabilidade que atribúen ás empresas e á Xunta na normalización do galego en Galicia e cidades 198
Gráfico 39: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo idade 199
Gráfico 40: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo clase social 201
Gráfico 41: Media de actitude lingüística xeral segundo a clase social en Galicia e cidades 201
Gráfico 42: Actitudes segundo profesión en Santiago 202
Gráfico 43: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo nivel de estudos 203
Gráfico 44: Actitude cara á utilidade do castelán en Santiago 204
Gráfico 45: Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa 206
Gráfico 46: Consideración de que falar galego é marca de identidade ("É máis galego quen fala galego") . 208
Gráfico 47: Importancia do tema da lingua segundo profesión en Galicia 209
Gráfico 48: Importancia do tema da lingua segundo profesión en Santiago 210
Gráfico 49: Evolución do aprecio polo galego en Santiago, segundo profesión 211
Gráfico 50: Utilidade comparada de castelán e galego (o castelán serve para...) 212
Gráfico 51: Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística cara ó galego en Galicia (se se dirixe a alguén en galego e lle contesta en castelán) 213
Gráfico 52: Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística cara ó castelán. Galicia (se se dirixe a alguén en castelán e lle contesta en galego) 214
Gráfico 53: Cargo da persoa que contestou a enquisa 460
Gráfico 54: Idade da persoa que contestou a enquisa 463
Gráfico 55: Nivel de estudos dos enquisados 464
Gráfico 56: Lingua na que preferiron que se lles fixese a entrevista 465
Gráfico 57: Lingua na que responden o cuestionario 467
Gráfico 58: Lingua na que preferiron que se lles realizase o cuestionario segundo aquela en que o responderon 468
Gráfico 59: Lingua na que preferiron que se lles realizase a enquisa en relación co sector de actividade 470

Gráfico 60: Lingua na que responderon a enquisa en relación co sector de actividade 470
Gráfico 61: Empresas analizadas segundo o sector 472
Gráfico 62: Empresas da mostra segundo número de traballadores 473
Gráfico 63: Caracterización das empresas da mostra segundo o número de directivos 474
Gráfico 64: Orixe dos membros da dirección e do capital das empresas compostelás 477
Gráfico 65: Lingua habitual dos traballadores na empresa, para relacionárense con outros traballadores, directivos e clientes 480
Gráfico 66: Lingua empregada polos directivos para falar con... 491
Gráfico 67: Lingua empregada polos traballadores e directivos para falaren cos seus iguais 492
Gráfico 68: Lingua na que interactúan traballadores e directivos 492
Gráfico 69: Lingua empregada para realiza-los escritos nas empresas 495
Gráfico 70: Que lingua usan para dirixirse á adminstración ou ben para constestarlles ás empresas que lles escriben en galego? 499
Gráfico 71: Puntuación dos usos orais e escritos nas empresas. Escala entre 1 (moi baixo) e 10 (moi alto). 504
Gráfico 72: Usos orais e escritos na escala das empresas que teñen sucursais fóra da Comunidade Autónoma ou pertencen a grupo empresarial non galego 507
Gráfico 73: Usos orais e escritos na escala das empresas que non teñen sucursais fóra da CA nin pertencen a ningún grupo empresarial foráneo. 507
Gráfico 74: Valoración dos usos orais e escritos 508
Gráfico 75: A súa empresa ten intención de aumenta-lo uso do galego nun futuro inmediato? 515
Gráfico 76: Por que non pensan (ou pensaron aínda) en aumenta-lo uso do galego? 520
Gráfico 77: Estereotipos sobre as empresas que empregan o galego 525
Gráfico 78: Lingua na que inicia a conversa quen descolga o teléfono (1º desc.), o intermediario (interm.) e o entrevistado (entrev.) 534
Gráfico 79: Lingua na que seguen a conversa quen descolga o teléfono, o intermediario e o entrevistado .. 535
Gráfico 80: Lingua na que se estableceu o primeiro e o segundo contacto oral na empresa 538
Gráfico 81: Lingua do rótulo principal 542
Gráfico 82: Lingua dos outros rótulos externos 543
Gráfico 83: Lingua da rotulación interna 544
Gráfico 84: Resumo dos usos lingüísticos nos parámetros avaliados da rotulación externa e interna 544
Gráfico 85: Lingua na que están impresos os papeis de carta e de fax que se puideron revisar 547
Gráfico 86: Lingua das tarxetas de visita que se puideron revisar 548
Gráfico 87: Lingua de impresión dos sobres que se puideron revisar 548
Gráfico 88: Lingua das facturas da empresa que se puideron revisar 549
Gráfico 89: Usos lingüísticos no conxunto dos modelos de papelería analizados 550
Gráfico 90: Usos lingüísticos en “outros documentos” 552
Gráfico 91: Lingua do convenio colectivo 553
Gráfico 92: Lingua empregada nas nóminas 554
Gráfico 93: Opcións lingüísticas das páxinas web observadas 555

Gráfico 94: Lingua dos catálogos que se puideron revisar 556
Gráfico 95: Modelos de cartas comerciais que se puideron revisar 557
Gráfico 96: Lingua dos trípticos e/ou opúsculos que se puideron revisar 558
Gráfico 97: Lingua da documentación dirixida a clientes (excepto a publicidade) 558
Gráfico 98: Usos lingüísticos na publicidade (1) 560
Gráfico 99: Usos lingüísticos na publicidade (2) 560

ÍNDICE DE ILUSTRACIÓNS

Ilustración 1: Anuncio publicitario en A Nosa Terra, 1917 46
Ilustración 2: Cartel da campaña da MNL para a banca, 1989 117
Ilustración 3: Modelo teórico de H. Boyer (2003) 253
Ilustración 4: Guión do grupo de discusión realizado con empresarios 301
Ilustración 5: Guión do grupo de discusión realizado con traballadores 301
Ilustración 6: Ficha observacional 532

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1: Persoas ocupadas segundo os sectores de produción (2000, 2001) 11
Táboa 2: Poboación urbana e rururbana de Santiago de Compostela en 1752 15
Táboa 3: Total de contías entregadas a empresas desde 1993 a 1999..... 70
Táboa 4: Subvencións a institucións sen fins de lucro para a promoción da lingua (datos institucionais)..... 71
Táboa 5: Total de contías entregadas a asociacións empresariais desde 1993 a 1999 72
Táboa 6: Empresas privadas subvencionadas coa maior contía no período 1993-1999 75
Táboa 7: Empresas beneficiarias en 1998 coa máxima contía..... 75
Táboa 8: Asociacións empresariais (e similares) subvencionadas coa máxima contía en 1998 77
Táboa 9: Asociacións empresariais que recibiron a contía máis elevada no período..... 78
Táboa 10: AISNL do ámbito empresarial beneficiadas en 1995 coa mesma contía. 80
Táboa 11: Empresas e Asociacións empresariais subvencionadas con tres ou máis millóns de pesetas para SNL entre 1993 e 1999..... 85
Táboa 12: Empresas de máis de 500 traballadores que recibiron subvención no período 93-99..... 94
Táboa 13: Coñecen vostedes o que di a lei sobre a etiquetaxe en galego? 101
Táboa 14: Entidades empresariais subvencionadas para a creación de Servizos de Normalización Lingüística entre 1993-1999..... 122
Táboa 15: Subvencións recibidas pola CEG desde a DXPL durante o período estudado..... 127
Táboa 16: Lingua dos convenios colectivos entre 1995 e o 1º cuadrimestre de 1999. 135
Táboa 17: Distribución sectorial da poboación ocupada no concello de Santiago en 1991..... 164
Táboa 18: Medias de uso do galego en diversas situacións comunicativas 189
Táboa 19: Uso lingüístico de galegofalantes e castelanfalantes nas diferentes situacións en Galicia..... 189
Táboa 20: Lingua que deben fala-los galegos..... 213
Táboa 21: Percepción do uso actual do galego respecto a hai dez anos..... 213
Táboa 22: Empresas do concello de Santiago segundo sector de actividade e número de asalariados..... 331
Táboa 23: Número de empresas por actividades económicas e tamaño. Galicia 1999. 332
Táboa 24: Empresas do concello de Santiago segundo sector e número de asalariados..... 339
Táboa 25: Mostra estratificada nos diferentes sectores de produción..... 340

Táboa 26: Cruzamento entre o cargo da persoa que contesta a enquisa e o sector de actividade da empresa462
Táboa 27: Relación entre o nivel de estudos dos enquisados e o sector ó que pertence a empresa 465
Táboa 28: Lingua na que responderon a enquisa con respecto á idade..... 468
Táboa 29: Lingua na que quixeron ser entrevistados con respecto á idade 469
Táboa 30: Lingua na que quixeron ser entrevistados en relación ó nivel de estudos..... 469
Táboa 31: Lingua na que responderon a enquisa en relación ó nivel de estudos..... 469
Táboa 32: Cruzamento entre número de traballadores e de directivos das empresas da mostra..... 475
Táboa 33: Número de directivos por sectores de actividade na mostra 476
Táboa 34: Cruzamento entre a orixe dos directivos e a existencia doutras sucursais /filiais da empresa fóra de Galicia 477
Táboa 35: Principais empresas coas que se relaciona (sen gradación) 478
Táboa 36: Lingua na que falan os traballadores entre si..... 481
Táboa 37: Lingua na que falan os traballadores cos directivos..... 482
Táboa 38: Cruzamento entre a lingua que empregan os traballadores para dirixírense ós directivos e a lingua que empregan estes para falaren entre si, nos casos en que había máis de un directivo..... 483
Táboa 39: Lingua na que falan os traballadores coa clientela..... 484
Táboa 40: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa cos empregados da mesma 489
Táboa 41: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa entre si 490
Táboa 42: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa coa súa clientela..... 490
Táboa 43: Traballadores e directivos para falar con clientes..... 493
Táboa 44: Cruzamento entre a lingua na que atenden os traballadores á clientela e a orixe das empresas coas que se relaciona 493
Táboa 45: Cruzamento entre a lingua empregada para os escritos e o sector de actividade..... 498
Táboa 46: Lingua empregada para dirixírlle-los escritos á administración ou a empresas que empreguen o galego segundo sectores de actividade 502
Táboa 47: Como estima o uso do galego na súa empresa no ámbito oral e escrito nunha escala que vai desde 1 (moi baixo) a 10 (moi alto)?..... 503
Táboa 48: Cruzamento entre a lingua empregada habitualmente para realiza-los escritos da empresa coa puntuación do uso escrito do galego nunha escala entre 1 e 10..... 505
Táboa 49: Usos orais entre os membros das empresas que non acadaron o tres na escala de usos 505
Táboa 50: Usos orais entre os membros das empresas que se puntuaron na escala por riba de 7’5 506
Táboa 51: Cruzamento entre a valoración e a escala do uso oral na empresa 508
Táboa 52: Cruzamento entre a puntuación na escala dos usos escritos e a valoración deses usos 509
Táboa 53: Usos lingüísticos orais dos traballadores nas empresas con cualificación de “mellorables”..... 511
Táboa 54: Usos lingüísticos orais dos directivos nas empresas con cualificación de “mellorables”..... 511
Táboa 55: Usos escritos naquelas nas empresas con cualificación de “mellorables” 511
Táboa 56: Usos escritos coa administración ou firmas que empregan o galego nas empresas con cualificación de “mellorables”..... 512
Táboa 57: Valoración dos usos orais e escritos por sectores 512

Táboa 58: Lingua na que se fala nas empresas do sector O: Outras actividades sociais..... 513
Táboa 59: Razóns polas que non teñen intención de aumenta-lo uso de galego nun futuro inmediato 519
Táboa 60: Razóns polas que non teñen intención de aumenta-lo uso do galego nun futuro inmediato (respostas ordenadas)..... 520
Táboa 61: Imaxe das empresas galeguizadas ou que empregan o galego habitualmente na comunicación escrita (naquelas entrevistas que non ordenaron as respostas) 524
Táboa 62: Lingua da atención telefónica nos tres casos posibles 535
Táboa 63: Posibilidades para o uso das dúas linguas por parte dos responsables da empresa..... 539
Táboa 64: Porcentaxe de documentación que non se valorou..... 546
Táboa 65: Cadro comparativo dos principais documentos observados 549
Táboa 66: Usos lingüísticos xerais no total dos documentos que forman a papelería (sen varianza)..... 551
Táboa 67: Cruzamento entre as empresas que teñen sucursais fóra e a lingua empregada nos catálogos 556

ABREVIACIÓNS HABITUAIS NESTE TRABALLO

AISFL- Asociacións e institucións sen fins de lucro.

ANT- Revista A Nosa Terra

APNL- Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística

CCG- Consello da Cultura Galega

CCNL- Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística

CC.OO- Comisións Obreiras

CEG- Confederación de Empresarios de Galicia

CEL- Confederación de Empresarios de Lugo

CELE- Centro de Estudios Lingua e Empresa

CIG- Confederación Intersindical Galega

CNAE- Código Nacional de Actividades Económicas

DOG- Diario Oficial de Galicia

DXPL- Dirección Xeral de Política Lingüística

EA- Estatuto de Autonomía de Galicia

enq.- Enquisa

FEB- Federación de Empresarios do Barbanza

FGE- Fundación Galicia Empresa

IGE- Instituto Galego de Estatística

LNL- Lei de normalización lingüística

MSG- Mapa Sociolingüístico de Galicia

NC- Non contesta

NH- Non hai, non existe

N/R- Non responde

N/P- Non procede

NV- Non se pode ver

SLC- Sociolingüística catalana

SLO- Sociolingüística occitana

SNL- Servizo de normalización lingüística

UXT- Unión Xeral de Traballadores

INTRODUCIÓN

A presente tese de doutoramento naceu coa pretensión de analiza-la situación da lingua galega no ámbito empresarial, aspecto que nunca foi tratado profundamente desde a sociolingüística. Sendo consciente en todo momento de que non podía ser este o traballo que dilucidaría tódalas cuestións sobre o tema, houbo unha serie de razóns que me levaron a investigar por este camiño: (a) a experiencia laboral que tivera neste ámbito, (b) o convencemento de que o mundo económico é clave para a normalización do galego, (c) e derivada da anterior, a urxencia de realizar unha correcta planificación de medidas de actuación que deben estar baseadas no coñecemento da realidade.

A presente investigación organizouse arredor de dúas partes cuantitativamente diferentes, pero que respondían ó obxectivo último da investigación:

A primeira, que se denominou "Empresa e lingua galega: cuestións xerais" nacía da necesidade de ter moi claros tódolos aspectos que podían influír na análise sociolingüística que se pretendía realizar: as características do ámbito empresarial galego, e as particularidades do seu nacemento e da súa evolución desde unha perspectiva histórica. A necesidade de explica-las razóns dos usos lingüísticos actuais nas orixes dos empresarios[1] da comunidade deu de si un capítulo sobre a historia da empresa en Galicia, aspecto pouco tratado polos estudosos da historia económica, nin polos historiadores en xeral. De feito, entre as escasas investigacións que afronten dun xeito amplo, completo e profundo a historia da empresa en Galicia, non se atopa ningunha referencia ó tema lingüístico. Iniciei esta tarefa sen pretender ser exhaustiva pero tentando ofrecer unha panorámica que achegase os datos suficientes para non estar empregando tópicos sen ningunha base empírica (datos que van desde cando, onde e con que capital naceron as primeiras empresas en Galicia, ata quen fundou e/ou dirixe as principais firmas instaladas na actualidade na nosa comunidade). O que nun principio pensei que ía ser un traballo recompilatorio que se reduciría a dúas páxinas, acabouse convertendo nun percorrido polo

[1] Na presente investigación vaise emprega-lo masculino como xénero non marcado por unha cuestión de economía lingüística. Así, cada vez que se escribe (por poñer dous exemplos moi usuais) "empresarios" ou "traballadores", estase facendo referencia a "empresarios" e "empresarias" ou ben a "traballadores" e "traballadoras".

ámbito da historia da empresa buscando claves que xustificasen o establecemento dos diferentes usos lingüísticos. A práctica inexistencia de datos sobre as empresas que escolleron o galego como lingua de comunicación total ou parcial fixo que a investigación comezase pola memoria viva daqueles que dalgún xeito foron protagonistas no proceso. As súas valiosas informacións constituíron o punto de arranque desta investigación que logo continuou cunha pescuda minuciosa pola documentación existente tanto arredor das axudas da administración para a promoción da lingua no ámbito empresarial, como de todo o proceso de normalización lingüística. Tamén se realizaron entrevistas entre representantes dos empresarios e/ou protagonistas de determinados feitos relevantes, feitos dos que se tentou conseguir –non sempre con éxito– todo o material existente que achegase luz nesta investigación.

Dedicáronselle, nesta primeira parte, unhas páxinas á historia da empresa e da normalización da lingua centradas no ámbito en Santiago de Compostela, localidade escollida para a análise empírica que se desenvolve na segunda parte da investigación.

As razóns de centra-la análise nun concello –aínda sabendo que está sen realizar un estudo serio e completo sobre a situación sociolingüística no ámbito empresarial galego– hai que buscalas na imposibilidade de poder abarca-la totalidade de Galicia no marco dunha tese de doutoramento, cando ademais se pretendía realizar un estudo profundo que fose minimamente representativo. Santiago de Compostela presentouse como a mellor elección polas seguintes circunstancias: (1) ó ser un dos maiores concellos urbanos de Galicia, posuía unha concentración empresarial de certa consideración; (2) albergaba unha cidade que acollía a sede da administración autonómica e, por conseguinte, un gran número de empresas que traballaban para ela; así coma a sede da Confederación de Empresarios de Galicia; (3) presentaba un uso do galego máis elevado cás outras principais cidades galegas (Coruña, Vigo e Pontevedra), feito que a aproximaba ó resto da realidade lingüística do país; (4) o Concello contaba coa presenza dun servizo de normalización lingüística estable desde había máis de dez anos; (5) o enorme peso do comercio e da hostalaría nunha cidade cunha afluencia turística superior á media galega, convertíana nun dos contornos galegos máis complexos sociolingüisticamente falando.

O obxectivo de analizar tanto os usos como as representacións sociolingüísticas dentro do ámbito empresarial compostelán, aspecto central da segunda parte desta investigación,

cubriuse combinando a metodoloxía cuantitativa e a cualitativa. A necesidade de coñece-los usos nas empresas requiría a realización de enquisas e de observación nunha mostra que puidese ser significativa e ó mesmo tempo abarcable no cadro dunha tese de doutoramento. O contacto coa realidade das empresas a través das entrevistas realizadas entre os empresarios composteláns enriqueceu considerablemente esta investigación. Tratei de aproveita-la posibilidade que tiven de visitar algunhas empresas, e puxen tódolos medios para extrae-lo máximo proveito, o que me levou a formarme minimamente nas técnicas de análise cualitativa, como a entrevista en profundidade. Formación que tiven que ampliar ó decidir complementa-la análise das actitudes mediante grupos de discusión, metodoloxía que semellaba especialmente produtiva á vista dos resultados que con este método se estaban publicando sobre actitudes dentro da sociolingüística galega (cfr. Iglesias Álvarez, 2002a,b; González González, 2003).

O marco teórico escollido para explica-las –sempre complexas– representacións sociolingüísticas foi o establecido pola escola occitana (Boyer, Lafont..., vid. capítulo 4). O seguimento desta escola e dos seus parámetros de análise, derivou da incapacidade –que eu lle vía á psicoloxía americana, a máis seguida nos estudos sobre o galego– para dar unha resposta sociolingüística completa a unha situación conflitiva como é a nosa[2]. Tamén me interesaba da escola occitana o seu carácter "intervencionista" destinado a promover accións de política lingüística[3], mentres que a escola norteamericana se centra, basicamente, na descrición das situacións. Fronte ó discurso dos membros desta escola, o daqueles non é neutro, senón tributario da adhesión teórica a unha sociolingüística "periférica" (ou dos investigadores nativos), onde o uso do termo "conflito lingüístico" non é indicio de que se desexe facer unha sociolingüística agresiva, aínda que si sexa unha sociolingüística da "acción".

No fondo, dado que o obxectivo central desta segunda parte da tese era a descrición dos usos e da súa distribución no ámbito empresarial compostelán, así como a detección dos motivos de tales usos, tamén se pretendía contribuír á diagnose dunha realidade sociolingüística particular dentro dunha lingua minorizada, e, aínda sen tratar de facer xerais estes datos a toda Galicia, contribuír á descrición da situación sociolingüística que

[2] Na idea da existencia do conflito lingüístico en Galicia coinciden practicamente tódolos sociolingüistas. Como excepción pode verse Rodríguez Yáñez (1992, 1997).
[3] Fan "sociolinguistique appliquée" (Boyer, 1997: 12).

vive na actualidade a lingua galega, a realidade da súa convivencia co castelán, contada e interpretada polos protagonistas dos feitos: empresarios e traballadores. En definitiva, para poder axudar á xustificación e, ó mesmo tempo, á actualización da descrición teórica sobre a situación xeral desa lingua.

A posibilidade de ampliar cada unha das partes desta investigación é evidente. Un estudo máis profundo deberíase realizar desde a interdisciplinariedade coa socioloxía, coa psicoloxía social e coa historia (moderna e contemporánea, mesmo coa disciplina de historia económica). Esta investigación pretendeu deixar, dentro da realidade da empresa, un camiño aberto polo que adentrarse en vindeiros traballos.

PARTE I:

EMPRESA E LINGUA GALEGA.

CUESTIÓNS XERAIS

CAPÍTULO 1

A EMPRESA E A SÚA HISTORIA EN GALICIA

No presente capítulo afrontouse, desde unha perspectiva diacrónica, a situación da lingua galega na empresa en Galicia. O obxectivo non era realizar un estudo exhaustivo, senón achegar uns apuntamentos sobre o proceso de normalización desta lingua no ámbito empresarial, aspecto que se considerou necesario para enfocar correctamente calquera análise sincrónica.

O punto de partida constituírono un gran número de preguntas sen resposta sobre as que consideramos que se podería investigar: desde cando hai empresas funcionando en galego en Galicia? cales foron as primeiras que o fixeron e por que? existe un proceso de normalización lingüística na empresa? que factores influíron para que algunhas empresas se galeguizasen? pódense distinguir etapas dentro deste proceso? e moitísimas máis. A resposta de todas elas (que non vai ser breve, rápida e contundente, como a simple vista puidese parecer) configuraría o marco do que sería a pregunta central desta investigación, que xira arredor da relación entre lingua galega e empresa na actualidade, recalando nos usos e nas representacións sociolingüísticas dos principais actores do contorno da empresa.

A historia do galego no ámbito empresarial en Galicia está directamente relacionada tanto coa historia da empresa nesta comunidade, como coa propia historia social da lingua, aspecto este no que non vou profundar posto que existen abondos e coñecidos estudos (por exemplo, vid. Mariño, 1999; Monteagudo Romero, 1999).

Se o galego estivo afastado durante séculos dos usos formais, se estes se comezaron a recuperar pola literatura e aínda non acadaron a súa plena normalidade naqueles ámbitos que recolle con máis detalle a lexislación e que dependen dun investimento público (administración, ensino, medios de comunicación...), non custará moito deducir que no ámbito empresarial, onde se require un investimento privado, a situación será máis difícil desde o momento en que o galego é unha lingua minorizada.

1.1 DELIMITACIÓN DO CONCEPTO DE EMPRESA

Posto que o campo no que se vai centra-la presente tese de doutoramento é o da *empresa*, considerei pertinente partir dunha delimitación correcta do concepto, e continuar cun repaso pola súa historia dentro da comunidade galega. Elaboráronse uns apuntamentos sobre a evolución en Galicia dos principais sectores económicos, así como dalgunhas empresas[1], co obxectivo de que sirvan de base para unha explicación máis completa e unha mellor interpretación da situación sociolingüística do ámbito empresarial da Comunidade Autónoma Galega.

Debido a que o enfoque deste traballo é sociolingüístico e non económico, preténdese achegar unha definición de empresa sinxela, que sirva para delimitar correctamente o obxecto de estudo.

Ramón Tamames define a empresa como "unha entidade formada cun capital e que, á parte do propio traballo do seu promotor, pode contratar a un certo número de traballadores. O seu propósito lucrativo tradúcese en actividades industriais e mercantís, ou na prestación de servizos[2]" (Tamames, 1992). Nun manual destinado a incentiva-la creación de empresas en Galicia, aparece definido o concepto de empresa como unha unidade económica que reúne unha serie de factores de produción: recursos naturais, recursos humanos (traballo) e capital que utiliza para producir bens e/ou servizos, que logo vende a outras empresas, ás familias ou ás Administracións Públicas (Aneiros García e Neira Cortés, 1997: 16).

A amplitude desta definición esixe unha nova precisión, posto que as empresas diferéncianse segundo o seu sector de actividade pero tamén segundo o seu tamaño. Galicia caracterízase, como se verá máis adiante polo miúdo, por ter un tecido empresarial de pequenas e medianas empresas:

> As pequenas e medianas empresas (PEMES) constitúen a parte máis importante do tecido empresarial que nos rodea, tanto pola súa importancia respecto á actividade xeral e ó desenvolvemento rexional, como polo seu dinamismo e capacidade de adaptación e innovación (Aneiros García e Neira Cortés, 1997: 16).

No entanto, pese á súa importancia, non existe unha definición específica de PEME. Durante un tempo consensuouse a idea de considerar como PEME toda empresa que

[1] As empresas ás que se fai referencia foron escollidas entre as máis destacadas, pero sen pretensión de exhaustividade, e empregando como criterio de selección –nalgúns casos– máis que a súa importancia desde o punto de vista económico, a súa posible representatividade no ámbito sociolingüístico.

contrataba menos de 500 traballadores, que posuíra activos fixos que non superan os 75 millóns de euros e que non estivese participada por outra empresa en máis dun terzo do seu capital. Sen embargo esta definición, pese ó consenso existente ó redor dela, tampouco se adapta ben á realidade empresarial dos diferentes estados, nacións e rexións que compoñen a Unión Europea.

En Galicia as convocatorias das axudas da iniciativa PEME de Desenvolvemento Empresarial na Comunidade Autónoma[3] consideran pequena e mediana empresa (PEME), segundo a recomendación da Comisión da Unión Europea de 3 de abril de 1996, artigo 1B 1º do R.D. 937/1997, a unidade económica con personalidade, física ou xurídica, que empreguen menos de 250 traballadores[4], que teña un volume de negocios anual non superior a 40.000.000 de euros[5] e que non estea participada nun 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto, por outras que non reúnan os requisitos anteriores[6].

A empresa privada (que se opón á pública por ser esta de capital total ou maioritariamente pertencente a un poder público) pode ser de carácter individual, sociedade familiar, sociedade comanditaria ou ben, cando limita a súa responsabilidade e divide o seu capital en accións, sociedade de responsabilidade limitada ou sociedade anónima (Tamames, 1992). Aneiros García e Neira Cortés (1997) esquematizaron a tipoloxía das empresas segundo a forma xurídica, distinguindo entre o empresario individual e o colectivo. O primeiro é toda persoa física que, tendo capacidade legal para exerce-lo comercio, exérceo habitualmente e en nome propio. Pola súa banda o empresario colectivo engloba as sociedades civís, as sociedades mercantís e as cooperativas[7].

---

[2] A tradución ó galego é nosa, as palabras do autor están en castelán.

[3] Vese por exemplo na orde do 10 de xuño de 1999 pola que se establecen para as bases reguladoras das axudas (DOG núm. 116 do 18 de xuño de 1999).

[4] O número de traballadores corresponderá ó número de unidade de traballo/ano (UTA), é dicir, o número durante un ano, constituíndo o traballo a tempo parcial ou o traballo estacional fraccións de UTA. Como ano de referencia tomarase o do último exercicio económico pechado.

[5] Aclárase: 6.655.440.000 ptas, ou ben un balance xeral non superior a 27.000.000 de euros (4.492.422.000 pts).

[6] Salvo que sexan sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco ou investidores institucionais, sempre que estes non exerzan, individual ou conxuntamente, ningún control sobre a empresa.

[7] As primeiras son aquelas en que dúas ou máis persoas poñen en común cartos, bens ou industria con intención de partiren as ganancias. As segundas non están definidas claramente no Código de Comercio pero segundo a súa regulamentación, Aneiros García e Neira Cortés (1997: 31-71) din delas que unha ou máis persoas (partícipes) achegan capital ou bens a outra (xestor ou dono dun negocio) para participar nos resultados prósperos ou adversos dun acto ou negocio mercantil que este desenvolve en nome propio. Existen os seguintes subtipos: Contas en participación; Sociedade Colectiva, Sociedade Comanditaria Simple, Sociedade Comanditaria por accións, Sociedade Limitada (S.L.), Sociedade Unipersoal de Responsabilidade Limitada, Sociedade Anónima (S.A.), Sociedade Anónima Unipersoal, Sociedade Laboral (Anónima ou Limitada). Existen tamén Sociedades Mercantís denominadas especiais onde entran as sociedades de garantía recíproca ou as sociedades agrarias de

1.1.1 O TECIDO EMPRESARIAL EN GALICIA

Alonso Álvarez resume a análise que J. L. Gómez e J. C. Martínez realizaran sobre as características da empresa galega a principios dos anos noventa (que pouco cambiou ata a actualidade) e que serve perfectamente como presentación para este tema. Destácase en primeiro lugar o minifundismo empresarial existente na comunidade, unha escala reducida en termos europeos e mesmo españois, pois só 180 sociedades sobrepasaban as dimensións das PEMES (utilizando como criterio para a clasificación destas a facturación, que debería ser superior ós 3.000 millóns de pesetas de comezos do anos noventa) das cales só 80 ingresaban máis de 10.000 millóns. Ademais entre a maioría das firmas analizadas na mostra predominaba como forma xurídica a sociedade limitada, escaseando as sociedades anónimas, outro indicador do reducido da súa escala. En segundo lugar sinálase a debilidade do sector empresarial trala crise dos anos setenta e oitenta e a dependencia foránea das maiores iniciativas investidoras na comunidade (*Repsol Petróleo, Citroën, Unión Fenosa e Endesa)*. Tamén enfatizaron os autores do estudo o reducido número de empresarios emerxentes e o predominio de dirixentes procedentes de tradición familiar, que adquirían os cargos por herdanza ou iniciativa persoal, pero sen formación superior (Alonso Álvarez, 2000a: 42, 43).

Pola súa banda, o comportamento do mercado de traballo en Galicia, durante o ano 2001, momento de inicio desta investigación caracterizábase por a) unha taxa de paro sobre a poboación activa situada no 11%, superior á española, de 10,49%, e á da Unión Europea, de 7,4%; b) unha poboación ocupada que aumentara un 2,6%, mentres que en España o fixera no 3,7% (este crecemento, de 27.000 persoas en termos absolutos, foi inferior ó alcanzado en 2000); c) unha taxa de crecemento da afiliación á Seguridade Social dun 2,7% tamén inferior á do ano precedente; d) a cifra de paro rexistrado viña de experimentar un descenso relativo do 2,4%.

Segundo datos da Xunta de Galicia[8], o crecemento medio do PIB da economía galega no ano 2001, quedou situado no 2,8%. En relación co ano precedente, a redución foi de 1,1 puntos porcentuais, en liña coa experimentada pola economía española. A desaceleración

transformación, entre outras. En canto ás cooperativas, son aquelas sociedades con capital variable, que asocian en réxime de libre adhesión e baixa voluntaria a persoas que teñen intereses ou necesidades socioeconómicas comúns para desenvolveren actividades empresariais, imputándoselle os resultados económicos ós socios, unha vez atendidos os fondos comunitarios.

[8] Datos extraídos da páxina: http://www.xunta.es/galicia2003/gl/08_02.htm (última visita: febreiro de 2005)

do crecemento da produción afectoulle de forma desigual ós distintos sectores, sendo máis intensa na construción e na industria, mentres que no sector primario se observou un mellor comportamento. Isto non está en relación directa co número de persoas empregadas en cada ramo que, nos dous primeiros anos da década, se concentran principalmente no sector servizos (Táboa 1), feito que aínda se mantén, tal como se ve na táboa do Anexo 1-I, onde tamén se poden comparar con detalle as diferentes actividades dentro de cada sector.

Táboa 1: Persoas ocupadas segundo os sectores de produción (2000, 2001)

	Miles de persoas			
	2000		**2001**	
Sectores de produción	**Galicia**	**España**	**Galicia**	**España**
Agricultura e pesca	174,7	1.012,1	158,3	1.019,1
Industria	186,2	3.073,3	206,5	3.167,6
Construción	123,8	1.715,7	130,3	1.850,2
Servizos	550,8	9.568,5	567,6	9.908,6
Total	**1.035,4**	**15.369,7**	**1.062,7**	**15.945,6**

Fonte: elaboración propia a partir da información da Xunta de Galicia[9]

Por outro lado, prodúcese un aumento de solo industrial mediante a creación de parques empresariais. En 2001 existían 2.494 hectáreas e prevíase para 2003 un aumento do solo industrial cara á 4.379 Ha[10], pero trala aprobación en marzo de 2003 do Plan Galicia de Solo Industrial triplícase a previsión de superficie empresarial[11]. No momento de pechar esta investigación (febreiro de 2005), segundo a Xunta de Galicia, existen 43 parques empresariais operativos, 6.606.308 metros cadrados de superficie total e 2.036 parcelas de uso empresarial. De tódolos xeitos, este territorio está repartido desigualmente entre as súas catro provincias, pois o 50,8% atópanse na Coruña, menos da metade (o 23,8%) en Pontevedra, e xa a máis distancia están Ourense co 15,7% e Lugo co 9,5%. A localización dos parques segue distintos criterios nas catro provincias galegas, aínda así obsérvase unha distribución que xira ó redor das principais cidades e das diferentes cabeceiras comarcais, no entanto atendendo á expresión en superficie dos parques nótase un claro predominio das

[9] Información extraída da páxina: http://www.xunta.es/galicia2003/ (última visita: febreiro de 2005).
[10] É necesario matizar que no momento da recollida destes datos (2001) só 336 h desa nova superficie estaban en construción, mentres que 1.578 h unicamente se atopaban en planificación. Pola súa banda,
[11] Segundo a Xunta, pásase de 40 a 73 parques previstos para o 2006 e no canto de 6.252.668 m^2 fálase de acada-los 15.144.807 m^2; é dicir que cos 33 parques que se farían a maiores (na Costa da Morte (8), no resto do eixo costeiro e no eixo interior) incrementaríase a superficie industrial nun 142% (8.892.139 m2), o que á súa vez

urbes sobre as vilas xa que son as sete cidades reitoras do país as que teñen a maior porcentaxe de extensión. Con todo téndese a un proceso desconcentrador mediante a proliferación de polígonos pola maioría das comarcas galegas (en 2003 xa había trinta comarcas que posuían como mínimo un), pero a ocupación destes parques comarcais é escasa, cunha consolidación maior ou menor, variando segundo as diferentes situacións económicas e territoriais.

1.2 A EMPRESA EN GALICIA: DAS ORIXES Á ACTUALIDADE

Dado que o obxectivo desta análise dentro da presente tese de doutoramento é atopar claves que dean algunha explicación dos usos lingüísticos na empresa, non procede afondar nin nas causas do fracaso da revolución industrial en Galicia, nin nos "gromos" industriais que foron xurdindo na época contemporánea, pero si cómpre tratar algunhas cuestións relacionadas co nacemento do tecido empresarial na comunidade e que puideron repercutir na situación sociolingüística que se vive hoxe. O desenvolvemento económico galego, desde a época da revolución industrial ata hoxe, corre en paralelo ó desenvolvemento dunha lingua para a comunicación dentro dese ámbito. Por este motivo, cómpre unha breve reseña sobre a historia da empresa en Galicia (facendo fincapé na situación compostelá) buscando que axude a comprender e a explicar determinadas situacións lingüísticas de hoxe en día.

O concepto de empresa, tal e como quedou definido atrás, nace na época contemporánea, co esvaecemento do Antigo Réxime, e está marcado o seu desenvolvemento pola Revolución Industrial. É de sobra coñecido que tal revolución non se produciu en Galicia, nin en España, ó mesmo tempo ca nos países europeos que a encabezaron (Inglaterra en primeiro lugar, seguidos de Francia e outros países de Europa central), e este feito é o que para moitos xustifica un atraso económico que se arrastra desde o século XVIII, atraso que destaca especialmente na nosa comunidade, e destaca máis ó comparalo coas outras dúas comunidades históricas (Cataluña e Euskadi) que foron as cabeceiras do que se podería chamar "desenvolvemento industrial" español, aínda que este fose lento e retrasado.

suporía incrementa-lo orzamento nun 146% (Información dispoñible en www.xunta.es/periodico/prestige, última visita en xuño de 2003).

A historia contemporánea (galega e española en xeral) construíuse sobre a base de dous modelos básicos de interpretación formulados nos anos setenta que, a pesar de que están sendo obxecto de revisión, aínda teñen vixencia (Cruz, 2000: 10-11). Estes modelos pretendían responder á necesidade de encontrar unha explicación á inestabilidade política e ó atraso económico e social que caracterizou a historia de España ó longo do século XIX. Por un lado, están as teses políticas e sociais, elaboradas baixo ideoloxía marxista, que acusan a unha burguesía (que naceu para desenvolve-lo capitalismo) de –co paso do tempo– asimilarse á aristocracia, para frear unha revolución social inspirada polas clases populares. Por outro lado, estaría a explicación económica (complementaria da anterior) que ten como argumento o fracaso das revolucións agraria e industrial no conxunto de España. Ámbolos dous paradigmas van ser usados polos analistas da situación galega, Beiras, Carmona Badía, Barreiro, Villares..., que seguen unha liña de pensamento que tenta explica-la situación actual da economía galega como dependente e subordinada.

Quizais porque sexa certa a afirmación "A história da empresa é en Galiza unha disciplina virxe" (Carmona Badía, 1998: 151), este traballo non é máis ca unha complicación de información histórica e económica reelaborada por unha filóloga, para cubri-los obxectivos citados. Preséntase en primeiro lugar un resumo da evolución do ámbito económico galego en xeral, para logo incidir nos sectores de actividade máis destacados, rematando cunhas notas sobre Santiago de Compostela, cidade onde se desenvolve a parte práctica deste estudo.

Non se pretende con esta investigación dar unha explicación histórica nin económica do noso atraso económico, polo tanto só se vai facer referencia a algúns estudos actuais e/ou coñecidos sobre o devandito atraso, fenómeno que convén ter claro para a formulación de hipóteses sobre as consecuencias sociolingüísticas que puido levar consigo.

Cómpre comezar por recolle-la reflexión que Alonso Álvarez (2000a: 11) realizou cando presentou a súa análise sobre o poder empresarial de Galicia desde unha perspectiva histórica, cuestionando que empresas entrarían no estudo:

> ¿A que podemos llamar empresas *nuestras*? ¿Se trata solamente de las registradas en Galicia, que tienen en ella sus activos, pagan aquí sus impuestos, emplean trabajadores del país y crean valor añadido en nuestra tierra, un espacio que va de las modestas pymes a las grandes concentraciones verticales que todos conocemos? (Alonso Álvarez, 2000a: 11).

Estas mesmas interrogantes tamén se me presentaron a min cando comezaba o estudo e acabei concordando con el en que non se poden considerar unicamente as sociedades que aparecen nos rexistros mercantís da comunidade, feito que levaría a ignorar bastantes firmas con sede noutras cidades non galegas e a poderosas multinacionais, como *Citroën* ou *Alcampo*, que non deben quedar fóra da presente investigación.

1.2.1 A EVOLUCIÓN ECONÓMICA GALEGA NA ÉPOCA CONTEMPORÁNEA

Alonso Álvarez (2000a) sitúa o arranque do sector empresarial galego a finais do século XIX, momento en que xa están presentes tódolos elementos necesarios: comezan a conformarse as primeiras industrias (conserveiras e agroindustria), a primeira banca e os servizos públicos urbanos (gas, auga, electricidade e transporte). No entanto, remóntase a mediados do século XVIII para explica-las orixes das nosas primeiras firmas industriais, momento en que se instalan nas costas galegas pescadores e emigrantes cataláns para levanta-las primeiras empresas, aínda de carácter moi elemental.

Pola súa banda, Barreiro Fernández (1996) comeza a súa historia da evolución económica na Galicia contemporánea en 1760, organizando os feitos que protagonizan a evolución económica en seis fases:

1. Período 1760-1820[12]. Considérase –sen existiren traballos definitivos que o proben– como o período de alza económica por unha serie de datos que o demostran: o aumento da poboación e o crecemento da burguesía. Prodúcese o asentamento en Galicia dunha nova burguesía de carácter foráneo, así comerciantes e industriais cataláns, vascos, bercianos, rioxanos, asturianos e casteláns instálanse na comunidade e acaparan a maior parte dos negocios mercantís e industriais: salgadura, curtidos, comercio con América, etc. Nisto xoga un papel importante a apertura dos portos da Coruña e Vigo, que ademais levarán a un cambio nos asentamentos poboacionais que van medrando na costa. De tódolos xeitos, neste

[12] Aínda que se marca o inicio da época contemporánea na Revolución Francesa, os períodos histórico-económicos mídense a partir dos estudos de censos e demais documentación que achegan os datos dun período. Daquela, o primeiro período desde o punto de vista económico, que se considera na época contemporánea, é este que comezaría en 1760.

momento Santiago segue a se-la cidade máis poboada. Daquela cómpre ve-la distribución da súa poboación:

Táboa 2: Poboación urbana e rururbana de Santiago de Compostela en 1752[13]

Estratos sociais	*Número persoas*	*Frec.*
Elites urbanas[14]	155	3,4%
Clases medias urbanas	583	12,9%
Artesanado urbano	1.798	39,9%
Indiferenciados, diversos, pobres e campesiñado rururbano	1.968	43,7%
Total veciños Compostela	4.504	

Fonte: Eiras Roel, 1984: 118

2. Depresión económica 1820-1856. Galicia viuse sumida na depresión que afectou a nivel europeo (sobre a que aínda non existen acordos definitivos a respecto das causas) pero que se constata na caída de prezos de cereais que prexudica a campesiños, rendistas e empresas comerciais. A fame, a peste e as adversidades climatolóxicas que estragan as colleitas en 1852 levan a situación ó extremo, derivando no éxodo migratorio. A perda das colleitas implicou unha decadencia dos ingresos dos rendeiros (tanto fidalgos como burgueses que cobraban en especie) feito que conlevou á caída da burguesía co peche de case tódalas industrias (entre elas Sargadelos), posto que nin campesiños nin nobres podían paga-los produtos. Así a burguesía descapitalízase investindo en terras, derivando na ruralización da súa actividade (semellándose cada vez máis á fidalguía) e a un retraemento da economía.
3. Débil recuperación 1856-1880. Provocada basicamente pola masiva emigración a América que aliviou a situación no campo e enriqueceu a varios empresarios que facían de intermediarios no proceso de envío de galegos a ultramar. Axuda tamén a esa recuperación a construción das primeiras liñas de ferrocarril, o nacemento das primeiras conserveiras, a partir da conversión das fábricas de salga e dos primeiros bancos.

[13] A partir de 1760 (segundo o censo dese ano, Santiago aínda lle duplicaba a poboación á cidade galega que lle seguía en segundo lugar: A Coruña) destaca o estancamento da poboación de Compostela que perde a primacía en tamaño que mantivera ata ese momento. Tamén se estanca Ourense e Pontevedra e prodúcese o declive da Guarda, Monforte e Ribadavia (Eiras Roel, 1988: 160). Isto vén derivado da tendencia iniciada nese momento e que pervive hoxe, da urbanización das zonas costeiras das provincias da Coruña e Pontevedra en detrimento da Galicia interior (as zonas máis orientais destas provincias e mais das dúas provincias interiores: Lugo e Ourense).

[14] Segundo Eiras Roel (1984: 121) estas elites urbanas estaban constituídas por individuos que debían reunir a un tempo fortuna, prestixio, poder e respetabilidade social ("y no necesariamente linaje noble, aunque la mayor parte de sus individuos vivan noblemente, y un elevado porcentaje posean patentes de hidalguía o nobleza, casi siempre recientes").

4. Crise finisecular 1881-1900. Provocada pola perda dos mercados americanos coa perda dos últimos territorios á que lle hai que engadi-la caída de prezos.
5. Movemento cara á modernización 1900-1936: Destaca a emigración a Arxentina, pero sobre todo o desenvolvemento da pesca na zona de Vigo que comeza a súa industrialización (estaleiros, fábricas de motores e redes, conserveiras). Isto provoca o crecemento da cidade de Vigo, seguida da Coruña, abríndose a liña ferroviaria entre ambas cidades e Madrid o que facilitou a comercialización do mercado do gando galego. En 1900 constitúese a *Sociedad Gallega de Electricidad* que absorba un lote de microempresas e que será o antecedente inmediato de FENOSA (1943).
6. Economía na etapa franquista, 1936-1974. Galicia foi a despensa de España durante a Guerra Civil española, aínda que logo se contraeu a súa actividade debido ó desenvolvemento que o réxime potenciou noutras rexións. Así, mentres durou a 2ª Guerra Mundial mantivo unha explotación de wolfram importante, pero logo volveuse á reruralización do campo, e xa a partir de 1960 vai surtir de man de obra a Europa e ás cidades españolas que protagonizaron o despegue industrial, despegue que en Galicia –segundo Barreiro Fernández– o goberno evitou:

   > Selectivamente prímanse determinadas áreas para que sexan protagonistas do desenvolvemento económico: o País Vasco e Asturias, Cataluña e Madrid, marxinando o resto do país para que garantan a man de obra necesaria e os abastecementos para as áreas industrializadas (Barreiro Fernández, 2001: 48).

Isto provocou, en palabras de X. R Barreiro (2001), o atraso na construción do ferrocarril en Galicia, o peche das fábricas estatais de lenzos, a caída dos investimentos nos estaleiros de Ferrol... que, xunto cun sistema tributario que desangraba a poboación, derivou nun novo éxodo migratorio. Hoxe en día, segundo o mesmo autor, Galicia xa non forma parte do "pelotón do subdesenvolvemento, nin está economicamente marxinada", pese a manterse por debaixo da media española en varios indicadores de riqueza e benestar (índices do paro elevados que lles afectan sobre todo a licenciados universitarios; bolsas de pobreza...). O devandito autor aposta pola galeguidade como referente empresarial, tese coa que pretende animar a unha nova xeración de empresarios emprendedores apoiándose no concepto da diversidade dentro da unidade, ó defender que a integración en Europa "reafirma a nosa galeguidade" (Barreiro Fernández, 2001: 61-65).

1.2.2 A EVOLUCIÓN DAS ACTIVIDADES DE PRODUCIÓN

Tras esta presentación xeral, e coa intención de profundar na historia particular dalgunhas actividades de produción, trataranse catro grandes sectores: a) agricultura, b) pesca, c) industria fabril e comercio, d) hostalería e turismo, que permitan ofrecer unha panorámica das principais actividades económicas. Esta perspectiva considerouse como a máis conveniente, posto que, por un lado, a análise que configura unha das partes prácticas desta tese (as enquisas nas empresas) vai estar centrada na estratificación por sectores de produción e, por outro lado, posto que está superada a división económica nos tradicionais sectores primario, secundario e terciario como compartimentos estancos (de feito, non é doado falar da actividade pesqueira como sector primario, separándoo das empresas de transformación e modificación do peixe, que estarían no sector secundario). Escolléronse as actividades económicas máis relevantes, onde a denominada "industria fabril" englobaría unha boa parte do que tradicionalmente se chamou sector secundario, que acollería a aquelas empresas onde a máquina é o fundamento da fábrica, centro de produción característico da época industrial, que substituíu ó taller e á manufactura.

1.2.2.1 A AGRICULTURA E O NACEMENTO DAS PRIMEIRAS EMPRESAS RELACIONADAS

Está constatado que Galicia, na etapa que corresponde co Antigo Réxime (séc. XVI, XVII e XVIII), mantivo un predominio das actividades agrarias e artesanais, e aínda que ve iniciar un proceso lento e tímido de desenvolvemento industrial no século XVIII, non coñece unha industrialización xeneralizada nin tan sequera unha transición precapitalista no sector da industria doméstica neste momento. A escasa industrialización galega queda patente nos datos do censo de 1787 que deixa á luz o peso enorme da agricultura ó ocupa-la maioría da poboación, fronte ó resto das profesións que se repartían como segue: 20.000 artesáns (8,8%), 10.000 no sector pesqueiro (4,3%) e 1.000 comerciantes (0,4%). Este feito está directamente relacionado co nivel de urbanización da nosa comunidade (a máis densamente poboada de España no momento[15]) que non acada o dez por cento do total, tal como estudou Eiras Roel (1988) a partir do censo de 1787.

[15] Débese ter en conta que a densidade da poboación galega nese momento, segundo o mesmo censo, supoñía unha media de 45,39 habitantes por km^2, cifra que duplicaba a densidade media do conxunto español, o que situaba a

Segundo algúns estudosos do tema (Villares, 1982 e 1990; Alonso Álvarez, 2000a: 16) este sector, predominante na nosa comunidade, mantivo ata ben entrado o século XX[16] unha situación "precapitalista" caracterizada –como xa se dixo– por posuír unhas terras excesivamente fragmentadas e unhas explotacións agrarias orientadas cara ó autoconsumo familiar, o que provocaba un ciclo produtivo pechado. Daquela, no século XIX a estrutura agraria do Antigo Réxime mantívose inalterada en Galicia pese á desamortización, simplemente a terra cambiou de propietarios, pasando da fidalguía e máis do clero á burguesía, que non estaba interesada en moderniza-la agricultura, nin en comercializa-lo produto (só en cobra-las rendas)[17].

No tocante á gandería, non foi Galicia tradicionalmente dona e explotadora dos seus bens, segundo analizou López Taboada (1997: 122), posto que pasou de funcionar como "colonia británica" no século XIX, debido ó excedente gandeiro que lle compraba Inglaterra, a "colonia española" no século XX:

> Desde esa data até 1914, Inglaterra compartiu o dominio económico da Galiza con España e unha vez rematada a Primeira Guerra Mundial, a Galiza ficou como colonia exclusiva da España industrial, que obtiña e obtén nela case a metade do seu consumo de gando bovino a uns precios non axustados ás leis do mercado capitalista (López Taboada, 1997: 122).

As primeiras industrias téxtiles marcan a relación do sector primario na transición á era industrial na segunda metade do século XVIII, a partir dun cultivo tradicional (a produción de liño) que pasou de actividade local e familiar a impulsora das primeiras fábricas na Coruña e a súa bisbarra (Carmona Badía, 1990, 2001). Santiago, Vigo, Ferrol, Sada, Mondoñedo e Tui tiveron sedes de manufacturas téxtiles, que os ilustrados impulsaron conscientes da importancia do sector na economía galega, pero fracasou a evolución desta industria rural cara á produción fabril[18]. No entanto, no século XIX, outras economías domésticas, coma a do coiro e os curtidos, derivaron en Galicia, igual ca no resto de España, nun desenvolvemento industrial (Nadal, 1989). Desde finais do século XIX ata a

nosa rexión na máis densamente poboada de toda España "contra el prejuicio hasta ahora extendido de que lo era el País Vasco" (Eiras Roel, 1996: 174).

[16] Xosé M. Beiras (1967), trala revisión do período 1929-1959, conclúe que o estancamento que padece a agricultura deriva da falta de cambios estruturais relevantes nos cultivos nesta primeira metade do século XX e da falta dunha ampliación da superficie cultivada.

[17] Loxicamente o campesinado non era quen de facer nada por falta de recursos económicos. Alonso Álvarez describe a situación a finais do séc. XVIII nos seguintes termos: "Las siete mayores ciudades de entonces no eran exactamente centros de produción y consumo, sino tan sólo residencia de rentistas, hidalgos, militares y curas que parasitaban la produción campesina. De este modo se había conseguido asentar en Galicia, más que en otras partes del Estado, un sólido equilibrio entre población rural (alta) y recursos (suficientes)".

Guerra Civil, varrido o campo por unha emigración masiva, só destaca a creación das primeiras sociedades na agroindustria en forma de cooperativas e asociacións.

Será a década de 1960 a que marcou o cambio na situación no agro galego, ó pasarse –en gran parte da comunidade– dun modelo de autoconsumo a unha agricultura que orienta a súa produción cara ó mercado e que se especializa en rendementos lácteos (Lugo e áreas interiores da Coruña e Pontevedra), vitícolas (O Salnés, O Ribeiro, Valdeorras) ou hortícolas no ámbito periurbano das Rías Baixas, o golfo Ártabro e Terra de Santiago. Nun momento en que as migracións de galegos das áreas rurais ás áreas urbanas e industriais de España e Europa provocaron unha demanda de alimentos e estimularon a súa produción, xurdiu a agro-industria, xeneralizándose as rutas de recollida de leite, a rede de matadoiros, os mercados de xatos e un cambio de mentalidade dos labregos que se tiveron que adaptar ás novidades (que foron desde a variación das cabanas gandeiras –introdución de razas selectas e especializadas en produción de leite– ata a mecanización da agricultura e o cambio na produción agrícola[19]).

Os cambios operados na agricultura no período comprendido entre 1960 e 1988 segundo F. Sineiro (1992) debéronse ós seguintes factores: o crecemento económico, a integración da CEE en 1986 e polo tanto a adopción da política agraria común; os cambios na demanda dos produtos agrarios e as innovacións tecnolóxicas coa mecanización das explotacións e a utilización de fertilizantes para as producións[20]. No entanto, este autor considera que a dispersión extrema do hábitat galego é un dos freos para as implantacións agro-industriais na rexión e pon como exemplo o custo da recollida do leite[21]. Ademais tódalas mudanzas que sufriu o sector non foron acompañadas de transformacións substanciais en dous aspectos que son esenciais no sector agrario de calquera país: a base territorial das explotacións e os usos da terra, tal e como sinala López Iglesias (1997: 213). Con todo

[18] A industria dos lenzos viuse desprazada do mercado español primeiro polo algodón inglés e máis tarde polo catalán.

[19] Segundo Sequeiros (1986) xa en 1970 o millo practicamente fora substituído polo "forraje" destinado fundamentalmente á alimentación animal.

[20] O subsector gandeiro (sendo as cabanas vacúa e porcina as principais) é o responsable dos cambios nas estruturas agrarias. A partir da década do 70 o vacún especializouse na produción leiteira e as explotacións de maior tamaño duplicáronse, proceso acompañado dunha forte mecanización. Pero xa nos anos 60 comezara o auxe da gandería industrial sen terra, coas explotacións dedicadas á obtención de carne: as porcinas e as avícolas principalmente. As ganderías ovina e caprina son pouco significativas en Galicia.

[21] Sequeiros (1986: 174) arguméntao a partir do exemplo dunha empresa concreta: "Una de las plantas que la multinacional suiza Nestlé tiene localizada en Galicia (Pontecesures) manufactura una media de más de cien millones de Kgs. de leche fresca por año, procedente de 20.000 ganaderos-agricultores, cuya captación se realiza mediante una red de transporte que representa 10.000 Kms. diarios de recorrido en camión".

deuse un desenvolvemento do sector lácteo coa creación de centrais leiteiras como *Larsa*, *Complesa* ou *Central Lechera de A Coruña* (posterior *Leyma*). A primeira, *Larsa* (*Lácteo Agrícola Rodríguez, S.A*), que ten as súas orixes nunha granxa e nunha leitería de orixe familiar dos anos 30, foi medrando ata se-lo primeiro grupo lácteo galego durante os anos 50 e 60. Consegue supera-la crise dos anos oitenta temporalmente mediante a inxección de cartos desde a administración autonómica, pero acaba absorbida por unha empresa francesa, para logo pasar ás mans doutra gala, para finalmente en 1994 quedar participada no 66% pola *Central Lechera Asturiana*, resucitando unha empresa do grupo (*Corporación Alimentaria Peñasanta*) formando parte do maior grupo lácteo español (Villaronga, 2000: 216-219).

Pola súa banda, a *Central Lechera da Coruña*, nacida en 1962 e base da que logo sería *Leyma*, tamén foi medrando apoiándose na estrutura dunha sociedade cooperativa agraria. Na década de 1990 estivo asociada coa *Central Lechera Asturiana* para afronta-la competencia das grandes multinacionais e comprou a *Lactaria Española* (propietaria de *Ram*), operación que se lle fixo demasiado grande. Entre a Xunta e *Puleva*, que comprou o 75% da empresa, puxeron as bases para a súa viabilidade, quedando a empresa integrada no grupo líder do sector lácteo a partir de 1999 (Pérez de los Heros Amador, 2000: 220-223).

Fronte a este proceso de concentración no que se viron sumidas as empresas lácteas, destaca a nicrarense *Sociedad Cooperativa Limitada Feiraco*, que naceu (1969) e se mantivo como cooperativa. Esta asociación de gandeiros da comarca do Barcala xurdiu con dous obxectivos: a creación de forraxe por un lado, e a recollida, tratamento e comercialización do leite e derivados polo outro. Os doce traballadores cos que comezou funcionando multiplicáronse de tal forma que na actualidade suman arredor dos 250, ó mesmo tempo que se estendeu por toda a provincia da Coruña, norte de Pontevedra e centro de Lugo. Ademais das actividades referidas, dedícase tamén á formación teórico-práctica dos agricultores e inviste en obra social (Freire Esparís, 2000: 179).

Actualmente, no campo coexiste a explotación de autoconsumo familiar da horta clásica coa explotación que se adapta ó mercado e que está perfectamente instalada nos circuítos comerciais controlados polas grandes empresas. No entanto e pese a que nos últimos anos se produciu un desenvolvemento dos produtos hortícolas debido á maior preocupación

polas dietas (pementos de Herbón en Padrón; produción de kiwis, castañas...), seguen a existir máis explotacións gandeiras que propiamente agrícolas, case reducidas ós invernadoiros.

1.2.2.2 A PESCA E O NACEMENTO DAS PRIMEIRAS EMPRESAS RELACIONADAS

A actividade pesqueira, desenvolvida de xeito importante desde a Idade Media (Ferreira Priegue, 1998: 51-57), sufriu un abandono no século XVIII por diversas causas e coincidiu coa chegada dos cataláns que desde mediados dese século viñeron a Galicia buscando traballo e portando unha cultura diferente. Aquí organizáronse de xeito que converteron ós pescadores galegos en asalariados seus, iniciaron un proceso de industrialización dos produtos pesqueiros e introduciron novos métodos de pesca e de conservación do peixe (salgadura)[22] (Santos Castroviejo, 1998: 95-97). O movemento comercial que inician lévaos a enriquecérense rapidamente, sobrepasando as fortunas galegas e entrando en conflito cos poderes sociais. Alonso Álvarez (2000a: 13,15) explica como os *fomentadores* (primeiros comerciantes cataláns que se instalaron nas rías buscando produtos para o retorno dos seus barcos que chegaran con viños, augardentes e algodón) introduciron as técnicas do prensado, e como algúns se foron asentando e transformando as súas factorías en fábricas de conservas (casos de Manuel Goday, Jose Antonio Curbera ou Félix Massó entre outros)[23].

Santos Castroviejo sitúa na primeira metade do século XIX a constitución definitiva dunha burguesía peixeira en Galicia ligada á ideoloxía liberal-constitucionalista, que durante o trienio liberal (1820-23) loitou por unha Galicia nova (urbana, comercial e industrial) e participou no erguemento liberal-galeguista de abril de 1846. Tralo esmagamento deste, e sen instancias en Galicia que loitasen polos seus intereses (o que leva a empeora-los problemas do sector: o estanque do sal[24], a falta de infraestruturas...) a burguesía comeza a súa agonía nun país predominantemente agrario (Santos Castroviejo, 1998: 120-122). Con todo, na segunda metade do século XIX, Galicia perfílase como unha importante rexión

[22]Antes comerciábase o peixe por técnicas máis acordes á unidade produtiva familiar: afumados, secados, escabeches.

[23] A partir da tecnoloxía importada desde as costas francesas do enlatado en aceite, comezaron as primeiras conserveiras sobre a base destas empresas de orixe catalana, destacando *Curbera* e *Barreras* na ría de Vigo, *Massó* e *Bolívar* na de Pontevedra, *Goday*, *Ferrer* e *Colomer* na de Arousa e *Portals* en Muros.

[24] Imposto que debían pagarlle ó goberno central, posto que o sal era un produto estancado, igual có tabaco, feito que derivaba no seu elevado custo.

mariñeira dentro de España[25], status que manterá durante o primeiro terzo do XX (Fernández Casanova,1998a: 139-145). A partir dese momento a súa evolución vai depender –segundo esta autora– das decisións políticas que foron modificando os destinos desta actividade a partir da Guerra Civil, rexistrando unha marcha ascendente que parará nos anos 70. Destaca a creación dunha frota conxeladora e o nacemento dunha das empresas que se constituiría en líder do sector, Pescanova[26].

No entanto, a finais da década do setenta a empresa pesqueira aínda evolucionara menos cá agrícola, pois "continúa a ser unha unidade de produción raquítica que se repite en case tódolos portos galegos: unha estrutura familiar con modos de produción precapitalista onde o propietario da embarcación adoita ser tamén patrón e organizador de tódalas funcións da empresa: produción, administración, comercialización, dirección de persoal..." (González Laxe, 1977: 130).

Na actualidade, as actividades pesqueiras están a sufrir unha transformación que se caracteriza polo amarre gradual e continuo da pesca de altura, pola busca de novas alternativas na industria de transformación e comercialización de peixe, polo peso acadado pola acuicultura e o intento de profesionalización do marisqueo.

1.2.2.3 A INDUSTRIA FABRIL

A industrialización galega comezou serodiamente (finais do séc. XIX e principios do XX), malia existiren precedentes moi temperáns como se acaba de ver atrás. Do fracaso da evolución dunha industria rural de panos de liño e ferrerías cara a formas de produción fabril quedan, como únicos procesos do xermolo industrial, as fábricas de salga (posteriormente conserveiras), e mais dúas iniciativas importantes do século XVIII: a construción naval de Ferrol e a siderurxia de Sargadelos, un dos primeiros establecementos siderúrxicos españois, creado polo marqués de Sargadelos na Mariña luguesa[27]. A creación

[25] En 1883 a pesca galega ten ten un peso importante dentro do panorama español, tanto en capturas, número de barcos, man de obra e sobre todo, na industria transformadora de salga (52,28% das fábricas existentes en España). A partir de 1850 perde predominio a salga fronte á conserva, aumentando así as posibilidades de exportación, actividade esta que tamén se incrementará co envío de peixe fresco fóra da comunidade grazas ó ferrocarril (Fernández Casanova, 1998a: 140-143).

[26] Pescanova caracterizouse sempre polas innovación en técnicas extractivas, ademais será a primeira empresa que promova a construción de conxeladores integrais e buques factoría, que producen a bordo fariñas e aceite de peixe. Pódese ampliar información en Rodríguez Galdo e Losada Álvarez (2000).

[27] A siderurxia de Sargadelos foi unha importante experiencia levada a cabo por A. Raimundo Ibáñez, asturiano afincado en Ribadeo, de familia fidalga, que levantou o primeiro alto forno de España que, polo baixo consumo de

de estaleiros e arsenais en Ferrol por iniciativa real constituíu unha importantísima actividade industrial debido á instalación, dende 1726 en Ferrol, da capital do Departamento Marítimo da zona Norte.[28]

Segundo Barreiro (1996), o despegue que coñeceu o sector industrial no século XVIII quedou bloqueado por varios feitos que van desde a perda do mercado americano, no último terzo do século XIX (coa conseguinte desfeita da economía da burguesía que tivo que reestruturarse e buscar novos mercados) ata a carencia dunha reforma agraria profunda que posibilitase a aparición dun campesiñado con capacidade adquisitiva, pasando pola ausencia de mentalidade investidora na fidalguía, na burguesía e nas casas bancarias; a descapitalización da burguesía industrial e comercial (ó investiren a maior parte dos seus rendementos na adquisición de bens desamortizados); a carencia dun mercado rexional para os produtos industriais propios; o control do proceso industrial e do mercado galego, ata a 1ª metade do século XX, polos cataláns e a falta de investimento estatal en infraestruturas (co mantemento de comunicacións deficientes co resto do territorio, que permitise un mercado integrado).

A principios do século XIX a única fábrica digna de mencionar é a coñecida como *Fábrica de Tabacos da Palloza* (A Coruña) ou *Fábrica Nacional de Tabacos*. Fundouse en 1802[29] formando parte da rede de fábricas que se foran implantando en España para a comercialización do tabaco traído de América[30]. Ten importancia pola cantidade de emprego feminino que creou[31], ademais da súa duración no tempo (xa que perviviu ata 2000 en que o actual dono –un grupo multinacional– a pechou).

Será a partir dos últimos anos do século XIX e no primeiro terzo do XX cando se pode falar en Galicia propiamente de industria, que terá un sector primordial e de arrastre na conserva de peixe. As primeiras instalacións montáronse a mediados do XIX en Oza e en

Galicia, converteu logo en fábrica de potes, máis adiante de municións para o exército, para acabar instalando unha fábrica de cerámica que, entre outras innovacións, introducía o decorado mecánico das louzas estampadas. Pese a ser asasinado Ibañez en 1809 sobreviviu a fábrica ata 1875. Tódolos documentos fundacionais (contratas, escrituras...) que recolle Carmona Badía (1994) están en castelán.

[28] A actividade do estaleiro e do arsenal foi impresionante e alí viñeron traballa-los mellores técnicos españois do momento.

[29] Ocupou as naves dun edificio creado no século anterior para o Servicio de Correos Marítimos das colonias.

[30] A primeira foi a de Sevilla, seguida pola de Cádiz. Logo a da Coruña, xunto co resto que se crearon na época, especializáronse xa na elaboración de cigarros.

[31] Pódese ampliar información sobre o funcionamento desta fábrica nas primeiras décadas do século XX en Alonso Álvarez, (2000b: 250), e tamén na novela *La tribuna* de E. Pardo Bazán (1968) que ten como protagonistas as cigarreiras da devandita fábrica de tabaco. Como traballo científico ó respecto está a obra de C. Velasco Souto (1987), que estudou a sociedade do momento a través da obra da autora.

Chapela, partindo dos primeiros asentamentos que, como se viu na epígrafe anterior, fundaron os cataláns[32]. Tiñan unha produción orientada basicamente á exportación, fóronse consolidando a finais de século e serán sector punteiro no primeiro terzo do XX, quedando afectadas duramente pola crise dos anos 30. Foi ó abeiro da actividade pesqueira que naceron outra serie de industrias: empresas de construción naval, metalúrxicas, químicas e téxtiles que supuxeron a aparición dun importante foco industrial en Vigo.

Sen chegar ás cotas do sector das conservas, tamén tiveron un desenvolvemento importante a minería e os sectores financeiro e de bens de consumo. A actividade mineira desenvolveuse mediante a explotación de diferentes minerais: o ferro (destaca o xacemento de ferro de Vilaodriz traballado pola *Sociedad Minera* fundada en 1900), cobre, estaño ou wolfram, que levaron adiante empresas estranxeiras. Destaca, pola súa importancia, a empresa inglesa –*The San Finx Mine*– propietaria das minas de San Fins en Lousame[33]. Por outra banda, as reservas enviadas polos emigrantes de América estimularon o desenvolvemento da Banca que, ó mesmo tempo, tamén se beneficiou das actividades comerciais das cidades, especialmente de Vigo e da Coruña (*Banco Pastor*, 1925[34]). O crecemento destas cidades levou aparellado a demanda de bens de consumo, (entre eles a electricidade, servizo de auga, ou o tranvía) e a xeneralización dos servizos públicos, a finais do século XIX. Aínda que nese momento se crearon as primeiras "Eléctricas" e "Compañías de Alumbrado" nas diferentes cidades galegas que cubrían os mercados locais

[32] Os cataláns controlaron durante todo o século XIX a produción industrial e o mercado galegos pero non reinvestían en Galicia, senón que a riqueza partía para Cataluña. Foi a partir da 1ª metade do século XX, cando comezaron a queda-los rendementos aquí, feito que posibilitou o despegue do sector conserveiro (Barreiro, 1996; Alonso Álvarez, 2000).

[33] Na páxina <http://www.vision.net.au/~dburbury/misc/henry_w.htm> está a información relativa ó fundador.

[34] A casa bancaria "Pastor hermanos", que daría orixe ó actual Banco Pastor, xurdiu polo investimento dos indianos, quen tamén estiveron a principios do XIX detrás da fábrica de vidros da Coruña e impulsaron as iniciativas fabriles no campo téxtil na Coruña, igual que algunha conserveira en Vigo; do mesmo xeito apoiaron economicamente o Ferrocarril Compostelano[34] (primeira liña de Galicia: Santiago-Carril, erguido con capital inglés: López Taboada, 1997: 123). Pero a maioría dos indianos non lle deron ós seus cartos un destino que impulsase o desenvolvemento económico de Galicia. Segundo di Carmona Badía, ou ben promoveron obras benéfico-docentes (que lles permitiron hoxe en día conservaren os seus nomes nas rúas: García Barbón, p.ex.) ou ben compraron terras, pero non investiron en actividades que a longo prazo serían máis rendibles:

> [...] quería invertir sobre seguro, y en Galicia lo seguro era la tierra. Porque si el dinero repatriado que llegó a Cataluña en la década de 1920 tras la pérdida de las colonias continentales sirvió para dar impulso a la mecanización de la industria algodonera, fue porque ya existía toda una estrutura industrial que permitía ofrecer a los posibles inversores unas razonables esperanzas de beneficio; situación esta muy distinta de la de la Galicia de la misma época, en la que el fracaso de la transición de la otra importante producción textil doméstica hacia formas industriales era ya un hecho, y en la que las manufacturas de transformados de la pesca se estaban sumiendo en un estancamiento del que no saldrían hasta los años finales del siglo. [...] Puede decirse que el capital "americano" no fue un gran inversor industrial, pero también hay que decir que donde en el XIX gallego hubo inversión industrial allí estuvo el capital "americano", e incluso en algún caso como único protagonista (Carmona Badía, 1984: 45, 46).

de alumeado doméstico e público, foi a partir do novo século cando se instalaron compañías foráneas (*Electra Industrial Coruñesa*, escriturada en Bilbao, e a *Sociedad General Gallega de Electricidad*, constituída en Madrid e orixe do que logo sería *Fenosa*) que se encargaron de proporcionarlles enerxía ás primeiras industrias (estaleiros, conserveiras...)[35] (Alonso Álvarez, 2000a: 24, 29).

Despois da Guerra Civil, nos primeiros anos do franquismo, tratouse de industrializa-lo país sen contar máis ca cos recursos propios, o que derivou na práctica desaparición do comercio exterior. Con esta intervención da economía, moitas sociedades (conserveiras e madeireiras especialmente) caeron, mentres que medraban empresas vinculadas ós bens de produción (eléctricas e estaleiros). Comeza a industrialización nos anos 50, maiormente con capital estatal, a partir da construción de encoros para a exportación de electricidade e da creación de fábricas polo INI (Instituto Nacional de Industria). Nace *Fuerzas Eléctricas del Noroeste*, *Fenosa*, (fundada polo banqueiro Pedro Barrié nos anos 30 e que iría absorbendo ó resto das empresas de enerxía existentes en Galicia) e implántanse firmas foráneas como *Hidroeléctrica de Moncabril* e *Saltos del Sil* por un lado; e polo outro fúndase *ASTANO (Astilleros y Talleres del Noroeste, S.A)*, desenvólvese *Barreras* e *Vulcano* (en Vigo) e nacen as firmas ligadas á demanda de frío industrial (*Frigoríficos Vigo* e *MAR*).

Vai ser na segunda metade do século XX cando coñeza a industria galega o seu maior desenvolvemento, que coincide co auxe da industria española. Así, desde a década de 1960 vanse creando dous polos de desenvolvemento en Vigo-O Porriño e A Coruña-Arteixo, que supuxeron a localización de grandes complexos fabrís en núcleos de tradición industrial que agudizaron máis os desequilibrios interterritoriais.

Caracterízase este período por catro puntos importantes: o primeiro, polo desenvolvemento importante do sector naval, localizado en Vigo e Ferrol; o segundo, a implantación de grandes empresas desvinculadas do resto do tecido económico (empresas "de enclave" que non xeran empresas auxiliares, como o complexo alumínico de San Cibrao[36] na costa luguesa, *Citröen* en Vigo[37]...); o terceiro, estaría constituído polo forte impulso do sector produtor de enerxía hidroeléctrica e térmica e vinculado a el a explotación do sector de

[35] Insiste o autor na ligazón destas empresas coa banca desde o seu nacemento.
[36] Pode verse García Balseiro (2000) para coñece-la historia desta empresa.
[37] Pode verse Rodríguez Galdo e Losada Álvarez (2000) para coñece-la historia da empresa.

lignitos (Industria térmica de Sabón, *Fenosa* en Meirama e *Endesa* nas Pontes de García Rodríguez[38]); o cuarto, a creación de empresas que van aproveita-los recursos endóxenos de Galicia (granito, lousa, pesca). Queda así configurado, segundo González Laxe (1992), un tecido empresarial moi pouco artellado, que destaca por ter empresas moi especializadas ó lado dun número enorme de empresas pequenas, faltando unha industria media. Ademais as empresas grandes naceron vinculadas maiormente ó sector público (*Alúmina*, *Bazán* e *ASTANO*, *Celulosas*...). Ademais as industrias motrices ou de cabeceira, que son as que teñen efectos multiplicativos nunha economía, en Galicia son "simples oasis industriales".

Merecen unha mención especial dúas empresas creadas na posguerra e que foron medrando e consolidándose ata chegar á actualidade como dúas das firmas máis representativas do sector industrial galego: *Zeltia* e *Sargadelos*. *Zeltia* naceu en 1939 como matadoiro que levou adiante en seguida a tentativa de reconverte-los desperdicios da empresa para a industria farmacéutica. Durante os anos corenta, contando cun comité científico asesor de catedráticos universitarios, logrou patentes de insulinas primeiro e de pesticidas e insecticidas despois (distribuíndo a famosa marca ZZ). Nos anos cincuenta inicia relacións con firmas farmacéuticas internacionais (por exemplo *Cooper McDougal*) e ademais amplía o seu campo de actuación chegando ós comezos do século XXI (baixo o goberno da mesma familia) como líder dos mercados de insecticidas domésticos e protectores para a madeira por un lado e pioneira na actividade de desenvolvemento de fármacos de orixe mariña a nivel mundial (Rodríguez Galdo e outros, 2000: 285).

Tamén se produce nesta segunda metade do século XX a fundación-recuperación de *Sargadelos*. As orixes da actual fábrica están no Castro de Samoedo (Sada) onde, en 1947, se creou unha pequena fábrica de cerámica coa intención de experimenta-los caolíns procedentes dos xacementos de Sargadelos que aínda estaban na explotación. O espírito que animaba o proxecto era a creación dun complexo industrial moderno en Sargadelos, que aproveitase os recursos naturais da comarca. Trala experiencia en Bos Aires coa *Fábrica de Porcelanas A Magdalena* (proxección da do Castro) desde mediados dos cincuenta, os intelectuais galegos exiliados comezaron a interesarse pola recuperación económica de Galicia, o que deu como froito a creación, en 1963, do *Laboratorio de*

[38] En Varela (2000) pode obterse máis información sobre a historia da empresa.

Formas, que mediante un convenio con *Cerámicas do Castro* puxo en marcha a actual empresa, comezando cun sector experimental en 1968 e pasando á inauguración da planta circular en 1970[39]. A importancia desta empresa fronte ás outras é o uso da lingua galega desde finais dos anos sesenta, tal e como explica o seu presidente, Isaac Díaz Pardo:

> Cando empezamos coa empresa industrial polo ano 48, o galego non podía saír da fábrica. Vinte anos despois, o galego foi a primeira lingua de comunicación nas nosas empresas en tódolos eidos. No 67, un manifesto do Laboratorio de Formas fíxose en galego e, simultaneamente, púxose en castelán, catalán, euskera, francés e inglés. Dende entón, xamais tivemos ningún atranco polo emprego do galego, máis ben creo que deu rigor a todo o que fixemos (AFNL, 1994).

Os anos sesenta caracterizáronse tamén pola entrada de industrias foráneas en Galicia (estranxeiras e españolas, algunhas con titularidade estatal) en actividades onde nalgúns casos non existían precedentes, como o sector automobilístico (*Citroën* en Vigo), o refinado do petróleo (*Petrolíber* na Coruña), o enerxético (central térmica *ENDESA*) e as celulosas (*ENCE* en Pontevedra[40]). Aínda que parte destas firmas eran de titularidade pública, para Alonso Álvarez (2000a: 36) non foi o Estado, a través do INI, o encargado de impulsa-lo proceso de modernización en Galicia, xa que moitas das outras firmas son anteriores ós "Planes de Desarrollo" do goberno. Cando si vai resultar fundamental o Estado en termos de creación de emprego vai ser durante as décadas posteriores, a raíz da crise de 1973-1974, cando a caída do mercado levou á absorción por parte do INI das empresas máis grandes para preserva-los empregos (*Bazán, Frigsa, Hostal de los Reyes Católicos, Santa Bárbara, ASTANO, Mafriesa, Grupo de Empresas Álvarez*...) e ó peche das firmas menos rendibles (entre outras: *Coalsa, Cros, Barros*, no norte; e *Ascón, Mar, Motores Deutz* ou *Massó*, no sur). Isto derivou en que, a principios dos anos noventa, entre as 200 primeiras sociedades españolas por facturación só se constaten tres empresas galegas (*Inditex*, *Pescanova* e *Coren*) e unha estranxeira instalada aquí (*Citröen*).

Esta década xa se vai caracterizar pola superación da crise e por dous factores que van condiciona-la evolución da gran empresa: as directivas da Unión Europea (que levou ás privatizacións no sector público) e a globalización da economía que ofreceu novas oportunidades de negocios. A liberalización dos mercados traduciuse na aparición de grupos emerxentes nos sectores do téxtil e da moda, na industria farmacéutica e química e mesmo na construción inmobiliaria, así coma na distribución de alimentos.

[39] Información tomada en www.sargadelos.com (última visita: xullo, 2004). Pode ampliarse información sobre esta empresa en García, Y. (2000).
[40] Existiron desde os anos vinte en Galicia factorías de celulosa.

1.2.2.4 O COMERCIO, HOSTALARÍA E TURISMO

Baixo esta epígrafe entra o que tradicionalmente se ten denominado "sector servizos", nomenclatura que se evita na actualidade debido á problemática que supón e que xa quedou explicada arriba[41].

A actividade comercial remóntase ás orixes das civilizacións, sendo moi diferente a súa tipoloxía en función da sociedade e o seu nivel de desenvolvemento. Referíndonos a Galicia, existen vestixios importantes durante a Idade Media e Moderna, aínda que o seu desenvolvemento chegou coa época contemporánea e as novas necesidades que se crearon a partir da instalación do liberalismo (principios do séc. XIX), que levou a un desenvolvemento xeral da sociedade e da economía. As continuas reformas lexislativas en materia de facenda que permitiron un maior capital (monetario e de materias) circulante, ademais da normativa encamiñada á integración do mercado nacional e o desenvolvemento das comunicacións, levaron a unha maior fluidez de mercancías que supuxo a explosión da actividade comercial.

Fronte á burguesía mercantil compostelá da primeira metade do século XVIII que Eiras Roel tiña denominado como señoralizada, arrendataria, emisaria das economías externas[42] e inmobilista, X.R. Barreiro aprecia un cambio no período de finais do XVIII e principios do XIX, xa que se vai caracterizar polo seu dinamismo comercial e industrial, tal e como exemplifica a través do estudo dunha firma compostelá "Casa de Andrés García"[43] (Barreiro Fernández, 1988).

Non obstante, en Galicia, o comercio quedou bastante estancado no século XIX debido a que era unha actividade moi gravada, á que se lle uniu a crise económica xeral da primeira parte do XIX. Nun estudo sobre a actividade comercial en Compostela (posiblemente a cidade máis comercial de Galicia) desde 1845[44] ata principios do séc. XX., feito a partir da documentación de arbitrios e consumos (Iglesias Otero e Pérez Rodríguez, 2001), pódense constatar dous feitos importantes que regulan esta actividade nese momento: por un lado, a existencia de comerciantes que actuaban de arrendatarios dos impostos municipais, e que

[41] Con todo, vaise emprega-la denominación "sector servizos" na redacción cando se trate de citas doutros autores sobre o conxunto das actividades que tradicionalmente se englobaron nese sector.
[42] Debido a que o seu principal negocio consiste na importación e distribución dos produtos manufacturados noutros países industrializados.
[43] Fundada polo rioxano do mesmo nome: José de Andrés García, natural de Nájera.

abusaban dos pequenos comerciantes en beneficio propio. Polo outro, a existencia de depósitos de mercancías que indicaban a importancia do sector comercial en canto a volume de negocio e fonte de ingresos para o Estado (a través dos consumos) e para os concellos (a través dos arbitrios).

Xa no século XX, sobre todo na segunda metade, prodúcese un desenvolvemento do comercio, xunto co resto das actividades consideradas dentro do sector servizos (que desempeña a principal actividade económica no mundo desenvolvido, tanto no tocante á xeración de emprego como polo que se refire ó valor da súa produción). De tódolos xeitos, aínda que Galicia está inmersa na actualidade neste proceso de terciarización (xa que ocupa á metade da poboación activa, ademais de producirse un crecemento do sector por riba do PIB galego nos últimos anos), o grao de implantación do mesmo resulta aínda inferior á media española, presentando un desenvolvemento que Sequeiros nos anos oitenta caracterizou de "semi-patolóxico" (1986: 174), indicador de que o capitalismo galego aínda non pasara a súa fase industrial. A proba está en que o aparente desenvolvemento do sector deriva do hábitat que lle serve de soporte (disperso) que, xunto cunha dimensión "raquítica" dos establecementos, semella unha expansión que non é tal. O comercio (que en Galicia dá emprego a un de cada oito ocupados) mantén unha estrutura tradicional, atomizada e dispersa; configurado basicamente por empresas de tipo familiar[45]. Coas mesmas características funciona unha das principais actividades do ramo, a hostaleira, que mantén un subemprego ou emprego irregular[46].

Nos últimos anos, estas empresas que se manteñen ó xeito tradicional, (que son un número moi elevado de establecementos de pequenas dimensións que venden polo miúdo e polo tanto cun volume de negocios reducido), conviven con grandes superficies e con cadeas de tendas especializadas, servizos propios de países máis desenvolvidos. Ó desenvolvérense nas principais cidades galegas negocios cun raio de acción máis amplo (cadeas, grandes superficies e multinacionais dos servizos) produciuse unha rápida reestruturación do sector

[44] Escóllese esa data para comeza-lo estudo xa que é o momento en que, trala Reforma de Mon, a poboación comeza a estar contralada fiscalmente, e a información das actividades económicas comeza a ser fiable.

[45] Por exemplo na cidade compostelá perviviron, ata os nosos días, empresas herdeiras de negocios familiares fundadas no séc. XIX, como as droguerías Labarta e Bermejo, farmacias Bescansa, empresas de curtidos das familias Eleicegui e Riva.

[46] Está no mesmo caso cá actividade agrícola ou o marisqueo no sector primario. De feito, González Laxe (1992: 22) consideraba que o sector terciario ata finais dos anos 70 sufría en Galicia unha "hipertrofia":

que levou á reconversión das tendas tradicionais noutras especializadas e á xeneralización do sistema de franquías.

Cómpre destaca-la presenza das firmas de venda por xunto nacidas na comunidade, ligadas ó sector alimentario (*Gadisa*, *Vegonsa* e *Froiz, S.A.*). Estas dúas últimas teñen en común naceren da man de individuos (orixinarios de fóra de Galicia pero criados aquí) que comezaron cunha tenda pequena. Vegonsa foi medrando e competindo coas grandes áreas comerciais, ata que a finais da década dos noventa se alía con *Eroski*, contando na actualidade con 350 establecementos entre propios e franquiados, mentres que Froiz, con 140 puntos de venda e 75 franquiados, ten como principio non fusionarse con ninguén. Con todo, a primeira fai uso do galego desde que se aliou coa firma vasca, mentres que a segunda ten totalmente marxinado o idioma da comunidade. Pola súa banda, *Gadisa*, que nace a mediados dos anos oitenta do século XX trala fusión de varias empresas de distribución, vai absorbendo supermercados (*Ecomás*, *Claudio*), asociándose a firmas como *San Luís* e creando centros comerciais novos (*Haley*), ó tempo que se estende a fóra da comunidade autónoma (Castela-León, Asturias, Madrid, Andalucía e Portugal).

En canto ó turismo, aínda que se converteu na actividade de maior dinamismo nos últimos anos debido a que se viu fortemente impulsado na última década por campañas institucionais que promocionaron a imaxe de Galicia no exterior[47], así como polo apoio ó turismo rural e á mellora da accesibilidade do territorio, Galicia caracterízase por concentra-la súa oferta hostaleira na costa –especialmente nas Rías Baixas (eixe A Toxa-Baiona), en Santiago e na área da Coruña– e por ter unha oferta que funciona á marxe dos circuítos comerciais, o que lle outorga a esta actividade tamén un carácter minifundista e familiar. Fundamentalmente atrae un turismo de verán moi tradicional, maioritariamente español[48], de carácter familiar, que nas zonas de praia se aloxa en casas ou pisos de aluguer que se contratan dun ano para outro. Ademais a maioría dos establecementos hoteleiros teñen unha escasa cualificación e predominan os de baixa categoría fronte ós de catro ou cinco estrelas. Ultimamente potenciouse un recurso alternativo: o turismo rural (coa

Un elevado porcentaje de la población se encuentra englobada en dicho sector. Sin embargo, no corresponde a las necesidades de unos sectores primarios y secundarios importantes, ni tampoco a las condiciones del turismo, ni a los procesos de crecimiento agrícola, pesquero o industrial (González Laxe, 1993: 22, 23).

[47] Estas campañas estiveron centradas na divulgación das excelencias gastronómicas e do patrimonio natural e artístico.

[48] O número de turistas estranxeiros é escaso e céntrase a súa presenza en Santiago e nos concellos de Sanxexo e Baiona (Nestes dous últimos o índice de visitantes foráneos elévano os cidadáns portugueses).

recuperación de casas de labranza) e os balnearios, que –sendo un elemento tradicional do turismo no século pasado– levaban en decadencia varias décadas.

1.2.3 O ATRASO ECONÓMICO DE GALICIA

O "evidente" atraso económico de Galicia denunciado por X.M. Beiras xa en 1972 nunha obra que leva ese título *Atraso económico de Galicia*[49], víñase denunciando desde a época da Ilustración (Somoza de Monsoríu, 1995[50]) entre os intelectuais ligados máis directa ou indirectamente ó galeguismo. E foron estes intelectuais os que buscaron un intento de explicación, unido á denuncia do atraso económico da comunidade que se mantén ata as últimas décadas do século XX[51]. Xa Castelao, en *Sempre en Galiza*, analiza a problemática galega no ámbito que ocupa esta investigación –ó lado da análise dos aspectos lingüísticos e políticos– partindo da realidade socioeconómica do seu momento á que tenta buscarlle solucións[52]. Seguindo as liñas de pensamento do rianxeiro (que definira a nosa economía, de base agraria, como de subsistencia e minifundismo, agravada pola falta dun marco legal axeitado á problemática galega) realizou o seu estudo Beiras nos anos setenta co que pretendía demostrar que a situación económica galega seguía sendo "subdesenvolvida" pese ós aparentes signos de crecemento que fan ve-lo "atraso económico de Galicia" como un fenómeno contraditorio e ambiguo:

> Mais por outra banda é un fenómeno ambiguo porque están a producirse en Galicia mutacións que son caraiterísticas de certos procesos de crecemento económico e que encobren ou disfrazan o feito radical do atraso e do relativo estancamento económico que padecemos (Beiras Torrado, 1997: 17).

En realidade Beiras considera que este aparente crecemento non é máis ca un reflexo do crecemento da economía española ou dos seus focos de concentración industrial, pero non lle afectou á economía galega que se mantén "globalmente no atraso" e sen posibilidades

[49] Villares, igual ca Barreiro (1996), manifesta a vixencia da obra de Beiras, pero considera necesaria a súa renovación: "Fai falla outro 'Sempre en Galiza', no senso teórico, como auga de maio, porque estamos a vivir de cousas obsoletas, desde a xeración de Galaxia ou do 'Atraso' de Beiras" (http://www.vieiros.com/entrevista/villares.html, última visita: agosto, 2004).

[50] No século XVIII os ilustrados, por encargo de Fernando VII, realizaron memorias históricas nas diferentes comunidades españolas, que tentaban dar conta dos "estorbos" para o desenvolvemento económico do país. F. Somoza de Monsoríu elaborou un discurso no que facía unha análise da situación galega desde un "compromiso coa galeguidade", como definiu Barreiro no estudo preliminar que fai do texto, que caracterizaba á ilustración galega.

[51] Non é que a partir de aí, a comunidade evolucionase, senón que é o período que está estudado.

[52] Roca Cendán [en liña] analizou o pensamento económico de Castelao en *Sempre en Galiza* distinguindo entre o estudo da estrutura básica da economía galego e o do marco xurídico-político que a condiciona. Castelao centrouse basicamente –segundo Roca– na análise da situación do agro, fronte á pesca e á nacente industria de principios de século.

de medrar se non deixa de ser dependente[53] (Beiras Torrado, 1972: 202). Desta maneira chegan os anos setenta do século XX nunha situación que o autor cualifica de colonia segundo as políticas económicas que se lle aplican, cunha economía campesiña precapitalista[54] que ten bloqueadas as súas posibilidades de crecemento, e cunha burguesía "raquítica".

Nesa falta de reformas agrarias e industriais por parte do estado tamén incide X. R. Barreiro Fernández ó tentar explica-lo noso atraso económico desde a perspectiva histórica[55], para o que analiza os pasos fundamentais que se foron dando en Galicia desde o século XVIII e os atrancos que a levaron a quedar nunha posición de retraso con respecto ó resto de España. Desta maneira entende que non abondaron os profundos cambios que experimentou Galicia a finais do século XVIII e principios do XIX (desamortización e fin do sistema foral, apertura dos portos a América, aumento de cultivos agrícolas, etc) que levaron ó crecemento da súa economía e á aparición dunha nova burguesía maioritariamente foránea (catalá e vasca)[56] que "quere lexitimamente aproveitarse da conxuntura favorable de Galicia".

Pese ós inicios no agro da primeira industria téxtil e ó investimento do Estado creando as primeiras empresas públicas (estaleiros de Ferrol, fábrica de tabacos da Coruña, fábricas de

[53] Nesta idea incide González Laxe (1992: 49) quen afirmou que Galicia "se enmarca en el grupo de regiones dependientes" (igual ca López Taboada, 1997: 122) e que a súa economía aínda adoecía de trazos típicos de país en desenvolvemento, a pesar de manter indicadores e índices propios de economías desenvolvidas. As causas de que os efectos do retroceso fosen maiores cós do progreso nos anos 70 están, para este autor, nas características inherentes ó propio modelo estrutural galego (1992: 29).
Na mesma liña de investigación iniciada por Beiras seguen os historiadores X.R.Barreiro e R. Villares, aínda que teñen cuestionado algúns aspectos da súa obra. O primeiro incidiu en que faltaba por trata-los índices de produtividade da terra. Villares achegou a concepción da actividade rural como unha realidade que non é estática –tal e como considerara Beiras– posto que foi aumentando en produtividade segundo se foron introducindo melloras técnicas como abonos, novas formas de cultivo, modernización da gandería, etc..., feitos que redundaron na súa modernización. De tódolos xeitos, na falta de ruptura coas estruturas tradicionais, ó contrario do que acontecera noutros países do hemisferio occidental, ve tamén Villares a culpa de que no século XIX a modernización de Galicia experimentase "máis cambios aparentes ca substanciais":

> O século XIX presenta en Galicia unha fasquía certamente contradictoria que deriva da fonda oposición existente entre a incapacidade da sociedade galega para se modernizar no seu tránsito á época contemporánea e a integración da mesma no sistema económico e político español, historicamente máis desenvolvido (Villares, 1986: 139).

[54] Xa en 1967 Beiras denunciaba, trala revisión do período 1929-1959, que o estancamento que padecía a agricultura derivaba da falta de cambios estruturais relevantes nos cultivos nesta primeira metade do século XX e da falta dunha ampliación da superficie cultivada.

[55] Barreiro Fernández (2001: 39) resumiu a existencia de diversas teorías que xustifican o devandito atraso económico e van desde as máis "sui generis" que buscan as causas desde "nunha prolongada distrofia ou desnutrición xeneralizada que nos incapacita para grandes empresas" ata "a pertenza a un pobo de almas rendidas" pasando polo noso carácter desconfiado, pola xenética celta só apta para a lírica e non para a empresa, etc.

[56] Explica Barreiro como os cataláns se instalan na costa galega coas fábricas de salgado e novos sistemas de pesca, os vascos levantan as fábricas de papel e curtidos e controlan o comercio ultramarino.

lencería) Galicia vai ver bloqueado todo este proceso no século XIX tralas circunstancias históricas que lle afectan ó conxunto de España (perda das colonias americanas, crise europea...) e mais polo desinterese dos gobernos estatais que deixaron a Galicia sen unha reforma agraria.

Tamén Carmona Badía asegura que no século XIX a primeira revolución industrial pasou "de largo" por Galicia, xa que:

> La tradicional especialización en el lino no resultó ser la más adecuada para la transición a la industria textil moderna y de ella no emergieron las chimeneas ni los telares mecánicos. El efecto vacío que provocó la liquidación del textil tradicional y la emigración consiguiente redujeron el tamaño del mercado y desincentivaron la instalación de otras industrias de bienes de consumo. La estructura liliputiense y la parcelación interna de las explotaciones agrícolas unidas al retraso en la llegada del ferrocarril bloquearon una especialización ganadera vacuna para la que existían buenas condiciones naturales, pero que exigía también unas reformas institucionales que tampoco llegaron (Carmona Badía, 2001: 42).

Ó quedaren bloqueados no momento do seu arranque os sectores industriais (téxtil, salga, curtidos...), a terra foi o principal sector da economía galega, quedando bloqueado o desenvolvemento do capitalismo en Galicia. Neste feito coinciden case tódolos autores que o estudaron, aínda que acheguen outros factores para xustifica-las causas: hábitat disperso ou mantemento no século XVIII da actividade dos gremios que, en moitas ocasións, impedían polo seu propio regulamento a súa renovación (Sequeiros, 1986: 171). Barreiro deixa á vista o problema dunha burguesía que non soubo estar á altura:

> Estancada a economía, bloqueados os sectores industriais, os subreviventes daquela moderna e áxil protoburguesía galega caen na tentación de investir na adquisición de bens desamortizados, descapitalizándose [...] aquela clase economicamente moderna e socialmente agresiva que viña con ansias de substituí-la vella fidalguía no control do país, sucumbiu á tentación, mercou terras [...] asumiu os tics da aristocracia e perdou a coraxe, a agresividade económica. Perdeu a modernidade (Barreiro Fernández, 2001: 47-48).

Outro factor que sinala Barreiro que actuou negativamente foi o afastamento do empresariado da política nacionalista en Galicia[57]; pois mentres en Cataluña e no País Vasco os movementos rexionalistas se formaron cunha presenza forte da pequena e mediana burguesía, en Galicia naceu o galeguismo bastante afastado da realidade social galega e lonxe das preocupacións dos sectores económicos, aínda que ás veces tivesen algunha actuación coincidente:

[57] Pódese ve-la postura do nacionalismo fronte á normalización lingüística na actualidade na análise realizada por Monteagudo e Bouzada (2002: 70-73) ó confronta-la súa postura coa do goberno autonómico.

> O galeguismo era un movemento formado por intelectuais, bastante afastados da realidade social galega, e que mesmo ás veces mantiñan unha interpretación de Galicia na que non parecían caber nin os empresarios nin os obreiros. Unha visión esencialista de Galicia sen apoios no cotián. Os temas económicos, as necesidades diarias, as curvas de prezos e salarios, os investimentos, todo isto estaba fóra do discurso galeguista que, por iso, non podía interesar ó empresariado (Barreiro Fernández, 2001: 557).

En relación con isto, Roca Cendán [en liña], na análise citada sobre a obra de Castelao, destaca que o rianxeiro lle dedicase pouca atención ó sector pesqueiro e ningunha á industria e ós servizos, feito que derivou en que estivesen tamén ausentes do programa do Partido Galeguista.

1.3 A EMPRESA EN COMPOSTELA. NOTAS SOBRE A SÚA EVOLUCIÓN

A necesidade desta epígrafe vén dada por ser Santiago a cidade escollida para realiza-la parte práctica desta investigación, tal e como quedou indicado na introdución. Presentarase unha panorámica das orixes empresariais no concello, e unhas breves notas sobre a súa situación actual, xa que en realidade se rexe polos mesmos parámetros que se acaban de ver.

Compostela gozou de momentos especialmente favorables na Idade Moderna –a mediados do século XVIII era a capital de provincia máis populosa de Galicia– pero estancouse durante o século XIX, non se industrializou na época da revolución industrial, e comezou o século XX como unha cidade eminentemente comercial e de servizos, tal como concluíu J. M. Pose Antelo (1992: 98). Este autor analizou a situación económica de Compostela a finais do século XIX e principios do XX (1875-1902: 1ª etapa da Restauración) nos tres sectores de produción que establece a clasificación tradicional. Segundo as súas investigacións, dentro do sector primario, nin a agricultura nin a gandería estaban nun bo momento nesa época. A agricultura compostelá mantíñase nunha crise permanente, cunha estrutura (igual có resto de Galicia) precapitalista, pensada para o autoconsumo e cunha produtividade moi baixa, que non estaba preparada para xerar e comercializar excedentes, e aínda case non cubría as necesidades dos habitantes. Igual ca no resto de Galicia dominaba o minifundio, traballado por un campesiñado que –segundo os datos analizados polo autor referido (1992: 45-67)– non posuía a terra, senón que era arrendatario ou

xornaleiro da burguesía urbana[58]. Pola súa banda, a riqueza pecuaria do termo municipal de Santiago experimentou un notable descenso a partir de 1865, sobre todo a cabana lanar.

Dentro do mesmo período, o sector secundario en Compostela tiña moi pouca relevancia, dado que Santiago mantiña un carácter marcadamente artesanal e manufactureiro. Os establecementos comerciais eran escasos e de pouca entidade, con moi poucos empregados, cun grao de mecanización case nulo e con fontes de enerxía naturais (auga, animais, brazo humano)[59].

A industria do curtido de peles foi a máis relevante en Compostela ata a primeira metade do século XX[60], tanto por capacidade de emprego (máis de 200 empregados a principios do séc. XX) como por cantidade e valor da produción. Moitas das fábricas xa se implantaran no século XVIII e a hexemonía do negocio mantíñana dúas familias de orixe vasco[61]. A importancia da produción detéctase nas exportacións que realizaban ó resto de España e mesmo a América Latina. O resto das restantes fábricas compostelás tiveron pouca importancia, exceptuando certo peso que colleron aquelas dedicadas á fabricación de sombreiros (e feltro para os mesmos) e dos obradoiros de fabricación de chocolate (Pose Antelo, 1992: 97-114). Pola súa banda, a industria téxtil morreu, sen acabar de nacer, a principios de século, coa baixa dos últimos teares á man. Correu a mesma sorte a industria fariñeira, que viu desaparece-los moitos muíños dos arrabaldes da cidade, xunto co fracaso do proxecto dunha fábrica de fariña a principios do XX. Só quedan por mencionar dúas fábricas coas que comezou o século: unha de elaboración de cervexa e bebidas gasosas e outra de gas e electricidade[62].

No sector servizos, Pose Antelo dá conta dos transportes, da banca e do comercio e hostalaría. No tocante á primeira das actividades destaca sobre todo a creación do "Ferrocarril Compostelano" que uniría Santiago ó –daquela– activo porto de Carril, no que o capital local se mantivo "sorprendentemente pasivo o precavido" cando era unha empresa que lle afectaba de modo sensible. Parece ser que a transcendencia económica do

[58] Pose Antelo deixou sen analiza-los mecanismos polos que esta burguesía accedeu ás propiedades agrícolas, aínda que fai referencia ás conclusións do profesor Barreiro sobre o tema, sinalando que unha das formas máis frecuentes eran os préstamos usuarios e hipotecarios.
[59] Ningunha tiña electricidade porque se instalou en Santiago en 1901 e só unha fábrica de gaseosas tiña un motor de vapor de gas.
[60] Vid. Carmona Badía e Fernández Vázquez, 2003.
[61] Pose Antelo (1992: 107) incide no sorprendente que resulta o grande desenvolvemento da industria do coiro nunha cidade tan conservadora como Santiago, posto que aquela era unha actividade tradicionalmente envilecida.
[62] Levantada esta última por Francisco Saunier, quen –polo apelido– semella ter orixe foránea.

Ferrocarril Compostelano non foi excesiva aínda que aumentou considerablemente o número de viaxeiros a Santiago (Pose Antelo: 1992: 133). En canto ó transporte de mercancías e viaxeiros por estrada, débese partir de que a infraestrutura viaria de Santiago, a finais do século XIX, unía a cidade coas capitais de provincia (Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense), así como coas vilas de Noia e A Estrada. Entre a relación de empresas de dilixencias e de carruaxes dedicadas ó transporte de viaxeiros nesa época, ademais dos coches de propiedade individual, aparecen dúas empresas: *Sociedad de Automóviles Compostelanos* e *Sociedad de Automóviles Gallegos* (Pose Antelo, 1992: 147-152).

Durante a segunda metade do século XIX xurdiron en Santiago tres importantes entidades financeiras. O *Banco de Santiago* nace en 1863 concibido como sociedade anónima. As achegas decisivas para a formación do capital social da entidade foron as da *Sociedad del Crédito Vasco* e mais dun veciño de Bilbao. O resto dos valores adquiríronos membros da burguesía compostelá, destacando nomes tradicionais de comerciantes como de la Riva ou Labarta (Pose Antelo, 1987: 410-411). Só se mantén a entidade seis anos e trala súa desaparición en 1870, o sector da banca a finais do XIX queda configurado por dúas entidades principais (*Caja de Ahorros-Monte de Piedad* e pola sucursal do *Banco de España*) e por algúns establecementos bancarios privados, entre eles o de Simeón García, Banco Simeón[63]. A *Caja de Ahorros-Monte de Piedad* naceu baixo os auspicios da *Real Sociedad Económica de Amigos del País*, apoiada polo concello, a autoridade eclesiástica e algunhas personalidades.

Remátase esta panorámica cos dous ramos económicos tradicionalmente máis importantes da cidade: o comercio e a hostalaría. Do comercio de finais do XIX, destacan cinco características básicas: a súa orientación cara ó consumo local e comarcal basicamente (excepto o comercio de coiros que saía ó exterior[64]), o alto grao de especialización (tendas cunha oferta de produtos moi pouco variada), a abundancia de comercios destinados a satisface-las necesidades primarias (alimentación e vestido), o predominio de

[63] No estudo de M. X. Facal pódense atopa-las orixes deste banco:

> […] en Santiago, Simeón García, a través de la empresa mayorista de textiles "J. de la Riva y García", que posteriormente transformó en diversas " Simeón García y Cia" ubicadas en distintas ciudades gallegas, y que sus sucesores convertirían en Banco, representando, así, a una de las formas más frecuentes de derivar en los negocios de banca en el S.XIX. […]

Na nota núm. 11 do mesmo texto aclara: “El Banco Simeón se fusionó recientemente con el Banco Luso- Español S.A. […] Ambas entidades estaban controladas por la entidad portuguesa Caixa Geral de Depôsitos” (Facal, [en liña]: 1-2).

[64] Principalmente cara ó sur da península e América Latina.

establecementos pequenos e medianos e un desenvolvemento apoiado na privilexiada situación da cidade como centro de peregrinacións, capital eclesiástica e universitaria e sede de feiras e mercados moi concorridos. No casco urbano destacaban algunhas rúas polo seu carácter eminentemente comercial, pero principalmente aquelas que formaban os dous eixes que se cruzaban na praza de Cervantes: o primeiro arrincaba na Porta da Mámoa e chegaba a San Roque e o segundo desde a Rúa de San Pedro á Catedral. Nelas agrupábanse algo máis da metade dos centros comerciais composteláns. Pola súa banda, a hostalaría, a finais do XIX configurábana tres fondas de primeira categoría, bastantes casas de hóspedes, sete cafés, corenta tabernas e vinte bodegóns (Pose Antelo, 1992: 178).

Para concluír este perspectiva histórica cómpre facer unha referencia numérica de cada unha das actividades económicas citadas estruturándoas por sexos, partindo do único estudo completo que existe dun padrón de habitantes do concello, o de 1924. Ana C. Pérez (2001) elaborou unha clasificación particular sobre a estrutura socioprofesional da cidade de Santiago no citado ano, a partir do baleirado completo das variables do padrón. Nesa clasificación as persoas dedicadas ó campo serían 945 (das cales 544 serían homes e 401 mulleres), artesáns 867 (469 homes e 398 mulleres), comerciantes 640 (557 homes e 83 mulleres), Industriais 412 (386 homes e 26 mulleres); Empregados de hostalaría e alimentación 120 (58 homes e 62 mulleres) e Traballadores da banca 12 (10 homes e 2 mulleres)[65]. No tocante ós artesáns, a autora comenta:

> Llama la atención la gran cantidad de artesanos sin especificar que presenta el padrón, frente a la escasez de maestros y aprendices. Esto puede interpretarse como tendencia de cambio hacia una ciudad más industrializada y menos artesanal. De todos modos no sabemos en qué trabajaban estas personas, por lo tanto pueden ocupar un puesto que nosotros consideraríamos industrial pero que ellos conciben como artesanal (Pérez Rodríguez, 2001: 101).

Na actualidade Santiago segue tendo como actividade principal o comercio[66], representado en detalle na avaliación[67] que fan do mesmo García Añón e González Castro (2002). Os autores confirman a existencia dunha rede comercial que, salvo as grandes áreas, se caracteriza por ter establecementos moi pequenos:

[65] Pode verse toda a distribución en detalle no Anexo 3: Agrupacións profesionais de poboación activa (1924).
[66] No Capítulo 5, onde se explica a escolla da mostra (vid. epígrafe 5.3.4.3, páx. 338) vese con detalle a distribución das empresas segundo sectores de produción que realizou o IGE. Aínda tendo en conta que na devandita clasificación o comercio está dentro da epígrafe denominada *Comercio e reparación de vehículos a motor e outros*, conta con máis de duascentas dezaoito empresas máis cá que lle segue (servizos empresariais) e supera en máis de trescentas ás catro seguintes: construción, industria, hostalaría e outras actividades.
[67] O marco temporal do traballo abarca desde novembro de 1999 ata agosto de 2001.

> Salvo los grandes Centros comerciales, la extensión de la superficie de los locales santiagueses es pequeña, y la mayor parte de los locales analizados no superan los 100m^2 tal vez debido al elevado coste del solar (Santiago está considerada como una de las ciudades de Galicia con el precio del suelo más alto, lo cual repercute en el coste del metro cuadrado para locales). Esta característica del comercio santiagués suele acoger el pequeño negocio familiar (García Añón e González Castro, 2002: 583).

O pequeno comercio familiar que citan os autores caracterízase por contar cun dependente único que se corresponde co propietario-comerciante, ó que lle veñen axudar –en caso de necesidade– membros da familia. Esta condición repercute nas posibles capacidades de competencia fronte ás grandes áreas que comezaron a implantarse nos anos noventa. Estas, preferidas para as compras non habituais, atraen clientela debido á oferta concentrada e variada, así como servizos anexos (actividades a cuberto, financiamento, aparcamento...). No entanto, os pequenos comerciantes gozan dunha clientela[68] bastante fixa que lles permite seguir no mercado.

A oferta comercial distribúese por toda a cidade de xeito variado, con diferentes servizos que van desde os destinados a cubrir necesidades básicas (alimentación, roupa, calzado...) ata as tendas especializadas. No casco antigo concéntranse grande número de establecementos comerciais, que os autores do devandito estudo agrupan en dúas zonas: unha conformada polas rúas próximas á Catedral, e outra que englobaría o resto de rúas menos turísticas. A primeira das zonas aglutina grande cantidade de locais de hostalaría, tendas de recordos, regalos, venda de "souvenirs" e similares debido á dependencia do sector turístico, e dos acontecementos excepcionais que o fomentan como o *Xacobeo*. Dado que o número de residentes na zona se está reducindo e ten unha poboación moi envellecida, a clientela destes comercios son fundamentalmente os turistas e residentes doutras partes do concello ou de fóra do mesmo que se achegan por motivos administrativos (concello), educativos (universidade) ou de ocio (restauración). Os autores do estudo tamén destacan a falta de locais apropiados para comercios de tamaño mediano ou grande, feito que impide a introdución de franquías, que acaban nas áreas comerciais. Na segunda zona están as tendas habituais de tipo tradicional que lles dan servizo ós residentes, así como outras de carácter especializado (por exemplo, os "cíber"), ademais das dedicadas ó turismo.

[68] A clientela é moi variada, se ben depende da época do ano (para medi-la cantidade de turistas e estudantes que entran). De tódolos xeitos, estes dous sectores e mailos funcionarios conforman a maioría da clientela do comercio compostelán, aínda que tamén ten presenza a poboación dos concellos limítrofes.

Cómpre destacar tamén a creación, a principios da década de 2000, do *Centro Comercial Aberto*[69] con intención de moderniza-los espazos tradicionais para así consegui-la súa conservación e revalorización. Ademais pretende o desenvolvemento do *Plan de Actuación Comercial*, que inclúe –entre outras medidas– un programa promocional baseado na imaxe corporativa e comunicación externa.

O resto do tecido empresarial concéntrase practicamente no Polígono Industrial do Tambre, situado na zona norte da cidade. Naceu a finais dos anos oitenta e aglutina cerca de 400 empresas dedicadas principalmente a actividades industriais e de comercio por xunto. Con todo, hai empresas que se distribúen por varios puntos da cidade, como é o caso das dúas firmas que destacan en canto á facturación, número de traballadores e expansión: *Televés* e *Finsa*.

Televés, empresa dedicada á investigación, deseño, fabricación e comercialización de equipos para a recepción e distribución do sinal de televisión, naceu en 1958 (cando a TV en España acababa de comeza-las súas emisións) con 10 empregados. Na actualidade o grupo de empresas *Televés* ocupa a 510 traballadores e a súa cifra de vendas supera os 93,5 millóns de euros, sendo pioneira na introdución de novas tecnoloxías[70]. Pola súa parte, a *Financiera Maderera Sociedad Anónima (Finsa)* naceu un pouco antes (en 1946), como un aserradoiro de madeira que lles financiaba (de aí o nome) a compra de madeira ós intermediarios que o abastecían. Instalouse en Santiago máis tarde (en 1969), tralo éxito que tivera a fábrica creada en 1963 en Pontecesures, unha das primeiras de taboleiros de partículas existentes en España. Nos anos oitenta medrou e expandiuse tanto a nivel nacional como internacional, consolidándose nos noventa a súa hexemonía no ramo da transformación e distribución da madeira e diversificándose cara ó sector enerxético e inmobiliario. Na actualidade é líder do sector en España, empregando a 1.800 traballadores e facturando 450 millóns de euros[71]. Ten ademais seis oficinas comerciais por Europa e unha factoría en Irlanda.

[69] O *Centro Comercial Aberto* está promovido polas dúas asociacións de comerciantes da zona monumental: *Compostela Monumental* e *Mercado de Abastos.*

[70] Información obtida da súa páxina web <http://www.televes.com/espanol/sobreteleves/sobreteleves.asp>, que está en español, portugués, inglés, francés, italiano e alemán, pero non en galego. Durante o proceso desta investigación a autora tentou varias veces contactar coa dirección da empresa para facerlle entrevistas e convidalos ó grupo de discusión, sen obter nunca resultados positivos.

[71] Pódese ampliar información sobre esta empresa en Escudero (2000) ou na páxina web da empresa: <http://www.finsa.es/ >(publicada en castelán e inglés).

CAPÍTULO 2

APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO EMPRESARIAL

Tal e como se acaba de ver no capítulo anterior, o desligamento entre lingua e empresa vén desde o nacemento desta nunha época en que aquela estaba relegada á oralidade e ó rexistro coloquial. Posto que a modernización de Galicia non se produciu ata ben entrado o século XX (aínda que fose cunha estrutura empresarial, e polo tanto cunha economía, dependente e subdesenvolvida), vou centra-la análise do galego na empresa precisamente nese século. E dentro del –e descoñecendo calquera división anterior no proceso de introdución do galego no ámbito empresarial– establecín unha periodización tomando como punto de referencia a aprobación en 1981 do Estatuto de Autonomía de Galicia (de aquí en diante EA). Este feito diferencia dous momentos: un anterior, que abarca un período temporal moi amplo, onde o galego estaba afastado dos usos cultos, e un posterior, que chegaría a hoxe, e no que comeza a ter unha presenza na empresa que, por agora, definirei como "irregular". Este período, moito menos extenso desde o punto de vista temporal, é o que ten máis importancia desde o punto de vista cuantitativo, xa que trala publicación da Lei de normalización lingüística no ano 1983 (de aquí en diante LNL) dáselles inicio ás primeiras actuacións normalizadoras dirixidas desde a administración. Así, o proceso da normalización da lingua na empresa corre parello ó proceso xeral da normalización da lingua, aínda que sexa un dos ámbitos onde menos actuacións se programaron.

A escaseza de bibliografía sobre este tema, principalmente referente ó período predemocrático, derivou en que houbese que recompilar información das escasas fontes escritas, e de entrevistas de actores directamente implicados no proceso.

Para a etapa preautonómica recorrín á memoria viva de Fernández del Riego[72], Xosé González, máis coñecido como Pepe de Redondela[73], e Daniel Romero[74], así como ó baleirado dunha mostra da prensa da época (*A Nosa Terra* e a revista *Chan*) e a consulta de diferentes materiais que puiden conseguir.

A información sobre o período máis recente é moito máis abundante pero tamén presenta certa dificultade de análise, sobre todo a que ten que ver coas axudas económicas que ofrece a Dirección Xeral de Política Lingüística (de aquí en diante DXPL) para empresas privadas. Pese a que –segundo os informes da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística[75] (de aquí en diante CCNL)– se concederon subvencións desde 1987 (CCNL, 1993: 15), a administración unicamente facilitou datos (nome das empresas, contía, motivo da axuda, etc) desde 1993; datos que se completaron e contrastaron con aqueles que forman parte dos informes da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (CCG), ós que de aquí en diante se nomearán como "datos do CCG". Ademais, toda a información que chegaba desde a administración só ofrecía unha panorámica nesgada sobre o uso do galego no mundo empresarial. Tentouse completa-la mesma coa bibliografía que se achegou ó proceso, co seguimento de elementos implicados e con entrevistas a representantes tanto do mundo económico como doutras institucións implicadas.

[72] Referente do galeguismo de posguerra e un dos fundadores de Galaxia.

[73] Foi moitos anos responsable do Servizo de Normalización Lingüística do concello de Redondela, e tamén se encargou do recente Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Foi o fundador da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística e da Asociación de Xuristas en Galego. Tivo moito que ver coa galeguización dalgunhas empresas nos anos 90, como coas primeiras cláusulas de dereitos lingüísticos nos convenios colectivos dalgunhas delas, así como en actuacións varias en relación a este ámbito. É tamén presidente da Fundación Premios da Crítica de Galicia e pertence á organización das fundacións Lois Peña Novo e Álvaro de las Casas.

[74] É o responsable do Servizo de Normalización Lingüística do concello de Fene. Traballou no ámbito da normalización desde os anos 80 en contacto directo co ámbito empresarial, sendo socio dunha das primeiras empresas que xa na democracia funcionou en e para o galego, a ferrolá *item:)aga*.

[75] Creouse en 1990 para encargarse de desenvolve-los aspectos da LNL que non eran referidas ó ensino, ata ese momento a cargo da DXPL,único órgano competente na materia.

2.1 ANTES DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA[76]

Tal e como se viu na epígrafe 1.2, case non se pode falar da existencia da empresa galega e menos de actividades empresariais en galego antes do século XX, o que provoca que se comece o estudo desta etapa dentro do 1900. Xa se deron tamén claves sobre a ligazón da lingua cunha empresa que comezou a súa andadura nunha época en que o galego estaba reducido á oralidade e ó rexistro coloquial e que foi erguida, en grande parte, con capital foráneo.

O galego nas primeiras décadas do século XX estaba desprezado desde a escola, onde tampouco os nenos aprendían ben o castelán (lingua só accesible para os privilexiados[77]) pero si aprendían o seu valor e, por conseguinte, tamén o estigma que levaba asociada a lingua propia. Daquela, o galego sería a lingua empregada polos monolingües do rural sen máis formación que certo achegamento a uns estudos primarios onde o castelán era a lingua imperante, xustificada con argumentos económico-laborais como a preparación da poboación para a "saída profesional" da emigración (Monteagudo Romero, 1999: 438-472). Deste xeito, durante as tres primeiras décadas do século XX, a maioría dos obreiros galegos empregarían o galego (lingua predominante) sempre coa conciencia de usar unha lingua inferior, fronte ó nivel xerárquico superior, o que dominaba os usos escritos, que faría uso do castelán. Isto veríase incrementado no caso daquelas primeiras empresas que, como se puido ver atrás, a finais do século XIX e principios do XX, foron fundadas por persoas e capital foráneo (recórdese o caso das conserveiras e das primeiras compañías eléctricas). Foi a principios do século XX, cando (ó lado de homes de negocios cataláns, vascos, rioxanos...) comerciantes galegos se poñen á fronte de empresas, ó xurdiren os primeiros bancos nas cidades. A lingua empregada para calquera documentación ou rótulo dedúcese que sería o castelán, aínda que o galego fose a lingua oral dos pequenos comerciantes de vilas e zonas rurais. Ramón Mariño analizou a situación sociolingüística do período:

> [...] ó finaliza-lo século XIX o monolingüismo en galego estaba aínda moi estendido, era a conducta lingüística propia da inmensa maioría da poboación, pero, en contrapartida, o esquema diglósico a

[76] Como indiquei arriba, a información referida a esta etapa partiu das entrevistas con Daniel Romero e Xosé González, que me ofreceron datos que gardaban na súa memoria sobre feitos que, na maioría dos casos, viviron. Ademais déronme as referencias para encontrar material de interese e as claves para desenvolve-lo esquema a partir do que comezou esta investigación.

> favor do castelán estaba ferreamente implantado no sentir da xeneralidade do corpo social e producira xa a deserción lingüística do conxunto das clases acomodadas [...]
>
> É obvio, pois, que ó iniciarse o século XX ninguén dubidaba que o progreso social de calquera individuo galegofalante en Galicia levaba necesariamente emparellada a substitución lingüística do galego polo castelán, substitución que, se non chegaba a ser completa, polo menos si que implicaba sempre que o idioma inicial de quen se promovía pasase a ocupar unha posición subordinada respecto do que a busca e consecución do éxito lle aconsellara adoptar (Mariño Paz, 1998: 367-368).

De tódolos xeitos, esta primeira etapa (truncada co levantamento de 1936) caracterízase polo nacemento e o decorrer dunha actividade galeguizadora protagonizada polas *Irmandades da Fala* (1916), cuxos membros, preocupados pola defensa da lingua, estableceron un compromiso co idioma que ía máis alá do seu uso no ámbito literario (Mariño, 1998: 402-415; Monteagudo, 1999: 477-480). Trala guerra civil e a primeira etapa da ditadura, outro grupo de galeguistas comprometidos comezaron a defensa da lingua arredor de *Galaxia*. Uns e outros van artella-la recuperación do galego en cada unha das etapas que se están a estudar, polo tanto, servirán de indicadores tamén para o tema que ocupa esta investigación.

2.1.1 As Irmandades da Fala e A Nosa Terra: a primeira publicidade en galego

Resulta obvio deducir que o galego, afastado desde había séculos dos usos formais, tampouco era o elemento de comunicación escrita da empresa[78]. O emprego da lingua tornouse en punto reivindicativo central dun "novo rexionalismo" que os líderes das Irmandades proclamaban fronte ó anterior que, como se pode comprobar no que era o seu órgano de expresión (*A Nosa Terra* 1907-1908), empregaba o castelán[79]. Ese compromiso coa lingua, derivado do papel que lle atribuían de idioma nacional, derivou nun intento de amplia-los seus usos, tal como foron definindo –xa antes dos anos 20– no novo órgano de difusión ou *Idearium*, *A Nosa Terra* (de aquí en diante ANT) (1916-1936), escrito integramente en galego. Realizouse a análise da publicidade neste semanario, tanto pola

[77] Só aprendían ben castelán aqueles que podían cursar estudos medios e superiores, propios dos xestores de empresas, por exemplo.

[78] Débese precisar que co nacemento das primeiras pequenas empresas no rural, levantadas por paisanos galegófonos, os usos orais –tanto dos xefes coma dos obreiros– debía se-lo galego, pero non así os usos escritos que só se realizan na única lingua con tradición escrita entre eles, o castelán.

[79] Nunha cala realizada nesta primeira edición da revista comprobamos como non había ningunha empresa publicitada en galego, mesmo o anuncio correspondente á Librería de Carré Aldao, que aparece en case tódolos números, estaba en castelán.

importancia que tivo no seu momento, así como por se-la publicación á que se lle podía facer un seguimento durante todo o período.

Ademais pódese considerar que ANT marca en certa medida o inicio dos usos escritos do galego no ámbito que nos ocupa, non só por desenvolverse como empresa editorial plenamente en galego (pois non foi a única), senón máis ben por empregar esta lingua para a publicidade comercial, desde que esta se incorporou á mesma (no número 27, do 10 de agosto de 1917), marcando os primeiros momento da aparición do galego escrito en relación co ámbito empresarial[80].

Os textos dos anuncios de ANT publicáronse todos en galego[81], pero variaba a lingua en que se presentaba o nome das empresas. Os primeiros anuncios saen na última páxina do número 27 e son de: *A Papeleira Galega*, fábrica de bolsas de papel e mais da *Fábrica mecánica de calzado de Anxel Senra*[82]. Serían as únicas firmas anunciadas ata o número 59 do 30 de xuño de 1918, onde xa concorren catro empresas do ramo da hostalería: *Gran Café Méndez Núñez, Hotel Continental, A Tacita de Prata* e *Gran Fonda Las Cuatro Naciones,* todas elas situadas na Coruña.

Descoñécese[83] se as firmas publicitadas con nome galego (*A Tacita de Prata)* se denominaban realmente así, se foran traducidas por quen facía o anuncio aleatoriamente, ou se a tradución a autorizaba o empresario segundo estivese máis ou menos comprometido coa lingua (cumpriría tamén saber que grao de ligazón ideolóxica tiñan as empresas que se publicitaban na revista cos dirixentes da mesma). Débese ter en conta tamén que a tradución era unha práctica que se exercía mesmo co nome dalgúns produtos, por exemplo *O anís do Mono*, mentres outros se mantiñan na lingua orixinaria *Aceite del Serrallo* ou *La Jerezalina*[84], ou o calmante de venda en farmacias e droguerías *Sello Yer*[85],

[80] Con todo, houbo outras revistas antes da guerra que introducían publicidade comercial: *Nós*: *Boletín da Cultura Galega* (Ourense, 1920) *Alborada* (Pontevedra, 1922), *Galiza* (Editada por Cunqueiro en Mondoñedo en 1930), *Cristal* (Pontevedra, 1922) e, en menor medida, *Logos* (Pontevedra, 1931). No entanto o seu estudo semellaba menos relevante, posto que, por un lado, tiñan menos anuncios xa que se editaron nun período máis breve de tempo, e ademais, exceptuando a primeira (vid. Anexo 2-II), destaca a presenza case exclusiva do castelán.

[81] En moi raras ocasións se poden ver textos que non estean en galego, é o caso dos anuncios da louza da fábrica inglesa *Royal Doulton Potteries* que manteñen o eslogan en castelán: "Loza inglesa para cuartos de baño" (Vese por exemplo no número 201 do 1º de xuño de 1924).

[82] A publicidade da revista contiña tamén cultura, por exemplo o anuncio dun novo libro de Cabanillas aparece no medio das mencionadas firmas comerciais.

[83] Pártese da simple observación da revista, pois non se obtiveron datos sobre cal era a política que se seguía á hora de contrata-la publicidade.

[84] Estes dous produtos anúncianse por xunto como remedio para as canas. Eran produtos vidos de Jerez e con representante na Coruña, igual có *Bálsamo Oriental* distribuído para os callos. Anúncianse desde o número 52 (20-4-18).

que conserva o nome do produto na lingua orixinal no anuncio. En calquera caso o texto do anuncio sempre está en galego[86]:

Ilustración 1: Anuncio publicitario en A Nosa Terra, 1917


Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto ou imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuios efeitos seran sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Outra incógnita sen resolver é a que presentan os slogans do tipo do que anuncia a *Calzados Senra* como "industria gallega, honra da nosa rexión, obriga a non gastar outros a cantos sinten amor pol-a sua Terra[87]" (vid. Anexo 2-I), pois non se sabe se tal declaración patriótica foi idea do empresario ou dos deseñadores do mesmo con, ou sen, a súa aprobación[88].

A partir dos anos 20 e ata 1936 prodúcese un incremento de anuncios que vai en consonancia coa variedade dos mesmos[89], e que provoca que a publicidade ocupe xa algunha páxina máis cá última e incluso a que se intercalen anuncios pequenos de produtos no medio dalgúns artigos, como é o caso do papel de fumar marca *Noroeste* que se pode ver tres veces nunha páxina, unha delas incrustado no medio do texto[90]. Aparecen nestes anos tamén anunciadas en galego empresas foráneas como *A Compañía Naviera "Stinnes"*

[85] Aparecía desde o número 40-41 do 30 de decembro de 1917.

[86] Esta circunstancia de respecto ó nome orixinal do produto dábase frecuentemente nos anuncios da revista Nós, que publicita o *Jabón La Toja* pero cun texto en galego, como se pode ver no Anexo 2-II (No entanto, este produto, que era moi anunciado na época, aparece en revistas da época con todo o texto en castelán, por exemplo en *Cristal*, que xa só empregaba esta lingua na publicidade). Con todo, cómpre anotar que a revista *Nós*, aínda que conta con anuncios en galego desde o primeiro número (1920), o castelán ten máis presenza ca en A Nosa Terra, pois atópase algún anuncio unicamente nesta lingua e outros, coma o do Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo, que se poderían considerar bilingües (vid. Anexo 2-II)

[87] Pódese ver por exemplo, no núm. 184 de maio de 1923 (páx. 7). Este tipo de eslogans que inciden na ligazón co país son frecuentes na seguinte etapa de ANT, a partir do ano 1977, por exemplo Iogures Rueda: "O noso yogur"; Caixa Rural Provincial de Pontevedra: "O diñeiro do campo pro campo"; Mutua de accidentes de traballo: "A millor garantía pra as empresas galegas"...

[88] Anuncios "patrióticos" deste tipo tamén se atopan na revista Nós, coma o do "Champán Galicia" (vid. Anexo 2-II)

[89] Almacenistas e representantes de toda clase de produtos, fábricas varias, librerías, farmacias...

[90] Os eslogans do devandito produto eran, segundo o sitio da páxina que ocupasen: "Fume vosté con Papel Noroeste", "Papel de fumar Noroeste", e "Use vosté papel de fumar Noroeste".

de Hamburgo, a fábrica inglesa de louza "*Royal Doulton Potteries*[91]", que –como xa se dixo– mantén o slogan en castelán. Esta tendencia vese interrompida durante a ditadura de Primo de Rivera[92], momento en que se suspende toda a publicidade, exceptuando unha do papel de fumar *Smoking* que está en castelán: "El inmejorable papel de fumar". Tras esta interrupción, no número 232 de xaneiro de 1927, publicáronse xa tres anuncios correspondentes a tres casas: unha dedicada ós efectos navais, outra ós tecidos e a terceira anunciaba "ferretería, quincalla, muebles, pedras para muíños, etc...[93]". De alí en diante (xa na década dos anos 30, momento en que volve cambia-lo formato da revista) comezan a aparecer outras mensaxes publicitarias espalladas nos seguintes números, que se verán incrementadas coa aparición de empresas e de produtos de firmas de fóra da Coruña: Os *Impermeabilizantes Waterstop* que se distribúen en Santiago, a *Casa Mariño*[94] de Pontevedra que se dedica á louza e obxectos de arte; a fábrica de serrado de madeiras *La Erizana*[95] de Vigo... Séguense vendo as dúas linguas na denominación dos nomes das firmas e dos produtos, mantendo sempre os textos do anuncio en galego, práctica infrecuente noutras revistas. Chama á atención o anuncio de *Aguas de Mondariz* propiedade nese momento dos herdeiros de Enrique Peinador, con fama de galeguista e comprometido co país e co idioma. Segundo nos comentou Fernández del Riego[96], nunha entrevista inédita realizada en xaneiro de 2002:

> Antes da época da República xa chamaba a atención que Augas de Mondariz se anunciase en galego e cousas así [...] Peinador era un galeguista tremendo, era un dos propietarios do balneario de Mondariz.

pero atopámo-lo anuncio por primeira vez en 1931 e debaixo do nome da empresa pódese ler: "Fuentes de Gándara y Troncoso. Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador"; a continuación explica en galego onde se vende (vid. Anexo 2-I)[97].

A mediados dos anos trinta, co estoupido da Guerra Civil, quedou paralizada calquera actividade galeguista e, polo tanto, esta primeira mostra de publicidade de empresas en galego.

---

[91] Vese por exemplo no número 201 do 1º de xuño de 1924.
[92] Nesta etapa da dictadura xa o formato da revista é diferente e o contido principalmente literario.
[93] Reprodúcese literalmente o anuncio, onde se reflicte a castelanización do léxico.
[94] Estas dúas empresas aparecen anunciadas no número 305 de agosto de 1933.
[95] Pódese ver no penúltimo número publicado en 1936 (non aparece numeración).
[96] Tamén X. González falou del na entrevista que se lle realizou para esta investigación en xaneiro de 2002, cualificándoo de "mecenas do galeguismo", igual que se pode ler nun artigo seu de *El correo gallego* en marzo de 2004 (vid. González Martínez, [en liña]).

2.1.2 A POSGUERRA: DE GALAXIA Á REVISTA CHAN

A partir da década de 1950 iníciase o que se podería chama-la segunda etapa deste primeiro período preautonómico da man dunha empresa tamén impulsada desde o galeguismo e tamén "sui generis": *Galaxia*. Esta aínda que se inscribiu como sociedade mercantil[98], non tiña fins comerciais, polo que –en palabras de F. Fernández del Riego– só era unha empresa en aparencia:

> A idea non era crear unha empresa, era crear unha editorial cuns fins puramente altruístas, á marxe totalmente de todo sentido mercantil. Pero un xeito de burla-lo control do réxime era constituír unha sociedade mercantil. Constituíuse unha sociedade mercantil porque se fose unha sociedade civil ou unha sociedade cultural de calquera tipo estaba controlada directamente [...] (Entrevista inédita, 1/2002)[99].

O caso de *Galaxia*[100] é particular posto que se trata dunha "empresa" dedicada a traballar "polo galego", tarefa que resultaba especialmente difícil nesa época:

> Agora ben, o problema do idioma non era tan doado, o problema do idioma daquela [...] estaba totalmente prohibido empregalo no periódico, nas conferencias, en todo tipo de cousas, así que nos tivemos que valer do castelán inicialmente, en tódolos sentidos. Despois entramos polo bilingüismo, a medida que se ían abrindo as posibilidades e finalmente, claro, monolingües (ídem).

Galaxia intenta evita-la confrontación directa co réxime, o que non impide que a censura e a Dirección General de Seguridad vixíen de preto os seus proxectos e impidan máis dunha vez a súa realización. Nestas condicións Fernández del Riego asegurou descoñecer ningunha outra empresa que adquirise ese compromiso naquela época, polo que dubida da existencia de ningunha sociedade mercantil propiamente dita funcionando en galego:

> Non creo, porque nós ademais estabamos sinalados, quen se atrevía a eso! porque nós eramos tipos novos, con arrestos e correndo toda clase de riscos, empregando as horas gratuítas e sacrificando a posición de cada un, pero, isto quen o ía facer? As empresas buscan sempre unha posición rentable (idem).

---

[97] O mesmo anuncio e coas mesmas características aparece na revista *Nós*. Por outra banda, a empresa sempre tivo o mesmo nome, *Aguas de Mondariz*; pero ademais, non se atopou ningunha publicidade súa en galego despois da Guerra Civil.

[98] En palabras de Fernández de Riego, fíxoo para despista-lo réxime dos seus verdadeiros obxectivos: a recuperación e promoción da literatura e da cultura galegas en lingua galega.

[99] Dado que destas entrevistas interesaba unicamente o contido, é dicir, o "que se di" e non o "como se di", non se reproduciron seguindo as convencións de transcrición de gravacións empregadas logo para os grupos de discusión. Considerouse que a adaptación ó código escrito normativo facilitaría e axilizaría moito a súa lectura e comprensión.

[100] A editorial *Galaxia* (fundada no 1950 por Ramón Piñeiro, Fernández del Riego, Isla Couto e outros) pedra fundamental na recuperación cultural e literaria da posguerra, podería se-lo primeiro exemplo de empresa traballando en galego, se fose realmente unha empresa. Galaxia nace co propósito de vertebra-la recuperación da expresión literaria en galego, entroncando coa tradición de preguerra e continuando a tarefa de universalización da nosa cultura emprendida polo Grupo Nós. Busca unha liña de intervención "non belixerante", dirixida a unha elite potencial preocupada polos temas de alta cultura, a filosofía, a arte, a teoría económica, etc.

No entanto, en 1952 ocorre un feito que pode ser interpretado ben como o indicador de que se comeza a xestar un cambio, ben como unha manifestación máis dun intento de mostrar e asentar unha diglosia que marcaba clases sociais e hábitats diferentes. Trátase do nacemento do *Almanaque Agrícola ZZ*, un calendario publicitario que vén se-lo primeiro referente de emprego do galego na posguerra baixo un nome comercial, o da empresa *Zeltia*, que o editou e distribuíu de xeito gratuíto canda a compra dos produtos[101]. Escrito integramente en galego, recollía desde refráns a recomendacións de cultivos ou o ciclo das lúas[102] e ía destinado obviamente ás xentes do rural, galegófonas.

Xosé González, nunha entrevista realizada pola investigadora en xaneiro de 2002, considera este feito como de grande importancia xa que *Zeltia*, e os seus calendarios, marcan a etapa dos anos sesenta[103]:

> A etapa dos anos 60 moi tibia, moi nidia, moi limitada pero moi importante, porque a fai *Zeltia-Cuper* que era a gran empresa que había en Galicia, unha empresa cun peso importantísimo no sector da investigación, na elaboración de produtos para o campo. Por tanto, en calquera comercio que se compraba sulfato, que se mercaba calquera tipo de antídotos antivirus, ou anti-calquera bacteria para o campo, o monopolio practicamente era de *Zeltia*, con calquera produto a xente marchaba con un calendario ZZ (Entrevista inédita, 1/2002).

Tal e como describiu a situación Fernández del Riego, e debido ó éxodo de moitos dos galeguistas, dedúcese a dificultade do emprego do galego nesta época en calquera ámbito dentro da comunidade, dificultade incrementada no mundo empresarial dadas as

[101] Distribuíuse gratuitamente ata a súa 38 edición no ano 1990, momento a partir do que sae á venda.

[102] Estaba organizado por meses como calendario que era, e para cada un preséntanse refráns relacionados dalgún xeito coa vida do campo. Aparecen nel publicitados en galego os artigos da casa *Zeltia* (sulfatos, funxicidas, etc.), explícanse os tipos de enfermidades que lles atacan ás árbores froiteiras ou principais cultivos da nosa rexión (patacas, tomates...) e indícase o tratamento a seguir. O galego usado está baseado na fala oral, interdialectal, sen respecta-la normativa oficial, nin siquera nos números dos anos noventa. Recórdese que, como se viu no capítulo anterior, a historia desta empresa está recollida en Rodríguez Galdo e outros, 2000.

[103] Segundo as declaracións de Xosé González (entrevista inédita) houbo unha serie de empresas en Galicia que comezaron a desenvolve-lo seu traballo en galego neste período. Recorda os anos 60 como un momento en que hai un espertar de empresas que comezan a actuar en galego. Transcribo as súas declaracións e aclaro que non puiden localizar información sobre as empresas galeguizadas que el comenta:

> Si, antes do Estatuto de Autonomía, nos anos 60 houbo empresas. *Galaxia* facía todo en galego [...]. *Galaxia* formaba parte, nunca mellor dito, dunha constelación de pequenas galaxias que nos anos 60 fixeron os seus esforzos por utiliza-lo galego. Sobre todo as empresas que pertencen ó grupo dos Fernández, máis coñecido por Antón de Marcos, que foi o impulsor de *Zeltia*, *Cementos Oural*, *Fridsa*... *Cementos Oural*, antes da chegada da democracia, facía publicidade en galego. *Zeltia* editou durante moitísimos anos unha publicación moi parecida ó que no seu día foi O gaiteiro de Lugo, chamábase o *Calendario ZZ*, que se editaba alá nos 60 con 3.500 exemplares de tirada gratuíta. É un fito na publicidade. Había outros comerciños pequenos, por aí, simbólicos, que tamén facían publicidade en galego. Lémbrome dunha que se chamaba *Teais*: *Teais dura moito máis*, tiña carteis por toda Galicia (Entrevista inédita, 1/2002).

Menciona a *Zeltia* e a *Cementos Oural* como empresas que fan publicidade en galego nos anos 60. Tras un varrido da revista *Chan*, onde aparece a publicidade destas dúas empresas con bastante frecuencia, non se atopou ningún anuncio delas en galego. Aparecen os primeiros anuncios destas dúas empresas no ano 1969 (pódese ver por

características do mesmo aquí. Para realizar unha análise da publicidade empresarial nesta etapa, así como para facer unha achega á situación do galego na empresa e na publicidade nesa época escolleuse a revista *Chan*[104], nacida a finais dos anos 60 en Madrid, por iniciativa dun galeguista residente alí, Borobó, quen a dirixiu durante a súa andadura dunha década[105]. Destaca un artigo aparecido no núm. 5: "Lingoa pubricitaria do meu pobo", onde os editores, que asinaban unha sección non fixa da 2ª páxina (escrita na nosa lingua baixo o título "Pensando en gallego"), reflexionaban sobre a lingua publicitaria a propósito dun pedimento que lles fai unha firma comercial catalá sobre a posibilidade de inserir na revista anuncios en galego:

> [...] ¿qué lles fai pensar ós comerciantes catalás na comenencia do uso do idioma galego como vincallo pubricitario? Habería que pensar hasta qué punto non estamos diante dun caso máis no que son os de fora quenes veñen abrirnos os ollos, incruso no tarreo reducido e concreto da pubricidá. Endahí que non está de máis que estudiemos o caso.

Cando se podía pensar que isto derivaría nunha resposta afirmativa á firma catalá, xorden as dúbidas a propósito dos estereotipos dos galegofalantes:

> Por outra banda, plantéxasenos, ó carón deste asunto, o problema do idioma dun xeito novo. Un idioma que coma o galego non rematóu de facerse non é endaxamáis alleo a calquera mañifestación programada da nosa fala como medio de atinguir mercados pra tal ou cual produto manufaturado. ¿Quer esto decir que está o pobo galego –os labregos i os mariñeiros, que son fundamentalmente tal pobo– dentro da sociedá de consumo?

As respostas ás preguntas quedan sen dar e o problema sen resolver aínda que reclaman unha solución para a lingua:

> O problema da lingoa está en Galicia, quéirase ou non, sin resolver. I está –agora máis que nunca– eisixindo novos plantexamentos, estudios serios e comprometidos. Darlle largas sería, indudáblemente, facerlle a Galicia un fraco favor que tería no porvir consecuencias non moi doadas de prever e que no presente xa coñecemos todos.

A realidade foi que non se editou ningunha publicidade en galego na revista nin nese número nin nos seguintes ata que se anuncia en 1970 Sargadelos[106], e xa no derradeiro número da revista (38)[107], pódese ler en galego a publicidade da *Taberna Casa Darío* en

exemplo un dos primeiros anuncios de *Zeltia* no número correspondente ó 4-7 de abril de 1969 e o de *Cementos Oural* no do 1º de maio do mesmo ano) e vanse manter durante toda a edición da revista, pero sempre en castelán.

[104] Na posguerra existen outras revistas que tiñan publicidade comercial editadas aquí en Galicia: *Triunfal* (1940), *Finisterre* (1943), *Sonata Gallega* (1944), *Vamos* (Peleteiro, 1944) ou *Tapal* (1950).

[105] Viron a luz 38 números desta revista subtitulada "La revista de los gallegos", entre febreiro de 1969 e agosto de 1971. Comezou cunha periodicidade quincenal que se converteu en mensual a partir do número 28 (maio de 1970).

[106] *Sargadelos*, que comeza a súa actual etapa nestes anos (créase en 1968 e inaugúrase a planta circular en 1970), anúnciase desde abril a outubro dese ano, nos números 25, 27, 29, 33, 34.

[107] Corresponde a xullo e agosto de 1971.

Barcelona (vid. Anexo 2-II). O resto da publicidade estaba en castelán[108], mesmo a de *Zeltia* ou o *Banco Pastor*, empresa esta última que saca o anuncio co mesmo formato e contido do que se publica en ANT en galego (Anexo 2-I). Continúa sen resolverse a cuestión presentada cando se falou de ANT, é dicir, se a tradución dependía da vontade dos empresarios, da dirección da revista ou quizais pesasen máis outros motivos. Vense só na nosa lingua algúns nomes de firmas situadas en Madrid e pertencentes ó sector da restauración, como *A Casa da Troya* ou o *Restaurante O Pazo*[109]. Pódese pensar que posiblemente fosen estes os seus nomes orixinarios, o que lles suporía un sinal de identidade en terras castelás, mentres que en Galicia unicamente se atopou co nome en galego a fábrica de paraugas *Caravel*.

Esta breve análise xa permite deduci-lo estado da lingua na empresa, cando o mencionado artigo de opinión é a única reflexión sobre o galego nunha revista que manifesta un compromiso co país e coa súa economía en artigos da sección *Páginas económicas*, con títulos ben elocuentes: "Ante la década económica de los 70. No pasan los años por Galicia (lo cual no es, en este caso, un piropo)"[110] ou "Exigencias de una adecuada comercialización agraria"[111], igual cós que aparecen baixo a epígrafe *Parlamento de la economía gallega*: "Divisiones regionales: caos casi perfecto"[112], "La redención socioeconómica de Galicia sigue siendo una esperanza"[113].

Tamén se tratou na revista o tema económico nalgúns editoriais, por exemplo: "El ahorro gallego debe invertirse en el país"[114], onde se ve esa mesma intención de defensa da economía galega. Como se observa polos títulos, tódolos artigos estaban escritos en castelán, reservando o galego para aqueles artigos referidos á literatura ou á cultura, así coma para un apartado de lingua; pero en ningún caso se tratou o tema económico en galego[115].

[108] Aparecen en lugares destacados en moitos números da revista: *Balneario- Hotel "Acuña"* de Caldas; Celulosas de Pontevedra (do grupo *Empresa Nacional de Celulosa, S.A*), *Metalurgia Rias Bajas, S.A.* de Pontevedra; e tres de Marín (*Cofrima*; *Ceferino Nogueria Rodríguez* e *Raymundo Vázquez, Empresa constructora, S.A.*).
[109] Dubídase que traducisen na revista o nome destes restaurantes.
[110] núm. 21, 2ª quincena de xaneiro de 1970, páx. 11.
[111] num. 26, 1ª quincena de abril de 1970, páx. 14.
[112] núm. 27, 1ª quincena de maio de 1970, páx. 37.
[113] núm. 33, setembro de 1970, páxs. 25, 26.
[114] núm. 3, 2ª quincena de marzo de 1969.
[115] Non se esqueza que se editaba en Madrid.

2.2 DESDE O ESTATUTO DE AUTONOMÍA A HOXE

Esta etapa é a que recolle a maior parte das actuacións que se levaron adiante de cara á normalización do galego na empresa. A chegada da democracia a mediados da década de 1970, a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia (EA) no ano 1981 que lle daba status legal ó galego, e a posterior entrada en vigor en 1983 da Lei de normalización lingüística (LNL), modificaron substancialmente a situación da lingua vernácula en tódolos ámbitos e, aínda que se cadra en menor medida, tamén na empresa.

A historia da lingua en Galicia sufriu unha evolución inversa nos rexistros oral e escrito: conforme abría os seus usos no rexistro formal, perdía falantes entre a capa de poboación que maioritariamente constituía o grupo galegófono: a clase baixa, sobre todo nas cidades. Aínda que se verá isto máis detalladamente no Capítulo 3, cómpre adiantar que tal fenómeno tivo como consecuencia, non tanto a eliminación do estereotipo de galegófono como persoa dese status concreto, senón máis ben a aparición dun novo estigma para os galegofalantes. O consecuente aumento do prestixio do galego como lingua que serve para funcións elevadas, que se deu a partir destes anos, ía da man da creación dunha necesaria variante estándar, aquela na que se comezaron a expresar un grupo de falantes cultos do hábitat urbano. Pero, e como contrapartida, as crecentes urbes, onde se atopa maioritariamente concentrado o sector empresarial, viron como avanzaba a castelanización entre a poboación de tódolos sectores, exceptuando aquela directamente comprometida desde o punto de vista ideolóxico, que ademais fala nun rexistro perfectamente identificable e diferenciado de calquera variante dialectal, o que Regueira (1999) denominou “novo galego urbano”, e que derivou nun novo estereotipo de galegófono.

Pese ó evidente cambio que supuxo esta nova etapa, a verdade é que no ámbito que se está a estudar –salvando ese aire de respecto cara ó galego que se comezou a respirar na sociedade, e que lle afectou tamén ó aspecto socioeconómico– pouco se pode reseñar antes da chegada das subvencións para a promoción da lingua galega nas empresas[116] que, desde o ano 1987, concede a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Estas axudas son a principal actuación da administración neste ámbito, que, segundo expresan no

[116] Ultimamente nas convocatorias lese a seguinte redacción: “subvención a empresas privadas para fomenta-lo uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito económico e mercantil”.

informe da CCNL, naceron para "animar" as empresas e asociacións empresariais a promove-lo uso do idioma (CCNL, 1998: 31), xa que o recoñecen como fundamental:

> O mundo empresarial resulta fundamental como colaborador na recuperación do uso da concienciación idiomática polo efecto multiplicador que ten calquera actividade que desenvolvan na sociedade" (CCNL, 1993: 14).

Non coñezo ningún estudo anterior sobre a galeguización das empresas neste período e penso que tampouco resulta doado elaboralo debido á escaseza de datos. Nin sequera resulta fácil facer un seguimento a partir da recepción das subvencións ás empresas da Dirección Xeral de Política Lingüística, xa que na administración non se gardan informes –ou non me foi posible acceder a eles– sobre tódalas empresas que recibiron axudas desde a primeira convocatoria[117]. Como únicos traballos compilatorios coñecidos ata o momento están as dúas bases de datos da área de empresa do Consello da Cultura Galega, que recollen tódalas subvencións aprobadas entre os anos 1993 e 1999[118] para empresas e entidades sen fins de lucro, que tiñan algunha relación co mundo económico-laboral[119]: unha xenérica de 3.053 rexistros con tódalas axudas destes anos e outra específica de 153 rexistros que recolle só os subvencionados para a constitución dun servizo lingüístico[120]. A partir destas bases e do resto de información que sobre o ámbito económico existe na devandita institución, Antón Porto Sánchez elaborou o seu Traballo de Investigación Tutelado (TIT) centrado nas axudas da Dirección Xeral de Política Lingüística ás empresas e entidades do ámbito socioeconómico (Porto Sánchez, 2002).

Esta información documental, xunto coa ofrecida por actores implicados directamente, dun xeito ou doutro, na introdución do galego no ámbito empresarial nesta época, configuraron a base deste capítulo.

[117] A recepción dunha axuda non é sinal de galeguización, xa que pode tratarse dunha actividade puntual, dunha tapadeira ou incluso pode existir, aínda que en menos ocasións un emprego efectivo do galego sen axuda. Nin se elaborou un censo de empresas, nin se foi facendo un seguimento das axudas aprobadas, que nalgúns casos se cadra nin se concederon por non estaren xustificadas.

[118] As bases do CCG conteñen as subvencións concedidas entre 1993 e 1999. As subvencións concedidas nos anos 1993 e 1994 non saíron no DOG senón que se recolleron das actas da comisión avaliadora facilitadas desde a DXPL.

[119] De tódalas entidades sen fins de lucro que se recollen nas devanditas bases (asociacións de consumidores, colexios profesionais, asociacións empresariais, sindicatos...) para este traballo só se seleccionaron as asociacións de empresarios.

[120] Os campos para as dúas son similares, só se incrementaron na segunda algúns referidos ó tempo de funcionamento do SNL, ó nome do responsable do servizo e á súa modalidade de contratación que na maioría dos casos están baleiros por falta de información dispoñible ó respecto.

Aínda que Xosé González fai referencia a dúas partes neste período autonómico, marcadas polo antes e o despois da creación a partir da década dos anos noventa do nacemento da Fundación Galicia-Empresa:

> E a partir de aí, os avances, ó meu xeito de ver, no período que vai da instauración da democracia, 76-77, para acó, eu creo que hai dúas partes fundamentais: antes do 90 que non se toma en consideración o feito de atende-lo galego na empresa seriamente porque fitos pequeniños hainos, algunhas taberniñas, algún restaurante... que fan cousas mínimas. E outra é do 90 para acó. Foi un traballo que fixemos en solitario desde a Asociación de Funcionarios[121]. Ata entón a defensa do galego era un monopolio do nacionalismo político (Entrevista inédita, 1/2002).

optei por interpreta-lo período nun só bloque porque non atopei ningún feito máis que fose determinante para segmentar dúas etapas, a partir dun ano concreto. En todo caso, se ben é certo que antes dos anos noventa as actuacións no ámbito empresarial son practicamente anecdóticas, quizais o seu máximo motor propulsivo –as citadas subvencións– pese a existiren desde 1987 pouca repercusión tiveron ata o ano 1993, momento no que simplemente aumentou o orzamento pero dentro dunha política lingüística que, en realidade, sufriu moi poucos cambios:

> O efecto combinado do cambio de goberno en 1989, a multiplicación do orzamento a partir do exercicio de 1993 e a elaboración do MSG como base de diagnóstico para a planificación, anunciaban un punto de inflexión na política lingüística da Xunta de Galicia na primeira metade dos anos 90. Endebén, segundo as nosas análises, mantívose unha gran continuidade coas liñas anteriores e non se aumentou o grao de planificación das accións máis alá do que significaba incrementar os efectivos de xestión dun presuposto que se cuadriplicaba (Monteagudo Romero e Bouzada Fernández, 2002a: 66).

Desta maneira a década dos oitenta intégrase no conxunto global dun período que vai experimentando cambios e unha evolución en certa medida continuada. A división que creo que cómpre facer é a que separa as actuacións impulsadas desde dentro da administración das impulsadas desde fóra da mesma, por parte de entidades que loitan pola normalización dunha lingua que camiña por pequenos golpes –descoordinados– que se lle van dando desde diferentes frontes.

[121] Refírese á Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística.

2.2.1 O PAPEL DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

O goberno galego, segundo di a Lei de normalización lingüística (1983) nos artigos 22 e 23, deberá asumi-la dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización do galego, e establecerá un plan "destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión". A Dirección Xeral de Política Lingüística, integrada na Consellería de Educación[122] (onde segue na actualidade), nace como único órgano con competencias en materia lingüística e estas estaban centradas case exclusivamente na educación[123]. En 1990 créase a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (Decreto 221/1990) para promociona-lo galego fóra do ámbito do ensino. Esta, que –como xa se indicou arriba– declarara a importancia da galeguización do ámbito empresarial, organizou unha serie de actuacións para "animar" ós actores económico-empresariais a promove-lo emprego do galego:

> Os poderes públicos de Galicia, a través das axudas da Dirección Xeral de Política Lingüística e da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, teñen animado a estas entidades (empresas privadas, confederacións de empresarios e asociacións e comerciantes) para que promovan o emprego do noso idioma, introducíndoo no ámbito económico e mercantil (CCNL, 1998: 31).

Segundo o informe da CCNL (1998), as medidas adoptadas desde a administración durante o período que se está a analizar (1981-1999), para a normalización da lingua no ámbito da empresa, xiraron sobre catro tipos de actuacións: (1) as convocatorias de axudas económicas para as actuacións galeguizadoras das empresas, que se levan a cabo desde o ano 1987; (2) a constitución de servizos permanentes de promoción e dinamización lingüística; (3) a elaboración e distribución de materiais de apoio ó proceso de galeguización para as empresas e, (4) unha serie de iniciativas lexislativas (CCNL, 1998: 31). Tras estudar cada unha destas actuacións, comprobouse que a única medida que merecía certa consideración –por ter realmente algunha repercusión nas empresas– era a primeira, podéndose resumir moi brevemente as outras tres actividades citadas nos informes. Isto fixo que se organizase a exposición do tema en dúas epígrafes: o programa de axudas económicas por un lado (epígrafe 2.2.1.1) e o resto das actuacións da administración polo outro (epígrafe 2.2.1.2).

[122] Daquela tiña tamén asumidas competencias de cultura.
[123] Tiña entre as súas competencias a elaboración dos plans para o ensino, cursos, materiais didácticos...

2.2.1.1 AS AXUDAS ECONÓMICAS PARA A GALEGUIZACIÓN DAS EMPRESAS[124]

Non se coñece ningún estudo sobre a liña de axudas económicas da administración autonómica que ofreza un censo das empresas que realmente se beneficiaron das devanditas subvencións. Tampouco se localizaron, case seguramente pola súa inexistencia[125], informes cun seguimento da posible galeguización das empresas incentivadas. Daquela, afrontouse a presente análise partindo dos seguintes materiais: os DOG onde se recollen as publicacións das ordes que regulan a concesión das axudas (tanto as convocatorias coma as ordes de resolución); os informes da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística da Xunta de Galicia (CCNL); a páxina web da DXPL (http://edu.xunta.es/dxpl/extension/menu.htm), o material existente para o proxecto *Informe de Política Lingüística e Normalización* da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega[126] (CCG) e o estudo de Antón Porto Sánchez (2002). A maior parte da información, extraída fundamentalmente das dúas últimas fontes, pertence ó período 1993-1999, por iso será o período que principalmente se analizará nesta tese. Os datos referidos á etapa anterior a 1993, en canto a orzamento e sobre todo en canto ás empresas beneficiarias, son moi escasos. De igual xeito, a partir de 1999, nin se continuou a recompilación no CCG nin existen informes da CCNL que se refiran a este período máis actual, polo tanto, esta análise remata nese ano, aínda que se consultaron os DOG das axudas do novo século que serviron para establecer referencias cando se considerou necesario.

Aínda que o tema desta investigación é a empresa privada, neste apartado faise mención tamén ás subvencións ás que se acollen tódalas asociacións e confederacións empresariais; pois considero que –dada a caracterización do noso sector empresarial (cunha rede de empresas moi pequenas)– o funcionamento lingüístico das asociacións e confederacións

[124] Aínda que o centro desta investigación é a empresa privada, nesta epígrafe referida ás subvencións inclúense tamén asociacións de empresarios que, aínda que nun primeiro momento se incentivaron dentro das mesmas ordes, logo pasaron a formar parte do grupo "Entidades sen fins de lucro".

[125] Pártese da inexistencia destes datos a raíz das respostas que deu a administración cando se lles preguntou. Así, unha empresa puido aparecer como beneficiaria no DOG, pero se cadra non se lle librou a subvención ó non estaren xustificadas as actividades. Así calquera actividade subvencionada puido ser puntual, ou mesmo non levarse a cabo porque tampouco se realizou ningún seguimento. Por outra banda, pode existir, aínda que se supón máis difícil, un emprego efectivo do galego, sen recibir apoio económico.

[126] Como xa comentou atrás, o único traballo recompilatorio coñecido ata o momento constitúeno as dúas bases de datos que forman parte do material da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, que recollen tódalas subvencións aprobadas entre os anos 1993 e 1999.

empresariais que informan, forman e, en ocasións, xestionan moitos dos asuntos das empresas asociadas, é moi relevante á hora de pensar na galeguización das mesmas.

O organismo encargado de xestiona-la liña de axudas para o ámbito empresarial, aprobando as ordes polas que se regula a concesión das axudas, coa finalidade de cumpri-lo disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, foi, desde 1989, a Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL), organismo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia desde 1983, como xa quedou exposto na epígrafe anterior. Así, o organismo encargado da educación publica as ordes das axudas onde sempre fai referencia á intención de cumpri-lo disposto na devandita Lei de normalización lingüística. Nun dos primeiros textos accesibles, o do ano 1993, declaraba que:

> [...] entende que as empresas privadas teñen un papel que desenvolver no impulso do proceso normalizador. Co ánimo de fomenta-lo uso da lingua galega nas actividades mercantís, comerciais e publicitarias e co fin de dar cumprimento ó disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, crese conveniente arbitra-las medidas e procedementos económico-administrativos necesarios para concederlles subvencións a aquelas entidades e empresas privadas, legalmente constituídas, que realicen actividades e accións de formación e promoción da lingua galega (DOG 41/1993)[127].

A continuación vaise presentar un estudo pormenorizado desta liña de axudas, analizando desde o texto das convocatorias, os orzamentos e o seu reparto, ata as accións subvencionadas e a tipoloxía das empresas que recibiron as axudas.

2.2.1.1.1 Análise das convocatorias

Nun primeiro momento, concretamente ata o ano 1993, as ordes regulaban a "Concesión de subvencións a entidades e empresas privadas para accións de promoción da lingua galega"[128]. Por outro lado, e en paralelo, existían tamén axudas para "asociacións e institucións sen fins de lucro legalmente constituídas na nosa comunidade ou fóra dela" (de agora en diante denominaranse AISFL), pero que non acollían (como si ocorre na actualidade) as asociacións e confederacións de empresarios que entraban na mesma partida orzamentaria cás empresas privadas:

[127] En tódalas ordes se fai referencia á intención de cumpri-lo disposto na Lei de Normalización Lingüística.

[128] Este é a epígrafe dos textos das convocatorias que se conseguiron ata ese momento: o da ordes de 20 de abril de 1990, de 24 de xaneiro de 1991 e de 11 de xaneiro de 1993, pero non é difícil supoñer que as ordes de 1987 a 1989 e 1992 serían iguais.

> As subvencións ás que fai referencia a presente Orde poderán ser solicitadas por todas aquelas empresas, entidades privadas e asociacións comerciais legalmente constituídas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia (CCNL, s.d.1; DOG 41/1993).

Este feito constátase coa revisión da acta da reunión da comisión da DXPL para a concesión de subvencións a "entidades e empresas privadas" do ano 1993 (o documento máis vello que se conseguiu sobre concesión de axudas), onde están incluídas as asociacións e confederacións empresariais[129]. Xa no ano seguinte (1994) aparecen separadas as dúas convocatorias, unha para empresas e outra para AISFL. Esta última é moi similar á do ano anterior, pero na outra reza só "subvencións a empresas privadas", do que se deduce que as asociacións empresariais pasaron a incluírse nas AISFL.

A publicación destas ordes no DOG adoita realizarse durante o primeiro trimestre do ano e aproximadamente un mes despois da súa aprobación. As dúas ordes (empresas e AISFL) de 1993 aprobáronse en xaneiro, pero non se publicaron no DOG, igual cás de 1994[130]. As de 1995[131] así como as 1997[132] (referidas ás empresas) son de xaneiro, en febreiro saíron as de 1999[133] e en marzo as de 1998[134]. Nalgunha ocasión publicáronse en decembro do ano anterior, como sucedeu coas axudas para o ano 1996[135], igual que as que acollían as asociacións de empresarios do ano 1997, extraordinariamente publicadas fóra das AISFL, nunha orde que regulaba a concesión de subvencións a "Reais academias, colexios profesionais, asociacións de empresarios, cámaras de comercio e entidades análogas" [136].

Normalmente a resolución das axudas publícase a mediados de ano (xuño ou xullo, con excepción dos dous últimos anos analizados –1998 e 1999– que se alongaron ata agosto e mesmo setembro[137]) e as convocatorias esixen que as actividades subvencionadas estean

[129] De feito as tres situadas en primeiro lugar por recibiren a cantidade máis elevada de diñeiro desa partida pertencen a este grupo de "entidades", son: *Confederación de Empresarios de Galicia*, *Agrupación do pequeno comercio e hostelería de Moaña* e *Confederación provincial de empresarios de Lugo*. Na acta de 1994 as asociacións de empresarios xa aparecen xunto coas AISFL.
[130] Igual que pasou en 1993, as ordes non se publicaron no DOG, pero nas actas correspondentes indícase que son de febreiro dese ano.
[131] DOG 32/95 de 15 de febreiro de 1995.
[132] DOG 4/97 de 8 de xaneiro de 1997.
[133] En 1999 a de empresas publicouse o 8 de febreiro (DOG 26/99) e a de AISFL o día seguinte, 9 de febreiro (DOG 25/99).
[134] As dúas de 1998 saíron o 3 de marzo (a orde era do 28 de xaneiro dese ano) (DOG 42/98).
[135] DOG 242/95 e DOG 243/95 do 20 e 21 de decembro de 1995 respectivamente.
[136] DOG 250/96 de 24 de decembro de 1996. Acábase de ver que a orde de 1997 para empresas privadas publícase en xaneiro (día 8), mentres que o día 30 dese mesmo mes sae no DOG a de AISFL, pero para este ano curiosamente as asociacións de empresarios non se incluían neste grupo.
[137] Excepcionalmente en 1998 publicouse a resolución para as empresas privadas o 4 de setembro (Orde do 12 de agosto, publicada no DOG 172/98). En 1999 publicáronse as dúas resolucións na terceira semana de agosto (19 e 20).

rematadas antes do 31 de outubro[138], data límite para a súa xustificación, que admite –na maioría dos casos– actividades realizadas desde o mes de novembro do ano anterior. De tódolos xeitos, o tempo que lles quedaba, desde a publicación da concesión das axudas ata a súa xustificación (sobre todo nos anos 1998 e 1999) semella demasiado curto como para programar e executar actividades, sobre todo para aquelas empresas que non estivesen ó tanto da dinámica das axudas e/ou para as que non tivesen realizado actividades xa en galego que se axustasen ó subvencionable en cada convocatoria. Este sistema parece pouco rendible para as empresas, principalmente pequenas pero tamén grandes, pois leva á realización de actividades puntuais e que non requiran demasiada complicación. E mesmo supoñendo que as empresas tivesen notificación da concesión con anterioridade á súa publicación (sempre que se aplicase o indicado na orde de que se lles notificaría ós interesados a concesión antes de tres meses, "momento a partir do cal as solicitudes sobreentenderanse desestimadas")[139], semella probable que unha empresa pequena puidese ter dificultades para desenvolve-las actividades nese período fixado tan breve, por falta de medios técnicos, humanos e sobre todo económicos, pois suporíalle dispoñer do diñeiro para as mesmas, que tería que adiantar nese momento.

En tódalas convocatorias se especifican os criterios de concesión das subvencións**,** variando o seu grao de precisión, desde a denominación concreta das actividades subvencionables (podendo indicar ou non a súa prioridade) ata a simple mención de criterios de valoración para os proxectos presentados.

Na orde do ano 1990, a única anterior a 1993 que se puido consultar, xa se establecían as axudas, por orde de prioridade, para actuacións concretas:

> 1º) Emprego da lingua galega en tódolos impresos e documentación da empresa (albarás, facturas, papel timbrado, comunicacións, escritos... etc).
>
> 2º) Emprego da lingua galega en publicidade interior (rotulacións, precios, indicacións ó público, megafonía, carteis, etc.) e/ou publicidade exterior (rótulos, letreiros, carteis, envases, paneis publicitarios, etc.).
>
> 3º) Emprego da lingua galega en campañas publicitarias feitas nos distintos medios de comunicación social (televisión, radio, prensa, etc.) (CCNL, s.d.1: 33).

[138] Ás veces teñen que xustificar antes de outubro, por exemplo en 1995 o límite estaba no 1 de setembro para as AISFL e no 15 de setembro para as empresas, establecendo como máximo o 1 de novembro para aqueles proxectos que chegaran ata esa data.
[139] Ademais non se pode interpoñer recurso contra a resolución antes da súa publicación no DOG.

Na convocatoria de 1993 os criterios foron diferentes, priorizando a constitución de servizos de normalización lingüística (SNL), dos que se aclaraba que "poderán ter" como funcións: o asesoramento lingüístico da empresa, a formación do persoal e a promoción do uso do galego entre os membros da mesma. A continuación aparecían as outras dúas actividades subvencionables, primeiro "a rotulación externa e interna de carácter permanente" e por último a "utilización do galego na documentación e servizos cara ó público", aclarando que estas accións:

> [...] enténdense xa subvencionadas e polo tanto sen dereito a unha nova subvención para o mesmo fin aquelas empresas que resultaron perceptoras de subvención nos anos 1991 e 1992 (DOG 41/93: 1636).

Os mesmos criterios do ano 1993 foron os que regularon as concesións dos dous anos seguintes, aínda que en 1995 indicouse que o SNL subvencionado "terá" (no canto de "poderá ter") as funcións de "asesoramento lingüístico da empresa" e de "promoción do uso do galego entre os seus membros", eliminándolle das súas actividades a formativa.

En 1996[140] establécense criterios "preferentes" de concesión pero non se indican actividades e ademais son "sen orde de prelación":

1. O ámbito que abranga a actividade, tanto cuantitativa como cualitativamente considerado.
2. O número de participantes posibles.
3. A súa relación cos eidos lingüístico e cultural da realidade galega no prazo de vixencia desta orde.
4. A viabilidade do proxecto.

Estes criterios continúan no ano seguinte, coa eliminación do punto 2. En 1998 só se conserva do listado anterior o punto 1 (colocado como punto 6) e engádense cinco máis que se centran en actuacións máis concretas:

1. A galeguización en actuacións de carácter permanente.
2. A creación ou mantemento dun gabinete lingüístico.
3. A publicidade da empresa en calquera soporte ou medio.
4. A traducción de documentación, publicacións, etc.
5. A modificación, para a lingua galega, do nome comercial, a marca, as marcas colectivas e de garantía.

Esta redacción consérvase en 1999, aínda que o punto 1 se modificou ó dividirse en dous máis detallados: "Elaboración de documentación permanente da empresa (manuais, regulamentos internos, libros de contabilidade...)" e "Rotulación permanente exterior e interior de locais e vehículos". Ademais engadíuselles outro destinado a resalta-los

[140] DOG núm. 243 do 21 de decembro de 1995.

proxectos que incidan no "fomento do coñecemento e uso da lingua galega en actuacións de carácter permanente".

Os criterios de concesión das axudas para asociacións empresariais (dentro das destinadas a "asociacións e institucións privadas sen fin de lucro"[141]), apareceron explicitamente nas convocatorias máis tarde. Ata 1995 só se facía referencia a que as actividades debían estar en galego, indicado no punto cuarto: "as publicacións, escritos, comunicacións, relatorios, informacións e publicidade das distintas actividades, proxectos ou actuacións deberán facerse en galego, ó abeiro da lexislación vixente". No resto das ordes de aí en diante, séguese a aclarar que se subvencionarán actividades que "empreguen correctamente o galego como lingua oficial" e que "teñan como fin principal a difusión e promoción da lingua galega"[142], pero xa se introduciron algúns criterios de concesión de subvención. Nos anos 1996 e 1997 van ser preferentes os mesmos cós mencionados para as empresas privadas, é dicir, que se terá en conta desde o ámbito que abranga a actividade, ata a viabilidade do proxecto, incidindo –en 1997– na súa perdurabilidade. Manteranse con esta redacción en 1998 (cando para as empresas xa se modificaran), e modifícanse finalmente en 1999 ó redactárense cinco puntos, dos cales catro van coincidir con catro dos indicados nese mesmo ano para as empresas privadas; son os referidos a: 1) fomento de coñecemento e uso, 2) a publicidade, 3) a tradución de documentación e 4) a galeguización da razón social da entidade. A estes engádeselles "A continuidade no tempo na elaboración de accións de calidade" (DOG 26/99)[143].

Algunha información máis sobre os criterios aplicados para a concesión das axudas pódese extraer das ordes que regulan a súa concesión que, de xeito irregular, achegan certos datos que serven para completa-la información. En xeral, as ordes de resolución das concesións non se organizan seguindo os criterios da convocatoria, simplemente se presentan as empresas (e no seu caso AISFL) ás que se lles concede a axuda e a acción ou accións que se subvencionan argumentando a concesión "considerando a súa incidencia en canto á utilización do idioma galego". Así, seguindo o fío destas ordes vense solicitudes desestimadas por non formaren parte do grupo subvencionable (ó lado das presentadas fóra

[141] Como xa se dixo, aparecen desligadas das axudas a empresas desde o ano 1994 en diante.
[142] Na orde do ano 1997 (DOG núm. 20 do 30 de xaneiro de 1997), por primeira e única vez, regúlase que quedan excluídos do financiamento determinados materiais ordinarios de traballo como: papel, selos, sobres, ordenadores, máquinas de escribir, rótulos e os elementos de publicidade como bolígrafos, acendedores, chaveiros, pins, etc.
[143] Igual ca nos casos anteriores os criterios indicados son "sen orde de prelación".

de prazo) e, dependendo dos anos, especificábanse máis ou menos outras causas que podían ou non facer referencia á orde da convocatoria. Destaca, por exemplo, na orde de 1995 (DOG, 129/95), que no apartado de solicitudes excluídas apareza un grupo de empresas ás que se lle rexeitou o proxecto por "ser baixa incidencia na Normalización Lingüística" (ó lado das que quedaron fóra por motivos obvios: presentárense fóra de prazo, por "non estar contemplada a súa petición na orde da convocatoria", e "por non aporta-la documentación solicitada dentro do prazo") cando os parámetros de tal incidencia non se recolleron antes en ningures

Tras un repaso da documentación facilitada pola administración sobre a concesión das axudas (principalmente os DOG en que aparecen publicadas desde 1994 en diante[144], o informe da CCNL referente sobre as subvencións do ano 1991 e a acta da reunión da comisión que regulou a concesión das do ano 1993) expóñense a continuación, e de xeito cronolóxico, os poucos datos extraídos sobre os criterios de concesión:

En 1991, dun total de 49 solicitudes, rexeitáronse doce, cinco por non se trataren de empresas privadas e "as outras non recibiron subvención por falta de dispoñibilidade presupostaria". O que non se sabe é por que se escolleron unhas e non outras.

En 1993, algunhas rexeitáronse debido a que os peticionarios xa foran subvencionados a través doutras ordes (motivo de exclusión ese ano), unhas cantas quedaron fóra por "baixa porcentaxe en lingua galega", e outras porque ou as solicitudes ou os peticionarios non estaban recollidos na orde de convocatoria[145].

En 1995 desestimáronse –ademais da razón vista arriba– aqueles "proxectos realizados noutras ocasións pola entidade interesada", e tamén, como novidade ese ano, reconduciron solicitudes cara ás outras ordes (as que regulaban a realización de cursos ou as de investigación en linguaxe xurídico-administrativa, por exemplo).

En 1996 deixáronse fóra as que non promovían "o emprego da lingua galega no ámbito económico e mercantil" que era o requisito do artigo 1 da orde. É precisamente neste ano

[144] Descoñezo se saíron publicadas as resolucións das axudas anteriores ó 1995 no DOG, posto que non se conseguiron localizar.

[145] Tampouco nese ano 1993, na orde de concesión de AISFL, se aclara ningún criterio, simplemente se di no punto quinto que a comisión encargada de estuda-las solicitudes (formada por membros da DXPL e presidida polo seu director) "estudará as solicitudes presentadas e elevará proposta de concesión de subvencións ó conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá", desta maneira sobreenténdese que os criterios os fixa a comisión.

1996 no que se sinala, de xeito excepcional, tanto nas ordes de resolución para empresas privadas como para AISFL, que a comisión escolleu os subvencionados de acordo co expresado no artigo 5 da orde da convocatoria, puntuando así as solicitudes segundo eses criterios: o ámbito de actuación, o número de participantes e a viabilidade e orixinalidade dos proxectos. Nos seguintes anos non se aclaran os criterios de subvención, nin para as empresas nin para as asociacións de empresarios, simplemente se inclúen nun anexo os proxectos que se desestimaron por "non acadaren a prioridade suficiente de acordo cos criterios establecidos na Orde da convocatoria (ó lado dos eliminados por presentárense fóra de prazo ou por non pertenceren ó grupo subvencionable)[146].

2.2.1.1.2 Os orzamentos e as empresas beneficiarias

Antes de nada, cómpre advertirlles ós lectores desta epígrafe que se tentou realizar unha análise o máis rigorosa posible deste tema; pero débese ter presente, por un lado a variabilidade e –ás veces– pouca precisión, ou ambigüidade, do texto das ordes de convocatoria[147] que pode provocar interpretacións erradas; polo outro, as contradicións existentes entre as diferentes fontes manexadas.

Nunha primeira análise dos datos referidos ós orzamentos, detéctase certa desproporción, tanto á hora de compara-las asignacións duns períodos con respecto a outros, como no momento de compara-las axudas destinadas para o mesmo concepto dentro do mesmo ano. En primeiro lugar, cómpre comenta-la desigualdade entre as partidas orzamentarias, que ata 1992 foron medrando –pouco– pero en progresión, e a partir de aí, pese a sufriren un salto cuantitativo importante, non seguen esa traxectoria crecente, senón que oscilan e finalmente case se estancan. En segundo lugar, non se establece unha relación proporcional entre o orzamento destinado á galeguización do sector empresarial e a cantidade de

[146] Na orde de resolución tanto de 1998 como na de 1999 detalláronse os proxectos que non acadaron prioridade suficiente e os eliminados por chegaren fóra de prazo, pero tamén se sinalan aqueles que se desestimaron por non atenderen o requirimento de emenda de erros no prazo establecido. (Este punto aparece en ambos casos aínda que redactado en lugares diferentes: DOG 145 e 172/1998; DOG 160 e 161/99). Desta maneira, se se interpreta que tódolos solicitantes aparecen clasificados entre incluídos e excluídos, quizais se puidese deduci-la cantidade de solicitudes presentadas. Collendo o ano 1997 podería deducirse que pediron axuda un total de 223 empresas, cifra resultante da suma de 164 ás que se lle concedeu e 59 que quedaron fóra, ben por "non acadaren a prioridade suficiente de acordo cos criterios establecidos na Orde" (cincuenta empresas e quince AISFL, pero só unha era de empresarios), ou ben por presentárense fóra de prazo ou non pertenceren ó grupo subvencionable (nove empresas e doce asociacións, das cales catro eran asociacións empresariais). Dado que para estas cifras ó final saen dunha hipótese que non se puido demostrar, non se realizaron os cálculos do resto dos anos.

[147] Tal e como se viu na epígrafe anterior, os textos das convocatorias non foron sempre precisos á hora de estableceren criterios de concesión, feito que vai derivar na falta de xustificación para a análise do reparto orzamentario.

empresas beneficiarias, polo que nos últimos anos vense multiplicadas o número de empresas beneficiarias para un orzamento que non volveu dispoñer do diñeiro de 1993. Aínda que o reparto do orzamento asignado cada ano –e que previamente se indica nas ordes– se xustifique polo número de empresas solicitantes, a información que se puido manexar para esta investigación deixa entrever cuestións dificilmente explicables, aínda que ó non existiren datos suficientes para realiza-la análise pertinente (informes coa puntuación dos proxectos, actas de tódalas comisións de avaliación dos mesmos...), non se descarta que teñan certa xustificación.

Comezando a análise polos orzamentos destinados a incentiva-las empresas, tal e como xa se adiantou arriba, destaca que foron medrando progresivamente desde 1987 a 1992, producíndose un salto cuantitativo importantísimo no ano 1993 cando se dispuxo de 150 millóns de pesetas, fronte ós 35 que se repartiran o ano anterior:

Gráfico 1: Orzamento da DXPL para a promoción da lingua na empresa entre 1987 e 1999

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do informe da CCNL de 1998 (CCNL, 1998: 31) e da web da DXPL[148]

Nas ordes de convocatoria de 1994, 1995, 1996 e 1997, publicadas nos DOG, especifícase o orzamento dispoñible, indicando como "contía máxima total" cen millóns de pesetas, cunha redacción similar á que segue:

[148] A información para 1999 conseguiuse da páxina web da DXPL <http:// edu.xunta.es/dxpl/ extension/image13.gif> (última visita: febreiro de 2005).

> [...] por unha contía máxima total de 100.000.000 ptas, correspondentes ós orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1996, e condicionado o citado gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio do ano 1996, neste momento en trámite parlamentario[149] (DOG 242/1995).

Tal contía máxima publicada nas correspondentes ordes aparece superada en 1994, non sendo acadada en ningún dos outros anos, excepto en 1999, xusto o ano que se modificou a redacción ó eliminárselle o de "máxima total" e quedar simplemente "por unha contía de 100.000.000 de pts".

Volvendo á análise dos datos en si, e tomando como referencia as cifras do Gráfico 1, o primeiro que hai que anotar con respecto á desproporción de 1993 é que se debe medir máis con respecto ós anos anteriores, ca en relación ós posteriores, posto que ata ese momento incluíanse na convocatoria entidades e empresas privadas. Tras este pico, as partidas seguen unha liña decrecente ata o ano 1996, para remontar algo nos tres últimos anos da década, pero sen acadar en ningún momento a cantidade outorgada en 1993. Se se avalía o diñeiro destinado exclusivamente a empresas privadas (é dicir desde 1994 en diante, cando se separa a asignación a empresas da de AISFL), destaca 1994 coma o ano máis rico e 1996 coma o ano máis pobre (Gráfico 1). No entanto, cómpre aclarar que as dúas fontes consultadas para a elaboración do devandito gráfico presentan datos diferentes para este ano 1996 e, no canto dos 51,6 millóns que cita a CCNL, na páxina web da DXPL aparecen asignados 90 millóns de pesetas, igual có ano anterior.

Débese analizar esta distribución orzamentaria dentro da evolución do presuposto da Xunta de Galicia para a normalización lingüística, co que está directamente relacionado. O gasto que efectuou o goberno autonómico para este concepto no período analizado foi distribuído principalmente pola DXPL, aínda que antes de 1993 tamén se repartía desde diferentes consellerías (sobre todo Presidencia e Cultura). O equipo de investigación de Cidadanía-Rede de aplicacións sociais, na análise feita sobre a política lingüística no período autonómico (Monteagudo Romero e Bouzada Fernández, 2002: 98-116) estableceu tres grandes etapas na análise dos orzamentos xerais para a normalización lingüística no período 1983-2000: a primeira que correspondería ós tres primeiros anos, en que o gasto foi moi escaso e concentrado basicamente na formación do profesorado; a segunda desde 1986 a 1992, anos en que o orzamento se foi incrementado constantemente e de xeito considerable no conxunto do presuposto xeral da Comunidade Autónoma (foi a etapa en

[149] Esta última frase non aparece nos outros anos.

que naceron as subvencións a empresas privadas que ocupan esta investigación). A terceira etapa iría desde 1993 ata o ano 2000 e está marcada pola incorporación da "débeda histórica", feito que fai multiplica-lo orzamento xeral que, segundo se di no DOG, "se sitúa en torno aos 2.800 millóns de pesetas e os 3.000 como presuposto consolidado en lingua galega". Este vaise manter con poucas modificacións, o que significa unha redución constante do gasto en normalización lingüística, que descende en termos proporcionais ó incremento interanual do IPC[150].

O descenso orzamentario para as subvencións a empresas privadas chama máis á atención cando se compara co número de empresas beneficiarias, que foi sempre en incremento, moderado ó principio (desde as 11 subvencionadas en 1987 ás 67 de 1992), sendo máis perceptible en 1993, ano desde o que seguirá medrando pouco a pouco ata a caída de 1997, para remontar de golpe nos dous anos seguintes, establecendo unha diferenza considerable cos anteriores. Vese no Gráfico 2:

Gráfico 2: Número de subvencións concedidas entre 1987 e 1999[151]



Fonte: elaboración propia cos datos de CCNL, 1998 e mais da páxina web da DXPL[152]

Na presente investigación vanse manexar estes datos posto que son os que ofrece a DXPL,

[150] Tamén analizan os autores a distribución do gasto, que permanecerá practicamente idéntica entre 1993 e 2000. De feito, as pequenas modificacións que hai son consecuencia do cambio de localización dalgunhas axudas, pero en xeral barállanse cifras similares para os mesmos destinos. Os que sofren cambios máis significativos son os orzamentos do Centro de Investigación Ramón Piñeiro e o das universidade de fóra da Comunidade Autónoma.

[151] Mentres estivo aberto o período de investigación correspondente a este capítulo non se tiñan máis datos cós anteriores ó ano 1999, pois nin se recompilaran no CCG, nin na Consellería facilitaron máis informes. Sinálanse os números exactos neste gráfico e nalgún outro, en que se considerou importante que se coñecesen as cifras exactas.

organismo responsable dos mesmos, pero cómpre aclarar que as cifras do Gráfico 2, igual que pasaba co precedente, non coinciden sempre nas diferentes fontes. Para o período anterior a 1993, a única fonte contrastable que se coñece é tamén oficial (informe da CCNL dese ano: CCNL, 1993), e presenta para o período 1987-1992 unha diferenza no ano 1988 ó dar conta de 18 beneficiarios, que non se recollen no gráfico anterior. Xa a partir de 1993 existen as ordes de resolución das axudas, feito que obriga a destacar que as cifras de empresas beneficiarias desde ese ano ata 1999 recollidas no material dos informes da Sección de Lingua do CCG, non coincidan en ningún caso coas achegadas desde a DXPL vistas no Gráfico 2. Curiosamente, nos anos 1994, 1995 e 1996 o número de empresas manexado nas bases de datos do CCG é máis elevado sempre có extraído da información da DXPL, e a partir dese momento é considerablemente máis baixo, sobre todo en 1998 e 1999[153]:

Gráfico 3: Número de subvencións concedidas a empresas entre 1993 e 1999[154]



Fonte: elaboración propia partindo das bases de datos do CCG[155]

Deixando xa constatada a diferenza de información[156], o que máis destaca –tanto nun caso

[152] Os datos a partir de 1990 pódense ver nun gráfico no enderezo <http://edu.xunta.es/dxpl/extension/image12.gif> (última visita: febreiro de 2005).

[153] Segundo as cifras manexadas polo CCG concedéronselles subvencións a 2.321 empresas fronte ás 2.637 que suman os proxectos concedidos segundo o Gráfico 2. Se se compara ano a ano constátase que en 1993 hai 96 empresas subvencionadas segundo a información do CCG e 207 proxectos segundo a DXPL, diferenza á que non se lle ve xustificación, porque, aínda sumándolle as 20 asociacións empresariais incentivadas ese ano (recórdese que daquela ían xuntas) non se acada tal número.

[154] En Porto Sánchez (2002: 44) pode verse o número total de axudas concedidas cada ano a empresas e AISFL.

[155] Recórdese que nestas bases de datos recóllense as empresas beneficiarias que aparecen nas ordes de resolución das axudas publicadas nos DOG.

[156] A diferenza de información ó respecto segue a aumentar cantas máis fontes se consulten, por exemplo Bouzada e Lorenzo (1997: 100) aseguran: "o número de empresas subvencionadas foi de 409 en 1995 e de 277 en 1996"

coma noutro– é o grande incremento de proxectos subvencionados nos anos 1998 e 1999, ano este último no que se repartiron 100 millóns de pesetas para 960 beneficiados. Desta maneira queda bastante desproporcionada a relación entre o orzamento e os proxectos incentivados, tal e como se pode apreciar no seguinte gráfico:

Gráfico 4: Orzamento e número de empresas subvencionadas desde a DXPL



Fonte: elaboración propia cos datos de CCNL, 1998 e mais da páxina web da DXPL[157]

Na busca de razóns para esta desproporción, pensouse nun esaxerado aumento do número de solicitudes fronte ó estancamento do orzamento[158], pero como non se conseguiu o número daquelas (dato que non se reflicte en ningún informe[159]), a única solución foi repasa-las condicións das convocatorias. Disto deduciuse que a única convocatoria que ofrece unha xustificación á subida sería a do ano 1999, que tamén é o ano onde o salto é máis esaxerado. Nese ano modificouse a orde deixando de incentivar empresas para subvencionar proxectos concretos destas (establecendo un máximo de tres por empresa), e requirindo xa na convocatoria unha solicitude por actividade programada:

> Cada solicitante poderá presentar un máximo de tres solicitudes de subvención, e cada unha delas referirase a un único proxecto de acción" (DOG 25/99).[160]

non coincidindo o número de 1995 con ningún dos das outras fontes. Nin siquera coincide co número total de subvencións (empresas e AISFL) do ano 1995 que se recolle no CCG, que é de 392.

[157] Os datos referidos ó orzamento a partir de 1990 pódense ver nun gráfico no enderezo <http://edu.xunta.es/dxpl/extension/image13.gif> (última visita: febreiro de 2005).

[158] Pódese calificar igualmente de "enorme" coas cifras de beneficiarios do CCG, que se expuxeron atrás.

[159] Xa se dixo que nin o número de solicitudes ni as actuacións levadas a cabo coas que xustifican a subvención, non se puideron conseguir na DXPL, e no resto do material manexado esta información non aparece.

[160] A convocatoria das AISFL di exactamente o mesmo (DOG 26/99). Esta modificación puido querer controla-la asignación de cantidades elevadas a nome dunha empresa (ou asociación) que provocasen que a dotación dunha cantidade importante de diñeiro para un proxecto moi ambicioso, que constase de varias actividades, se xustificase só coa realización dunha parte da programación prevista.

Así, o salto a 960 subvencións en 1999[161] podería provir de incrementa-la cantidade total de proxectos subvencionados, provocando que varias empresas aparezan nomeadas máis dunha vez na listaxe. Para explica-lo aumento de 1998, cando –cun orzamento inferior– se concederon 554 subvencións, fronte ás 164 outorgadas en 1997, non se pode recorrer a esta razón, porque non estaba modificada a convocatoria. Daquela, chama tanto ou máis á atención este incremento véndoo en relación proporcional co orzamento, aínda que se debe ter en conta que, repasando o listado de beneficiados na orde de resolución, poden verse nese ano algunhas empresas nomeadas máis dunha vez, recibindo axudas para o mesmo ou diferente concepto. Algúns exemplos, tirados ó chou, poderían se-los casos do establecemento comercial *Doallo y Doallo* de Ferrol, a *Editorial Galaxia* de Vigo ou *Edicións Xerais de Galicia* (Vigo) que recibiron dúas axudas de cen mil pesetas cada unha para publicidade[162]; igual concepto que as dúas axudas que por cantidades similares (100.000 pts. e 262.500 pts.) se lle entregaron a *Edicións Lea* de Santiago. Ás veces os conceptos eran diferentes, por exemplo a empresa de informática *Imaxin* de Santiago recibiu 665.000 pts. para actividades audiovisuais e 50.000 para publicidade, igual ca *Viajes Atlántico* de Santiago, que recibe unha axuda de 700.000 pts. e outra de 300.000 pts. para actividades mixtas.

No tocante á asignación orzamentaria para cada empresa (ou proxecto), resulta evidente a redución substancial do diñeiro a percibir a partir do ano 1998, pero principalmente en 1999, froito da desproporción comentada entre beneficiarios e diñeiro dispoñible. Non é doado coñece-los criterios empregados para a distribución dos cartos, pois coa publicación da concesión das axudas a empresas e entidades rara vez se fai referencia a isto; de feito –como xa se indicou arriba– a información das ordes de concesión é máis ben escasa, limitándose ós anos 1993 e 1996. Con anterioridade só se sabe que en 1991 quedaron empresas sen subvención por insuficiencia do orzamento, xa que "o importe total de tódalas solicitudes presentadas era moi superior ó presuposto da Orde" (CCNL, s.d.3: 48). Xa na acta correspondente a 1993 aclárase que, ante a imposibilidade de concede-lo montante global de tódolos pedimentos, a comisión acorda establecer uns criterios de distribución nos que simplemente se citan límites de contía. Desta maneira deciden

[161] Serían 856 segundo os datos recompilatorios do CCG, a partir da publicación das resolucións nos DOG. Nese cómputo entran os proxectos que se publican de cada empresa, tal e como aparece no Diario Oficial, é dicir, que non se trata só das empresas subvencionadas, senón das subvencións outorgadas. No entanto, como xa dixen arriba, empreguei os datos publicados pola DXPL por se-lo organismo responsable dos mesmos.

conceder dous millóns de pesetas para a creación de servizos de normalización a xornada completa e un para os que funcionen a media xornada; outorgárlle-lo 100% da cantidade solicitada a aquelas empresas que non solicitasen máis de un millón e medio e reduci-lo pedimento nun 10% nas que superasen esa cantidade. Esta mesma redución tamén se comenta na orde de concesión de AISFL, para as que ademais establecen un límite de contía máximo de 1.500.000 pts.

A partir deste momento, será nas ordes de resolución de 1996, tanto para empresas privadas como AISFL, onde se sinale como se realizou a distribución dos cartos a partir da puntuación das actuacións por parte da comisión que "de acordo co expresado no artigo 5 da orde da convocatoria" outorgaba entre cero e dous puntos a cada acción solicitada, segundo os parámetros subvencionables: o ámbito de actuación, o número de participantes e a viabilidade e orixinalidade dos proxectos[163]. A esta puntuación asociábaselle unha porcentaxe que daría como resultado a cantidade a recibir, establecendo unha contía mínima de 50.000 pts. que se entregaría cando as porcentaxes derivadas da puntuación dalgunha empresa quedasen por baixo desta cantidade. En realidade esta resolución case se converte en excepción, porque a partir de 1997, nin para as empresas nin para as asociacións de empresarios, se aclara nada sobre o reparto do diñeiro[164]. Dáse a casualidade que é este ano 1996, o único do período 1993-1999 en que se entrega a totalidade do orzamento asignado ás empresas, que –sumando as cifras aparecidas nas ordes de resolución– dedúcese que nunca se esgotou. No seguinte cadro pódese ver detallado por anos o diñeiro outorgado ás empresas (compárese cos datos do Gráfico 1)[165]:

Táboa 3: Total de contías entregadas a empresas desde 1993 a 1999[166]

1993	*1994*	*1995*	*1996*	*1997*	*1998*	*1999*
82.018.212	78.527.000	74.823.050	51.633.689	88.279.000	82.203.613	83.569.700

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do CCG

[162] *Edicións Xerais* recibiu outras dúas axudas máis pola mesma cantidade para actividades audiovisuais.
[163] Neste último caso o criterio foi conceder "cero puntos no caso de existir problemas de xustificación en anos anteriores, dous puntos a aquelas solicitudes que presenten xa resultados acadados e un punto nos demais casos" (DOG 112/96).
[164] Só en 1999 é normal esta ausencia de información porque xa estaba ben especificada na orde da convocatoria, como se viu arriba.
[165] Do diñeiro das asociacións empresariais non se pode comentar nada, posto que nunca tiveron unha cantidade estipulada só para elas.
[166] Pode confrontase o estudo de Porto Sánchez (2002) que tamén tomou como fonte a base de datos do CCG, e onde revisa as contías entregadas a empresas e AISFL. Calculou ademais a suma total de diñeiro que se entregou cada ano. Son as seguintes cifras en pesetas (Porto, 2002: 46): 152.432.852 (1993), 156.156.400 (1994), 134.452.112 (1995), 96.693.202 (1996), 110.837.000 (1997), 125.057.613 (1998), 122.697.680 (1999).

Antes de seguir adiante, cómpre facer mención á asignación orzamentaria que a administración dispuxo no período 1993-1999 para as AISFL, posto que dentro delas están as asociacións empresariais, que, aínda que non fan parte central desta análise, si teñen importancia no estudo, polo que se vai estar facendo referencia a elas en cada variable analizada. Destaca en primeiro lugar que tamén existan contradicións entre as cifras correspondentes ó orzamento do período 1993-1996, ó non coincidiren os datos extraídos do informe da CCNL do ano 1998, cos da páxina web da DXPL[167] nin cos existentes no CCG, como se ve na seguinte táboa.

Táboa 4: Subvencións a institucións sen fins de lucro para a promoción da lingua (datos institucionais)

Ano	*1993*	*1994*	*1995*	*1996*	*1997*	*1998*	*1999*
Orzamento[168] (web DXPL)	130	162	126	120	119	114	119
Orzamento (CCNL, 1998)	122	136	136	130	119	114	

A continuación preséntase unha panorámica sobre as asociacións empresariais incidindo nos mesmos aspectos que para as empresas. Con todo, esta análise presenta algún problema, posto que os datos para as asociacións empresariais están mesturados cos das AISFL. Co que se conta no caso das AISFL é co número de solicitudes (que para as empresas non existían):

Gráfico 5: Solicitudes para as subvencións a entidades sen fins de lucro desde 1993 a 1999



Fonte: páxina web da DXPL[169]

[167] Estes datos da páxina web son sempre os do referido gráfico que se podía consultar ata 2002.
[168] Orzamento en millóns de pesetas.
[169] Os datos están tomados dun gráfico co título "Apoio á promoción da lingua. Subvención a entidades sen fin de lucro" que se atopa no enderezo web <http://edu.xunta.es/dxpl/extension/lucro2.gif> (primeira visita: febreiro de 2002, última : febreiro de 2005).

Estes datos dan só unha orientación de como evolucionaron as solicitudes para AISFL, posto que non se pode determina-lo número das que –dentro dese grupo– figuran como asociacións empresariais. Onde si se poden separar estas daquelas é no número de axudas recibidas, que –segundo os datos extraídos do CCG– sufriron altos e baixos no período analizado:

Gráfico 6: Número de asociacións empresariais beneficiadas no período 1993-1999



Fonte: elaboración propia a partir da información do CCG[170]

O diñeiro entregado ás asociacións empresariais é inferior ó que recibiron as empresas, pero hai que ter en conta que o número global de asociacións é moito menor có das empresas. Poden verse as cantidades na seguinte táboa:

Táboa 5: Total de contías entregadas a asociacións empresariais desde 1993 a 1999

	1993	*1994*	*1995*	*1996*	*1997*	*1998*	*1999*
Asociacións Empresariais	41.989.154	58.637.400	42.665.050	23.552.780	9.932.000	24.486.000	20.088.280

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos de Porto Sánchez, 2002

Non se pode establecer unha comparación co diñeiro que tiñan asignado na partida orzamentaria, posto que nunca tiveron unha cantidade estipulada só para elas, ó iren incluídas dentro das asociacións sen fins de lucro (exceptuando o ano 1993 cando empresas e asociacións empresariais ían na mesma partida orzamentaria cun dispoñible total de 150.000.000 pts).

[170] Segundo os datos recollidos no CCG hai un total de 430 asociacións empresariais beneficiadas no período, pero recórdese que para as empresas non coincidían os datos cos publicados pola DXPL.

Antón Porto (2002: 61) demostra que ó longo destes anos, do orzamento destinado a empresas e AISFL, as empresas recibiron o 60,9% con 541.054.264 pts., sendo as asociacións empresariais as que ocuparían o segundo lugar ó recibiren 221.350.664 pts., que supoñen o 24,92% da cantidade total (888.370.659 pts) no período 93-99[171]. A maior cantidade de ingresos foi parar sempre ás empresas, debido a que tamén solicitaban máis axudas, pero destaca a enorme distancia entre as cantidades recibidas por unhas e por outras no ano 1997, tendencia que continuou nos dous anos seguintes, aínda que cunha menor separación entre as cifras.

A continuación vaise facer un repaso por tres puntos que completarían esta epígrafe dedicado ós orzamentos. Trátase de a) contías máximas e mínimas; b)o reparto orzamentario e as accións subvencionadas e c) a tipoloxía das empresas subvencionadas.

As contías máximas e mínimas

Partindo da importancia que podían te-las variables contía máxima e contía mínima no reparto orzamentario, fíxose un seguimento das mesmas, tanto nas bases da convocatoria, coma nos criterios fixados pola comisión encargada de estuda-las solicitudes.

Foi en 1997 cando se estableceu unha cantidade máxima do diñeiro a percibir tanto polas empresas coma polas AISFL, tal como se aprecia na redacción publicada no DOG, que se mantivo na orde de 1998 (DOG 42/98):

> A contía de cada subvención non poderá supera-la cantidade de catro millóns de pesetas por acción solicitada[172]. Non obstante, por proposta motivada da comisión de avaliación, poderanse conceder subvencións en porcentaxes superiores ás anteriormente indicadas (DOG 4/97)[173].

Con anterioridade a 1997 non aparecera ningún límite nas convocatorias, aínda que si nalgunha das resolucións, tras ser establecida pola comisión. Na convocatoria de 1993 dise que se estableceu como contía máxima para entidades e empresas privadas catro millóns de pts.[174], podéndose conceder algunha subvención "extraordinaria", que de feito se concedeu,

[171] A cantidade suma a entregada ás empresas e a tódalas asociacións do ámbito empresarial (administración corporativa, asociacións empresariais, sindicatos, asociacións de consumidores, colexios profesionais e outros).
[172] Nótese que se indica que o límite monetario é "por acción solicitada" e non por empresa, e recórdese que na convocatoria destes dous anos non se facía referencia explícita a propósito de que unha empresa puidese presentar ou non solicitudes diferentes..
[173] DOG núm.4, do 8 de xaneiro de 1997 e mais DOG núm 42 do 3 de marzo de 1998.
[174] En 1991, único ano anterior a 1993 do que se conseguiu información, a cantidade máxima outorgada foi de 4.226.000 pts..

igual ca nos outros dous anos indicados. Así na acta da reunión da comisión encargada da concesión das axudas no ano 1993 para entidades e empresas privadas dise:

> A Comisión propón a concesión dalgunhas subvencións extraordinarias que superan o límite establecido de 4 millóns de pts., debido á súa implantación social, xeográfica, etc. que son as que figuran encabezando a relación de subvencións.

Trátase da *Confederación de Empresarios de Galicia* (CEG) (á que se lle concedían seis millóns para cinco servizos lingüísticos), da *Agrupación do pequeno comercio e hostelería de Moaña* (5.500.000) para rotulación exterior e interior, carteis, documentación, etc[175] e da *Confederación provincial de empresarios de Lugo* (5.000.000) para obxectos promocionais[176]. Para as AISFL a cantidade tope que marcou a comisión nese ano 1993 foi 1.500.000 pts., coa salvidade de poderse superar "con carácter extraordinario". De feito superouse en trece millóns e medio de pesetas, ó concederlle 15.043.486 pts. á *Fundación Semana Verde de Galicia*[177] (Silleda), converténdoa na axuda máis elevada de toda a historia das subvencións ata o momento, tanto de empresas como de AISFL[178].

A opción da excepcionalidade que brindaban estas convocatorias tamén se fixo efectiva en 1997, xustificando así que a *Editorial Compostela* recibira oito millóns de pesetas, que non é a contía máis elevada concedida ata o momento a unha empresa nun só ano, aínda que poida parecelo se se atende á lista de cifras das subvencións asignadas durante todo o período 1993-1999. Na Táboa 6 pódense ve-las contías máis altas recibidas "por xunto" por unha empresa dentro do período, onde a citada empresa ocuparía o primeiro lugar:

[175] Encargouse do deseño da campaña a empresa *item:)aga*.
[176] Das tres entidades só se teñen mostras de actividades realizadas pola segunda delas.
[177] Non é asociación empresarial, senón que entra no que se denomina "administración corporativa". Recórdese que nese ano as asociacións empresariais englobábanse na mesma orde cás empresas.
[178] Xustifícase a cantidade para a actuación incentivada ("Edición en galego dos distintos soportes da XVI Feira Internacional Semana Verde de Galicia e II Salón de Turismo, Deportes, Enerxía e Desenvolvemento Rural") argumentando que "con esta cantidade búscase o cumprimento da Proposición non de Lei núm. 8.754/1992 do Parlamento de Galicia sobre a Semana Verde".

Táboa 6: Empresas privadas subvencionadas coa maior contía no período 1993-1999

Empresa	*Ano*	*Contía(pts)*[179]	*Actuacións*
Sistemas de Seguridade A-1, S.L.	1993	4.000.000	Catálogos, document., rotul. coches.
Grupo Gaper II, S.A	1993	4.000.000	Etiquetas e documentación[180].
Europa Press Delegaciones	1996	4.000.000	Transmisión diaria noticias galego.
Item:)aga, S.A.	1997	4.000.000	"Vieiros"[181].
Editorial Compostela, S.A.	1997	8.000.000	Documentación, servizos ó público.

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do CCG

Pero a realidade é que a cantidade de diñeiro máis elevada recibida por unha empresa a partir da mesma partida orzamentaria, é dicir, nun só ano, foron os 10.900.000 pts. que se lle outorgou á *Axencia Galega de Noticias*, repartidos en tres subvencións, que non superan os catro millóns establecidos: dúas de 3.600.000 pts. cada unha e outra de 3.700.000 pts., todas tres co mesmo concepto: "persoal e transmisión de información".

Viuse atrás (Gráfico 1) que o orzamento asignado para 1997 e 1998 foi practicamente o mesmo (lixeiramente superior, cun millón de pesetas de diferenza, en 1998); no entanto neste ano outorgouse unha cantidade de diñeiro lixeiramente inferior á do ano anterior (vid. Táboa 3). Pero o que máis destaca é que a contía máis elevada concedida a un proxecto foi de 1.500.000 pts.[182] Os beneficiarios das cantidades máis elevadas a partir dese ano foron os seguintes:

Táboa 7: Empresas beneficiarias en 1998 coa máxima contía

Descrición Empresa	*Ano*	*Contía(pts)*	*Act. desenvolvidas*
Hijos de Ignacio Tabares, S.L . (agora "Vegon")[183]	1998	1.500.000	Publicidade.
Hipercor, S.A.[184]	1998	1.500.000	Publicidade.
Vego Supermercados, S.A.[185]	1998	1.500.000	Publicidade.
El Progreso de Lugo, S.L.[186]	1999	1.500.000	Suplemento "Escola".

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do CCG

Isto contrasta coas cantidades vistas na Táboa 6 que recibiran en anos anteriores algunhas entidades; mesmo en 1996, cando a partida orzamentaria foi a máis baixa deste período

[179] Cantidades que rondan ou superan os catro millóns de pesetas entre os anos 1993 e 1998 tamén as tiveron algunhas das asociacións empresariais.
[180] Etiquetas, envases, papel, catálogo e documentación.
[181] *Vieiros* foi o primeiro "barrio galego" en Internet e o primeiro xornal dixital realizado en Galicia na nosa lingua. A asignación monetaria non era só para este concepto senón tamén para o SNL.
[182] No mesmo ano 1998, en cambio, houbo asociacións empresariais que obtiveron axudas máis elevadas, como se verá máis adiante.
[183] Sita en Ourense.
[184] Sita en Santiago de Compostela.
[185] Sita en Vigo.
[186] Sita en Lugo.

1993-1999. Visto así, acadaría en 1997[187] unha soa empresa o que no ano seguinte se repartiu entre seis. Da mesma maneira que un comercio moito máis pequeno cós supermercados relacionados na táboa anterior puido recibir cinco anos antes (1993) case a mesma cantidade ca estes (é o caso de *Establecementos Ordóñez, S.L.* de Rianxo que obtivo 1.398.900 pts. para documentación da empresa e documentación de entrega ó público).

O feito de pasar de subvencionar a unha empresa fronte a un proxecto cobra grande importancia nestes últimos anos do período. En 1999, ademais de limitar, como se viu arriba, o número de proxectos subvencionables a tres (un por solicitude), na propia convocatoria reduciuse a cantidade máxima que se podía outorgar por proxecto, detallando a distribución da partida orzamentaria (100.000.000 pts.), que se presenta subdividida en dúas partes: unha[188] que se distribuiría en subvencións "de ata 250.000 pts. cada unha", e a outra[189] "de ata 1.500.000 pesetas por acción solicitada."(DOG 25/99)[190], cantidade que é a máxima que se podería outorgar ese ano, aínda que –como en ocasións anteriores– se aclara que "por proposta motivada da comisión de avaliación, poderanse conceder subvencións en porcentaxes superiores ás anteriormente indicadas". O único proxecto que ese ano 1999 recibiu a cantidade máxima, como se viu na Táboa 7, foi o presentado por *El Progreso* de Lugo, seguido do de *Lugovisión* (empresa pertencente xunto coa anterior ó Grupo *El Progreso TeleLugo*), con 1.200.000 pts. Agora que, tras unha revisión de tódalas axudas outorgadas nese ano, a empresa que recibe a máxima contía global foi *Grupo Cable, S.A.* con tres axudas de máis de medio millón cada unha delas, sumando un total de 1.730.000 pts.

Pola súa banda, en 1998, aínda sen mencionarse nada na convocatoria, semella que se levou a cabo un procedemento similar, xa que –como quedou dito atrás (páx. 69)– varias empresas recibiron máis dunha axuda, ben polo mesmo concepto (a maioría), ben por conceptos diferentes, aínda que se descoñece se as diferentes axudas para a mesma empresa foran presentadas en solicitudes diferentes ou se as dividiron na propia administración. Daquela, aínda que aparentemente as empresas que obtiveron a cantidade

[187] Aínda que o ano 1993 presenta o orzamento máis elevado de toda a historia das subvencións esta foi para unha fundación (Fundación Semana Verde) polo que o ano 1997 é no que se outorga a unha empresa a maior axuda monetaria.

[188] A partida deste primeiro grupo para as empresas foi de 67.000.000 de pts., para as AISFL destináronse algo máis de 79 millóns.

[189] A partida deste segundo grupo para as empresas foi de 33.000.000 de pts, para as AISFL 40 millóns de pesetas.

máis alta concedida (1.500.000 pts.) no ano 1998, foron as tres firmas da táboa anterior para actividades publicitarias, a realidade é que a cantidade máis elevada de diñeiro volveu conseguila, por segundo ano consecutivo, a *Axencia Galega de Noticias, S.A.*, ó sérenlle concedidas tres axudas dun millón de pesetas cada unha baixo o concepto de "actividade xornalística". Séguena con contías inferiores: *Radiotelevisión Compostela, S.L.* con dúas subvencións dun millón de pesetas, ámbalas dúas para "actividade audiovisual" e xa cunha única axuda pola mesma contía, outras dúas firmas compostelás: *Siena, S.A. (Servicios de Información Educativos y de Noticias Siena, S.A.); Ctv, S.A.;* dúas empresas coruñesas: *Fenda Filmes, S. Coop. Ltda.* e *Editorial La Capital, S.L.* e unha do Baixo Miño: *Adegas Terras Gauda, S.A*; a única dedicada a unha actividade afastada da comunicación (un sector dos máis subvencionados).

Nese ano 1998, as AISFL (Asociacións e Institucións sen Fins de Lucro) tamén viron reduci-las súas contías, pero, fronte ó que sucedeu coas empresas, seis recibiron cantidades superiores ó millón e medio de pesetas, mesmo unha superou os catro millóns establecidos. Tres eran asociacións empresariais e outras dúas fundacións (das cales, unha delas estaba directamente relacionada co ámbito empresarial e implicada coa lingua: *Fundación Galicia-Empresa*).

Táboa 8: Asociacións empresariais (e similares) subvencionadas coa máxima contía en 1998

Denominación da empresa	*Contía (pts)*	*Actuacións*
Federación de Libreiros de Galicia	1.600.000	Premios "Irmandade do libro".
Asociación Galega de Cooperativas Agrarias	2.000.000	Número 4 da revista "Cooperación".
Fundehsga[191]	2.500.000	Outras publicacións
Fundación Galicia Empresa	3.000.000	Programas informáticos/CDs
Confederación de Empresarios de Galicia	4.500.000	Normalización no ámbito empresarial.

Fonte: elaboración propia, a partir dos datos do CCG

A axuda máis elevada correspondeulle á *Confederación de Empresarios de Galicia,* feito que protagonizou unha serie de protestas a través da prensa debido ó pouco interese polo galego que se percibía na organización. O proxecto subvencionado era moi ambicioso e abarcaba unha serie de actuacións coas que se pretendía darlle un impulso á normalización neste ámbito, baseándose no papel da *Confederación de Empresarios de Galicia*[192] como

[190] DOG núm 25 do 8 de febreiro de 1999.
[191] Fundación Desenvolvemento Humano e Social de Galicia.
[192] A CEG non ten empresas directamente asociadas senón que estas están inscritas nas asociacións sectoriais e provinciais correspondentes que á súa vez son socias da CEG.

marco de referencia para unha maioría de asociacións de empresarios e, ó final, para as empresas. O devandito proxecto incluía desde a tradución da páxina web da CEG ó galego ata a elaboración dun manual de fichas xurídicas no noso idioma para repartir en tódolos departamentos xurídicos das empresas, pasando pola tradución de programas informáticos (de rexistro, contabilidade e nóminas), tradución da *Axenda galega do autoemprego: cómo crear unha empresa*; e a elaboración dun *Vocabulario do sector téxtil*. Finalmente esta última foi a única actividade que xustificou os 4 millóns e medio[193], feito derivado de que a convocatoria non esixía a xustificación de tódalas actividades previstas, senón simplemente se debían presentar facturas pola cantidade outorgada.

Para establecer unha comparación con todo o período estudado, na Táboa 9 poden verse as entidades empresariais que recibiron as cantidades máis elevadas de diñeiro:

Táboa 9: Asociacións empresariais que recibiron a contía máis elevada no período

Descrición Empresa	*Ano*	*Contía(pts)*	*Actuacións desenvolvidas*
Centro Lingua E Empresa	1996	7.465.920	BBS sobre o galego. Xornadas[194].
Agrup. Com. Hostel. Moaña[195]	1993	5.500.000	Rotulación,carteis e documentación.
Confed. Empresarios de Lugo[196]	1993	5.000.000	
Confed. Empres. de Galicia	1998	4.500.000	Normalización no ámbito empresarial.
Asoc. Rianxeira de Empres.	1993	4.000.000	Calendarios, estatutos, documentación e rotulación.
Acotes[197] ***A. Comerc. Santiago***	1993	4.000.000	Carteis de rebaixas, camisetas, bolsas e documentación.
Asoc Sonense de Empresarios	1993	4.000.000	Documentación[198]
Fed. Comerc E Ind. Morrazo	1994	4.000.000	Campaña[199].
Unión Coop. Agrarias Ferrol[200]	1994	4.000.000	Imaxe corporativa, rotulación exterior, documentación, etc
Fed. de Empres. Barbanza	1994	4.000.000	Publicacións e material[201].
Fed. de Empres. Barbanza	1995	2.000.000	Campaña , revista e SNL[202]
Fed. Libreiros de Galicia [203]	1998	1.600.000	Premios Irmandade do libro".

Fonte: elaboración propia cos datos do CCG

Con respecto ás cantidades mínimas percibidas, pártese da mesma situación de falta de

[193] Mentres que as anteriores recibiron unha subvención da Unión Europea para a que se presentara un proxecto similar na mesma época.
[194] III xornadas "Vender en galego".
[195] Agrupación do pequeno comercio e hostelería de Moaña.
[196] Non aparece recollida a actuación para a que recibiu a subvención a Confederación de Empresarios de Lugo.
[197] Agrupación de Empresarios del Comercio Téxtil de Santiago de Compostela
[198] Documentación, guías comerciais, rótulo exterior, estatutos, calendarios, etc.
[199] Campaña de galeguización de relacións comerciais.
[200] Unión de cooperativas agrarias de Ferrol.
[201] Revista, guías, material didáctico, bolsas.
[202] Campaña “Merca no teu concello”, revista da federación e servizo de normalización lingüística.
[203] Sita en Santiago de Compostela.

datos ca para as máximas. A única ocasión na que se fai referencia ó establecemento dunha contía mínima foi na orde de resolución de 1996 ó establecérense 50.000 pts. para aqueles casos en que as porcentaxes[204] que lle correspondesen a algunha empresa, segundo a puntuación aplicada, quedasen por baixo desta cantidade. Non se atopou ningunha outra mención no resto dos anos; pero na análise feita vese que, igual que sucedeu coas contías máximas, tamén se viron reducidas as mínimas. Así, mentres en 1991, a subvención máis baixa entregada foi de 150.000 pts. (CCNL, s.d.3: 48), en 1998 foi de cinco mil pesetas[205]. No entanto, esta cifra non resultou se-la menor cantidade recibida nese ano por unha empresa, posto que a firma beneficiaria (*Couto Sáez, José Manuel)* recibiu outras cantidades por outros cinco conceptos, ata sumar 110.500 pts.[206]. De igual maneira ocorreu con *Angel Luis Bozal Antolín,* que recibiu tamén no ano 1998 a segunda cantidade máis baixa (5.300 pts.) para publicidade, pero beneficiouse doutras dúas axudas máis para o mesmo concepto, co que chegou a xuntar máis de cento oitenta mil pesetas[207]. Isto mesmo sucede en 1999, pois a cantidade mínima concedida (8.700 pts.)[208] non foi a única recibida pola empresa destinataria, que obtivo un total de 30.000 pts. Daquela, a menor axuda que se lle outorgou a unha única empresa foron dez mil pesetas coas que se incentivou a un total de dez firmas. En anos anteriores as cantidades mínimas foron algo superiores ás que se acaban de citar, non baixando de 15.000 pts. en 1993, 1994 e 1997).

A contía mínima outorgada a unha asociación de empresarios queda establecida polas 38.280 pts. coas que se beneficiou a Asociación de Empresarios e Comerciantes das Neves en 1999 para publicidade. A distribución monetaria neste colectivo é tamén, en xeral, dificilmente explicable. Destaca por exemplo o ano 1995, cando a metade das asociacións empresariais obtiveron a mesma cantidade de diñeiro (1.400.000 pts.) para actuacións bastante diferentes: congresos, edición de libros, revistas, rotulación, campañas... Vese con máis detalle na seguinte táboa:

[204] O punto catro desa orde di: "concederlles ás solicitudes que acaden seis, cinco ou catro puntos unha valoración do 4% por punto acadado, e ás que teñan tres, dous ou un, unha valoración do 2% por punto acadado".

[205] Trátase da contía máis baixa asignada por proxecto a unha empresa, nos anos anteriores a 1993 empresas e asociacións ían –como xa se dixo– no mesmo grupo.

[206] Aparecen concedidas axudas para cinco actuacións diferentes coas seguintes cantidades e denominacións: 5.000 (documentación da empresa); 12.500 (rotulación); 16.500 (documentación da empresa); 25.000 (publicidade); 52.500 (publicidade).

[207] As cantidades para esta firma dividíronse do seguinte xeito: 5.300 (publicidade), 78.000 (publicidade), 100.000 (publicidade).

[208] Concedéronllas á empresa *Agro Acuña, S.L.* para unha campaña publicitaria na radio, pero no mesmo ano a mesma firma recibiu 30.000 pts para outros obxectos promocionais: pancartas, tarxetas visita, adhesivos.

Táboa 10: AISNL do ámbito empresarial beneficiadas en 1995 coa mesma contía[209].

Empresa	*Ano*	*Contía (pts)*	*Actuacións desenvolvidas*
Unión Hostelería Galega	1995	1.400.000	Carteis, guías, boletíns...[210]
Asociac. Empr. Gandería Galega (Oleiros)	1995	1.400.000	Congreso anual e díptico.
Fed. Comerc. e Indust. Do Morrazo (Cangas)	1995	1.400.000	Campaña xeral e campaña sectorial específica.
Asoc. de Empr. e Prof. Autónomos (Son)	1995	1.400.000	CD-ROM, rótulo e publicacións[211].
Asoc. Galega de Coop. Agrarias – Agaca)	1995	1.400.000	Documentación varia[212].
Confederación de Empresarios de Galicia	1995	1.400.000	Edición da Axenda galega autoemprego.
Asociación Empresarios de Hostelería	1995	1.400.000	Carteis, rótulos , listas de prezos e trípticos.
Asoc. Superm. e Autoserv. da Coruña	1995	1.400.000	Rotulación e publicacións.[213]
Agrupación Comerciantes de Santiago	1995	1.400.000	Campaña.[214]
Asoc. Emp. Construcción de Pontevedra	1995	1.400.000	Convenios, estatutos, boletins.[215]
Asoc. Usuarios de Abastos de Compostela	1995	1.400.000	Rotulación e revista.
Asociación Rianxeira de Empresarios	1995	1.400.000	Rótulo luminoso, material uso interno.
Asoc. Empr. Artes Gráficas de Galicia	1995	1.400.000	Publicación de "Petroglifo"[216]
Asoc. de Empresarios de Padrón	1995	1.400.000	Material de oficina, guías e tríptico[217]

Fonte: elaboración propia cos datos do CCG

Outras entidades recibiron cantidades moi inferiores para conceptos que, coa información da que se dispón, tampouco se sabe se realmente teñen moito menor interese. Así por exemplo, a *Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos do Concello de Viveiro* recibiu 151.000 pts. en 1995 para "carteis e trípticos da Feira costa norte"

[209] O resto de asociacións non empresariais (dentro das asociacións sen fins de lucro do ámbito socio-económico: sindicatos, consumidores...) teñen tamén axudas para publicación de boletíns pero a contía é moito menor do millón de pesetas. Rondan esta cantidade aquelas que teñen entre as súas actividades "actividade xornalística" ou "actividade audiovisiual".

[210] Nas observacións da base do CCG aparece: Lista de prezos, carteis, edición guías hoteis e restaurantes de Galicia, edición boletíns informativos.

[211] Nas observacións da base do CCG aparece: CD-ROM en galego, castelán e inglés, rótulo luminoso, boletín mensual da A.E.S., guías, carteis, trípticos, varios, mapas bilingües.

[212] Nas observacións da base do CCG aparece: Correspondencia, revista, pegatinas, almanaques, diplomas, documentos contables.

[213] Nas observacións da base do CCG aparece: Rotulación interior de supermercados e pequenos autoservizos, publicación libro consulta sobre mercadorías.

[214] Nas observacións da base do CCG aparece: "Merca en galego, merca en Compostela", carteis, pegatinas, pins.

[215] Nas observacións da base do CCG aparece: Publicación convenios, estatutos bilingües, boletíns informativos bilingües e base de prezos da construción en Galicia.

[216] Nas observacións da base do CCG aparece : Agás o último trimestre de 1995.

[217] Nas observacións da base do CCG aparece: Adquisición de material impreso de oficina, publicación das guías de exaltación das festas da bisbarra, dos momumentos e da arte da bisbarra e do tríptico de exaltación gastronómica da bisbarra.

Trala análise feita pódese deducir por un lado que o reparto do diñeiro variou moito segundo os anos, pero facendo un balance global da asignación orzamentaria, destaca que máis da metade das subvencións concedidas a empresas nese período[218] (1222 de 2321, que supoñen o 52,6 %) non chegaron ás 100.000 pts.; mentres, só o 28,9 % das recibidas por asociacións de empresarios foron inferiores a esa cantidade (123 de 429), sendo as cifras dos dous últimos anos as culpables de baixa-la media, cunha maioría que non acada as cen mil pesetas, fronte ós primeiros anos onde as axudas de máis de dous millóns e medio de pts. tiveron un peso moi considerable. No medio queda o ano 1996 que destaca por concede-lo 60,7% das subvencións de 50.000 pts., seguindo as indicacións que establecera a comisión de que sería esta a contía mínima, como xa se comentou no seu momento[219].

O descenso da asignación orzamentaria atribuída a cada empresa conforme foron pasando os anos puido se-la razón que provocou que proxectos de grande repercusión para o idioma coma "Vieiros"[220] –primeiro xornal dixital realizado en Galicia– obtivesen en 1997 a mesma cantidade de diñeiro que en 1993 recibira por exemplo o grupo *Gaper II, S.A* para "etiquetas, envases, papel, catálogo e documentación". A propia Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística da Xunta de Galicia recoñeceu como reto fundamental para calquera lingua minorizada[221]o eido das novas tecnoloxías, de feito cita esta axuda no seu informe como exemplo:

> A creación dun espacio comunicacional galego e en galego na Internet foi e é unha das tarefas máis importantes realizadas pola DXPL neste período que estamos a analizar[222]. Para conseguir estes obxectivos a DXPL colaborou na creación de Vieiros, o barrio galego na Internet, espacio que pretende converterse no punto de encontro de tódolos galegos, non só en Galicia senón tamén no mundo enteiro, utilizando a nosa lingua e a información como fío conductor deste lugar (CCNL, 1998: 41).

[218] Déixase de lado a diferenciación empresa/proxecto subvencionado.

[219] A contía media no período 1993-1999 correspondente ás empresas foi de 233.112,57 pts. e a das asociacións no mesmo período de 514.768,99 pts. En palabras de Antón Porto "[...] mentres as empresas representaban un 77,21% do número de subvencións entregadas neses anos, a contía total que lles foi entregada chegou ao 60,9%. Pola contra, o número de subvencións a asociacións empresariais quedou nun 14,3% e a súa contía foi o 24,92% do total" (Porto Sánchez, 2002: 62). O resto dos beneficiados que computa Porto Sánchez son tódalas institucións sen fins de lucro que teñen relación co ámbito económico: administración corporativa, sindicatos, asociacións de consumidores, colexios profesionais e outros.

[220] Vid. nota 181.

[221] No informe de 1998 expóñense as necesidades no ámbito das novas tecnoloxías, sector que consideran fundamental na actualidade. Para atender a tal necesidade a DXPL asegura que realizou traballos de produción e distribución de ferramentas informáticas coma programas de xestión, conxugadores de verbos galegos, CD divulgativos, correctores ortográficos... colaborando co Instituto da Lingua galega.

[222] O período referido é de 1983 –publicación da Lei de Normalización Lingüística– a 1998, ano do informe.

Pese a isto, vese que recibe a máxima axuda establecida na orde dese ano (recórdense os 4.000.000 de pesetas concedidas á empresa *item:)aga*), pero non se lle deu carácter extraordinario, como se fixo noutras ocasións. Aínda que xa no ano 1996, e respondendo ó mesmo espírito expresado arriba pola CCNL[223] tamén unha entidade sen fins de lucro, *Centro de Estudios Lingua e Empresa*, recibiu unha das axudas máis importantes (7.465.920 pts) para "BBS sobre o galego"[224] (que deu como froito o web <http:// www.galego.org>[225]) e mais para outras actividades (a realización das III xornadas "Vender en galego").

Vendo isto, considerouse a necesidade de investiga-la relación entre o reparto orzamentario e as actividades subvencionadas por un lado, e a tipoloxía das empresas polo outro.

O reparto orzamentario e as accións subvencionadas

Cando se analizaron as ordes das convocatorias, viuse que a tipoloxía das actividades subvencionadas non variou moito segundo correron as convocatorias, aínda que si se modificou a súa prioridade. De feito, as tres modalidades citadas en 1990 (papelería, rotulación e publicidade) son basicamente as mesmas que chegaron ata á orde do ano 2000, aínda que houbo variacións na priorización das actividades durante o período temporal intermedio.

Nos anos 1993, 1994 e 1995[226] considerábase actividade prioritaria a constitución de Servizos de Normalización Lingüística (SNL), ós que mesmo se lles indicaban as funcións, actividade que nos anos 1998 e 1999[227] pasou a ocupa-lo segundo lugar dentro dos criterios

[223] Así se cita no mesmo informe da CCNL: "a DXPL subvenciona galego.org, espacio na rede que na actualidade se constitúe como o maior centro de recursos e información sobre a nosa lingua na rede de redes. A súa vocación de foro de debate e discusión sobre temas lingüísticos, na súa extensión máis ampla, consegue que sexa considerada como a web de referencia en todo o mundo sobre a nosa lingua" (CCNL, 1998: 41).

[224] Un dos promotores da iniciativa, Daniel Romero, comentou as orixes do proxecto: "a BBS que subvencionou a DXPL veu sendo o web *http:// www. galego.org*. Agora o espazo está integrado en *Vieiros* coma unha canle máis, pero naceu coa intención de ser unha especie de web privado (ó que naquel momento se lle chamou BBS) da lingua galega, para que aquelas persoas que traballasen en aspectos relacionados coa lingua puidesen compartir recursos (poñendo en liña documentos de todo tipo); opinións (a través de foros temáticos) e contaran cunha ampla base de datos. Empezou así pero non tardou en se converter nun espacio estático". (Entrevista inédita a Daniel Romero, realizada en decembro de 2001).

[225] No 1997 recibiu 2 millóns e no 1998 en concepto de "creación de lista automática de distribución, mantemento en Internet de "GALEGO.ORG"", organización II Xornada Internet en Galicia e versión en alemán e francés de "GALEGO.ORG". Logo no ano 1998 recibiu 825.000 pts por "Especial 17 de maio, web RGA e mantemento de GALEGO.ORG".

[226] Non foi posible consegui-la convocatoria dos anos 91 e 92 nin na DXPL. As ordes dos anos 1993 a 1995 están, por orde temporal, nos seguintes DOG: DOG núm. 41 do 2 de marzo de 1993, DOG núm. 51 do 15 de marzo de 1994 e DOG núm. 32 do 13 de febreiro de 1995.

[227] DOG núm. 26 do 9 de febreiro de 1999.

de subvención, nunha lista en que se indicaban os criterios preferentes "sen orde de prelación", e onde o punto un era a "galeguización en actuacións de carácter permanente"[228]. Como novidades, e unicamente en 1997, considérase subvencionable a formación en galego do cadro de persoal.

Pese a se-la actividade máis promocionada nas ordes, non é a máis subvencionada, quizais por non se-la máis solicitada. Facendo unha cala nas accións subvencionadas en 1999, e comparando coas de 1996, ano en que non se citaron ningún tipo de accións preferentes (vid. 2.2.1.1.1, páx 60) compróbase que a actividade para a que se concederon máis axudas foi a publicidade[229]:

Gráfico 7: Actividades subvencionadas nos anos 1996 e 1999



Fonte: elaboración propia[230]

No entanto, a actividade que máis se pretendeu potenciar durante o período 1993-1995 –os Servizos de normalización lingüística ou Gabinetes lingüísticos– supuxeron en 1996 só un 6% do total das accións incentivadas pola administración, aumentando ata o 11% en 1999,

[228] En 1999 perfilouse máis este punto ó denominalo como "fomento do coñecemento e uso social do galego en actuacións de carácter permanente". Coinciden tamén en primar, nos anos 1998 e 1999, a publicidade, a normalización da documentación da empresa e a galeguización do nome comercial, así como en valora-lo ámbito que abrangan as actividades tanto cuantitativa como cualitativamente. Como novidade introdúcese o criterio que fai referencia á "continuidade no tempo na elaboración de accións de calidade".

[229] En realidade no informe da CCNL aparecía a documentación como primeira actividade subvencionada en 1996 porque subdividía a publicidade en *publicidade impresa* (catálogos, carteis, dípticos, etc.) por un lado (23%) e *publicidade en medios de comunicación* polo outro (22%), que ó xuntalas supoñen un 45% do total, xa a bastante distancia da documentación. En 1996, a documentación supón un 24% do total das actividades subvencionadas e queda por debaixo das actividades publicitarias, que acadan un 45%, quedando dez puntos porcentuais por riba da do ano 1999, cando tamén foi a primeira actividade subvencionada.

[230] Os datos de 1996 foron extraídos do informe da CCNL, 1998; os de 1999 da páxina web da DXPL.

ano no que acadaron a mesma porcentaxe cás actividades audiovisuais[231] e mesmo algo máis cá rotulación.

Considero que cómpre pararse a analizar un pouco polo miúdo, a partir dos datos dispoñibles, o impulso recibido para a creación dos SNL, dada a importancia que os mesmos poden ter na normalización da situación lingüística dunha empresa, máis que nada polo traballo global que poden desenvolver[232]. Pártese dos datos que se achegan nas ordes de concesión das axudas, e da información recadada desde o CCG sobre doce servizos lingüísticos dos que comprobaron en certo modo o seu funcionamento, pois en principio non se pode coñece-la cantidade de servizos (nin de ningunha outra actividade) que se puxeron a funcionar nas empresas a partir destas axudas, posto que –como xa dixen– non existen informes da administración ó respecto.

Comezando por estuda-las contías asignadas para o desenvolvemento da actividade, o primeiro atranco é o seu descoñecemento, debido a que nas resolucións das subvencións indicábase –como xa se viu– a axuda total para cada empresa, sen especificar canto correspondería a cada concepto, cando había máis dun[233]. Isto, unido á falta de informes sobre a xustificación das axudas, fai imposible o coñecemento da implantación real de gabinetes lingüísticos; e mesmo no caso dos que se xustificaron, é difícil coñecer cáles foron as súas funcións[234].

Facendo un repaso do diñeiro destinado a aquelas empresas que, ben en exclusiva, ben de xeito compartido con outros conceptos, obtiveron unha axuda para SNL, barállanse cantidades desde os oito millóns de pesetas recibidos no ano 1997 pola *Editorial Compostela* (que como xa se indicou era a cantidade máis alta entregada nunha soa axuda a unha empresa) ata outras case irrisorias para poder poñer en práctica un servizo, como as 50.000 pts. que lles concederon no ano 1996, tanto a un centro de ensino de Lugo

[231] Xa nos primeiros anos do novo milenio convocáronse axudas específicas para as empresas vinculadas ó sector audiovisual para apoia-lo desenvolvemento e a produción audiovisual en lingua galega. (Orde de 15 de febreiro de 2001). Con todo esta medida considérase insuficiente, tal e como se pode comprobar no Manifesto que diferentes profesionais do sector asinaron en 2003: <http://www.amesanl.org/biblioteca/200302_cinemaengalego.html>

[232] A experiencia dos servizos en Cataluña pode verse en Planella i Domènec (1997). Para profundizar máis sobre o perfil dos técnicos nesa comunidade: Casals i Andreu (1997).

[233] Exceptuando os anos 1993 e 1999, posto que, no primeiro caso especifícase na acta da reunión de resolución das axudas e en 1999 xa cada subvención correspondía a un único concepto.

[234] Toda a información foi elaborada a partir das ordes de resolución das axudas e de pequenas averiguacións tanto nas empresas como no material pertencente ós informes da Sección de Lingua do CCG.

(*Jumer*)[235] como a unha empresa de servizos de Allariz, aínda que se descoñece se realizaron a actividade partindo desa axuda.

No seguinte cadro pódense ve-las contías máis altas destinadas a incentivar SNL durante o período estudado:

Táboa 11: Empresas e Asociacións empresariais subvencionadas con tres ou máis millóns de pesetas para SNL entre 1993 e 1999

DENOMINACIÓN	CONTÍA(pts)	ANO	OBSERVACIÓNS
Feiraco, S. Coop. Ltda.	3.000.000	1997	Outros conceptos: publicacións.
Editorial Compostela, S.A.	3.230.634	1993	Outros conceptos: material.
Handem, S.A. (San Luis)	3.330.000	1993	Elaboración plano de normalización[236]. Outros conceptos: edición de tarxetas de compra en punto venda, edición manual uso electrodoméstico, carteis e folletos.
Federación de Empresarios do Barbanza	4.000.000	1994	Faltan datos. Outros conceptos: bolsas, material didáctico, revista, guías, etc.
Unión Cooperativas Agrarias de Ferrol	4.000.000	1994	Faltan datos. Outros conceptos: imaxe corporativa, rotulación ext., documentación, etc.
Europa Press Delegaciones, S.A.	4.000.000	1997	Faltan datos
Item:)Aga, S.A.	4.000.000	1997	Faltan datos. Outros conceptos: "Vieiros".
Confederación de Empresarios de Galicia	6.000.000	1993	A subv. foi para 5 SNL.
Editorial Compostela, S.A.	8.000.000	1997	Outros conceptos: documentación, servizos ó público e outros.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do CCG

As cantidades destinadas para este efecto fóronse reducindo conforme se foi avanzando no tempo, dentro do xa comentado descenso xeral de asignacións económicas ás empresas. Así os tres millóns de pesetas só se superan antes de 1998, ano no que o límite está no millón de pesetas que non acadan nin a metade das beneficiadas[237]. En 1999 subvencionouse o servizo de 10 empresas con menos de 150.000 pts., e o resto con cantidades que non chegaron ó millón de pesetas, superando esta cantidade só dúas de vinte e dúas beneficiadas (*El Progreso* de Lugo e *Madeiras Villapol* de Trabada que

[235] Na documentación do CCG recóllese que na acta da aprobación das axudas se especifica que esta subvención é para unha prórroga de 10 meses do servizo para o que lle concederan 450 mil pts. o ano anterior.
[236] Nótese que non se fala da contratación de persoal nin da constitución dun SNL, senón da elaboración dun "plano de normalización", aspecto do que non se obtivo información.
[237] A unha outórganselle 175.000 pts.

recibiron 1.200.000 pts.). Non se coñecen os detalles dos proxectos nos que se pedía o servizo, nin tampouco se se mantivo cunha persoa a tempo completo ou parcial nin durante que período, pero practicamente a mesma cantidade (un millón de pesetas) xa a establecera en 1993 a comisión encargada de estuda-las solicitudes para contratacións de persoal dos servizos a media xornada, e de feito outorgábaselle-lo dobre de diñeiro para a xornada completa[238]. Pese a estas indicacións da comisión, no mesmo ano concedéronse dúas axudas de 500.000 pts.[239] para este concepto, feito que non se xustifica.

As cantidades máis baixas que serviron para poñer en marcha servizos lingüísticos (deixando fóra as 50.000 pts. mencionadas arriba por non ter asegurado o seu destino) quedaron fixadas nas 350.000 pts. que recibiu *U.P. Informática, SL* en 1994 (coas que contrataron durante dous meses a unha persoa a xornada completa), e nas concedidas durante 5 anos á rianxeira *ARQO Arquitectura e Urbanismo, SL*, que foron descendendo de 600.000 en 1994 ata 120.000 en 1999, pasando polas 300.000 en 1995, 225.000 en 1997 e 400.000 en 1998[240]; sendo esta unha empresa que declara estar comprometida coa lingua (o galego é o seu idioma vehicular dentro da Comunidade Autónoma), e tendo un servizo de normalización funcionou de xeito continuado neste período, xa que formaba parte do organigrama da empresa[241].

Pola contra, axudas moito máis elevadas, coma a recibida pola citada *Editorial Compostela* ou pola compañía láctea con orixe cooperativa da comarca da Barcala, *Feiraco*, non derivaron nunha galeguización da empresa. A primeira delas subvencionaba un servizo de

[238] Pódese comprobar isto na documentación de 1993, xa que cando se lles dá unha axuda para outros conceptos ademais do SNL aparécenlle-las cantidades divididas; por exemplo a *Sainfo, S.L.* outorgáronlle 3.520.000 pts. pero asignando un millón para SNL e o resto para as outras actividades.

[239] Unha para *Egasur, S.L.* (Ponteareas) e outra para *Distribuidora General de Informática de Galicia, S.L.* (A Coruña). A primeira obtivo tamén 300.000 para documentación.

[240] En 1996 non funcionou o servizo.

[241] Un membro da dirección da empresa manifestou nunha entrevista (realizada para o proxecto Informe de Política Lingüística e Normalización de Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega) a vontade interna da empresa por crea-lo servizo, sen se-la subvención determinante na galeguización da mesma. A concesión da axuda vese coma un acicate para realiza-lo traballo de maneira seria porque segundo el "a subvención obriga a facelo ben". O servizo de normalización desta empresa constitúe unha área a carón doutras no organigrama da empresa e funciona segundo un procedemento específico que houbo que redactar cando a empresa elaborou unha política de calidade para obte-la certificación ISO-9000. Deste xeito un dos principios máis salientables da súa política de calidade é o "uso prioritario do idioma galego nos traballos destinados á nosa comunidade e fomento do mesmo dentro da empresa", o que leva a que desde a publicidade á atención ó público sexan na nosa lingua. Como traballan directamente con contratistas da zona (cos que ó principio tiveron problemas derivados do uso da linguaxe técnica galega do seu sector) co tempo foron converténdose en axentes galeguizadores do seu radio de acción: a comarca do Barbanza. (Os últimos datos din que en 2000 o servizo seguía en activo).

normalización lingüística[242], que xa viña sendo incentivado desde 1993, xunto con outras actividades, como documentación e servizos ó público, nos anos anteriores xa recibira cantidades importantes: en 1993 e 1996 obtivo 3.230.634 pts. e 2.139.000 pts. respectivamente polo servizo mais outros conceptos: material no primeiro caso e documentación no segundo. Nos outros tres anos dos que se conseguiu información só se lle subvencionou o SNL, obtendo en 1994, 1.450.000 pts., en 1995, 2.000.000 pts. e en 1998, 1.000.000 pts. Pese a isto, non é esta unha empresa que se poida considerar como galeguizada, aínda que estea a facer unha aposta por mante-la edición na nosa lingua desde 1994 do único xornal diario en galego: *Galicia Hoxe*[243]. Do cuestionario que se lles pasou desde o CCG (área de economía e empresa do IPNL) non se obtivo moita máis información. Declararon que as funcións do servizo foran a tradución, asesoramento e cursos de formación, así como tradución e/ou repaso e/ou supervisión de textos xornalísticos e de opinión e non contestaron ás preguntar referidas ó tempo de funcionamento do mesmo.

De igual xeito, *Feiraco, Sociedade Cooperativa Limitada,* foi outra das empresa que acadou durante máis anos cantidades importantes para un servizo lingüístico (2.000.000 pts. en 1995, 3.000.000 pts. en 1997, 612.500 pts. en 1998 e 970.000 pts. en 1999). Pese a ser unha cooperativa formada por agricultores e gandeiros de zonas plenamente rurais (e polo tanto galegófonos), e cun mercado basicamente galego, non hai constancia de que usase o galego máis alá da súa revista. En *Feiraco* aseguraron (a través do citado cuestionario do CCG) que o seu servizo levaba funcionando ininterrompidamente desde 1993 e que, ademais da impartición de cursos de lingua galega e da edición neste idioma da revista bimensual, tiña como funcións a tradución, asesoramento, campañas de dinamización lingüística e elaboración dun plan de normalización lingüística, así como a normalización da documentación interna e a publicación de dous libros conmemorativos dos 25 anos (Porto Sánchez, 2002: 130). Pese a estas declaracións, o uso do galego de cara ó exterior nos ámbitos formais semella que se reduce, case exclusivamente, á edición da

[242] Non se conseguiron datos sobre a actividade dos servizos de normalización lingüística propiamente ditos nesta empresa, todo o que se coñece ó respecto é un servizo de tradutores (ocupados basicamente da tradución do diario *O Correo Galego*, hoxe *Galicia Dixital*.

[243] Desde os últimos meses do ano 2003 ten ese nome, o que nacera como O *Correo Galego*.

revista[244], posto que non se detectaron aínda resultados –polo menos desde fóra da entidade– das citadas campañas de dinamización, nin do plan de normalización; de feito, segue a etiquetar e publicitar en castelán unicamente. Na propia páxina web da firma pódense ve-las súas campañas publicitarias sempre en castelán, mesmo cando os destinatarios son os consumidores galegos[245].

Outro caso similar é o do xornal lugués *El Progreso*, que recibiu a subvención para a creación e mantemento dun SNL durante tres anos seguidos, coas seguintes contías[246]: 1.500.000 pts. en 1997, 1.000.000 pts. en 1998 e 1.200.000 pts. en 1999. Tal investimento non derivou nin na galeguización da entidade nin nunha presenza significativa da lingua no xornal. Tampouco hai datos sobre os resultados das axudas que para ese mesmo obxecto recibiu a *Editora nacional galega, S.L.* nos anos 1993 (1.000.000 pts) e 1994 (1.450.000 pts.), aínda que se sabe que ergueu e mantivo un gabinete durante 6 meses no ano 1995 para o que recibira 600.000 pts.

Isto remite a outro problema, que é o do escaso asentamento dos servizos que se sabe que chegaron a funcionar. Mesmo empresas ás que se lles supón un compromiso co galego por formaren parte da *Fundación Galicia Empresa* (casos de *COVSA* e *José Malvar Construcciones, S. A.*[247]), tampouco mantiveron os servizos creados nos anos 1993 e 1994, polo que –pese ás actividades galeguizadoras levadas a cabo nese tempo, non se acadou unha galeguización plena das entidades. A primeira *Construcciones, Obras y Viales, S.A. (COVSA)* nos anos 1993 e 1994 recibiu axudas de 2.000.000 pts. e 1.450.000 pts. respectivamente, para un servizo de normalización que funcionou durante oito meses de 1993 e catro de 1994, nos que unha persoa durante sete horas á semana realizou fundamentalmente labores de tradución[248]. Con respecto a *José Malvar Construcciones,*

[244] Nos anos 1995, 1997 e 1999 (é dicir todos nos que recibiu axuda, menos 1996) foille concedida axuda tamén en concepto de "publicacións" ou "revista". En 1995 na partida de dous millóns de pesetas incluíase tamén documentación e rotulación.

[245] Na páxina web (www.feiraco.es) visitada en setembro de 2004 podíase ler: "Calidad en cantidad", una gran campaña publicitaria para informar a los consumidores gallegos sobre los nuevos yogures Feiraco"). Non se conseguiu averiguar se os cursos de formación destinados ós gandeiros que forman a cooperativa se dan en galego.

[246] Nas tres ocasións o único concepto para o que se deu o diñeiro era a creación do SNL.

[247] Outras empresas do grupo, coma *Adegas das Eiras, S.A.* ou *San Luís* recibiron en 1993 tamén subvención pero non para SNL, para a etiquetaxe e documentación a primeira, e a segunda (denominada *Handem, S.A.*) para documentación e "elaboración dun plano de normalización".

[248] Datos extraídos da entrevista realizada polo CCG á persoa que fora responsable do servizo. Segundo Porto Sánchez (2000: 128) o servizo durou 12 meses entre 1994 e 1995.

S.A.[249], que recibiu tamén 1.450.000 pts. en 1994, puxo a funcionar un servizo durante ese ano 1994 (non se sabe se durante tódolos meses) no que unha persoa, coa que contactara daquela, galeguizou toda a documentación interna e externa, e levou adiante un ciclo de conferencias para os traballadores da firma a finais dese mesmo ano 1994, feito do que se fixera eco a prensa. Xosé González, implicado en certa medida no feito, ofreceu información complementaria ó respecto das súas actuacións:

> *Malvar* non etiquetaba porque era unha empresa de construción, pero traducíronse nóminas, contratos, déronse cursos de galego para os traballadores. E por primeira vez na historia de Galicia, organizáronse unhas conferencias, un curso que durou 20 días, a onde acudiron: o actual presidente da RAG, xuíces, fiscais, xente da universidade... que foron darlles clases ós traballadores da administración de *Construccións Malvar*, unha empresa que tiña por entón 1.200 traballadores. A idea era ir ós sectores máis representativos desde o punto de vista laboral para que eles, seguindo o criterio da verticalidade influísen no resto (Entrevista a Xosé González en xaneiro de 2002).

Centrando agora á análise no período de duración dos SNL[250],

O período temporal de mantemento dos SNL, nos primeiros anos, semella ter certa relación coa asignación económica, polo menos nos primeiros anos. De feito, á empresa de comunicación *Rías Baixas Comunicación, S.A.*, igual có xornal ourensán *La Región* e ca *M.C. Vídeo, S.L.*, subvencionáronlle-lo servizo no ano 1995 durante dez meses, coa asignación dun millón de pesetas. Nese mesmo ano outorgóuselle á *Editora Nacional Galega* unha axuda de 600.000 pts.para mantelo seis meses; pola súa banda, a empresa do sector da hostalaría e viaxes[251], *REMOCSA, S.A.* mantivo o servizo cinco meses (de maio a setembro) con 500.000 pts. Neste momento parecía estar establecida unha contía de cen mil pesetas por mes, pero semella que se reduciu nos últimos anos da década pois en 1998 sábese que durante 12 meses estivo contratada unha persoa en *Lugovisión*, tras recibir unha axuda dun millón de pesetas, mesmo período que mantiveron á mesma persoa asignada a *TeleLugo El Progreso* no ano seguinte (1999), pero cunha contía considerablemente máis baixa: 470.000 pts. Como xa se indicou atrás, estas dúas firmas son en realidade a mesma[252], feito que podería xustifica-la redución monetaria ó interpreta-lo como renovación do servizo, aínda que non se especifica.

[249] Denominada en moitas ocasións, e segundo en que contextos, *Construcciones /Construcións Malvar*. Nos últimos tempos foi adquirida por *Obrascón Huarte Laín*.
[250] Só se poden ofrecer datos daquelas empresas das que se ten algunha información, que son 12 das 153 que nalgún momento tiveron subvención para SNL, en exclusiva ou xunto con outros conceptos.
[251] A clasificación sectorial responde á establecida no rexistro da base de datos do CCG.
[252] Na base de datos do CCG, obsérvase o seguinte: "en realidade, o número de empregados consignado é o da empresa matriz, *El Progreso, S.L.*" As funcións do servizo de *TeleLugo* (que funcionou desde 1998 a 2000

Como xa se dixo, é difícil facer un balance global do resultado de incentiva-los servizos, dado que se descoñecen os datos sobre a posta en práctica real de moitos deles. Pódese simplemente saber cantos se subvencionaron por ano: nove en 1993[253], dezasete en 1994, dezaseis en 1995, seis en 1996, oito en 1997, vinte en 1998 e vinte e dous en 1999.

Outra actividade con grande repercusión na normalización da lingua na actualidade son as actividades que teñen que ver coas novas tecnoloxías, principalmente coa internet, como xa se viu que recoñeceu a propia administración. No entanto, no ano 1997 comezaron as axudas para o concepto "sitios web" do que só se beneficiaron cinco empresas, baixando a tres no ano seguinte, e aumentando en 1999 ata un total de 79[254]. A asignación orzamentaria para a creación e desenvolvemento de comunicación por rede (basicamente páxinas web), á vista dos datos e igual que sucede no resto das actividades, nin é homoxénea nin ás veces coherente. Así, en 1999, ano en que a empresa *Ciberespacio Cultural Alternativo, S.L. (A Coruña)* obtivo a contía máis baixa de todo o período para este concepto (20.000 pts. que se asignaban, segundo o DOG, para "internet"), outras firmas[255] conseguían sesenta ou oitenta mil pesetas polo concepto "páxina web"[256]; mentres que *Teleco Galicia, S.L.* recibía 80.000 pesetas para a páxina web e mais para repartir con outros conceptos (publicidade en radio e TV, e mais trípticos) e unha empresa da Arnoia[257] 180.000 por "carteis, programa e páxina web".

O criterio do reparto do orzamento para esta mesma actividade tampouco está moi claro entre as asociacións sen fins de lucro, aínda que os conceptos que definen as subvencións achegan algo máis de luz. Por exemplo, o *Colexio Oficial de Xestores Administrativos* recibiu 135.000 pesetas en 1999 para "tradución e maquetación da páxina web"[258] e no mesmo ano a *Asociación de empresas do téxtil de Galicia* obtivo 820.000 pesetas polo

segundo declararon os responsables no cuestionario para o IPNL) foron a de tradución, asesoramento e cursos de lingua breves sobre cuestións gramaticais da lingua.

[253] Na base de datos do CCG só están recollidas nove, aínda que Lorenzo e Bouzada (1997: 95) aseguran que "no ano 1993 conséguese a creación de 14 SNL en empresas".

[254] Recórdese que sempre se xoga coas cifras do DOG, dado que non se puido coñece-lo número de empresas que fixeron as solicitudes nin tampouco a cifra das que, tras serlle aprobada a subvención, levaron a cabo a actividade.

[255] Igual que as empresas tamén as entidades sen fins de lucro reciben estas mesmas axudas.

[256] En 1999 a maioría das axudas para este concepto son de 60.000 e 80.000 pts., pero recórdese que unha empresa podía presentar ata tres proxectos. Así, a firma coruñesa *I LATINA SOFTWARE, S.L* recibiu tres axudas nese ano de 80.000 pts. para sitios web, cada subvención para un diferente, segundo aparecen especificados na base do CCG: Recurso Internet "Santiago de Compostela", Recurso Internet "A Coruña" e Recurso Internet "El camino de Santiago". Chama un pouco á atención que se incentivara un sitio cun título en castelán. (Xa dixen que a información esta procede da base de datos do CCG).

[257] Aparece como razón social da empresa: Mª Ángeles González Rodríguez, polo que se deduce que se trata dunha empresaria autónoma.

concepto "plataforma virtual de información"[259], do que se pode xustifica-la diferenza orzamentaria. De feito, si se pode ver un resultado diferente, pois fronte á opción de visita en galego por tódalas páxinas que ofrece a segunda, só se atopa unha única páxina do 2001 da primeira[260].

Pero non é só no tema dos sitios web onde se detectan tales diferenzas. Tamén houbo moita variación na asignación monetaria para a acción máis subvencionada do período, a publicidade, para as que se outorgaron 997 axudas con contías moi diferentes. Esta variación podería ser xustificable, porque, ó tratarse dun concepto moi amplo, os proxectos que podería presentar cada empresa serían moi diferentes. Por este mesmo motivo escollín só dous obxectos dos máis subvencionados, bolsas e folletos, para facer unha pequena cala. As axudas que recibiron os establecementos comerciais para "bolsas"[261] exclusivamente, varían dentro do mesmo ano e algo duns anos a outros, e aínda que se poidan barallar algunhas xustificacións (maior cantidade de produtos, localidade ou tamaño do comercio...) non se pode asegurar coa información da que se dispón. Nun mesmo ano (1993) e nunha mesma localidade (Pontedeume), unha tenda de la[262] recibiu 25.000 pts., a contía máis baixa entregada nesa partida, mentres que, outros establecementos (dúas ferraxarías, unha tenda de fotos e unha panadería) conseguiron entre 50.000 pts. e 90.000 pts. Nese mesmo ano, pero en localidades diferentes, para o mesmo concepto, un comercio de Xinzo da Limia obtivo 102.500 pts., unha libraría da Coruña 150.000 pts., superados todos polas tendas vilagarciás, unha de zapatos que obtivo 295.000 pts. e outra de roupa (*Popeta & Jg, S.L.*) á que lle concederon 384.000 pts.[263]. Foi nos anos 1994 e 1999 cando máis subvencións se deron para este concepto en exclusiva (doce cada un deles), mentres que no período intermedio só houbo axudas en 1996[264], cando se lle outorgaron 50.000 pts. a un comercio de Boiro e 150.000 pts ó ano seguinte a *Comer Cinco, S.L*[265]. A cantidade

[258] Ano no que tamén recibiu a mesma cantidade para un Curso de galego na Internet.
[259] Exceptúanse as dúas xa citadas arriba (*Centro de Estudios Lingua e Empresa* e mais *item:)aga)*
[260] Estas entidades podían localizarse en setembro de 2004 (data da última visita) nos seguintes enderezos: <www.gestores.net> e <www.atexga.com>
[261] Atendeuse só ás que aparecen designadas nos DOG como "bolsas", "bolsas comerciais", bolsas de comercio", "bolsas propaganda". Logo houbo axudas en que as bolsas ían ó lado doutros conceptos.
[262] Trátase da empresa *Lanas Leira*.
[263] Non se pode facer un seguimento da incidencia xeográfica das accións por faltar esta información na maioría delas.
[264] Este mesmo ano, outro establecemento comercial recibe a mesma cantidade de diñeiro pero para máis accións cás bolsas: "bolsas, tarxetas, publicidade radio, trípticos" foi o concepto para o que a empresa a nome de Mosquera Rey, Marcos Antonio recibiu o diñeiro.
[265] Só aparece o nome (*Comer Cinco, S.L.*) pero non se sabe de onde é nin a súa actividade.

máis baixa en 1994 foi de 16.000 pts. para unha mercería e a máis alta de 1.200.000 que recibiu a cadea de *Supermercados Froiz*, nove obtiveron entre 30 e 75 mil pesetas, mentres que unha tenda de fotografía redondelá *CAL-3* conseguiu 145.000 pts. para as bolsas de revelado. En 1999, as doce axudas entregadas foron por corenta, sesenta ou oitenta mil pesetas. Como se pode ver, só a subvención que se lle asignou a *Froiz* está fóra dunhas cifras que escasamente chegan ás cen mil pesetas, cantidade quizais explicable dada a implantación de tendas que a cadea ten por toda Galicia[266]. Con todo, na actualidade esta firma deixou o galego totalmente relegado, se cadra debido á súa expansión fóra das fronteiras da comunidade.

A diferenza de diñeiro é máis alta nos obxectos promocionais denominados como "follas de oferta" e "dípticos publicitarios", outorgando axudas moito máis elevadas nos primeiros anos das que se deron a finais da década estudada, o que provoca contrastes tan rechamantes coma os que xorden ó poñer á par os máis de tres millóns e medio de pesetas para *Cash Sar, S.A.* (A Coruña) ou *Quenxo, S.L* (Rianxo) en 1993, fronte ás cantidades que escasamente superan ás 250.000 pts en 1998 e 1999 (subvencionouse este concepto con cantidades que sobrepasan as 100.000 pts. nun 21% dos casos[267], sendo as que superan as 250.000 pts. só o 11%. do total).

Moitos destes "folletos" englobáronse na base de datos do CCG uns dentro do grupo "obxectos promocionais" e outros dentro das "publicacións", ó seren moitos deles folletos de promoción dalgunha asociación. De feito, a epígrafe "publicacións" vén sendo un caixón de xastre onde entran actuacións bastante diversas, por iso xa non me paro a analizar máis ca os casos onde as variacións orzamentarias foron máis rechamantes. A maioría dos subvencionados para este concepto son editoriais e asociacións que teñen publicacións periódicas, e as cifras que se entregaron variaron desde as 15.000 pesetas para a revista dunha editorial en 1997, ata os case once millóns que se lle outorgaron no mesmo ano á *Axencia Galega de Noticias (AGN)*[268]. O concepto "publicacións" é quizais máis difícil de valorar cós anteriores, porque ademais de criterios como a cantidade de volumes,

[266] Non se sabe cantos establecementos tiña naquel momento, pero dez anos despois, en 2004, o xa denominado *Distribuciones Froiz* (que ademais dos supermercados dese nome agrupa as firmas como *Tandy* ou *Cash*) conta con 133 distribuídos por toda Galicia (www.froiz.es), ademais de establecementos no Norte de Portugal e León.
[267] Foron 133 das 637 que recibiron neses dous anos a axuda para ese concepto.
[268] Repartidos en tres subvencións que non acadaban os catro millóns, cifra máxima que se podía outorgar nese ano. De tódolos xeitos, esta subvención que na base de datos do CCG aparece dentro de "publicacións" aparecía no DOG baixo o concepto de "persoal e transmisión de información".

poden influír desde a inmensa variación no tipo das publicacións (libros, revistas, folletos...) ata a posible repercusión da actuación, factor este que quizais motivase o volume de cartos outorgados a AGN. De tódolos xeitos, e como non se coñecen os detalles, só se presenta outro exemplo dos anos lindeiros do período en que se concederon axudas para este concepto (1995-1999). Pode destacar que en 1999 se incentivara con 30.000 pts. a edición de dous libros (un sobre a Illa de Ons e outro sobre a Residencia da terceira idade Valle-Inclán), fronte a cantidades que en 1995 superaron o millón de pesetas para revistas: é o caso da *Editorial Galaxia* que recibe 1.147.000 pts. para "Revista e boletín" (tratábase de cinco números da revista "O esquío Darío" e tres números do boletín de novidades), ou da empresa coruñesa *Connor Compostela, S.L.* que recibiu 1.750.000 pts. para unha revista (axuda da que non se obtiveron máis datos).

É difícil desde un estudo como o que se está a facer aquí, e sen máis información sobre este tema cá publicada, achegar unha conclusión sobre a adecuación dos incentivos para as diferentes actividades, posto que non se sabe a importancia –nin que se lles deu na administración, nin que realmente tiveron– cada unha desas actuacións, segundo o que se consideraba prioritario nas ordes: o posible efecto normalizador, á perdurabilidade no tempo, etc. Cómpre recordar que non sempre as accións máis promocionadas foron as máis subvencionadas e que as diferenzas de contías para un mesmo concepto danse entre os diferentes anos, pero tamén dentro dun mesmo ano en tódalas resolucións das convocatorias.

Tipoloxía de empresas subvencionadas

Nas convocatorias das axudas non se discrimina nin se favorece ningún tipo de empresas, só na de 1996 se mencionaba o número de participantes na mesma como un criterio preferente a considerar, co que quizais se visen privilexiadas as empresas cun cadro de persoal maior. No entanto, tentouse analiza-la tipoloxía das empresas beneficiarias atendendo ó número de traballadores e ó sector ó que pertencían, por se ofrecían algunha clave. No referente á primeira das variables, dos 3.050 rexistros que constan na base de datos do CCG[269], 2.766 non teñen ningún traballador[270], 49 contan con 10 ou menos e só

[269] Recórdese que recolle a empresas e asociacións empresariais subvencionadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

[270] Aínda que hai que precisar que na base de datos do CCG nalgúns casos aparece o campo baleiro, o que pode indica-lo descoñecemento sobre cantos traballadores teñen. Con todo, as cifras achegadas están en consonancia co

235 empresas presentan un cadro de persoal de máis de 10 empregados. Dentro destas últimas, aquelas que superaban os 500 traballadores no período 1993-1999 só foron oito:

Táboa 12: Empresas de máis de 500 traballadores que recibiron subvención no período 93-99

Denominación da empresa	*Sector*[271]	*Empr*	*Contía*	*Ano*	*Actividades*
Nortempo E.T.T., S.L.	Outras	1250	40.000	1999	Campaña promoción[272]
Dragados Y Construc., S.A.	Constrcción	1540	75.226	1996	Publicacións[273].
Nortempo Ett, S.L.	Outras	1250	100.000	1998	Actividades mixtas.
Adolfo Domínguez, S.A.	Téxtil	547	250.000	1999	Sitios web
J. Malvar Construccións,S.A.	Construcción	550	1.200.000	1994	Rotulación edocumentación[274]
Distribuciones Froiz, S.A.	Est. comerc.	1432	1.200.000	1994	Campaña promoción[275].
Alcampo, S.A.	Est. comerc.	1450	1.500.000	1994	Campaña promoción[276].
Hipercor, S.A. (Compostela)	Est. comerc.	1200	1.500.000	1998	Campaña promoción [277].

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do CCG

Á vista dos datos da táboa, semella que o número de traballadores non inflúe demasiado na cantidade outorgada. Se se atende á actividade que no CCG denominaron como campaña promocional (especificando ou non "publicidade...."), extráese que as diferentes contías deben depender da distribución do orzamento cada ano. Así, en 1999, a contía que recibiu a empresa de traballo temporal *Nortempo ETT, S.L.* para a súa campaña de promoción, foi unha terceira parte (e mesmo menos) do que se entregara no ano 1994 para o mesmo concepto. Tamén dá a impresión que o número de traballadores non leva aparellado unha actividade de peso galeguizador como pode se-la creación dun servizo lingüístico, pois só dúas obtiveron a axuda para un SNL[278].

Facendo a análise desde os sectores de actividade, só se ten unha referencia do ano 1991 aparecido nun dos informes da CCNL, onde se aclaraba que as solicitudes de empresas

noso tecido empresarial, onde a inmensa maioría das firmas empregan a menos de cinco traballadores (vid. Táboa 23 do Capítulo 5).

[271] A clasificación dentro dos sectores fixérona no CCG seguindo as páxinas amarelas (www.paginas-amarillas.es) e a base de datos "5000 empresas gallegas y del Norte de Portugal" dispoñible no sitio web www.elcorreogallego.com.

[272] Aclárase ó lado de "Campañas de promoción": III Concurso fotográfico "Fototraballo 99".

[273] Indícase que se trata da axuda para a publicación e difusión dun libro.

[274] Rotulación interna e externa, documentación empresa. Nesta mesma partida recibiu 1.450.000 pts. para un SNL.

[275] Indícase tamén: Obxectos promocionais. Bolsas.

[276] Sinálase ó lado de "Campañas de promoción": Cartelería interior e campaña de promoción de produtos. Nesta mesma partida recibiu 1.450.000 pts. para un SNL.

[277] Engádese "publicidade".

[278] Non se teñen datos sobre que empresas solicitaron axudas para este concepto. Das dúas ás que se lle concedeu a axuda, non hai constancia de que *Alcampo, S.A.* puxese en funcionamento o devandito servizo (aínda que si traduciu a rotulación interior, para o que tamén recibiu un millón e medio ese mesmo ano), pero si o fixo *J. Malvar Construcións, S.A.*, como xa se dixo arriba.

correspondentes ós sectores de transportes e de hostalería foron moi poucas "correspondendo a maioría a outros sectores comerciais"(CCNL, s.d.3: 48), do que se deduce que foron estes os máis beneficiados.

De 1993 en diante, a maioría das axudas outorgáronselle ás empresas dedicadas a *Comunicación, audiovisual e espectáculos* (segundo a denominación empregada na base de datos do CCG[279]) e ós establecementos comerciais, agrupando máis de 100 empresas subvencionadas[280], seguidas polas de hostalaría e viaxes (cantidade que supera as 70). En orde descendente encóntranse a continuación as de Publicidade e artes gráficas, Informática e multimedia, Servizos, Téxtil e moda, e Construción, cun número entre 25 e 30. Por último, con menos de 20 empresas estarían as de Madeira e mobles, Maquinaria e bebidas[281], Química e farmacéutica, Recursos para empresas, Transportes, Vivenda e decoración, Automoción, Industriais (con só 2 empresas) e Naval e aeronáutica (con 1).

2.2.1.2 AS DEMAIS ACTUACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN: PUBLICACIÓNS, LEXISLACIÓN E SERVIZOS

Dado que as medidas emprendidas pola administración desde a Lei de normalización lingüística se concentraron basicamente nas subvencións ás actuacións galeguizadoras, ou polo menos foi a única medida que tivo certa continuidade no tempo, agrupáronse o resto das actuacións nesta epígrafe, onde se van ir analizando as tres actuacións ás que se fai referencia nos informes da CCNL (CCNL, 1998: 31). Estas iniciativas foron tan ocasionais e tiveron tan pouca repercusión no ámbito económico que só se lles pode facer unha presentación basicamente descritiva. Esa falta de repercusión debeuse fundamentalmente a seren actuacións puntuais, sen continuidade e fóra dunha planificación xeral da normalización da lingua, seguindo a tónica xeral do propio proceso de normalización do galego, descrito xa nestes termos (actividades atomizadas, improvisadas, faltas de avaliación, de coordinación...) máis dunha vez (cfr., por exemplo, Lorenzo Suárez, 1997a; 1999).

[279] Nesa base de datos empregaron a seguinte clasificación para as empresas: INDUSTRIAIS: Naval e aeronáutica, Automoción,Construción, Téxtil e moda, Madeira e mobles, Maquinaria e bebidas, Alimentación e bebidas, Minaría, Química e farmacéutica, Outras. SERVIZOS: Recursos para empresas, Vivenda e decoración, Asuntos legais e financeiros, Comunicación, audiovisual e espectáculos, Informática e multimedia, Transportes, Hostalaría e viaxes, Publicidade e artes gráficas, Establecementos comerciais, Outras.

[280] Débese ter en conta que se parte da información recollida na base do CCG e hai empresas ás que non lles figura o nome do sector.

2.2.1.2.1 Elaboración e distribución de materiais de apoio ó proceso de galeguización das actividades comerciais e empresariais

O propio enunciado desta epígrafe esixe un comentario antes de analizar realmente a actuación en si, xa que se fala de materiais de apoio ó proceso de galeguización das actividades comerciais e empresariais, o que leva a preguntarse cal é, ou era, en toda esa etapa, tal proceso. Pese a que xa en 1990, desde a administración autonómica, se declaraba que:

> Todo traballo a prol da normalización dos distintos sectores da sociedade debe estar presidido polos obxectivos de prestixio, valoración e normalización da lingua galega como propia de tódolos membros da nosa comunidade (CCNL, 1990).

non se comezou por acadar tales obxectivos, ou polo menos, visto desde hoxe, semella que non puxeron tódolos medios para conseguilo. Esta afirmación deriva xustamente de que os obxectivos mencionados de prestixio e valoración da lingua, requiririan campañas de sensibilización e dinamización globais previas á distribución duns materiais para os que os destinatarios non estaban preparados.

Segundo Sánchez Puga (1997) a produción e distribución dalgúns materiais para a normalización no ámbito comercial e empresarial estiveron integrados dentro de campañas de "sensibilización". El fai referencia a: *Mellor en galego* do ano 1988 e *Os cartos non teñen idioma. Ti si. Non déixe-lo galego fóra* do ano seguinte. No curso desta investigación toda a información que se atopou ó respecto de tales campañas dirixidas ó ámbito económico foron os materiais elaborados: vocabularios e nalgúns casos carteis. Non se coñecen informes da programación das campañas nin de avaliación das mesmas, non se sabe exactamente que ámbito de actuación tiveron, nin de que maneira se presentaron nas empresas.

A primeira delas, *Mellor en galego* (1988), estaba dirixida ó sector comercio co obxectivo de modificar actitudes en relación ó galego. Só se ten noticia, en canto ó seu desenvolvemento, de que se distribuíron algúns carteis e algúns vocabularios en comercios de toda Galicia. O xefe de servizo de Plans e programación da Dirección Xeral de Política Lingüística, nunhas xornadas no ano 1995, expuxo o que fora a campaña:

> No ano 1988, promoveuse desde a Dirección Xeral de Política Lingüística unha campaña de sensibilización baixo o lema Mellor en galego, centrada no subsector do comercio e que consistiu na

[281] Esta clasificación que resulta un tanto estraña agrupa só 17 empresas de instalación e outras como *Televés*.

> distribución por toda Galicia (coa colaboración das Cámaras de Comercio e organizacións empresariais) de seis vocabularios que abranguían diversos campos semánticos, relacionados co comercio, a música, os espectáculos, e o medio físico, etc., e incluían así mesmo trinta láminas, trípticos, adhesivos, etc. (Sánchez Puga, 1997: 134).

As obras citadas son léxicos cos termos en castelán e a súa tradución ó galego, trátase do *Vocabulario comercial básico,* do *Vocabulario do medio físico* e do *Vocabulario de música e espectáculos*. Todos eles editados pola Xunta de Galicia en 1988 e dos que non existe reedición. Tamén se publicou nese ano o *Vocabulario elemental do deporte*, que formaría, xunto cos dous últimos citados, unha triloxía que, no caso de que se distribuíse nos comercios das referidas actividades, enténdese que non provocase un avance na galeguización do sector. Aínda que non se coñecen avaliacións dos resultados da campaña, dedúcese que, sen un primeiro paso de sensibilización cara ó tema, a chegada destes materiais a comercios de venda polo miúdo pouco efecto normalizador podería producir. Ademais, tales vocabularios, distribuíanse nun momento en que a formación en lingua galega era, en xeral, moi deficiente, o que reducía aínda máis a súa posible eficacia.

A partir deste ano 1988, non se editaron máis produtos destinados ó sector comercial ata a publicación en 1995 do manual *Documentos básicos para a documentación comercial* (Sánchez Puga, 1995), que recompila os textos escritos máis usados na comunicación comercial: cartas, albarás, facturas...

A outra campaña á que fai referencia Sánchez Puga, *Os cartos non teñen idioma. Ti si. Non déixe-lo galego fóra,* organizouse pensando no sector da banca. Xorde dunha iniciativa do ano 1989 da Mesa pola Normalización Lingüística e dos sindicatos que compoñían a Plataforma de Normalización Lingüística, de onde naceu un Protocolo de normalización das entidades bancarias que se lle propuxo á DXPL[282]. Sánchez Puga explica os compromisos que en tal protocolo asumiu cada parte:

> No ano 1989 comezan as reunións para acadar unha ampla presenza do galego na banca, concluíndose un ano despois coa sinatura dun convenio no que se comprometen as distintas partes que o asinan: a Dirección Xeral de Política Lingüística comprométese a organiza-los cursos para o persoal dos bancos e caixas de aforros con unidades didácticas específicas, elaborando vocabularios e materiais específicos e publicando e distribuíndo os convenios colectivos concernentes ó sector; determinadas entidades bancarias responsabilízanse de galeguiza-los seus formularios e impresos, oficios, rótulos, sinalización, etc; os sindicatos do sector redactan os convenios colectivos en galego e comprométense a crear entre os seus afiliados un estado de opinión favorable ó uso do noso idioma; e finalmente a Mesa comprométese a dinamiza-lo proceso global. Ademais, para que este convenio acadase a

[282] Explícase con máis detalle cando se fala das actividades da Mesa, vid. páx. 117.

> necesaria proxección pública, promoveuse unha campaña de sensibilización co lema *Os cartos non teñen idioma. Ti si. Non déixe-lo galego fóra* (Sánchez Puga, 1997: 134).

A pesar de ser un proxecto ambicioso, segundo o describiu Sánchez Puga (1997: 134; 2000: 3), non tivo demasiado éxito. A simple vista fallouse no intento de conseguir esperta-lo pouco interese que nun principio tiñan os destinatarios. A DXPL comprometérase a apoia-la organización de cursos destinados ó persoal da banca e caixas de aforro e a ofrece-lo profesorado para a realización dos mesmos, a través dos servizos de normalización das delegacións provinciais. Non se deseñou ningún curso específico para o sector, senón que se integraron nas convocatorias normais de cursos de formación en lingua galega, cos niveis de Iniciación e Perfeccionamento, que contaba cun único programa de cursos de 75 horas (distribuídas en 60 teóricas e 15 prácticas). Segundo a información facilitada pola dirección da sede da *Caixa Galicia* da Coruña, única entidade que se acolleu á oferta, celebráronse os devanditos cursos ó abeiro do Artigo 3º da Orde de 26 de xullo de 1990, na Coruña, Santiago e Ferrol; posto que foi nestas localidades onde tivo máis acollida a convocatoria dos cursos entre os empregados, anotándose 38 empregados na Coruña, 19 en Santiago, 8 en Ferrol, 7 en Lugo e 3 tanto en Ourense coma en Pontevedra. Desenvolvéronse os tres citados entre outubro e decembro de 1990, en horario de 17:30 a 19:30 os luns, mércores e xoves, incumprindo unha parte da disposición adicional que os sindicatos fixeron facer constar no protocolo:

> Os sindicatos valoran a importancia de que os cursos se celebren en horas de traballo e que o coñecemento do idioma galego sexa incentivado e valorado no acceso ós postos de traballo, oposicións, etc..., por entender que o apuntado facilitaría os fins que con este acordo se pretenden.
>
> Co fin de apoiar un acordo que no seu conxunto consideramos positivo, asinámo-lo documento mantendo esta pretensión nosa, unha vez superada a primeira experiencia dos cursos.

No entanto, descoñécese calquera outra convocatoria de cursos aínda fóra de horario para estes destinatarios, nin noutras sedes nin nestas mesmas.

O compromiso de potencia-la elaboración de vocabularios e material destinado para a banca deu como froito a edición dun par de vocabularios: *Glosario de termos bancarios* (1989) e *Diccionario galego da banca* (1993)[283]. En canto á oferta de asesoramento lingüístico para a tradución dos formularios e impresos máis usuais da banca, a finais da década dos noventa, realizáronse para diferentes entidades, e desde o Servizo de

[283] Editouse tamén un dicionario que ten relación con este sector: *Diccionario do seguro en lingua galega* (en colaboración coa empresa Winterthur), en 1998.

Terminoloxía Científico-Técnica de Galicia (TERMIGAL) –dependente da DXPL– traducións de modelos de documentos, fundamentalmente contratos de hipotecas[284]

Os sindicatos da banca comprometíanse en catro puntos: informar sobre o idioma e as causas para usalo; crear un estado de opinión favorable entre os traballadores e potencia-lo seu uso; adquiri-lo compromiso de que os convenios colectivos se redactasen en galego; e introduci-lo debate no referente ó uso do idioma. En realidade só se pode comentar algo sobre a galeguización dos convenios colectivos –a única actividade concreta e avaliable, da que se dá conta máis detallada na epígrafe 2.2.2.3– xa que das demais non se teñen apenas datos. De tódolos xeitos, Sánchez Puga (2000: 3) cita, de entre as actividades que se realizaron no marco do citado protocolo, a creación dun estado de opinión favorable ó noso idioma entre os traballadores da Banca e das Caixas de Aforros, así como o potenciamento do seu uso.

Sábese que a tradución dos textos dos convenios colectivos foi feita o primeiro ano na propia DXPL e logo, no Servizo de normalización da CIG, coa supervisión do coordinador do proxecto (Xosé Sánchez Puga), segundo se indica nos propios textos, feito do que tamén dá conta Rafa Villar, encargado do traballo:

> [...] a DXPL, que se comprometera a edita-la versión galega do Convenio Colectivo da Banca Privada –e así o fixo co XVI Convenio-, cando se lle solicitou que editase o texto en galego do XVII Convenio, comunicoulle á CIG que, se querían que se publicase, a propia central sindical se encargase de traducilo ao galego (Villar, 1999: 69).

Na introdución ou limiar das diferentes edicións dos convenios, publicados pola DXPL dentro da serie "Normalización lingüística. Estudios e traballos monográficos", cítase que tal actividade forma parte das accións a realizar dentro do citado protocolo e dise que coa edición da versión en galego, á par da de castelán, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (da que depende a Dirección Xeral de Política Lingüística) "á parte de cumpri-lo acordado no protocolo asinado, quere ofrecerlles ós traballadores da Banca de Galicia a posibilidade de informarse na nosa lingua daqueles aspectos que regulan a súa actividade profesional, e así avanzar no uso do noso idioma" (Sánchez Puga, 2000: 3).

[284] Non supuxo moito avance esta tradución de impresos para a banca segundo unha pequena cala observacional realizada en 2004, na que se comprobou a dificultade para conseguir tal documentación mesmo en entidades coma o BSCH en Santiago, firma colaboradora da universidade compostelá.

No 2º Informe da CCNL (CCNL, 1990) presentaban unha terceira campaña *Pídanos en galego, tamén o atenderemos ben,* destinada ó sector da hostalaría. Pretendían facilitarlles ós propietarios de bares, restaurantes e cafeterías materiais útiles, segundo expresan no devandito informe, apoiándose na importancia deste sector no proceso de normalización pola súa presenza na vida cotiá dos cidadáns:

> Por iso a DXPL en cooperación coa Secretaría Xeral de Turismo pensou lanzar unha campaña no sector da hostelería baseándose na:
> – Confección de vocabularios de: Bares, Cafeterías e Restaurantes.
> – Na confeccións dunhas carpetas contendo diversas cartas de comidas e bebidas[285].
> – Na traducción de tódolos carteis e adhesivos destes servicios.
> Na confección dun cartel específico desta campaña de hostelería cun eslogan que podería ser: *"Pídanos en galego, tamén o atenderemos ben"* (CCNL, 1990).

O que se coñece deste proxecto son dous vocabularios publicados en 1991: *Vocabulario de restaurantes* e *Vocabulario de tabernas, bares e cafeterías*[286]. No mesmo informe da CCNL (1990) tamén se presenta, dentro das actuacións interdepartamentais, unha carta enviada á Dirección Xeral de Transportes da Consellería de Ordenación de Territorio e Obras Públicas para que colabore na iniciativa de utiliza-lo galego nas actividades empresariais relacionadas co sector do transporte de viaxeiros e así conseguir "un transporte máis noso; un transporte máis galego" (CCNL, 1990). Non se ten noticia de ningunha actuación en relación á colaboración pedida na devandita carta.

Para remata-lo tema da elaboración e distribución de materiais, ademais destas obras que se acaban de citar, a Xunta de Galicia editou algunha máis que se podería incluír de xeito colateral dentro do ámbito económico, ben como obras de carácter xeral: *Vocabulario galego de formación profesional*[287] (1984); *Pesos e Medidas* (1988); ou ben válidas para determinados sectores empresariais, como poderían se-los casos do *Vocabulario da electricidade e electrónica* (1991); *Vocabulario básico de radiodiagnóstico*. (1994); *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos* (2000); mesmo se poderían aproveitar obras coma: *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega* (1992) ou *Guía do consumidor de peixe fresco* (1999).

[285] A única tradución de cartas para restaurantes que se coñece realizouse en Compostela desde o Servizo de Normalización Lingüística da administración local.
[286] Xa en 1999 publicou a Xunta, dentro deste sector, a *Guía do consumidor de peixe fresco*. Dese mesmo ano existe tamén o *Diccionario galego de gastronomía* da editorial *Lea*.
[287] Toca as ramas principais da formación profesional.

2.2.1.2.2 Iniciativas lexislativas

A única iniciativa lexislativa redúcese á aprobación dun "tímido" decreto sobre a utilización do idioma galego na etiquetaxe e publicidade dos produtos que se comercializan en Galicia (Decreto 101/85 do 23 de maio de 1985)[288].

O devandito Real Decreto do 23 de maio de 1985 consta de 3 artigos. O artigo 1º fai referencia a que a etiquetaxe dos envases ou rotulación das embalaxes dos produtos que se comercializan no ámbito territorial da comunidade autónoma poderase expresar en galego, en castelán, ou nos dous idiomas. Queda ben marcado que se trata dos produtos que se comercializan dentro do noso territorio, xa que non se pode lexislar para fóra do ámbito de competencias. O artigo 2º recorda que se na etiquetaxe aparecen os dous idiomas terán que usarse o mesmo tipo, tamaño e forma de letra. O artigo 3º deixa en mans da Consellería de Sanidade e Consumo establecer subvencións ou premios para aquelas empresas que comercialicen dentro da nosa comunidade os seus produtos en galego, que usen a nosa lingua tanto no etiquetado, rotulación como na publicidade.

A difusión deste decreto non parece que tivese moita difusión, como puxo de manifesto unha pequena enquisa levada a cabo en 2001 (Formoso, 2001: 243), onde só nove das 163 empresas enquisadas (un 5,5%) declararon afirmativamente ter coñecemento da lei, fronte ó máis do 71% que asegurou que non coñecía o seu contido:

Táboa 13: Coñecen vostedes o que di a lei sobre a etiquetaxe en galego?

Lei da etiquetaxe	Porc.
Non responde	11,0%
Si	5,5%
Non	71,8%
Teño só unha idea	11,7%

Só se ten noticia de dúas empresas ás que en 1993 se lles concederon axudas para a etiquetaxe dos seus produtos: *Adegas das Eiras* e *Cooperativa Erica Mel Soc. Cop. Ltda*.

Torres Romar realizou en 1990 unha análise do status lingüístico nas denominacións de orixe específicas dos produtos agroalimentarios galegos. Denunciaba a política lingüística levada a cabo pola administración neste eido porque marxinaba a nosa lingua, presenta

[288] En Cataluña en xaneiro de 1998 entrou en vigor a nova Lei 1/1998 de Política Lingüística que substituíu á de 1983, e o seu artigo 34 consta de tres puntos. O primeiro é semellante ó artigo 1º do noso decreto pois declara a posibilidade de etiquetar, para o ámbito territorial de Cataluña, en catalán, castelán ou calquera outra lingua da Unión Europea. O punto 2 establece a obrigatoriedade de que os produtos con denominación de orixe, denominación comarcal, de calidade ou os produtos artesanais estean etiquetados, como mínimo, en catalán. Existen xa análises xurídicas do devandito artigo: Ballbé i Mallol, 1999: 511 ou Pig Salellas, 1999: 459.

como proba que a Consellería de Agricultura, competente sobre as denominacións de orixe, non se encargou de uniforma-lo uso do galego nos mesmos e de promocionalo na etiquetaxe, baseándose na defensa acérrima do bilingüismo e nuns argumentos que para o autor deixan á vista a falta de vontade cara á normalización do galego, lingua que desde a administración non consideran universal (Torres Romar, 1990: 81-83). Este autor chama á atención sobre o feito de que, se o galego non se presenta como marca de identidade destes produtos, "levaría consigo a súa aniquilación e marxinación do mundo mercantil, da imaxe, da publicidade..., dun status de lingua comercial, universal" (Torres Romar, 1990: 81-83).

2.2.1.2.3 Constitución de servizos permanentes de promoción e dinamización lingüística

Na CCNL falan da creación de servizos "de promoción e dinamización lingüística", pero, exceptuando os que se crearon nalgunhas empresas a partir das axudas mencionadas, non se coñece ningún outro que se puxese en marcha co obxectivo de atende-lo ámbito empresarial. Tódolos servizos permanentes coñecidos que creou a administración caracterízanse por seren órganos desmembrados dentro dalgunhas Consellerías, para cubriren necesidades específicas das mesmas. O certo é que a maioría dos que existen son servizos lingüísticos centrados basicamente na tradución e corrección e, escasa ou nulamente, na dinamización. É o caso do servizo de tradución do Diario Oficial de Galicia (DOG), os servizos lingüísticos da Radio e Televisión galegas, da Consellería de Xustiza, do Parlamento de Galicia[289].

Deixando á marxe os SNL da administración local, que dito sexa de paso teñen un funcionamento tamén moi irregular[290], os únicos servizos que tal vez realizaron certo labor dinamizador, sen naceren exactamente para ese fin, foron aqueles que formaban parte do *Servizo Lingüístico Comarcal*, dependente da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia (SDC) (organismo integrado na Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural) pero programados e supervisados desde o seu nacemento no ano 1998 pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Aproveitando a

[289] Desde 2004 o persoal deste servizo, que en realidade era unha unidade dedicada á revisión dos textos transcritos das intervencións parlamentarias, deixou de depender directamente da administración autonómica, posto que esta subcontratoulle o servizo a unha empresa privada.

creación e apertura de Centros comarcais situados nas cabezas de cada comarca galega, e dependentes da citada SDC, pretendíase ir introducindo nalgunhas delas lingüistas que se fixesen cargo ben da súa comarca, ben dunha zona máis ampla (áreas de influenza que estaban previstas no desenvolvemento do mapa comarcal) e que ocupasen unha "situación intermedia clave entre o eido municipal e a Administración autonómica" [291] (Dosil López, 2000: 221).

Naceron os primeiros servizos lingüísticos en catro sedes (Bergantiños, Terra do Deza, Salnés e Terra de Lemos). En 1999 incorporáronse Tabeirós-Terra de Montes e Terra de Trives e en 2000 Terra de Celanova. O proxecto pretendía que no ano 2000 estivesen abertos tamén os de Carballiño, O Ribeiro, Ordes e Verín (Dosil López, 2000: 218), feito que non chegou a ocorrer. En decembro de 2000 finalizou o proxecto como tal e pecháronse tódolos servizos, renacendo o convenio entre a DXPL e a SDC no segundo semestre de 2001 coa recuperación do Servizo Lingüístico comarcal central, situado na sede compostelá da SDC. O seu obxectivo era desenvolve-lo *Programa de Dinamización Sociolingüística das Comarcas de Galicia.* Nunha entrevista que o técnico encargado do devandito programa ata setembro de 2004, Xoán C. Domínguez Alberte lle concedeu á investigadora[292], este deu conta do seu traballo destes últimos anos que estivo centrado, por un lado no asesoramento (tradución e revisión de textos), e polo outro no que el denominou "Proxectos itinerantes" que desenvolvía polas diferentes comarcas.

As primeiras actividades dos servizos foron os cursos denominados *Comarca e lingua*[293] (incidíase en contidos históricos, xeográficos e artísticos da comarca), e mesmo deseñaron algunha unidade didáctica[294]. A fundamentación teórica dos cursos ofrécea Dosil López:

> Desde unha óptica educativa, e tamén social, a base dos cursos Comarca e Lingua encóntrase no feito de que exista unha relación moi estreita entre o territorio, as ofertas que nel se atopan e a lingua. Así, o contorno debe recupera-lo sentido da globalidade –a bisbarra como retrouso para aprender dun xeito integral– e os espacios comúns de contacto entre as persoas; as ofertas culturais e de coñecemento teñen que interactuar coa realidade máis próxima, e a lingua, como acto humano universal, ha

[290] Moitos servizos dos concellos dependen unicamente das subvencións da administración autonómica, o que leva a que en moitos casos cada ano funcionen arredor de tres meses.
[291] Esta idea tiña moito que ver coa presentada pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización Lingüística (CTNL) nos *II Encontros para a Normalización Lingüística* celebrados en Santiago, polo Consello da Cultura Galega en 1998 (Álvarez Docampo et alii, 1999: 241-256).
[292] Esa entrevista está inédita, pero realizáronlle unha entrevista publicada no diario *Galicia-Hoxe* o 19 de febreiro de 2004 (www.galicia-hoxe.com/periodico/20040219) onde tamén achega información sobre o devandito servizo.
[293] De feito o convenio asinado pola DXPL coa SDC foi co propósito inicial de dispensar tales cursos (Dosil López, 2000: 216).
[294] Pode verse en detalle o traballo do centro de Bergantiños en Varela Varela, 2000: 41-60.

> fomenta-los coñecementos máis transversais, a aprendizaxe contextualizada, a convivencia interxeracional e o descubrimento do propio contorno (Dosil López, 2000: 217).

A idea de normaliza-la lingua a través da cultura levou a que os proxectos tivesen un carácter fundamentalmente cultural, filosofía que se mantivo ata a actualidade, polo que as actividades que se estiveron realizando nos últimos anos centráronse neste eido (concursos literarios, encontros de escritores…).

No entanto, no esbozo de programación destes servizos que se presentou nos III Encontros de Normalización Lingüística menciónase a formación (os citados cursos); asesoramento e tradución de textos da Sociedade Comarcal; e dinamización entendida como "apoio e animación de ofertas pedagóxicas de interese, apoio a actividades sobre aspectos culturais comarcais; material didáctico escolar sobre a comarca ou sobre o concello, etc" (Dosil López, 2000: 218). En ningures se menciona o sector económico.

Segundo a información proporcionada por D. Alberte, unicamente nalgúns casos esporádicos houbo contactos con empresas das comarcas onde se desenvolveron as actuacións dinamizadoras, pero só para pedir apoio económico[295]. A súa intención era que a longo prazo a estas empresas se lles puidesen ofrecer actividades normalizadoras:"tiña pensado propoñérlle-la galeguización dos rótulos e da publicidade, pero cando quedei eu só xa non foi posible" (Entrevista inédita, 8/2004).

Tampouco estaba recollido o ámbito empresarial dentro dos obxectivos da Sección de Asesoramento Lingüístico creada en xullo de 1999. En principio, segundo Dosil López (2000: 221) tiña dous obxectivos básicos: atender consultas referidas á lingua e asesora-los diferentes servizos lingüísticos de Galicia (entendendo por tales os das deputacións, os comarcais e os dos concellos).

En realidade, o problema de fondo está na consideración e importancia que se lle deu ós servizos lingüísticos desde a administración, dentro dunha política lingüística que a finais dos anos noventa se movía, no que respecta a este tema, arredor da dúbida. Nos 'II Encontros para a Normalización Lingüística' celebrados en 1998, o que naquel momento ocupaba o cargo de Director Xeral de Política Lingüística falaba de dúas perspectivas ideolóxicas, e políticas, de facer política lingüística: unha de liderado e outra de incentivación. Coa primeira pretendíase a implicación das "entidades, empresas ou

[295] Dá conta dunha colaboración importante na comarca de Trives.

asociacións" para que "levasen adiante a súa propia reflexión e a súa propia implicación no proceso de normalización da lingua" (Regueiro Tenreiro, 1999c: 271-272). O problema é que daquela aínda non semella que estivese clara a política que debía seguir neste sentido, tal como se advirte a partir das palabras do responsable no momento:

> [...] ¿chegouse ó momento en que temos que redefini-la política para ver se debe ser de liderado, autoliderado ou simplemente de incentivación? E, esa pregunta fainos retroceder ó punto polo que empecei. Os gabinetes lingüísticos ou de asesoramento lingüístico deben ter unha serie de funcións pero, ¿quen lle fixa e atribúe esas funcións? ¿quen se responsabiliza desas funcións? [...] ¿os gabinetes de asesoramento lingüístico son incentividadores do uso social da lingua galega? ¿Están contribuíndo á vitalidade lingüística? (Regueiro Tenreiro, 1999c: 272)[296].

2.2.2 INICIATIVAS FÓRA DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Desde os anos oitenta houbo unha serie de actuacións destacadas que se deben interpretar como pasos adiante no labor galeguizador no ámbito que trata esta investigación. A presentación das mesmas organizouse a través das entidades (empresas, asociacións, institucións...) que as impulsaron, forma que semellaba máis doada para expo-las actividades, caracterizadas, igual ca dentro dela, por seren puntuais e por non responderen –maioritariamente– a un plan establecido que as enfiase, as dirixise e as avaliase.

Con todo, a presente análise non pretendeu ser exhaustiva, en primeiro lugar porque non sería posible no marco da presente tese de doutoramento. Simplemente recolle as primeiras campañas en, e /ou nas empresas; as actividades do *Centro de Estudios Lingua e Empresa*, da Fundación Galicia Empresa e da Mesa. Tamén se van repasa-las actuacións nalgunhas asociacións empresariais, así como a entrada do galego nas relacións laborais.

[296] Estas palabras foron pronunciadas no Acto de Clausura dos citados Encontros, que tiveron boa parte das sesións dedicadas precisamente ós SNL; sesións onde diferentes técnicos pertencentes a servizos distintos fixeron propostas sobre o funcionamento e status legal dos mesmos (García Conde, 1999) ou sobre o status do propio técnico (Dobao, 1999). Mesmo os representantes da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística (CTNL) presentaron unha proposta sobre a comarcalización dos devanditos servizos (Álvarez Docampo e outros, 1999). Todo isto deixa en evidencia que os propios traballadores e implicados na normalización teorizaban sobre a planificación e organización dos servizos á marxe dunha administración que non tiña moi claro o seu papel ó respecto. Xa en 1996, dúas técnicas de SNL elaboraran unha proposta básica para o funcionamento homoxéneo dos mesmos (García Conde e Vaquero Quintela, 1996), e unha delas (García Conde, 2002) recolle a súa experiencia no concello compostelán onde tentou –na medida do posible– aplica-los devanditos parámetros. Outras experiencias en concellos poden verse en Souto González (1997) ou Bascoy Maceiras (1999).

2.2.2.1 AS PRIMEIRAS CAMPAÑAS PARA, EN E / OU DESDE AS EMPRESAS

Nos anos oitenta naceron os primeiros servizos de normalización nos concellos. Algúns daqueles pioneiros que se crearon de xeito estable (como os de Fene e Redondela) levaron a cabo determinadas actuacións dirixidas ó ámbito económico e que dalgún xeito comezaron a dinamización do sector. Desde o concello de Fene, impulsouse unha das súas primeiras actuacións de cara ó ámbito empresarial, que foi a tradución do convenio colectivo de *ASTANO, Astilleros y Talleres del Noroeste, S.A*, publicado no ano 1986 en castelán e galego. Este feito, segundo Daniel Romero (responsable do devandito servizo) puido servir de referente ou de impulso nesa zona para outras empresas pequenas que se galeguizaron nesa época na comarca ferrolá nos anos 80[297].

Neste momento tamén se levaron a cabo actuacións de dinamización lingüística na comarca de Ferrolterra da man dunha empresa da zona dedicada á comunicación: *item:)aga*[298]. Ademais de funcionar plenamente en galego, vai se-lo referente de case tódolos proxectos de dinamización lingüística realizados a finais da década dos 80 e a principios dos anos 90[299] por toda Galicia, e mesmo chegou a outras comunidades[300] (Rodríguez e Romero [en liña1]). De feito, a través dos seus traballos para os distintos niveis de ensino en Galicia, para a administración de xustiza, para o concello de Vigo, para A Mesa, etc. poderíase repasar unha parte moi importante do labor de dinamización feito nesa etapa en prol do galego[301]. Para este estudo interesan as campañas dirixidas ó ámbito

[297] Un par de exemplos, nas palabras de Daniel Romero, son: *Iris* (empresa dedicada á imaxe, fotografía, vídeo...) e a ebanistería *Núñez*.

[298] A empresa *item:)aga* nace en Ferrol a finais de 1988 para editar e comercializa-la primeira axenda galega (sensibilidade dos socios cara á lingua e como resposta á necesidade de satisface-la demanda dun público que se expresaba en galego e que non contaba con material de oficina nin cunha axenda galega por lingua e contidos) e evolucionou ata ser unha empresa de edición, deseño e comunicación que conta cunha división especializada en normalización e dinamización lingüística.

[299] I*tem:)aga* aínda funciona hoxe, pero só se citan os traballos correspondentes a esta etapa pola relevancia que ten en relación coa historia da normalización lingüística na empresa.

[300] Para a Universitat de València fixeron dúas campañas nos anos 1993 e 1994 respectivamente. A primeira, co lema *Parla´m,* tiña como destinatarios ós estudantes da Universitat de València, institución participante. O obxectivo era fomenta-lo uso do valenciá en tódolos contextos. A segunda (1994), cos mesmos obxectivos cá primeira, tiña como lema: *Tu i jo tenim una història*. Os destinatarios eran os estudantes das catro universitades de Valencia.

[301] Entre os seus traballos máis coñecidos están as campañas no ensino, onde destacan dúas consecutivas dirixidas ós estudantes universitarios en 1991 e 1992. A primeira *En galego o que ti queiras* pretendía unha sensibilización cara á lingua, demostra-la súa utilidade e provocar compromisos colectivos. A seguinte *En galego estamos no mundo* pretendía suscita-lo debate sobre a utilidade do galego e os usos lingüísticos individuais. Desde o Concello de Vigo organizaron *En galego vivo Vigo. En galego Vigo vai* dirixida á comunidade educativa de Vigo para muda-las súas actitudes cara á lingua. Tamén deseñaron campañas de dinamización na administración a principios dos 90 como *En galego con todo o dereito* ou *En galego damos xogo*. Non se debe esquecer unha campaña organizada pola Mesa e a DXPL para a galeguización dos nomes *Temos nomes propios. ¡Úsaos!* na que por primeira vez participa unha empresa privada: *Nutricia*.

económico e empresarial, das que, os daquela eran responsables da empresa, destacan dúas dirixidas ó sector comercio:

A primeira, impulsada polo SNL do concello de Redondela, co lema *Redondela en galego. Como ti queres*, pretendía promociona-lo uso do galego nas relacións comerciais no concello de Redondela[302]. A campaña desenvolveuse con materiais de dous tipos, uns comúns a tódolos sectores (carteis e adhesivos) e outros específicos para cada sector (listas da compra, cadernos de mantemento do automóbil, cartóns de aceite...).

A segunda, impulsada en 1993 pola Asociación de Comerciantes e Industriais de Moaña: ACIMO, baixo o lema *ACIMO, de todo para todos*, pretendía a galeguización das relacións comerciais nesta localidade do Morrazo, incidindo na proximidade que ofrecía o galego. Tratouse de transmiti-la imaxe de ACIMO como unha agrupación moderna e competitiva, ó mesmo tempo que se pretendía promove-lo consumo en Moaña apostando polo desenvolvemento da localidade. No ano seguinte (1994) lanzouse a mesma campaña estendida a toda a península do Morrazo (*O Morrazo toda unha sorte).* Utilizáronse diversos soportes, segundo cal fose a súa función: carteis e folletos (para a popularización da campaña e divulgación das potencialidades da localidade cabeceira da comarca); tamén materiais para que os establecementos os incorporasen nas súas actividades diarias: pousavasos, bolsas, rótulos aberto-pechado[303]...

Os responsables de *item:)aga* xustifican os medios empregados nas campañas da seguinte maneira:

> Adoitamos utiliza-las canles multitudinarias (carteis) para transmiti-la mensaxe, as individuais (prensa, radio e televisión) para reforzala e os soportes permanentes e cotiáns (que non se utilizaban neste tipo de campañas) para virtualiza-las propostas ó cambio de usos lingüísticos nos diferentes contextos da vida diaria (Rodríguez e Romero [en liña1][304]).

A elección de soportes permanentes, presentes e utilizables na vida diaria –como pousavasos, mandís, gorros, cintas para o pelo, clips, bolígrafos, carpetas para fotocopias, etc.– era novidosa no ámbito da dinamización lingüística (aínda que xa se utilizaban noutro tipo de campañas de promoción) e fíxose cunha finalidade:

[302] I*tem:)aga* realizou máis campañas no concello redondelán, aínda que non específicas para o ámbito empresarial. Por exemplo no ano 1994 levaron a cabo unha baixo o lema *Mil festas máis para a lingua galega.*

[303] Tamén se traballou con outros materiais: Cartas ós Reis Magos (para promove-la extensión do uso incorporándoo á promoción de vendas), tarxetas de felicitación, etc.

> Recorremos a eles porque cumpren unha función de "recordatorio" das propostas ó cambio lingüístico que se virtualizan na campaña e sirven para transmiti-la idea de utilidade, permanencia e "cotidaneidade" da lingua (Rodríguez e Romero [en liña2]).

Por outra banda, desde *item:)aga* levouse a cabo un labor de dinamización que non formaba parte do traballo produtivo da súa empresa: a creación, xunto con outras empresas, do *Centro de Estudios Lingua e Empresa (CELE)*, institución dinamizadora do galego no ámbito que se está a tratar nesta investigación e que se presenta na epígrafe seguinte dedicado ás AISFL.

2.2.2.2 ENTIDADES CREADAS PARA CONTRIBUÍR Á GALEGUIZACIÓN DO ÁMBITO EMPRESARIAL

Agrupáronse baixo esta epígrafe dúas entidades ou institucións sen fins de lucro que merecen mención especial por se crearen co obxectivo común de normaliza-lo galego no ámbito empresarial. Este obxectivo, ademais da súa inactividade no presente, é o único que as une, pois son moi diferentes entre si tanto no seu aspecto interno coma nas actuacións levadas a cabo.

2.2.2.2.1 O Centro de Estudios Lingua e Empresa (CELE)

O CELE, segundo Daniel Romero, naceu para promover encontros que incidisen na incorporación do galego ó mundo socioeconómico e á comunicación publicitaria. A primeira actividade organizada por esta entidade foron as *Xornadas Lingua e Medios* celebradas en Santiago en novembro do ano 1993, días antes da primeira dunha serie doutras tres xornadas tituladas *Vender en Galicia. Vender en galego*, xurdidas da colaboración entre o CELE e a Asociación de Xoves Empresarios de Ferrol, localidade onde se celebraron[305]. Na segunda edición destas xornadas (celebradas a porta pechada o 25 e 26 de novembro de 1994) constituíuse un grupo de debate estable que durante dous

[304] Estas citas, tal e como se pode ver na bibliografía, foron tomadas da rede en 2002. No momento de pechar esta investigación non era posible a súa consulta, dado que a páxina da empresa Item:)aga non estaba accesible.

[305] O *Centro de Estudios Lingua e Empresa* recibiu en 1993, con cargo á aplicación orzamentaria de congresos, xornadas e simposios, 2.500.000 para *Xornadas Lingua e publicidade* e a mesma cantidade para as *Xornadas sobre lingua e medios de comunicación*, 3 millóns para a Campaña *10 anos da Lei de Normalización Lingüística* e cinco millóns para a edición dun libro sobre a situación actual da lingua galega. En total suman trece millóns de pts. pola

días analizou o uso do galego nas relacións comerciais e empresariais. As seguintes trataron sobre a introdución dunha serie de ferramentas informáticas en galego, anticipando o que sería a xeración web que estaba nacendo. Nas palabras de Daniel Romero, un dos seus organizadores: "foron un pouco por diante, creando un corpus teórico e elaborando propostas de traballo de cara ó futuro". Aquí nacería o xermolo de *Vieiros* e do que logo foi o sitio web *galego.org.*

Destaca especialmente o tríptico publicado coas conclusións da segunda edición das devanditas xornadas *Vender en Galicia. Vender en galego* onde se constatou que non existía ningún impedimento obxectivo para a incorporación do uso do galego nas relacións comerciais e mercantís, apoiándose nos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia e mais na experiencia das empresas que estaban facendo uso do galego nas súas actividades, que demostraban que esta lingua –lonxe de representar ningún atranco– constituía un referente de prestixio, un valor engadido que indicaba modernidade e calidade. Froito deses encontros tamén foi a redacción dunha serie de demandas neste eido para enviarlle á administración autonómica. Solicitábaselle naquel momento á Xunta de Galicia a elaboración dun Plano Xeral de Normalización Lingüística que incluíse un programa marco de intervención no ámbito socioeconómico[306]; pedíaselle que promovese a realización de estudos específicos sobre as actitudes da poboación ante o uso comercial do galego e que levase á práctica campañas de sensibilización; demandábaselle que presionase como cliente importante para que se adaptasen ó galego as ferramentas informáticas e que abrise unha liña de axudas para as publicacións socioeconómicas, non diarias, escritas en galego; requiríase unha liña de axudas á promoción do uso do galego na empresa substituíndo ou complementando as subvencións con vantaxes fiscais, de xeito similar ó mecenado cultural. Por último pedían que o IGAPE introducise nos criterios para bonifica-

súa banda, a Asociación de Xoves Empresarios de Ferrol recibiu nese mesmo ano dúas subvencións de 1.500.000 pts. e 2.225.205 pts. para *Xornadas sobre lingua galega* e campaña publicitaria con dípticos, adhesivos...

[306] No momento de rematar esta investigación vén de presentarse o devandito Plan (fíxose público o 22 de xaneiro de 2005). Organizado por sectores, o número 4 correspóndelle á Economía, que á súa vez abarca cinco áreas: industria, comercio, cooperativismo, banca e traballo. O conxunto do sector presenta tres obxectivos xerais: 1- crear conciencia de que o uso do galego pode favorece-las relacións laborais, comerciais e bancarias; 2- estende-lo uso da lingua galega nas relacións comerciais e empresariais; 3- fomentar nos consumidores o hábito de usaren e reclamaren a atención comercial en galego. Deseñáronse grupos de medidas para cada área, quedando o comercio como aquela máis favorecida cun total de 25 mentres que o cooperativismo ou a denominada traballo, só contan con unha. Na semana seguinte a prensa fíxose eco desta circunstancia e puidéronse ler titulares coma o do diario Galicia Hoxe:

> O PXNLG propón campañas orientadas a favorecer o uso do galego no sector económico. Haberá un incremento das axudas ás empresas polo uso do galego e bonificacións fiscais para os seus custos (http://www.galicia-hoxe.com/periodico/20050126/ultimahora/N52749.asp).

la concesión de créditos ás empresas o feito de que a constitución e actividade das mesmas se realizase en galego.

Valoraron positivamente a liña de axudas da DXPL para a constitución de servizos de normalización lingüística, pero tamén lle demandaban que os promovese e coordinase mediante a constitución dunha rede estable, así como tamén solicitaban a constitución doutros para informar e asesorar ás pequenas e medianas empresas que non puidesen contar cun propio; a constitución dun servizo lingüístico para asesorar ás empresas e axencias de publicidade e así normaliza-lo uso da lingua neste ámbito. Por último pedíaselle que se seguise traballando na edición de material do tipo *Documentos básicos para a comunicación comercial en galego,* e que se deseñasen cursos específicos para os diferentes tipos de empresas, evitando así que a incorporación do galego quedase reducida á rotulación e papelería.

Solicitóuselle tamén á Consellería de Industria e Comercio que se implicase no proceso de normalización e que levase adiante as liñas xerais recollidas no Decreto que regula a etiquetaxe. Ademais que impulsase encontros de empresarios de tódalas comunidades con lingua propia para contrastar experiencias. Tamén se considerou importante a participación de grupos parlamentarios, centrais sindicais e organizacións empresariais, medios de comunicación públicos e entidades financeiras neste proceso, mostrando un compromiso cara á lingua e a súa normalización.

2.2.2.2.2 Fundación Galicia Empresa (FGE)

A Fundación Galicia Empresa (FGE) xurdiu trala invitación a galeguizarse que desde a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (AFNL) se lles fixo a máis dunha ducia de empresas das máis relevantes do país. Tal fundación, en palabras de Rodríguez Vázquez –presidente da FGE a finais dos anos noventa[307]– era unha iniciativa sen precedentes tanto en Galicia coma fóra:

> Trátase dunha idea nova, sen precedentes en Galicia nin fóra de Galicia (os catalán solicitáronnos en varias ocasións datos e información sobre o proxecto), que por eso en moitas ocasións a cidadanía e os empresarios non saben enmarcar.
> Sen embargo a nosa experiencia dinos que, superada esa primeira fase de desconcerto e localización, e ás veces co simple coñecemento e trato dos que un día nos unimos respondendo a unha invitación da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, desaparece calquera prexuízo preconcibido e

[307] En 2004 o presidente xa era Manuel Puga Pereira, director de *Astra-Zéneca*.

> compróbase que non existen contraindicacións, que se trata dunha idea "sa" e interesante" (Rodríguez Vázquez, 2001: 7).

Esta iniciativa, segundo Xosé González[308] (fundador da AFNL), non xurdiu porque existisen *a priori* condicións favorables para o nacemento do grupo, senón que se crearon buscando asocia-lo galego a empresas punteiras: "as condicións había que crealas, e había que saber onde dar, non se podían dar paus de cego". El mesmo comentou a visión que tiñan naquel momento do asunto:

> [...] Desde logo había que poñer a circular un novo discurso político [...] Eu creo que hai que ampliarlle ó galego os horizontes e o camiño, ensancharlle os horizontes. Isto non se fai nos despachos, hai que poñerse a traballar coa xente, e foi o que fixen (Entrevista inédita, 1/2002).

Segundo estes datos, a Fundación Galicia Empresa nace desde a concienciación que a nivel particular realizan os membros da AFNL, lonxe de calquera proxecto artellado e organizado desde a administración. Comezouse invitando a galeguizarse á empresa de transportes *Castromil*, segundo contou X. González, un dos actores directamente implicados no feito:

> Eu tiven esa obsesión durante tempo e non sabía como entrar aí... [referíndose a Castromil], porque era moderna, puntual, rápida[...] transportaba diariamente moita xente. [...] (ídem)

Para presentarlle o proxecto ó que daquela era dono da empresa (Ramón Castromil) convidárono a xantar desde a AFNL o finado Daniel García Ramos e mais el, dando paso ó nacemento dunha das primeiras empresas grandes que transmitiron a imaxe de estaren galeguizadas durante os anos 90:

> Pois alí fixémoslle un planteamento do que pretendiamos e o xantar dou para moito; non foi fácil nun principio, porque loxicamente estabamos con persoas que non entendían nada de nada, absolutamente nada e algún deles díxome que en toda a súa vida en Galicia, era a primeira vez que o invitaban a xantar para falarlle destas cousas, pois a el nunca ninguén lle propuxera nada desto [...] Invitación que recibiu ben o daquela propietario, Ramón Castromil, quen se comprometeu a galeguiza-la súa empresa e a presidi-la Fundación (ídem).

O avance da introdución da nosa lingua na empresa quedou cortado, segundo Xosé González, porque o nacionalismo galego[309] non fixo o necesario e/ou non empregou a estratexia adecuada[310], que –segundo el– recaía en liga-lo mundo empresarial coa cultura:

---

[308] Máis coñecido como Pepe de Redondela, quedou presentado na nota núm. 73.

[309] No capítulo referido á "Historia da empresa en Galicia" X.R. Barreiro expoñía as causas do afastamento do primeiro galeguismo co mundo empresarial.

[310] Insistiu moito o entrevistado en que para que o galego entre nas empresas hai que partir do que el chama a "teoría do posible" fronte ó victimismo do que acusa ó galeguismo progresista, ideoloxía que considera que non tivo en conta o mundo empresarial:

> [...] A idea era crear unha pedagoxía cara ó mundo empresarial, desbloqueando problemas serios, porque ós empresarios non hai que irlle de fronte posto que son un sector moi lonxano tradicionalmente á cultura galega (ídem).

Parece que esta filosofía é a que une ós membros da FGE, posto que nos discursos sobre os seus obxectivos sempre insisten na promoción, vertebración e divulgación da empresa galega como entidade específica, caracterizada pola súa vinculación á realidade socio-económica e cultural de Galicia. Así, a vinculación coa realidade cultural, económica e social do país é un dos catro obxectivos particulares da fundación tal e como os resumiu Rodríguez Vázquez[311]:

> 1- A normalización do uso do galego na empresa, tanto nas súas relacións internas coma externas, e sen prexuízo do apoio á poliglosía como factor esencial da actividade empresarial.
> 2- A promoción da investigación das características peculiares da empresa en galego e da súa potenciación e desenvolvemento.
> 3- O apoio á aplicación dunha estética diferenciadora dos seus productos.
> 4- A creación e fomento de centros de diálogo e de publicacións relativas á vinculación da empresa coa realidade económica, social e cultural de Galicia (Rodríguez Vázquez, 2001: 9).

Nesta vinculación coa realidade galega (que se proclama no punto 4) insistía Ramón Castromil, primeiro presidente do grupo, no ano 1994, na publicación[312] *A empresa en galego* (AFNL, 1994) que recolle as declaracións dos daquela membros[313] da devandita fundación:

> Cremos sinceramente que o éxito da empresa non radica só na dimensión da mesma, senón que principalmente este se debe ó espírito de galeguidade que ten. Actualmente, e despois dun período histórico onde o que se pretendeu foi que se esqueceran as pegadas do noso patrimonio cultural, histórico... é dicir, desprovernos dos nosos sinais de identificación, Castromil S.A. está en período de recuperarse, con toda rapidez, do que nunca, no fondo, deixou de ser: unha empresa por e para Galicia (AFNL, 1994).

Unha das ideas nas que insisten os membros desta asociación cando falan da súa iniciativa é no compromiso que presentan co desenvolvemento do país e coa cultura:

> Proba evidente de que o país estaba dividido, encorsetado por dous corsés distintos, o galeguismo progresista e o chamado de dereitas [...] O nacionalismo de esquerdas estivo sempre á defensiva. [...] nunca foi o Bloque capaz de articular un discurso cara un sector, que queiras ou non, era fundamental atraer [...] Eu creo que as empresas da FGE foron denostadas politicamente polo Bloque, e ese intento de galeguizar vírono como algo que se facía extramuros deles, e polo tanto, curiosamente, os sindicatos da rede de transmisión deles, non colaboraron moito neste proceso (Entrevista inédita, 1/2002).

[311] Estes mesmos obxectivos volveunos asinar o que no momento de pechar esta investigación é presidente da fundación, Manuel Puga, segundo se puido ver (polo menos ata abril de 2004) na páxina web da AFNL: <http://www.fundaciongaliciaempresa.org/>. (En febreiro de 2005 xa non se conseguiu entrar neste enderezo).

[312] Trátase dunha publicación con formato de libro destinada á difusión do grupo, no que cada empresario membro expón as razóns do uso do galego na empresa.

[313] Tratábase de: *Construccións Malvar, Cerámicas de Sargadelos; Adega das Eiras; Castromil; Galimerca; Construccións, Obras e Viais; Poliships; Zéneca Farma* e *Galivén.*

> Como outras moitas empresas do país, somos conscientes da importancia que ten para o desenvolvemento de Galicia ó sentirnos cada vez máis cómodos na nosa identidade, comprometidos coa súa historia e cultura[314] (AFNL, 1994).

Idea que estaba na mente dos seus impulsores, pois xa nun artigo en 1992, Xosé González ligaba empresa e cultura en Galicia, exemplificando cun grupo de empresarios que el chama "modélicos" pois "estiveron empeñados en restituírlle a Galicia a súa cultura e lingua a través do mecenazgo e do compromiso político" (González Martínez, 1992: 45). A partir das palabras do galeguista Vilar Ponte, pretende demostra-la importancia que o sector empresarial ten na galeguización do país:

> [...] A propósito do que estamos a relatar, con gran acerto e intuición, Antón Vilar Ponte, nos comezos do século, afirmaba nun artigo que "para que a galeguización de Galicia fose rápida e intensa abondaría cunha soa cousa: que os ricos, os homes de diñeiro a axudasen. Con diñeiro faise bailar a un cego; con diñeiro obrígase a sentírense máis galegos aínda ós coterráneos máis desgaleguizados" (González Martínez, 1992: 46).

Román Padín, responsable de *La Onza de Oro* insiste nesa idea:

> Para min, a lingua supón un nexo de unión entre a cultura e a empresa. A nosa xeración de empresarios con vocación europea, nas novas tendencias de venda transnacional, na era do deseño e do valor engadido tecnolóxico, temos un importante apoio na nosa cultura, na fala e na escrita do noso idioma, como unha aportación orixinal á creación cultural dos pobos (AFNL, 1994).

Igual que o fai o ex-presidente do grupo, propietario de *Rodman-Poliships*:

> Esta idea nosa da Fundación Galicia Empresa naceu dos intentos de reconstruír a experiencia dalgúns ilustres empresarios galegos que mantiveron estreitos lazos coa cultura e mesmo asumiron compromisos hoxe historiables. Henrique Peinador, Antón de Marcos ou Valentín Paz Andrade, por exemplo, desde a propia Galicia; Manuel Canabal ou Manuel Puente desde a emigración. Incluso, se queremos, podemos remitirnos ó Marqués de Sargadelos, ilustrado que coincide nas súas actitudes cos citados antes (Rodríguez Vázquez, 2001: 11).

Herdeira do patrimonio do citado ilustrado é a actual fábrica de Sargadelos[315], integrada tamén na FGE, pero que –fronte ás outras– foi fundada por galeguistas comprometidos,

---

[314] Declaracións de Thais Picaza de Malvar, responsable de *Construcións Malvar*.

[315] O compromiso real de *Sargadelos* coa lingua pódese comprobar no artigo 15 do convenio colectivo, titulado "Dereitos lingüísticos" que di:

> No seo da empresa, desde a súa creación de 1968, de xeito natural, espontáneo, as relacións laborais, ámbito ó que se refire este convenio colectivo, véñense producindo en galego, total e absolutamente. Posteriormente, a lexislación democrática, estatal e autonómica, refrendaron o galego como idioma propio e oficial de Galicia. Polo tanto, os traballadores teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega. No seo da empresa, a administración e o comité de empresa, fomentarán o uso da lingua galega, ó se-lo idioma un dos sinais de identidade fundamental do noso pobo (DOG núm. 176, do 11 de setembro de 2001).

É unha das cláusulas de dereitos lingüísticos máis comprometidas coa lingua que existen, como se verá máis adiante, cando se trate o tema da lingua nas relacións laborais (páx. 131).

feito que a presenta como a empresa pioneira no uso do galego, ó se-la súa lingua de comunicación desde finais dos anos 60, tal e como se viu na epígrafe 2.1.2.

Outro dos piares sobre os que se asentaba a filosofía desta asociación era o da maior competitividade que supoñía o uso do galego para as empresas, sobre todo na comunicación directa co cliente cando este é galego:

> Unha empresa que estableza a comunicación co cliente en galego demostra un compromiso coa historia e a cultura do seu país e, ademais, establece unha relación máis cordial e estreita cos destinatarios da súa actividade, que pode producir nestes unha receptividade engadida. [...] Moitos sectores industriais sustentan as súas actividades indicando a súa procedencia galega, sen que isto teña correspondencia en moitos casos cunha mensaxe publicitaria expresada en galego, o que puidera merma-la súa credibilidade e negar unha oportunidade de reforzamento (AFNL, 1994).

A importancia da lingua galega como sinal de identificación co país e cos clientes é unha idea latente no grupo, que manifesta explicitamente algún dos membros:

> Tanto en Galiven coma nas empresas afíns entendemos que debemos ser nós mesmos e mostrarnos tal como somos. Así, a comunicación da nosa empresa establecémola en galego, na lingua que é nosa, tanto cara a dentro coma a fóra. O uso da lingua galega robustece a nosa identidade e proporciónanos unha mellor comunicación non só co noso medio e as nosas xentes, senón tamén con outros pobos, que teñen outras linguas, e con outras culturas empresariais distintas, axudándonos a crea-la nosa propia[316] (AFNL, 1994).

Nesta mesma cuestión da identidade insisten empresarios que explotan produtos autóctonos, como é o caso de X. M. Fonseca Moretón, responsable de *Adega das Eiras*[317], que xustifica a etiquetaxe dos seus produtos en galego como algo natural, obvio, froito da súa identidade, xa que teñen un viño que sae de cepas autóctonas, e está elaborado por un equipo de galegos con tecnoloxía galega. Isto non impide que a súa empresa sexa universal pero ben ligada á terra, universalidade que configura outro dos puntos clave da filosofía dun grupo que non quere permanecer no localismo. Exprésao ben o responsable de *Adega das Eiras*:

> Adega das Eiras é unha empresa con indubidable vocación universal, o que non se podería concebir sen un sólido asentamento nas orixes (AFNL, 1994).

Na eliminación do prexuízo de que o galego non vale para empresas que teñen miras fóra de Galicia, axuda Manuel Puga, responsable de *Zéneca Farma*:

[316] Declaracións de Xosé Otero Pombo, presidente de *Galiven, S.A.* e *Construcións Otero Pombo S.A.*

[317] Empresa dedicada á comercialización de viño do Rosal con denominación de orixe. Hoxe forma parte de *Bodegas Terras Gauda, S.A.* Recibiu en 1993 unha subvención de 3.569.226 pts. para "etiquetaxe viños, carteis, documentación, etc."

> E foi precisamente a nosa lingua, xa que logo, unha das armas que deu cohesión e forza a todo o grupo e o vehículo ideal de comunicación [...] Puidemos comprobar, por outra banda, como aquela compañía internacional se ía enraizando cada vez máis na nosa terra, dando credibilidade á súa vocación multicultural, ó tempo que confiaba cada vez máis na nosa capacidade e nos daba un maior protagonismo no negocio (ídem)

Todas estas declaracións están recollidas nunha publicación (AFNL, 1994) que, como se dixo, foi unha especie de carta de presentación do grupo, onde ademais de dar conta da súa filosofía, mostraban o seu proceso galeguizador as empresas que xa o comezaran (*Construccións Malvar*[318], *Castromil*[319] e *Covsa (Construccións, Obras e Viais, S.A.)*[320]), que "ademais dos aspectos exclusivamente publicitarios asumiron progresivamente unha serie de medidas que se deben ter en conta para encetar un proceso de galeguización da empresa".

Pese a estas declaracións e a esta importante filosofía que parece existir de fondo, as empresas integrantes –que foron aumentando cara ós últimos anos da década dos noventa– tiveron unha relación desigual e descontinua co galego, de feito a imaxe de galeguización que presentan pode resultar controvertida, tal e como o manifestou Daniel Romero quen, pese a considera-la FGE como unha iniciativa "xenial, moi boa, cun gran papel exemplificador", cre que o uso do galego en moitas destas empresas "non foi moi coherente", poñendo ademais en dúbida a intención galeguizadora de tódalas firmas pertencentes ó grupo:

> Antes había as dúas cousas igual ca agora, conciencia, compromiso e mais idea de modernidade. Nisto houbo moito de apariencia e de aproveita-la conxuntura. Creouse un rebumbio con algunhas empresas do tipo *Castromil* ou *Rodman* que comezaron a dar unha imaxe aparente de galeguización pero logo non era tal, na escrita usaban fundamentalmente o castelán e non tiñan respecto nin polo topónimos.
> En cambio outras deron un gran tirón pola normalización e nestas si que había un maior compromiso. Poño o caso de *San Luís* que galeguiza a publicidade nunha cidade tan hostil cara ó galego como A Coruña. Logo estendeuno a outros sitios, porque ten sedes en moitas cidades, pero *San Luís* é unha empresa orixinaria da Coruña. Isto impulsou moito o uso do galego, supuxo un tirón para as grandes áreas e un mimetismo para as tendas pequenas de electrodomésticos (Entrevista inédita, 12/2001).

Ademais cre que o grupo está practicamente morto, e achaca a perda de forza desta

[318] A presidenta naquel momento, Thais Picaza de Malvar, declarou que a súa empresa estaba integrando iniciativas para incentiva-lo uso do galego nas relacións internas, para o recoñecemento dos dereitos lingüísticos no Convenio Colectivo e para o uso na publicidade. Todo isto reforzado coa posta en marcha dun servizo de normalización lingüística que estivo funcionando durante ese ano 1994.

[319] Na empresa de transportes *Castromil* aseguran ter comezado un proceso de normalización lingüística entre os empregados, na documentación interna e nas comunicacións coas administracións e co empresariado galego. Entre unha das actividades con maior repercusión desta empresa está a rotulación dos autobuses con nomes de autores destacados da literatura e cultura galegas; así como a edición dos contos do Castromil.

iniciativa, por un lado co retroceso social no uso do galego que repercute a tódolos niveis[321], e polo outro coa falta de vinculación destas empresas con outras, ás que non se abriu, e con organismos como Cámaras de Comercio[322], na súa opinión, opción importante para avanzar na galeguización:

> Ademais eu sempre tiven claro que se se quería entrar no ámbito socioeconómico había que entrar nos organismos, nas cámaras de comercio, nas asociacións, e aquí faltou, non houbo quizais esa vinculación (idem).

O labor da FGE, máis ou menos activo ata finais dos anos noventa, pódese repasar a través das axudas da DXPL que recibiu dentro da partida para AISFL. Así, en 1995 concedéronselle dous millóns de pesetas para "Encontros dirixidos a empresarios para estende-la mensaxe galeguizadora". No ano seguinte, que foi o de máis baixo orzamento a nivel xeral, recibiu unha axuda considerable (3.920.000 pts.) para "Seminario dirixido á empresa. Suplementos en xornais. Encontros". En 1998 outorgáronselle tres millóns para "Programa informático e divulgación actividades" e no ano seguinte 1.200.000 pts. para "Edición libro e divulgación actividades fundación".

Xa a principios da década de 2000, como grupo e en colaboración coa *Compañía de Radio e Televisión de Galicia* (CRTVG), realizaron unha actividade promocional da lingua galega que consistiu na emisión de once programas na primavera de 2002[323], na canle autonómica, nas súas canles internacionais e en *Vía Dixital*. Os espazos foron producidos pola TVG e a FGE e amosaban as "virtudes normalizadoras" das empresas participantes mediante os seguintes títulos: *Presentación da Fundación Galicia Empresa, O galego comercial, En galego as relacións laborais van mellor, O galego e o mar, O galego e a cultura, O galego e as institucións, O galego e a economía, Galicia Calidade. Exportar en galego, Un idioma de confianza* (en dous capítulos)[324].

---

[320] Hernández Soto manifesta o mesmo proceso normalizador có de *Malvar*, no uso interno e externo e ademais resalta a contratación dun asesor lingüístico.

[321] Nas súas palabras:

> O mercado cada vez é máis mercado único, o mercado español prevalece. Cada vez hai máis xente que fala castelán, non temos un mercado activo, un mercado concienciado que exerza como tal; activo no sentido tamén de galego e que exerza lingüísticamente en galego, entón o empresario atende á lei do mínimo esforzo e do mínimo custo. Custo no sentido que non se van preocupar en duplica-la documentación en galego e en castelán porque ademais se o sacan só en castelán non vai haber maiores problemas. ¿Para que vas face-lo web en galego se resulta que che protestan 30? Non hai mercado (Entrevista inédita, 12/2001).

[322] Recoñece descoñecer ben a dinámica do seu funcionamento, así como o o criterio de adhesión das empresas ó grupo, que –segundo el– entraban e saían cada ano. Sospeita que no caso de que a entrada na FGE requirise un desembolso monetario, isto podería dalgunha maneira limita-lo grupo.

[323] Emitíronse tódolos sábados desde o primeiro de maio.

[324] Noticia extraída de *O Correo Galego* do 3/05/02, páx. 45.

Na presentación do proxecto, o daquela presidente, M. Rodríguez, expresou como unha das funcións da Fundación Galicia Empresa "anuncia-lo compromiso coa nosa cultura e ó mesmo tempo inducir a un contaxio ó resto do tecido empresarial e industrial de Galicia".

2.2.2.3 AS CAMPAÑAS DA MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Un dos proxectos máis ambiciosos desta entidade no ámbito da normalización na empresa, foi o intento de incorporación do idioma galego ó sector bancario. Comezou no ano 1989 con conversas cos principais sindicatos do sector bancario de Galicia co fin de programar un mecanismo que posibilitase a incorporación da lingua galega a tódalas actividades bancarias. Durante ese proceso, A Mesa pola Normalización Lingüística e os sindicatos lanzaron unha campaña de sensibilización dirixida ós traballadores da banca e ós cidadáns en xeral, consistente na colocación de cartaces co lema *...Nota-se moito que os bancos están en Galiza?* xunto coa explicación de intencións entre os traballadores e a distribución dun decálogo en tódolos bancos indicando as actitudes e o método para o uso do galego nas entidades bancarias[325]. Simultaneamente elaborouse un *Plan de Normalización Lingüística para a Banca de Galicia* coa intención de presentarllo ás entidades bancarias e á Dirección Xeral de Política Lingüística, e que, tras unha serie de reunións con tódalas entidades, callou na sinatura, o 9 de xaneiro de 1990, do *Protocolo de Normalización das entidades bancarias* citado arriba (vid. epígrafe 2.2.1.2.1), quedando a Mesa, unha das partes asinantes do mesmo, como encargada de dinamiza-lo proceso. Tal e xa como se viu

Ilustración 2: Cartel da campaña da MNL para a banca, 1989

[325] Non foi posible conseguir un exemplar do devandito decálogo. Con todo, o seu contido debe ser moi semellante, se non é igual, ós dez puntos recollidos como propostas para a galeguización da actividade laboral da banca que se poden ler no núm. 2 do Boletín Informativo da organización, correspondente a marzo de 1989.

atrás, o devandito documento morreu case antes de ser asinado, porque as Caixas (que se consideraban obxectivo preferente[326]) quedaron á marxe, exceptuando a Postal. De feito, a Mesa, no ano 1991 constataba que as entidades bancarias e de aforro non aumentaran os usos do galego nin na rotulación estática, nin nos formularios, caixeiros, publicidade, etc. fronte ó que se recollía no documento protocolario. Con data do 16 de febreiro de 1991, o presidente da Mesa envíalles unha carta ós alcaldes que teñen representación na Asemblea Xeral da Caixa Galicia, dándolles conta da preocupación da Mesa polo desinterese que mostran as Caixas na sinatura do Protocolo citado, e así pedirlles que na reunión do devandito organismo do mes de marzo se mostren favorables ó mesmo:

> [...], queremos facer-lle chegar a vosté a nosa preocupación por esta situación e solicitar do representante do seu concello que na Asemblea Xeral manteña unha postura favorábel á firma do protocolo.

Tras este primeiro intento, A Mesa pola Normalización Lingüística continuou coa elaboración da *Campaña para a galeguización da banca* nos anos 1991-1992, tentando agora implicar un alto número de grupos e institucións que colaborasen co obxectivo último de que toda a sociedade se manifestase a prol do uso normal do galego nas entidades bancarias e especialmente nas Caixas de aforro. Así, no canto de dirixirse só ós traballadores da banca, centráronse tamén na cidadanía[327] para que exercesen presión sobre estas entidades; partindo do suposto de que sería máis receptiva á campaña a clientela popular (titulares de contas xuvenís, asociacións xuvenís, estudantís, culturais ata diversas institucións: universidades, institutos, escolas, concellos, etc) cás grandes empresas ou empresarios, ós que lles era difícil chegar. No proxecto de actividades da Mesa presentado na III Asemblea Xeral de Sócios (14 de decembro de 1991), pode lerse:

> A campaña dirixiria-se por unha banda aos traballadores/as da banca, animando-os a usaren o galego no seu traballo tanto oral como por escrito. O outro aspecto da campaña teria por finalidade presionar ás caixas para que usen o galego. Isto faria-se chamando aos cidadáns, clientes das caixas e institucións que traballen con elas a que soliciten das correspondentes direccións bancárias seren atendidos en galego.

De feito, o boletín informativo da organización correspondente a abril de 1992 comeza co titular: “Nas Caixas esixe que atendan en galego”, onde se reivindicaba a presión do

[326] Consideraban as Caixas de Aforro de máis urxente galeguización por seren entidades semi-públicas, nutridas en boa parte de cartos procedentes de institucións públicas, polo que se pensaba que sería máis fácil obter resultados positivos ca na banca privada.

[327] Dado que a Mesa ten como función propiciar avances sociais no tema normalizador, e reivindicar e presionar para que eses avances se leven a cabo, adoita buscar colaboración en tódolos campos sociais.

público[328]. Deseñaron dúas fases para esta campaña: unha primeira apoiada na distribución de materiais[329], tendo presente o lema *En galego é fácil*[330]. A respecto da segunda fase da campaña, que pretendía mover á sociedade para presionar sobre as entidades, dise no Informe de Xestión 1991-1993:

> De aí que, algún tempo despois, dirixísemos a nosa ollada aos concellos e enviásemos unha moción aos 313 alcaldes e portavoces de grupos políticos para que –dada a importáncia destas institucións como clientes– exixisen aos directores xerais e ás sucursais locais a galeguización daquelas. Hai que destacar aquí o apoio do concello de Vigo axudando economicamente nesta campaña asi como a Universidade de Santiago ao exixir o galego no contacto coas entidades financeiras.

Á parte dos esforzos dedicados á banca, outro sector cara ó que se dirixiu a Mesa foi o comercio. Son coñecidas e exitosas as campañas de *Rebaixas* a través do reparto de "bandeiras" con esa lenda, destinadas a colocar nas cristaleiras desde decembro de 1988[331] e que foi axudando á normalización da paisaxe lingüística das tendas galegas.

No ano 1992 acompañaron o reparto dos cartaces con outros de *Descontos* e cunha carpeta con rótulos indicativos do tipo *Aberto*, *Pechado*, *Tire*, *Empurre*, *Agradecemos a súa visita* e unha folla de consideracións prácticas sobre a importancia de actualizarse galeguizando os comercios e as formas de facelo. A acollida, segundo se recolle no Informe de Xestións dos anos 1991-1993, foi moi boa.

A partir do ano 2000, durante o Nadal, comezouse unha campaña –que continuou en anos sucesivos– dirixida ós comerciantes. Baixo o lema *Cos meus mellores desexos* repartíronse autocolantes con ese texto para os agasallos, polos comercios de diferentes concellos. En

[328] Dicíase textualmente: "O EXITO DA CAMPAÑA VAI DEPENDER DA CAPACIDADE DE PROTESTA DE CADA UN DE NOS ANTE OS RESPONSABEIS DAS CAIXAS e da presión que sexamos capaces de facer esixindo que se nos atenda en galego".

[329] Segundo os datos que achegou A Mesa, no proxecto de deseño da primeira fase da campaña proxectáronse os seguintes materiais: a) cartaz asinado pola Mesa e os Sindicatos para facer un chamamento ó uso do galego por parte dos traballadores; b) pegatina de grande formato para colocar nos mostradores cunha mensaxe onde se garantiría o uso do galego oral por parte dos traballadores; c) cartóns tipo postal para enviar por correo ós directores das Caixas (daquela C. Galicia, C. Ourense, C. Vigo e C. Pontevedra) onde se mostrase preocupación pola non galeguización da entidade e ademais onde se lle pediría que mantivese as relacións co emisor en lingua galega. Tamén se lles xuntaría unha folla explicativa da campaña e dos motivos da protesta; d) Embuchados cos cartóns en diarios e/ou revistas. Segundo o Informe de Xestión 1991-1993 da Mesa no desenvolvemento desta campaña, realizáronse e repartíronse: 5.000 cartaces dirixidos ó público en xeral, 3.000 ós traballadores, 5.000 pegatinas para as entidades, 180.000 para o público en xeral, 60.000 tarxetas postais e 90.000 follas explicativas para os empregados do sector bancario, clientes e institucións en xeral.

[330] No boletín informativo núm. 3 da organización, correspondente a decembro de 1991, pode verse un resumo sobre o que se pretende na campaña, que cualifican como "intensa, chamativa e efectiva".

[331] No boletín informativo núm. 2 da organización, correspondente a marzo de 1989 dáse conta do éxito e da boa acollida da primeira campaña "sendo contados os casos de rexeitamento dos cartéis". Continúa: "Cubriron-se de xeito practicamente total as cidades de Santiago, Ferrol e A Coruña (onde non chegou o material) as maiores dificultades deron-se en Vigo e Ourense, debido á debilidade da MNL nesas cidades. Polo que respecta ás vilas, foron cubertas a maioria delas".

Santiago participou na campaña dirixida ó sector da hostalaría *En Galicia falamos galego* e unha das últimas actuacións neste ámbito antes do peche da presente investigación foi a sinatura dun convenio de colaboración co concello de Redondela para actuacións galeguizadoras, entre outras, tamén para o ámbito empresarial[332] (ReMesa electrónico, agosto/04[333]; La Voz de Galicia, 07/08/04).

Estas campañas da Mesa destacan, en palabras de Daniel Romero, polo seu valor simbólico e polo importante cambio visual que supuxo, principalmente a campaña das *Rebaixas*, que el considera "a máis importante para a normalización do galego no mundo do comercio". Tamén considera interesantes outras actuacións que poden ir desde a promoción das empresas galeguizadas ata o importante intento de crear mercado que reivindique os seus dereitos lingüísticos.

2.2.2.4 A NORMALIZACIÓN DESDE AS ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS

Aínda que –como xa teño comentado en liñas anteriores e mesmo en traballos anteriores– o papel que poderían e deberían xoga-las asociacións empresariais creo que sería importante na normalización da lingua neste ámbito[334], o labor levado adiante nalgunhas asociacións e confederacións de empresarios durante os anos noventa dependeu de dous factores: o compromiso coa lingua de quen as dirixía e, fundamentalmente, as axudas económicas da DXPL para entidades sen fins de lucro. Tal e como se viu arriba, houbo asociacións de empresarios que recibiron subvencións, algunhas delas moi importantes[335]. Repasando os conceptos para os que se outorgaron as axudas, obsérvase que a maioría foron para a edición puntual de materiais e para rotulación. Isto ten unha repercusión relativa no conxunto dos empresarios asociados, xa que simplemente perciben un uso novo do galego

[332] O concello de Redondela destaca por ser pioneiro na normalización lingüística, como se viu ó longo deste traballo. As actuacións da Mesa nese concello, segundo se desprende da prensa, querían estenderse a outros concellos limítrofes.
[333] Pode verse no enderezo: <http:// www.amesa.org/noticias>
[334] Trátase dunha conclusión particular miña, pois considero clave o rol que poden xoga-las asociacións empresariais tal e como é o tecido empresarial da nosa comunidade (por un lado por contarmos cun enorme número de empresas moi pequenas incapaces por si mesmas de asumiren nin os custos nin o esforzo da galeguización das entidades; e polo outro por estaren estas empresas dirixidas por xente que habería que dinamizar, pois polo momento non houbo demanda de tales servizos).
[335] Recórdese que a maior cantidade recibida nunca foi para unha entidade sen fins de lucro a Fundación Semana Verde de Galicia con máis de quince millóns de pesetas no ano 1993, que volveu a recibir catro millóns ó ano seguinte.

nun contexto formal, ó que se cadra non o tiñan asociado, pero pode non pasar dun uso ritual, reducido a algunha publicación máis ou menos periódica.

Houbo unha serie de federacións e asociacións empresariais que recibiron, no período que se está analizando, incentivos para servizos de normalización lingüística, tal e como se viu ó estuda-la liña de axudas da administración (vid. epígrafe 2.2.1.1). A súa creación, ó abeiro da convocatoria de subvencións, ten bastante similitude co que se comentou á hora dos SNL en empresas, xa que é igualmente difícil levar conta dos servizos que realmente se crearon, durante canto tempo se mantiveron e que actuacións realizaron.

Partindo dos datos que existen nas bases do CCG, no período estudado (1993-1999) houbo moi poucas asociacións, federacións ou confederacións empresariais que recibisen axudas para montar ou manter servizos de normalización lingüística ou gabinetes lingüísticos. Na Táboa 14 pode comprobarse como ata 1997 só houbo dúas entidades empresariais subvencionadas por ano. Por outro lado, en todo o período, dúas das asociacións (a Federación de Empresarios do Barbanza e a Asociación de Empresarios da Costa da Morte) repítense en catro ocasións[336]:

[336] Son as dúas únicas subvencionadas nos anos 1996 e 1997.

Táboa 14: Entidades empresariais subvencionadas para a creación de Servizos de Normalización Lingüística entre 1993-1999

Ano	*Denominación*	*Contía (pts.)*
1993	Asoc. Empresarios Construcción Pontevedra	1.000.000
1993	Conf.Empresarios de. Galicia	6.000.000
1994	Fed. Empres. do Barbanza	3.000.000
1995	Asoc. Empresarios Comarca Costa da Morte	1.500.000
1995	Fed. Empresarios do Barbanza	2.000.000
1996	Asoc. Empresarios Comarca Costa da Morte	1.260.000
1996	Fed. Empresarios do Barbanza	2.033.520
1997	Confed Empresarial de Ourense	1.500.000
1998	A.C. Salnés-87	1.500.000
1998	Asoc.Empresarios Comarca Costa Morte	750.000
1998	Asoc. Profesional "Xóvenes Agricultores"	750.000
1998	Asoc. Profesional Xoves Agricultores	1.500.000
1998	Centro Iniciativas Turísticas do Barbanza	50.000
1998	Fed. Empresarios do Barbanza	455.000
1998	Fed. Empresas Cooperativa Sinerxia Pontev.	750.000
1999	Asoc. Comarcal Empresarios Carballiño	700.000
1999	Asociación Empresarios do Deza	200.000
1999	Asociación Empresarios Costa da Morte[337]	700.000

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do CCG

Este balance leva a pensar máis na falta de interese do sector ca na falta de diñeiro para as subvencións, posto que –aínda que non se puido consegui-lo dato de cantas asociacións solicitaron a axuda– dedúcese que, se fosen moitas, algunha máis entraría no reparto. Non sei se se pode interpretar como dato corroborativo de tal desinterese o feito de que na maioría destes casos non se organizase ningún servizo lingüístico estable, feito que esixe un maior compromiso da entidade (e das empresas que a configuran), para mante-lo soldo da persoa responsable, dado que as asociacións –en principio– non xeran beneficios, senón que viven das subvencións e das achegas dos socios integrantes.

Dado que a extensión desta investigación non permite unha avaliación pormenorizada das actuacións de cada unha das entidades beneficiadas, decidín escoller dúas: a Federación de Empresarios do Barbanza e a Confederación de Empresarios de Galicia.

[337] Aparecen recollidas na base de datos do CCG dúas subvencións máis de 700.000 pts. no ano 1999 pero non se cubriu o campo co nome das asociacións correspondentes.

A elección da Federación de Empresarios do Barbanza debeuse a que foi a entidade que máis axudas recibiu, por un lado porque se lle subvencionou o servizo durante catro anos: 1994, 1995, 1996 e 1998; por outro porque obtivo –en conxunto– a cantidade máis elevada de diñeiro. Pero ademais, a documentación desta entidade demostra un compromiso desde 1993 coa lingua. Neste ano, a Federación de Empresarios do Barbanza (FEB)[338] modificou os seus estatutos incluíndo un novo artigo no que se comprometía coa promoción da lingua, obxectivo que –segundo consta na documentación– pretendía cubrir montando un Gabinete de Normalización Lingüística. Ademais, nunha Asemblea Xeral Extraordinaria do 13 de maio de 1993 aprobouse a utilización do galego como lingua oficial da Federación (Acta da Asemblea Xeral Extraordinaria). Segundo as declaracións do presidente da FEB[339], a constitución do SNL debeuse á demanda das empresas federadas que desexaban realiza-los trámites en galego[340], feito ben pouco habitual. Non obstante, o interese e preocupación pola lingua nesta comarca constátase ó revisa-la listaxe de asociacións subvencionadas e comprobar que tanto a Asociación Boirense de Empresarios como a Asociación Rianxeira de Empresarios percibiron axudas varios anos[341]. Mesmo empresas da zona, especialmente deses dous concellos, aparecen como beneficiarias durante varios anos. Xa se comentou o caso de *Arqo*, pero tamén desenvolveron actividades en galego, entre outras, o *Grupo O Mellor, sociedade Cooperativa* ou *Viaxes Mundi Boy, S.A.* que está implantada en Boiro, Rianxo e Ribeira.[342]

A FEB recibiu subvencións para o SNL con cantidades que foron diminuíndo conforme pasaban os anos. O primeiro ano tiña que compartir tres millóns de pesetas con outros conceptos (bolsas, material didáctico, revista, guías...). As contías variaron nos anos

[338] Naquel momento agrupaba ás asociacións de empresarios de Padrón, Rianxo, Boiro, Pobra, Ribeira, Porto do Son, Noia e Muros.
[339] Información extraída da entrevista realizada para o informe da Sección de Lingua do CCG.
[340] Parece que na zona do Barbanza hai unha actitude positiva cara á normalización da lingua. Detéctase tamén na entrevista feita á responsable de *ARQO* quen afirmou que se as asociacións empresariais levasen a cabo iniciativas de promoción do galego na zona encontrarían resposta, sobre todo en Rianxo. Eles teñen ademais a experiencia de traballar en galego na zona sen ter ningunha protesta.
[341] Desde 1993 a Asociación Rianxeira de Empresarios recibiu diñeiro para rotulación, publicacións, obxectos promocionais, campañas de promoción e documentación. As cantidades foron variando desde os catro millóns de pesetas do ano 1993 e os tres do ano seguinte ata dúas axudas de cincuenta e sesenta mil pesetas do ano 1999. En 1994 a Asociación Boirense de Empresarios recibiu case dous millóns para trípticos e nos anos seguintes cantidades moito máis modestas (a máis alta supera en pouco as seiscentas mil pesetas). Tampouco os conceptos eran demasiado ambiciosos: edición de mapas, carteis, dípticos...; só en 1999 se lle concederon 400.000 pts. para a publicación de libros). Tamén recibiu axudas neses anos *Boiromostra*, a Feira de Mostras realizada no concello.
[342] Outras firmas que recibiron axudas dignas de mencionar: *Asteleiros Triñanes, Autocares Muñiz, Envases de Galicia, Exclusivas Navais Chicolino* ou *Novedades Matucha* (todas elas de Boiro). En Rianxo moitas empresas

seguintes: en 1995 obtivo 2.000.000 pts. destinados ó SNL, á campaña *Merca no teu concello* e á publicación da revista da entidade, mentres que en 1996 recibiu 2.033.530 pts. só para o Servizo de Normalización Lingüística. Unha proba de que a cantidade da subvención condicionaba a duración do SNL é que este funcionou en dous períodos de nove meses os dous primeiros anos, e xa durante os doce de 1996. Neste ano seguinte (1997) a federación non obtivo axuda, o que derivou na ausencia de servizo, volvendo a existir en 1998[343] cando obtivo 455.000 pts. Nese ano concedéuselle tamén subvención ó CIT (Centro de Iniciativas Turísticas do Barbanza) que compartía sede e cargos directivos coa Federación de Empresarios. O labor desenvolvido polo normalizador neste período centrouse basicamente na corrección e tamén na tradución de textos, que tiñan como destinatarios empresarios maioritariamente galegofalantes, feito que se considera que axudou a acepta-la galeguización da entidade. O servizo dependía directamente do secretario xeral quen, en declaracións ó CCG, confirmou a maior importancia da vontade persoal que da cuestión monetaria á hora de toma-la decisión de incorpora-lo galego á actividade empresarial[344].

A outra entidade escollida nesta breve análise é a Confederación de Empresarios de Galicia[345] (CEG), entidade que recibiu en 1993 a cantidade máis alta de diñeiro, de todo o período analizado, para este concepto[346]. O destino era a posta en marcha de cinco servizos de normalización lingüística (suponse que catro para cada unha das sedes provinciais que a conforman e outro para a sede central sita en Santiago, CEG).

Descoñécese se se recibiu e/ou se se xustificou a contía de seis millóns de pesetas para a constitución dos devanditos servizos. A realidade é que o único servizo que se puxo en marcha foi o da CEG ó contratar a unha persoa ó abeiro dunha das dúas bolsas[347] que o

moi pequenas (que son as que ten o concello, basicamente comercios): por exemplo o *Supermercado Quenxo* ou *Establecementos Ordóñez* recibiron axudas tódolos anos.

[343] Segundo a información que se puido manexar este foi o último ano do servizo, que funcionou ata 1998 "durante períodos entre seis e doce meses" (Porto Sánchez, 2002: 130).

[344] Cfr. Porto Sánchez (2002), quen asegura que a federación contou co servizo lingüístico desde 1994 ata 1998 durante períodos entre 6 e 12 meses cuxas funcións eran a tradución, asesoramento e cursos.

[345] Agrupa ás catro confederacións empresariais provinciais.

[346] Recórdese que nese ano esta contía só foi superada pola outorgada á Fundación Semana Verde de Galicia, que en 1993 non se lle subvencionou o servizo, aínda que si en 1994, con catro millóns de pesetas, a segunda cantidade máis alta do período.

[347] Que se coñeza foi o único ano que este organismo (que, nesa etapa dos anos noventa, fomentou a contratación de recén licenciados como bolseiros para empresas e asociaciacións empresariais, pagando a metade do seu salario) ofreceu prazas para licenciados en filoloxía galega. A outra bolsa era para unha empresa editorial de Vigo.

Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) convocou ese ano e que desembocou na contratación dunha filóloga en xaneiro de 1994[348].

No resto das Confederacións provinciais nunca se chegou a constituír un servizo nin houbo unha persoa encargada de tales labores. O desinterese do tema da lingua por parte das outras confederacións provinciais comprobouse desde o SNL da CEG que nunca tivo demanda de servizos de tradución, corrección ou dinamización que se lles ofrecían tódolos anos, a excepción de actuacións puntuais da Confederación de Empresarios de Lugo[349] (CEL). O emprego do galego alí xa era máis usual no ámbito oral –segundo declaración dos técnicos– porque era a lingua habitual da maioría dos empresarios asociados. De tódolos xeitos, a introdución do galego no ámbito formal reduciuse á tradución dalgunha documentación de xeito esporádico é á revisión dos materiais que, por propia iniciativa enviaban desde a CEL pero pertencían á Federación Galega de Comercio, coa que compartían sede. Esta federación recibiu axudas durante tres anos (1995, 1998 e 1999). En 1995 incentivóuselle, cun millón de pesetas, unha campaña de promoción do comercio galego. Esta foi a cantidade máis elevada que recibiu, pois xa en 1998 outorgáronselle dúas axudas de 250.000, unha para o *Boletín informativo do comercio galego* e outra para o *Manual lexislativo*. En 1999, obtivo outras dúas subvencións, esta vez de 300.000 pts. unha para o "Diagnóstico do comercio rural galego" e outra para "Informes provinciais sobre comercio rural".

Desde a propia sede da CEG non se coñeceu ningunha outra actividade nas confederacións provinciais, o que leva a supoñer que non se aproveitase o millón e medio de pesetas, outorgadas en 1997, para un servizo lingüístico na Confederación de Empresarios de Ourense (CEO) (Táboa 14) posto que nunca chegou a constituírse.

[348] Unha exposición detallada da constitución e do traballo deste servizo, así como da avaliación do mesmo, pode verse nas actas dos *III Encontros para a Normalización Lingüística* organizados polo CCG en 1999 que tiveron unha xornada dedicada á avaliación de servizos lingüístos (Formoso, 2000: 67-102 e Lorenzo, 2000: 117-128).

[349] Nesta confederación sempre houbo unha maior preocupación pola lingua, de feito traduciron publicacións nas que colaboraban coa Federación de comercio da mesma provincia (coa que compartían sede). Un dato da apertura desta institución está en que o seu presidente durante a década de noventa, Guillermo Sánchez Vilariño, asinou un convenio de colaboración en xuño de 1993 coa Universidade de Santiago, coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNL) e coas principais forzas sindicais (CXTG, INTG, USO, CCOO, UXT) onde a universidade ofrecía asesoramente técnico-lingüístico, a AFNL asesoramento en materia legal e os sindicatos e a CEL comprometíanse a promove-lo uso do galego na documentación que se xerase na sinatura dos convenios e en toda a súa documentación externa. Tras preguntar na CEL (na actualidade baixo outro presidente) polo devandito convenio só se conseguiu un exemplar do mesmo, pero non se obtiveron datos sobre as súas actuacións.

A repercusión das actuacións da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) é en certa medida diferente á das confederacións provinciais, dado que a primeira non ten empresas directamente asociadas, senón que se compón de confederacións, federacións e asociacións empresariais, e sería sobre estas nas que recaerían as principais actuacións. Con todo, na segunda metade da década dos noventa, a CEG desenvolveu un programa formativo amplísimo, e o emprego do galego en certa documentación[350], puido chegar ó conxunto da sociedade.

Así a creación dun Departamento de Normalización lingüística, que funcionou de forma desigual entre 1994 e 1998 cunha soa persoa á fronte[351], puido ofrecer durante uns anos unha imaxe que Bouzada e Lorenzo recolleron da seguinte maneira:

> Fronte a declaracións e conductas de agresividade ante a lingua galega no pasado, a CEG asume a condición de bilingüe de Galicia e aposta pola liberdade lingüística dos individuos e a convivencia entre falantes. Boa proba deste obxectivo bilingüe é que toda a publicidade de actos organizados pola CEG e as comunicacións ós empresarios afiliados á organización se realizan simultaneamente en galego e castelán (Bouzada e Lorenzo, 1997: 105).

Isto foi certo durante un período (mediados de 1994, momento en que se traducira a maioría da papelería e se editaba en bilingüe boa parte da programación formativa da CEG, e finais de 1995) en que o departamento de normalización xa tiña unha certa entidade e funcionaba cun rendemento aceptable tendo en conta os escasos medios cos que dispoñía, pero sobre todo contando coa ideoloxía lingüística claramente antigalega dunha parte importante da directiva. No entanto, tras un traballo de concienciación, formación, tradución e vixilancia, conseguiuse que a documentación que saía da entidade para dentro da comunidade fose toda bilingüe. Isto deixou de pasar a partir de xaneiro de 1996 cando se reduciu o contrato da responsable do servizo a oito horas á semana. Este feito provocou que a dinámica creada entre os traballadores da CEG fose esmorecendo na desidia, na facilidade e na comodidade do castelán, porque resultaba imposible seguir co mesmo control da documentación producida por uns técnicos maioritariamente castelanófonos, con pouca formación en galego e nalgúns casos con pouco interese na lingua[352]. Foise

[350] As notificacións para o uso do galego entre os monitores que impartían os cursos facíanse cando estes eran galegos e simplemente se lles presentaba, desde o departamento de formación (o encargado de organizalos) como unha opción voluntaria.

[351] Só estivo o primeiro ano contratada a tempo completo, pero atribuíronselle funcións máis administrativas ca normalizadoras. O ano seguinte só estivo a tempo parcial e a partir de 1996 cun contrato por oito horas á semana.

[352] Nunha época en que a CEG tiña arredor de trinta técnicos –cunha parte importante de bolseiros– funcionando na sede compostelá, o interese na lingua por parte dos mesmos era moi variado. Houbo unha parte do cadro de persoal

descoidando o uso do galego como lingua de comunicación coa administración (avance conseguido durante o primeiro ano de funcionamento do SNL e consolidado durante o segundo), uso que compartía co castelán na maioría dos escritos, volvendo esta lingua a ser de novo o única lingua de traballo da maioría dos departamentos. Perdeu tamén o galego o espazo conseguido ó lado do castelán nas publicacións habituais (dípticos, trípticos, programas de cursos, revista mensual...).

A xustificación da organización para esta limitación do horario do servizo estaba –entre outras razóns menores– na falta de demanda de servizos lingüísticos[353] por parte dos empresarios (destinatarios das actividades da CEG). A salvación do departamento durante os seguintes anos debeuse á súa solvencia económica grazas a proxectos subvencionados, ben pola citada DXPL, ben pola Dirección Xeral XXII da Unión Europea[354]. As subvencións recibidas pola CEG da DXPL neste período, ademais da outorgada en 1993, que xa se comentou arriba, foron as seguintes:

Táboa 15: Subvencións recibidas pola CEG desde a DXPL durante o período estudado

Ano	*Contía (pts.)*	*Actuacións subvencionadas*
1995	1.400.000	Edición da "Guía-axenda para a creación dunha empresa".
1996	2.172.533	Axenda, 2 vocabularios, menú BBS, 3 manuais, libros, etc.
1998	4.500.000	Proxecto GALEM (Normalización do galego no ámbito empresarial)
1999	1.200.000	Manual de galego comercial (libro e disco)

As actuacións que aparecen na táboa anterior como "subvencionadas" son as que se describían nos DOG, porque eran aquelas para as que se pedía o diñeiro, pero logo as realmente realizadas, é dicir, as actividades coas que se xustificou a axuda foron as seguintes: en 1995 a tradución da *Axenda galega do autoemprego: busca activa de emprego* (manual moito máis breve có do autoemprego solicitado e concedido). Esta obra reeditouse coa subvención de 1996, ano no que tamén se elaborou o *Diccionario de termos económicos e comerciais galego-castelán-inglés*. En 1998 todo o proxecto subvencionado deu como froito unicamente o *Vocabulario do sector téxtil*, mentres que en 1999 (debido ós comentados cambios da convocatoria) si se levaron adiante as accións para as que se recibiu a axuda: *Manual de galego comercial* (reedición do libro e mais CD). A primeira

máis fixo que asistiu con regularidade ós cursos de formación impartidos dentro da propia sede, feito que motivou un avance importante na galeguización da entidade.

[353] A falta de demanda de máis traballo lingüístico dentro da sede foi a causa que se lle deu á responsable do servizo para reduci-lo seu contrato a tempo completo a media xornada en 1995 e para reducilo a oito horas logo a partir de 1996.

[354] A información sobre estes proxectos foi publicada na memoria do servizo que a responsable presentou nos *III Encontros do Consello da Cultura Galega* (Formoso Gosende, 2000: 67-102).

edición do mesmo manual realizárase en 1997 co diñeiro solicitado á Dirección Xeral XXII da Unión Europea.

Coas axudas da devandita Dirección Xeral desenvolvéronse durante os anos 1998 e 1999 senllos proxectos. As accións que estaban programadas en cada un deles desenvolvéronse case por completo debido ó rigoroso control que desde a citada Dirección Xeral se facía dos proxectos. A actividade principal do primeiro deles, solicitado en 1997, eran os *Cursos de galego comercial* que se realizaron nos primeiros meses de 1998. Os destinatarios potenciais eran traballadores en activo e futuros traballadores de empresas, entre os que se incluían estudantes de ciclos superiores de administración, comercio e secretariado bilingüe, principalmente. Dentro da mesma subvención publicouse a primeira edición do *Manual de galego comercial*, de distribución gratuíta, tanto entre o alumnado dos devanditos cursos, como para todo aquel que o solicitase[355]. O segundo proxecto, denominado *Galem (Galeguización do ámbito empresarial)*, moito máis ambicioso có anterior, recibiu da Unión Europea 11.813.406 pts, diñeiro que se xustificou con tódalas accións do mesmo, menos o citado vocabulario que cubriu a totalidade da axuda da Dirección Xeral de Política Lingüística (vid. Táboa 15)[356].

Esta produción do servizo creou unha especie de "máscara de rendibilidade" que axudou a facerlle fronte a unha parte da cúpula directiva, pouco ou nada favorable á lingua vernácula, con prexuízos, desinterese e, nalgún caso, case fobia cara ó galego[357], o que provocaba a súa oposición á existencia do mesmo.

Se dentro do organigrama empresarial do país, a sede da patronal podería actuar como foro adecuado para levar adiante a promoción e planificación do idioma dunha forma organizada cara ás empresas, débese ter en conta a postura cara á lingua que mantivo e mantén neste momento. En primeiro lugar débese considerar que algúns dos membros da dirección da patronal galega tiñan, e teñen, unha postura bastante contraria á normalización da lingua. Por outro lado, entre aqueles máis abertos á introdución do galego no ámbito empresarial, só pretendían a entrada da lingua vernácula na propia sede para quedar ó mesmo nivel, ou un chanzo por baixo, do castelán, que ademais de ter un horizonte

[355] Os manuais entregábanse de balde a toda persoa interesada, previa solicitude por escrito na CEG.

[356] A xustificación deste proxecto moveuse dentro da irregularidade, nun ano en que saltou o escándalo por malversación de fondos públicos dentro da organización (xuízo que aínda non está resolto). Con todo, pódese ver con máis detalle a descrición das accións destes dous proxectos en Formoso, 2000: 96-99.

[357] O presidente durante aquel período, Antonio Ramilo Fernández-Areal, ten feito abundantes declaracións públicas nas que manifestaba a súa posición contraria á normalización do galego.

territorial moito máis amplo, non estaba "marcado" como o galego culto, ó "apropiarse del un sector que ideoloxicamente apoia o nacionalismo" (Entrevista inédita a Fausto Santamarina, 4/2004)[358].

Na avaliación externa que Cidadanía fixo do departamento queda ben claro que a Dirección da sede "contentaríase coa posibilidade da existencia do uso [do galego], nunha postura máis testemuñal, restrinxida ou pasiva", dado que consideran que os obxectivos de NL lle afectan á organización só tanxencialmente (Lorenzo, 2000: 119,120). Dado que o teito da normalización lingüística da CEG, segundo o secretario xeral durante a vixencia do servizo, estaba en acada-la tolerancia cara ó galego e o seu uso esporádico cando o requirise a situación, enténdese que nunca se lle permitise ó SNL a organización de campañas directas de sensibilización do empresariado.

De tódalas maneiras, o departamento, así como calquera actividade ligada a el, desapareceron cando a persoa que estaba ó cargo rompeu todo tipo de ligadura coa organización, producida nas vésperas da entrada desta nunha importante crise económica e xurídica. Rompeuse unha dinámica galeguizadora que a nivel interno e externo estaba collendo certo peso, sempre dentro dos obxectivos fixados pola CEG[359]. No entanto, en abril de 2004, o actual secretario xeral da organización, Fausto Santamarina, confesou ter idea de reanudar dalgún xeito o labor do departamento, que funcionaría principalmente para darlles servizo ás empresas que o necesitasen, principalmente aquelas que atendesen a un público maiormente galegófono, xa que, en palabras de Santamarina, o uso do galego axuda á mellora da comunicación, que é ó que debe tende-la empresa galega[360].

Considera o Secretario Xeral da CEG que, para que o empresariado se implicase na normalización do galego, debería verlle valor ó cambio, para que este fose práctico. De feito, compara a situación de mudanza que lles suporía coa que tiveron que sufrir no caso da Lei de protección medioambiental ou na de riscos laborais, onde se pasou de verlle só o custo a entende-la súa necesidade:

[358] Palabras tomadas da entrevista realizada en abril de 2004 a Fausto Santamarina, secretario xeral da CEG desde 2000, momento en que se destituíu o anterior secretario que ocupara o posto arredor de oito anos, período no que Santamarina actuou de secretario adxunto á secretaría xeral, cargo que, polo tanto, mantiña nos anos que estivo vixente o SNL.

[359] De feito ese mesmo ano 1999 veu aprobado pola DX XXII da Unión Europea o Proxecto Galem II, continuación do Galem I, que se tería que realizar en 2000, pero xa non se puxo en marcha debido á disolución do departamento que coincidiu cun período de crise na que entrou a propia institución.

[360] No momento de pechar esta investigación non se teñen máis datos ó respecto deste proxecto.

> [...] en esta implicación de las empresas influyó mucho, por un lado, la actitud de la sociedad, sensibilizada hacia cualquier ataque al medio ambiente o hacia los accidentes laborales; y por otra el compromiso de la administración que hizo un trabajo muy intenso en colaboración con los agentes sociales, dedicando muchos esfuerzos a limar asperezas en los empresarios a partir de inspecciones que intentaban convencer y no sancionar. Esta línea es la que se debería seguir con el tema de la lengua (Entrevista inédita, 4/2004).

Sen saber exactamente como se pode incentivar esa política de comunicación que se necesita nas empresas, cre estar seguro do que non se debe facer, que é impoñe-la lingua: "la imposición crea rechazo, es una aberración el tema de imponer el idioma, por ejemplo lo que hace la Ley de política lingüística catalana". Pero tampouco considera que a política lingüística levada a cabo en Galicia ata o momento tivese eficacia, posto que "la política de subvención non es hacer empresa, con ese dinero solo no se arregla nada". Daquela, entende que ó que deberían dedicarse as institucións é a transmitir que o galego é unha ferramenta de comunicación válida, para o que deben mostrar preocupación real pola lingua e axudar a esa sensibilización pola que cre que se debe apostar, potenciando o desenvolvemento natural do idioma. Así, as empresas non interpretarían a introdución do galego como unha duplicación de gastos e veríanlle valor a oferta-la comunicación na lingua dos usuarios. Desta maneira considera que se debe apostar polo bilingüismo e non pola exclusividade do galego, como se ten feito desde determinadas organizacións:

> Exclusivizar es transmitir que el gallego es un elemento de ruptura, que fue lo que hizo el nacionalismo, y eso crea recelos. Desde mi punto de vista, deberían desaparecer esta actitud en todas las organizacións que luchan por defender el gallego, porque son herramientas políticas y le están haciendo más daño que bien a la lengua (ídem).

Chegados a este punto o representante da patronal cre que eliminando este obstáculo e seguindo unha política adecuada desde a administración, que impulsase a galeguización de empresas e organizacións significativas en cada sector, o resto de empresas pequenas imitaríanas.

2.2.2.5 A ENTRADA DO GALEGO NAS RELACIÓNS LABORAIS: A LINGUA DOS CONVENIOS COLECTIVOS E AS CLÁUSULAS DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS

Os convenios colectivos son os documentos que regulan as relacións laborais nunha empresa[361], de aí a importancia da entrada do galego nos mesmos, tanto na propia redacción do texto, coma na incorporación ó mesmo de cláusulas de dereitos lingüísticos.

A loita pola normalización da lingua nestes dous aspectos comezou, e case rematou, na década dos anos noventa. Con anterioridade só se ten noticia dun convenio colectivo en galego, o de *ASTANO* do ano 1986, por iniciativa do concello de Fene, como quedou arriba mencionado. Igual có resto das actuacións normalizadoras xa comentadas, caracterízase esta por ser puntual, liderada en solitario, e de forma independente, pola vontade de dúas organizacións –a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (AFNL) e o sindicato nacionalista CIG– que reivindicaron ámbolos dous puntos, pero en batallas diferentes.

En realidade, desde finais da década dos oitenta (1988-89) tódolos convenios colectivos de ámbito autonómico teñen a súa tradución ó galego porque se comezaron a publicar no DOG, aínda que fose moito despois de negociárense[362]. No entanto, os textos dos convenios provinciais que se publican nos Boletíns Oficiais das Provincias (BOP) (publicación dependente das deputacións provinciais)[363] publícanse na lingua en que chegan redactados, ben en castelán ou ben en galego[364]:

[361] Os convenios colectivos son pactos, conxuntos de acordos ou contratos colectivos subscritos polos representantes dos traballadores e dos empresarios e teñen por finalidade regula-las condicións de traballo e emprego, así como as obrigas de ambas partes no ámbito laboral. Segundo o seu ámbito de aplicación, os convenios poden ser: a) de ámbito local, provincial, comarcal ou nacional; b) de empresa, de sector ou intersectoriais (estes dous últimos negócianse desde as asociacións sectoriais). Débese ter presente que un convenio colectivo ó ser un contrato pode ter eficacia de norma xurídica, ó ser colectivo aféctalle ó conxunto dos traballadores; o seu contido refírese ó regulamento de condicións de traballo e de emprego en sentido amplo, podendo abarcar tódolos aspectos laborais e sociais das relacións de traballo (salarios, xornada, contratación, etc.) e unha das súas finalidades máis importantes é que estableza mellores condicións para os traballadores que as establecidas con carácter xeral e mínimo pola norma estatal. Na súa redacción establécese o período de validez do mesmo, que normalmene son dous anos e a renovación dos mesmos realízase automaticamente só coa modificación salarial que corresponda, a non ser que se presente unha denuncia que provoque que se negocie de novo (Adaptado de DSE, 2000: 114 e Martínez Cortiña, 1980: 81).

[362] Antes desa data publicábanse todos no Boletín Oficial da Provincia (BOP), pero só no DOG aqueles que na propia negociación decidían que se publicasen. O primeiro que atopamos en galego no DOG é do 25 de maio de 1983 da empresa *Unión Cristalera S.A.*

[363] As deputacións son administracións locais, e como tal vense afectadas pola Lei de o uso do galego nas entidades locais (Lei 5/88).

[364] Hai que aclarar que nas deputacións existen servizos lingüísticos estables.

A primeira acción da que se ten noticia de cara á dinamización da lingua neste aspecto é a que emprendeu a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNL), quen se dirixiu ó Consello Galego de Relacións Laborais para solicitar que se lles propuxese ás empresas que a negociación colectiva se fixese en galego. Xosé González, como promotor da iniciativa, sinalou que entendía este como o único camiño de "entornar un pouco as portas das empresas para que entrara a galeguidade", debido ó que el denominou "fracaso da acción sindical" no tocante a este tema, por non se implicaren o suficiente na cuestión da lingua:

> En Galicia [...] faltou a política dos dirixentes sindicais de recoller unha parte que estaba nas súas mans que era a negociación colectiva [...] Eu tentei falar coa INTG e CXTG pero dicían que os empresarios eran fascistas e que non había nada que facer. Cunha afirmación tan categórica, tan pouco seria..., decidín mete-las mans na mecánica de todo este proceso, primeiro a través da vía da negociación colectiva. [...] Isto supuxo que o discurso llo lanzara ó Consello Galego de Relacións Laborais, que era un organismo recén creado, autonómico, un organismo estatutario formado por empresarios, sindicatos e administración, e alí, a través do presidente do CGRL, articulouse unha proposta aprobada en maio de 1992 e tiña unha introducción que falaba da cooficialidade lingüística, do uso do galego no ámbito laboral, e polo tanto propúñase que se recomendara que a negociación colectiva se fixera en galego (Entrevista inédita, 1/2002).

En efecto, o Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) celebrou unha xuntanza o 11 de maio de 1992, onde se aprobou unha resolución sobre o uso do galego. Acordouse contactar coas instancias oportunas para que os convenios colectivos se publicasen en galego nos BOP de cada provincia, pero ademais xurdiu unha proposta máis ambiciosa, a de incluír unha "cláusula de dereitos lingüísticos" dentro dos propios convenios, onde quedase recoñecido o dereito dos traballadores a "desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega" e mais onde se lles propoñía a empresarios e representantes sindicais a implicación no fomento do uso do galego. O resultado foi que o pleno do CGRL aprobase a recomendación e a inclusión dun capítulo nos convenios colectivo, o denominado "Dereitos lingüísticos" (CGRL, 11/05/92):

> Art. X.- Dereitos lingüísticos
> Os traballadores teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega.
> No seo da Empresa, a dirección e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega.

Segundo Xosé González, esta cláusula tiña os antecedentes na da empresa *LARSA*, a primeira en ter cláusula de dereitos lingüísticos[365]:

> [...] Era o texto (o da cláusula de dereitos lingüísticos) dun convenio posibilista [...] os antecedentes desa cláusula estaban nun convenio de carácter estatal, o de *Larsa* [...]. A *Larsa* redactáralle eu

> precisamente a cláusula de dereitos lingüísticos dos traballadores o e o conselleiro delegado de *Larsa*, que por certo, era madrileño, púxoo como primeiro artigo do convenio colectivo e era moi chocante mirar aquel texto no Boletín Oficial do Estado (Entrevista inédita, 1/2002)

O esforzo da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística continuou cunha campaña de cara ós comités de empresa para incitalos a introducir nos convenios este artigo, aínda que non se obtivo información sobre a repercusión da mesma[366]:

> E neste sentido a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia está a face-lo esforzo de transmitirlles ós comités de persoas de máis de cincocentas empresas a proposta de incluír nos convenios colectivos dous artigos ben significativos: o recoñecemento por parte da empresa como unha conquista máis, do dereito a utiliza-lo idioma galego como lingua de traballo, e determinadas medidas de fomento como son os impresos das nóminas e contratos de traballo no idioma oficial de Galicia (González Martínez, 1992: 47).

Pola súa banda, a Confederación Intersindical Galega[367] (CIG), a outra entidade que traballou en prol deste tema, converte a galeguización da negociación colectiva no centro da súa actividade normalizadora de cara ás empresas[368]. De feito, en palabras do que foi desde os seus inicios (1995) responsable do SNL da organización sindical nacionalista, Rafael Villar, indicou que desde a CIG nunca se realizaron pedimentos para que se rotulase en galego ou para que as nóminas e demais documentación saísen na nosa lingua, posto que se considera moi difícil que os traballadores puidesen, e poidan, reivindica-lo tema da lingua, debido ás relacións internas que se establecen dentro da propia empresa:

> É moi difícil que o traballador ou mesmo o comité de empresa poida dirixi-la política lingüística da empresa. É moi difícil ou moi pouco viable que os traballadores poidan pedir que a rotulación das fábricas estea en galego, só no caso de que as relacións entre empresarios e traballadores sexan moi boas e poidan dialogar. Noutro caso só se negocian subidas de salario e horarios porque é o prioritario e hai que entendelo (Entrevista inédita, 2/2002).

---

[365] O texto da cláusula pódese ver na páxina 136.

[366] Esta campaña parece ser que a retomaron no ano 1997.

[367] A CIG ten entre os seus obxectivos fundacionais loitar pola normalización do galego, de feito creouse o SNL que funciona de xeito estable case desde o nacemento da propia central sindical. O traballo desenvolvido nos primeiros anos centrouse principalmente en levar adiante un programa de intervención nas asesorías xurídicas do sindicato, na realización de cursos, na corrección, e nalgún caso, tradución de documentación... En paralelo desenvolveuse o proxecto de normalización no eido laboral que se vai comentar neste traballo. Pódese ver un resumo das actividades do sindicato desde o seu nacemento ata 1998 en Villar, 1999: 65-71.

[368] Recórdese que xa en 1993, os sindicatos que deron lugar á CIG (Confederación Xeral de Traballadores Galegos, CXTG e a Intersindical Nacional de Traballadores Galegos, INTG), xunto con representantes doutras tres forzas sindicais –CC.OO., UXT e USO (Unión Sindical Obreira)– asinaron un convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo e a Universidade de Santiago, onde tamén participou a AFNL (vid. nota 349). A cláusula terceira do mesmo indicaba o compromiso de sindicatos e patronal e o primeiro punto referíase ós convenios colectivos, onde ámbalas partes se comprometían, ademais de a promove-lo idioma na documentación e publicidade, a promover que toda a documentación que se xerase na sinatura dos diferentes convenios fose escrita en lingua galega.

As actividades do SNL do sindicato comezaron primeiro pola análise da situación, a información e intento de dinamización desde dentro da organización, entre os propios asociados. Máis adiante esforzáronse nun proxecto máis ambicioso: o intento de facer partícipes do proceso normalizador á tódalas partes implicadas, coa creación dunha comisión normalizadora no Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL) [369].

A pouco de comezar a funciona-lo SNL da CIG este publica unha proposta de normalización dos convenios colectivos na folla informativa do sindicato sobre a negociación colectiva para o ano 1995 onde constata o escaso uso do galego nese proceso achegando os seguintes datos:

> Os datos reais obtidos acerca da situación do galego na negociación colectiva resultan moi preocupantes, xa que o emprego da nosa lingua está ben lonxe de alcanzar a súa necesaria normalización. Por exemplo, no ano 94 (ata o 11 de novembro) só se asinaron en galego 18 convenios de sector, de 62, e 24 convenios de empresa, de 991[370]. (Folla informativa "A negociación Colectiva para 1995: Obxectivos da Confederación Intersindical Galega".)

Trala análise, o responsable do servizo pide tomar conciencia da necesidade de reivindica-lo galego como un punto máis na negociación colectiva e propón, por un lado, que os convenios colectivos sexan negociados, asinados e publicados nos BOP en lingua galega (xa que no DOG xa se facía); por outro lado, a inclusión de cláusulas referidas ós dereitos lingüísticos onde se contemple o dereito dos traballadores a desenvolveren a súa actividade laboral e profesional na nosa lingua e o compromiso da empresa a fomenta-lo seu uso. Achega como modelo o artigo aprobado polo CGRL citado arriba[371].

Así, en 1996 comézase a desenvolver unha campaña interna dentro do sindicato *A negociación colectiva en galego*, que se leva a cabo coincidindo coa campaña que o sindicato fai de obxectivos a lograr na negociación colectiva e de reivindicación dun marco galego das relacións laborais, e que ten como horizonte impulsa-lo asinamento de convenios colectivos redactados en galego, así como procura-la inclusión nos mesmos dunha cláusula de dereitos lingüísticos (Villar, 1999: 67).

Do traballo de análise da lingua empregada nos convenios colectivos durante a segunda metade da década dos noventa, obtéñense os seguintes resultados:

[369] O CGRL é un organismo do que forman parte a administración, os sindicatos e a patronal.
[370] Continúa dando datos exactos dos convenios por provincias: A Coruña, 2 de 17, de sector, e 4 de 30, de empresa; Lugo, 3 de 8, de sector, e 2 de 10, de empresa; Pontevedra, 4 de 26, de sector, e 6 de 46 de empresa; (a grata excepción) Ourense, 9 de 11, de sector, e 12 de 13, de empresa.

Táboa 16: Lingua dos convenios colectivos entre 1995 e o 1º cuadrimestre de 1999.

ANO	*Total (numérico)*	*Galego*	*Castelán*
1995	212	22,7%	77,3%
1996	247	24,7%	75,3%
1997	198	23,73%	76,27%
1998	194	30,92%	69,08%
1999 (1º cuadrimestre)	59	13%	46%

Fonte: elaboración propia cos datos que recompilara o SNL da CIG

Destaca que nos tres primeiros anos, o número dos convenios nos que o galego teña presenza non chegou a un cuarto do total. No ano 1998 aumentou lixeiramente o número de convenios redactados en galego, pero sen acadar unha porcentaxe significativa.

A maioría dos textos redactados en galego pertencen á administración local. Trala revisión dos do primeiro cuadrimestre de 1999 por provincias, destaca que en Ourense non se redactase ningún en galego e na provincia da Coruña só o da Confraría de pescadores de Ribeira. Na provincia de Pontevedra, dos catro redactados en galego, só o da *Corporación Alimentaria Peñasanta* é de empresa, os outros tres pertencen á administración. É na provincia de Lugo onde catro empresas configuran o groso da iniciativa: *La Lactaria Española*, *Corporación Alimentaria Peñasanta* para a factoría de Robra[372], a Residencia de anciáns *Nuestra Señora del Carmen* de Sarria e a empresa que regula as condicións de traballo na actividade de tráfico interior do porto de *Alúmina-Aluminio*.

Destaca a presenza do galego na empresa *Corporación Alimentaria Peñasanta* en dúas provincias, e ademais presenta cláusula de dereitos lingüísticos, cláusula herdada do convenio da súa predecesora *Lacto Agrícola Rodríguez, S.A. (Larsa)*. Aparece publicada baixo a epígrafe "Dereitos lingüísticos" como capítulo 1 do convenio colectivo de ámbito interprovincial para a empresa, con vixencia entre o 1 de xaneiro de 1994 ó 31 de decembro de 1995, presentaba o seguinte texto[373]:

[371] Non houbo, segundo o representante deste SNL, un seguimento da influencia desta campaña, pois destaca a dificultade do procedemento debido á negativa da CIG a asinar moitos dos convenios por desacordo cos mesmos.

[372] Se se contrastan estes datos cos da comunidade catalana no mesmo ano, vese que o uso da lingua autóctona foi aumentando na redacción, pero sobre todo progresaron aqueles redactados nas dúas linguas. En 1990 os redactados nas dúas linguas supoñían o 13,04% (52 de 399), no ano 2000 o 31% eran en catalán, o 53,4% en castelán e o 15,6% (55 de 352) nas dúas linguas.(http://cultura.gencat.es/llengcat/informe/cat.htm, visitada o 04/01/02.)

[373] Este texto, do que –como se viu atrás– X. González dixo se-lo redactor, publicouse no DOG do 9 de marzo de 1994. A orixinaria *Larsa* pasou a ser *Corporación Alimentaria Peñasanta*. O texto do convenio de 1998 (DOG núm. 230 do 26 de novembro de 1998) e do ano 1999 (DOG núm 73 do 19 de abril de 1999) presentan exactamente a mesma cláusula, só coa variación do nome da empresa. Este último convenio tivo vixencia ata o 31 de decembro de 2000.

> Os traballadores de LARSA teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega e a recibi-la formación lingüística para mellora-lo servicio ó público no seu posto de traballo, recoñecendo a empresa, desta maneira, a oficialidade da lingua galega e os dereitos lingüísticos dos traballadores recollidos no Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei de normalización lingüística, Lei do Estatuto galego dos consumidores e usuarios e demais disposicións legais.
> A empresa fomentará o uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos consumidores e as administracións públicas en Galicia.

Tamén realizou o servizo de normalización lingüística da CIG unha recompilación daqueles convenios que tiñan cláusulas sobre o idioma ata o ano 2000. Tras un percorrido polos textos dos mesmos, o primeiro que destaca é que pese á escaseza destas cláusulas nos convenios, tanto nos de sector (só se atoparon 10) coma nos de empresa (21), comézase por dar pasos que aínda nunca se acadaran dentro do ámbito empresarial.

A nomenclatura xenérica de "cláusulas sobre o idioma" fronte á que se veu utilizando en páxinas anteriores "de dereitos lingüísticos", ten razón de ser debido a que engloba tódolos artigos que fan referencia á lingua, sendo moitos unha simple declaración do "bilingüismo" (termo que á súa vez é título da epígrafe) que obriga á redacción nas dúas linguas da comunidade, como se ve no seguinte exemplo dun convenio sectorial:

> O presente convenio será redactado nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, galego e castelán [374] (DOG 172/98).

Outras veces só se fala da publicación nas dúas linguas e non da redacción[375] e nalgún caso coma o convenio da provincia de Pontevedra para *Oficinas e despachos* aclárase que o texto aprobado en castelán será o que sirva de base para calquera interpretación:

> A comisión deliberadora do convenio acorda publicalo de xeito bilingüe: castelán e galego. O texto aprobado foi en lingua castelá e será este o que sirva de base para calquera interpretación ou aclaración da comisión paritaria (DOG 39/96).[376]

Nalgunhas ocasións acórdase a redacción nas dúas linguas e publicación do mesmo xeito no BOP, onde, como xa se dixo arriba, os textos se editan na lingua na que lles chegan:

> O presente convenio colectivo será redactado nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e publicado na mesma forma no BOP[377] (DOG 107/00).

[374] Disposición adicional do convenio do sector dos derivados do cemento de Pontevedra. (DOG 172 do 4 de setembro de 1998)

[375] Trátase dos convenios das empresas do sector *Almacenistas de madeira* da provincia de Pontevedra (Artigo 25º – Idioma: "O presente convenio publicarase no BOP e no DOG en galego e castelán." DOG núm. 88, do 10 de maio de 1999) e mais das do sector: *Oficinas e despachos* da mesma provincia.

[376] Disposición adicional. DOG núm. 39 do 23 de febreiro de 1996.

[377] Punto 3 do artigo 33 do convenio de sector das empresas de Mármores e Peanas da provincia de Pontevedra. DOG, núm. 107 do 2 de xuño de 2000. Igual redacción preséntaa na disposición adicional o convenio das Carpinterías de Ribeira (Pontevedra) publicado tamén no mesmo DOG có anterior. Redacción semellante pero co

Un maior avance supoñen aqueles que establecen certo compromiso de uso nas relacións laborais, coma o Convenio do sector das empresas de limpeza de edificios e locais de Lugo, que baixo a epígrafe "Normalización lingüística", di:

> Normalización lingüística.- As partes firmantes do Convenio comprométense a empregar o idioma galego como medio de expresión nas súas relacións laborais" (DOG 36/98).[378]

ou ben un fomento dese uso:

> Fomenta-lo uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos clientes e administracións públicas galegas (Convenio galego das empresas editoriais, DOG 185/98).[379]

Un paso máis adiante dáse por aqueles que, ademais de "fomentar" o uso, recollen o dereito dos traballadores a desenvolve-la súa actividade en lingua galega[380]:

> Os traballadores e traballadoras do sector teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega. Os empresarios do sector e mailos representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega (Convenio sectorial das empresas de pompas fúnebres, que ten como ámbito de aplicación a Comunidade Autónoma, DOG 99/00)[381].

Este repaso fíxose con textos de convenios de sector; pola súa banda, nos convenios de empresa[382] adoitan facerse referencias algo máis explícitas ó uso da lingua dentro da mesma, pero aínda así existen cláusulas sobre o idioma idénticas ás comentadas para os sectoriais, onde nada máis citan a cooficialidade dos dous idiomas:

> Para tódolos efectos serán idiomas oficiais o galego e o castelán[383] (DOG 25/99).

---

mesmo contido presenta o artigo 54 co convenio do sector de Rematantes e serradoiros de madeira da provincia de Pontevedra (DOG núm. 89 do 11 de maio de 1999).

[378] Disposición adicional primeira, DOG núm. 36, do 13 de febreiro de1998).

[379] Dentro do capítulo V, no seu artigo 5.3 recolle as obrigas da empresa e co número 7 aparece como unha das obrigas das empresas ás que lles compete este convenio (DOG núm. 185, do 23 de setembro de 1998).

[380] É o caso tamén do convenio sectorial das empresas da construción de Pontevedra, na disposición adicional II dise: "Os traballadores teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral profesional en lingua galega recoñecendo, desta maneira, a empresa, a oficialidade de dita lingua e os dereitos lingüísticos dos traballadores recollidos na Lei. No seo da empresa, a dirección e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega." No mesmo convenio existe unha disposición adicional I que tamén fai referencia á lingua, pero só á redacción e publicación do texto no BOP: "O presente convenio Colectivo redactarase nas dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia e publicada na mesma forma no Boletín Oficial de Pontevedra". (O erro de concordancia que existe entre os tempos verbais está no texto do convenio) (BOP núm. 172 do 7 de setembro de 1999.

[381] DOG núm. 99, do 23 de maio de 2000. Artigo núm. 40º.

[382] Só atendemos ós convenios de empresas, non tomamos nota daqueles que afectan a diferentes concellos e que no informe no que nos baseamos están agrupados por xunto. Os convenios dalgúns concellos (A Estrada, Gondomar, Vilagarcía) deixan sentado nas súas cláusulas o dereito e o deber dos traballadores de desenvolve-la súa actividade en galego ademais do dereito á formación nesta lingua.

[383] Artigo 10º da empresa coruñesa *UNEMSA (Unión de empresas madereras, S.A.)* (DOG núm. 25, do 6 de febreiro de 1997) que é idéntica redacción da disposición derradeira da tamén coruñesa e madeireira *Finsa (Financiera Maderera, S.A)* e mais da ourensá *OREMBER, S.A.*

De igual maneira, algunhas só especifican a publicación do convenio nas dúas linguas, como é o caso do texto de *Automóbiles de Tui, S.A.* (ATSA) ou da *Corporación de prácticos do porto de Vigo*:

> El texto del convenio se publicará en los dos idiomas oficiales de la Comunidad Autónoma, o sea gallego y castellano (DOG 190/98).[384]

E outras dan pasos adiante ó solicitaren a publicación só en galego, lingua na que foi redactado:

> Ámbalas dúas partes, recoñecendo a cooficialidade da lingua galega, redactan o presente convenio en galego, solicitando a súa publicación no dito idioma, en cumprimento do disposto na Lei de normalización lingüística (*Eulen S.A.*, DOG, 127/98[385]; *Limpiezas Faro S.L.*[386]).

Seguindo unha primeira clasificación das cláusulas lingüísticas segundo o contido, elaborada polo SNL da CIG, revisáronse os textos, que –ademais destas anteditas en que só mencionan o idioma de redacción e/ou de publicación– poden tratar de:

1- Compromiso de utiliza-lo galego nas relacións laborais. É o caso da empresa de limpeza *EULEN, S.A.* que asinou dous convenios[387] nos que se manifesta o compromiso das partes cara ó uso do galego:

> As partes asinantes do presente convenio comprométense a utiliza-lo idioma galego como forma de expresión nas súas relacións laborais (BOP L 223/97).[388]

2- Publicación nos taboleiros. É o caso de textos[389] onde xa se concreta un pouco máis o uso da lingua, con cláusulas sobre a publicación de comunicacións, informes, etc., nos taboleiros de anuncios das empresas. Os textos adoitan dicir que tales notificacións "redactaranse", "poderán ser redactadas" ou "expresaranse" en galego e castelán (é o caso de *Lignitos de Meirama, Forjas de Galicia, FORGASA e GSB GALBOR, S.A.*[390]; mentres que nos convenios de *Televés, S.A.* e *Construcciones Navales P. Freire*, exprésase de xeito disxuntivo: galego ou castelán.

---

[384] Artigo 10º co título de idioma do convenio de Corporación de prácticos del puerto de Vigo, S.C. (DOG 190, 1 de outubro de 1998). No convenio de *ATSA* dise: "O presente convenio redáctase en galego e castelán" (DOG 123 do 29 de xuño de 1998).
[385] Disposición adicional do convenio de *Eulen S.A.*, empresa que corre coa limpeza do hospital de Pontevedra. A mesma empresa nos convenios dos traballadores dos hospitais de Lugo e Monforte presenta uns textos máis ambiciosos, como veremos adiante (DOG núm. 127, do 3 de xullo de 1998).
[386] Este mesmo texto preséntao o convenio dos traballadores da empresa dedicada á limpeza dos hospitais vigueses Xeral e Cíes, *Limpiezas Faro*.
[387] Un deles é o que afecta ó persoal de limpeza do complexo hospitalario Xeral Calde de Lugo e o outro ós do hospital comarcal de Monforte de Lemos.
[388] BOP de Lugo núm. 223 do 27 de setembro de 1997.
[389] Ata o ano 2000 (período estudado) hai eses cinco convenios citados.
[390] As dúas últimas son de Ourense e a primeira da Coruña.

3- Fomento do uso do galego nas actividades internas e externas, e dereito a desenvolve-la actividade en galego así como o dereito á formación[391]. Trátase dos textos da *Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A.* (tanto para a Comunidade Autónoma coma para a súa factoría de Robra-Outeiro de Rei en Lugo), que son iguais nos dous casos e xa foron comentados arriba; e o da empresa ourensá *Vitivinícola del Ribeiro, S.C.L.* que di na súa disposición derradeira:

> Seguindo as recomendacións formuladas polo Consello Galego de Relacións Laborais, este convenio redáctase en lingua galega.
>
> Así mesmo, os traballadores desta empresa teñen dereito a desenvolve-la súa actividade laboral e profesional en lingua galega e a recibir formación lingüística para mellora-lo servicio ó público no seu posto de traballo.
>
> No seo da empresa, a dirección e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega nas actividades internas e nas súas relacións cos consumidores e administracións públicas en Galicia (DOG, 72/00)[392].

4- Formación. O convenio da *Compañía de Radio Televisión de Galicia* que afecta a toda a Comunidade Autónoma no seu capítulo XII, referido á formación profesional, comprende o artigo 74 onde se marcan 8 obxectivos, sendo o núm. 5:

> O perfeccionamento do dominio oral e escrito do idioma galego (DOG, 159/99)[393].

5- Dereito a desenvolve-la actividade en galego e referencia ó idioma como sinal de identidade. Hai dúas empresas nas que o convenio colectivo contén unha cláusula deste tipo: *Envases metálicos de Vigo, SAL* e *Ormis Embalaxes España, S.A.* (Pontevedra). O texto desta última (practicamente igual ó da primeira[394]) di:

> O idioma dun pobo constitúe un dos seus sinais de identidade fundamentais e un dos seus patrimonios máis preciados, así como a base das súas relacións humanas. Galicia conta co privilexio de ter unha lingua antiga e rica, que é a nosa obriga coidar e potenciar.
>
> No seo da empresa, a dirección e os representantes dos traballadores fomentarán o uso da lingua galega (BOP P, 206/95).[395]

Se se observa a incidencia segundo as provincias[396], Pontevedra é a que presenta o número máis elevado (conta con 8 convenios de empresa e 7 de sector), seguida pola Coruña e

[391] Como xa quedou visto na nota núm. 315 a empresa *Sargadelos* tamén se compromete a fomenta-lo uso do galego xustificándose en que o idioma é un dos sinais de identidade do pobo; así como declara o dereito dos traballadores a desenvolve-la súa actividade en galego.
[392] DOG núm. 72, do 12 de abril de 2000.
[393] DOG num. 159, do 18 de agosto de 1999.
[394] DOG núm. 121, do 25 de xuño de 1998. O primeiro parágrafo de Envases metálicos é igual ó de *Ormis*, cambia o 2º : "os traballadores teñen dereito a desenvolve-la actividade laboral e profesional en lingua galega".
[395] Está como disposición adicional cuarta, publicado no BOP de Pontevedra, núm. 206, do 26 de outubro de 1995.
[396] Recórdase que non se contaron os convenios dos concellos, que están incluídos na recompilación feita pola CIG.

Ourense que teñen 4 de empresa cada unha e ningún de sector; por último Lugo conta con 3 de empresa e 1 de sector. Existen dous de sector e dous de empresa cuxo ámbito de actuación afecta a toda a Comunidade Autónoma.

2.2.2.5.1 Comisión de normalización lingüística no Consello Galego de Relacións Laborais

Como se dixo arriba, esta foi unha das loitas da CIG a finais da década dos noventa, quen, no ano 1998, solicitou a creación dunha *Comisión de Normalización Lingüística* no Consello Galego de Relacións Laborais. Na acta número seis de 1998 do CGRL quedou recollida a defensa da proposta da CIG por Ramiro Oubiña Parracho:

> O único que pretende a proposta é crear un grupo "activo" e non reconduci-la proposta que se presenta a unha mera repetición da declaración xa tomada no ano 92, xa que esta foi tan só unha recomendación, pero non houbo unha actitude "activa" dos axentes sociais. Considera que para desenvolver este papel "activo" non se pode estar convocando cada dous por tres ó Pleno, senón que, igual que sucede con outros temas do Consello, o Pleno delegue este papel nun grupo de traballo operativo. Continúa o Sr. Oubiña sinalando que na súa organización podería facer unha ofensiva ante distintas instancias, pero considera que esto non ten moito sentido pois daría a impresión que uns van por un lado e outros por outro; para esto estaría a comisión, para sentar liñas de traballo operativas e conxuntas.

Aprobouse a proposta e creouse a *Comisión de normalización lingüística* como grupo de traballo, onde o interese do sindicato nacionalista non se veu secundado polo resto dos membros, especialmente polos das outras dúas forzas sindicais, posto que UGT Galicia nunca acudiu ás reunións e CC.OO. só ás primeiras. Desta maneira, a intención que mostraba Oubiña Parrado de elaborar propostas consensuadas que se aprobasen na comisión para logo sérenlle presentadas ó pleno do Consello, non funcionou desde un principio, quedando as reunións trimestrais da devandita comisión constituídas unicamente por dúas persoas do CGRL, dúas da CIG e dúas da CEG[397].

Ademais de acorda-la elaboración dun vocabulario (ou dicionario) bilingüe das relacións laborais que se lle pediu a TERMIGAL[398], os dous puntos básicos nos que se traballou

[397] Tratábase dun técnico da CEG e mais da responsable do departamento de normalización lingüística, que deixou de selo mentres durou a comisión, aínda que seguiu asistindo ás reunións por pedimento da dirección da patronal, quen lle outorgaba voz aínda que non poder decisorio.

[398] Tras chegaren a acordo os membros da Comisión, convidouse a unha reunión ó que naquel momento era o seu director, Manuel González González, onde se sentaron as bases formais do mesmo, establecendo obxectivos e procedementos para a realización do devandito manual. Desde TERMIGAL, a partir de textos que lle facilitaron na devandita comisión, elaboráronse unhas fichas cos termos do vocabulario, que se remitiron de novo á sede do Consello. O tema quedou parado nese punto posto que, trala recepción no CGRL de tales fichas desde Termigal,

nesta comisión foron pola galeguización dos textos dos convenios colectivos e pola redacción dunha nova cláusula de dereitos lingüísticos. No tocante ó primeiro punto, a comisión aprobou o proxecto de galeguización dos convenios colectivos sectoriais e de empresa, que expuxo a CIG e que consistía no cambio dos textos en castelán pola súa versión en galego á hora da súa renovación e revisión (anual ou bianual). Apoiábanse na existencia da tradución dos mesmos realizada previamente polo DOG durante a década de 1990, polo que se acordaron as xestións a realizar con este organismo para consegui-los textos xa en galego. En xuño do 1999, a daquela presidenta do CGRL, Teresa Pedrosa, tramitou unha carta, dirixida ó Secretario Xeral da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas, solicitando unha copia. Pedimento que foi denegado ás poucas semanas, apoiándose nunha próxima dispoñibilidade desta información na rede onde xa se podería consultar. O intento rematou aí pois os textos non se cargaron durante a vida desta comisión[399], quedando á disposición de compromisos e vontades particulares que asumisen o esforzo e o custo do acceso a esta documentación.

O segundo punto, refírese a un proxecto máis ambicioso e máis problemático: ó intento de redacción dunha nova "cláusula de dereitos lingüísticos" consensuada[400], á que se lle dedicaron moitas horas de discusión entre os dous bandos que directamente se implicaron: a CEG e a CIG. A citada comisión de normalización do CGRL, como grupo de traballo que era, tiña como obxectivo consensuar propostas que logo se levaban ó pleno do consello para a súa aprobación. Comezouse polo intento de modifica-la citada cláusula de dereitos lingüísticos que se redactara e aprobara no CGRL en 1992. Esta cláusula, en palabras de J. A. Neira, membro do grupo de traballo por parte da patronal "era unha cláusula desas que non dicía nada a maiores do que xa di a Lei. Nós tentamos mellorala." Tras traballaren no tema os representantes da CIG e da CEG, e ó non dar acadado consenso pleno, presentaron un texto con algúns acordos deixando algúns puntos en desacordo. Estes últimos facían referencia a tres cuestións: a formación, as comunicacións internas entre

remitíronlle unha copia ó responsable da CIG, quen –segundo as súas declaracións no curso desta investigación– carecendo de formación terminolóxica, non lle deu saída á unhas fichas que non sabía cómo tratar. Desta maneira o proceso quedou paralizado ata finais do ano 2004 en que se reanudaron as reunións para traballar na devandita publicación.

[399] A devandita comisión funcionou pouco máis dun ano, quedando parada definitivamente desde finais de 1999 ata os últimos meses de 2004, momento en que se reabriu. Estas primeiras reunións da súa segunda etapa de vida teñen como novidade a maior presenza sindical (acoden membros da UGT Galicia que antes nunca asistiran). A actividade actual céntrase na elaboración dun vocabulario das relacións laborais que quedara parado naquel momento (Entrevista con Rafael Villar, 1/2005).

empresa e traballadores e a publicidade. Mentres a CIG pedía incluír como dereito dos traballadores a adaptación da súa xornada laboral para recibir formación lingüística, a CEG consideraba que a formación lingüística dos traballadores non era a función principal da empresa e que só a debía "facilitar" –segundo resume J. A. Neira, representante da CEG no grupo de traballo[401]– naqueles casos nos que o empresario considerase, en base ós requirimentos de cualificación do posto, especialmente naqueles nos que exista atención ó público e este puidese ser galego parlante. Da mesma maneira "facilitaría voluntariamente de acordo cos recursos e necesidades da empresa que as súas comunicacións cos traballadores fosen en galego fronte ó sentido de obrigatoriedade que lle pretendía da-la CIG: "a documentación e mailas comunicacións que a empresa emita en relación cos traballadores (convocatorias, nóminas, liquidacións, etc) estarán redactadas en lingua galega" (Entrevista inédita a J. A. Neira, 3/2002).

Por último, o sindicato nacionalista pretendía que se potenciase o galego na publicidade, cousa que a CEG non subscribiu. A pesar das discrepancias mostradas entre as dúas organizacións nestes puntos, chegouse a un texto concordado no que todos recoñecían o dereito do traballador a desenvolve-la súa actividade laboral en galego e tamén coincidían na necesidade de que os representantes dos traballadores e a dirección da empresa "fomentasen" o uso da nosa lingua. A proposta que se lle presentou para a súa aprobación ó Pleno do Consello desde o grupo de traballo era unha aposta máis forte cá anterior para que avanzase a introdución do galego na empresa, pero non se aprobou no pleno do CGRL ó ser rexeitada pola patronal, pese a que no grupo de traballo se chegara a negociar un borrador. Para J. A. Neira as razóns de que non fora adiante o proxecto estiveron en que o tema se sacou no seo do Consello de forma extemporánea e sen que figurase na orde do día da reunión do Pleno, cando os membros do grupo de traballo quedaran en espera-las consultas da CEG, por este motivo cando a cláusula se discutiu recibiu un rexeitamento total.

O principal escollo para a patronal, segundo se desprende do negociador dese bando, estaba no emprego no texto do termo "fomentar" que contrariou ós empresarios ó

[400] Tratábase da modificación da existente que xa se comentou arriba, nacida polo impulso da AFNL, sendo presidente do CGRL Benigno Sánchez.

[401] José Antonio Neira, técnico da CEG desde 1993, é responsable da asesoría xurídica da organización. Na actualidade é secretario adxunto ó secretario xeral da organización e segue sendo o representante da CEG nas reanudadas reunións da devandita Comisión. Realizóuselle unha entrevista en marzo de 2002.

entenderen que levaba consigo un gasto, é dicir, que se verían na obriga de "pagar" para que se introducise o galego. Débese ter en conta o peso legal que teñen os convenios, que provoca que o seu incumprimento se presente ante a xurisdición competente, polo que a redacción dunha cláusula que puidese comprometer ós empresarios a encargarse da formación dos traballadores, resultaba utópica. Así, é tal a importancia que ten o verbo "fomentar" para Neira, que considera que se solucionaría cambiando un pouco o lexema:

> Creo que se pode arreglar cambiando o do verbo "fomentar" por "facilitar", pois os empresarios entendérono nun sentido económico. O concepto "facilitar" é diferente, por exemplo, se hai un curso que faga a administración, que ti facilites que o traballador poida acceder a el, ben na xornada de traballo, ou [...] Eu equivoqueime no de mete-lo termo "fomentar" porque así pode entenderse como que o empresario ten que dar cursos, organiza-los cursos... e se fose "facilitar" xa acabaría o problema (Entrevista inédita, 3/2002).

De calquera xeito, é importante a visión que ten sobre o galego o asesor xurídico da CEG, pois fronte a posturas moito máis retrógradas de membros da patronal, considera que é un investimento positivo para a empresa a formación dos traballadores que teñen contacto directo co público:

> Nós poñiámolo con ese carácter finalista e reducido a eses postos de traballo para non xerar problemas. Así é unha mellora de atención ó cliente e mellora do posto. [...] Supón unha mellora do posto do traballo, porque saber galego mellora a calidade da empresa, o lóxico é que o empresario deixe ir ós cursos de galego sabendo que mellorará o posto de traballo xa que lle facilitará ó traballador os coñecementos para atender en galego a aquela persoa que fale galego. Iso mellora a imaxe da empresa (ídem).

Por outra parte, consideraba que, se os sindicatos estivesen implicados realmente no tema debían loitar por el na negociación dentro da empresa, cedendo nalgunhas premisas para que o empresario, á súa vez, cedese na cuestión de investimento pola lingua.

Non obstante, non se chegou a ningún acordo nin se avanzou máis ó dirixírenlle desde a CEG unha nota aclaratoria ó texto que se lles enviara ós membros con voto no pleno do CGRL, desvinculándose do traballo das persoas que negociaron ese novo texto e deixando a cuestión onde estaban antes de comezaren as reunión da citada comisión. Cítanse a continuación unhas liñas moi clarificadoras:

> Cuando se mencionan las dos propuestas existentes hay que precisar que ambas lo son de los integrantes del grupo de trabajo de Normalización Lingüística. Se trata de propuestas que, en el caso concreto de la CEG, no habían sido debatidas todavía por la organización, simplemente habían sido comentadas oralmente en el propio grupo de trabajo; por ello nunca se podrían entender como una propuesta de la CEG.

Máis adiante, o citado texto da CEG presenta a verdadeira proposta de cláusula de dereitos lingüísticos da CEG, onde se recoñecen os dereitos dos traballadores a desenvolve-la súa actividade en galego e aparece só como cargo das empresas: "facilitar" formación lingüística (sen concreta-lo cómo e deixándoo pendente de acordo en cada negociación) e mais "potenciar" que as comunicacións cos traballadores sexan en galego pero "en la medida de sus posibilidades de acceso a servicios de normalización lingüística".

Desde o punto de vista do actual secretario xeral da CEG, Fausto Santamarina, con esa cláusula no convenio colectivo pretendíase esixirlle á empresa que potenciase o galego, cando, entre os empresarios, non existe un interese en prima-lo galego fronte ó castelán. Para el, un convenio debe regular outras cousas, polo tanto non ten sentido unha cláusula de dereitos lingüísticos dos traballadores onde se diga que se facilitará a comunicación en galego posto que isto xa o recoñece o Estatuto de Autonomía. Nas súas palabras:

> Pedir que se incluya en el convenio de una empresa sería reproducir allí el Estatuto de Autonomía, e implicitamente sería reconecer que las empresas están en contra de el, lo que no es cierto. En cuanto a que los convenios se publiquen en gallego, desde el CGRL puede recomendarse, pero la exigencia permanente de que se hagan así es un absurdo, porque ya están en gallego en el DOG para quien los quiera en esa lengua (Entrevista inédita, 4/2004).

En palabras do representante da CIG na comisión e responsable do servizo de normalización da entidade, non foi adiante esta cláusula, nin o traballo da comisión porque non había interese por ningunha parte, salvo pola súa:

> A CEG e CC.OO. non propoñían nada e botaban abaixo tódalas propostas da CIG; UGT xa nin foi ás reunións; Termigal tampouco mostrou interese en traballar seriamente no vocabulario e o CGRL non quixo dinamiza-la cuestión, xa que ó fin depende da Xunta, e ademais foi incapaz. Só crearon a comisión para que non lles rompese máis a cabeza a CIG.

As diferentes partes implicadas ven a causa de que non se producisen –en xeral– máis avances na negociación colectiva en lugares distintos. Desde a perspectiva de Xosé González, o freo póñeno os sindicatos que non apostaron pola súa iniciativa, senón que seguiron loitando por outros temas (principalmente económicos e idelóxicos):

> Con esto[402] pretendíase primeiro que os sindicatos secundaran, que non secundaron, a negociación en galego.[...]. O esforzo é máis ben da administración autonómica porque recibe o texto en castelán e tradúceo para saír no DOG. Segundo, os traballadores tiñan as portas abertas para que pediran cousas tan rituais como que a empresa fora rotulada en galego. Os sindicatos, non foron quen de ve-la importancia que tiña a aprobación polo Consello Galego[403] destas normas para potencia-la lingua [...] reivindicacións de tipo cultural nos convenios colectivos apenas hai. Unha delas era esta, tiñan esa

[402] Refírese á elaboración da cláusula de dereitos lingüísticos mencionada arriba.

> gran oportunidade para potencia-lo uso do galego, era incluíndo isto no texto do convenio colectivo pois... os contratos de traballo e as nóminas faríanas en galego. As únicas que puxeron algo deso foron as empresas –non todas– de Galicia-Empresa.[404]". (Entrevista inédita, 1/2002)

Cre ademais que, tamén por desentendimento dos sindicatos, se perdeu unha oportunidade importante de galeguización das empresas públicas en décadas pasadas, cando aínda había unha cantidade moi grande de traballadores que dependían do INI . A desaparición das empresas públicas en Galicia, segundo X. González, supuxo unha perda moi grande de activos para a normalización, que quedou reducida á cultura e ó ensino.

A clave para Rafael Villar –responsable do SNL da CIG– está na administración autonómica, que non tenta medidas para soluciona-lo problema e tamén no empresario que non se implica:

> A lingua da empresa decídea o empresario e na etapa autonómica en Galicia seguen os mesmos, non houbo un cambio de mentalidade. A culpa tena a administración que non tentou medidas para apurar isto. A clave real de que non se avance é que o galego está sendo idioma de cambio, as cousas preséntanse como "se facemos un curso de galego a cambio tendes que traballar dúas horas máis ó día". Así é imposible, élle moi custoso a un traballador poñerse ó día en galego se lle piden algo a cambio. Ademais non hai consumidores que valoren que eses traballadores saiban galego, co cal o empresario non lle saca rendibilidade ó curso. Todo depende das vontades e non as hai" (Entrevista inédita, 2/2002).

Desde a patronal achegouse outra visión do tema diferente. Para o actual secretario xeral da CEG, Fausto Santamarina, existen catro problemas polos que as empresas non se galeguizan, ou polos que non aumenta o uso do galego nas mesmas: Un sería a asociación do galego (especialmente normativo) coa ideoloxía nacionalista ("se apropiaron [referíndose ós nacionalistas] de la lengua e hicieron bandera de ella"). Outros dous problemas irían á par: os custos de adaptación que lle supón á empresa realiza-lo cambio e a falta de formación que limita a unha inmensa maioría de empresarios con dominio da escrita do castelán, pero non do galego. De tódolos xeitos, considera que estes dous últimos son engadidos dun cuarto e máis importante: a falta de política de comunicación (tanto interna como externa) das empresas[405]. A visión da normalización por parte da CEG consiste en permiti-lo uso voluntario do galego cando a empresa ten un público galegófono, en palabras de Santamarina:

---

[403] Refírese ó Consello Galego de Relacións Laborais.

[404] Continúa a declaración de X. González: " [...] Os sindicatos téñense ocupado máis ben da cuestión económica, na orde ideolóxica de catalogar a tal empresario, de se se lles fai unha folga ou non, de se se lles bota un panfleto ou non, pero o que é o traballo positivo eso non o fixeron".

[405] Recórdense as apreciacións anotadas atrás sobre este tema, onde se falou da galeguización da asociación de empresarios, extraídas da mesma entrevista con F. Santamarina.

> Se debe dejar fluir, potenciar su desarrollo natural. Hay que preguntarse que valor le damos al idioma, si cultural, de comunicación o cual. Si se entiende como un instrumento de comunicación para la empresa, no se puede imponer, se debe convencer, formar, en resumen sensibilizar (Entrevista inédita, 4/2004).

2.2.2.6 O MODELO DAS EMPRESAS GRANDES

Para rematar este capítulo considerei pertinente facer unha mención á entrada do galego en empresas grandes –tanto galegas como foráneas– implantadas en Galicia, a partir da década dos anos noventa. Nestes últimos anos a poboación galega viu xurdir desde rótulos a folletos publicitarios, pasando nalgúns casos por documentación dirixida á clientela, publicidade en radio e televisión... de man de empresas que teñen un radio de acción, que en moitos casos, cobre a práctica totalidade da comunidade autónoma. O emprego do galego en usos escritos de cara ó exterior por parte destas empresas é importante no proceso de normalización da lingua no sector, fundamentalmente porque podería servir como modelo para o resto do tecido empresarial. En realidade, aínda que a vontade galeguizadora de moitas destas entidades está en entredito por reflectiren actuacións puntuais a partir de subvencións concretas, existen casos de introdución do galego que son dignos de mención. En principio, non resulta doado comprobar se as accións galeguizadoras de moitas destas empresas estiveron pensadas para recibir unha subvención, e mesmo no caso de lla concederen, se a recibiron realmente, debido ós problemas xa comentados na epígrafe 2.2.1.1 onde se analizaron as subvencións da DXPL ás empresas (páx. 56).

Non é obxectivo deste traballo elaborar unha análise de cada unha das empresas que introduciron o galego na súa empresa nos últimos anos, polo que, simplemente vou achegar algunhas notas destacables sobre algunha delas, que se nomearán como individualidades, pois despois de facer un repaso pola maioría non foi posible agrupalas por características ou formas de actuación comúns. Poderíanse distinguir grupos pero sen seguir unha clasificación cuns parámetros homoxéneos, xuntando por un lado as firmas que se xuntaron nunha iniciativa sen precedentes, a xa comentada Fundación Galicia Empresa; por outro as empresas implantadas a nivel estatal, coma *Telefónica*, *Hipercor* ou *Alcampo*, que introduciron o galego na comunicación cos clientes dun xeito que se pode

chamar "ritual", quedando nun terceiro grupo, empresas galegas: *R, Gas Galicia* [406] *ou Supermercados O Mellor*. Visto desde outro punto de vista, as firmas que configurarían cada grupo estarían bastante afastadas entre si polo sector de actividade, así como número de empregados e tipoloxía xeral das mesmas. De tódolos exemplos mencionados, quizais se poida establecer unha similitude entre *R, Supermercados O Mellor* e algunhas das firmas da FGE por "aparentaren" te-lo galego como primeira lingua, mentres que no resto os usos semellan aínda máis rituais e non reflicten unha disposición de eleva-lo galego máis chanzos, polo menos a curto prazo. Con todo, das empresas que conformaron a Fundación Galicia-Empresa[407], asociación da que xa se falou na páx. 110, segue en 2004 facendo publicidade en galego a cadea de Electrodomésticos San Luís[408]. Tamén a cadea de *Supermercados O Mellor* edita a súa publicidade integramente na lingua vernácula (basicamente folletos), pero nestes momentos moitos dos asociados manteñen o galego escrito na rotulación común, pero empregan o castelán, por exemplo, na impresión das bolsas[409], así como nos usos orais, factor este no que inflúen outros factores como a localización da sede ou os usos individuais do persoal.

Pola súa banda, quizais fose viable analiza-los casos das empresas nacionais ou multinacionais con sede en Galicia como *Telefónica, Hipercor* ou *Alcampo*, pero, aínda que teñen en común que tódalas súas actuacións galeguizadoras se dirixen ó público, presentan diferenzas nas formas nalgún caso por pertenceren a sectores de actividade diferentes. *Hipercor* e *Alcampo* elaboraron folletos publicitarios en galego e esta última empregou tamén o galego na rotulación dos seus comercios, pero de xeito pouco homoxéneo, pois conviven, sen orde aparentemente lóxica, galego e castelán nos letreiros

[406] *Gas Galicia* é unha empresa galega que forma parte dun grupo nacional.

[407] As empresas que formaban parte da Fundación no ano 1998 eran (segundo a propia asociación): *Aquagest, Bodegas Martín Codax, S.A., Bodegas Terras Gauda, S.A., Castromil, S.A., Conductores Eléctricos De Galicia, S.A. "Cedegalsa", Construcciones Navales Freire, S.A., Construcciónns Otero Pombo, S.A., Copo Ibérica, S.A., CRTVG, Daviña, S.L., *Distribuciones Froiz, S.A., Editorial Galaxia, S.A., Cerámicas de Sargadelos, S.L., Finsa Maderera, S.A., *Grupo Calvo, Ibercisa, Industrias Ferri, Ir Indo Edicións, Jealsa, La Fe Compañía de Seguros, S.A., *Leyma S.A., Mutua Gallega, *Nova Sistemas de Construcción de Galicia, S.A., Porto de Celeiro, Pescanova, S.A., Puentes y Calzadas, Restauvenda, S.L., Rodman Polyships S.A., San Luis (Handem, S.A.), *Sodiga, Tojeiro Alimentación, S.A., Vego Supermercados S.A., Zeneca Holding Spain S.A.*
No ano 2001 todas estas empresas, excepto as marcadas cun asterisco diante (*), seguen a formar parte do grupo, sumándoselles: *Afigal, Caixanova, Consorcio Zona Franca de Vigo, Cooperativa Coren, Cooperativa os Irmandiños, Engasa, Fundación San Martín, Motores y Vehículos Orense, Grupo Fernández Alvariño, S.L. (Salfer), Grupo Pérez Rumbao, Pórtico, Talleres Caeiro S.A., Televés S.A., Xesgalicia S.A* (Novo, 2001: 131-134).

[408] Vid. Anexo 5: folleto publicitario da empresa.

[409] Aínda que o galego é a lingua básica da comunicación cos clientes, dada a súa implantación en zonas galegófonas, os usos escritos dentro de cada supermercado non os secundan. Por exemplo, nun contorno

dos produtos nas estanterías, igual que cartaces promocionais bilingües con monolingües en galego. Logo, se se analizan elementos menos rechamantes, como os recibos de compra ou facturas, xa só se atopan en castelán.

Pola súa banda, *Telefónica* mantén en Galicia desde 1999 un departamento de asesoramento lingüístico que fai tamén funcións normalizadoras, cunha persoa a xornada completa encargada de incorpora-lo galego en tódolos servizos da empresa. Ten como antecedente un Servizo de tradución creado no ano 1995 do que se encargaba unha persoa adscrita á Secretaría territorial de Galicia e que compatibilizaba esta función con outras. A empresa ofrécelle á poboación os servizos en galego e en castelán, ben nas facturas ben nas locucións do contestador e servizo de atención ó cliente (1004), aínda que este último presenta a locución de entrada en castelán, lingua na que se atende a chamada no caso de non escolla de idioma. Este servizo 1004 sufriu unha crise en 2000, a raíz dun cambio tecnolóxico que permitía unha interrelación entre os nodos de atención. Antes desa data a atención era exclusivamente desde o nodo provincial, deixando de selo cando había un desbordamento, o que provocaba un conflito pola falta de entendemento cando as chamadas eran atendidas fóra de Galicia. Solucionouse en setembro do ano 2000 ó crearse coa opción de escolla de idioma no acceso ó 1004 un enlace para que a chamada saíse no nodo da Coruña, con persoal que atendese en galego. O Call Center de Residencial da Coruña atende unha media de 3 000 chamadas en galego ó mes, cifra que non se pode comparar coas chamadas en castelán con orixe en Galicia, xa que, estas son atendidas por tódolos "Call Center" de Residencial estatais en función de que exista un operador libre nalgún deles. A carga de traballo das chamadas en galego con respecto ás chamadas totais que atenden na Coruña en porcentaxe supón un 8% (pero igual que os outros nodos eles tamén reciben chamadas de toda España en castelán), pero hai que ter en conta que esta porcentaxe é ficticia, xa que, depende do número de operadores que teñan: cantos máis operadores (neste caso trátase dun centro grande), máis chamadas recibirán en castelán.

En canto ás facturas, en 1993 implantouse a factura bilingüe, eliminada no ano 1997 cando se decidiu que, para clarificala, naqueles territorios con dúas linguas oficiais se dese a posibilidade de escolla de idioma. En Galicia, nun inicio, o idioma por defecto foi o

galegófono como é a comarca do Barbanza, o supermercado *JEFAMA* de Noia (rexido polo actual presidente do grupo) ten as bolsas impresas en castelán.

castelán, a porcentaxe de persoas que cambiaron a galego foi do 1,7% de clientes[410]. No 2000 comeza un proceso de cambio do idioma por defecto na factura a galego que culmina no ano 2002, logrando así imprimir arredor dun 90% de facturas en galego[411]. Por último, aproximadamente un 5% de clientes do servizo de contestador teñen seleccionado o galego en Galicia[412].

Un modelo semellante ó de *Telefónica*, foi o que estableceu *Gas Galicia*, empresa galega pertencente a un grupo estatal (*Gas Natural*) que ten a sede central en Cataluña, feito que, segundo unha das súas directivas[413], non foi indiferente para a introdución da nosa lingua na sede galega. Fronte á empresa de telefonía, nesta estableceron por defecto a comunicación en galego coa clientela, dando a opción de conservala en castelán para aqueles que así o solicitasen. Os motivos da aposta polo galego como primeira lingua de comunicación cos clientes tiveron que ver, segundo as súas declaracións, coa idea de modernidade que consideraron que isto lle daba á empresa.

Centrándonos xa en *R*, operador global de servizos de telecomunicacións por cable de Galicia, destaca que nacese en galego nunha cidade desgaleguizada como é A Coruña e cunha rede inicial de clientela unicamente urbana[414]. O feito de que unha empresa moderna, pertencente a un sector innovador e en alza neste momento, empregase exclusivamente este idioma de cara ó exterior (nos materiais corporativos e na publicidade) serviulle de marca identificativa de empresa galega que é, e ó mesmo tempo deulle un pulo á lingua minorizada da comunidade ó ligala a todo o que representa esta empresa.

A entrevista que dous membros do CCG mantiveron con Arturo Dopico[415] é polo momento o único documento que se coñece sobre a intencionalidade da empresa ó saír ó mercado en galego, sen antes ter recibido ningunha subvención nin axuda. A decisión do uso da lingua

[410] Dato de maio de 2000.
[411] Datos de decembro de 2003 e xaneiro de 2004. Malia isto, as porcentaxes son diferentes para clientes con facturación bimestral, particulares, que para os de facturación mensual cun alto compoñente de empresas (nas grandes empresas non se fixo o cambio de idioma por defecto a galego). Na facturación bimestral hai un 91,8% de facturas en galego, na mensual un 74,64%. (Información cedida por Begoña Rodríguez Caldas, responsable do servizo de normalización de Telefónica desde 1999).
[412] Dato de febreiro de 2003.
[413] Citas extraídas dunha entrevista coa xefa de administración de *Gas Galicia* en novembro de 2002.
[414] R é o operador global de servizos de telecomunicacións por cable de Galicia. Comezou a prestar, sobre a súa propia rede, servizos integrados de teléfono, internet e televisión en A Coruña, Santiago e Vigo, estendeuse ás demais cidades de Galicia, e pouco a pouco vai chegando a pobacións menores. A finais do 2002 xa deu cobertura ós municipios de máis de 50.000 habitantes e a finais do 2004 ós de máis de 20.000. (http://www.galicia2010.com/)
[415] Material pertencente ó proxecto "Informe de Política Lingüística e Normalización" da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

galega como elemento de identificación co país partiu de Arturo Dopico, quen convenceu ó resto dos membros do consello de administración de que sería unha fórmula para que a clientela a identificase como empresa galega sen que se dixese, fomentando unha idea de proximidade e a identificación cos clientes. Apostaron polo uso do galego como primeira lingua sen realizaren directamente un estudo do mercado, simplemente apoiándose nos datos do MSG que constatan a existencia en Galicia dunha maioría de galegofalantes, e nas experiencias positivas de campañas en galego que realizaron algúns dos seus accionistas (*San Luís* ou o *Grupo Tojeiro*). Así apostaron polo emprego do galego nos materiais corporativos e na publicidade, ofrecéronllo ós clientes na comunicación escrita e empregárono como primeira lingua de relación oral co cliente, adaptándose logo ós castelanófonos. Segundo as declaracións deste directivo, no pretest das campañas publicitarias obtivéronse datos moi positivos a favor da iniciativa (valorada moi positivamente nun 80%), que tamén foi avaliada do mesmo xeito ó final, ó conseguiren ademais o obxectivo de dar imaxe de empresa galega.

En canto ós usos internos, entre os traballadores da empresa, Arturo Dopico declara que aínda que ó principio había reticencias, no momento da entrevista (abril de 2000) todo o persoal estaba moi identificado co uso do galego e non se detectaban problemas.

De tódolos xeitos, desde o seu nacemento ata hoxe, a empresa a nivel interno funciona en castelán, por ser esta a lingua da maioría dos directivos e técnicos que traballan nela.

CONCLUSIÓNS DA PRIMEIRA PARTE

Esta aproximación autodidacta á historia e á economía realizouse coa intención de obter información sobre o tecido empresarial en Galicia que puidese ser relevante para a explicación dos usos lingüísticos nas empresas. Estes vanse describir máis polo miúdo na análise empírica da segunda parte da investigación, aínda que circunscritos ó concello compostelán. Nesta primeira parte presentouse unha panorámica global da Comunidade, incidindo en certos detalles que lle afectan ó concello obxecto de estudo.

Tras afondar lixeiramente no ámbito empresarial galego desde unha perspectiva histórica, os resultados obtidos deixan á vista unha serie de particularidades cuxa repercusión nos usos da lingua propia da comunidade chegan a hoxe. As orixes do noso actual tecido empresarial, débil e fragmentado, coincide nos anos finais duns séculos escuros para o galego, onde o rexurdir da lingua só acadou o ámbito cultural, case exclusivamente o literario. A falta dun poder económico galego –e sobre todo, dun poder económico que se identificase coa lingua propia– vai ter repercusións fortes, pero non vai se-la única causa da predominancia do castelán na empresa. O problema non está só nas orixes dunha industria que comezou con capital foráneo, e escribindo en castelán, a finais do século XIX, senón que continuou esta inercia cando xurdiron as primeiras empresas con capital autóctono a principios do XX, momento do inicio dun frustrado camiño cara á normalización do galego. E a empresa galega foise desenvolvendo lingüisticamente á par do resto da sociedade.

Aínda viven empresarios que ergueron a súa fábrica ou oficina no período franquista e conservan as normas comunicativas do momento. Tamén deixaron pegada as poucas empresas grandes levantadas nesta época con capital público e cuxo idioma era, loxicamente, o castelán. Con todo, cabe preguntarse se abondan as razóns históricas de marxinación da lingua para explica-los usos. A chegada da democracia produciu certo cambio, pero non se pode falar de que se estea a desenvolver un auténtico proceso de normalización na empresa. De feito, a maioría das firmas erguidas neste período, cun proceso de normalización en marcha, “traballan” en castelán.

Ben é certo que o emprego do galego no ámbito económico, antes da chegada da democracia e da aprobación do Estatuto de Autonomía nos anos oitenta, queda reducido –

segundo o breve achegamento feito nesta investigación– a certas iniciativas comprometidas baixo unha ideoloxía lingüística que primou conscientemente esta lingua por riba do castelán. Isto é o que se deduce ó comproba-la renacenza en galego de *Sargadelos* en plena posguerra, triunfante iniciativa que –no entanto– non tivo imitadores. Con todo, non se pode dicir que a única clave estea na ideoloxía dalgún directivo, como o demostra o caso de que o mecenas galeguista Peinador[416] non puxese a súa empresa a funcionar en galego, ou que E. Gómez Franqueira (membro das Mocidades Galeguistas na Segunda República e fundador de Coalición Galega[417]), durante a súa etapa como xerente de *Coren*, non provocase ningunha modificación nos usos do galego nesta empresa. Mesmo a publicidade comercial nas publicacións periódicas revisadas, dirixidas por persoas preocupadas polo galego, levou a deducir que esta lingua estaba afastada do ámbito económico nas denominacións das firmas e dos produtos.

Tampouco existe un censo de empresas máis ou menos galeguizadas da época posterior ó Estatuto de Autonomía. Nin sequera se fixo aínda unha avaliación seria das actuacións levadas a cabo desde a administración autonómica de cara a este ámbito. Estas medidas, que se reduciron practicamente ás axudas económicas mediante subvencións de proxectos, non se demostraron moi eficaces a non ser para acadar unha leve galeguización da paisaxe lingüística a través da rotulación, ou para que a poboación apreciase como –de xeito irregular– o galego se empregaba nalgunha publicidade. Unha proba de tal ineficacia está na escasa modificación dos hábitos lingüísticos da comunidade empresarial; de feito, non se detectaron grandes diferenzas entre as empresas nacidas antes e despois da creación das axudas: a maioría nace e desenvólvese –cando menos no rexistro culto escrito– en castelán. Simplemente, un determinado número de firmas, baixo condicionantes diversos, aproveitaron a posibilidade de acollerse a unha subvención para editar publicidade, papelería, cambiar rótulos ou contratar persoal para un servizo lingüístico que poucas veces puido actuar como tal. Como feito destacable está a galeguización, en certa medida independente das subvencións, do grupo de empresas pertencentes á *Fundación Galicia Empresa*. No entanto, trátase –nuns e noutros casos– de feitos máis ben illados e onde raramente se pode falar dun pleno funcionamento en galego.

[416] Recórdese o que se falou del na páx. 47.
[417] Partido nacionalista de corte moderado fundado en 1984 polo propio Gómez Franqueira pero que non chegou a consolidarse pola enfermidade do fundador.

As devanditas axudas da administración, que servirían para palia-lo custo económico do cambio (unha das pexas que lle poñen os empresarios á galeguización), sufriron unha merma considerable nos anos finais da década dos noventa, cando o orzamento da DXPL quedou estancado, mentres que o número de solicitudes aumentou considerablemente (aínda que partindo desde unha cantidade irrisoria dos primeiros anos). Con todo, o número de empresas beneficiarias son poucas e caracterízanse pola realización de actuacións descoordinadas, puntuais e, na maioría dos casos, pouco representativas, derivadas dunha falta de planificación seria de cara ó sector, onde deberían estar encadradas as devanditas axudas da DXPL. Pero ademais a xestión destas subvencións, desde os seus inicios, non sempre foi correcta nin na adxudicación e distribución do diñeiro, nin no seguimento do proceso. As asignacións monetarias (valoradas, segundo os anos, con criterios diferentes e non sempre o suficientemente claros) xiraron arredor da solvencia económica con que a administración contase en cada período; feito ó que hai que unirlle un reparto irregular do diñeiro, resultando difícil xustifica-las cantidades en relación coa denominación que se dá das actuacións. Recórdense casos extremos como os quince millóns de pts ingresados pola *Fundación Semana Verde* (cantidade que está moi lonxe de calquera outra outorgada, nin nese ano –que foi o que contou cun orzamento máis alto– nin en ningún outro), fronte ás cincuenta mil pesetas outorgadas para a creación dun SNL.

É certo que algunhas das irregularidades das subvencións corrixíronse cara ó final da década; ademais evolucionouse no texto da convocatoria, onde se foron recollendo obxectivos normalizadores que serían loables se se plasmasen na realidade. En 1999 comézanse a incentivar proxectos concretos, eliminando prácticas como a de asignar unha cantidade única para varias accións, ou mesmo diferentes cantidades para unha soa. Pero tamén é certo que nos últimos anos as contías outorgadas estaban maioritariamente por baixo das cen mil pesetas, feito este que favoreceu que a normalización quedase relegada á rotulación ou a obxectos promocionais (maioritariamente bolsas e folletos). Desta maneira, a implantación ou mantemento de SNL nas empresas tivo escasa repercusión durante todo o período, decaendo considerablemente nos últimos anos a asignación monetaria para os mesmos, co paradoxo de que aumentaron o número de subvencións para este concepto. Partindo de que o factor determinante para a creación dun SNL pode se-lo incentivo económico, débese ter en conta que o mantemento do mesmo necesita da vontade do empresario de asumi-lo custo, algo que só fará se lle ve rendibilidade.

Todo isto debe analizarse dentro da idiosincrasia do noso tecido empresarial, composto por unha maioría de empresas que non posúen capacidade económica, organizativa e técnica para facerse cargo da contratación dunha persoa que erga e poña a funcionar un servizo lingüístico, condición para a concesión dunha subvención. Esta medida só avalaría servizos en empresas grandes, pero o obxectivo non debe ser, por inviable, que tódalas empresas teñan dentro do seu organigrama un SNL. Deberíase valora-la posibilidade de crear unha rede estable de servizos que atendese as necesidades das firmas dos diferentes sectores de produción, organizadas por hábitat, por número de traballadores ou por calquera outro condicionante que se considerase.

Pero, tal e como está a situación, salvando casos moi excepcionais, estes servizos que nacen e morren cunha subvención sempre escasa, non chegarán a cumpri-la función normalizadora que deberían no conxunto do ámbito empresarial, tanto pola súa pouca permanencia, como pola forma en que se desenvolven (falta de obxectivos e, en consecuencia, falta de avaliación das súas actuacións). Unha solución alternativa ós SNL podería se-la oferta de servizos de normalización por parte de empresas privadas externas, viables unicamente a partir da demanda do empresariado, demanda que se tentou valorar na segunda parte deste traballo.

O resto das actuacións promovidas desde a administración, ademais de escasas e esporádicas, tampouco tiveron ningún tipo de planificación (análise previa dos elementos sociais implicados, sensibilización cara ó tema, seguimento e avaliación) polo que deixaron tras de si uns cantos vocabularios, algunha lámina con léxico, e unha pegada moi lixeira no sector da banca. Resultados que corresponden a unha política que buscou o " non conflito", preocupándose de que os sectores contrarios ó avance do galego non se sentisen ameazados. Pero o máis preocupante desta xestión da administración é que case non atopou protestas por parte dun empresariado do que cómpre saber exactamente en que medida pode estar disposto a investir preocupación, tempo e diñeiro no asunto, e de que forma se poden combina-los seus intereses cunha política lingüística eficaz.

Agora cómpre espera-los resultados do *Plan xeral de normalización da lingua galega* presentado en xaneiro de 2005 para ver se realmente se produce un cambio na promoción do galego no ámbito económico. Nas páxinas dedicadas ó *sector 4, economía* (VV. AA., 2005: 139-162) establecéronse medidas para cinco áreas: industria, comercio,

cooperativismo, banca e traballo, sendo as dúas primeiras as que recollen o maior peso das actuacións. Dado que se trata dunha planificación global, a ambigüidade da redacción de medidas como a "4.1.7. Continuidade das axudas públicas existentes para a galeguización de empresas, outorgándolles prioridade ás accións con carácter perdurable e global" non achega información suficiente para saber se a problemática que se vén de analizar terá solución[418]. Haberá tamén que deixar tempo para comprobar se tales medidas van madurar cara a un proceso real de dinamización lingüística[419], cunha posta en práctica e avaliación adecuadas, para seren modificadas se fose necesario.

Volvendo ós resultados desta investigación, viuse como tamén fóra da administración se repetiron unha serie de actuacións descoordinadas, máis ou menos ambiciosas, que deixaron tras de si proxectos que poderían ter dado grandes froitos, e que –por razóns diversas– correron diferente sorte. Esmoreceu o *Centro de Estudios Lingua e Empresa,* non se percibe xa moi vital a *Fundación Galicia Empresa*, e segue actuando bastante en solitario *A Mesa pola Normalización Lingüística.* Tamén por libre foron dando pasos en galego algunhas empresas grandes implantadas na Comunidade, moitas delas ligadas a grupos de fóra. Queda por facer un estudo profundo sobre o nivel exacto de usos en todas elas, así como as motivacións que están por detrás de tales usos ou da súa ausencia, segundo os casos. A presenza do galego en firmas que se estenden por toda España e mesmo saen fóra das fronteiras do Estado pode ser un indicativo importante da situación sociolingüística do idioma. Sería interesante profundar nos usos, e nas razóns dos usos das grandes superficies comerciais en Galicia e compara-los resultados coa situación en Cataluña. Da mesma maneira que sería interesante estudar a fondo as razóns de que as firmas galegas máis internacionais do sector téxtil, unhas (por exemplo, *Adolfo Domínguez* ou *Roberto Verino)* rotulen as tendas e publiciten en catalán en Cataluña, mentres que usan o castelán en Galicia, e outras (como algunhas do *Grupo Inditex*[420]*)* usen unicamente o castelán nas dúas comunidades (vid. Anexos 11-II e 11-III).

[418] Cómpre sinalar que o primeiro obxectivo da área 1 (industria) é o de promove-la incorporación do uso do galego "especialmente nas empresas punteiras da economía galega", e foi do que se fixo eco a prensa neses días (Vid. por exemplo o xornal Galicia Hoxe do 31 de xaneiro de 2005 que presentaba como titular "As empresas punteiras tirarán da lingua galega"). Descoñécese se as firmas elixidas como "punteiras" van ser só galegas ou tamén foráneas e haberá que esperar uns anos para analiza-lo resultado das medidas programadas para cubrir tal obxectivo, que van desde campañas informativas ata actividades de formación en galego.

[419] Emprégase o concepto de dinamización lingüística co sentido que lle deu Lorenzo Suárez (1997a: 118-122).

[420] Chaman á atención os diferentes usos lingüísticos das firmas do Grupo Inditex en Cataluña, pois Zara e Berska rotulan en castelán, mentres que Massimo Dutti o fai en catalán. En Galicia todas teñen os rótulos en castelán.

Na análise dos usos neste ámbito non poden pasar desapercibidos os seguintes datos sobre o ámbito que nos ocupa: a falta dunha empresa media, o peso dun abundante pequeno comercio que non se acaba de despegar das estruturas tradicionais (tradición na que entra o castelán como lingua da escrita) e as características das empresas grandes. A maior parte destas naceron baixo titularidade pública estatal e traballando só en castelán. Entre as poucas que teñen orixe galega, as citadas do sector téxtil polo momento non tiveron que integrarse ou fusionarse con ningún grupo foráneo, sorte que correron outras (casos de *Larsa* ou *Leyma*). A internacionalización é unha das razóns empregadas entre o empresariado para xustifica-lo uso do castelán fronte ó galego. Con todo, máis internacional é a firma vasca *Eroski*, que fai a publicidade e rotula as tendas dentro da nosa comunidade en galego, do que o era a empresa galega *Vegonsa*, absorbida por aquela, e que unicamente funcionaba en castelán. Así, non semellan determinantes para xustifica-los usos, argumentos baseados na capacidade de exportación ou no sector de produción ó que se dediquen, pois o castelán segue a ser maioritario tanto en firmas ligadas moi directamente ó sector primario (case exclusivamente galegófono), coma naqueles comercios pequenos que non saen fóra das fronteiras da comunidade. Isto leva a preguntarse se no canto de falar de dificultades reais non habería que investigar se non existirían representacións negativas sobre o galego entre os empresarios que se perpetuaron ata hoxe.

Por último, viuse que cunha patronal que se mantén –no mellor dos casos– pasiva ante o tema, e uns sindicatos que reivindican o uso do galego de forma moi diferente segundo as siglas, pero que coinciden en crer que a loita pola lingua non pode caer do lado dos traballadores, os pasos pola galeguización da negociación colectiva foron ata agora pequenos. Como nota destacada estaría a creación, por impulso do sindicato nacionalista CIG, dunha Comisión de normalización lingüística no Consello Galego de Relacións Laborais, pero que fracasou no intento de implantación dunha cláusula de dereitos lingüísticos nos convenios colectivos.

A breve aproximación que se fixo da historia da empresa en Compostela, así como dalgunhas actuacións normalizadoras no concello, serve de punto de enlace coa segunda parte desta investigación, onde se realizou unha análise dos usos e das representacións sociolingüísticas nunha mostra de empresas desta localidade.

PARTE II:

A LINGUA GALEGA NO ÁMBITO EMPRESARIAL.

ANÁLISE EMPÍRICA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 3

O ESTADO DA CUESTIÓN EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na realización de calquera análise sociolingüística é fundamental comezar polo estudo das diferentes dimensións do contexto: histórica (quedou vista na primeira parte), xeográfica e demográfica. Dado que se escolleu Santiago de Compostela para realiza-la análise empírica da presente tese, resulta evidente a necesidade dunha presentación xeral das súas características, debido á importancia que teñen trazos coma o hábitat, idade ou clase social da poboación, cuestións determinantes para a explicación de usos, competencias e representacións do conxunto da sociedade en xeral, e do contorno da súa empresa en particular. En consecuencia vaise achegar, en primeiro lugar, unha descrición xeo-demográfica da cidade que axude a entender mellor a súa situación sociolingüística. Con todo este aspecto xa está en certa medida investigado, polo que se fixo necesaria unha recompilación da información existente ó respecto, marco imprescindible desta investigación que vai afondar nun aspecto concreto.

3.1 DESCRICIÓN XEO-DEMOGRÁFICA

Non existen suficientes estudos específicos sobre cuestións sociodemográficas do concello de Santiago, polo que vou aproveita-la división do concello en sectores realizada por Aldrey (1999) que considerou sete espazos, dos cales un é rural ou semirural[1] (onde a maioría da poboación desenvolve actividades de agricultura a tempo parcial –xa que teñen outro traballo na cidade– ou a tempo completo) e os seis restantes urbanos. Trataríase do Casco Histórico (ocupa o antigo espazo intramuros), Ensanche (área cuadrícula ó sur do Casco Histórico), Barrios residenciais populares (os inmediatos ó Casco Histórico e ó Ensanche[2]), Vite-Vista Alegre (con vivendas de promoción pública e habitados por clases de extracción social humilde), Fontiñas (de creación recente onde conviven diferentes status sociais) e por último os denominados Barrios periféricos (sectores que antes non estaban unidos á cidade pero ós que esta se achegou tralo seu espallamento nos anos setenta: Conxo, Choupana-Rocha, As Cancelas, Sar, Vidán...).

Desde o punto de vista xeográfico, con 223 Km^2 a 400 m de altitude[3], está situada estratexicamente, ocupando nun lugar case intermedio entre tódolos puntos urbanos da comunidade, este feito provocou que fose o centro neurálxico a nivel institucional, sobre todo desde que se instalou nela a sede da Xunta de Galicia. A isto xúntaselle as referencias de tipo histórico-culturais, xa que se caracteriza por ser centro de peregrinacións e culto relixioso o que vai influír, dun xeito ou doutro, no desenvolvemento xeral da cidade, e concretamente no sector turístico. É tamén sede do complexo sanitario máis importante da comunidade, albergando o Hospital Clínico Universitario, herdeiro do que foi Hospital Xeral de Galicia, así como o Hospital Provincial e o Hospital Gil Casares.

A cidade de Santiago está coñecendo, nos últimos anos, un espallamento máis alá do seu tradicional núcleo urbano, de xeito que está dando lugar a unha urbanización bastante intensa da súa periferia, que acada unha forza moi considerable nos seus municipios limítrofes do sur e suroeste (Ames, Brión e Teo), e algo menor cara ó norte (pola estrada da Coruña cara o concello de Oroso):

[1] Este sector englobaría as seguintes parroquias rurais: Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha, Grixoa, Berdía, Busto, Nemenzo, Marantes; Barciela, César, Figueiras, A Peregrina, Enfesta, Carballal, Villestro, Bando, Sabugueira, Laraño, Eixo, Aríns e Marrozos.

[2] Estarían algo máis afastados do centro propiamente dito: Avenida de Lugo, Concheiros, Xoan XXIII, Santa Marta.

> As transformacións paisaxísticas, económicas e demográficas (non só polo trasvase de poboación, senón pola perda de dinamismo do núcleo en favor desta periferia, que acolle ás persoas máis xoves e emprendedoras) que este proceso urbanizador leva consigo traen como consecuencia que a existencia dunha extensa área urbana con centro en Compostela sexa xa unha realidade (Aldrey, 2001: 317).

Desde o punto de vista demográfico, Santiago sufriu un estancamento durante a segunda metade da década dos anos noventa do século pasado. Igual có resto de Galicia, sofre un envellecemento da poboación, debido á baixa taxa de natalidade e de mortalidade[4]. O considerable descenso de nacementos desde o ano 1965 (1.085, segundo Aldrey, 1999) ata 1998 (730, segundo Estatístico, 2001: 32)[5] deuse en tódalas zonas da cidade, notándose especialmente na zona rural e no casco histórico, sendo menos acusado nos barrios que se construíron nas décadas dos setenta (Ensanche e Vite-Vista Alegre) ou nos de recente construción coma Fontiñas[6]. En 1996, tal e como mostra o Padrón municipal de habitantes e estatísticas de poboación dese ano, contaba con 93.672 persoas[7], que sobre un total de 223 Km^2 de superficie dan unha densidade de poboación de 424,6 habitantes por Km^2.

Tamén baixou considerablemente nos últimos trinta anos da década tanto a mortalidade como a taxa de fecundidade[8]. Esta pasou dun 50,27 por mil a un 24,16 por mil debido ó

[3] Limita cos municipios de Ames (oeste-sudoeste), Teo e Vedra (sur), Boqueixón (sueste), O Pino (leste), Oroso (nordeste), Trazo (norte) e Val do Dubra (noroeste)

[4] O total da poboación repártese en sectores de idade do seguinte xeito: 15.760 son menores de 15 anos; 65.099 teñen entre 16 e 64 anos e 12.813 son maiores de 65. Como o segundo grupo é moi amplo e ó mesmo tempo numeroso, pódese segmentar nos 30 anos para medir exactamente o nivel de poboación xuvenil. O reparto do sector xuvenil (entendendo como tal as persoas con idade comprendida entre os 15–30 anos) era no ano 1996 de 24.379, é dicir o 26% da poboación, estando 3 puntos por riba do grupo dos maiores de 55 anos representada na cidade por unha porcentaxe do 22,9 % (Cidadanía, 2002: 18).

[5] Nun estudo do ano 1974, J. Rodríguez Osuna afirmaba que a taxa de crecemento anual era do 1,46% (deducida ó compara-los 37.629 habitantes que había en 1910 cos 70.893 de 1970), e, aínda sendo a máis alta da comarca, era baixa en relación cunha poboación dinámica (Rodríguez Osuna, 1974: 27).

[6] A taxa de natalidade en Santiago é extremadamente reducida, tanto que "plantexa un futuro demográfico moi incerto a Santiago como non logre incrementar eses índices a non moi longo prazo" (Aldrey, 1999: 65). No 1995 a natalidade estaba nun 6,84 por mil (no 1965 era dun 17,03 por mil). Isto quere dicir que estaba por baixo da media galega (8,13 por mil no 91) unha das máis baixas a nivel mundial. Hai que ter en conta que este 6,84 é unha media, pois hai barrios que non chegan ó 6 por mil (casco histórico, ensanche, Vite, o rural). O número tan escaso de nacementos aínda destaca máis se atendemos ó dato de que se trata dun concello urbano, que é o onde a natalidade é máis alta.

[7] De entre elas 49.684 eran mulleres, e 43.988 homes. Predomina o sector feminino fronte ó masculino debido á súa maior esperanza de vida, pero tamén a factores como a emigración, máis notable nos varóns, e ós movementos migratorios do campo á cidade, protagonizados basicamente por mulleres.

[8] Trátase da frecuencia dos nacementos que teñen lugar dentro do subconxunto en idade de procrear (mulleres entre 15 e 49 anos).

retardamento nas idades máis fecundas[9]. O único barrio que se sitúa fóra desta media é o das Fontiñas[10].

> Este forte descenso nos indicadores demográficos propiciou que se estea moi lonxe de conseguir o reemprazo xeracional de toda Compostela, xa que o sector que máis preto está de acadalo, As Fontiñas con 1,72 fillos por muller, sitúase moi por enriba dos demais (Aldrey, 1999: 314).

A mortalidade (aínda que de xeito menos notorio cós outros dous indicadores analizados, porque xa se partía de índices moi baixos), é máis elevada nas parroquias rurais e nos barrios residenciais populares, onde tamén o avellentamento da poboación é máis notable. Na actualidade non existen diferenzas entre as distintas áreas da cidade en canto á incidencia da mortalidade segundo a súa situación socioeconómica.

Todo isto levou a que "o crecemento vexetativo pasase de ser certamente alto ó estancamento presente, próximo xa á involución (de feito o Casco Histórico, Vite-Vista Alegre e o rural presentan uns valores negativos no saldo vexetativo)[11]" (Aldrey, 1999: 314). A tendencia ó avellentamento é realmente importante no conxunto do concello, sobre todo entre a poboación autóctona[12]:

> O avellentamento é moi forte no centro da cidade (Casco Histórico) e o grao de xuventude vai medrando progresivamente cara ó exterior do casco urbano, pero ó superalo, na área rural, a senectude dos seus habitantes aproxímase á do espacio central[13] (Aldrey, 2001: 315)

A excepción é o barrio de Fontiñas que mantén un certo dinamismo, pero onde vive só arredor dun 5% da poboación.

---

[9] A maternidade pasou a concentrarse nun número de anos moito menor (dos vinte e cinco ós trinta e nove).

[10] Aldrey considera que as causas deste declive están pola perda de xente en idade de procrear a causa da emigración ata mediados dos setenta, co cal se avellou moito a poboación. Por outro lado, influíron de xeito moi significativo varios factores, moitos relacionados entre si: o cambio da mentalidade na poboación que levou á promoción da muller, ó descenso da nupcialidade, a unha maior liberdade sexual...; a xeneralización dos métodos anticonceptivos; a crise económica que levou ó aumento do paro sen existir xa escape na emigración e en xeral a inseguridade laboral.

[11] Segundo o Instituto Galego de Estatística na seguinte táboa pode verse o movemento de poboación da cidade desde comezos da década dos 90 a hoxe, comprobando o saldo vexetativo:

Táboa: Movemento natural da poboación entre 1990-1997

Santiago	Media 91-95	1996	1997
Nacementos	**828**	**775**	**675**
Defuncións	**708**	**754**	**710**
Saldo Vexetativo	**120**	**21**	**-35**

Fonte: IGE (Cidadanía, 2001: 16)

[12] Existe un importante grupo de poboación, en moitos casos urbana e que non supera os 50 anos, que se está asentado nas áreas periurbanas de nova edificación, debido á construcción de vivendas cun prezo moito máis asequible có do casco compostelán. Alí existe unha taxa importante de poboación xuvenil.

[13] Na zona rural (que só supón un 12% do total da poboación do Concello), existe unha forte presenza dos grupos de idade entre 15 e 29 anos (fan case o 23% da poboación), pero o número de rapaces menores desta idade descende considerablemente.

O aumento da cidade nos últimos anos, e sobre todo da súa área periurbana, fixo que en conxunto houbese un crecemento poboacional importante[14], fundamentalmente debido ós movementos migratorios (Aldrey, 1999: 171)[15]. Daquela, o crecemento demográfico, e consecuentemente tamén morfolóxico, da cidade debeuse ó achegamento poboacional procedente do exterior ó concello, que se veu producindo durante década. Houbo certos cambios desde a década dos 60 (cando a gran maioría dos inmigrantes procedían dos concellos veciños, seguidos de xente do resto das cidades galegas) ata a dos noventa, momento en que destaca a poboación procedente de concellos que non están na área de influencia de Compostela, e aumentan os estranxeiros. Entre estes destacan os fillos de emigrados galegos, que, segundo Aldrey (1999: 315), se sitúan nas áreas de maior nivel económico dentro da urbe.

3.1.1 ESTRUTURA SOCIOPROFESIONAL DA POBOACIÓN

Santiago é un municipio cun emprego tradicionalmente ligado ós servizos, xerado fundamentalmente polas características da cidade e polas súas funcións (ser cidade universitaria, ser capital sanitaria e comercial así como sede da Xunta de Galicia) que marcan de xeito importante a profesión da poboación activa[16]:

> Podemos afirmar que hoxe en día, máis do 70% dos activos de Santiago traballan en actividades relacionadas cos servicios, fundamentalmente sociais[17] (Aldrey, 1999: 251).

De tódolos xeitos, o grupo profesional dominante en Santiago, a pouca distancia por riba do de profesionais, técnicos e similares (1b) é o conformado polas persoas dedicadas á

[14] Hoxe en día o crecemento natural está próximo a cero, e a pesar de que desde os anos 60 houbo un crecemento positivo, este non tivo a suficiente forza como para impulsa-lo crecemento que se deu na cidade

[15] **Táboa: Lugar de nacemento dos habitantes de Santiago en 1965 e 1995 nos sectores dos que se dispón de datos (en %)**

Nados en :	Ano 1965	Ano 1995
Santiago	**51,52**	**47,39**
Fóra de Santiago	**48,48**	**52,61**
Galicia*	**40,62**	**40,66**
Coruña*	**26,51**	**24,41**
Lugo	**2,32**	**3,32**
Ourense	**2,54**	**3,39**
Pontevedra	**9,25**	**9,54**
Fóra de Galicia	**7,86**	**11,95**
España**	**6,32**	**7,91**
Estranxeiro	**1,54**	**4,04**

Fonte: Aldrey, 1999: 171 (* Sen contabiliza-lo concello de Santiago. ** Sen contar Galicia)

[16] No 1965 tamén a poboación se distribuía entre as diferentes funcións da urbe, que xa eran a universitaria e a sanitaria, ocupando o posto da administración autonómica o sector relixioso, que diminuíu considerablemente ata os anos 90.

construción, industria e transporte (1a) (Aldrey,1999: 245). Este autor coloca nun segundo grupo o persoal dedicado a outras tres das categorías que establece a clasificación do IGE: o persoal da administración pública e administrativos de empresas (2a), os comerciantes (2b) e os servizos persoais e de seguridade (2c). Por último está a poboación dedicada á agricultura (3a) e o grupo que inclúe ós directivos e xerentes das Administracións públicas e das empresas (3b).

Táboa 17: Distribución sectorial da poboación ocupada no concello de Santiago en 1991

	1a	1b	2a	2b	2c	3a	3b
Casco histórico	9,69	34,81	16,85	13,32	21,39	1,42	2,52
Ensanche	8,25	46,70	18,95	10,81	10,34	0,88	4,07
Barrios residenciais populares	20,95	27,23	18,41	14,55	16,23	1,06	1,57
Barrios exteriores	38,59	14,53	11,88	13,21	17,72	2,92	1,15
Vite-Vista Alegre	31,79	15,83	14,17	14,32	21,79	1,27	0,83
Fontiñas	34,58	10,83	16,25	15,00	17,92	3,75	1,67
Rural	43,62	6,29	5,88	9,11	15,91	18,59	0,60
Total Santiago	25,81	25,55	14,81	12,46	15,67	3,73	1,97

Fonte: elaboración propia con datos de Aldrey, 1999: 245[18]

O sector do concello que rexistra un número maior de poboación activa é o rural, xa que a poboación se ocupa nas *actividades* agrícolas, supoñendo o campo unha axuda para aqueles traballadores temporais ou que noutro caso serían inactivos. É, polo tanto, no espazo urbano onde se concentra a poboación inactiva, sobre todo nos sectores máis periféricos[19]. Parece que a incorporación da muller ó nundo laboral fixo aumenta-la taxa de actividade, aumento que se destaca nas áreas da cidade cun maior número de poboación adulta (Ensanche, barrios residenciais populares e exteriores e Vite-Vista Alegre).

A distribución interna da poboación activa é moi diferente entre os diversos sectores do municipio, motivado tamén porque determinadas actividades teñen máis ou menos importancia segundo a zona. Por exemplo, as actividades relacionadas co sector secundario sitúanse nas áreas periféricas do casco urbano e no espazo rural, onde a agricultura mantén tamén certa importancia xa que ocupa a un 4% do total. Débese ter en conta que Compostela é un concello urbano, e polo tanto a agricultura é a práctica con menor peso de todo o concello, aínda que xusto pola urbanidade do lugar é significativo este 4%.

[17] Por servizos sociais enténdese: médicos e sanitarios; educación e investigación; administración pública; relixiosos; forzas armadas e de seguridade e profesionais liberais.
[18] Os datos son en porcentaxes.
[19] O desemprego é máis baixo no ensanche e no casco histórico ca nos barrios exteriores e Vite-Vista Alegre, a única excepción está no barrio das Fontiñas.

3.2 ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Antes de afronta-los resultados do estudo do sector empresarial que abrangue a presente tese de doutoramento, considerouse pertinente presentar un resumo da situación sociolingüística do concello onde se vai centra-la análise (Santiago de Compostela). Partindo dos dous estudos onde se recollen datos deste tipo, un xeral, O Mapa Sociolingüístico de Galicia[20] (MSG, 1994; MSG, 1995; MSG, 1996) e o outro centrado no propio concello, o estudo-diagnóstico previo ó Plan de Normalización Lingüística de Santiago *(Cidadanía, Rede de aplicacións sociais, 2002*), pretendeuse configurar un marco de referencia para o presente traballo.

A partir dos volumes publicados cos resultados do MSG, que é o estudo de carácter cuantitativo de maior transcendencia e profundidade feito ata o momento sobre a situación da lingua galega[21], pódense extraer datos sobre lingua inicial, competencias, usos e actitudes en Santiago, confrontándoos co resto das cidades e co conxunto de Galicia[22]. Moita da información recollida no MSG sobre Santiago, e non publicada nos compendios mencionados, explotouna a cooperativa de especialistas en ciencias sociais, *Cidadanía, Rede de aplicacións sociais.* O devandito grupo, de aquí en diante Cidadanía, apoiouse neses datos para elabora-lo estudo-diagnóstico da situación lingüística dunha cidade cunhas características demográficas, socioeconómicas e culturais que a singularizan.

[20] O Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, a comezos dos 90, realizou un estudo de macrosociolingüística, cun traballo de campo que supuxo a realización de 38.897 entrevistas no conxunto de Galicia. O resultado é o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (de aquí en diante MSG), que ofrece unha minuciosa análise sobre a situación da lingua galega, recompilada en tres volumes que son compendios do devandito mapa. Trátase dos títulos: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (Volume I), *Usos lingüísticos en Galicia* (Volume II) e *Actitudes lingüísticas en Galicia* (Volume III).

[21] A análise referida á cidade de Santiago está recollida nunha mostra de 1153 enquisas, con cuestionarios de 148 preguntas, onde se achegan datos sobre competencia, usos e actitudes da lingua galega da poboación en xeral e do ámbito laboral en particular.

[22] Débese ter en conta que se trata da percepción que os entrevistados teñen dos seus propios usos e actitudes.

3.2.1 USOS LINGÜÍSTICOS EN SANTIAGO

En Santiago, segundo os datos recollidos polo MSG, a maioría da poboación é bilingüe (59%), aínda que existe unha diferenza entre aqueles que usan máis o galego (31%), fronte ós que usan máis o castelán (28%) (Gráfico 8)[23]. Lendo os datos doutro xeito, pódese dicir que o 61% emprega o galego só ou preferentemente, fronte ó 39% que fai uso do castelán en exclusiva ou de xeito maioritario:

Gráfico 8: Distribución da mostra de Santiago segundo a súa lingua habitual



Fonte: Cidadanía, 2002: 28

Débese ter en conta que no MSG se fixo a descrición da lingua habitual de Galicia seguindo a división en sectores de poboación que tomaron coma unha unidade en canto ó hábitat (MSG, 1995: 79). De tódolos xeitos nas cidades distinguiron entre hábitat urbano (residentes dentro do casco urbano) e periurbano (fóra do casco urbano)[24]. O concepto periurbano interpretouse no MSG como aquel que "comprende os núcleos xeograficamente distanciados da cabeceira en concellos onde esta foi considerada "urbano I" ou "urbano II"" (MSG, 1995: 21)[25].

[23] Segundo o censo de Poboación e Vivendas de 1991, a porcentaxe de bilingües sitúase en torno ó 56% sen diferenciar en ningún momento cales son aqueles que teñen o galego ou o castelán como lingua maioritaria.
[24] A mostra referida a Santiago para o MSG comprende un 71% de poboación urbana e un 29% de periurbana.
[25] Sinálase isto porque en estudos xeográficos sobre o concello de Compostela defínese franxa periurbana do seguinte xeito: "Deste xeito, a franxa periurbana preséntasenos como un espacio onde se dá unha mestura de áreas construídas ex-novo, hábital rural preexistente, polígonos industriais, espacios agrarios, vías de comunicación e lugares de ocio. Caracteres todos eles ós que non é allea a franxa periurbana compostelá." (Aldrey, 1995: 254). Máis adiante o mesmo autor di que a franxa periurbana de Santiago se estende polos tres concellos veciño (Teo, Ames e Brión). No MSG a área periurbana interprétase sempre dentro do propio concello. Desde este punto de vista, Santiago de Compostela ten unha zona periurbana rural dispersa bastante importante.

O monolingüísmo en galego é predominante no Santiago periurbano, mentres que no núcleo urbano predominan as opcións bilingües, existindo unha porcentaxe lixeiramente maior de persoas que marcou "máis castelán" ca dos que sinalaron a opción "máis galego", proporción que vai en orde inversa na zona periurbana:

Gráfico 9: Lingua habitual segundo o hábitat de residencia en Santiago[26]



Fonte: Cidadanía, 2002: 33

No urbano, ó suma-las opcións dos que falan só ou maioritariamente castelán (48,7%) e os que falan só ou maioritariamente galego (51,3%), vese que hai unha lixeira superioridade dos usuarios da lingua vernácula, diferenza que medra na área periurbana ata acadar case os 66 puntos. Destaca a influencia da urbanización nos usos do galego dentro do mesmo sector, e polo tanto en xeral, pois nas vilas máis galeguizadas, segundo o MSG (1996: 79), o uso do galego está nun 76,6% e no rural máis galeguizado nun 97,2%.

Vendo cal é a lingua habitual dos ascendentes (Gráfico 10), apréciase como cae o uso do galego desde a xeración dos avós ata a dos entrevistados[27]:

[26] Os datos, se non se indica o contrario, son en porcentaxes.

[27] No estudo do MSG existen preguntas relativas á lingua dos ascendentes do entrevistado (pais e avós) así pódese "observa-la evolución do uso lingüístico en tempo aparente" (MSG, 1995: 46). No entanto, estes datos deben lerse tendo en conta que Santiago recolleu nos últimos anos, e segue recollendo, un gran número de poboación chegada doutras zonas, co que se pode supoñer que un número importante de entrevistados non ten ascendencia santiaguesa.

Gráfico 10: Lingua habitual dos ascendentes e do entrevistado en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 28

Na cidade de Santiago dáse un proceso similar ó de tódalas cidades galegas, onde a maior parte da poboación ten ascendentes monolingües, o que deixa á vista un rápido avance da perda do galego nas xeracións máis novas. Fronte a uns antecesores maioritariamente monolingües en galego, a lingua habitual dos entrevistados distribúese case a partes iguais entre os que falan "máis castelán", "máis galego" e os que teñen como lingua habitual "só galego", o que mostra unha tendencia cara ás posturas bilingües.

Esta perda da lingua interxeneracional está en clara relación coa lingua inicial da poboación, e aínda que Santiago é unha das cidades onde hai máis poboación que ten o galego como lingua materna[28], pois supón o 56,5% do total do concello[29], o dato negativo está en que, mentres os composteláns de máis de 65 anos aprenderon a falar en galego nun 76,3%, os menores de 25 só o fixeron nun 25,3% (MSG, 1994: 68-72) [30]. Con todo, este fenómeno prodúcese en menor medida ca nas cidades de Pontevedra ou A Coruña onde "dúas de cada tres persoas de entre 16 e 20 anos adquiriron en primeiro lugar a lingua castelá" (MSG, 1994:69). Ó cruza-la lingua habitual coa inicial pode apreciarse a evolución lingüística da sociedade compostelá:

[28] No conxunto de Galicia, o galego é a lingua inicial do 62,4% da poboación da nosa comunidade mentres o castelán o é para o 25,6%. O 11,4% sinala ter aprendido a falar nas dúas linguas e só o 0,6% tivo outras linguas como maternas (MSG, 1994:39). A idade e o hábitat de nacemento son as variables que inciden na distribución da lingua inicial, sendo os entrevistados residentes en ámbitos rurais e aqueles de idades máis avanzadas os que en maior medida tiveron o galego como lingua inicial. Pola contra, o hábitat urbano é desgaleguizador e cada vez de xeito máis veloz. O descenso máis brusco establécese no grupo que –no

Gráfico 11: Lingua habitual segundo lingua inicial en Santiago



Fonte: Cidadanía, 2002: 30

A maioría da poboación santiaguesa mantense na súa lingua materna, na liña do que ocorre no resto de Galicia (Gráfico 12), xa que, por un lado hai unha tendencia ó bilingüismo[31], e polo outro, aínda hai unha tendencia forte ó mantemento lingüístico[32]:

momento das entrevistas– tiña entre 26 e 40, pois presentaban unha porcentaxe de perda do galego como lingua inicial fronte ós do grupo anterior (40 a 65 anos) de máis de 20 puntos porcentuais.

[29] Xa por sectores, os galegofalantes teñen moito máis peso na área periurbana do concello, onde o 80,2% se declarou galegófono inicial, fronte a un 40,3% dentro dos sectores máis urbanos.

[30] É a cidade coa porcentaxe máis alta de maiores galegófonos (a media xeral do conxunto de Galicia é un 81,8%). Unha manifestación da perda da lingua interxeneracional está en que un 42,3% dos castelanfalantes composteláns declararon ter aprendido o galego no seo familiar[30], feito que leva a deducir a orixe galegófona destas familias.

[31] Posto que os monolingües iniciais tenden a introduci-lo outro código nos seus intercambios e os bilingües continúan usando os dous, podemos concluír que en Galicia existe unha clara tendencia a un comportamento bilingüe, especialmente marcado nos que tiveron como lingua inicial o castelán (MSG, 1995: 67).

[32] [...] os que aprenderon a falar en castelán teñen como lingua habitual só ou preferentemente o castelán, os que aprenderon en galego só ou preferentemente o galego e os bilingües iniciais continúan sendo predominantemente bilingües MSG (1995: 80).

Gráfico 12: Lingua habitual dos entrevistados segundo a súa lingua inicial en Galicia



Fonte: elaboración con datos do MSG, 1995: 67[33]

Destaca que, se ben no conxunto de Galicia tan só un 0,2% dos castelanfalantes iniciais é monolingüe en galego, esta porcentaxe ascende en Santiago ata un 1,6%, mentres que non se detectou ningún caso que aprendese a falar en galego e agora sexa monolingüe en castelán (Gráfico 11). Tamén en Santiago se tendeu máis ó monolingüísmo en galego ca en castelán entre aqueles que aprenderon a falar nas dúas linguas. Segundo Cidadanía este feito:

> [...] pode vir dado polas boas actitudes cara á lingua por parte da poboación e polas características socioestructurais da cidade, onde se percibe un maior uso e vantaxes de cara á súa utilización (Cidadanía, 2002: 31).

O 93,9% dos galegofalantes iniciais composteláns seguen a empregar só ou preferentemente o galego, polo que se mantén esta lingua naqueles falantes que a tiveron como lingua inicial nesta cidade máis ca nas outras, quedando un pouco por baixo dun sector rural (Lugo-5):

[33] Obsérvese que os datos do contraste entre os falantes iniciais de galego e castelán é positivo, pois o 62,1% dos monolingües iniciais en galego mantense monolingüe na nosa lingua mentres que en castelán só se mantén o 37,4%. Os castelanfalantes iniciais chegan a falar "máis galego" nun 14,3%, fronte ós galegofalantes iniciais que só pasan a falar máis castelán nun 5%. Os datos de Santiago –ó ser zona urbana– non son tan positivos, aínda que superan ós doutras cidades, tal e como se ve no Gráfico 13.

Gráfico 13: Uso habitual do galego[34] segundo a lingua inicial por sectores



Fonte: MSG, 1995: 81

No MSG constatouse a perda de falantes de galego como lingua habitual ó relacionar esta variable coa idade:

> Tanto nos entrevistados coma nos seus ascendentes, constátase unha diminución progresiva do galego como lingua habitual a medida que descende a idade dos suxeitos. Así, o grupo máis novo é o que menos galego fala habitualmente e o máis vello o máis galeguizado (MSG, 1995: 49).

A distribución da lingua habitual por grupos de idade é, no conxunto de Galicia a seguinte:

Gráfico 14: Lingua habitual segundo a idade en Galicia



Fonte: MSG, 1995: 50

[34] Refírese ó uso do galego que mostraron aqueles que nas entrevistas do MSG afirmaron ter como lingua inicial "só galego" ou "máis galego".

O uso de "só galego" é maior nos grupos de máis idade, onde o monolingüísmo en castelán é moi baixo, que nos maiores de 40 anos só acada o 13,13%, porcentaxe que se ve aumentada en máis do dobre (30,6%) nos menores de 40 anos.

En Santiago constátase o mesmo fenómeno de descenso do uso do galego conforme se baixa na escala de idade, pero pese a este comportamento similar hai unha diferenza con respecto ás medias do conxunto de Galicia, xa que nos grupos máis novos hai un predominio maior das opcións bilingües:

Gráfico 15: Lingua habitual segundo idade en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 34

A desgaleguización propia da urbe, sobre todo entre os falantes menores de 25 anos, ten como dato positivo que é menor ca nas cidades da Coruña e Pontevedra, constatable rapidamente a través da porcentaxe de monolingües en galego:

Gráfico 16: Lingua habitual segundo a idade en Pontevedra



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 35

Gráfico 17: Lingua habitual segundo a idade na Coruña



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 35

En resumo, o grupo de monolingües en galego caeu, no conxunto de Galicia en 35,4 puntos porcentuais (resultado de compara-los falantes monolingües de máis de 65 anos cos de menos de 25 anos), mentres que en Santiago esta caída é menor ca no conxunto de Galicia (32,6 puntos porcentuais). Destacan en perda de falantes novos as cidades da Coruña e Pontevedra, pois o número de monolingües en galego na cidade da Coruña nos menores de 25 anos redúcese a un 3%, e os bilingües que teñen o galego como lingua preferente son un 6,8%. En Pontevedra a porcentaxe nestas idades de uso do galego é o dobre pero caeu con respecto á xeración máis vella de maneira moito máis esaxerada.

En Santiago, igual ca no resto dos sectores estudados no MSG, hai unha relación inversa entre a titulación académica e os usos do galego; así, estes teñen máis peso entre as persoas sen estudos, fronte ó emprego de "só castelán" entre os titulados universitarios, feito que constata que canto maior escolarización, máis aumenta o grao de castelanización[35]. Pódese observar no seguinte gráfico:

Gráfico 18: Lingua habitual segundo o nivel de estudos en Santiago



Fonte: Cidadanía, 2002: 32

Aínda que a opción "só castelán" e "máis castelán" son as menos representadas entre os niveis educativos máis baixos van gañando peso de xeito considerable conforme aumenta o nivel de estudos. Pola contra o uso de "máis galego" ten pouca variación duns niveis educativos a outros, mentres "só galego" descende considerablemente conforme aumenta o nivel de estudos. O corte máis grande sempre está entre os que non teñen formación ou só estudos primarios, por un lado, e os que contan con estudos secundarios e universitarios, polo outro.

[35] En Santiago existe unha poboación universitaria moi importante, no censo de 1991 (vixente cando se realizaron as entrevistas do mapa) a porcentaxe de universitarios é do 15%, seguida pola dos alumnos con estudos secundarios. Pero débese ter en conta que na mostra que se tomou para o MSG a porcentaxe dobra esta cantidade, pois recollen un 30% de universitarios fronte a un 40% con estudos primarios.

Tamén destaca Santiago dentro do conxunto de Galicia polo número de galegofalantes iniciais que teñen estudos secundarios ou universitarios[36]. A consecución destes títulos pode levar emparellada a ascensión na escala social, feito que vai asociado ó cambio de lingua. De feito, dun 8,7% de entrevistados polo MSG que pertencían ó grupo "sen estudos", o 93,1% tiña o galego como lingua materna; mentres que dun 12,5% do total que eran universitarios, aprendera a falar en galego o 5%, porcentaxe que é algo superior en Santiago que no conxunto de Galicia. Dado que o nivel educativo está directamente relacionado coa clase social, no conxunto de Galicia asóciase a clase baixa co galego como lingua materna, pero en realidade, o galego é a lingua inicial predominante de tódalas clases sociais menos da media-alta, onde tan só un 29,6% declarou telo aprendido como primeira lingua, como se ve no gráfico seginte[37]:

Gráfico 19: Lingua inicial segundo a clase social en Galicia



Fonte: MSG, 1994: 52

Aínda que a clase social[38] (igual cá idade) teña menor influencia na lingua habitual cá

[36] Con todo, este non é un dato moi relevante, segundo se apreza no MSG. Polo que respecta ós estudos, non é apropiado correlacionalos coa lingua inicial se o que pretendemos é ve-la influencia daqueles sobre esta. En realidade, a lingua inicial que un individuo posúa é, loxicamente, independente dos seus estudos, entre outras cousas por mera relación temporal (MSG, 94: 53).

[37] A compilación do MSG no volume dedicado á lingua inicial non recolle os datos referidos á clase social por sectores, polo tanto non se poden comparar estes datos cos de Santiago.

[38] No volume II do compendio do mapa sociolingüístico (MSG, 1995) xa advirten de que o concepto de clase social foi moi cuestionado nos estudos sociolóxicos, e que se usan outros termos como mercado lingüístico ou rede social. Pero no traballo de macrosociolingüística que supón o MSG non lles resultaba doado traballar con estas variables e por iso se seguiu operando con clase social. Os autores advirten que a adscrición dos entrevistados a unha ou outra clase social realizárona os entrevistadores "in situ", a partir da observación e posterior interpretación que eles podían facer do que vían: "[...] seguiremos traballando co concepto de clase

lingua inicial, nivel de estudos e lugar de residencia –segundo o coeficiente de correlación de Pearson (Cidadanía, 2002: 29)– a súa análise deixa á vista que a relación entre o galego e a clase social é inversamente proporcional, aumentando o uso da lingua vernácula segundo se descende na escala social. Este feito, xeral ó conxunto de Galicia, é visible tamén en Santiago (Gráfico 21), aínda que con algunhas diferenzas:

Gráfico 20: Lingua habitual segundo a clase social en Galicia



Fonte: MSG, 1995: 59

No conxunto da Comunidade Autónoma, a clase baixa, na súa maioría (83%), fala "só galego" ou "máis galego" porcentaxe que contrasta co 35,3% que acada a clase media-alta. En Santiago, no primeiro caso suman un 83,6%, mentres que no segundo acadan o 45,2%.

social que, xunto co nivel de estudos, a profesión e o lugar de residencia, pode amosar de forma significativa a relación entre hábitos lingüísticos e adscrición social" (MSG, 195: 58). En Cidadanía, tiveron isto en conta:

> Os datos sobre a clase social deben ser interpretados coa necesaria cautela xa que a clasificación desta variable estivo determinada en boa medida pola propia percepción do entrevistador, sen embargo tomámola en consideración posto que constitúe un indicador do estrato social de referencia do individuo (Cidadanía, 2002: 36).

Gráfico 21: Lingua habitual segundo a clase social en Santiago



Fonte: Cidadanía, 2002: 36

Tanto na cidade compostelá, como no conxunto de Galicia, existe un maior número de monolingües en galego na clase baixa e media-baixa, do que monolingües en castelán nas clases media e media-alta, o que deriva en que as opcións maioritarias nestas últimas son as bilingües. Destaca que nas clases media e media-alta haxa menor número de monolingües en castelán ca no conxunto de Galicia. Cómpre fixarse que o uso do galego en Santiago entre as clases sociais máis altas, aínda que inferior ó dos sectores máis rurais, é bastante superior ó de cidades como Coruña ou Pontevedra:

Gráfico 22: Uso do galego dos entrevistados segundo a clase social por sectores (só galego/máis galego)



	A Coruña	Pontevedra	Santiago	Lugo-2	Ourense-4	Lugo 5
baixa	50,0	92,3	83,6	89,5	96,1	95,7
media-baixa	49,3	66,4	78,5	77,6	92,1	95,0
media	30,6	26,7	55,2	65,6	81,0	90,9
media-alta	10,6	11,8	45,2	28,6	56,5	88,4

Fonte: MSG, 1995: 77[39]

Semella que o uso do galego en Santiago serve en menor medida como marca social ca nas outras dúas cidades presentes no gráfico, sobre todo en Pontevedra, onde contrasta considerablemente o número de monolingües en galego de clase baixa que suman o 79,9% fronte ós de clase alta que supoñen só o 11,8% (MSG, 1995: 100). Pola contra, na Coruña destaca que na clase baixa sexa máis elevado o número de castelanfalantes (27%) que de galegofalantes (17,6%); con todo, este último grupo dentro da clase media-alta só supón o 3,5%.

[39] Os sectores son os que se escolleron para o MSG, correspóndense, fóra das cidades, da seguinte maneira: Lugo-5 agrupa ós concellos máis rurais da provincia de Lugo, que son a maioría, aqueles con menos de 5 mil habitantes maiores de 15 anos e con máis do 33% da poboación ocupada na agricultura e enerxía. Ourense-4 son catro concellos da provincia de Ourense que presentan tamén menos de 5000 hab. pero que teñen máis do 33% da poboación ocupada na industria e na construcción ou no sector servizos. Por último Lugo-2 correspóndese cos dous concellos máis poboados da provincia (exceptuando a capital): Monforte e Viveiro, que contan cunha poboación que está entre os 10 e os 50 mil habitantes cada un deles.

Xa para remata-la análise da lingua habitual dos santiagueses, mediuse a relación co seu lugar de nacemento[40]. Aínda sen existir unha ligazón moi forte, si se manifesta maior presenza do galego entre os compostelans que naceron no rural ca entre os orixinarios do urbano, e sobre todo entre os nacidos en vilas (15,5%):

Gráfico 23: Lingua habitual da mostra de Santiago segundo o hábitat de nacemento



Fonte: Cidadanía, 2002: 39

O feito de que os falantes monolingües en castelán de orixe rural supoñan só un 3,2% non pode pasar desapercibido, pero tampouco que entre os nacidos fóra de Galicia, haxa un 21, 4% que declara usa-lo galego, ben só (5,8%), ben preferentemente (14,6%), cifras bastante importantes para tratarse de xente que vén de fóra e se integra nun ámbito urbano[41].

3.2.1.1 A LINGUA NO ÁMBITO DA EMPRESA

Elaboráronse poucas preguntas no MSG referidas á lingua no ámbito empresarial[42], pero a partir dos cruzamentos que se fixeron cos datos do mundo laboral segundo as profesións,

[40] Segundo o xa citado coeficiente de correlación de Pearson, empregado por Cidadanía, para calcula-lo grao de asociación entre a lingua habitual e o lugar de nacemento, a relación entre as dúas variables é moi débil. Aínda que, segundo estes investigadores "Posiblemente, o feito de que o lugar de nacemento non mostre unha relación máis forte coa lingua habitual dos suxeitos se deba a que o hábitat de nacemento e o de residencia coinciden nunha porcentaxe elevada de casos. De feito, máis da metade dos habitantes de Santiago naceron no urbano" (Cidadanía, 2002: 39).

[41] As circunstancias poden ser moi variadas e non temos datos para poder cruzar, pero sería interesante coñecer cáles destes galegofalantes viñeron a Santiago por razóns profesionais, cáles son fillos de emigrantes galegófonos, con qué idade chegaron á cidade, etc.

[42] As preguntas do MSG que sondan os usos, actitudes, opinións e prexuízos da poboación de Santiago en relación coa lingua do mundo laboral son as preguntas 31 a 37 nas que se pregunta polos usos no traballo, é

pódense dar algunhas claves sobre a lingua inicial e a competencia lingüística de traballadores e empresarios por un lado, e as interaccións dentro do lugar de traballo polo outro.

A medida da lingua habitual no traballo ten gran importancia dado que é o lugar onde a poboación activa pasa a maior parte do seu tempo. Ademais, por ser un destacado factor socializador, danse no seu interior unha grande variedade de interaccións comunicativas[43] .

Curiosamente, un dos nove grupos profesionais[44] (de entre os 14 analizados no MSG) nos que destaca o galego como lingua maioritaria é o dos empresarios. Segundo os datos deste estudo (MSG, 1995: 63), os labregos nun 99,1%, e os mariñeiros nun 92,4% son os máis galeguizados, pois son monolingües en galego ou bilingües con predominio do galego. En orde descendente van seguidos polos autónomos (80%), empresarios (76,8%) e obreiros (75,9%).

Cidadanía (2002: 42) profundou na situación en Santiago e concluíu que os empresarios conforman un dos sectores profesionais máis próximos ó galego[45], pero débese ter en conta que, por outro lado, as profesións que requiren titulación universitaria, ou aquelas relacionadas coa administración e co sector servizos, están asociadas ó castelán, de igual xeito cós que aínda son estudantes[46]. Polo tanto, disto dedúcese que se os empresarios

dicir, lingua "usada con"; a 110 que pregunta sobre os responsables da normalización e pon entre as posibles respostas ás empresas; e por último a 126 e 127 que presentan dúas afirmacións relacionadas cos prexuízos con respecto ó uso do galego na empresa, coas que os entrevistados teñen que mostra-lo seu acordo ou desacordo. As afirmacións son as seguintes: "A quen fala castelán débenselle dar máis posibilidades de ascender na súa profesión ca a quen fala galego"(126) e "Quen fala castelán cun forte acento galego ten menos posibilidades de ascender na súa profesión"(127).

[43] Para o estudo de Cidadanía manexaron o coeficiente de correlación de Pearson, que amosou unha asociación lineal moi débil (pero estatisticamente significativa) entre a profesión e a lingua habitual. Eles aplicaron unha análise de correspondencias, que consiste en representar no espazo multidimensional as diferenzas entre os valores esperados e os valores observados no cruzamento das variables lingua habitual e profesión (Cidadanía, 2002: 38). Partiron de que os distintos grupos profesionais teñen un peso diferente en Santiago, sendo os de maior peso os estudantes, obreiros, subalternos da administración e docentes.

[44] Os outros oito son: forzas armadas, persoal administrativo, persoal de servizos, autónomos, labregos, obreiros, amas de casa e persoas economicamente inactivas

[45] Os profesionais máis próximos ó galego monolingüe son aqueles dedicados á agricultura, gandería e pesca, os empresarios e amas de casa. A asociación dos dous últimos galego monolingüe non é moi forte. Asociados ó bilingüismo con predominio do galego aparecen os membros dos corpos de seguridade, os autónomos e os comerciantes. As profesións que requiren unha titulación universitaria, as relacionadas coa administración e co sector servizos, o grupo dos estudiantes e as persoas economicamente non activas (persoas que non tiveron aínda un primeiro emprego), están asociadas ó predominio do castelán e ó castelán monolingüe. Resaltar o feito de que os docentes se adscriban maioritariamente ó castelán, aparecendo esta profesión máis próxima ó castelán monolingüe que ó bilingüismo con predominio do galego (Cidadanía, 2002: 38).

[46] Terá que ver que o grupo dos docentes se adscriban máis ó castelán có galego. O uso do castelán é predominante naqueles bilingües ou xa de xeito exclusivo nos monolingües.

entran dentro destes grupos mencionados, seguramente a súa lingua habitual sexa entón o castelán, de xeito exclusivo ou predominante.

En xeral, no conxunto de Galicia, destaca o emprego do galego como opción maioritaria en tódalas variables analizadas, tanto na lingua habitual falada no traballo, como nas catro interaccións habituais: cos clientes, compañeiros, empregados e superiores[47]:

Gráfico 24: Lingua habitual no traballo en Galicia segundo interaccións[48]



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1995: 338

O uso máis alto do galego está nas interacións cos clientes e cos compañeiros, descendendo cos empregados, e sobre todo, cos superiores. Nos ámbitos urbanos, estes usos descenden, aínda que –coma sempre– Santiago destaca fronte a outras cidades :

[47] A lingua falada co primeiro grupo refírese ós profesionais liberais e as outras tres: compañeiros, empregados e superiores estarían aludindo a profesións non liberais.
[48] As medias están entre 1 (só castelán) e 4 (só galego).

Gráfico 25: Lingua habitual no traballo en Santiago segundo interaccións



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1995: 340

Os usos do galego son bastante máis baixos cós do resto de Galicia en xeral, aínda que superiores ós das cidades de Pontevedra e da Coruña (vid. Gráfico 26). Destaca, por un lado, que case o 30% dos suxeitos entrevistados declare falar no ámbito do traballo só galego, a pouca distancia da opción máis marcada que era "máis galego". Polo outro lado, o uso do galego varía segundo o tipo de interacción que se estableza, destacando a presenza do galego na conversa cos compañeiros, usos que baixan nos contextos máis formais: á hora de falar cos empregados e algo máis cos superiores. No entanto, cómpre destacar que, segundo estes datos, as interaccións cos xefes establécense case na mesma porcentaxe en galego ca en castelán, tendo menor presenza as opcións bilingües. Trala experiencia da análise práctica correspondente a esta investigación, dedúcese que isto pode ser debido a que nas empresas pequenas o superior é unha única persoa á que se lle fala na súa lingua habitual.

Gráfico 26: Uso do galego no ámbito de traballo en Galicia, Santiago e cidades[49]



Fonte: elaboración con datos do MSG, 1995: 340, 344

O uso do galego vai descendendo nas cidades con respecto ó conxunto de Galicia, sendo a compostelá a máis galeguizada das tres, así como na que se fala máis galego cos compañeiros, interacción que –aínda que a pouca distancia do resto– é onde máis se emprega a lingua en todas elas. Igual ca a nivel xeral, os usos do galego no traballo están en relación inversa co grao de urbanización dos sectores (é dicir, canto maior sexa este, menor será aquel) e en relación directa coa idade, o nivel de estudos, e a clase social (diminúen o uso na medida que estas descenden) (MSG, 1995: 290-303).

Nunha lingua coma a nosa, que estivo ágrafa ata hai pouco, é importante medir que índice hai de escrita do galego no traballo, contrastándoo cos usos orais:

[49] As medias están entre 1 (só castelán) e 4 (só galego).

Gráfico 27: Usos do galego oral no ámbito laboral en Galicia



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1995: 338

Os datos deste gráfico reflicten que se fala "moito" ou "bastante" galego, principalmente cos compañeiros e empregados, descendendo o uso cos superiores e sobre todo cos clientes. O alto índice de galego que se fala cos superiores, quizais teña que ver co índice grande que existe de pequenas empresas situadas en zona rural ou semi-rural onde os propietarios (superiores) son galegofalantes. Pola contra, os niveis de lecto-escritura nos mesmos sectores están moi por baixo, xa que as variables máis marcadas foron "pouco" en primeiro lugar e nada en segundo.

Aínda que tódalas respostas están próximas unhas doutras, cos clientes é cos que menos se escribe en galego, e cos compañeiros cos que máis. Vese no gráfico seguinte:

Gráfico 28: Usos do galego escrito no ámbito laboral en Galicia



Fonte: elaboración propia cos datos do MSG, 1995. 338

Se se atende ás destrezas que mostran os entrevistados de profesións relacionadas coa empresa, destaca o alto nivel de entendemento do galego que mostran todos eles. Comparouse o conxunto da comunidade autónoma e Santiago, tanto nos empresarios, titulados superiores ou medios, persoal de servizos, labradores e obreiros[50].

Gráfico 29: Dominio da comprensión do galego en Galicia



Fonte: elaboración con datos do MSG, 1994: 111

[50] Incluímo-los titulados xa que na súa maioría son posibles traballadores de empresas. Tamén os labradores porque poden ter ou non constituída unha empresa, pero xa que non se especifica no MSG e aparecen cómo grupo á parte decidimos incluílo xa que ademais o contraste dos datos pode ser significativo. Non considerámo-los mariñeiros xa que en Santiago non teñen case representación na mostra.

Gráfico 30: Capacidade para entende-lo galego en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1994: 116

En Santiago non hai ningún profesional dos analizados que declarase non entender nada o galego, exceptuando os administrativos ou subalternos que marcaron esta opción nun 0,9% dos casos. Tódolos grupos profesionais declaran en maior medida entender "moito", fronte ó conxunto de Galicia onde a opción maioritaria para persoal de servizos, labradores e obreiros é " bastante" aínda que seguida a pouca distancia de "moito". Neste sector son os titulados, igual ca no resto de Galicia, pero con menor diferenza, os que declaran ter maior capacidade para entende-la nosa lingua[51].

Segundo Cidadanía (2002: 61), no tocante ós usos no traballo dos diferentes grupos profesionais, destacan os técnicos e administrativos en xeral (tanto nas empresas privadas como na administración) como os que presentan o comportamento lingüístico menos galeguizado. Pola contra, os empresarios, obreiros, pequenos comerciantes e artesáns (despois de traballadores do sector primario) son os que se asocian en maior medida ós usos monolingües en galego. Se se relacionan os usos no traballo coa lingua habitual destes colectivos, existen grupos que teñen fóra do traballo un comportamento máis galeguizado ca dentro e viceversa. Entre os primeiros están (en relación ó tema que ocupa esta investigación) os empregados no sector servizos, os autónomos e os comerciantes, mentres

[51] En canto ó ámbito de aprendizaxe da lingua é coma para a maioría a familia. Sen separar ós falantes de galego nin de castelán, o total de empresarios que aprenderon a fala-lo galego coa familia é do 93,1%, a media dos obreiros é moi similar (92,4%) e baixa un pouco cando se mira o persoal de servizos (73,5%). Pola contra os estudantes e titulados superiores ou medios (posibles traballadores de empresas) xa sinalaron un nivel de aprendizaxe do galego na familia moito menor –aínda o elemento fundamental de aprendizaxe– pero marcaron os primeiros en segundo lugar "a escola" e os titulados "os amigos".

que entre os segundos destacan os profesionais liberais, que presentan un comportamento moito máis castelanizado fóra do traballo, do que se deduce que para ese grupo o traballo é un elemento galeguizador, fronte ó resto onde era xusto o contrario.

3.2.1.2 O CAMBIO DA LINGUA HABITUAL

En tódalas linguas existe un rexistro que os falantes utilizan en situacións coloquiais (coa familia, cos amigos...) e que o varían e o van facendo máis formal, segundo a situación comunicativa na que se encontren se vai facendo máis formal. En comunidades coma a nosa, onde conviven dúas linguas e unha está minorizada, moitas veces unha das linguas úsase nos contextos máis formais e a outra nos coloquiais. Entón calquera falante pode varia-la súa lingua habitual segundo a situación na que se encontre. Esta *variación situacional* aparece dividida no estudo do MSG entre as interaccións familiares, os usos na escola, o ámbito laboral, as institucións, consulta médica e compra, e as situacións comunicativas onde se pode mudar de lingua segundo quen sexa o interlocutor (MSG, 1995: 278).

Para este traballo voume centrar fundamentalmente nas interaccións no ámbito laboral, obxecto da presente tese; pero antes cómpre repasa-los usos na familia, por ser este o contexto onde a lingua se manifesta con maior espontaneidade, mostrando así a súa vitalidade[52], como se pode deducir do seguinte gráfico:

[52] A familia como institución adquire unha importancia peculiar no caso de Galicia ó tratarse dunha sociedade na que, tradicionalmente, membros de diversas xeracións compartiron, e nalgúns casos aínda comparten, os mesmos fogares durante décadas. Isto é así sobre todo no medio rural, onde a convivencia entre a xeración dos avós e a dos netos resultaba determinante no proceso de transmisión oral da lingua (MSG, 1995: 165).

Gráfico 31: Medias de uso coa familia segundo a lingua habitual en Galicia



Fonte: MSG, 1995: 189[53]

Naqueles suxeitos bilingües, que teñen como lingua habitual o galego ("máis galego") ou o castelán ("máis castelán") existe unha diferenza de aproximadamente un punto entre a lingua que falan cos avós e a que falan cos fillos. As medias para os monolingües, están máis uniformadas, sendo cos ascendentes cos que os castelanfalantes interactúan máis en galego e cos descendentes cos que perden algo os usos os galegófonos.

En canto ós outros ámbitos estudados, antes de entrar no laboral directamente, cómpre dicir que un dos factores que máis leva ó cambio de lingua é a presenza dun interlocutor descoñecido. Así os galegófonos empregan o castelán principalmente para falar coa xente de fóra e cos descoñecidos, case na mesma proporción que un castelanfalante emprega o galego para comunicarse cos grupos castelanófonos:

[53] Recórdese que as medias corresponden a unha escala entre 1 (só castelán) e 4 (só galego).

Táboa 18: Medias de uso do galego en diversas situacións comunicativas[54]

Usos do galego...	*media*
Con grupo galegofalante	3,62
Con alguén de confianza	3,13
Con veciños galegos	3,10
Cos amigos	3,06
Con grupo castelanfalante	2,61
Con descoñecido	2,36
Con veciños de fóra	2,09

Fonte: MSG, 1995: 279

Táboa 19: Uso lingüístico de galegofalantes e castelanfalantes nas diferentes situacións en Galicia

	Galegofalantes		**Castelanfalantes**	
	galego(%)	*castelán(%)*	*galego(%)*	*castelán(%)*
Cos veciños	96,4	3,6	13,7	86,3
Cos amigos	96,7	3,3	9,3	90,7
Con xente de confianza	98,5	0,5	11,7	88,3
Con veciños non galegos	55,4	44,6	1,0	99,0
Cun grupo castelanfalante	75,3	24,2	4,5	95,5
Cun grupo galegofalante	99,8	0,2	63,3	36,7
Cun descoñecido	65,4	34,6	1,8	98,2

Fonte: MSG, 1995: 284

Por outro lado, no MSG analizouse a lingua empregada nas institucións, consulta médica e na compra, aspecto este que interesa especialmente para esta investigación. No seguinte gráfico poden verse tódalas categorías analizadas:

[54] As puntuacións van asociadas a: 1 “só castelán”, 2 “máis castelán”, 3 “máis galego”, 4 “só galego”.

Gráfico 32: Medias de uso en diversas interaccións segundo a lingua habitual en Galicia



Fonte: MSG, 1995: 309

Vese que o emprego do galego está moi levemente por riba da lingua habitual nas interaccións na compra habitual (3,04)[55] pero descende paulatinamente nos usos en tendas non habituais (2,73) (MSG, 1995: 303-307). En relación coa lingua inicial, os informantes monolingües, tanto de galego como de castelán, tenden a manterse, sendo os bilingües iniciais os que presentan maiores diferenzas, usando máis o galego na compra diaria e máis o castelán nas tendas non habituais.

De tódolos xeitos, de cruzaren os datos da lingua usada nas tendas coas zonas xeográficas extráese que se incrementa o uso do galego nas tendas habituais a medida que o sector ten menos trazos urbanos, onde mesmo supera a media da lingua habitual. Destaca Santiago por acadar estes niveis de uso sendo un sector urbano, fronte ás cidades de Pontevedra e sobre todo da Coruña, onde os usos do galego na tenda diaria están por baixo, non só dos de Santiago, senón dos da lingua habitual.

En xeral, en Santiago, a maior parte dos entrevistados adoita manterse na súa lingua habitual, de tódolos xeitos hai interlocutores cos que se tende máis á converxencia lingüística e outros ó mantemento[56]. Na seguinte táboa pode verse o emprego dos galegofalantes (monolingües ou bilingües con predominio do galego) nas diferentes situacións comunicativas:

[55] Recordemos que a puntuación do mapa está entre 1: só castelán e 4: só galego

[56] Segundo *Cidadanía (2002: 40, 41)*, e baseándose na correlación de Pearson, parece que existe maior mantemento da lingua habitual canto máis próximo é o contexto ou o grupo co que se interactúa, pero destaca como se mantén máis a lingua habitual cos amigos ca coa familia, sobre todo no caso dos fillos.

Gráfico 33: Lingua dos galegofalantes composteláns en diferentes situacións comunicativas



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 41

Os familiares ascendentes, irmáns, amigos, veciños e parella son os interlocutores que menos fan cambia-la lingua habitual dos galegofalantes (menos dun 10% muda a lingua

nestas situacións), mentres que os interlocutores castelanfalantes, os médicos e os descoñecidos levan a que os galegófonos abandonen a súa lingua en porcentaxes que oscilan entre –aproximadamente– o vintesete e o corenta por cento[57]. No medio quedarían as institucións locais e autonómica, asociándose a esta última unha maior presenza do galego (11,3% fronte ó 15,4% nas primeiras) así como as tendas non habituais[58], os familiares descendentes (fillos) e o lugar de traballo, onde arredor dun 20% cambia de lingua.

3.2.1.3 CAMBIO DE LINGUA NO ÁMBITO DO TRABALLO[59]

Dentro do ámbito laboral, os entrevistados do MSG en xeral manteñen a lingua habitual nas diversas situacións comunicativas, sobre todo naquelas interaccións onde máis se empregaba o galego (cos compañeiros e cos empregados). Con todo, un 13,7% dos traballadores recoñece que a lingua no ámbito laboral condicionou a súa lingua habitual, mentres que un 86, 3% (a maioría) asegura que non foi así. En Santiago a incidencia do traballo na lingua habitual é maior, acadando o 21% *(Cidadanía, 2002: 62).*

Tódolos sectores analizados declararon na súa maioría que non lles tiña afectado o traballo para a lingua habitual, especialmente ós traballadores do sector primario, sendo os do sector servizos os que máis mudaron a súa lingua:

[57] Case un 40% usa o castelán para falar cun descoñecido, aínda que en Galicia a maioría da poboación declara entende-lo galego.

[58] Nun estudo realizado sobre o comercio en Santiago a principios da década de 2000 (García Añón e González Castro, 2002) conclúese que a maioría dos consumidores empregan as tendas tradicionais para as compras diarias (por exemplo, alimentos básicos) deixando as grandes áreas para as compras mensuais. Nestas valoran a variedade de oferta en primeiro lugar e o prezo e a comodidade en segundo, sen teren en conta características como a proximidade, o horario, e -o que máis interesa para esta investigación- o trato persoal.

[59] No MSG elaboraron dúas variables para coñece-los efectos do ámbito laboral na lingua falada habitual, a partir da percepción dos propios entrevistados: "Condicionamento da lingua habitual pola lingua de traballo" e "Sentido do condicionamento da lingua habitual pola lingua do traballo".

Gráfico 34: Falta de condicionamento da lingua de traballo na lingua habitual segundo a profesión en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía, 2002: 63

Con respecto ó sentido do condicionamento da lingua habitual, máis da metade dos casos dos que modificaron a lingua habitual pola do ámbito do traballo esta foi a favor do castelán (56,8%), mentres que a favor do galego fíxose nun 43,2%. Non obstante, existe unha diferenza importante segundo os grupos de idade:

Gráfico 35: Condicionamento da lingua no traballo sobre a lingua habitual en cada grupo de idade en Galicia



Fonte: MSG, 1995: 301

Segundo mostra o gráfico, a converxencia cara ó castelán dáse principalmente nos grupos de idade máis avanzada, reducíndose esta tendencia nos menores de 40 anos nos que vai gañando terreo a converxencia a favor do galego. Isto serviu para que os autores do MSG fixesen unha lectura dos datos optimista, vendo o ámbito de traballo como un factor galeguizador na actualidade, xa que as xeracións máis novas reciben maior influencia cara ó galego cás máis vellas. No entanto, hai que ter en conta que por detrás destes datos están a lingua inicial e habitual de cada grupo, así, os máis novos que entran no mundo laboral desde o castelán poden contactar co galego na medida en que se relacionan con outros grupos de idade, outras clases sociais ou xente doutros hábitats[60].

> De aí que, mentres as xeracións máis vellas foron influídas claramente a favor do castelán (porque teñen o galego como lingua inicial e habitual preferente), as máis novas o fosen a favor das dúas linguas en medida semellante (xa que son os que en menor grao teñen o galego como lingua inicial e habitual) (MSG, 1995: 301).

Ó analiza-la lingua habitual dos que mudaron no traballo vese que é unha tendencia máis propia dos bilingües ca dos monolingües. Estes adoitan cambiar "pouco" de lingua no

[60] Non obstante, un novo estudo que realizou o equipo de investigación do Seminario de Sociolingüística da RAG sobre as actitudes na mocidade, conclúe que o cambio de lingua habitual está mal considerado, sobre todo cando este é do castelán ó galego:

> […] os individuos que cambiaron de lingua cara ó castelán adoitan ser avaliados con indulxencia, xa que se interpreta que a súa conducta é froito da ignorancia. Pola contra, os individuos que cambiaron cara ó galego son avaliados con dureza e intransixencia, entendendo que a súa é unha conducta ridícula, pretensiosa e froito dunha ideoloxía nacionalista." (González González, 2003:100)

traballo (os falantes de castelán que cambian ó galego supoñen un 2,3% e os galegofalantes que cambian ó castelán, un 5,3%), mentres que os bilingües cambiaron máis cara á lingua na que menos falaban, é dicir, os de "máis galego" cambiaron nun 62,7 % para o castelán e os que afirman que teñen como lingua habitual "máis castelán" cambiaron nun 53,2% cara ó galego. Na comparación deste parámetro con respecto á lingua inicial vese que a maioría dos que cambiaron a lingua no traballo, ben cara ó galego, ben cara ó castelán tiveran como lingua inicial a contraria, máis concretamente, o 70,8% dos que cambiaron a súa lingua no traballo cara ó galego tiveran o castelán como lingua inicial, e dos que cambiaron cara ó castelán, un 73,8% tiveran o galego como lingua materna.

Concretamente en Santiago, segundo o resultado da mostra que escolleu o MSG, emprégase máis o galego no traballo por parte dos profesionais cualificados, máis incluso do que fan habitualmente noutros ámbitos de interacción (polo xeral estes profesionais pertencen á clase media ou media-alta e teñen tradicionalmente como lingua habitual de xeito predominante o castelán). Dentro dos traballadores composteláns que recoñeceron que os usos dentro do mundo laboral condicionaron a súa lingua habitual (o 21%), o 54,8% sinala que ese condicionamento foi favorable ó galego, deixando entrever que o ámbito laboral favorece moi levemente a galeguización dalgúns traballadores[61]:

A lingua cara á que modifican a lingua habitual varía segundo de que grupo se trate, aínda que o sentido do condicionamento pesa algo máis cara ó castelán que cara ó galego, sobre todo nas profesións relacionadas coa empresa privada. No MSG estudaron o sentido do condicionamento nas seguintes profesións: autónomos; directivos, técnicos e administrativos; obreiros de empresa; persoal do sector servizos; altos cargos, técnicos e administrativos da administración autonómica e profesores[62] (Gráfico 36). Aínda que estes dous últimos grupos non forman parte da presente investigación, incluíronse para servir de contraste, de feito, vese como son os profesores, xunto cos directivos, técnicos e

[61] "A interpretación das diferencias entre o conxunto de Galicia e Santiago vén dada por dous aspectos: por unha banda, as redes de relacións sociais que se establecen nas cidades son máis heteroxéneas que no rural (que ten un forte peso no conxunto de Galicia), o que favorece a existencia de intercambios lingüísticos nas dúas linguas e pode propiciar o cambio lingüístico. Un segundo factor explicativo pode vir dado pola percepción de posibilidades reais de mobilidade social na incorporación dunha lingua diferente á habitual. Dado que o MSG non sonda este aspecto do cambio lingüístico por sectores, tan só podemos manexar estas explicacións como hipóteses, sendo imposíbel a comparación entre Santiago e outras cidades galegas" (Cidadanía, 2002: 62).

[62] Do 54,9% dos suxeitos que afirma que non falou sempre a mesma lingua, o 9,2% (58 casos) recoñece que o cambio de lingua foi motivado polo traballo.

administrativos de empresas os que máis cambian cara ó galego a súa lingua habitual. En xeral, do 54,9 % dos suxeitos que afirma que non falou sempre a mesma lingua, o 9,2% (58 casos) recoñece que o cambio de lingua foi motivado polo traballo.

Gráfico 36: Sentido do condicionamento da lingua habitual segundo a lingua do traballo



Fonte: elaboración propia con datos de Cidadanía

No estudo de Cidadanía (2002: 64) afírmase que posiblemente a magnitude da influencia da lingua do traballo na lingua habitual fose maior do que os suxeitos están dispostos a recoñecer. Por este motivo analizaron cales repostas deron os profesionais como razóns dos seus cambios lingüísticos nas entrevistas do MSG. As máis marcadas foron as referidas á adaptación ó medio, a propia vontade e a influencia do ensino. A resposta menos riscada foi a que acusaba a baixa consideración social do galego como causa do cambio, que só a marcaron un 4,8% do grupo que engloba a directivos, técnicos e administrativos de empresas un 3,1% do sector servizos e un 10,8% do profesorado.

Xa para rematar, cómpre citar que as empresas son, despois do goberno central, as institucións ás que os entrevistados para o MSG lles atribúen menor responsabilidade na normalización do galego, que fan recaer principalmente na Xunta. De tódolos xeitos acadan un 3,5 (nunha escala que vai entre 1: nada e 5: moita), o que mostra que a sociedade lles ve entre “algo” e “bastante” responsabilidade, pero non se debe notar tanto como para presionalas a cambia-la súa postura cara á lingua:

Gráfico 37: Grao de responsabilidade que atribúen os cidadáns a distintos ámbitos da sociedade na normalización do galego en Santiago[63]



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 458-459

Por grupo profesionais, son precisamente os propios empresarios os que en maior medida eluden a responsabilidade das empresas no tema da normalización (fronte a un 30% que afirma que as empresas teñen "pouca" ou "ningunha" responsabilidade, e a outro 30% que pensa que teñen "algunha", hai un 40% que considera que teñen moita). Aínda que "moita" é a resposta máis marcada, igual ca en tódolos demais grupos profesionais exceptuando os corpos de seguridade, o 60% non ve as empresas como elemento galeguizador, posto que non houbo ningún empresario que sinalara "bastante"[64] (Cidadanía, 2002:65).

Pódese comparar no gráfico que segue cal é a postura sobre este tema por parte dos entrevistados de Santiago en relación coas outras dúas cidades estudadas no MSG e mais co conxunto de Galicia. Preséntase o grao de responsabilidade atribuído ás empresas ó lado do atribuído á Xunta, que é o considerado máximo responsable.

[63] Os valores das medias son: 1 (nada); 2 (pouca); 3 (algo); 4 (bastante) e 5 (moita).
[64] Os profesores e os profesionais liberais foron os que lle atribuíron en maior número "moita" ou "bastante" responsabilidade ás empresas (nun 70%).

Gráfico 38: Grao de responsabilidade que atribúen ás empresas e á Xunta na normalización do galego en Galicia e cidades



Fonte: elaboración con datos do MSG, 1996: 458-471

Aínda que está a certa distancia a responsabilidade atribuída á empresa da que lle confire ó goberno autónomo en tódalas cidades, Santiago é a urbe que lles outorga un grao maior de responsabilidade ás dúas entidades.

3.2.2 AS ACTITUDES LINGÜÍSTICAS EN SANTIAGO

Segundo o estudo que se fixo para o MSG (1996), os cidadáns composteláns presentan actitudes positivas cara ó galego, mesmo superiores á media do conxunto de Galicia. Nunha escala desde 1 ata 5, de menos a máis favorable[65], Santiago –cun 3,79– presenta a actitude máis favorable do conxunto dos sectores analizados da comunidade[66], que no seu conxunto foi valorada nun 3,60 (destacando no propio MSG a "notoria e xeneralizada favorabilidade das actitudes cara ó galego (MSG, 1996: 555).

As variables que presentan relación coas actitudes son tanto lingüísticas (fundamentalmente a lingua habitual e competencia) como sociais (sobre todo a idade). Así, os galegofalantes teñen mellores actitudes cara á súa lingua cós que non o son, e o

[65] Extraeron estes resultados a partir das preguntas que teñen os números 71, 74, 75, 80, 81, 108, 113 e 120 para sabe-la valoración sobre o galego, as variables ofrecidas estaban marcadas cunha escala entre 1 (actitudes menos favorables) e 5 (actitudes máis favorables), co 3 marcábase "indiferente". Na entrevista, as preguntas 69, 70, 72, 90 e 91 comparaban o galego co castelán e a escala tamén estaba entre 1 e 5, sendo 3 a opción que indicaba "igual de axeitado".

grupo de idade entre 16 e 25 anos tamén é, en xeral, o que mellores actitudes presenta. Na consabida escala de 1 a 5, no conxunto de Galicia os menores de 25 anos galegofalantes acadan unha puntuación de 4,09, mentres que os castelanfalantes quedan no 3,24. O mesmo grupo de idade en Santiago supera esta media, obtendo os primeiros un 4,38 e os segundos un 3,33, coa salvidade de que esta puntuación neste caso concreto de castelanfalantes composteláns non é a máis alta, senón que a supera levemente o grupo de idade seguinte cun 3,43 (MSG, 1996: 68-79).

Por outro lado, a competencia nas destrezas básicas (lectura e escritura) ten relación directa coas actitudes, pois canto mellores son aquelas, mellores son estas. De tódolos xeitos quedan fóra desta regra os maiores de 65 anos, posto que entre aqueles que declaran "moita" capacidade para escribi-lo galego existen peores actitudes cós que se consideran só "bastante competentes". En xeral, as actitudes máis baixas danse entre aqueles que non teñen ningunha capacidade para escribi-lo galego nos grupos de idades extremos (os máis novos e máis vellos) (MSG, 1996: 70, 71).

A idade é unha variable que –en xeral e por si soa– se relaciona de xeito inverso coas actitudes: a menor idade mellores actitudes cara á lingua e viceversa. Santiago mantense nesta liña:

Gráfico 39: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo idade



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 82

[66] Contrasta coa valoración do resto dos sectores: A Coruña ou Pontevedra cun 3,47; a zona vilega de Lugo (Lugo-2) cun 3,53; ou zonas rurais de Lugo (Lugo-5) e Ourense (Ourense-4) cun 3,59 e 3,55 respectivamente (MSG, 1996: 80-93)

Vese que as mellores actitudes preséntaas a xente nova, concretamente, aqueles que tiñan no momento das entrevistas entre 26 e 40 anos, seguidos polo sector de idade entre 16 e 25. Esta correlación dáse en Santiago e coincide co que ocorre no resto de Galicia; en cambio, nas cidades da Coruña e de Pontevedra quen presenta as mellores actitudes son os menores de 25 anos.

Con todo, nun estudo máis recente realizado polo Seminario de Sociolingüística da RAG (González González, 2003) demóstrase que as actitudes da mocidade galega en xeral non son tan positivas como se deduce do gráfico anterior (tal e como se comprobará ó longo deste traballo ó facer referencia a aspectos máis concretos de análise) e ademais varían segundo a súa lingua habitual[67].

O resto das variables sociais (sexo, clase social, nivel de estudos e profesión) tamén teñen relación coas actitudes, aínda que en menor medida cás que se acaban de comentar. De tódolos xeitos, dada a relación directa que presentan con esta investigación, cómpre deterse nos parámetros extraídos delas.

O sexo parece determina-la actitude tanto no conxunto da comunidade, como en tódolos sectores analizados, posto que os homes se mostran máis favorables cara ó galego cás mulleres, que presentan valores por baixo da media. Esta uniformidade non se dá no tocante ás clases sociais, posto que hai diferenzas segundo os diferentes sectores analizados, sen estaren en ningún deles a moita distancia uns dos outros. En Santiago os máis favorables ó galego son as xentes da clase baixa, e os menos os da clase media-baixa:

[67] Por outro lado, a lingua habitual dos informantes parece condiciona-las actitudes xerais sobre os temas tratados na entrevista, organizándoas nun *contínuum* que varía desde as actitudes negativas, propias dos castelanfalantes urbanos ou vilegos, ata as moi positivas nos neofalantes urbanos do galego (González González, 2003: 101).

Gráfico 40: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo clase social



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 82

En certo sentido, isto ten razón de ser, posto que se as actitudes están en relación coa lingua habitual, e esta coa clase social, sendo as persoas da clase baixa maioritariamente galegofalantes, estes son os que presentan mellores actitudes. De tódolos xeitos, non se repiten estes valores no conxunto de Galicia nin nas cidades da Coruña e Pontevedra onde, xusto ó contrario, as actitudes máis favorables preséntanas as clases media-baixa e media, que en Santiago son as menos favorables. Pola contra, destaca que en tódolos sectores, a clase media-alta sexa a máis reticente cara ó galego, mentres que en Santiago ten a segunda mellor puntuación:

Gráfico 41: Media de actitude lingüística xeral segundo a clase social en Galicia e cidades



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 80-82, 86

Cómpre deterse, por resultar interesante para o obxecto desta investigación, nas actitudes que presentan os entrevistados segundo a súa profesión e o seu nivel de estudos. Escolléronse aquelas profesións máis relacionadas co ámbito empresarial, os denominados no mapa como empresarios, traballadores de empresas, obreiros, persoal subalterno e administrativos. Tamén se fixo caso dos titulados superiores ou medios, posibles traballadores de empresas exercendo normalmente o cargo de técnicos. Incluíuse tamén como variable que servise como contraste o "persoal economicamente inactivo" (grupo dispar onde poden caber desde parados de calquera profesión ata os xubilados) e que presenta as actitudes máis elevadas de cara á lingua:

Gráfico 42: Actitudes segundo profesión en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 82

Aínda que as mellores actitudes corresponden ós mariñeiros, estes teñen moi pouco peso no concello. Deixando tamén fóra o persoal economicamente inactivo e os estudantes (que non son obxectivo central desta investigación), serían obreiros, labregos, profesionais liberais e persoal de servizos os que presentarían mellores actitudes cara á lingua. Os

empresarios composteláns destacan por acadar unha puntuación moito máis alta ca no resto dos sectores (3,78), sobre todo se se compara cos núcleos urbanos analizados no MSG (1996) que quedan por baixo da media galega (3,5). As cidades de Pontevedra (con 3,25) e da Coruña (3,47), xunto coas dúas vilas máis poboadas da provincia de Lugo (Lugo 2) que acadou un 3,39 son os puntos onde os empresarios mostraron peores actitudes cara ó galego. No rural das provincias de Lugo e Ourense melloran un pouco (superan o 3,5) pero en ningún caso acadan a postura dos santiagueses.

A relación entre a profesión e o nivel de estudos é máis estreita nuns casos ca noutros (un empresario pode non ter estudos ou ben ter unha carreira de grao superior, mentres que é difícil que un labrego teña unha titulación universitaria). Quizais sexa este motivo o que xustifique que no gráfico anterior os titulados superiores fosen os que peores actitudes mostrasen, mentres que ó medir este parámetro segundo o nivel de estudos fosen os máis receptivos cara ó galego, pero (cun 3,87) a pouca distancia do resto, sobre todo das titulacións máis baixas:

Gráfico 43: Actitudes lingüísticas en Santiago segundo nivel de estudos



Fonte: elaboración propia con datos do MSG[68] 1996: 82

Seguindo ós que teñen carreiras de grao superior (que segundo Cidadanía (2002: 44) se

[68] No MSG fixeron a clasificación de estudos en : ningún, primarios incompletos, primarios completos, FP, BUP), carreira grao medio, carreira grao superior e "outros". FP e BUP son as siglas que identifican ás obsoletas posibilidades do ensino secundario non obrigatorio. O MSG foi feito antes da posta en marcha da LOXSE, polo tanto aínda os entrevistados se formaron coas ensinanzas medias daquela existentes para a obtención de bacharelato (BUP) ou do título de Formación Profesional (FP).

debe interpretar "como unha maior conciencia de cara á defensa da lingua e unha maior desenvoltura nas competencias"), as mellores actitudes en Santiago preséntanas os que cursaron a antiga FP, similar ó que ocorre no conxunto de Galicia. O que tamén singulariza á cidade compostelá son as boas actitudes das persoas con estudos primarios incompletos, que no resto de Galicia presentan a media máis baixa. Os que se integran no apartado "outros" son os que peores actitudes mostran cara ó galego en Santiago, igual ca na Coruña, fronte a Pontevedra onde coincide que son xusto os máis favorables[69] (Cfr. Cidadanía, 2002: 44).

Ademais da actitude lingüística xeral, no MSG (1996) analizáronse as actitudes cara á utilidade, uso, transmisión e futuro da lingua. Tamén se mediu en que grao se entendía a lingua como sinal de identidade, así como os principais prexuízos presentes na poboación.

3.2.2.1 ACTITUDE CARA Á UTILIDADE, O USO, A TRANSMISIÓN E O FUTURO DA LINGUA

Preto dun 60% dos entrevistados de toda Galicia estima que son igual de útiles o galego e o castelán, crenza que se afianza en Santiago onde se supera esa cifra, como se ve no gráfico:

Gráfico 44: Actitude cara á utilidade do castelán en Santiago



Fonte: MSG, 1996: 164[70]

[69] Igual ca en Santiago, no conxunto de Galicia e na Coruña os que teñen "outros estudos" son os que mostran as peores actitudes cara ó galego; en Pontevedra este posto ocúpano os titulados de grao medio coa mesma puntuación ca na Coruña.

[70] A pregunta do MSG que sonda este aspecto é a núm. 96: Cre que o castelán serve para máis, menos ou o mesmo có galego?

Destaca Santiago novamente, dentro dos núcleos urbanos analizados, por se-lo sector que lle atribúe de xeito máis elevado a mesma utilidade ó galego có castelán. Pola contra, esta cuestión ten uns resultados diferentes na cidade da Coruña, e sobre todo na de Pontevedra (MSG, 1996: 162-165), pois reflíctese unha maior utilidade para o castelán. O dato común a tódalas cidades é que a consideración do galego como igual de útil có castelán aumenta progresivamente conforme descende a idade da poboación. Cidadanía xustifica así as causas:

> Esta diferencia pode explicarse polo prestixio que perciben os rapaces de Santiago nos novos usos do galego (lingua das institucións, de certas profesións liberais, da cultura). Os grupos de maior idade, socializados no uso diglósico das dúas linguas, son menos conscientes da conquista por parte do galego de ámbitos socialmente prestixiados, polo que valoran en menor medida a súa utilidade. O peso na cidade de determinadas institucións asociadas á lingua, a existencia dun ambiente social favorábel ao galego (asociacións a prol da lingua, etc.), así como o maior uso do galego en comparación con outros ámbitos urbanos poden explicar a mellor valoración do galego por parte dos rapaces de Santiago (Cidadanía: 2002: 47).

Tamén volve ser Santiago a cidade –das tres analizadas no MSG e do conxunto de Galicia– que mellores actitudes presenta cara á aprendizaxe do galego no ámbito familiar. Para medi-lo grao de concienciación existente acerca da responsabilidade familiar no tema da normalización lingüística, no mapa preguntouse sobre qué lingua se lles debe aprender ós nenos na casa, dado que o ámbito familiar é clave para a transmisión da lingua. A maioría dos galegos (72%) cre que deben aprender na casa as dúas linguas, variable pola que se inclinan principalmente aqueles entrevistados de ámbito urbano e de clase media-alta apoiándose na súa utilidade[71]. No Gráfico 45, vese que Santiago, cun 21,9% a favor da transmisión do galego na casa, está bastante por riba das outras cidades:

[71] É xeneralizado o rexeitamento de que os pais galegofalantes se dirixan á súa descendencia en castelán. Estas actitudes, sempre positivas para o galego, melloran canto menor é a idade e máis elevados son a clase social e o nivel de estudos, así como a medida que aumenta a competencia lingüística en galego e a súa presenza como lingua inicial e/ou habitual. (MSG, 1996: 191-196).

Gráfico 45: Lingua que se lles debe aprender ós nenos na casa



Fonte: elaboración con datos do MSG, 1996: 183, 189

No entanto, se se compara co gráfico relativo á responsabilidade dos pais no tema da normalización (vid. Gráfico 37), destaca que os entrevistados lles daban ós pais pouca responsabilidade neste aspecto (despois da Xunta, concello e intelectuais).

Todo isto está en relación directa co futuro que lle ven á lingua. Así, máis da metade da poboación pensa que o galego será a lingua predominante, aínda que non cren que chegue a converterse na única falada na Comunidade. Pola súa banda, os menores de 25 anos son os máis escépticos ante o futuro do galego, ó seren o único grupo que en maior medida marcou a opción "máis castelán". Segundo ó hábitat, os informantes de Pontevedra e A Coruña son os que teñen menos esperanzas no futuro do galego.

De tódolos xeitos, débese ter presente os resultados do estudo sobre as actitudes na mocidade (González González, 2003), onde, a partir de entrevistas en profundidade e de grupos de discusión, se constatou que –en xeral– a xente nova non sente que o galego teña rendemento social fóra do grupo de referencia ou de círculos universitarios, da administración ou dalgunhas esferas da docencia. Así, o emprego do galego na mocidade cumpre unha función comunicativa e integrativa entre os galegofalantes do rural e simbólica entre os neofalantes urbanos. Deste xeito, o risco de cambio de lingua entre os galegofalantes do rural ó apartárense do seu grupo de referencia é moi alto.

3.2.2.2 LINGUA E IDENTIDADE

No MSG (1996), mediuse a relación entre a lingua como sinal de identidade a través das dúas preguntas. En relación á primeira "Cal cre que é a lingua dos galegos?" o 58,4% sinalou a lingua autóctona como propia, fronte ó 39,9% que marcou "as dúas" e o 1,8% que se inclinou polo castelán como a lingua dos galegos. En Santiago, igual ca en Pontevedra e nas zonas rurais e vilas de Lugo inclináronse polo galego maioritariamente, mentres na Coruña e na zona rural de Ourense consideran que a lingua dos galegos son as dúas. En realidade, canto máis urbano é o hábitat de residencia menor tendencia hai a identifica-lo galego como a única lingua dos galegos, aínda que Santiago e Pontevedra constitúan unha excepción, sobre todo debido ó peso da poboación residente no periurbano, especialmente na cidade que ocupa este estudo, onde un 66,6% de residentes no periurbano consideran o galego como a única lingua dos galegos, mentres no urbano constitúen o 56,8% (MSG, 1996: 347).

A segunda medía a importancia que lle concedían a falar galego en relación coa identidade. Só un 16,3% opinou que o trazo que máis contribúe a ser galego era "falar galego", fronte á maioría da poboación galega (62,3%) que, sen distinción de grupos sociais e lingüísticos, considera que é máis galego quen naceu en Galicia, seguido dun (21,4%) que indicou a opción "traballar aquí". O grupo de idade entre 16 e 25 anos é o que mostrou unha maior favorabilidade cara ó galego, igual cás persoas de clase social máis alta e as profesións que requiren máis estudos. En realidade, son estes os grupos sociais que máis asocian falar galego como marca de identidade, sendo os que en menor medida empregan a lingua.

En Santiago o 20% relacionou lingua e identidade, superando a media galega e a bastante distancia das cidades da Coruña e Pontevedra, que non chegan ó 15%. Os máis novos[72] (entre 16-25 anos) foron, coma sempre, os que se mostraron máis favorables:

[72] E tamén os que teñen estudos secundarios. Na mesma liña, unha gran maioría da poboación (76,8%) considerou que se se deixase de falar galego, a cultura e identidade de Galicia perderíanse, actitude máis consolidada tamén canto menor é a idade dos entrevistados.

Gráfico 46: Consideración de que falar galego é marca de identidade ("É máis galego quen fala galego")



Fonte: elaboración propia con datos do MSG,1996: 376-378, 382

Volve se-la poboación compostelá a que destaca pola mellor actitude en tódolos tramos de idade, pero é a poboación máis nova a que lle concede á lingua maior importancia á hora de establece-los trazos de identidade dos galegos. Para este sector de idade en Santiago, a lingua é o elemento principal de identificación, é –polo tanto– o grupo máis concienciado coa lingua e, ó mesmo tempo, o que menos uso fai dela dentro da cidade.

Pola contra, no referido estudo sobre as actitudes na mocidade (González González, 2003) conclúese, a partir das entrevistas en profundidade, que os elementos identitarios da condición de galego están definidos por elementos subxectivos, polo que a lingua non é un elemento consensuado na configuración da identidade. Nesta opinión inflúe a lingua habitual dos entrevistados, sendo os galegofalantes os que cren en maior medida que é máis galego quen fala galego. Nos grupos de discusión recóllese un discurso social onde a lingua galega se entende como un elemento característico da nosa cultura; pero só os galegofalantes e neofalantes asocian esta idea cos usos individuais, feito que nos castelanfalantes non se dá, polo que, entre estes, tal vinculación non implica maior uso do galego.

3.2.2.3 ATRIBUCIÓN DA IMPORTANCIA Ó TEMA DA LINGUA E EVOLUCIÓN DO APRECIO POLO GALEGO

A importancia que os entrevistados lle dan ó tema da lingua variou moito entre os sectores, destacando Santiago, cun 62,2% que o considerou "bastante ou moi importante". Os máis preocupados son os máis novos, menos indiferentes cá xente maior, que declara que o tema é só "importante", opción pola que se tamén se decantaron –en maior ou menor medida– tódolos grupos profesionais máis relacionados coa empresa no conxunto de Galicia (Gráfico 47) mentres que en Santiago lle daban moita máis importancia (Gráfico 48).

Gráfico 47: Importancia do tema da lingua segundo profesión en Galicia



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 499

En Santiago, destacan os titulados e o persoal de servizos, seguidos polos obreiros e empresarios como os que consideran o tema como "máis importante", fronte ós labregos, que marcaron esta opción en terceiro lugar. En relación con isto, apréciase que as persoas con máis formación académica e de clase media-alta, en xeral son os que lle dan máis importancia ó tema da lingua.

Gráfico 48: Importancia do tema da lingua segundo profesión en Santiago



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 501

No tocante á evolución do aprecio polo galego nos últimos anos, para a maioría da poboación galega, ou ben aumentou (48,7%), ou ben se mantivo (48,2%). Posto isto en relación con outras variables, saen certas claves actitudinais: a xente máis nova é a que di en maior medida que aumentou o seu aprecio polo galego, igual que sucede coas clases máis altas. En tódalas profesións, salvo na dos labregos e nos profesionais liberais, tamén mellorou a consideración cara ó idioma da Comunidade. En Santiago mantense esta liña xeral, tal como pode verse no gráfico seguinte (Gráfico 49) onde se relaciona coas categorías profesionais, sendo os empresarios os que declararon en maior medida que aumentara o seu aprecio polo galego, seguidos moi de preto polo persoal de servizos e polos obreiros:

Gráfico 49: Evolución do aprecio polo galego en Santiago, segundo profesión



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 515

3.2.2.4 OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

Os prexuízos lingüísticos son, frecuentemente, "o resultado dunha categorización desvirtuada da realidade que produce valoracións previas ó coñecemento dos feitos" (MSG, 1996:404), isto pretendeuse medir de xeito cuantitativo no MSG. Centrarémonos nas dúas preguntas[73] das que se poden extrae-los resultados dos prexuízos lingüísticos relacionados co mundo empresarial.

A maioría da poboación non se mostrou favorable coas seguintes afirmacións: "A quen fala castelán débenselle dar máis posibilidades de ascender na súa profesión ca a quen fala galego" (núm.126), "Quen fala castelán cun forte acento galego ten menos posibilidades de ascender na súa profesión" (núm. 127). De tódolos xeitos, este último xuízo está máis presente na poboación có anterior, ó non darse un rexeitamento tan unánime da afirmación (MSG, 1996: 406).

Estes resultados positivos do MSG (1996) son os que quizais queden de maneira máis clara rebatidos no estudo que o mesmo organismo fixo en 2003:

[73] Estas dúas preguntas, a 126 e 127, insertan dúas variables que forman parte do factor referido ó status social e medíronse cunha escala de 1 a 5, nas que o valor 1 representa a actitude menos favorable ó galego, e a 5 a máis favorable.

> Un dos resultados máis salientables da medición indirecta das actitudes cara ás diferentes variedades lingüísticas foi a constatación da vitalidade de prexuízos tradicionais que se consideraban superados, e que reaparecen proxectados nalgúns trazos propios da fonética galega (González González, 2003:185).

Así, o galego –fronte ó castelán, lingua percibida como "normal"– marca os seus falantes, segundo a variedade que se use, como brutos ou pailáns (se emprega unha fonética con acento "moi galego") ou como ligado á ideoloxía nacionalista (se pola contra a súa fonética está máis próxima ó castelán).

3.2.2.5 ACTITUDES NO ÁMBITO DA EMPRESA

Coa finalidade de facer unha aproximación ás actitudes cara ó galego dentro da empresa, escolleuse a opinión dos actores implicados directamente nela que poden extraerse dos datos do MSG sobre cuestións actitudinais xenéricas. Ademais dos empresarios e obreiros, analizáronse os datos dos titulados superiores ou medios (posibles traballadores das empresas) como un indicador máis que servise de contraste.

En canto á utilidade da lingua, mantense máis ou menos na mesma liña có conxunto da poboación, ó consideraren os tres sectores analizados maioritariamente en igualdade o galego e o castelán (máis do 50%), sobre todo os obreiros:

Gráfico 50: Utilidade comparada de castelán e galego (o castelán serve para...)



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996

A metade restante inclínase, en tódolos grupos profesionais, por considerar máis útil o castelán có galego, en especial os titulados. Este grupo tamén é o que maior aposta fai polo bilingüismo á hora de contestar á pregunta: *que lingua deben fala-los galegos?* (maioritariamente marcaron "as dúas" todos eles):

Táboa 20: Lingua que deben fala-los galegos

LINGUA	*Castelán*	*As dúas*	*Galego*
Empresarios	2,9%	59,8%	37,3%
Titulados	3,3%	70,7%	26,0%
Obreiros	1,6%	54,4%	44,0%

En relación á percepción do uso que teñen do galego, coinciden maioritariamente os tres grupos en que se fala máis, pero a idea está máis acentuada nos empresarios e menos nos obreiros:

Táboa 21: Percepción do uso actual do galego respecto a hai dez anos

PERCEPCIÓN	*Fálase menos*	*Fálase igual*	*Fálase máis*
Empresarios	7,7%	10,6%	81,8%
Titulados	7,6%	12,8%	79,6%
Obreiros	14,1%	10%	75,9%

Tamén coinciden tódolos grupos indicados na súa postura ante a ausencia da converxencia lingüística, mostrándose principalmente indiferentes tanto cando é cara ó castelán coma cando é cara ó galego.

Gráfico 51: Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística cara ó galego en Galicia (se se dirixe a alguén en galego e lle contesta en castelán)



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 274

Con todo, a nivel xeral, interprétase como menos correcto e de peor educación non converxer cara ó castelán. :

Gráfico 52: Actitude ante a ausencia de converxencia lingüística cara ó castelán. Galicia (se se dirixe a alguén en castelán e lle contesta en galego)



Fonte: elaboración propia con datos do MSG, 1996: 279

3.2.3 CONCLUSIÓNS

Santiago de Compostela destaca por ser unha urbe onde a presenza do galego é maior ca noutras, pois, dentro do ámbito urbano no que se inscribe, é na que máis galego se fala, lingua que, pese a isto, ten reducida a súa presenza a un 61% da poboación que a fala só ou preferentemente, cifra que se reduce en case dez puntos se se analiza o núcleo máis urbano do concello. Con estes datos convértese na cidade máis galeguizada en relación ao nivel do uso entre os seus habitantes ou nos distintos ámbitos cotiás. Quizais estes resultados teñan que ver coa presenza na cidade da sede da administración autonómica, dunha Universidade onde o galego ten peso de seu, e dun concello que conta desde principios dos anos noventa cun departamento dedicado a actividades galeguizadoras.

Pese a ese uso destacado do galego fronte ás outras cidades, e pese a que existen ámbitos (como o institucional e o cultural) onde se incrementou o uso, a súa presenza vai en retroceso nos últimos tempos, seguindo a tendencia xeral de toda a comunidade.

Pola súa banda, Santiago é o sector que presenta a media actitudinal xeral máis alta do conxunto da comunidade, onde as actitudes cara ó galego son máis positivas, sempre por riba do resto das cidades analizadas e mesmo superando a media do conxunto de Galicia.

Segundo o estudo cuantitativo da RAG, a xente moza[74], aínda que –como se viu nas epígrafes referidas ós usos– está moi castelanizada, mostra actitudes favorables cara á lingua e ademais resalta como a máis concienciada de toda Galicia. Por exemplo, é a mocidade compostelá a que pon a lingua como primeiro elemento de identidade dos galegos, e é a que en maior medida lle ve a mesma utilidade ó galego có castelán.

En Compostela é, dentro do conxunto da comunidade, onde os titulados mostran mellores actitudes cara á lingua; e tamén onde as persoas sen formación académica se mostran máis favorables. Destaca tamén que sexa a cidade onde a mellor consideración do galego a teñan as persoas de clase baixa, e media-alta, xustamente as que no resto dos sectores mostran as peores actitudes. Tamén destacan os empresarios composteláns por acadar unha puntuación máis elevada ca no resto dos sectores.

3.3 O TRABALLO EN PROL DA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO ÁMBITO EMPRESARIAL NO CONCELLO DE SANTIAGO

O concello de Santiago conta cun Departamento de Lingua Galega desde principios da década dos noventa[75]. Dentro da oferta de servizos lingüísticos a cidadáns e entidades asociativas ou empresariais están a información e asesoramento (resolución de dúbidas, corrección e tradución); a formación (tódolos anos se dan cursos de iniciación e perfeccionamento en dúas quendas de primavera e verán); as subvencións (desde o ano 2000 existen dúas convocatorias anuais para proxectos promovidos por empresas privadas[76] ou entidades sen fins de lucro) e a xestión de proxectos de dinamización

[74] Recórdese que no último estudo do Seminario de Sociolingüística sobre as actitudes na mocidade non se diferenciaron sectores segundo o hábitat, polo que non se poden achegar datos que se poidan comparar exactamente cos que existen cuantitativos para o concello. Con todo, o discurso social que corre entre a mocidade ó respecto do galego, que –como se viu– reflicte a existencia de prexuízos e estereotipos asociados á lingua vernácula, seguramente non sexa alleo á mocidade compostelá.

[75] O concello de Santiago, mediante un decreto, creou en 1984 un servizo lingüístico e destinou a un auxiliar administrativo para encargarse del, posto que a finais dos anos oitenta desenvolveu un especialista en lingua (No ano 1988 aprobouse o Regulamento de uso, onde se fala do Servizo de Normalización Lingüística). Desde 1992 cubriuse a praza de lingüista de maneira estable, pasando a chamarse *Departamento de Lingua Galega* en 1997. (Información facilitada por S. García Conde, técnica do servizo desde 1992).

[76] Á primeira convocatoria presentáronse 44 empresas.

lingüística. Estes foron os que tiveron maior peso no labor do departamento desde finais dos anos noventa[77].

En colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística (A Mesa), puxo en 1997 en marcha a campaña *Rebaixas* dirixida ó comercio. Baixo o lema *En Galicia falamos galego*, outra destinada ó sector da hostalaría[78]. Foi tamén no sector da hostalaría-restauración, un dos máis numerosos do concello, onde se desenvolveu un proxecto de intervención que tiña como obxectivo provocar cambios perceptibles no uso da lingua nas empresas do ramo. Partindo dun estudo-intervención[79] que fixo partícipes a tódolos actores implicados[80], deseñáronse as ferramentas e os soportes dunha campaña de dinamización asociada á mellora da calidade dos servizos: *Restaurantes de Compostela. Restaurantes en galego*. Coa creación da marca "Restaurantes de Compostela", que identifica os establecementos adheridos, púxose en marcha un proceso que levou consigo a elaboración dun programa de tradución das cartas ó galego, e unha campaña publicitaria para difundi-la marca e promociona-los integrantes.

No ano 2000 o Concello de Santiago xunto coa Cámara de Comercio crean o *Premio Manuel Beiras*, denominación coa que se pretende lembra-la figura do comerciante compostelán, destacado defensor da nosa cultura e da nosa lingua. Cómpre deterse na iniciativa, tanto por novidosa neste ámbito[81], como polo interesante que resulta para o diagnóstico da situación sociolingüística da empresa compostelá. Este galardón anual naceu co fin de outorgar recoñecemento público ó esforzo realizado polas empresas da cidade compostelá no proceso de normalización do uso do galego, sector que consideran de especial relevancia para este obxectivo.

[77] Algúns outros exemplos dentro destas actuacións encamiñadas a dinamizar o uso da lingua galega nas actividades cotiás da cidadanía insírense os obradoiros Mais alá de lingua e sociedade, o Correlingua e as Campañas informativas e de sensibilización.

[78] Foi unha campaña que tivo moi boa acollida, segundo os responsables (Portas, 2000: 247). Repartíronse postais que tiñan por un lado imaxes da cidade compostelá e pola outra un compendio de vocabulario básico en galego para facilitar a comunicación dos foráneos.

[79] A empresa Cidadanía foi a encargada de levalo adiante.

[80] Colaboraron no proxecto a Asociación de Empresarios de Hostalelería de Santiago, Compostela 2000, Incolsa, Escola Superior de Hostalería de Galicia, Escola de Hostalería de Lamas de Abade, Medios de Comunicación, Consellos Reguladores das denominacións de orixe e DXPL.

[81] Os premios proliferaron en eidos coma o literario nas últimas décadas, actuando como motores normalizadores. Noutros ámbitos destaca o *Premio Lois Peña Novo*, iniciativa da fundación do mesmo nome promovida desde o comité de persoal de Redondela. Con el pretenden recoñecer e premia-las iniciativas a prol da normalización lingüística no ámbito das administracións públicas.

Co premio, que posúe carácter de distinción pública (materializada nun elemento simbólico de carácter artístico) xa que non ten dotación económica, preténdese distinguir aquelas empresas que fagan un uso normalizado e continuado da lingua galega nas súas actividades comerciais e de comunicación, con sede social no municipio ou ben que realicen unha importante actividade nel. Existen tres categorías diferentes determinadas pola tipoloxía empresarial: industrias, comercios e servizos; así como tamén existe un recoñecemento para aquelas empresas que se incorporan ó uso do galego desde a convocatoria anterior.

Este premio é o símbolo dun cambio de rumbo que collen as actividades do concello a finais da década dos noventa, cando pasa a contar cun Concelleiro delegado de Normalización Lingüística e máis tarde cun Consello Municipal de Normalización Lingüística[82]. Segundo M. Portas (Portas, 2000: 244), este órgano viña a cumpri-la función de implica-la sociedade nas medidas normalizadoras propostas polo concello, filosofía que vai guia-la política lingüística dun concello, que polo feito de te-la capitalidade "ten unha obriga suplementar" coa galeguización[83].

Todo este traballo previo e a idea de deixar "de operar nunha galeguización formal interna para comezar a actuar na sociedade" (Portas, 2000: 247) derivou na aprobación do Plan de Normalización Lingüística do concello en abril de 2001, comezando inmediatamente os traballos de elaboración do mesmo e converténdoo en pioneiro dunha iniciativa deste tipo en Galicia[84].

Como medida previa ás propostas do Plan elaborouse un diagnóstico[85] que se realizou no concello, no que se destacaban as principais debilidades e fortalezas de cada ámbito. Para o sector económico sinaláronse as seguintes: por un lado, a falta de concienciación e interese pola lingua, polo que a normalización non é unha prioridade para eles; por outro lado, a existencia de prexuízos que levan á adaptación á lingua do cliente en prexuízo do galego como unha inercia xa consolidada. Pero tamén se destaca que os traballadores

[82] É un órgano colexiado de participación comunitaria para a consulta e seguimento da política lingüística desenvolvida no ámbito municipal (Existe nalgún outro concello:Vigo, que foi o primeiro en crealo, e Ferrol). Conta con representantes dos diferentes ámbitos, entre eles un do empresariado, proposto polo Consello Económico e Social Municipal.

[83] A idea tamén é "facer políticas activas e concretas" en colaboración co resto de institucións do concello.

[84] Este é o primeiro Plan de normalización aprobado en Galicia (o da Universidade de Santiago elaborouse un pouco antes pero aprobouse un pouco despois), converténdose Santiago no primeiro concello en posuílo, seguido de Ferrol. Con todo, a Comisión de Goberno deste último concello xa aprobara a proposta do SNL de elaborar un plan de normalización a finais de 1996 (vid. Bascoy Maceiras, 1999: 64).

composteláns empreguen maioritariamente o castelán, sobre todo nos contextos máis formais, así como a falta de ferramentas e de formación en galego. Detectouse como ameaza directa do ámbito empresarial a existencia dun mercado foráneo e a presenza do turismo, así como a escasa valoración do mundo da empresa como ámbito de responsabilidade normalizadora.

Pola súa banda, entre as fortalezas que se destacaron estaba a boa acollida das iniciativas que se puxeron a andar no sector, así como a presenza do galego en sectores relevantes con clientela galegofalante que demanda maior presenza da lingua nos servizos. Tamén destacan que entre os traballadores menos cualificados haxa unha identidade propia apoiada na utilización do galego no sector.

Trala análise referida, os autores do estudo centran as oportunidades que lle ven á nosa lingua no concello, por un lado, en estender novos usos para o galego, coma un atractivo turístico máis, referente de calidade e modernización, aproveitando que pasou a mellora-la súa imaxe entre un sector importante das capas altas da sociedade compostelá. Polo outro, estaría a xeración dunha certa identidade da cidade ligada á lingua.

3.3.1 O GALEGO NAS ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS COMPOSTELÁNS. AS COLABORACIÓNS DO CONCELLO

Desde os comezos do presente século, destaca o emprego do galego nalgunhas asociacións empresariais do concello compostelán, así como a súa aposta pola normalización do mesmo dentro das empresas asociadas. Nisto influíu, ademais das particulares características sociolingüísticas do concello compostelán comentadas arriba, o traballo realizado desde o concello.

Durante o ano 2001, o concello promoveu a sinatura de diversos convenios de colaboración con asociacións de empresarios da cidade para promove-lo idioma. Segundo Socorro García Conde, técnica do departamento de normalización do concello de Santiago:

> A primeira posibilidade de colaborar xurdiu en 2001 en paralelo con dúas das entidades, Compostela Monumental e ASUCA/Mercado de Abastos. No primeiro caso querían apoio para editar materiais comúns aos establecementos asociados para promocionalos conxuntamente, e querían facelo en

[85] Este aparece recollido nos seus puntos principais no *Estudio diagnóstico: situación da lingua galega no Concello de Santiago* elaborado ó longo do ano 2000 por Cidadanía (Cidadanía, 2002).

> galego; a colaboración dáballes máis recursos e permitíalles defender un funcionamento total en galego diante dos que non todos estaban tan de acordo (Entrevista inédita, xullo/2004).

Cada unha das entidades recibiu o apoio económico do concello por un millón de pesetas. As tendas da praza de abastos, que xa funcionaban en galego como colectivo, editaron un número considerable de soportes como elemento de promoción conxunta. En 2002 renovouse a colaboración pero, como Compostela Monumental (CM) estaba lanzando o *Centro Comercial Aberto*[86] (dentro do que tamén se incluía a praza de abastos), preferiron que os convenios das dúas entidades (CM e Mercado de Abastos) se refundisen nun. No texto do convenio a entidade comercial declara que entende o galego como a forma idónea de contribuír ó desenvolvemento socioeconómico do sector e á normalización do idioma. Neste caso o convenio recolle a realización dunha campaña de promoción do galego que axudase a procurar unha comunicación na lingua propia dos seus clientes. Para isto concretan unha serie de actividades como a distribución de dosieres divulgativos dirixidos ós comerciantes e ó público difundindo a imaxe corporativa do Centro; folletos explicativos dos dereitos e deberes lingüísticos e un receitario de produtos do mar para a clientela da praza de abastos.

Por proposta do concello solicitáronlle recursos á Xunta e puxeron en marcha un servizo lingüístico para apoia-lo funcionamento do Centro Comercial, o que deu como froito a contratación dunha persoa para axudar ós comercios que quixesen galeguizarse e para que se encargase da corrección de textos e deseño dalgunhas actividades. Malia a elaboración dun proxecto de traballo bastante ambicioso, os problemas internos en Compostela Monumental derivaron nun cambio de presidencia, cargo que pasou a ocupar unha persoa que semella estar menos sensibilizada coa normalización da lingua, de feito, o servizo lingüístico quedou disolto[87].

No texto dos convenios, as asociacións comprométense a realizar tódalas tarefas de xestión, deseño, produción, edición e distribución das accións recollidas, e o concello, pola

[86] O Centro Comercial Aberto é un proxecto que promoven conxuntamente as dúas entidades (Compostela Monumental e Mercado de Abastos) no ámbito do Casco Histórico compostelán.
[87] En 2003 só se renovou o convenio co Mercado para sacar a segunda colección de receitas, esta vez de carne.

súa banda, ademais de revisa-los materiais antes da súa publicación, acordou contribuír economicamente[88].

Desde o concello tamén se lle propuxo un convenio semellante á *Agrupación de Comerciantes de Santiago, ACOTES*, que asinou un acordo de colaboración nas accións de promoción do idioma que se realizasen dirixidas ao sector comercial agrupado na asociación. Asinado en 2001 e renovado ó ano seguinte, as accións concretas que se acordaran foron: a edición dun folleto corporativo, a edición de cartelería estándar e de rebaixas; a posta en liña e mantemento dun portal de ACOTES en Internet[89]; e unha campaña de difusión do uso da lingua nas relacións comerciais, concretada nun folleto explicativo dos dereitos e deberes lingüísticos dirixido a comerciantes e público[90].

No ano 2004, segundo a técnica do departamento de lingua do concello, non se renovou ningún dos convenios con ningunha das asociacións, no entanto, asegura que o comercio é un obxectivo importante, polo que seguen preparando campañas dirixidas a el.

3.3.2 A NORMALIZACIÓN DO GALEGO EN SANTIAGO DESDE O PUNTO DE VISTA DOS REPRESENTANTES DOS EMPRESARIOS

Para completa-la análise da situación sociolingüística compostelá, considerei pertinente investiga-la posición de cara ó galego e á súa implantación nas empresas de Santiago, a través das entrevistas ós presidentes de dúas das asociacións de empresarios da cidade: unha que, sen destacar pola súa preocupación pola lingua, asinou convenios de colaboración co concello: a citada *Agrupación de Comerciantes de Santiago* (ACOTÉS); e outra, que non tivo ningún trato co concello, e agrupa unha grande cantidade de socios que non son comerciantes: a *Asociación de empresarios do Polígono do Tambre*[91] (o único polígono industrial compostelán). Toda esta información será relevante tamén á hora de

[88] En 2001 o concello aportou un millón de pesetas para cada asociación e en 2002, dous millóns para o Centro Comercial Aberto, o que veu derivando na mesma contía de un millón para cada unha.
[89] En setembro de 2004 aínda existía tal portal que ten como lingua o galego. Nel preséntase a asociación como unha organización "xurdida de e para os pequenos comerciantes, que vén apoiando ós seus asociados dende a súa creación no ano 1987. Xorde da necesidade de que os comerciantes traballen en conxunto a prol dunha actividade moderna, especializada e profesional. ACOTES busca crear unha imaxe global do comercio de proximidade, para que o cliente perciba que as tendas do centro son un grupo unificado, nas que resulta cómodo mercar e nas que é tratado como alguén único e especial (http://www.comercioacotes.com).
[90] No concello non se dispón da información de tódalas actividades galeguizadoras de ACOTÉS.
[91] Esta asociación naceu en 1979, ten na actualidade arredor de 400 socios e Manuel Caeiro, quen respondeu á entrevista, foi sempre o seu presidente.

establecer un contraste cos resultados das entrevistas realizadas entre os empresarios composteláns, das que se dá conta na parte empírica do presente traballo.

Os dous entrevistados recoñeceron que tanto nas sedes das respectivas asociacións coma nas empresas que as integran, se empregaba máis o castelán có galego; lingua que senten como dominante na cidade. Con todo, M. Caeiro, representante dos empresarios do Tambre, aprecia unha distinción entre a lingua predominante entre o empresariado (castelán) e a clase traballadora (galego). Ademais recoñece que entre os empresarios da súa asociación hai galegofalantes que empregan habitualmente esta lingua nas reunións dos socios, aínda que predomina o castelán, única lingua para a documentación escrita.

Ningún dos dous representantes dos empresarios composteláns percibe que os usos lingüísticos de Compostela sexan diferentes ós do resto de cidades galegas, aínda que –segundo Emilio Fraga– vai en aumento o uso do castelán, dado o carácter máis cosmopolita que está collendo a cidade.

Tamén coincidiron ámbolos dous en verlle bastantes problemas a un posible aumento da lingua nas empresas, sobre todo pensando no sector turístico e naquelas empresas que exportan fóra da comunidade. Ademais rexeitan enerxicamente calquera tipo de imposición lingüística, e acaban facendo comparacións co caso catalán, situación que non desexan:

> E. Fraga: Tódolos extremos son malos e forzar é malo. En Cataluña triunfou [a lingua vernácula] porque se impuxo, porque detrás hai un movemento que aquí non é aceptado. Primeiro somos españois, e pensar que primeiro un é do seu pobo e logo español leva a ser extremistas e non se debe crear un debate na rúa que enfronte ós que falan galego cos que non o falan, porque así parece que non somos do mesmo pobo. Ademais a maioría da poboación non acepta que se aparte a un país pola súa lingua, senón andariamos mal (Entrevista inédita, 4/2004).
>
> M. Caeiro: Para min sería un atranco total, eu son moi drástico nisto. Creo que a nós, cando nos comunicamos co país catalán concretamente, se nos fai moi brusco que nos contesten en catalán e incluso que nos sigan falando en catalán. Inmediatamente eu creo que nos temos que adaptar a todo cidadán que veña de fóra. A quen estea en Santiago hai que falarlle en castelán e non falarlle en galego. O galego entorpecería, sería unha traba para o turismo. Hai quen cre que o que vén aquí tería obrigación de falar en galego, eu non creo que sexa así. Cando nós viaxamos polo estranxeiro é interesante falar en inglés ou en castelán, pero nós temos que falar en castelán porque é a nosa lingua e porque nos abre mellor as portas. A correspondencia en galego pecharíanos moitas portas (Entrevista inédita, 4/2004).

Aínda así, o presidente dos empresarios do Polígono do Tambre, recoñece que os prexuízos son os causantes do pouco uso do galego nas empresas:

> Creo que esto vén de anos atrás cando se entendía que falar galego era ser paleto. Isto foi cambiando, grazas a Deus, e creo que nos enorgullece. Eu, pese a que son pouco parlante de galego, sinto orgullo de falalo (Entrevista inédita a M. Caeiro, 4/2004).

e manifesta que a solución a isto é cuestión de tempo:

> Débese esperar a que a xuventude, que xa non foi criada neses prexuízos, tome as rendas e se galeguice todo. Non somos comparables co país catalán en falantes, non se fala aínda o que se debería. Co tempo xa se irá corrixindo, canto máis parlantes mellor, así se todos falásemos galego só empregariámo-lo castelán para saír fóra (idem).

Porén, tal e como se viu arriba, pon por diante a idea de que o galego limita o mercado, polo que non lle ve a mesma viabilidade comercial ca ó castelán. Con todo, acepta a posibilidade do bilingüismo na empresa no sentido de duplica-la documentación nos dous idiomas, pero considera que o custo económico, unido á falta de demanda, frean a súa introdución:

> Eu teño dúbida de que a xente faga unha análise da empresa segundo o idioma que fales ou lle escribes, polo menos nós non o detectamos. A xente entende perfectamente as dúas linguas. Eu estou encantado en falar en galego se alguén mo pide, teño menos práctica pero ningún problema. Desde logo o custo de introduci-lo galego é un freo, agora que co galego si se pode conseguir un maior achegamento, esta sería a vantaxe (ídem).

Este achegamento cara á clientela galegófona tamén é unha vantaxe que lle recoñece Emilio Fraga (Acotés) ó uso do galego nas empresas. O problema está para el na escaseza de galegófonos que se achegan ós comercios da cidade. Así entende que na actualidade o nivel lingüístico dos comerciantes de Santiago é o adecuado, e o uso que fan do galego é suficiente:

> Salvámonos bastante ben. Hai anos o comercio pequeno tentou adaptarse, preocupouse por aprende-lo mínimo que lle facía falta, acudiu ós cursos organizados pola Mesa, que fixo esforzos neste ámbito[92] (Entrevista inédita a E. Fraga, 4/2004).

Aínda que manifesta as deficiencias que presentan na escrita:

> Maioritariamente fanse os escritos en castelán porque hai moi pouca xente que o saiba escribir, pódeno falar sen problema, aínda que sexa "chapurreado" como se fala aquí, pero á hora de redactar unha carta é difícil que se faga en castelán (ídem).

Isto semella dificilmente solucionable, posto que a asistencia a cursos, nin a senten os asociados como necesaria ("Se se organizan cursos de galego non se xunta xente, en

[92] Pese a que se lle solicitou en varias ocasións esta información á Mesa, non se puido saber se foi certo que lle organizase tales cursos. Con todo parece raro que fose así, dado que non se ten noticias de que A Mesa levase adiante ese tipo de actividade.

cambio si acoden ós de informática ou de idiomas, porque os comerciantes saben que lles chega o galego que saben"); nin resulta viable para o pequeno comercio:

> Non lles é posible ós comerciantes deixa-los seus postos de traballo para ir ós cursos e non se lle pode esixir que deixen saí-los seus traballadores dúas horas para asistir a eles, se cadra ás grandes empresas élles máis fácil, pero no pequeno comercio é inviable (ídem).

Xustamente a falta de obrigación no tema lingüístico é o que cre que diferenza a Galicia doutras comunidades históricas, principalmente Cataluña, imposición que –como se viu arriba– considera negativa. Polo tanto posiciónanse no respecto pola opción lingüística de cadaquén, e onde calquera imposición por lei se entende coma unha extralimitación, xa que o empresario, e fundamentalmente o comerciante, debe "ser natural e emprega-la lingua que é usual na rúa":

> Na rúa fálase maioritariamente castelán. En Santiago, como en tódalas cidades grandes, non se utiliza demasiado o galego e non é porque a xente non fale galego senón que comeza a ser cosmopolita, ten moita xente de fóra e fálase máis castelán. O plantexamento non é falar galego ou castelán porque nos debemos ó público, ós nosos clientes, e temos que respecta-la lingua na que se comeza o diálogo (ídem).

Ademais recoñece que "na sociedade neste momento vibra o sentimento de que o que sempre fala galego pretende ser moi galeguista, é unha marca ideolóxica".

Tamén se lles preguntou pola viabilidade da creación dun SNL nas respectivas asociacións que se encargasen da normalización das empresas socias, na medida en que estas fosen requirindo os seus servizos. Os dous coinciden en manifesta-las súas dúbidas sobre a demanda das empresas respecto a este servizo. M. Caeiro –dentro da súa visión de futuro para o galego– víao viable só a longo prazo:

> Pensando a longo prazo si sería rendible, ten que selo porque hai que situa-lo idioma no seu sitio onde debe estar, e paréceme magnífico que houbese a necesidade dun SNL, mentres non a hai non é viable crear tal servizo (Entrevista inédita a M. Caeiro, 4/2004).

O presidente de Acotés non ve posible a creación de tal servizo na súa asociación pola falta de demanda, co cal entende que os poucos interesados nel deberían asumi-lo seu custo: "A normalización debe correr a cargo de cada empresa, ademais hai subvencións para gastos da galeguización". De tódolos xeitos, móstrase crítico E. Fraga co programa de axudas da DXPL, xa que "non van ó fin para o que se crean"[93], e co que denomina "manipulación da normalización lingüística" que agocha intereses de fondo por detrás:

[93] Pola contra M. Caeiro considera adecuadas as subvencións da DXPL, aínda que nunca as solicitaron porque nunca realizaron actividades en galego, feito que considera que se debe valorar para o futuro.

> Existe unha manipulación da normalización lingüística. Nos primeiro tempos, cando había que traducir un texto enviábaselle á Mesa, pero logo deixaron de realizar ese traballo porque había compañeiros que o facían e cobraban por el. Ese debe ser un servizo gratuíto que debían seguir ofrecendo, non me parece razoable pagar por el. Detrás da lingua hai moita manipulación, pero eu non teño porque forzar á xente a que use o galego, se o teño que facer administrativamente ben, pero nada máis, e fágoo por educación pero non por obriga (Entrevista inédita a M. Caeiro, 4/2004).

O representante da Asociación do Polígono do Tambre maniféstase máis receptivo cara a posibles avances do galego có titular de Acotés, mesmo di estar aberto a calquera proposta de galeguización que lles puidesen realizar desde o concello, aínda que non coñece o contido do seu Plan de Normalización Lingüística en canto ó ámbito empresarial[94]. Pola súa banda, E. Fraga considera, con respecto ós plans de normalización, tanto o Plan Xeral da Xunta coma o do Concello compostelán, que están ben no contido, pero manifesta dúbidas en canto ó seu desenvolvemento e ós seus resultados posto que, como calquera planificación, vai depender do orzamento que se lle asigne, de quen os dirixa en cada momento e dos resultados que, en realidade, se busquen.

[94] Asegura que desde o concello non lle notificaron nada, polo que non está informado de ningunha iniciativa.

CAPÍTULO 4

PARÁMETROS TEÓRICOS PARA A ANÁLISE EMPÍRICA

4.1 INTRODUCIÓN

Antes de proceder á análise empírica da situación lingüística no contexto da empresa compostelá, cómpre aclarar unha serie de parámetros baixo os que se realizou o estudo, dado que calquera investigación no ámbito da sociolingüística cómpre ir precedida do marco teórico que a substenta, así coma da metodoloxía con que se vai desenvolver. Moreno Fernández (1990: 211) asegura que o proceso pre-empírico require considera-lo encadeamento teoría-método-técnica. Desta maneira, semella indiscutible a necesidade de desenvolver este estudo sobre unhas bases teóricas e metodolóxicas, para así acada-lo coñecemento da realidade lingüística que se pretende investigar: a do contorno empresarial. No presente capítulo vanse presenta-los parámetros teóricos básicos empregados na análise empírica, deixando a explicación metodolóxica para o capítulo seguinte.

Na actualidade non se discute que a realización dunha análise sociolingüística implique ocuparse dos usos lingüísticos, é dicir, dos comportamentos lingüísticos[1]; aínda que non existe plena coincidencia na necesidade de analiza-la relación entre estes e a estrutura

[1] Tense insistido en que o obxecto clave da sociolingüística é o estudo dos usos:

> Ès a dir, que farem un pas decisiu en la direcció correta si decidim *explícitament*, una vegada per totes, que l'ús lingüístic és, en efecte, l'objecte propi de la sociolingüística. [...]. La sociolingüística estudia l'ús lingüístic –distint de la'estructura lingüística, objecte de la lingüística estricta. Fonamentalment, l'ús és el fet mateix que la llengua és efectivament usada (Aracil, 1982: 95).

social[2]. A importancia de estuda-los usos lingüísticos de forma dependente dos factores que os provocan, levou a que nalgúns casos se lles dese unha importancia central ás denominadas *actitudes lingüísticas*[3], tanto que pasaron a ser obxecto central, e nalgún caso exclusivo, de moitas investigacións.

A relación entre usos e actitudes leva ocupando bastantes páxinas das análises dunha materia interdisciplinar como é a sociolingüística, que se baseou nos parámetros de medida de actitudes desenvoltos na psicoloxía social, disciplina onde este concepto é un dos elementos centrais. De feito, desde esta rama difundiuse cara a tódalas ciencias sociais como elemento, nun principio imprescindible, para comprende-lo pensamento e a conduta humana. Pero empregouse o termo en moitas investigacións que se desenvolveron sobre actitudes entre os sociolingüistas que non seguían os principios teóricos nin metodolóxicos da psicoloxía social, o que derivou en que desde esta disciplina se acusase ós estudosos daqueloutra de realizaren investigacións "ateóricas", sen atenderen ó marco xeral que supón o construto actitudinal, para logo achegarse, dun xeito máis específico, ás actitudes lingüísticas[4]:

> Much language attitudes research (see Gardner, 1985 a, Baker, 1988) has tended to be atheorical and piecemeal in evolution. There is typically little or no referenced to attitude theory... (Baker, 1992: 8)

Os traballos sobre actitudes desde o século pasado desenvolvéronse seguindo dúas escolas diferentes: a mentalista e a condutista[5]. A primeira foi a máis seguida nos estudos sobre

[2] Autores coma Calvet parten da necesidade de estudar algo máis cós usos: "En realidade, existe todo un conxunto de actitudes, de sentimentos dos falantes fronte ás linguas, ás variedades de lingua, e a aqueles que as utilizan, que fan superflua a análise da lingua como un simple instrumento" (Calvet, 1998:43).

[3] Neste momento o termo "actitudes lingüísticas" ten o significado co que se empregou tradicionalmente na sociolingüística galega, que non coincide exactamente co concepto de "actitude" do cadro teórico que se vai usar para a análise desta investigación.

[4] Na revisión dos traballos sobre actitudes na nosa comunidade que se manexaron durante o proceso de elaboración da presente investigación, destaca que Lameiras e González xustifiquen a fonda análise teórica que realizan sobre o tema, para evitar esa "esterilidad teórica" que caracteriza as investigacións sobre actitudes e que desembocou nunha investigación sociolingüística, que os autores denominan "ateórica" (Lameiras e González, 1996: 179). De tódolos xeitos, débese recordar que a investigación de Guillermo Rojo do ano 1979 sobre actitudes lingüística entre o profesorado da antiga EXB non só resulta pioneiro por se-lo primeiro que se centra nas actitudes, senón que ademais ten en conta a teoría sobre actitudes da Psicoloxía social (Rojo, 1979: 7-13).

[5] As diferenzas básicas entre as dúas escolas están na xustificación dos comportamentos humanos: a condutista concibe as actitudes como condutas ou respostas puntuais a situacións sociais determinadas, polo que en situacións semellantes as condutas serán similares; mentres que a escola mentalista conta coa racionalidade do ser humano que almacena información que pode aplicar en situacións posteriores. Segundo a escola que se siga varía incluso a definición que se fai do termo actitude: "The concept "attitude" has been variously defined and characterized by almost every theorist or researcher who has concerned himself with

actitudes lingüísticas arredor do galego realizados ata o momento, de feito, algúns traballos mesmo presentan os seus principios básicos de xeito teórico, por exemplo os de Alonso Escontrela, 1992; Recalde, 1993; Lameiras Fernández, 1994; MSG, 1996; Iglesias Álvarez, 1999a; 1999b; 2002a; 2002b. A segunda parte da presente tese de doutoramento partiu coa intención de describi-los usos na empresa compostelá, pero tamén coa pretensión de busca-la súa xustificación, e isto parecía que obrigaba a introducirse no amplo mundo das actitudes lingüísticas, así como na esencia da súa teoría. Cumpría saber que eran, como se medían, e de que maneira exactamente podían repercutir no comportamento.

Na maioría das investigacións onde se analizaron actitudes, ben como obxecto central ou secundario, adoitan extraerse os datos seguindo o método máis tradicional, que é o da enquisa, e empregando para a súa medida diferentes escalas, sendo quizais a máis utilizada a tipo Likert[6]. Pero durante esta etapa pre-empírica de consulta de innumerable bibliografía, comprobouse, por un lado, os problemas que presentaba a análise cuantitativa para medir actitudes (observables só a través da palabra ou do comportamento), o que levou a que se buscase unha metodoloxía complementaria que puidese acurta-la distancia existente entre actitudes e comportamento (vid. Capítulo 5, epígrafe 5.1.1); por outro lado sentíase que a simple descrición das actitudes en termos de "negativas" ou "desfavorables" fronte a "positivas" ou "favorables" non acababa de enche-la explicación da diversidade de usos que se dan nunha situación de contacto lingüístico coma a que se vive na nosa comunidade. Máis ben, aínda no caso de que se desen detectado as actitudes correctamente, simplemente se estarían achegando algúns datos máis ós xa existentes, seguindo a liña dunha sociolingüística bastante descritiva. A necesidade de dar un paso máis adiante da descrición, que puidesen achegar claves cara a unha modificación da curva descendente nos usos do galego, levoume a entrar nos parámetros dunha sociolingüística "intervencionista"[7], denominación que empregan autores como H. Boyer para defini-la liña da escola catalano-occitana que se arreda da simple descrición, ó realizar unha

attitude studies. The various definitions very often reflect the differing theoretical or research interests of the particular studies from which they stem" (Agheyisi e Fishman, 1970: 137).

[6] Iglesias Álvarez, que fixo un percorrido analítico polos diferentes estudos sobre actitudes realizados sobre arredor do galego, asegura que é unha das escalas máis utilizadas (Iglesias Álvarez, 1999: 20). Trátase daquela que presenta afirmacións arredor dunha cuestión sobre as que hai que manifesta-lo grao de acordo ou desacordo. As posibilidades de resposta son do tipo "totalmente de acordo, bastante de acordo..." e chegan ata "totalmente en desacordo". Na enquisa empregada nesta investigación tamén se elaboraron unhas cuestións destinadas a medir actitudes ó xeito da escola norteamericana partindo dos modelos existentes.

sociolingüística da acción, activa, que non pretende ser neutra, senón que se centra en denunciar unha situación de conflito lingüístico:

> Ademais, esta forma de ver a realidade ten unha finalidade práctica: non só se trata de describir senón tamén de contribuír a advertir aos usuarios da lingua dominada dos perigos que ameazan a existencia mesma da súa lingua a fin de incitalos a parar o proceso da dominación. E isto independentemente das maneiras de facer e de sentir deses mesmos usuarios que poden moi ben ir (e que a miúdo van) no sentido dunha aceptación da situación: a sociolingüística periférica preconiza ante todo unha aproximación macrosociolingüística denunciando o carácter global e oculto da dominación (Boyer: 2002: 189).

Este xeito de facer sociolingüística opón certas escolas europeas (catalano-occitana e suíza) ás norteamericanas. No entanto, dentro daquelas existe unha diferenza de partida que é clave, pois mentres a catalano-occitana se adapta ó modelo diglósico para a análise dos fenómenos de contacto de linguas, a suíza segue un modelo que Boyer, nos seus *Eléments de sociolinguistique* (1991), denominou bilingüista[8]. Este autor comezou a mediados dos anos oitenta a elaboración da súa "sociolingüística do conflito" (Boyer, 1986) baseándose no principio de que a convivencia das linguas no territorio occitano, igual ca no catalán, obrigaba a falar de conflito lingüístico, denominación que acuñou Aracil xa no ano 1965[9] (Aracil, 1982: 24). Partindo deste principio, os cataláns e occitanos redefinen a noción de diglosia que aproveitaron do marco teórico dos norteamericanos, pese a teren uns obxectivos diferentes á hora de faceren sociolingüística:

> […] á noción de "diglosia" promovida por Fishman e Ferguson nos EE.UU. é totalmente revisada e revestida por un sentido máis conforme á súa primeira posta en circulación (debida ao helenista Psichari): o de coexistencia problemática de dúas linguas no seo da mesma sociedade e non dunha distribución estable e equilibrada das funcións das dúas linguas (Boyer, 2002: 189).

[7] Tamén denominada "sociolinguistique appliquée" (Boyer, 1997: 12)[7], ou sociolingüística "periférica" (ou dos investigadores nativos) (Boyer, 2002: 188).

[8] Desde a sociolingüística suíza, autores como Matthey e De Pietro acusaron o modelo conflitual coma o que propón Boyer de ser un exemplo de ideoloxía monolingüe, baseado na idea de Estado-nación, fronte ó modelo que propoñían eles como exemplo de ideoloxía bilingüe, "marquée par l'idée de l'avènement d'une société urbaine et pluriculturelle". Aínda que aseguran crer na posibilidade da existencia de tal sociedade plurilingüe, saben que hai moitos exemplos que demostran que só é realmente viable na medida en que os conflitos lingüísticos non sexan ocultados nin tratados pola forza, senón que sexan fonte de debate e dunha política lingüística onde se poidan discutir abertamente (Matthey e De Pietro, 1997: 179).

[9] Trátase do artigo "Conflit linguistique et normalisation dans l'Europe nouvelle", traducido máis tarde ó catalán baixo o título *El bilingüisme com a mite* (Aracil, 1982: 23-38), onde explica o devandito concepto, divulgado logo por moitos autores, pero fundamentalmente por Ninyoles. Boyer, igual que toma de Aracil o termo "conflito", insiste en que non está apostando por unha sociolingüística agresiva (Boyer, 1997a: 9).

Desde esta perspectiva Boyer vai falar de *plurilingüismo diglósico*[10], partindo de que existe unha "compétition" entre as linguas (Boyer, 1997a: 14). Tal "competición" existe en Galicia, de feito, a comunidade galega foi descrita, tradicional e maioritariamente, en termos de diglosia e de conflito, feito que apoiaba a adscrición á proposta de análise "boyeriana". Na toma da decisión para adaptarme a este marco teórico, tamén influíu a lectura de Montmollin, quen, tras repasa-las teorías existentes entre os autores da Escola de Yale arredor do cambio de actitudes, destacou que, pese á existencia dun gran número de teorías ó respecto, estas eran na súa maioría parciais, o que o levou a concluír:

> Podemos preguntarnos, no obstante, si los progresos más decisivos no exigen un doble cambio de escala: pasar del estudio de actitudes aisladas al estudio del conjunto de las actitudes del individuo, es decir, a la estructura de su sistema ideológico; pasar del estudio de individuos aislados al estudio del conjunto de las actitudes del grupo, la clase, la sociedad, es decir, a la estructura ideológica del cuerpo social (Montmollin, 1985: 173).

Pensar na análise da estrutura ideolóxica do corpo social semellaba un labor demasiado complexo para a presente investigación, pero si se considerou pertinente o achegamento a unha análise coma a proposta por H. Boyer (1997, 2003a, 2003b) para describi-las ideoloxías lingüísticas a partir da análise das representacións sociais, proposta que se presentará na epígrafe 4.3.2.2.

Ademais, en traballos recentes de ámbitos próximos ó noso, coma os de Querol Puig[11] (2000, [en liña1], [en liña2]) tentouse establecer un novo marco teórico e metodolóxico partindo da hipótese de que os diferentes tipos de comportamentos lingüísticos nun contexto de contacto de dúas linguas son o resultado da interacción dun conxunto de "representacións sociais" do suxeito:

---

[10] Contrapono ó bi- ou plurilinguismo que el denomina "institutionel" que está contemplado desde o punto de vista legal e institucional, sería o caso de Suíza ou Finlancia. Débese ter en conta que aínda que o plurilingüismo é un fenómeno moi estendido, posto que a relación entre a enorme cantidade de linguas existentes e a moito menor de estados obriga a isto, existen diversos tipos segundo anotou H. Boyer:

> Il y a cependant divers types de plurilinguismes, ne serait-ce que par le nombre des langues en présence mais aussi par leur espace de communication propre, leus fonctionnement social, leur statut officiel. Lorsque le plurilinguisme est institutionnalisé, il est fréquent de voir les langues parlées sur l'ensemble du territoire de la communauté se répartir entre ***langue(s) officielle(s)*** et ***langue(s) nationale(s).*** (Boyer, 1997a: 13).

[11] Tamén autores coma Calvet insisten na importancia das representacións sociais. Este, en 2000, ademais de ocuparse da diferenza entre as prácticas lgtcas e as representacións Calvet criticaba as leis lingüísticas que seguen un modelo de planificación imperativo que ignoran as relacións entre prácticas e representacións:"[…] pour la simple raison que la linguistique commence à peine à les décrire. Ce qui signifie une chose toute simple: la société a la politique linguistique de sa linguistique, et c'est aux linguistes à faire évoluer ces deux termes, à mieux décrire et à mieux comprendre pour permettre aux planificateurs de mieux intervenir".

Hi té particular importàcia la interacció entre les tres següents:

- la representació de cadascuna de les llengües en presència
- la representació de la xarxa interpersonal de comunicació
- la representació del grup social de referència (Querol Puig, 2000: 89)

As hipóteses nas que basea o seu plan de investigación están apoiadas na *Teoría das representacións sociais* que se vai explicar máis polo miúdo na epígrafe 4.3.2.1. Polo tanto, as vindeiras páxinas vanse ocupar de explica-lo paradigma ou estrutura formal debaixo do que se realizou esta análise, paradigma necesario para mostra-la perspectiva teórica nunha sociolingüística que, aínda con intención intervencionista, pretende ser científica e, polo tanto, obxectiva[12].

A descrición dos usos particulares do ámbito empresarial compostelán que se pretende nesta investigación, enmárcase necesariamente no contexto do contacto de dúas linguas, galego e castelán, que comparten un mesmo espazo. Existen numerosos estudos que analizaron, e seguen a analizar, esta circunstancia a nivel máis ou menos xeral, de xeito descritivo e/ou teórico, o que derivou en que xa se clasificase e se etiquetase a situación lingüística da comunidade, aínda que non sempre nos mesmos termos. Non é este o lugar para analiza-las diferentes teorías sociolingüísticas existentes arredor de conceptos controvertidos, e ó mesmo tempo inevitables en calquera definición dunha situación de contacto de linguas, como son *bilingüismo* e *diglosia*. Con todo, a adscrición á liña de investigación da escola catalano-occitana, obriga a aclarar se se parte, igual ca na devandita escola, de que a situación a estudar é diglósica e conflitiva, termos que, en xeral, foron maioritariamente empregados para describi-la nosa situación. Dado que esta non pretende ser unha tese teórica, senón todo o contrario, simplemente se vai facer un repaso da literatura existente ó respecto da aplicación para a nosa comunidade de termos como bilingüismo, diglosia e conflito. Disto é do que se vai ocupa-la seguinte epígrafe, deixando para o punto 4.3 a presentación do modelo de análise baseado nas representacións sociolingüísticas, así como o contraste co tradicional modelo da escola norteamericana, onde os elementos de análise principais son as actitudes.

[12] Nesta liña, no contorno catalán defínese a sociolingüística actual como unha área de coñecemento que está entre a *ciencia* e o *xuízo de valor* ou entre a *teoría* e a *ideoloxía*, na medida en que presenta afán científico por un lado e vontade de intervención crítica doutra (Mollà, 2002:16).

4.2 UNHA COMUNIDADE CON DÚAS LINGUAS

A análise do galego no ámbito da empresa vaise realizar no marco dunha comunidade, Galicia, onde conviven dúas linguas, unha orixinaria da comunidade (o galego) e outra que leva instalada nela varios séculos (o castelán) e que ademais é a lingua do Estado (Constitución Española, artigo 3º[13]). As circunstancias do contacto de ámbalas dúas linguas, en canto á distribución de usos polo territorio e ó reparto de funcións comunicativas no seo da sociedade que as alberga, foi, e segue a ser , denominada por case tódolos estudos –en termos xerais– como diglósica e conflitiva.

En realidade a análise das linguas minorizadas de todo o estado español moveuse desde os anos sesenta debaixo dos conceptos *bilingüismo*, *diglosia* e *conflito lingüístico* principalmente. O concepto de diglosia supuxo unha "revolución" no ámbito dos estudos sociolingüísticos do noso contorno, debido á boa acollida que tivo no ámbito catalán a redefinición do termo que, acuñado previamente por Ferguson, difundira Fishman[14]. O concepto de diglosia na SLC presentou como novidade, fronte ó fergusoniano, levar asociada a idea de conflito e estuda-lo proceso en diacronía. A redefinición fundamental do concepto xira arredor do principio de que a catalá, igual cá occitana, é unha sociolingüística que empregou o termo diglosia como denuncia dunha situación que levaba á substitución ou desaparición das linguas minorizadas, fronte á simple descrición que facían das situacións diglósicas os americanos. Os sociolingüistas cataláns e occitanos realizan tódalas análises coa finalidade de "desenmascara-la diglosia", dado que non admiten vivi-lo conflito como "observateurs neutres" tal e como resume Boyer:

> Les chercheurs du domaine occitan qui vivaient une étape plus avancée du conflit diglossique, où la substitution de la langue dominée touchait à son terme (le face à face meurtrier occitan-français ayant du reste produit un métissage généralisé: le "francitan"), devaient adhérer sans réserve au

[13] O punto 1 do artigo 3º da Constitución de 1978 di: "El castellano es la lengua española oficial del Estado. Todos los españoles tienen el deber de conocerla y el derecho a usarla."

[14] Non se vai profundizar na coñecida explicación do nacemento do termo diglosia da man de Ferguson para denominar dúas variedades diferenciadas da mesma lingua (onde unha acadara un grao de estandarización que a outra estaba moi lonxe de adquirir). Recórdese que Fishman ampliou o significado orixinario: "[...] nuestra conciencia de que la diglosia no sólo existe en variedades multilingües que oficialmente reconocen varias "lenguas" y no solo en las sociedades que utilizan niveles clásicos y vernaculares, sino también en las que emplean dialectos, registros diferenciados o *niveles lingüísticos funcionalmente diferenciados de la clase que sean"* (Fishman, 1979: 120). Esta concepción vai ser punto de partida dunha nova versión do termo estableceron os sociolingüistas cataláns, situando na diacronía o coñecido esquema co que o propio Fishman trataba de delimita-los termos de bilingüismo e diglosia (1-diglosia e bilingüismo; 2-bilingüismo sen diglosia; 3-diglosia sen bilingüismo; 4-nin diglosia nin bilingüismo) (Ninyoles 1985: 33; Vallverdú, 1970: 15).

> modèle proposé par leurs collègues catalans et enrichir même leur réflexion sur la question du poids des *represéntations sociolinguistiques* (des *attitudes*: de stigmatisation, culpabilisation, folklorisation...) dans le processus de domination et sur l'évolution de la situation marqués par une *idéologisation* généralisée du conflit: un conflit ainsi masqué" (Boyer, 2003b: 173).

Xa se comentou arriba que se parte de que a comunidade galega, nos comezos do século XXI, se pode seguir denominando –tal e como se fixo nas últimas décadas do século pasado– como diglósica. Quizais este estudo poida servir para perfila-las definicións de diglosia que lle aplicaron os primeiros analistas (Alonso Montero, Mauro Fernández ou Guillermo Rojo) posto que as relacións interlingüísticas teñen "carácter evolutivo" (Querol Puig, 2000). Dado que non é este o lugar para desenvolver unha análise detallada do emprego dos conceptos, aquí e agora só procede presentar unhas liñas básicas coas que se estivo definindo nas últimas décadas a situación sociolingüística da comunidade, para entender exactamente en que marco se realiza a presente análise referida ó ámbito empresarial.

4.2.1 BILINGÜISMO E DIGLOSIA NA SOCIEDADE GALEGA

Cómpre comezar aclarando o título co que se abre a epígrafe, debido á falta de acordo sobre a denominación do bilingüismo como un fenómeno social, principio discutido desde que na sociolingüística catalá comezaran a súa "loita" contra o "mito bilingüista", que –divulgado desde unha ideoloxía castelanizadora– pretendía perpetua-lo estado de minorización do catalán[15]. Así, autores como Ninyoles ou Aracil insistiron, desde os anos setenta, en opoñe-lo termo bilingüismo ó de diglosia[16], aplicándolle-los trazos de

[15] Ninyoles, exemplificando co caso do País Valenciá, insistiu na idea do mito do bilingüismo como "tapadora del canvi lingüistic" (1982: 203) e como unha das vías principais de oposición consciente á normalización do país. Nunha entrevista de 1990, tras ser preguntado por se mantería na actualidade os termos de bilingüismo e diglosia tal e como os definiu no seu momento e que foron obxecto de tanta polémica, réstalle importancia á definición do mesmos:

> Non me interesou excesivamente a súa definición. Nas ciencias indutivas, as definicións non son a base de ningunha argumentación se non teñen que sinalar o curso da investigación, e calquera posible desacordo habería de remitir a discrepancias sobre os feitos, os valores implicados ou os problemas a resolver. Pero a utilización destes termos converteuse para moitos nun xogo escolástico (Ninyoles en Monteagudo Romero, 1990a: 362).

[16] Segundo Vallverdú, o termo diglosia foi posto en circulación no ámbito hispano por Aracil e por el mesmo (Vallverdú, 1984: 17), aínda que o nome que máis se liga coa divulgación da diglosia sexa o de Ninyoles "[...] Ninyoles ha estat, sens dubte, el sociolingüista que més ha popularitzat a la Península la noció de diglòssia" (idem, 1984: 49). O devandito autor definiu a diglosia en oposición ó bilingüismo, e polo tanto fundada no deseguilibrio: "Nuestra tesis afirma que la situación diglósica, fundada en un desequilibrio, contiene factores de inestabilidad que amenazan quebrar la supuesta funcionalidad del sistema, y que, por tanto, comportan un germen de "superación" (Ninyoles, 1980: 37).

individual e estable ó primeiro, e colectivo e conflitivo ó segundo. Servíronse das teorías expostas por Fishman[17] para combater aquela mitificación do bilingüismo insistindo na faceta individual do mesmo, e acabaron reforzando o "mito da diglosia". Denunciaron a difusión do termo bilingüismo de forma interesada desde o poder central coa intención de enmascara-lo verdadeiro conflito diglósico existente entre as dúas linguas pertencentes á comunidade, onde unha ocupaba unha posición de prestixio e outra estaba sendo substituída pola primeira.

Aínda que semella superada a devandita proposta de Fishman de separa-lo termos bilingüismo e diglosia baseándose en parámetros que cualificaban de xeito contraposto, o primeiro como fenómeno individual, onde as linguas tiñan funcións idénticas, e o segundo como fenómeno social, onde a cada lingua se lle asigna unha función diferente, foi adoptada por parte dos traballos realizados arredor do galego. Esta liña de negación do bilingüismo social seguírona na sociolingüística galega autores como Rodríguez Sánchez (1976)[18], Chacón (1979)[19], Esteban Radío (1989)[20] ou Pellitero Ramilo (1992)[21]. No entanto, tanto estes coma aqueloutros que definiron como bilingüe a sociedade galega

[17] "Als Països Catalans l'elaboració teòrica de la diglòssia a càrrec de Fishman ha conegut una especial fortuna" (Vallverdú, 1980: 147). H. Boyer (1986) fai un repaso do que foi a acollida do termo diglosia por parte da sociolingüística catalá (SLC) e a partir desta como o adaptou a sociolingüística occitana (SLO).

[18] "A Galiza non se lle pode chamar bilingüe porque a utilización galego-español está condicionada polo contexto social, o interlocutor, os temas, etc., criando-se unha complexa rede de comportamentos na que o factor determinante é a subordinación do galego, corolario doutro tipo de subordinacións" (Rodríguez Sánchez, 1976).

[19] Seguindo as relacións entre bilingüismo e diglosia que Fishman establecera, citadas arriba, Chacón, en 1979, definía a situación galega como de *diglosia con bilingüismo*: "Prodúcese esta situación [diglosia con bilingüismo] cando a comunidade lingüística na súa totalidade manifestase como diglósica, mentras que dita diglosia refléxase a nivel particular como bilingüismo (composto). No marco da Península Ibérica o exemplo máis claro é a situación lingüística de Galicia, onde o castelán cumple o papel de lingua alta "A" e o galego o de lingua baixa "B" (Chacón, 1979: 442).

[20] Esteban Radío –partindo das teses de Ninyoles e Aracil– atribúelle o uso do termo bilingüismo a intencións políticas do grupo asimilador:

> De xeito natural non hai comunidades bilíngües, nen biculturais. A situación de conflito lingüístico prodúcese por causas extra-lingüísticas, é dicer, por causas político-económicas. En ocasións unha comunidade impón a outra a sua língua e a sua cultura cando ten o domínio político da outra comunidade. Prodúcense entón situacións de dependéncia política que van producir situacións de opresión, e xeralmente, coma no caso galego, unha colonización económica, lingüística e cultural como consecuéncia da dominación política [...] A significación de "bilingüismo" úsase como resorte ideolóxico para lexitimar a asimilación progresiva do idioma própio. Para completar a aceptación do termo polos oprimidos preséntannos o bilingüismo como un feito útil, enriquecedor, ventaxoso. Non paran de loubar a riqueza que é posuír duas linguas inda que non queren para si esa "riqueza" (Esteban Radío, 1989: 145-146).

[21] Pellitero Ramilo considera o bilingüismo social como proceso "estable e imposible" polo que define a Galicia como diglósica posto que cumpre tres requisitos: O primeiro é que as funcións de máis prestixio social (cultura, igrexa, xustiza) se realizan na lingua que ten máis vitalidade, o segundo que a lingua máis poderosa prevalece no mundo económico; e o terceiro que os falantes da lingua B pasan para a lingua A,

(Fernández Rodríguez (1978)[22], Rojo Sánchez (1981), González González (1994b)[23], Rodríguez Yáñez (1997)[24] …) empregan o termo diglosia para referirse á situación de contacto de linguas que existe na comunidade e, en xeral, todos admiten –en maior ou menor grao– o conflito. Conflito que deixou á vista Alonso Montero no seu polémico[25] *Informe dramático* de 1973 cando define a situación que se vivía en Galicia como de diglosia externa (ou exodiglosia[26]) e a opón á diglosia interna (ou endodiglosia) de Ferguson que se caracterizaba por ser fenómeno estable. Con todo, aínda que se deixou de emprega-lo adxectivo "conflitiva" para acompaña-la denominación de diglosia e se pasou a cualificar con outros adxectivos máis precisos, a idea de conflito quedou ligado á diglosia na análise da situación galega ata a actualidade.

Chegados a este punto, e antes de profundar no modelo teórico co que se van analiza-los datos (partindo de que existen unhas representacións concretas nas sociedades diglósicas),

---

fenómeno que non se dá ó contrario porque os falantes de A non senten a necesidade de coñecer B (Pellitero Ramilo, 1992: 43).

[22] Mauro Fernández no ano 1978 parte da concepción de que o bilingüismo é "un problema de grado", situando o umbral mínimo na comprensión de oracións con sentido doutra lingua e o umbral máximo no dominio pleno (Idea coa que concorda G. Rojo). Isto lévao a afirma-la existencia en Galicia dun bilingüismo social que diacronicamente é "resultado de un bilingüismo individual en expansión":

> Esta consideración del bilingüismo como un fenómeno gradual nos permite hablar de un bilingüismo social (sin excluir por ello el individual); en efecto, la existencia de lenguas en contacto utilizadas en mayor o menor grado por la mayor parte de una comunidad está tan extendida por el mundo que no se puede hablar del bilingüismo como fenómeno exclusivamente individual (Fernández Rodríguez, 1978: 381).

[23] Manuel González é outro dos defensores do bilingüismo social, de feito considera que os que negan a súa existencia adoptan unha postura de "maniqueísmo fácil e simplista":

> A socioloxía da linguaxe fala de bilingüismo individual cando unha persoa adquiriu o dominio de dous sistemas lingüísticos; e de bilingüísmo social cando nunha comunidade se utilizan dous sistemas diferentes. Nunha situación de bilingüismo social haberá xente monolingüe en cada unha das linguas, e outra xente que domina as dúas linguas. Na situación actual de Galicia, a pouco que nos paremos a reflexionar, parece pois incontestable que hai bilingüísmo social, así entendido (González González, 1994b: 18).

[24] " Nous utilisons le terme bilinguisme dans son sens large, c'est à dire, comme l'existence de deux langues dans un même territoire et pour une même population" (Rodríguez Yáñez, 1997: 195).

[25] Toda a polémica creada arredor do *Informe* de Alonso Montero, sobre todo debido ás críticas realizadas desde ámbitos nacionalistas, está recollida en Rei Doval (1999).

[26] Destaca como Alonso Montero expuxo moi cedo (pese a non existiren estudos de sociolingüística en Galicia) e de maneira clara, a situación social da lingua naquel momento: "Un ciudadano gallego de elementales luces se percata de que vive en una sociedad en la que el idioma castellano está vinculado a realidades y actividades nobles e importantes (riqueza, cultura, ciudad, etc.), mientras que el gallego aparece constantemente vinculado a actividades y realidades de signo contrario o de poco rango (pobreza, incultura, aldea, etc.)". Nótase que tiña realizado algunhas lecturas de sociolingüística debido á nomenclatura que emprega para defini-las linguas en contacto (aínda que sexa certa a afirmación de Rei Doval (1999) achacándolle falta de formación académica na rama sociolingüística e falta de metodoloxía de investigación): "Un idioma que en la conciencia del hablante funciona como lengua B, está forzosamente a merced de la lengua A. Si añadimos al hecho de la diglosia la presencia casi omnímoda del castellano en nuestra sociedad, se comprende perfectamente que el hablante tenga mil ocasiones de entrega consciente o inconsciente" (Alonso Montero, 1973: 127).

non está de máis facer un breve repaso pola clasificación que se ten feito da comunidade galega como diglósica. No ano 1978 Mauro Fernández, designou a situación galega co termo "diglosia conflictiva", ó partir de que a diglosia é aquela situación en que existe "un empleo *codificado* de diversas lenguas o de diversas variedades de una lengua" (Fernández, 1978: 390), concepto que segue mantendo en 1983 apoiándose nas achegas de Guillermo Rojo do ano 1981, quen declarara que a diglosia galega "ha sido del tipo de la que he llamado 'diglosia de adscripción'" (Rojo, 1981a: 296) que é a que designa a convivencia de dúas linguas nunha comunidade bilingüe onde a diferenza entre elas está establecida polo estrato social (unha das linguas é propia dos estratos máis altos e outra dos máis baixos, e polo tanto "los miembros de estratos inferiores que deseen acceder a desempeñar funciones sociales prestigiadas deben, como paso previo, adquirir la lengua adecuada a ellas" [27] (Rojo, 1981a: 295)). Nesta liña, Rojo segue considerando a diglosia como conflitiva, igual que o fixera Mauro Fernández (1978: 390) pero con matices, porque:

> A mi modo de ver, hay conflicto porque una parte, más o menos amplia de la comunidad, no acepta la normativa propia de la situación diglósica. Hay diglosia porque otro sector permanece en ella. Mientras existe diglosia en estado puro, las normas no son cuestionadas. En esta otra situación, una parte de la sociedad rompe con ellas, lo cual da lugar a la aparición visible del conflicto. La diglosia es la misma de antes pero no es aceptada por todos. No se trata, por tanto, de un tipo distinto, sino de una situación mixta que, aunque podría prolongarse durante bastante tiempo, parece ser de naturaleza inestable en tanto que sólo puede apuntar a la victoria de una de las lenguas sobre la otra (Rojo, 1981a: 298) [28].

Xa nos anos noventa, M. González revisa o concepto de *diglosia de adscrición* para poder aplicarllo á nova situación que se vive en Galicia, onde xa non se pode vincular cada lingua cun estrato social debido, ben ó interese de moitos pais –situados no estrato que lle correspondía ó galego– por falarlles ós fillos en castelán, para así facilitárlle-lo ascenso na escala social; ben á galeguización dos estratos correspondentes ó castelán, debido, ou ben á

[27] Rojo enfronta esta diglosia de adscrición á diglosia funcional, que sería característica das comunidades monolingües e designaría o emprego de diferentes variedades para cada unha das situacións socialmente diferenciadas. De tódolos xeitos recoñece que a diglosia de adscrición implica certo tipo de diglosia funcional pero entendendo que a lingua B só é adecuada a situacións informais mentres que a lingua A valería para tódolos contextos (Rojo, 1981a: 294-298).

[28] Mauro Fernández (1983) asume as conclusións de Rojo: "Como afirma G. Rojo (1981), Galicia ha dejado de estar situada en la zona central de la diglosia de adscripción, para entrar en lo que en otra ocasión hemos denominado diglosia conflictiva (Fernández, 1978b), esto es, en una situación en la que las normas sociales que regulan el comportamiento lingüístico se sienten como inadecuadas y se procede a su reajuste, mediante un cuestionamiento progresivo de las existentes hasta el momento, por parte de sectores sociales cada vez más amplios" (Fernández, 1983:108).

entrada nel de galegofalantes que non modifican a súa lingua, ou ben á galeguización de castelanófonos. Por outra banda, tamén observa variacións no tocante ás funcións que se lle asignaban a cada lingua, inverténdose a relación galego-lingua B, castelán-lingua A (González González, 1994a: 64,65)[29].

Semella que neste momento as normas que regulaban o comportamento lingüístico da poboación deixaron de ser tales normas para abrirlle paso á convivencia de galego e castelán, nunha poboación que interactúa en calquera das dúas linguas sen unhas regras totalmente fixas, dependendo do hábitat (rural vs. urbano), do estatus social, da idade, do nivel sociocultural, do destinatario...[30] Esta "ruptura do código diglósico" (Rojo, 1996), apréciana outros autores. Por exemplo, Elvira Souto (1994), baseándose en Álvarez Cáccamo, considera que a situación galega ata non hai moitos anos podíase caracterizar como diglósica[31], pero en cambio na actualidade considera que se dá unha situación máis complexa na que destaca "a penetraçom polo castelhano de todos os ámbitos de uso tradicionalmente reservados para o galego". Porén, tamén o galego penetrou en ámbitos reservados para o castelán, dándose o que algúns autores denominaron como uso "litúrxico" do galego[32].

Existe un acordo maioritario en que a situación na nosa comunidade é diglósica, ou cando menos que existen "funcionamentos diglósicos", tal como considerou Alén Garabato quen,

[29] "[...] en determinadas situacións o galego pasa a funcionar como lingua A e o castelán queda relegado a lingua B: isto é o que ocorre, por exemplo, cando certos membros da clase política, que se expresan familiarmente en castelán, utilizan en cambio o galego nas súas actuacións no Parlamento de Galicia e noutras situacións de tipo formal; ou o que acontece cando na Radio e na Televisión de Galicia determinados traballadores do medio utilizan o castelán para falaren entre sí, pero usan o galego cando saen en antena" (González González, 1994a: 64).

[30] López Valcárcel considera que o conflito está provocado polo cambio de código, sendo o galegofalante o que muda a súa lingua polo castelán perante un interlocutor de máis prestixio social, igual ca anos atrás; polo tanto a diglosia só lle supón conflito ós galegofalantes (López Valcárcel, 1990 e 1991). Ese abandono do galego, segundo o autor, débese a varios temores que van desde a desaprobación: o medo a "quedar mal", pasando pola discriminación (miradas de noxo, malos modais...), o medo a ser prexudicado nos intereses económicos, ata o de ser identificado con posturas extremistas(López Valcárcel, 1990: 98).

[31] "[...] num sentido lato sim poderia ser caracterizada como diglóssica (exodiglóssica) porquanto se fundamentava na especializaçom e hierarquizaçom funcional de cada umha das línguas e essa distribuiçom servia de instrumento para manter certas capas da populaçom numha posiçom subordinada" (Souto, 1994: 27-29).

[32] "Paralelamente, non hai acto solemne no que non se bote man do galego, e persoas que nunca o falan aceptan o seu uso público con litúrxica naturalidade [...] Ora ben, este uso litúrxico non está tampouco libre de perigos. Propicia unha diglosia invertida e circunscribe o papel da lingua de Galicia a unha función iniciática e inaccesible [...] Estamos perante unha lingua de cerimonia, invertendo perigosamente os usos. O galego por este camiño vai se lingua dos deuses (políticos, literatos, homenaxes) e o castelán a lingua do pobo. A desaparición está anunciada" (López Valcárcel, 1991: 142).

seguindo o cadro teórico dos sociolingüistas occitanos e sobre todo de R. Lafont, definiu a situación lingüística actual en Galicia nos seguintes termos:

> [...] como sinalaba R. Lafont para o occitano, o conflicto non se expresa tampouco, polo menos hoxe en día, entre unha variedade A alta (castelán) e unha variedade B baixa (galego), senón nunha serie de *funcionamentos diglósicos* que se establecen entre os diferentes usos que cobren o espacio lingüístico galego (Alén Garabato, 2001: 307).

A mesma autora afirma (2001: 308, 329) que se ben antes da oficialización do galego este funcionaba exclusivamente como lingua B, agora a escola, radio e televisión foron configurando unha variedade estándar do galego que se percibe claramente diferente do galego popular, así existen novos funcionamentos diglósicos dentro da propia lingua[33]. Seguindo a Monteagudo e Santamarina (1993) e a Regueira (1999: 856) defende en Galicia a existencia de catro variedades que se manifestarían como catro usos lingüísticos diferentes: *castelán estándar, castelán rexional, galego estándar e galego popular,* ós que lles xuntan dúas variedades que non foron suficientemente tratadas polo momento, pero das que varios lingüistas deron conta: o *castrapo* e o *novo galego urbano*. Esta descrición está en relación coa idea de *continuo lingüístico*[34] que, tal e como resume Kabatek (2000: 48-55), foi considerado, por uns, como pasos seguidos de *linguas individuais*[35], por outros, como a descrición do "contacto vertical" entre dialectos e estándares[36].

---

[33] A oficialización da lingua e a existencia dunha Lei que vela polos intereses do galego, en principio, supuxeron un avance de cara ó recoñecemento da lingua autóctona fronte ó "dominio" do castelán. De tódolos xeitos queremos aquí anota-las declaracións que fai Bourdieu (1982) cando fala da importancia da dominación que el chama "simbólica" fronte ás que el denomina "políticas voluntaristas de defensa da lingua", que se aplicarían mediante decretos e leis:

> Ainsi, les effets de domination qui sont corrélatifs de l'unification du marché ne s'exercent que par l'intermédiaire de tout un ensemble d'institutions et de mécanismes spécífiques dont la politique proprement linguistique et même les interventions expresses des groupes de pression ne représentent que l'aspect le plus superficiel. [...] La reconnaissance de la légitimité de la langue officielle n'a rien d'une croyance expressément professée, délibérée et révocable, ni d'un acte intentionnel d'acceptation d'une "norme"; elle est inscrite à l'état pratique dans les dispositions qui sont insensiblement inculquées, au travers d'un long et lent processus d'acquisition, par les sanctions du marché linguistique et qui se trouvent donc ajustées, en dehors de tout calcul cynique et de toute contrainte consciemment ressentie, aux chances de profit matériel et symbolique que les lois de formation des prix caractéristiques d'un certain marché promettent objectivement aux détenteurs d'un certain capital linguistique (Bourdieu, 1982: 35-36).

[34] Na edición manexada (tradución ó galego do propio autor) emprega o termo *continuo lingüístico*, aínda que no título que encabeza o apartado onde o explica, enúnciao como "*continuum lingüístico*", forma que é a máis empregada por outros autores.

[35] Así entendido, o "continuo" oporíase "á idea de *dialecto* ou de *lingua* como unidade discreta e funcional ou como expresión dunha comunidade". Existen posturas contrapostas a esta, ó consideraren a lingua como un fenómeno social e non admitiren a idea de lingua individual (Kabatek, 2000: 49).

[36] Definición coa que algúns estudosos non concordan segundo se aprecia no excurso que Kabatek realiza sobre interferencia e "continuum lingüístico" onde dá conta das críticas de Stehl ó concepto de *continuum*, posto que coa idea de continuidade néganse funcións lingüísticas importantes como a da creación de

Todo isto está en relación directa co proceso de normativización do galego, cunha normalización do código imprescindible para acada-la normalización do status, feito que debería provocar un inevitable cambio na definición da situación diglósica da comunidade. De feito, o nivel de competencia para ler e escribir en galego aumentou considerablemente nas xeracións máis novas (MSG, 1995). Pero, o propio proceso de estandarización do galego, e sobre todo, a forma en que o viven os implicados manifestando unha actitude de inseguridade cara á propia lingua, demostra a tese da minorización desta lingua.

A simple aceptación do termo diglosia (ou funcionamentos diglósicos, segundo o caso), sexa(n) do tipo que sexa(n), leva a acepta-la desigualdade entre as dúas linguas (Kremnitz,1991[37]). Se dentro desta desigualdade se produce un enfrontamento, e haino desde o momento en que o galego loita por busca-lo seu espazo, deberíase falar de conflito lingüístico, tese esta que non todo o mundo acepta. Por exemplo Rodríguez Yáñez (1992: 38; 1997: 194-199) é dentro da sociolingüística galega un dos teóricos que actualmente enriquecen o debate sobre un conflito lingüístico en Galicia no que non cre[38]. Apoia os seus argumentos nos resultados dun estudo que realizou sobre as interaccións lingüísticas no mercado en Lugo (Rodríguez Yáñez, 1994), no que concluíu que a xente emprega os dous idiomas sen aparente conflito. Para el, tal conflito téntase difundir con intencións reivindicativas de carácter político, intencións –segundo a súa opinión– condenadas ó fracaso, xa que todo o máis que existe é un conflito social entre o mundo rural e o urbano.

Nesta mesma liña da convivencia das dúas linguas en comunidades como a galega, onde os falantes "non elixen" (idea que comparte Fernández Rodríguez, 2000), enxerga a posibilidade de comunidades multilingües e multiculturais onde unha lingua non é sinal tan evidente dunha identidade como se ten afirmado. Considera que o *discurso do conflito* ten unha función concreta que é a de "créer un vrai conflit linguistique au sein de la population concernée. De cette façon, lorsque l'on parle de l'existence d'un conflit linguistique, on

identidade e de limitación fronte a outras comunidades. Así como alternativa admite o tema gradación (Kabatek, 2000: 52-53).

[37] Kremnitz (1991: 30-33) afirma que a diglosia supón desigualdade porque o falante non escolle de "xeito inocente" unha variedade ou outra, xa que a mensaxe que el emita, cunha ou con outra, vai ser diferente. Segundo el, as sociedades, que non son igualitarias, aceptan unhas convencións nas que os usos lingüísticos están xerarquizados, por consecuencia nega a existencia de diglosias neutras, seguindo o que afirmaran anteriormente os sociolingüistas cataláns. E deles recolle a nomenclatura de "tensión" para referirse ós casos en que o conflito non é totalmente aberto.

[38] O único conflito que o autor considera é o do conflito ortográfico que implica ás diferentes tendencias normativas.

cherche à en produire un à travers l'introduction d'une dynamique sociale susceptible de conduire à un changement d'ordre politique" (Rodríguez Yáñez, 1997: 195). Para o autor todo o conflito que existe é cultural, entre dous mundos (rural e urbano) que cada vez están máis en contacto. Isto lévao a defende-la existencia dun *continuum rururbain*, que lle afecta á identidade, e que se opón á existencia de dúas comunidades lingüísticas diferenciadas e situadas en ámbitos xeográficos diferentes:

> Pour conclure, nous pouvons dire que l'identité bilingue n'est pas une, mais la possibilité que les participants ont de se situer dan l'éventail du continuum identitaire à travers tels ou tels autres choix linguistiques, incluant bien entendu les variétés intermédieaires (Rodríguez Yáñez, 1997: 243)[39].

A problemática da lingua e da identidade vaise tratar un pouco máis polo miúdo na epígrafe seguinte.

[39] Recórdese o que se acaba de expoñer na nota 36 sobre as críticas ó concepto de "continuum" (Kabatek, 2000: 52).

4.3 ACTITUDES E REPRESENTACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS

Como xa se dixo na introdución deste capítulo, nos últimos anos, fundamentalmente desde a sociolingüística occitana e catalá, comezouse a emprega-lo termo de *representación sociolingüística* para dar resposta ás análises das respectivas situacións de contacto de linguas, así coma dos procesos de asimilación e/ou substitución que se dan nos seus respectivos ámbitos.

Afirmacións coma as de R Lafont, considerado pai da escola occitana, ó asegurar que un uso non existía sen a súa representación (Lafont,1980: 72), ou as de J.C. Abric declarando que os comportamentos dos suxeitos ou dos grupos non están determinados polas características obxectivas dunha situación, senón pola representación desa situación, mostran a importancia que tal concepto ten na explicación dos comportamentos lingüísticos. O concepto de representación social, extraído da psicoloxía social, que á súa vez o tomou da socioloxía (Jodelet, 1988: 469), non é incompatible co de "actitude", concepto que, dentro desta liña de investigación, aparece redefinido como "une forme spécifique d'ocurrence d'une représentation sociale ou d'une combinaison de représentations" (Rouquette et Rateau, 1998: 23-24).

De tódolos xeitos, o enorme peso da tradición sociolingüística americana, e sobre todo da escola mentalista, (a máis seguida no ámbito hispano[40]) no estudo das actitudes, obriga a que se presente a seguinte epígrafe coas nocións básicas arredor das que se formula, razón esta que se une ás xa explicadas en páxinas precedentes. No entanto, débese ter presente

[40] Esta liña teórica da psicoloxía social norteamericana, que analiza as actitudes como elementos directamente relacionados coa conduta, é a seguida no ámbito hispano tanto desde a psicoloxía Social (como se pode comprobar na definición que de actitude dá Zanden: "Una *actitud* es una tendencia o predisposición adquirida y relativamente duradera a evaluar de determinado modo a una persona, suceso o situación y actuar en consonancia con dicha evaluación. Constituye, pues, una orientación social, o sea, una inclinación subyacente a responder a algo de manera favorable o desfavorable. En al sentido, una actitud es un estado de ánimo. Si queremos influir en la conducta ajena, una manera de hacerlo es influir en el estado de ánimo de las personas" (Zanden, 1990: 1999)); como desde a socioloxía, segundo se aprecia na "descrición" que Piñuel e Gaitán fan de *actitude* como: "Organización relativamente duradera de predisposiciones de comportamiento frente a la interacción con otros, y que induce o anticipa respuestas preferentes hacia el objeto de la interacción (referida), o hacia la situación misma de interacción, o hacia el mantenimiento (refuerzo) de las predisposiciones mismas" (Piñuel e Gaitán, 1995: 316). Partindo desta definición un trazo fundamental da actitude vai se-la organización das predisposicións, que segundo eles "siempre se organizan respecto a tres ejes de oposiciones" (Piñuel e Gaitán, 1995: 317). Estas son as referidas ó obxecto da relación, do que se ten coñecemento; as referidas ó mantemento da relación (pode ser verdadeiro/falso), á que se lle atribúe un valor (pode ser bo/malo); e as referidas á situación mesma da relación, cuxo control se persegue sempre (pode ser útil/inútil).

que no marco desta investigación non había espazo, nin motivo, para superar un grao de profundización nuns e noutros conceptos que superasen o puramente necesario para aclara-lo paradigma no que se vai apoia-la análise.

4.3.1 A ANÁLISE DAS ACTITUDES SEGUINDO O PARADIGMA MENTALISTA DA ESCOLA NORTEAMERICANA[41]

Loxicamente non é este o lugar para presenta-las diferentes escolas que, dentro da psicoloxía social, analizaron as actitudes, nin tampouco o grao de importancia que lle deron, ou como estableceron a súa relación co comportamento. Simplemente se vai aclarar que, desde a escola mentalista, que se impuxo por riba da condutista ou behaviorista nas últimas décadas do século XX, afírmase frecuentemente que as actitudes xogan un papel fundamental no comportamento.

O paradigma de análise da escola mentalista está recollido, dun xeito máis ou menos extenso, nos principais traballos sobre actitudes que se realizaron nos últimos anos en Galicia (por exemplo, pode verse en Recalde, 1993: 10-24; MSG, 1996: 51-56 ou Iglesias Álvarez, 1999a: 281, 2002a: 55-62, 2002b: 32-42)[42]. O repaso que se fai da liña de pensamento desta escola norteamericana sobre a natureza das actitudes, sobre a súa relación coa conduta, así como unha análise dos factores que provocan o cambio das actitudes, serve de introdución teórica-metodolóxica destas investigacións. Dado que xa está explicada por extenso nos traballos citados, nas liñas que seguen, só se vai presentar un resumo obrigado cos aspectos básicos, debido a que, aínda non sendo o paradigma exacto que se vai seguir nesta investigación, as referencias ó mesmo van ser continuas, tanto para contrasta-la información doutros estudos que o seguiron, coma da que se extraia deste.

A explicación do paradigma mentalista parte da definición de actitude que nos remite a un dos seus principais investigadores, Allport, quen se centra na influencia que exerce aquela

[41] O emprego do termo "escola norteamericana" é practicamente unha acuñación propia, que responde á intención de establecer un contraste coa liña de investigación seguida no contorno europeo, principalmente na área catalá-occitana. De feito, algúns autores desta área falan de "modèle nord-américain" como unha escola cuns parámetros diferentes ós seus, é dicir, ó "modèle catalano-occitan" (por exemplo, Boyer, 1997: 12).

[42] Loxicamente tamén se pode atopar en numerosos traballos que sigan esta escola fóra de Galicia. E mesmo en traballos dedicados a presentar un novo paradigma teórico, como é o caso da investigación mencionada

no comportamento. Na maioría dos traballos sobre actitudes realizados nos últimos tempos defínese a actitude como un estado mental (de aí o nome de escola mentalista) de predisposición, organizado a través da experiencia, que exerce unha influencia na resposta dun individuo cara ós obxectos e as situacións cos que está relacionado. Identifícanse as actitudes cun conxunto organizado de convicións ou crenzas que orientan a persoa cara a unha acción ou resposta determinada, é dicir, que a predispón –favorable ou desfavorablemente– a actuar respecto a un obxecto social. Daquela, as actitudes serían estados mentais que avalían un obxecto e logo provocan unha determinada actuación cara a el, polo tanto saen da nosa "mente" e dirixen as nosas respostas cara a ese obxecto, é dicir inflúen na conduta humana, conduta que non é inconsciente nin innata, senón aprendida.

Esta definición foise completando a partir de 1950, derivando no xa tradicional concepto multicompoñencial de actitude, tal e como implantaron os propios seguidores de Allport, ó consideráreno integrado por unha mestura de tres compoñentes relacionadas entre si: a cognitiva, a afectiva ou avaliativa e a conativa ou condutual[43]. No entanto, a compoñente avaliativa ou afectiva é a que se considerou central, de feito é nela na que se centran as escalas de análises actitudinais, dado que parten de que a información e percepción sobre un obxecto (compoñente cognitiva) está directamente relacionada cos sentimentos que este provoca, sentimentos que inciden directamente sobre os afectos (compoñente afectiva), polo que estas dúas compoñentes van dirixi-las tendencias e intencións cara a tal obxecto, é dicir, a conduta.

A dificultade de xustificación da relación destas tres compoñentes entre si[44], levou a que Ajzen e Fishbein defendesen xa unha postura monocompoñencial[45] ó entenderen por actitude a valoración afectiva positiva ou negativa dun obxecto, que vai influír na conduta dun suxeito[46]. Estes autores, interesados fundamentalmente na medida das actitudes

arriba de Querol Puig, revísanse os modelos de análise dos autores da escola norteamericana (Querol Puig, 2000: 23-43).

[43] As tres compoñentes fundamentais están en relación con diferentes aspectos: a compoñente cognitiva coa percepción e información que o individuo ten sobre o obxecto da actitude; a afectiva (os sentimentos, emocións, afectos,... que provoca o obxecto) abarcaría a valoración positiva ou negativa do mesmo; e a conativa comprendería as tendencias, disposicións e intencións cara ó obxecto, sería a intención última, a conduta que se pensa realizar, a parte activa da actitude.

[44] Baker (1992: 12,13) explica de xeito moi conciso as posicións cara ás tres compoñentes das actitudes.

[45] Postura propia dos condutistas.

[46] Alonso Escontrela**,** seguindo na liña de Fishben e Ajzen, considera unha actitude lingüística como: "a valoración positiva ou negativa dunha lingua e do seu uso –neste caso, do galego e do seu uso– que supón unhas informacións, opinións, crenzas sobre a mesma e o seu uso e que predispón e orienta a conducta

(Fishbein e Ajzen, 1975: 5-6), parten de que estas non son accesibles directamente, senón que soen estar ocultas baixo os comportamentos, nos que adoitan influír. No entanto, parten de que a relación entre a intención e a acción non é directa, debido á existencia de factores que poden levar a unha persoa a actuar de xeito non correspondente coa súa actitude inicial, o que os leva a elabora-la súa *Teoría da acción razoada* (Theory of Reasoned Action) (Ajzen e Fishbein, 1980). Desta maneira entenden que a causa da dificultade de relaciona-la actitude e a conduta dun xeito directo está na existencia dun paso intermedio que é a "intención conductual[47]", o que os leva a xerarquiza-las tres compoñentes anteriormente citadas para as actitudes. Priman a compoñente afectiva, porque estes investigadores xa partían de que unha actitude cara a un obxecto era simplemente un sentimento de favorabilidade ou desfavorabilidade cara ó obxecto en cuestión:

> In sum, the concept "attitude" should be used only when there is strong evidence that the measure employed places an individual on a bipolar affective dimension. When the measure places the individual on a dimension of subjective probability relating an object to an attribute, the label "belief" should be applied. When the probability dimension links the person to a beavior, the concept "behavioral intention" should be used (Fishbein e Ajzen, 1975: 13).

Daquela eles entenden que o comportamento está determinado tanto polas crenzas (compoñente cognitiva) como pola intención (compoñente conativa), ámbolos dous aspectos fóra do concepto de actitude como elementos que influirían directamente nunha "intención" que sería a culpable do comportamento. Pero ademais introducen como elemento determinante a *norma subxectiva***,** ou percepción dunha norma social que impera dentro do propio círculo ou grupo sobre o que se "debe facer", e que deriva nunha "conducta razoada" (é dicir, aquela que xorde da intención dunha persoa e que ten en conta a influencia do ambiente social, de aí a teoría da acción razoada).

---

lingüística habitual –uso/non uso do idioma galego como vehículo habitual de comunicación" (Alonso Escontrela, 1992: 116).

[47] Distinguen claramente entre crenzas, actitudes, intencións e condutas. Chegan a afirmar:

> We have noted that although intentions are assumed to be the immediate antecedents of actions, the observed relation between intention and behavior depends on two factors: first, the measure of intention has to correspond to the behavioral criterion in action, target, context, and time; second, a measure of intention will predict behavior only if the intention does not change before the behavior is observed. [...] The investigator can ensure high correspondence between intention and behavior by obtaining an appropriate measure of intention. The intention's stability, however, is not under his control" (Ajzen e Fishbein, 1980: 51-52).

Fronte á teoría anterior, que se centraba na compoñente afectiva e, polo tanto, quedaba limitada a aqueles comportamentos suxeitos ó control do individuo (polo que servía para predicir só aqueles que fosen moi específicos e moi simples), Triandis (1974) –partindo daquelas tres compoñentes básicas das actitudes[48]– incluíu variables que incidían na conduta e que estaban fóra do individuo:

> Las actitudes se adquieren y se cambian como consecuencia de procesos internos que se desarrollan en la mente de las gentes y procesos externos, algunos de los cuales son sociológicos[49] (Triandis, 1974: 62).

Estas variables, que Iglesias Álvarez[50] reinterpretou para o seu "modelo integrador" destinado a explica-las diferentes situacións sociolingüísticas (onde aproveita as teorías xa clásicas na análise das actitudes de Ajzen e Fishben ás que lle suma as achegas de Triandis), denominounas "hábito" e "contorno[51]". Tales variables e maila "competencia (lingüística)" considera que van influír nos comportamentos, é dicir, nos usos, xunto cos elementos que determinaran Fishbein e Ajzen (a compoñente conativa ou intención cara á acción e maila "norma subxectiva", que ela denomina "crenzas normativas") [52].

---

[48] En palabras do autor:

> Una definición que incluye muchas de las ideas principales usadas por los teóricos en actitudes, sería la siguiente: "Una actitud es una idea cargada de emotividad que predispone una clase de acciones a una clase particular de situaciones sociales". Esta definición sugiere que las actitudes tienen tres componentes [...] Aunque los tres componentes están, por lo general, íntimamente relacionados, hay circunstancias que pueden producir componentes contradictorios. Por ejemplo, una persona que ha tenido un accidente de automóvil puede mostrar un componente afectivo negativo (sintiéndose mal al pensar en vehículos) pero puede darse cuenta de que no puede transitar por su ciudad sin usar automóvil, y, por tanto, presente un componente de comportamiento positivo y esté predispuesto a usarlo (Triandis, 1974: 2-4).

[49] A importancia dos procesos sociais nesta liña da investigación psicolóxica no ámbito hispano, poden verse nos traballos de Rodríguez González, quen, tendo como fondo as teorías freudianas e neofreudianas, afirma que a formación de actitudes se orixina en mecanismos de defensa que son os antecedentes de determinadas actitudes cara ós obxectos sociais. As ameazas cara ó "eu", a inseguridade e certo contexto social poden levar a crear condutas egodefensivas mediante as que o suxeito se integra en determinado grupo social. A función egodefensiva das actitudes vese, segundo Rodríguez González, en actuacións concretas:

> [...] un sujeto desarrolla conductas negativas hacia un determinado grupo minoritario porque de ese modo es más aceptado en su medio social y además establece mejores relaciones comerciales, se relaciona mejor profesionalmente, etc. Es problabe que el sujeto aduzca estas razones para explicar su conducta y su actitud, pero quizá se niegue a reconocer que en realidad su conducta (también) es expresión de un motivo soterrado, reprimido de agresividad, y hasta es probable que se produzca la reacción de atribuir al grupo social agredido los motivos agresivos que él se niega a reconocer en sí mismo (Rodríguez González, 1989: 241).

[50] A través dos traballos desta autora nos que analizou as teorías máis relevantes da psicoloxía social dentro da escola mentalista para buscar un modelo explicativo para a situación sociolingüística do galego (Iglesias Álvarez, 1999a: 281, 2002a: 55-62, 2002b: 32-42), pódese adquirir unha panorámica básica desta liña de análise, así como das súas revisións críticas.

[51] Este estaría configurado por axentes de socialización primarios: familia, comunidade e escola, e secundarios: os medios de comunicación de masas.

[52] A autora diferencia a "competencia lingüística" do hábito e das crenzas normativas. No entanto "A principios dos anos setenta, o sociolingüista Dell Hymes mostrou que xa desde nenos os falantes -á parte da

Por último cómpre comentar que está moi estendida a idea de que a través da medida das actitudes cara ás linguas minorizadas se pode establecer calquera tipo de explicación sobre os usos (ou falta de usos, segundo o caso) e, polo tanto, tamén se pode medi-la súa saúde, segundo afirma Colin Baker:

> "In the life of a language, attitudes to that language appear to be import in language restoration, preservation, decay or death. [...] A survey of attitudes provides an indicator of current community thoughts and beliefs, preferences and desires. Attitude surveys provide social indicators of changing beliefs and the chances of success in policy implementation. In terms of minoritary languages, attitudes, like Censuses, provide a measure of the health of the language" (Baker, 1992: 9)[53].

Así o entederon os autores da maioría dos traballos de Sociolingüística arredor das actitudes sobre o galego[54] que, empregando unha metodoloxía basicamente cuantitativa, tentaron medi-la "sáude" da lingua galega[55] preguntándolle ós propios implicados, de forma máis ou menos directa, sobre tres aspectos fundamentais: as actitudes cara ó uso do galego no ámbito escolar, cara á utilidade da lingua (e polo tanto cara á súa transmisión e o seu futuro) e a súa opinión sobre o galego como símbolo de etnicidade. Esta metodoloxía e estes obxectivos foron os empregados para realiza-la análise xenérica das actitudes cara ó galego que levou adiante o Seminario de Sociolingüística da RAG (MSG, 1996); pero tamén outros traballos parciais, centrados en colectivos (basicamente estudantes) e localidades determinadas. Sería o caso de investigacións de diferente grao de profundización e amplitude realizadas hai arredor de vinte anos, case sempre con estudantes: a que Mauro Fernández realizou entre os rapaces en idade escolar de Santiago de Compostela (Fernández Rodríguez, 1983); a de Monteagudo e outros (1986) centrada

---

competencia lingüística- adquirían o que el chamou a competencia *comunicativa*, é dicir, unhas regras de uso das diferentes variedades. Á parte de aprender a falar, os nenos aprenden a falar *con quen, cando, onde* e *de que maneira* (Kabatek, 1994b: 14).

[53] Continúa: "A survey of attitude to French in Canada, attitude to Spanish in the USA, attitude to English in Japan might reveal the possibilities and problems of second languages within each country". Unhas páxinas máis adiante, o autor insiste en medir actitudes cara a condutas específicas no canto de medilas cara a un obxecto: "Attitude towards a specific behaviour may be a better predictor of intention an external behaviour than attitude to an object, although in language attitudes this is not always possible" (Baker, 1992: 20).

[54] Tamén existen traballos realizados arredor do galego na Psicoloxía social, que centraron o obxecto de estudo na medida das actitudes lingüísticas (Lameiras Fernández, 1988, 1994). Parten tamén de que non existe relación estrita entre actitudes e condutas, feito que implica unha baixa predicibilidade dos usos lingüísticos a partir das actitudes: "En función de la descubierta complejidad que enmarca al constructo actitudinal (del cual las actitudes hacia las lenguas y los grupos lingüísticos, es un caso particular y concreto) se comprende con mayor facilidad la dificultad de la medida actitudinal y el bajo grado de predecible relación entre los usos y las actitudes" (Lameiras Fernández, 1994: 492). A metodoloxía de análise resulta demasiado complexa como para servir de modelo para esta investigación.

[55] Nas últimas análises cualitativas sobre actitudes (Iglesias Álvarez, 2002a, 200b; González González, 2003) empregouse tamén o mesmo modelo explicativo de actitudes.

tamén no alumnado do que era daquela a 2ª etapa de EXB[56], o estudo de Carballeira Anllo e outros (1990) sobre a poboación ourensá de ensino medio[57], ou o de Montserrat Recalde sobre a gheada (Recalde Fernández, 1993). En xeral, todos coinciden nas actitudes favorables presentadas ante a utilidade do galego e ante o galego como símbolo de etnicidade.

Mauro Fernández xa aclarara no seu momento que estes dous factores presentaban un patrón inverso, pois o primeiro era sentido como máis positivo pola poboación máis urbana (maioritariamente castelanófona e de clase social elevada), mentres o segundo o era pola poboación máis rural (maioritariamente galegófona e de clase social baixa). Concluíra ademais que isto non era suficiente para impedi-la perda progresiva do galego, xa que "cuando la lealtad sentimental entra en conflicto con los valores instrumentales, estos últimos terminarán por imponerse" (Fernández Rodríguez, 1983: 517-520).

4.3.2 AS ACTITUDES DENTRO DO ESQUEMA DAS REPRESENTACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS

4.3.2.1 O CONCEPTO DE REPRESENTACIÓN SOCIAL E REPRESENTACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Na SLO comezaron a emprega-lo termo "representación sociolingüística" aproveitando o concepto de representación social que se difundiu, igual ca no caso das actitudes, tamén desde a psicoloxía social e tamén desde unha perspectiva cognitiva. As representacións sociolingüísticas defíniunas Boyer como un tipo de representacións sociais:

> Les *représentations sociolinguistiques* sont une catégorie de représentations sociales/collectives, donc plus ou moins bien partagées par les membres de la communauté linguistique (Boyer, 2003a: 42).

[56] Parte dun proxecto moito máis ambicioso que quedou frustrado, tal e como indica o autor no prólogo do volume *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB* que recolle os resultados dunhas enquisas realizadas en case sesenta colexios de Galicia en 1984. A enquisa non foi validada e os seus resultados foron tratados dun xeito moi simple, xa que non foron en ningún caso cruzados entre si nin con outras variables aplicables ós usos. De tódolos xeitos, para a devandita investigación a análise de usos e actitudes non era unha cuestión central (Monteagudo en Rei Doval, 1999: 108, 109).

[57] Este estudo realizouse entre 954 alumnos de segundo de BUP e FP1 de Ourense e provincia.

A teoría da "representación social" foi elaborada por Moscovici en 1961[58] e a partir de mediados dos anos setenta, e máis amplamente nos oitenta, foi adquirindo importancia en moitas disciplinas para explicar fenómenos sociais.

Os aspectos teóricos das representacións sociais están explicados polo miúdo en traballos coma os de Jodelet (1988), Abric (1994) ou Rouquette e Rateau (1998), e de xeito máis resumido en Boyer (2003) quen presenta a evolución do concepto desde Moscovici ata estes últimos autores. Aquí e agora só se van dar unhas claves para a correcta comprensión do concepto de representación social que axuden a interpretar de maneira adecuada os parámetros nos que se vai basea-la análise dos datos.

D. Jodelet cualifica as representacións sociais como "imágenes que condensan un conjunto de significados" e polo tanto son uns "fenómenos" que serven para interpreta-la nosa realidade cotiá "una forma de conocimiento social" (Jodelet,1988: 472-473). Esta idea de representación social situada a medio camiño, en palabras da mesma Jodelet, entre "lo psicológico y lo social" é a que ten presentado J.C. Abric cando fala da representación como un sistema sociocognitivo[59]:

> Les représentations en effect ne sont pas exclusivement cognitives, elles sont aussi sociales, ce qui précisément fait leur spécificité para rapport aux autres productions ou mécanismes cognitifs (Abric, 1994: 13-14).

Isto provoca que fale de dúas compoñentes das representacións, unha *cognitiva* , porque está sometida ás regras que rexen os procesos cognitivos, e unha *social*, posto que a posta

[58] No entanto, Moscovici adaptou o termo *representations sociales* a partir do de *representations collectives* que acuñara por primeira vez o sociólogo Durkheim sesenta anos antes (Farr, 1988 :497; Jodelet, 1988: 469). Este, que comezou usando o termo de "conciencia colectiva" foino abandonando polo de "representacións colectivas". Segundo a explicación de Ritzer:

> Las *representaciones colectivas* pueden considerarse estados específicos o sustratos de la conciencia colectiva (Lukes, 1972). Desde una perspectiva contemporánea, las representaciones colectivas hacen referencia a las normas y valores de colectividades específicas como la familia, la ocupación, el estado, y las instituciones educativas y religiosas. (Ritzer, 2001: 236).

[59] O punto de partida desta teoría para Abric está no abandono da distinción clásica entre o suxeito e o obxecto:

> Si, par exemple, un individu (ou un groupe) exprime une opinion (c'est-à-dire une réponse), par rapport à un objet, une situation, cette opinion est d'une certaine façon constitutive de l'objet, elle le détermine. L'objet est alors reconstruit de telle sorte qu'il soit consistant avec le système d'évaluation utilisé par l'individu à son égard. Autrement dit, un objet n'existe pas en lui-même, il existe pour un individu ou un groupe et par rapport à eux. C'est donc la relation sujet-objet qui détermine l'objet lui-même (Abric, 1994:12).

Ó producirse o corte entre o suxeito e o obxecto, seguindo ó memo autor, a chamada "realidade obxectiva" non existe a priori, pero en cambio toda a realidade "est représentée, c'est-à-dire appropriée par l'individu ou le groupe, reconstruite dans son système cognitif, intégrée dans son système de valeurs dépendant de son

en acción destes procesos cognitivos está directamente determinada polas condicións sociais nas que se elabora ou transmite unha representación (Abric, 1994: 14).

Esa compoñente cognitiva, é dicir, a representación como unha construción sociocognitiva, é a que fai referencia ó coñecemento espontáneo, "do sentido común" co que se aprenden as informacións que circulan polo noso contorno. Este coñecemento constitúese a partir das nosas experiencias, pero tamén das informacións, coñecementos, e modelos de pensamento que se transmiten a través da tradición, educación e comunicación social. De aí que Jodelet o denomine como "conocimiento socialmente elaborado y compartido" (Jodelet, 1988: 473) e que propoña a seguinte definición para o concepto de representación social:

> El concepto de representación social designa una forma de conocimiento específico, el saber de sentido común , cuyos contenidos manifiestan la operación de procesos generativos y funcionales socialmente caracterizados. En sentido más amplio, designa una forma de pensamiento social.
>
> Las representaciones sociales constituyen modalidades de pensamiento práctico orientadas hacia la comunicación, la comprensión y el dominio del entorno social, material e ideal. En tanto que tales, presentan características específicas a nivel de organización de los contenidos, las operaciones mentales y la lógica.
>
> La caracterización social de los contenidos o de los procesos de representación ha de referirse a los contextos en los que surgen las representaciones, a las comunicaciones mediante las que circulan y a las funciones a las que sirven dentro de la interacción con el mundo y los demás (Jodelet, 1988: 474-475).

A representación non é entón un simple reflexo da realidade, é unha organización "signifiante" que depende á vez de factores continxentes (natureza e finalidade da situación, contexto inmediato...) e doutros factores máis xerais que exceden a propia situación (contexto social e ideolóxico, lugar do individuo na organización social, historia do individuo e do grupo...) (Abric, 1994: 12-13). Rouquette et Rateau tamén lle dan importancia ó aspecto social e xustifican o motivo de que sexa absurdo o concepto de "autonomía cognitiva" tomada ó pé da letra, partindo de que "la pensée des individus se fonde en permanence sur un héritage et se déploie dans un espace collectif dont la réalité, à chaque instant, saute aux yeux.", afirman unhas liñas máis adiante que "On récusera en conséquence toutes les approches individualistes qui prétendent rendre compte de processus personnels incessament recommencés" (Rouquette et Rateau, 1998: 27).

---

histoire et du contexte social et idéologique qui l'environne". É así esta realidade "apropriée e reestructurée" a que constitúe para o individuo ou o grupo a realidade mesma.

O papel fundamental que xogan as representacións na dinámica das relacións sociais é, segundo Abric (1994: 15-18), porque responden a catro funcións esenciais[60]: as funcións "de savoir" porque permiten comprender e explica-la realidade; as "identitaires" porque definen a identidade e permiten a salvagarda da especificidade dos grupos; as funcións "d'orientation" porque guían os comportamentos e as prácticas, é dicir, son guías para a acción; por último as "justificatrices" permítenlle ós seus actores explicar e xustifica-las súas condutas.

Nos tres traballos dos autores mencionados (Jodelet, Abric e Rouquette e Rateau) coinciden en presenta-la mesma estrutura das representacións ó configuralas arredor dun "nó ou núcleo central ou estruturante" [61] sobre o que teorizou Abric xa en 1976 partindo das análises de Moscovici. Abric –partindo de que a representación está constituída "d'un ensemble d'informations, de croyances, d'opinions et d'attitudes à propos d'un objet donné"– afirma que "les éléments constitutifs d'une représentation sont hiérarchisés" e ademais "toute représentationn est organisée autour d'un noyau central, constitué d'un ou de quelques élements qui donnent à la représentation sa signification" (Abric, 1994: 21-24). No artigo de Jodelet, anterior a este de Abric, aparece xa a mesma teoría sobre un núcleo da representación que se cristaliza, que é ríxido e que actúa como estrutura significante (Jodelet, 1988: 489). Rouquette et Rateau insisten na mesma idea ó presentaren a representación composta por un nó central configurado por nocións abstractas que lle dan a súa unidade e significación esencial; e uns elementos periféricos que constitúen "le plus gros du contenu de la representation, sa partie la plus accessible", que van permiti-la adaptación á diversidade de situacións (Rouquette et Rateau, 1998: 31-36).

Entender perfectamente o significado do concepto representación leva a deducir como vai ser fundamental para a comprensión e explicación de determinados comportamentos. Xa en 1988, Farr explicou o éxito e propagación da ideoloxía ecoloxista a partir dunha

[60] Farr simplificara as funcións das representacións sociais en 1988: "Las representaciones sociales tienen una doble función: hacer que lo extraño resulte familiar y lo invisible, perceptible. Lo que es desconocido o insólito conlleva una amenaza, ya que no tenemos una categoría en la cual clasificarlo" (Far, 1988: 503).

[61] Segundo Boyer (2003a: 12) dentro da psicoloxía social existe un eixo cualitativo e outro experimental que, aínda que complementarios, enfocan de xeito diferente o estudo das representacións: o primeiro atende ós contidos e o segundo á maneira en que se constitúen e se modifican as representacións. Desde esta última perspectiva elaborouse a teoría do "nó central" *(noyau central).*

representación da enfermidade[62] como derivada do contorno, da mala alimentación, da contaminación, do ritmo de vida urbano... Así explícase o éxito da agricultura biolóxica, dos alimentos "sans", cultivados bioloxicamente, etc.

Considera, seguindo a Bourdieu e a Labov, a comunidade lingüística como un espazo de mercados (oficiais "où s'imposent les nomes dominantes, légitimes" ou francos "qui reposent sur une contre-légitimité, un renversement des nomes dominantes") onde as representacións adquiren unha dimensión avaliativa e as actitudes de sumisión e transgresión están no centro da economía dos cambios lingüísticos na comunidade (Boyer, 2003a: 42). Boyer parte sempre da importancia avaliativa que teñen as representacións:

> En fait, toute représentation implique une évaluation, donc un contenu normatif qui oriente cette représentation soit dans le sens d'une valorisation, soit dans le sens d'une stigmatisation, d'un rejet et, s'agissant d'un individu ou d'un groupe, en fin de compte d'une discrimination (Boyer, 2003a: 42).

Polo tanto, todo individuo –e por extensión todo grupo social– vaise ver influído polas representacións da sociedade na que se move, é dicir por un conxunto de normas e de regras que implican unha avaliación, e por conseguinte que marcan liñas de actuación (ben valorando, ben rexeitando ou discriminando) ante outro individuo ou grupo.

Boyer recorda que foi Bourdieu quen "a contribué depuis la sociologie à privilègier un traitment dynamique des *representations sociolinguistiques*"(Boyer, 2003a: 42) xa que afirmou en 1982 (1982: 135-136) que a lingua, o acento ou o dialecto (critères "obxectifs" de l'identité "régionale" ou "ethnique") son obxecto de *representacións mentais e obxectais*[63] pese a que os etnólogos e sociólogos "obxectivistas" (afanados por someter á crítica lóxica as categorías do sentido común) os presentan como criterios obxectivos da identidade rexional[64]:

[62] Exemplo que el dá seguindo a investigación que fixo Herzlich (1969) ó analizar conversacións non dirixidas con habitantes de dúas comunidades francesas.

[63] "...sont l'objet de représentations mentales, c'est-à-dire d'actes de perception et d'appréciation, de connaissance et de reconnaissance, où les agents investissent leurs intérêts et leurs présupposés, et de représentations objectales, dans des choses (emblèmes, drapeaux, insignes, etc.) ou des actes, stratégies intéressées de manipulation symbolique qui visent à déterminer la représentation (mentale) que les autres peuvent se faire de ces propriétés et de leurs porteurs." (Bourdieu, 1982: 135,136).

[64] A propósito destas consideracións de Bourdieu débese ter presente a investigación que desde o Seminario de Sociolingüística da RAG se levou a cabo sobre a percepción que se tiña dos falantes segundo o seu acento. Os resultados obtidos indican que a base fundamental sobre a cal se establecen os procesos de categorización social dos falantes é o acento, por riba da lingua empregada e do sexo do falante:

> On ne peut comprendre cette forme particulière de lutte des classements qu'est la lutte pour la définition de l'identité "regionale" ou "ethnique" qu'à condition de dépasser l'opposition que la science doit d'abord opérer, pour rompre avec les prénotions de la sociologie spontanée, entre la représentation et la réalité, et à condition d'inclure dans le réel la représentation du réel, ou plus exactement la lutte des représentations, au sens d'images mentales, mais aussi de manifestations sociales destinées à manipuler les images mentales (et même au sens de délégations chargées d'organiser les manifestations propres à modifier les représentations mentales) (Bourdieu, 1982: 136).

4.3.2.2 AS REPRESENTACIÓNS SOCIOLINGÜÍSTICAS NUNHA COMUNIDADE DIGLÓSICA. A PROPOSTA DE H. BOYER

A importancia das representacións sociolingüísticas na análise das situacións de contacto de linguas estudouse de forma preferente no ámbito occitano e catalán, xurdindo nos últimos anos algunhas análises para o galego[65]. Aqueles teñen en común a reivindicación do *conflito*, concepto que, desde a perspectiva da sociolingüística occitana, é de difícil observación a non ser desde un sistema de representacións mentais (Boyer, 2003c: 38-39):

> A Sociolingüística catalana e a Sociolingüística occitana fixeron da análise das *representacións sociolingüísticas* (mitos, estereotipos, actitudes, etc.) e da denuncia do que eles chaman ideoloxías diglósicas unha tarefa prioritaria, xa que para eles, en efecto, as representacións dominantes da situación do seu dominio lingüístico concreto (que asimilan ás ideoloxías) teñen unha función esescial: oculta-lo conflicto lingüístico (Boyer, 2003c: 39).

O mesmo autor, noutro artigo titulado *"Le poids des représentations sociolinguistiques dans la dynamique d'un conflit diglossique. Les exemples catalan et galicien dans l'Espagne des Autonomies"* onde explica a importancia das representacións compartidas por unha comunidade diglósica:

> Os falantes con acento galego reciben as puntuacións máis elevadas nas caracterísitcas de status e proximidade social tradicionalmente ben consideradas a nivel social e as máis baixas nas de status e proximidade social relacionadas co éxito social (González González e outros, 2002: 485).

Pola contra a puntuación para os que non teñen acento é xusto á inversa. Así, considerando que os avaliadores "acceden a información almacenada en memoria, non só relacionada co *output* lingüístico do falante, senón tamén coas vinculadas ás categorías do subgrupo lingüístico-cultural ó que se vincula ese *output*" conclúen os autores desta investigación:

> De acordo con este postulado, por unha banda os falantes con acento galego serían percibidos, fundamentalmente, como un grupo de individuos máis tradicionais e peor dotados para o éxito social. Pola outra banda os falantes sen acento galego serían percibidos, fundamentalmente, como un grupo de individuos cunha personalidade apta para o éxito social que esperta escasos sentimentos de empatía social, malia ser en termos xerais máis intensos ós experimentados ante os falantes con acento galego (González González e outros 2002: 486).

[65] En realidade son moi poucos os traballos dentro do ámbito galego que analizaron as representacións sociais da lingua (redúcense ó citado de Boyer, e ós de Alén Garabato, 2001) De tódolos xeitos, nalgunha investigación recente (González González, 2003; Iglesias Álvarez, 2002) menciónase o concepto de

> Les usages, modalités et fonctionnements sociolinguistiques en vigueur dans les communautes diglosses[66] sont habités par des **représentations et idéologies sociolinguistiques (à teneur normative) partagées**[67] qui, plus ou moins silencieusement, pèsent d'un poids très lourd sur l'évolution des situations linguistiques, sur leur gestion "civile" tout autant que sur une éventuelle gestion institutionnelle" (Boyer, 2003b: 173)[68]

presenta as representacións dentro do "edificio" do "imaxinario comunitario da/s lingua/s", é dicir, forman parte dun mecanismo moito máis amplo "Elles participent d'un dispositif qui structure l'imaginaire communautaire". Pódese ver graficamente en diversos traballos seus (Boyer, 1997a, 2003a, 2003b), toda a teoría das representacións sociolingüísticas, como elementos formativos dese imaxinario, xerarquizado e articulado. Móstrase aquí o que publicou en 2003a (que presenta pequenas variacións cos outros), que constitúe a base principal da presente investigación:

representacións sociais ou sociolingüísticas, pero como un termo complementario á explicación realizada dentro dunha análise establecida cos parámetros teóricos da escola norteamericana.

[66] Afirmando isto mesmo noutra ocasión, Boyer (2003a) fai a seguinte precisión: "Les usages, modalités et fonctionnements sociolinguistiques en vigueur dans les sociétés pluricommunautaires (parfois également des sociétés monocommunautaires) qui connaissent un conflit diglossique sont habités..." O noso caso sería o de sociedade monocomunitaria que presenta conflito diglósico.

[67] Tamén en Boyer, 1997a pero as "idèologies sociolinguistiques (à teneur normative) partagées**",** chámalles "imaginaires sociolinguistiques collectifs"**.**

[68] Esto é facilmente aplicable á nosa realidade, onde os falantes se moven por unhas representacións da lingua que, ó seren comúns ó conxunto da sociedade, teñen peso de norma social e acaban reflectíndose ás veces na xestión institucional. Se as representacións que existen na nosa comunidade sobre o galego son negativas e por conseguinte a "ideoloxía lingüística" que funciona na sociedade é de marxinación e desprezo da lingua, a situación da galego tanto no plano civil como institucional non se encamiñará cara á súa normalización senón que continuará afianzando a súa posición minorizada.

Ilustración 3: Modelo teórico de H. Boyer (2003a)



O primeiro que se debe destacar é a posición das *actitudes* como elemento condicionado polo *imaxinario comunitario da lingua*, que é o que dirixe comportamentos e opinións. Tal imaxinario, xunto co imaxinario da arte, da educación, da xustiza..., coonformarían o imaxinario etnosociocultural que define os paradigmas dunha determinada cultura (Boyer, 2003a: 16).

Tal e como se ve no esquema, a intersección das ideoloxías coas representacións e cos estereotipos mostra a interrelación destes conceptos, que se van definir a continuación:

As *ideoloxía*s están constituídas por representacións en interconexión (Boyer, 2003a: 17), é dicir, ese concepto abstracto que é a representación –presente case de xeito inconsciente na mente da sociedade– vai se-la base de ideoloxías; polo que estas, ó estaren formadas por aquelas, poderían definirse como funcionamentos representacionais orientados cara a un fin. Ese fin, que maioritariamente é político (aínda que hai excepcións, por exemplo a ideoloxía feminista), pretende ser unha forma de control. De feito, Boyer define a ideoloxía

sociolingüística como "un corps de représentations (sociolinguistiques) organisé et mobilisé dans une visée de contrôle de esprits"[69] e pon como exemplo a ideoloxía do "unilingüismo"[70] que se dá na comunidade lingüística francesa (Boyer, 2003a: 37)[71]. Con esta concepción de ideoloxía dá un paso adiante sobre a definición do termo que presentaron autores coma Rouquette et Rateau. Estes, que tamén as definiran en relación coas representacións, presentáranas establecendo unha xerarquía onde a ideoloxía se situaba nun nivel superior con respecto á representación, e esta á actitude:

> On peut ainsi recourir à une architecture simple (*cf.* Rouquette, 1996) dans laquelle l'attitude apparaît comme l'instance de cohésion (et tout simplement de "raison") des opinions, et la représentation sociale, en tant que niveau conceptuel génératif, comme l'instance de raison des attitudes. Reste posée la question de l'idéologie et il est tentant de considérer celle-ci comme l'instance de raison des représentations (Rouquette et Rateau, 1998: 24).

Nesta definición xa se aprecia como o termo *actitude* adquire unha nova dimensión dentro deste paradigma teórico. Rouquette et Rateau (1998: 23) analizan como entran en competencia as nocións de actitude, representación e ideoloxía. O primeiro termo, que xa se viu que "reinou" durante moito tempo na psicoloxía social, queda –segundo eles– obsoleto e cun carácter puramente "ad hoc"; relégano a unha forma específica dunha representación social ou dunha combinación de representacións (Rouquette et Rateau, 1998: 24). Daquela, a actitude sería esa concreción da representación ou mesmo de varias representacións, unha noción da que o suxeito é xa consciente e que manifesta en determinadas opinións ou accións[72].

---

[69] Esta dimensión xenérica de ideoloxía é a que emprega tamén Iglesias Álvarez (2002a: 28-30) quen, baseándose fundamentalmente na escola norteamericana e seguindo a Van Dijk, afirma que as ideoloxías están no conxunto da sociedade, da maioría silenciosa, sen que case ninguén sexa consciente delas. Para esta autora "a máxima importancia das ideoloxías radica en que guían a interpretación do mundo, dos suxeitos e condicionan o seu comportamento social, polo tanto estudialas permitiranos comprender en maior medida a realidade que nos rodea" (Iglesias, 2002a:34). Parte esta investigadora de que as ideoloxías non son inherentemente negativas nin limitan o seu significado a aquelas representacións do mundo que lexitiman o poder establecido. Os líderes son os que expresan as ideoloxías de xeito máis abstracto e máis elaborado porque son autonconscientes delas.

70 O unilingüismo en Francia supuxo a loita por impoñer unha soa lingua, eliminando calquera outra –igual có monolingüismo imposto durante anos en España, pero coa particularidade de que pretendeu eliminar ademais tódalas variantes rexionais da propia lingua.

[71] Ninyoles e Aracil analizan minuciosamente os procesos de ideoloxización da diglosia que van ser obxecto de análise máis adiante.

[72] Iglesias Álvarez (2002a: 35; 2002b: 22-23) tamén sitúa as ideoloxías nun plano moi xenérico (igual cós "valores") e coincide en certa medida coas consideracións de Boyer ó afirmar que o concepto de ideoloxía está estruturado por compoñentes máis concretas como son as actitudes. Estas, igual cás ideoloxías, teñen unha dimensión valorativa e non están compartidas culturalmente, a diferenza entre elas márcaa o nivel de especificidade:

Ese carácter de consciencia que encerra a actitude recólleo Boyer, e insiste na importancia que poden ter actitudes coma a de lealdade en situacións de minorización lingüística:

> Dans l'orde des ***attitudes*** soumises aux représentations et idéologie(s) diglossiques, les usagers d'une langue dominée peuvent collectivement avoir et manifester (ou non) à l'égard de cette langue un "sentiment" (Weinreich, 1953) de *loyauté* plus ou moins important. Il est évident que dans des situations de ***minoration***, lorsque le plein exercice d'un idiome communautaire est en cause, cette attitude peut jouer un rôle fondamental dans l'évolution de la concurrence sociolinguistique (Boyer; 2003a: 41; 2003b: 176)

Tal e como explica o propio autor, non todo o mundo comparte a mesma lealdade en materia lingüística, feito que provoca as diferenzas no desenvolvemento dos conflitos diglósicos, debido ó seu carácter de factor decisivo. Semella evidente que se se conseguise que a actitude de lealdade cara ó galego fose predominante entre os galegos, a sorte da lingua dentro da comunidade sería outra diferente á que está correndo na actualidade[73].

Volvendo ó esquema presentado arriba, cómpre agora comprobar como o mesmo procedemento de retroalimentación entre as ideoloxías lingüísticas e as representacións se repite cos estereotipos; polo que ó mesmo tempo que axudan a configura-las ideoloxías, estas –ó mesmo tempo– inflúen naqueles. O termo *estereotipo*, tamén tomado da psicoloxía social, empregouse sempre nas análises sociolingüísticas realizadas desde os parámetros da escola norteamericana[74], aínda que, neste contexto, os estereotipos pódense definir como representacións totalmente fixadas e moi asentadas porque levan tempo funcionando como tales. Un estereotipo aparece compartido polo conxunto da comunidade debido a que non evoluciona, "est sûrement la construction la plus réductrice en même

---

Como xa dixemos, as ideoloxías representan o maior nivel de xeneralidade, de xeito que estas se traducen á súa vez en actitudes máis específicas, que se refiren xa a obxectos concretos. [...] En consecuencia, o que distingue as actitudes das ideoloxías é simplemente o maior nivel de especificidade das primeiras. Cómpre aclarar, sen embargo, que non sempre as actitudes forman sistemas ideolóxicos, xa que pode haber actitudes illadas que non se integren en ningunha ideoloxía concreta." (Iglesias Álvarez, 2002b: 23)

[73] No último trimestre de 2004 saíron á luz os datos do Instituto Galego de Estatísitica (IGE) nos que se mostraba a alarmante perda de falantes do galego (www.ige.xunta.es). A prensa durante o mes de novembro dese ano fíxose eco da cuestión: por exemplo *La Voz de Galicia* o día sete ou *Galicia Hoxe* o catorce. Tamén é tema central dos bolentíns semanais en liña de A Mesa nesas datas (amenanl.org).

[74] Iglesias Álvarez (2002b:28) pon este concepto en relación coas actitudes asegurando que "canto maior sexa a nosa información sobre o obxecto de actitude, en menor medida caeremos na aceptación de *estereotipos*". Ela definiu os estereotipos como construtos cognitivos que fan referencia ós atributos persoais dun grupo social, e considera que a súa creación forma parte do proceso de categorización, a través do que o ser humano simplifica o mundo que o rodea para poder comprendelo (Iglesias Álvarez, 2002a: 42), función esta –por outra parte– propia das actitudes. O problema dos estereotipos é que se empregan para que certos grupos, no caso que a nós nos interesa grupos lingüísticos, manteñan a súa posición dominante sobre outros, posición que acaba percibíndose como inherente e non conxuntural. Cos estereotipos negativos asocia tamén esta investigadora os prexuízos, que desembocan na discriminación.

temps que la plus prisée d'une réalité, linguistique en particulier" (Boyer, 1997a: 18), mentres que as representacións nin as comparten tódolos membros da comunidade nin están tan fixadas.

Para rematar coa explicación dos elementos que configuran o imaxinario comunitario da lingua só resta defini-lo concepto de *imaxe*, que –tal e como explica Boyer (2003a: 18)– empregouse maioritariamente como sinónimo de representación, aínda que sinala como P. Moliner distingue un termo do outro ó considerar que a representación ofrece unha visión máis xenérica, sendo a imaxe máis específica. Daquela, dentro de cada representación existirían diferentes imaxes, ou, dito doutro xeito, unha representación podería dar cabida a diferentes imaxes. Boyer explícao cun exemplo tirado do propio Moliner: a representación dunha empresa dá lugar á elaboración de imaxes múltiples, serían a do patrón, a do vendedor, mesmo a das relacións humanas. Da mesma maneira a representación da xustiza estaría configurada pola imaxe do xuíz, do avogado defensor, do reo, etc.

Analizado o conxunto do imaxinario comunitario, as representacións –máis ou menos estereotipadas– son os seus constituíntes fundamentais (Boyer, 2003a: 18), polo tanto será fundamental a análise das mesmas dentro das sociedades diglósicas para comprende-lo imaxinario particular das situacións de conflito lingüístico con tales características, e así poder actuar en consecuencia. Boyer xa en 1997 aseguraba que os usos diglósicos, que dependían do imaxinario sociolingüístico colectivo, á súa vez dependían das representacións e normas que conformasen tal imaxinario, e polo tanto das ideoloxías que "peuven être porteuses aussi bien de valorisation, de sécurisation, de sublimation, que de dévalorisation, d'insécurisation, de culpabilisation." (Boyer, 1997a: 18). Deste xeito os estereotipos e prexuízos (termos sinónimos para moitos psicólogos sociais), así como os valores[75] e os mitos (representacións tamén fixadas e simplificadas pero idealizadoras da realidade lingüística)

> [...] contribuent largement à promouvoir, en situation de conflit diglossique, ***idéalisation, stigmatisation, folklorisation*** en ce qui concerne la/les langues dominées. ***Légitimation*** et ***illégitimation***[76] ***sociolinguistiques*** sont également directement liées à ces composantes de l'imaginaire collectif (Boyer, 1997a: 20; 2003b: 175).

[75] Marcas lingüísticas intracomunitarias que se transmiten pola escola, medios de comunicación e sectores profesionais.

[76] En relación coa lexitimación e ilexitimación das linguas sitúa Boyer a "nomination/désignation" das mesmas, xa que a denominación de "patois" (no caso das linguas rexionais do estado francés), lingua nacional, oficial –no noso caso cooficial-... vai sinalando unha postura determinada.

Esta liña de pensamento recolle a dos sociolingüistas cataláns da segunda metade do século XX, en especial a de Ninyoles, quizais un dos persoeiros máis influíntes na SLC e tamén na occitana. Desta maneira nas dúas escolas destacouse a denuncia da *ideoloxía diglósica*, como aquela que leva a perpetua-lo dominio dunha lingua sobre outra, provocando unha situación de alienación lingüística:

> La polaritat diglòssica entre dos sistemes lingüístics reflecteix diversos nivells (socials, polítics) de poder i tendeix a ésser valorativa. Les ideologies diglòssiques importen, no sols com a imatges incorrectes, sinó com a creences que, sancionant codis de conducta lingüística, alteraran les funcions lingüístiques de la societat (Ninyoles 1982: 124).

A sociolingüística occitana, igual cá catalá[77], vai analizar minuciosamente o proceso de "ideoloxización da diglosia", de feito esta ocupouse de denuncia-las ideoloxías no contexto de contacto de linguas que mostran un carácter conservador, tendo como misión estabiliza-la situación de tensión, é dicir, oculta-lo conflito[78]: "Les ideologies diglòssiques tractaran d'estabilitzar aquesta situació tensa; però les mateixes qualificacions socials fan aquest intent illusori" (Ninyoles, 1982: 124) [79]. Así, estas ideoloxías contribuirían eficazmente a frear tendencias perturbadoras e a restablecer un certo equilibrio disimulando a verdadeira diverxencia: o dilema substitución-normalización[80], denominado como asimilación–normalización na sociolingüística occitana. Nestes termos, seguindo a Ninyoles e Aracil que xa denunciaron certos fenómenos que se encadraban nesta dinámica como o autoodio

[77] Os occitanos seguen ós cataláns quen, en palabras de Lafont, achegaron "une contribution particulièrement originale à la sciolinguistique". De tódolos xeitos presentan algunha diferenza: "Si d'une manière génèrale la SLC a évoqué la substitution, l'assimilation essentiellement en termes socio-culturels, politiques, institutionnels, la SLO (et plus particulièrement R. Lafont) a abordé le problème en termes plus psycholinguistiques, en proposant "d'esclairar "del dedins" l'anàlisi de la situació de diglòssia pel concepte de neuròsi diglòssica" (Boyer: 1986: 37, 38).

[78] Ninyoles (1982: 68-70) estableceu a diglosia como unha imaxe social, xa que escapa do marco estritamente sociolingüístico e hai que estudialo desde unha perspectiva social, onde a estrutura unitaria de poder integra e combina os elementos en conflito mediante o establecemento dunha xerarquía entre eles. É polo tanto un fenómeno social –fronte ó bilingüismo que Ninyoles considera individual– que se pretende que dea unha imaxe estable pero que comporta elementos de inestabilidade.

[79] Concorda con el Boyer (1986: 36).

[80] Nunha situación de conflito lingüistico, onde unha lingua A está presionando a unha lingua B que pertence á mesma familia, se a lingua B non se normaliza acabará asimilada e/ou substituída pola lingua A. (Ninyoles: 1982). O termo substitución (ou asimilación, aculturación) é moi usado nas sociolingüísticas catalá e occitana para denominar un proceso que se dá nun espazo de tempo longo, converténdose nun proceso histórico no que existe unha concatenación de etapas, onde se modifican o que Aracil chama *ámbitos lingüísticos*: "El concepte d'àmbit lingüístic correspon a la distribució d'una determinada varietat lingüística en funció de certes variables socioculturals, que no són pas necessàriament les mateixes en totos els casos. [...] la interprenetració o imbricació explica la labilitat dels àmbits lingüístics, els quals no són mai fixats definitavament. La història demostra que poden desplaçar-se, reduir-se i estendre's en diverses direccions. El procés de substitució consisteix precisament en això" (Aracil: 1982:146-147).
Pola súa banda, Rodríguez Yáñez (1997:244) aposta por substituí-lo termo de "normalización lingüística" polo de "planificación lingüística" de dominio internacional e sen as connotacións do primeiro.

(que Boyer denomina tamén "auto-dénigrement" ou "haine de soi"), común a colectividades diglósicas como a valenciana e a galega, ou o "mito bilingüista", como estrataxemas para oculta-la realidade da substitución lingüística, Boyer vai situar actitudes como a de "culpabilidade" como elementos que levan á minorización e subordinación sociolingüísticas, polo que "Les communautés affectées par ces attitudes sont en effet peu tentées par la résistance sociolinguistique" (Boyer, 2003a: 42)

Este imaxinario sociolingüístico comunitario composto polas representacións, estereotipos e ideoloxías, vaise facer visible dentro da comunidade ou rede sobre a que actúa nas actitudes dos seus membros; actitudes que se manifestarán ben en opinións, ben en comportamentos verbais ou non verbais, xunto con outras manifestacións que Boyer, en ocasións anteriores, cualificou de "symptomales", "manifestations qui renvoient à une idéologisation plus ou moins généralisée de la diglossie et son rapport complexe aux usages" (Boyer, 1997a: 24-32). Neste primeiro momento enuncia catro: os comportamentos hipernormativos; a actividade epilingüística; as prácticas metalingüísticas e as intervencións glotopolíticas; posteriormente modificou o esquema lixeiramente ben ó elimina-los comportamentos hipernormativos, tal e como se ve no esquema precedente (Boyer, 2003a: 39); ben ó substituílos por "fonctionnements diglossiques du type emprunts, calques, mélanges et alternances de langues" (idem, 2003b: 174).

Tales comportamentos ou manifestacións, que son "spontanés, involontaires et le plus souvent inconscients directement liés aux imaginaires normatifs-puristes", actúan como mostras de representacións diglósicas, dado que derivan da existencia de inseguridade lingüística. Tal inseguridade manifesta unha tensión derivada dunha representación purista marcada polo carácter exclusivo e integrador da Norma.

En 1997 ó lado destes comportamentos situara as "marques transcodiques" que engloban "calques, emprunts, interférences, alternances codiques, etc." (Boyer, 1997a: 24), deixando á vista un proceso de hibridación, que no caso do occitano, está bastante avanzado. En 2003b, no canto dos comportamentos hipernormativos pasan estas marcas a actuar como unha das catro "indicateurs privilégiés" en contexto diglósico. Xa en 2003a, aínda que non se reflictan no cadro, si fai referencia a elas:

> Il est bien évident que les manifestations symptomales sont, en situation diglossique, exacerbées, et l'on observe par ailleurs des fonctionnements langagiers spécifiques (qualifiés de «diglossiques» dans Lafont 1984), comme les «marques transcodiques» (calques, emprunts, interférences, alternances codiques, etc.) (De Pietro 1988: 70). Ou comme ce que R. Lafont appelle la

> *textualisation de la diglossie*: la mise en texte/scène, en langue dominée, du conflit diglossique (Lafont 1983). En ce qui concerne les pratiques métalinguistiques, tout comme les interventions glottopolitiques (militantes souvent) elles ont non seulement une teneur particulièrement polémique, mais également une importante dimension revendicative s'appuyant sur une idéologie identitaire, voire nationaliste (Boyer, 2003a: 42).

Daquela, as prácticas metalingüísticas (dicionarios, léxicos, gramáticas…) e as intervencións glotopolíticas, igual cá actividade epilingüística, inscríbense no inter-discurso, e sendo de individuos, de grupos ou de asociacións de militantes da lingua, ou ben de partidos políticos (todos con tendencia reivindicativa e polémica) "s'appuyant sur une idéologie identitaire et une option politique de type régionaliste ou nationalitaire" (Boyer, 1997a: 29), polo que serven para o diagnóstico dos imaxinarios sociolingüísticos.

4.3.2.3 REPRESENTACIÓNS E ACTITUDES NUNHA SITUACIÓN DE CONFLITO DIGLÓSICO

Tal e como se viu arriba, xa nos anos sesenta se denunciaron desde a SLC (Aracil e Ninyoles principalmente) determinadas ideoloxías e actitudes propias da situación conflitiva que se vivía en comunidades como a valenciana. Unha ideoloxía centralizadora, que busca o monolingüismo en castelán, vai provocar unha serie de representacións, estereotipos e actitudes que se van reproducir, en maior ou menor medida, nos diferentes territorios con linguas minorizadas. Tal ideoloxía foi a impulsora do mito bilingüista, do autoodio e, polo tanto, de determinados prexuízos sobre a lingua autóctona.

O mito bilingüista ó final deixa á vista a representación da superioridade do castelán sobre as outras linguas do Estado, representación que está directamente relacionada coa da infravaloración dos falantes das súas linguas vernáculas (nomeadamente o valenciano e o galego) sobre o castelán. Pese a que co mito bilingüista, aparentemente, se pretendía iguala-lo castelán co catalán no sentido de facelos compatibles e complementarios, quedaba claro que non estaban ó mesmo nivel:

> Lo mite presenta coma indiscutable que lo nòstre bilingüisme es armoniós, estable e imbrandable. Pasmens, lo quite contengut dels arguments es l'inverse d'equilibrat, neutre, imparcial, equitable o juste. L'inferioritat absoluta e probblament "intrinsèca" del catalan a l'egard del castelhan es presa coma pura evidéncia. E pòt èstre la rason per la quala degun ensaja pas de definir en detalh lo bilingüisme inegal –e, de mais, la (plan pauc probabla) vivabilitat de la formula ierarquica es pas jamai discutida o quitament considerada realistament (Aracil: 1982: 43).

Daquela, baixo a insistencia da bondade do bilingüismo, investigadores cataláns denunciárono como unha fórmula "tapadora del canvi lingüistic", en relación co mito do hibridismo e co tópico da indefinición[81], co que se converte nunha das vías principais de oposición consciente á normalización do país (Ninyoles, 1982: 202-203). Ó detectarse o *autoodio* entre os falantes da lingua autóctona, fenómeno que, segundo Aracil, "es la *reductio ad absurdum* del sòmi bilingüista" (Aracil, 1982: 74), polo tanto anúlase a idea de que a situación de bilingüismo nunha comunidade implique harmonía, principio que non se tivo en conta na política lingüística levada adiante desde a Xunta de Galicia que defende o bilingüismo harmónico[82].

Este concepto de autoodio ou "actitud denigratòria[83]" adáptao Ninyoles de Allport[84] para aplicarllo a certo sector da sociedade que se odia a si mesma buscando un intento de identificación[85] co grupo dominante (Ninyoles, 1989: 75-76)[86]:

> Si hi ha valencians que abandonen el català, ès precisament perquè és llur llengua materna i el vincle més enèrgic que els lliga al grup originari –socialment i econòmicament inferior-del qual volen sortir (Ninyoles, 1989: 133)[87].

A análise con respecto ós "grupos" é importante en psicoloxía social, polo que os termos endo- e exogrupo son claves para explicar, e polo tanto entender, moitos fenómenos, entre eles os lingüísticos. O rexeitamento do endogrupo para consegui-la integración no exogrupo a través da lingua aféctalles, segundo Ninyoles, principalmente ós individuos das

[81] Ninyoles denuncia este tópico argumentado que "[...] un és la presumpta indefinició cultural i lingüística del país; un altre, la seua indefinició social".

[82] Desde os anos noventa do século pasado a política lingüística da Xunta de Galicia seguiu o modelo do bilingüismo harmónico, que se caracteriza como "la promoción del uso social de las dos lenguas presentes en la comunidad (gallego-castellano) de tal manera que la competencia en dichas lenguas y su uso libre sea un objetivo general de la comunidad" (Regueiro Tenreiro, 2000a: 95). A fundamentación teórica deste modelo pode verse polo miúdo noutra obra do mesmo autor, que foi Director Xeral de Política Lingüística (Regueiro Tenreiro, 1999a).

[83] Actitude que Ninyoles contrasta coa idealización: "L'actitud denigratòria –en contrast amb la idealitzadora– lubricarà el mecanisme de la substitució. Mentre la subvaloració del propi idioma ens mostraria el procés de canvi lingüístic *in fieri*, la idealització marcaria el fet consumat" (Ninyoles, 1982: 161).

[84] Ninyoles adapta o concepto que Allport definira como o sentimento de vergonza que pode ter alguén por posuí-las calidades que despreza no seu propio grupo, xa sexan estas reais ou imaxinarias.

[85] "...l'autoodi té com a primer efecte la identificació amb els interessos culturals dels grups dirigents" (Ninyoles, 1989: 76).

[86] Segundo Ninyoles "[...] el autoodio tiene, como primer efecto, la identificación con los intereses culturales de los grupos dirigentes. El individuo llega a estar manifiestamente de acuerdo con sus propios superiores, es decir, a contemplar su propio grupo a través de los ojos de aquellos (Ninyoles, 1980: 145).

[87] Afirma que o argumento da "lingua materna" tamén ten unha intención ideolóxica clara posto que "l'abandó de la llengua per part dels valencians és impulsat per una visió *prospectiva* –i no retrospectiva-.

clases medias que aspiran ó ascenso social e que ven na lingua un "símbolo de status"[88]. Aparece así o autoodio como unha manifestación máis do conflito:

> Entendemos que el fenómeno de autoodio está intimamente ligado en nuestra sociedad al proceso de movilidad social y es sumamente característico de las clases medias urbanas. Es decir: suele producirse en aquellos niveles que se han convertido de forma más directa en el escenario de las presiones contrapuestas (=cross pressures) provenientes de los grupos sociales y lingüísticos más claramente opuestos (Ninyoles, 1980: 149).

Este autor delimitou os implicados como "individus econòmicament ascendents, els quals poden veure en l'idioma d'origen un llast per a llur ingrés dins els estrats superiors" (Ninyoles, 1989: 80), deixando fóra ós integrantes da clase dominante e dos estratos sociais máis baixos que adoitan ter unha consciencia lingüística bastante espontánea. Este abandono da lingua orixinaria desconecta o individuo do seu grupo social e cultural, tal como se vía na cita da páxina anterior[89].

Esta actitude "denigratoria" aparece clasificada na obra de Ninyoles dentro do que denominou "dinámica do prexuízo", concepto este ó que lle sitúa a orixe no conflito e competición entre grupos (Ninyoles, 1982: 149-165). Entra claramente na explicación que dos prexuízos se dá desde a psicoloxía social, onde se ligan directamente cos estereotipos, de feito "La investigación de prejuicios está estrechamente ligada a la de los estereotipos, expresión acuñada en 1922 por W. Lippmann" (Rodríguez, 1996: 296)[90], pero tamén co concepto de actitude desenvolto pola escola norteamericana[91]. De calquera forma, aínda o

---

Deste xeito afecta ós estratos inferiores da sociedade (que se centran nos aspectos dinámicos da sociedade e non nos estáticos como fan as clases altas) que prentenden subir na escala social.

[88] "Por "símbolo de status" entendemos aquí un indicador de posición social simbólico, é dicir, "unha base adecuada de inferencia para situar un individuo nunha posición de clase ou noutra" [...] En tódalas civilizacións a linguaxe ou as diferencias de idioma foron un dos signos máis salientables de status prescrito" (Ninyoles, 1991:77).

[89] Trátase da que comeza "Si hi ha valencians..."

[90] Segundo este autor, a partir dos anos trinta do século XX, a distinción entre estereotipo e prexuízo foi meramente teórica. De feito en autores como Calvet (1998: 43) vese como se identifican ambos conceptos.

[91] De feito, desde o punto de vista psicosocial cando se fala de prexuízos sempre se fai referencia ás actitudes, existindo dúas tendencias segundo as diferentes definicións e explicacións dadas ó respecto (Martínez Martínez, 1996: 14): por un lado estarían as que parten da consideración do prexuízo como unha actitude coas tres compoñentes consabidas, que na maioría dos casos serían negativas; polo outro as que destacan os seus aspectos cognitivos. De xeito paralelo, o primeiro grupo considera o prexuízo como un proceso social (posto que o obxecto do prexuízo é unha categoría, un grupo social ó que non se pertence), idea coa que autora está máis de acordo, mentres o seguinte grupo o ve como un proceso individual. Aínda así, uns e outros coinciden nunha serie de aspectos:

> El prejuicio implica una serie de creencias, opiniones, acerca de su objeto que conllevan una valoración o juicio de valor. Se caracteriza por ser más o menos falso, defectuoso o erróneo y es compartido por un grupo social, aunque los sujetos varían en la intensidad con que lo mantienen. En mayor o menor medida influye sobre el comportamiento aunque no mantiene una relación directa con la discriminación (Martínez Martínez, 1996: 15).

marco teórico baixo o que se vai analizar esta investigación non é o da escola norteamericana, conceptos da psicoloxía social coma o de prexuízos ou estereotipos empréganse co mesmo significado. É nesta disciplina onde se traballou sobre a orixe dos prexuízos, individual para uns, sociocultural ou intergrupal[92] para a maioría, como un feito influído polas pautas sociais e culturais e moi en relación coas normas grupais:

> Lo cierto es que la estructura social crea y mantiene normas vinculadas con los prejuicios. En toda sociedad los ciudadanos conocen el conjunto de reglas por las que se rigen sus conductas y actitudes públicas hacia otros grupos y hacia ellos mismos. Una sociedad con una larga tradición de etnocentrismo, por ejemplo, conduce a sus miembros a pensar y manifestarse ante los exogrupos según tal pauta. Consecuentemente, una costumbre o norma social se expresan en forma del prejuicio que las refleja (Martínez Martínez, 1996: 18)[93].

Desde a Psicoloxía Social tense demostrado que os procesos de categorización tenden a aumenta-las diferenzas intergrupais e a reduci-las intragrupais, feito no que se basea a estereotipia que sobrevalora o endogrupo fronte ó exogrupo. Tales categorizacións dan lugar ós prexuízos mediante procesos de esaxeración e polarización motivados por erros que se producen no proceso inferencial. Desta maneira, os prexuízos, como xuízos apriorísticos cunha sobrecarga afectiva que infravaloran ou supravaloran os obxectos suxeitos a avaliación, están constituídos por estereotipos. De feito, a caracterización dos grupos realízase mediante estereotipos:

> La caracterización acertada de grupos sociales define los sociotipos. Lo que la gente cree sobre otro grupo de personas define su estereotipo. Los estereotipos se entremezclan con los sociotipos sólo de modo imperfecto. Los estereotipos tienden a ser más rígidos y menos abiertos a la experiencia que las creencias que desarrollamos por nuestra cuenta. Rechazar un estereotipo que aprendimos de nuestros padres es un poco como rechazarlos a ellos. Por esta razón, prestamos menos atención a la información que es contradictoria con nuestros estereotipos. Dicho de otro modo, cuanto mayor es el grado de estereotipación de un grupo concreto, menos probable es que nueva información cambie nuestros estereotipos (Triandis, 1974: 107).

Esa diferenza entre os diferentes grupos é a que ás veces dita a emisión de xuízos desviados sobre as linguas (ou algunha das súas características) ou sobre os seus falantes, serían os prexuízos lingüísticos (Tuson, 1997: 33). Estes funcionan, "como un mecanismo

[92] A importancia das relacións intergrupais na psicoloxía social mesmo para a análise sociolingüística déixana ver Lameiras e González: "Las actitudes lingüísticas no son el ejemplo más característico del constructo actitudinal y además su estudio ha de desarrollarse de forma indisociable al estudio de las relaciones intergrupales en medio de las que se gestan y mantienen determinadas actitudes lingüísticas" (Lameiras e González, 1996: 180).

[93] Partindo disto, a autora chega á reflexión de que o prexuízo pode tornarse norma social e así busca-la súa consolidación nas institucións e nas normas legais; pero do mesmo xeito unha norma legal pode crear un prexuízo que nunca se mostrara antes.

para obter información sobre os demais unha vez que se coñece a súa forma de falar" segundo Recalde (1995: 12), quen distingue dous tipos:

> Convén, sen embargo, diferenciar os prexuízos e estereotipos que se orixinan a través da sobrexeneralización dun ápice de verdade das actitudes provocadas por erros ordinarios do coñecemento, pois, se estas últimas son revisadas sobre a base de información contraria e substituídas por outras máis axeitadas cando a información non encadra no esquema cognitivo, os suxeitos dos primeiros clasifican as novas informacións como desviadas ou procésanas selectivamente, escollendo só aquelas que confirman os seus preconceptos (Recalde, 1995: 12).

Os prexuízos acaban derivando en discriminación, xa que cando dous colectivos están en conflito por teren status desigual, a práctica da discriminación faise norma social (Martínez Martínez, 1996: 35-43). Daquela, a referencia ó grupo social de pertenza enlaza con outro concepto ligado, o de identidade, que se tratará máis adiante:

> Tener prejuicios es "pensar mal de otras personas…(tener) sentimientos de desprecio o desagrado, de miedo y aversión, así como variadas formas de conducta hostil" (Allport, 1953, p.21). Esas "otras personas" son los miembros de los grupos a los que yo no pertenezco, es decir de todo exogrupo. (…) Al prejuicio, por tanto, podemos definirlo como una actitud negativa hacia un exogrupo. (Rodríguez, 1996: 297).

A existencia do autoodio nas comunidades diglósicas como unha manifestación do conflito recóllea H. Boyer baixo a denominación "*auto-dénigrement* ou *haine de soi*, situándoo ó lado da culpabilidade e da inseguridade lingüística, como as actitudes máis claras en situacións de conflito lingüístico, posto que "sont autant d'adjuvants de la *minoration*, de la *subordination* sociolinguistiques" (Boyer, 2003b: 176).

Esta minorización, provocada por determinadas ideoloxías, analizárona algúns autores en termos de "colonialismo". Calvet cualifica baixo eses parámetros o discurso das administracións, que el denomina "colonizadoras", que ten como como función "la justification de la glottophagie et de la politique qui l'englobe (Calvet, 1974: 129-130), co cal vai influir na concepción que os "colonizados" teñen da súa propia lingua. En termos similares tamén se expresou Rodríguez Sánchez (1998: 83-86) ó interpreta-la realidade lingüística galega como unha consecuencia da dominación que sofre a comunidade desde o punto de vista económico, político e cultural[94], repercutindo así nas ideoloxías lingüísticas que guían a posición do galego.

[94] Distingue neste contexto catro ideoloxías fundamentais: ideoloxía da morte, ideoloxía bilingüista pequeno-burguesa, ideoloxía culturalista e ideoloxía da normalización.

En realidade, as ideoloxías lingüísticas están, en certa medida, condicionadas polas políticas lingüísticas levadas a cabo desde os gobernos, que –segundo a ideoloxía (política) que profesen– van actuar dun ou doutro xeito sobre as linguas minorizadas[95]. En Galicia, lévase criticando desde a década dos noventa a política lingüística da administración autonómica por carecer de planificación lingüística explícita reducíndose a actuacións normalizadoras (Lorenzo Suárez, 1999: 7-8)[96]. Pero a propia falta de planificación cara á lingua minorizada responde a unha determinada ideoloxía.

Toda ideoloxía monolingüista (denominada "unilingüista" en Francia), máis ou menos dirixida polo goberno, vai provocar actitudes como a de inseguridade ou de deslealdade que levan á disidencia (Boyer, 2003a: 43). A actitude de inseguridade cara á lingua minorizada dáse en situacións de plurilingüismo ó compara-la propia fala, ben coa lingua teito, ben –en caso de que estea en vías de normalización– coa norma estándar que se lle estableza.

Calvet, que profundiza no que el denomina "noción lavoniana de inseguridade lingüística", derivada de determinadas imaxes ou representacións da lingua, entende que "l'insecurité peut aussi bien résulter de la comparaison de son parler avec le parler légitime" (Calvet, 2000a: 187). Insiste en que se pode actuar sobre ela e modificala[97], labor previo a calquera política lingüística que pretenda normalizar unha lingua na que os falantes non se sintan seguros:

> Si nous considérons que ce choix est bon, que cette forme linguistique est celle qui convient le mieux au pays, celle qui est par exemple la plus apte à assurer le développement, il faut alors lutter contre les forces d'insécurisation (ici insécurisation statutaire ou identitaire) pour faciliter *in vivo* les

[95] Boyer trala análise do peso das representacións nas políticas lingüísticas catalá e galega, basea a diferenza entre os dous estadios de normalización da lingua no impacto da normalización institucional que, fronte ó forte que é en Cataluña, en Galicia "la prudence de l'entreprise officielle de normalisation a laissé le champ libre à des actions militantes remarquables, développées par des associations en prise directe avec la société civile: l'Asociación sociopedagóxica galega et A Mesa pola normalización lingüística en tout premier lieu [...]" (Boyer, 2003b: 181). Vén sendo o que Lorenzo Suárez (1999: 7) denominara "accións normalizadoras *de abaixo arriba* –en forma de sinerxías da sociedade civil que recolle o pulo normalizador de distintos sectores da sociedade galega".

[96] Desta maneira, Lorenzo Suárez considera que non se pode analizar un proceso de planificación lingüística da lingua galega, porque tal proceso non existiu, o que o leva a emprega-lo termo de "xestión normalizadora" (Lorenzo Suárez, 1999: 8).

[97] Reflexionando sobre o tema da inseguridade lingüística considera que se esta é unha representación adquirida, polo tanto non innata, pódese actuar sobre ela e modificala. De feito cre que a modificación das representacións é a solución para levar adiante unha política lingüística democrática, é dicir, coa que a poboación estea de acordo, que –aínda que a curto prazo sexa menos eficaz– vai conseguir uns logros máis duradeiros. Así o modelo de planificación que el propón oponse ó "impérative, autoritaire" de Cataluña de hoxe ou da Italia de Mousolini que ignora as relacións entre "pratiques et représentations" (Calvet, 2000).

> choix de politique linguistique effectués *in vitro*, donc intervenir sur les représentations pour donner une image positive de la langue et renforcer la sécurité de ses locuteurs (Calvet, 2000a: 189).

Quizais esta poida ser unha das explicacións ás dificultades do proceso de normativización do galego, que elaborou un estándar co que unha maioría importante dos falantes non se identifica. Así a "inseguridade" de non falaren correctamente fronte á lingua que se estableceu como "culta" durante moitos séculos (o castelán), mantense diante dun estándar no que moitos non están formados, pero que mesmo entre os formados resulta estraño[98]. As cualificacións de "inventado", xunto coa estrañeza que provoca unha lingua difundida desde os medios de comunicación cunha fonética e sintaxe moi próximas ó castelán, pero cun léxico moi purista (trazo que os galegófonos presentan moi interferido), incrementan o rexeitamento dunha norma que ó mesmo tempo está idealizada como "galego correcto" ou "bo galego" fronte ás diferentes variantes dialectais. Esta idealización da norma contradise coa falta de vontade para aprendela, dado que por encima pesan as representacións negativas cara á lingua, e, sobre todo, a súa falta de necesidade, punto que se demostra na análise de Iglesias Álvarez (2002b: 254-260). Infravalórase a necesidade de aprende-lo galego no sistema educativo apoiándose no criterio do horizonte territorial das linguas e na falta de motivación instrumental que esta lingua leva unida. Os únicos argumentos que apoian a necesidade do galego son as motivacións expresivas e integrativas; esta última referida á integración no ámbito que lle é normal: o rural.

Daquela, pese a que a practica do galego é normal aínda para unha maioría dos galegos, na maioría dos casos non ten detrás unha actitude de seguridade e tampouco de lealdade. De feito esta inseguridade é a que lles axuda a xustifica-la súa deslealdade e , polo tanto, a disidencia lingüística. Pola contra a actitude de lealdade é a que xoga un papel importante na normalización dunha lingua minorizada. De feito Ninyoles define tal actitude, baseándose en Weinrich, como "un tipo de actitude cultural que implica a adhesión á propia lingua de cara ó seu mantemento", e destacándoa como un estado emocional que se centra na vinculación cos valores do propio grupo, cuestión que acaba derivando no tema da identidade. Ademais este autor insiste en que esta actitude é a solución para o grupo lingüístico que, nunha situación de conflito, se encontra en desvantaxe (fronte á

[98] Pode verse Kabatek (2000: 98-116). Nesta investigación realizada entre profesionais da lingua (licenciados en filoloxía galega, profesores, locutores de radio e televisión) atopou que maioritariamente sentían o galego estándar –sobre todo o dos medios de comunicación– como unha variante artificial, así como moito menos auténtico có dialectal, ó que si consideraban bo galego, pese ós castelanismos e demais interferencias deste.

asimilación pola lingua dominante, ou a conservación das pautas lingüísticas nunha posición subordinada[99]), é dicir, a maneira de resisti-la presión do grupo dominante (Ninyoles, 1991: 73-75).

Esta evidencia de que a actitude de lealdade ou adhesión lingüística está en relación coa identidade, demostrouna Boyer cando analizou o estado de normalización do galego contrastándoo co, superior, do catalán. Concluíu que, para unha maioría de galegos a lingua non ten detrás unha reivindicación de identidade, coma no caso de Cataluña, que vén dunha loita colectiva pacífica pero constante contra o franquismo e o anticatalanismo. Pola contra, o uso do galego está estigmatizado, sendo unha marca de ruralidade, incultura, etc. e freando así a súa normalización (Boyer, 2003b: 180-181). Nesta cita tócanse dous temas que é necesario ampliar un pouco: a relación entre lingua e identidade por un lado e o estigma que supón o galego pola outra.

A relación entre a lingua e a identidade é un tema demasiado amplo como para afrontalo aquí en tódolos seus aspectos, pero resulta imposible non facer ningunha mención a el debido á importancia que se lle dá á identidade na cuestión do mantemento da lingua, segundo se desprende de declaracións como as de Lameiras Fernández:

> Sin embargo, a pesar del bajo prestigio social que muchas lenguas muestran y que según estas teorías tenderían a desaparecer como fruto de la asimilación hacia colectivos lingüísticos más valorados, persisten indefinidamente (Ryan & Caranza, 1979). Si la lengua es el mejor símbolo de la identidad social del sujeto, las fuerzas centrípetas que dentro del grupo se ejercen para su mantenimiento, garantizado por su importante función, seguirán actuando y el mantenimiento de la lengua se convierte así en un importante objetivo. Manteniendo la lengua se mantiene la propia identidad social, y a través de ella la identidad personal. Aunque, no hay que olvidar un aspecto importante señalado ya por Tajfel (1974). Los individuos además de pertenecer a una etnia determinada son miembros de otras categorías sociales que pueden contribuír en diferente medida al concepto que éstos tienen de si mismos (Lameiras, 1994: 294).

[99] Compara esta actitude de adhesión lingüística entre a sociedade preindustrial e a industrializada, nesta última "a lingua chega a conseguir unha alta posición na escala de valores, unha posición que, necesita ser "defendida" fronte á ameaza do cambio ou das interferencias lingüísticas" (Ninyoles, 1991: 74). A diferenza entre as dúas sociedades xa a expuxera Ninyoles anos antes (Ninyoles, 1977) completando a súa teoría do conflito lingüístico no tocante ás funcións lingüísticas dunha sociedade avanzada fronte a unha preindustrial:

> [...] la sociedad moderna industrial reclama la capacidad en el manejo del lenguaje, como una de las premisas básicas de su organización, y que los procesos de urbanización e industrialización llevan consigo importantes consecuencias de orden lingüístico, en especial como factor determinante de posiciones económicas (Ninyoles, 1977: 85).

Así nas sociedades agrícolas escasamente alfabetizadas, onde a maioría da poboación está á marxe de ascensos sociais ou económicos, falar un idioma e non outro acéptase como algo natural e non se considera que poida ser obxecto de loita (Ninyoles, 1977: 83). O feito de que as funcións lingüísticas sexan moito máis complexas na primeira ca na segunda explica porque o conflito lingüístico se manifesta primeiro e con máis forza en Cataluña ou no País Vasco ca no País Valenciano e sobre todo en Galicia.

Desde unha perspectiva psicosocial, a identidade xorde do coñecemento que ten un individuo de pertencer a un grupo ou categoría social, ó que se lle une o significado avaliativo e afectivo asociado a esa pertenza (Tajfel, 1984: 292). Ese grupo no que se encadran unha serie de individuos que teñen lazos que os identifican, o endogrupo, pode compartir semellanzas obxectivas (lingua, relixión, cultura, territorio...) pero sempre un elemento subxectivo: a autoconciencia grupal. Daquela cabe preguntarse sobre se galegofalantes e castelanfalantes comparten a conciencia de pertenceren ó mesmo grupo, é dicir, hai que trata-la cuestión da identidade dos individuos segundo a súa pertenza a comunidades con dúas linguas[100]. Existen datos que permiten asegurar que o galego está lonxe de ser unha marca de identidade clara para a maioría dos galegos. O estudo cuantitativo realizado polo Seminario de Sociolingüística da RAG (MSG, 1996) mostrou que un 58,4% dos entrevistados consideraba que o galego era a lingua dos galegos[101], mentres un 39,9% marcou as dúas e un 1,8% o castelán. En sintonía con estas respostas, só un 16,3% entendeu que "falar galego" era o trazo que máis contribuía a ser galego, por detrás de "traballar aquí" cun 21,4% e de "nacer en Galicia" cun 62,3%; aínda que unha maioría da poboación (76,8%) considerou que a perda da lingua levaría consigo a perda da cultura e identidade galegas.

Con todo, esa eliminación da lingua como sinal identificador pode axudar a entende-los resultados do estudo que Sangrador García publicou na mesma data sobre identidades, actitudes e estereotipos na España das autonomías[102]. Destaca o autor os *auto* e *heteroestereotipos* dalgunhas comunidades autónomas á hora de pretender defender unha identidade diferencial (1996: 100), quedando á vista que os galegos non xeraron unha autoimaxe tan nítida e positiva coma a dos cataláns e vascos, quen, á súa vez, a empregou a modo de estratexia reivindicativa dunha identidade "diferencial"[103] fronte a outras Comunidades Autónomas ou ó Estado-Nación. De feito, identifícanse coa súa comunidade

[100] M. Fernández (2000) párase a reflexionar sobre isto tomando unha mostra concreta, os cidadáns vigueses, dos que se dubida se terán unha ou dúas identidades lingüísticas sabendo que a maioría se declara bilingüe e só o 15% considera que é máis galego o que fala galego. Pensar en se existe unha identidade para os monolingües ou dúas para os bilingües lévao a concluír que tal vez non haxa que tomar tan en serio o tema das identidades.

[101] Foi o grupo de idade comprendido entre os 16 e os 25 anos o que mostrou maior favorabilidade con esta opción.

[102] O estudo realizouse mediante unha técnica de lista de adxectivos que consiste en entregarlle ó entrevistado unha relación de trazos entre os que ten que escoller os que considere máis típicos ou representativos do modo de ser dos habitants de cada un dos grupos estudados.

en primeiro lugar, sentindo unha identidade menor cos españois (os cataláns identifícanse antes con Europa ca con España e os vascos son os que menos españois se senten, pero tampouco europeos). Pola súa banda, os estereotipos dos galegos non están tan definidos, excepto os de tipo afectivo-emocional[104].

En Galicia, en investigacións máis recentes, confirmase de novo que unha gran parte dos actores sociais non senten a lingua como un elemento esencial na construción da súa identidade. Este grupo está formado, loxicamente, polos urbanitas castelanfalantes que "rexeitan abertamente a asociación que une *ser ou sentirse galego* co feito de *falar a lingua galega* ou mesmo *dominala*", pero tamén por ruralitas galegofalantes sen estudos superiores e de máis de trinta anos[105] (Iglesias Álvarez, 2002b: 274). Estes recoñecen unha identidade cultural pero non política, dado que, para eles, sentirse galegos non implica reivindicar unha nacionalidade diferenciada. Ademais a devandita identidade cultural deixa á marxe a lingua ó considerala un elemento con valor simbólico. Fronte a estes situaríase un grupo minoritario configurado por galegofalantes, pero tamén por neofalantes de

[103] Segundo o autor tal estratexia pode chegar mesmo a resucitar antigas diferenciacións (culturais e incluso biolóxicas) coa finalidade de xerar novos valores de autoidentificación grupal.

[104] Sangrador destaca unha imaxe dos galegos:

> [...] genéricamente positiva pero quizá algo inespecífica, cercana a la de aragoneses y castellanos, y en la que también dominan los adjetivos de "uso cotidiano" en el leguaje: buena gente (primera en el ranking en los estos tres grupos étnicos), trabajadores, etc. Sin embargo, aparecen unos pocos rasgos salientes tranversalmente que ofrecen una imagen no tan inespecífica y bastante coherente: *supersticiosos, desconfiados, aventureros, humildes, sencillos, cerrados, amantes de su tierra...* (Sangrador García, 1996: 126).

Recentemente, apareceu na prensa (La Voz de Galicia, 6 de marzo de 2005) unha noticia sobre as investigacións de dous historiadores: X. R. Barreiro e Núñez Seixas, que afondaron no nacemento e difusión dos estereotipos sobre os galegos. O redactor da noticia (Camilo Franco) di o seguinte:

> Ser gallego viene de lejos y su mala prensa también. Los historiadores coinciden en señalar que el arquetipo para el gallego torpe se inició en la Castilla del Siglo de Oro y tuvo entre sus propagadores a plumas tan brillantes como Lope de Vega o Calderón. Desde ese momento, en la literatura española y portuguesa se alimentó la parodia del gallego convertida en lugar común y exportada como un elemento popular más hacia las colonias iberoamericanas. [...] Para Barreiro hubo un condicionante político y una acción premeditada que hoy sería considerada una campaña de intoxicación.

Núñez Seixas, autor dunha monografía sobre as identidades e estereotipos dos galegos na emigración, pensa que unha das causas dos estereotipos estaba na dificultade co idioma. En palabras do redactor da noticia:

> El historiador apunta que una de las causas que hacía más gracia a los argentinos era "o xeito de falar dos galegos". Seixas asegura que "alá non sabían da existencia da lingua galega e pensaban que os galegos non sabían falar español, o que contribuíu moito a esa imaxe de incultos". Indica también el profesor de la universidad compostelana que "hai que entender que para Arxentina marcharon os galegos con menos cualificación e esto tamén influíu moito na verosimilitude, aínda que sexa tópica, do arquetipo".

Debido que a data da publicación da noticia coincidiu co peche deste traballo, non se conseguiu a localización das investigacións citadas.

[105] Compárese coa análise extraída do estudo realizado polo Seminario de Sociolingüística da RAG (MSG, 1996).

galego[106], que asocian lingua e identidade. Cada un destes grupos ten unha idea diferente sobre os conceptos de Estado e Nación. O primeiro prima a identidade española por riba da galega, polo que, dentro dunha ideoloxía unitarista do estado, identifican este con nación; en consecuencia, unicamente aceptan a obrigatoriedade dun idioma se este representa a un país. No extremo oposto sitúa a autora "os que defenden a existencia de diferentes nacións dentro do mesmo estado" e reclaman a identidade nacional galega apoiándose na lingua como elemento fundamental; postura que ela recoñece como minoritaria, ó xurdir só nun grupo de estudantes universitarios galegofalantes do ámbito rural. O que prima maiormente, tal e como o interpreta a devandita investigadora, é a consideración da identidade galega como sinal dunha cultura diferente dentro da nación española (Iglesias Álvarez, 2002b: 271).

Daquela, aínda que o grao de adhesión ó grupo étnico é máis elevado por parte dunha persoa monolingüe en galego, isto, en palabras de Recalde (2000) "ne veut pas dire que la cause de la dégaleguisation de l'individu castillanisé soit la haine envers lui-même". Esta autora defende a existencia de "gradación" neste tema das identidades, fronte á teoría do autoodio, que, por outra parte, non só se manifesta a través da lingua[107]:

> Ainsi que l'écrit Eriksen (1993), les identités ethniques et les niveaux d'inclusion et d'exclusion du groupe sont des phénomènes graduels, et ils se manifestent sous forme de loyautés et de déloyautés envers le groupe, elles aussi graduelles et hiérarchisées (Recalde, 2000: 32).

Mantéñense na mesma liña de Fernández Rodríguez e tamén Rodríguez Yáñez. Este xa afirmara en 1993:

> Cependant, nous estimons qu'il serait difficile, en Galice tout comme en Catalogne ou au Pays Basque, de mettre d'accord l'ensemble de la population afin de définir quel est le rapport qu'elle établit entre son identité et les langues en présence. Réussir à la mettre d'accord pour définir son identité en termes politiques (ou autres) serait déjà très complexe (Rodríguez Yáñez, 1993: 229).

[106] Segundo Kabatek, este grupo, que abandonou a súa lingua materna (o castelán), fundamentou o cambio "na función da lingua como símbolo de identidade e na reacción en contra da devandita *diglosia intrafamiliar*" (Kabatek, 2000: 99).

[107] Afirma isto baseándose en que se dá o caso dos galegófonos que lle ensinan castelán ós fillos e os castelanófonos que lles poñen ós nenos nomes galegos e que os mandan a clases de baile rexional, o que non quere dicir que sintan odio cara ó seu grupo étnico nin o desexo de abandonalo para integrarse no exogrupo dominante.

O primeiro considera que a solución para a nosa lingua non está en asocia-lo galego coa identidade do ser galego (idea tamén defendida por Rodríguez Yáñez, 1992, 1993, 1997)[108], pois partindo do seguinte principio:

> Si hablar es efectuar actos de identidad, y si las lenguas, por su parte, no son sino el resultado de un proceso de focalización de múltiples actos de identidad, todos los grupos sociales deberían ser ya monolingües [...] o bien serán monolingües en el futuro[109] (Fernández Rodríguez, 2000: 52).

e tendo como mostra o que ocorre nas principais cidades galegas[110] deduce que non existen dúas identidades[111] nos falantes bilingües, senón que estes consideran as dúas linguas como parte da súa identidade. Segue na liña de R. Yáñez que xa afirmara en 1993:

Este problema da identidade ten unha relación directa co feito de que o galego fose un estigma, tal como Boyer mencionaba arriba. Nesta investigación vaise emprega-lo termo estigma co significado que lle aplicou E. Goffman na súa obra *Estigma, la identidad deteriorada* (1968), quen modifica a tradicional definición de estigma[112] como "una clase especial de relación entre atributo y estereotipo" porque cre que hai demasiados atributos que en si mesmos xa son desacreditadores, co que anula a idea de que estes en si mesmos non estigmatizan. A lingua podería incluírse dentro dun dos tres tipos nos que el clasifica os estigmas, o que denomina como tribal da raza, nación e relixión[113]. En tódolos tipos de estigmas se encontran os mesmos trazos sociolóxicos, segundo Goffman:

> Un individuo que podía haber sido fácilmente aceptado en un intercambio social corriente posee un rasgo que puede imponerse por la fuerza a nuestra atención y que nos lleva a alejarnos de él cuando lo encontramos, anulando el llamado que nos hacen sus restantes atributos. Posee un estigma, una indeseable diferencia que no habíamos previsto. Daré el nombre de normales a todos aquellos que

[108] "Il nous semble réaliste d'affirmer que la survie et le maintien du galicien (et, si cela est possible, sa récupération) devront être posés en termes de coexistence avec l'espagnol; d'ailleurs, ils ne pourront pas être conçus autrement" (R. Yáñez, 1997:196).
[109] Entende que o monolingüismo sería social.
[110] "...lo cierto es que en Vigo hay un bilingüismo social, y lo mismo sucede en las demás ciudades y villas de Galicia. Por bilingüismo entiendo simplemente el uso de dos lenguas, sin ninguna referencia a nociones como las de "igualdad", "equilibrio", "armonía", "equifuncionalidad", etc. (Fernández Rodríguez, 2000: 52).
[111] "En mi opinión, el problema no es que estos datos sean contradictorios, que en el fondo no lo son, sino que no encajan bien con el discurso intelectualmente hegemónico acerca de la identidad gallega, que es el discurso que en la periferia hispana se conoce con el nombre de "normalización lingüística", y que no es sino la pretensión de restablecer un monolingüismo social (atribuído míticamente a tiempos pasados), para restaurar una identidad que se concibe como dañada por la presencia "invasora" del castellano; tan anormal se considera la presencia del castellano que no falta, al igual que en otras situaciones similares, quienes hayan hablado literalmente de "esquizofrenia" por el hecho de usar dos lenguas" (Fernández Rodríguez, 2000: 53).
[112] Ademais diferencia entre dous tipos de identidades sociais: a virtual (a primeira que un se fai do individuo que ten diante sen coñecelo) e a real (na que entrarán a categoría e atributos que realmente lle corresponden).
[113] Os outros dous son por un lado os que lle afectan ó físico dunha persoa (deformidades), os que son defectos de carácter.

> no se apartan negativamente de las expectativas particulares que están en discusión (Goffman, 1968: 15).

Para este mesmo autor, unha das "escenas primordiales de la sociología" dáse cando "normais" e estigmatizados se encontran fronte a fronte, xa que estes poden descubrir que se senten inseguros sobre o modo en que aqueles os van identificar e recibir.

Os estigmatizados tenden a pasar polas mesmas experiencias de aprendizaxe relativas á súa condición e polas mesmas modificacións na concepción do seu "eu" (Goffman, 1968: 45). O individuo estigmatizado desexa ser aceptado, o que o leva a querer corrixi-lo seu "defecto" cando está cos "normais", pero ás veces o único que consegue é a transformación do propio "eu", dado que ó pretender anula-la súa "marca" pasa, por un banda, por adquiri-las crenzas relativas á identidade propia do resto da sociedade maioritaria, e, pola outra, por aprender que posúe un estigma particular. A sociedade galega como tal, despois de séculos pertencendo a un Estado que sinala as pautas da "normalidade", podería encadrarse no grupo que Goffman denominou composto por:

> aquellas personas socializadas inicialmente en una comunidad alienada, ya sea dentro o fuera de los límites geográficos de la sociedad normal, que deben luego aprender una segunda manera de ser: aquella que quienes las rodean sienten como la única real y válida (Goffman, 1968: 49).

Neste contexto este autor insiste na importancia que ten a fase de experiencia durante a que o estigmatizado aprende que é portador dun estigma. Isto hase ver con detalle na análise tanto dos grupos de discusión como das entrevistas, onde varios dos membros que tiñan como lingua materna o galego sacaron o tema de cómo aprenderon na súa infancia, na chegada á escola ou á cidade que o galego era un estigma, algo que os marcaba fronte "ós normais" que os rexeitaban ou que se burlaban deles, feito que empregaban para xustifica-lo seu abandono da lingua. O galego actúa como un estigma para os galegófonos ó marcalos en contextos como as cidades onde a maioría ("os normais") falaban castelán. Se ademais se expresan nun galego dialectal, con fonética, prosodia e sintaxe galega tradicional, pero cun léxico moi castelanizado, aparecen marcados dobremente dentro dun grupo étnico ó que se supón que pertencen, pero que non comparte ese trazo. Dentro da teoría de Goffman (1968: 39), se un individuo cun estigma particular alcanza unha posición ocupacional, política ou financeira elevada, pode pasar a ser representante da súa categoría. Pero a chegada do galego a posicións sociais elevadas non se xeneralizou, senón

que quedou reducido a un grupo de persoas comprometidas co idioma, que, en moitos casos, son portadoras dun novo estigma[114].

Ó final, toda esta estigmatización do galego é froito de determinadas ideoloxías sociolingüísticas que marcan os cidadáns criados baixo o seu ditado. Desta maneira, o peso de determinadas representacións e ideoloxías lingüísticas contrarias á lingua minorizada son tan fortes que se detectan mesmo naqueles individuos que manifestan unha actitude de lealdade, é o caso –segundo a análise de Alén Garabato (2001: 329)- dun movemento musical caracterizado polo seu compromiso co galego, o rock bravú. Observou como os seus membros reflectían determinados funcionamentos diglósicos e, pese a que o seu compromiso os leve a textualizar moitos destes funcionamentos para ridiculizalos, "non son quen moitas veces de fuxir das ideoloxías lingüísticas latentes na sociedade froito de séculos de conflicto lingüístico". O exemplo desta corrente musical, que empregaba trazos dialectais tan marcados como o seseo e a gheada, quizais se poida incluír no que Iglesias Álvarez (2002b: 284) denominou "posible identidade de resistencia, fronte á castelanización da comunidade galega e á homoxeneización identitaria estatal". Tal identidade leva implícita unha actitude de lealdade lingüística, pero na actualidade non se corresponde cunha ideoloxía política tan marcada se cadra como hai anos. Xa en 2000, Recalde afirmaba que aínda que o discurso nacionalista construíse a identidade social galega baseándose no emprego da lingua, neste momento que o partido que agrupa as forzas nacionalistas, o *Bloque Nacionalista Galego* (BNG), subise apoiado polo electorado novo e urbano

> apporte peut-être la preuve la plus tangible de l'opportunité de relativiser et de nuancer le lien existant entre adhésion ethnique ou ethnopolitique et comportement linguistique dans la Galice d'aujourd'hui (Recalde, 2000: 33).

A falta de identificación entre usos lingüísticos e ideoloxía quizais estea en que a admisión das dúas linguas non se produce ó mesmo nivel, senón que está condicionada por dous trazos: o horizonte territorial e a función discrimimante no ámbito laboral e económico, nos que triunfa claramente o castelán sobre o galego (Iglesias Álvarez 2002b: 232). Deste xeito o discurso que vai primar vai se-lo da maior utilidade nun mundo globalizado das

[114] Na actualidade existe unha clase media-alta que ten como lingua habitual o galego, pero en primeiro lugar, está formada por galegofalantes pero máis ben por neofalantes. Tanto estes coma aqueles non empregan o galego dialectal co que se identifica a xente estigmatizada, senón que se expresan nunha nova variedade que xa se viu que X. L. Regueira denominou "novo galego urbano".

linguas maioritarias, fronte a linguas minoritarias como é o caso do galego qu,e á parte de non seren internacionais, non representan capital económico. Como solución para esta circunstancia, hai quen propón o achegamento ó estándar portugués, posto que así aumentaría o prestixio da lingua:

> ...naquelas comunidades em que a lealdade à própia língua está mui mermada o peso do prestígio internacional conta muito e no contexto actual a situaçom do espanhol é mui superior à do galego, "especialmente na media en que este non se abra à súa variante mais estándar, o portugués" (Souto, 1994: 31).

Éntrase así nunha polémica moi ampla na que non procede profundar neste momento, só cómpre anotar que a posición que defende Souto (a chamada tese reintegracionista) estivo en loita aberta coa dos partidarios de codificar un galego "identificado" (Santamarina, 1995: 71). Estes cren que a identificación con Portugal e coa variante estándar portuguesa é moi minoritaria na maioría da poboación galega, feito ó que lle unen que o galego –segundo os parámetros de Kloss– é lingua e non un dialecto de ningunha outra. Desta maneira, a elevación do portugués a estándar constituiría un problema de aprendizaxe, dado que a maioría dos galegos teñen a conciencia de que falan unha lingua diferente ó portugués e polo tanto non existe "vontade popular" de anexión a Portugal:

> Moi distinto sería se Galicia fose (ou se convertese en) parte de Portugal e o portugués fose a lingua oficial do estado galego-portugués, fóra do teito do castelán nós e eles; daquela sería difícil de concibir unha variedade literaria galega diferente da portuguesa; pero mentres as aspiracións dos galeguistas sexan a independencia (ou variantes dela, pero sempre con vistas á unha emancipación de España) e non a anexión a Portugal, o valor simbólico dunha lingua galega independente, como asento dunha solidariedade étnica, pre-nacional ou nacional, é insustituíble (Santamarina, 1995: 74)[115].

Desde o punto de vista psicosocial, faltaría esa razón subxectiva de autoconciencia dos galegos de pertencer ó grupo étnico luso. Cumpriría seguramente realizar estudos máis profundos sobre esta cuestión da autoconciencia, da identidade galega, en relación coas ideoloxías e os usos lingüísticos. Os resultados da parte empírica que se van presentar a continuación quizais poidan achegar algunha luz neste sentido.

Como remate deste marco teórico, cómpre recorda-la importancia que pode ter para o desenvolvemento das ideoloxías lingüísticas e, en consecuencia, das representacións correspondentes, a política lingüística levada a cabo pola administración estatal e

[115] En relación ó argumento de Santamarina (corrente oficialista) Alén Garabato (2000: 86) considera que na orixe deste conflito normativo residen "des *représentations* culturelles (sur la Galice, le Portugal el l'Espagne) et sociolinguistiques (sur le galicien, le portugais et le castillan)".

autonómica. Esta última, baseada na estratexia do bilingüismo harmónico, foi analizada polo grupo de investigadores de "Cidadanía-Rede de aplicacións sociais" desde unha perspectiva política, concluíndo:

> Deste xeito, concibir esta estratexia como non confictiva tiña dúas virtualidades: (a) era unha forma de xustificar a morneza ou escasa enerxía de intervención pública, e (b) baixo a lóxica de confrontación co activismo, era unha maneira indirecta de connotar como impositivas as accións ou as propostas alternativas ás da Xunta (en Monteagudo Romero e Bouzada Fernández, 2002: 69)

> [...] a situación social da lingua galega deixou de ser un "conflicto" (no sentido anteriormente indicado de crispación social) porque en boa medida tamén deixou de formularse como un "problema" (situación social non desexada susceptível de solución polos poderes públicos). Cremos que esta foi unha vía que tiña sentido no seu carácter preventivo e de evitar a conflictividade social. Pero concentrarse en accións non problemáticas (formación, subvencións...) traduciuse nuns resultados cativos canto aos usos (ibidem: 222).

Desta maneira, o impacto da política lingüística levada adiante en Galicia no período 1980-2000 (ibidem: 229-236) traduciuse en: (a) aumento do prestixio e mellora das actitudes cara á lingua galega, (b) ineficacia das políticas lingüísticas canto ao mantemento e recuperación dos usos do galego, (c) eficacia na capacitación lingüística en galego, (d) ineficacia e ineficiencia das medidas normalizadoras nos medios de comunicación privados.

CAPÍTULO 5

METODOLOXÍA

Toda investigación, calquera que sexa a perspectiva teórica da que se parta, ten que enfrontarse á tarefa da busca e reunión de datos relevantes que poidan apoiala. Existen tres métodos para a obtención de datos da realidade social (García Ferrando e outros, 1996: 113): a observación do comportamento, a entrevista e a recollida de información impresa. Na presente tese abordáronse os tres, en diferentes medidas segundo cada capítulo. Para a primeira parte, que pretendía analizar, de modo global e desde unha perspectiva histórica, a introdución do galego nas empresas apoieime na información impresa e nas entrevistas, fórmula esta empregada para realiza-las enquisas, que xunto coa observación, deron a medida de usos e actitudes na actualidade do tecido empresarial de Compostela, localidade onde se centrou a segunda parte desta investigación.

Ó longo da historia da investigación sociolóxica empregáronse unhas ou outras técnicas de obtención de datos sempre condicionadas pola perspectiva ben cualitativa ben cuantitativa do investigador. A primeira considérase máis humanista e céntrase na interpretación dos feitos humanos e nos seus actores; a segunda, máis científica, baséase no contraste empírico e na medición obxectiva de fenómenos.

Para cubri-lo dobre obxectivo da presente investigación: a análise por un lado das actitudes e polo outro dos usos lingüísticos no ámbito das empresas do concello compostelán, usouse unha metodoloxía cualitativa ó lado dunha cuantitativa.

Aínda que durante anos estiveron afastadas e enfrontadas as dúas metodoloxías[1], á hora de facer análise da realidade social pódese xogar con ambas técnicas: a cuantitativa que

[1] Andrés Davila (1999: 69-83) repasa as perspectivas metodolóxicas cualitativa e cuantitativa partindo do confrontamento de ambas técnicas. Valles (1997: 34-45) tamén analiza o trasfondo da dicotomía cuantitativa-cualitativa, identificando as diferentes posturas e analizando as distintas propostas.

pretende unha medición obxectiva a través de instrumentos sistemáticos e estruturados, e que se compón fundamentalmente da enquisa que cuantifica os feitos obxecto de estudo; e a cualitativa[2] coa que se pretende analizar e interpretar discursos[3], integrada basicamente polas entrevistas abertas e os grupos de discusión.

Nesta investigación empregouse unha metodoloxía cuantitativa mediante dúas técnicas: a enquisa e a ficha observacional e unha metodoloxía cualitativa mediante os grupos de discusión e as entrevistas persoais. Ámbalas dúas empregáronse de xeito paralelo e ó mesmo tempo complementario, tendo a súa fundamentación nos puntos que se expoñen a continuación.

5.1 XUSTIFICACIÓN DA INVESTIGACIÓN MEDIANTE METODOLOXÍA CUANTITATIVA E CUALITATIVA

5.1.1 PROBLEMAS DA ANÁLISE SÓ CON ENQUISAS. O PORQUÉ DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN

A maioría das investigacións feitas ata o momento en sociolingüística, tanto dentro coma fóra do contorno galego, están realizadas con enquisas:

> Entre as técnicas de producción de datos relacionadas coa investigación científico-social, non é esaxerado dicir que a enquisa continúa a ser a máis utilizada, ademais de constituír un referente básico na análise de repertorios verbais estandarizados (Ramallo e Lorenzo, 2002: 44)

A enquisa seguramente sexa, como afirma Cea D'Ancona (1999: 239), a estratexia de investigación social máis coñecida e practicada desde sempre pero sobre todo a partir da

[2] As técnicas cualitativas (entre as que está o grupo de discusión) sitúanse –en canto ás funcións da linguaxe definidas por Jakobson– na función metalingüística, xa que produce discursos particulares e controlados que remiten a outros discursos xerais e sociais. Pola contra, as técnicas cuantitativas sempre se moven na función referencial, o que representa unha comunicación denotativa, descritiva e cognoscitiva (Alonso, 1999: 225).

[3] A diferenza entre ambas metodoloxías resúmena Manuel Canales e Anselmo Peinado (1994: 294-295) en dous aspectos básicos: no que din os investigados e na maneira en que se concibe o informante. Na metodoloxía cuantitativa o que se di "se ciñe a un conjunto de enunciados predefinidos y acotados como (todo) lo decible. [...] Lo que se obtiene como resultado, por tanto, es la frecuencia con que los individuos se adscriben a unos u otros elementos de ese subconjunto.", fronte á cualitativa onde a información serve para investigar "lo que no conocemos y buscamos el descubrimiento de estructuras de sentido". En canto á consideración do informante, na investigación cuantitativa conta a nivel de "individuo" intercambiable aleatoriamente con outro; na cualitativa "el hablante es un agente social", polo tanto está situado nunhas coordenadas sociolóxicas e ideolóxicas.

Segunda Guerra Mundial[4]. O éxito durante anos da metodoloxía cuantitativa na socioloxía, e logo na sociolingüística, veu dado tradicionalmente polo afán de conseguir que estas disciplinas fosen consideradas "científicas"[5]. Pese a todo este método presenta bastantes problemas sobre todo para a análise das representacións sociolingüísticas, xa que os métodos cuantitativos, ademais de desviacións opiniáticas ou malentendidos semánticos que adoitan manifestar, presentan unha traba importante polas súas limitacións lingüísticas cando se trata de cuestións ideolóxicas, posto que o discurso é connotativo e resulta moi difícil de recoller de xeito denotativo. Ademais tal como expresa Krueger:

> Somos un producto de nuestro entorno y estamos influidos por las personas que nos rodean. Una deficiencia de las encuestas postales o telefónicas e incluso de las entrevistas individuales es que dichos métodos **asumen que los individuos realmente saben cómo piensan**[6]. Un supuesto adicional es que los individuos forman sus opiniones aisladamente. Ambos supuestos han presentado problemas a los investigadores. La gente necesita escuchar opiniones de otros antes de formarse su propio punto de vista personal. Mientras que algunas opiniones pueden ser desarrolladas rápidamente y sostenidas con absoluta firmeza, otras opiniones son maleables y dinámicas. La evidencia observada en los grupos de discusión sugiere que las personas *sí* que se influyen unas a otras con sus comentarios, y que en el curso de una discusión las opiniones de un individuo pueden cambiar. El analista del discurso grupal puede de ese modo descubrir más sobre cómo ha ocurrido ese cambio y sobre la naturaleza de los factores de influencia (Krueger, 1991: 28).

Nas últimas décadas existiu unha postura teórica bastante crítica co emprego da metodoloxía cuantitativa neste tipo de estudos. No noso contorno máis próximo foi a partir dos anos 60 cando se produciu un cambio de óptica que levou a valora-lo enfoque cualitativo na socioloxía. A escola que iniciou Jesús Ibáñez en España, e na que están entre outros Alfonso Ortí ou Luis Enrique Alonso, defendeu o uso de técnicas cualitativas, en especial do grupo de discusión, fronte á tradicional enquisa estatística por mostraxe, insistindo basicamente en que esta transforma a observación dos feitos nun rexistro e tratamento formalizado e distributivo dos datos, pero non pode analiza-lo discurso falado do que si se encargan as outras técnicas cualitativas.

[4] Foi tamén neste momento cando comezaron a estenderse no ámbito americano as entrevistas grupais, que naceron a finais dos anos 30, base da metodoloxía cualitativa (Krueger, 1991: 24, 25).

[5] Para conseguir esa "cientificidade" as ciencias sociais recorreron ós métodos das ciencias naturais fundamentados en análises cuantitativas, consolidándose o paradigma das ciencias naturais na socioloxía a partir de 1945. (Coller, 2000: 26). Pero tamén a análise cualitativa ten en certa medida orixe nas ciencias naturais, a observación participante é herdeira da corrente naturalista que, sobre todo nos século XIX, buscaba describi-los comportamentos dos seres vivos no seu medio natural polo que os científicos se trasladaban ó medio natural das especies para observar e describi-las súas conductas (Guasch, 1997: 10).

[6] A negra é miña.

Un cuestionario con preguntas pechadas ou precodificadas obriga a que os entrevistados marquen unha delas de xeito forzado e simplemente adopten a alternativa coa que se encontran menos en desacordo. En palabras de Ortí (1996:194):

> [...] precisamente de lo que se trata no es tanto de conocer su opinión personal, como la "probabilidad media de adhesión a un cierto *enunciado o alternativa* dentro de un determinado colectivo social".

Por outra banda, os entrevistados tenden a inclinarse polas variantes que supoñen con maior aceptación social e a enquisa case resulta unha proba á que se somete o enquisado na que debe demostra-lo coñecemento do que se debe dicir sobre cada tema.

Ademais aínda que na enquisa estatística tamén se poden realizar preguntas abertas, non codificadas e sen respostas prefixadas, por moi obxectivas que se queiran presentar, sempre connotan significados específicos; e sobre todo é unha forma moi estreita de medi-lo discurso ideolóxico, porque as respostas soen ser moi ambiguas e de difícil interpretación e polo tanto de difícil clasificación. Para Ortí este método:

> [...] difícilmente alcanzará el nivel de profundidad, coherencia, asociaciones significativas y matices de la compleja estructuración semántica del sistema ideológico configurada a partir de la interpretación y análisis de los discursos libres producidos mediante las entrevistas abiertas y/o discusiones de grupo (Ortí, 1994:198).

As últimas investigacións na sociolingüística galega demostran isto mesmo pois constatan unha "inconsistencia" entre as actitudes detectadas en estudos cuantitativos e os usos reais da poboación. Xa no ano 1988, Mauro Fernández e Modesto Rodríguez Neira, nun artigo no que analizaban a pouca correspondencia entre a alta competencia da poboación en galego e o uso deste idioma, declaraban:

> Os estudios cuantitativos tenden a amosar polo xeral unha realidade globalizada. Esta perspectiva xeral impide en moitas ocasións a avaliación dos fenómenos que operan na base e que constitúen a cela básica da vida dunha lingua e da súa evolución. Daquela, a necesidade de afondar no coñecemento da situación lingüística galega reclama outra perspectiva máis miúda, nuclear e cualitativa (Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira, 1988: 25).

Kabatek (2000: 83-95) tras reflexionar sobre a súa experiencia investigadora, xustificou o rexeitamento do interrogatorio estandarizado categorizante para o estudo de actitudes a favor da entrevista intensiva guiada, posto que así evitaba o condicionamento nas respostas, e os entrevistados introducían os seus propios criterios de valoración. Na análise das entrevistas constatou que as informacións máis interesantes se recollían á marxe das preguntas concretas e así puxo o acento no efecto da conversa libre.

Nun traballo realizado desde o Seminario de Sociolingüística da RAG mediante diferentes métodos cualitativos entre a mocidade[7], descubríronse prexuízos tradicionalmente asociados ó galego que se consideraban superados (González González, 2002 e 2003; SSG-RAG, [en liña]). Tamén Iglesias Álvarez (2002a, 2002b) constatou un importante número de actitudes negativas cara á lingua nun estudo sobre actitudes e ideoloxías realizado mediante a técnica cualitativa dos grupos de discusión:

> En efecto, a nosa investigación permite confirmar que as actitudes non son tan favorables como reflectían os estudios cuantitativos. O que ocorre é que debemos distinguir entre o nivel manifesto ou explícito e o latente ou implícito. A existencia de actitudes abertamente contrarias ás linguas minorizadas é moi reducida (Iglesias Álvarez, 2002b: 313).

No entanto, hai quen defende a pertinencia da enquisa na análise sociolingüística:

> Se concibimos as linguas como institucións organizadas estructuralmente dentro das sociedades, a análise de determinados aspectos da relación lingua-sociedade debe basearse na producción de datos mediante enquisa, dando conta de aspectos tan diversos como as actitudes lingüísticas, o contacto de linguas, o mantemento e a substitución lingüísticas, a demografía lingüística, a planificación lingüística, etc. (Ramallo e Lorenzo, 2002: 46).

Estes mesmos investigadores tamén consideran adecuada a enquisa para a análise de actitudes, aínda que recoñecen que "son inobservables de xeito directo". Apóianse nas ensinanzas de García Ferrando, quen fronte ós ataques dos detractores da enquisa para dar conta das actitudes considera que é unha das escasas técnicas para o efecto e, polo tanto, cando non concordan os resultados das enquisas cos comportamentos non se debe busca-la causa na metodoloxía, senón que:

> [...] en realidad lo que hay que preguntarse es por los factores que afectan a la conducta humana y por las condiciones que inciden en la correspondencia entre actitudes y comportamiento (García Ferrando, 1994b: 152).

Visto isto, para a presente investigación decidín darlle un peso importante á investigación cualitativa ó lado da investigación cuantitativa. Ante a dúbida sobre as posibilidades de recolle-las representacións mediante metodoloxía cuantitativa exclusivamente, e aínda que se realizase unha enquisa na que se inserisen algunhas cuestións con esta intención, mostrábase necesario probar técnicas de tipo cualitativo. De feito, no ámbito concreto do mundo empresarial tamén se tiña constatado o mesmo problema referido sobre os resultados das actitudes a través do cuestionario (en xeral positivas, como as recollidas por

[7] Segundo o método empregado escolleuse un grupo de idade diferente, por exemplo a proba matched guise realizouse entre mozos/as de 14 e 20 anos, mentres que para os grupos de discusión foron seleccionados

Ramallo e Rei Doval, 1995; Ramallo e Rei Doval, 1997[8]; Formoso Gosende, 2001) que logo non se corresponden cos usos dentro da empresa.

Así, como forma de análise do discurso, escolleuse o grupo de discusión, fronte a outras técnicas de investigación social, como pode se-la entrevista en profundidade, xa que analiza directamente a fala. Se as representacións sociais que, neste caso, se queren investigar afectan ó conxunto da poboación parece idónea unha técnica que permita recolle-lo discurso social:

> Dentro del análisis del discurso, no ha de olvidarse que las representaciones sociales están definidas por grupos sociales. Lo que trata este tipo de análisis es buscar las representaciones de "los otros" y los mismos emisores de discurso, en el propio discurso. La representaciones sociales circulan en discursos (Callejo, 2001: 48).

O discurso social, a ideoloxía en sentido amplo, non habita coma un todo nun lugar social particular senón que se disemina no social, posto que é algo exterior ó individuo (Callejo, 2001: 173-175; Canales e Peinado, 1999: 290). A ideoloxía social maniféstase ante todo no material verbal. Se o discurso social se atopa diseminado no social mesmo, o grupo de discusión maniféstase como a técnica máis adecuada porque reproduciría unha situación onde o discurso diseminado se reordena para o grupo e onde cada interlocutor non se considera como unha unidade, senón como parte dun proceso:

> Si el universo del sentido es grupal (social), parece obvio que la forma del grupo de discusión habrá de adaptarse mejor a él que la entrevista individual, por abierta (o en profundidad) que sea. La reordenación del sentido social requiere de la interacción discursiva, comunicacional (Canales e Peinado, 1994: 290).

Canales e Peinado (1999: 294-296) comparan os grupos de discusión con aquelas técnicas cualitativas que van desde as máis próximas ás cuantitativas (entrevistas de resposta aberta) ata as máis próximas ós grupos de discusión (entrevistas de grupo) e consideran que as primeiras, enquisas de resposta aberta con cuestionario, conseguen que o falante elabore unha resposta pero a información queda limitada xa que "[...] el dispositivo no permite la retroalimentación entre pregunta y respuesta. La estructura del discurso es siempre a priori: está en el instrumento que provoca y controla el habla". As outras técnicas (entrevistas en profundidade e entrevistas de grupo) tampouco alcanzan as posibilidades que ofrece o grupo de discusión porque segundo os autores:

aqueles que tiñan entre 16 e 28 anos.

[8] Investigación realizada mediante enquisas e entrevistas en profundidade.

> ...el grupo "normaliza", al forzar que las hablas individuales se despojen –al menos en mayor medida que otras técnicas "cualitativas"–, de las adherencias de lo singular, y aun de la sintomatología de cada individuo (Canales e Peinado, 1999: 294).

O inaugurador da técnica dos grupos de discusión en España, Jesús Ibáñez[9], define os grupos de discusión enfrontándoos ás enquisas apoiándose en dous puntos básicos (Ibáñez, 1992: 263-269): o primeiro é o deseño aberto que presenta o método de investigación cualitativo, fronte ó pechado das enquisas estatísticas; o segundo fai referencia á tecnoloxía concreta daquel fronte á abstracta destas, xa que no proceso de investigación está integrada a realidade particular do investigador, que participa como suxeito no proceso[10]. Esta participación débese ó carácter artificial do propio grupo de discusión, onde un conxunto de persoas conflúen nun espazo e nun tempo en función dos obxectivos da investigación, e o moderador (ou director) debe controlar parcialmente a interacción, marcando os obxectivos da reunión, provocando o discurso e creando a situación discursiva. Todo coa finalidade de provocar un consenso onde se reflictan as representacións sociais:

> El grupo de discusión es un grupo de consenso; en él se tratan de alcanzar acuerdos sobre el sentido de las representaciones sociales –que aúnan el mundo objetivo con la intersubjetividad del contexto–, sobre aquello que hace a estas representaciones comprensibles y, por tanto, asimilables (Alonso: 1998:115).

Ou, segundo as palabras de Ibáñez, onde se produce un discurso ideolóxico:

> El grupo de discusión produce un discurso ideológico, su posición es ideológica: habla el grupo desde el horizonte del consenso (Ibáñez, 1992: 246).

Daquela, a utilidade do grupo de discusión como práctica cualitativa de estudo da realidade social reside en que se inscribe nos procesos metacomunicativos do social, e por iso é un espazo de reconstrución e polarización dos discursos ideolóxicos e das representacións simbólicas que se asocian a calquera fenómeno social[11] (Alonso, 1998: 121,122).

---

[9] Segundo J. Callejo (2001: 39) J. Ibáñez foi o autor que formulou de maneira máis completa un marco teórico do grupo de discusión para o que se apoiou especialmente na relación entre discurso, consumo e grupo.

[10] A enquisa non conta coa subxectividade do investigador.

[11] Posto que nos grupos se obteñen representacións de carácter colectivo, non individual, Alonso (1999: 227) considera que a entrevista pode ser complementaria dos grupos de discusión para unha análise máis personalizada:

> Los grupos no nos proporcionan conocimiento sobre los comportamientos, sino sobre los sistemas de representaciones en relación con los objetos de estudio. Y cuando encontrar la dimensión pragmática personalizada es interesante dentro de la estrategia de la investigación, cuando nos interesa movernos en la dimensión sintagmática, *événementiel* y diacrónica del objeto investigado, la complementariedad de la entrevista se hace evidente (Alonso, 1999: 227).

5.1.2 COMPLEMENTACIÓN DE MÉTODOS

Na epígrafe anterior tentouse demostra-la necesidade do emprego da metodoloxía cualitativa na investigación de actitudes e representacións sociolingüísticas, metodoloxía que nesta investigación se complementou coa cuantitativa, polas razóns que se expoñen a continuación.

Os propios defensores da técnica do grupo de discusión, como J. Callejo, teñen advertido das súas limitacións á hora de recolle-la fala cotiá, xa que:

> Tiene restringido su uso a aquellos fenómenos de los que se habla cotidianamente en una sociedad, teniendo más problemas su uso para abordar aquéllos de los que no se habla habitualmente (Callejo, 2002:105).

Este non sería un problema insalvable no caso desta investigación, porque a xente fala da lingua habitualmente. Pero si que xurdían outras cuestións que requirían a presenza de técnicas cuantitativas. Por un lado, porque un dos obxectivos desta tese era o estudo dos usos a través dunha mostra que fose o máis representativa posible da poboación. A enquisa distínguese polo seu elevado grao de fiabilidade, afianzado este na estandarización das repostas e na formulación correcta das preguntas, vantaxe que se incrementa ó extrapola-los seus resultados mediante a aplicación da teoría da probabilidade (Cea D'Ancona, 1999: 241). Débese ter en conta que mesmo para a análise dos usos a enquisa tamén presentaba problemas tal e como se comprobou en traballos anteriores, xa que os investigados non sempre dan conta dos seus usos reais, senón que ás veces contestan o que presupoñen que ó enquisador lle gustará oír, porque se trata do que "estaría ben facer". De calquera xeito, mediante a análise cualitativa tampouco se podía facer unha aproximación totalmente completa cara a este ámbito, así que se decidiu realizar unha enquisa breve dirixida ós directivos, e ó mesmo tempo, cubrir unha ficha observacional cos usos reais que a investigadora detectase na súa visita á empresa.

Por outro lado, a enquisa permite a comparación de datos obtidos en estudos realizados con anterioridade con esta mesma técnica, feito que se considerou interesante ó existiren investigacións sobre usos realizadas no ámbito empresarial.

Partindo das limitacións de ámbolos enfoques metodolóxicos e seguindo as indicacións de Alfonso Ortí que afirma que a realidade concreta da investigación social asegura a insuficiencia abstracta dos enfoques cualitativo e cuantitativo tomados por separado, xa

que os procesos da interacción social e do comportamento persoal implican tanto aspectos simbólicos coma elementos medibles (Ortí, 1999: 88), pretendeuse integra-las dúas metodoloxías na mesma investigación, tal e como teñen proposto outros estudosos (Bericat, 1998).

Ortí (1994:190) e Alonso (1998: 38-41) analizan a diferenza entre ámbalas dúas metodoloxías e consideran que dentro da realidade social existen, por unha banda, aspectos que son susceptibles de seren analizados como datos estatísticos (a parte da realidade estruturada por feitos externos ás conciencias individuais, feitos "obxectivos" que se basean nunha visión do home bastante condutista); pola outra banda, existe unha realidade simbólica, "subxectiva", expresada colectivamente en forma de opinións. Daquela, para definir significacións débese adoptar un enfoque cualitativo, mentres que o enfoque estatístico-descritivo, quedaría para os comportamentos externos observables e comprobables[12].

Polo tanto ningunha das dúas prácticas vai abarcar ou desentrañar toda a densidade real dos procesos sociais, xa que:

> (...) encuentran sus límites y también su complementariedad, al moverse en esferas diferentes de una siempre inabarcable, en su conjunto, realidad social (hechos y discursos), y al operar igualmente y desenvolverse en niveles diferentes de la información y de la comunicación interpersonal (Alonso, 1998: 43).

Seguindo as palabras de A. Ortí:

> A una epistemología pluralista corresponde, de modo coherente, una *metodología pluralista* que se estructura (habitualmente), en la contraposición metodológica entre la *encuesta estadística por muestreo y con cuestionario precodificado* (determinada por la captación y análisis objetivistas de los hechos) y las denominadas *entrevistas abiertas* o *semidirectivas* y la *discusión de grupo* (orientadas a la captación y análisis *interpretativo de los discursos*) (Ortí, 1994: 191).

decidín realizar unha investigación plural cunha metodoloxía plural, integrando a análise cuantitativa de fenómenos observables, coa técnica cualitativa de grupos de discusión. A utilización desta última respondía a dous obxectivos, que veñen sendo os dous fins básicos da técnica: por unha banda poder realizar unha análise do discurso e profundar no estudo

[12] Nesta mesma idea insiste Davila (1999: 77) baseándose na inconveniencia de só usar un deseño cualitativo –debido ó seu carácter aberto–; ou só un cuantitativo dado que a súa pechazón o leva a pretender ser reproducible en tódolos seus extremos.

das representacións sociolingüísticas e actitudes[13] e pola outra contar cunha base para prepara-la investigación cuantitativa e elaborar unha boa enquisa (Callejo, 2001: 166, 167; Soler, 1997: 82 e Gaitán e Piñuel, 1998: 132). Neste segundo aspecto a técnica cualitativa estaría subordinada á cuantitativa[14], mentres no primeiro aparecería coma unha técnica autónoma e suficiente para o estudo das actitudes[15].

5.1.3 A INTEGRACIÓN DAS DÚAS METODOLOXÍAS

> Para realizar inferencias o generalizaciones válidas (la base del conocimiento de la realidad) no hay por qué mantener una separación rígida entre la perspectiva cuantitativa y la cualitativa durante el proceso de investigación. Al contrario, lo habitual va siendo que ambas tradiciones se integren. Tal integración no hace sino poner en la palestra algo que los maestros de la Sociología han defendido desde siempre: el pluralismo metodológico (Coller, 2000: 21).

Antes de entrar polo miúdo na descrición do uso das técnicas aquí empregadas, cómpre analizar ben o que significa usa-los dous enfoques ou as dúas metodoloxías de análise nunha única investigación. Partindo da consideración do estatuto do método[16], Bericat (1998: 101) sostén a posibilidade de integrar distintas orientacións metodolóxicas no seo dunha mesma investigación, sempre que se cumpran as mesmas condicións de coherencia, rigor e adaptación ó obxecto que se lles esixen ós deseños de investigación que usan unha soa orientación. Á hora de investigar usando metodoloxías cualitativas e cuantitativas, seguindo a Bericat (1998: 28), calquera estudoso pode optar entre unha lóxica de distinción ou unha de convivencia. Desde a primeira das ópticas sostense unha actitude xerárquica

[13] A enquisa ou cuestionario xunto co método dos pares falsos son os procedementos máis usados nas investigacións sobre actitudes.

[14] Cea D'Ancona (1999: 56) pon un exemplo de investigación onde non estaría o grupo de discusión subordinado á enquisa, xa que se conxugaron entrevistas abertas (ou en profundidade), enquisas e grupos de discusión. As primeiras proporcionaban un primeiro contacto coa realidade e axudaban ó deseño da enquisa. Trala enquisa realizáronse grupos de discusión cun fin explicativo: aclarar e profundizar nas conclusións ás que se chegou trala análise estatística dos datos da enquisa.

[15] Hai que ter en conta que o enfoque cualitativo –significacións dos discursos– non é suficiente para determina-lo marco "obxectivado" da súa extensión ou frecuencia, nin tampouco a súa metodoloxía para a análise social cumpre as esixencias dun modelo autosuficiente e comparable ó modelo científico-natural.

[16] En primeiro lugar hai que distinguir entre por un lado o método e polo outro as técnicas de investigación e de análise de datos (Bericat, 1998: 98-99). O método especifícase como plan de acción a desenvolver que regula e lle dá sentido ó conxunto de actividades; pero cómpre non confundi-lo obxecto dunha investigación co tema, a pregunta ou o problema da realidade ó que se dirixe. O que inspira a construción do método non é o obxecto en si mesmo senón a aproximación teórica a el. Deste xeito, se se trata de obter coñecemento teórico, é a estratexia teórica, e non o obxecto en si mesmo, quen ha de determinar en parte o método. Non pode existir investigación sen método e este será bo ou malo atendendo á coherencia do seu enfoque e ós resultados que alcance.

onde se considera que só unha das metodoloxías é válida para a análise da realidade social e a outra é un instrumento de apoio. Desde a lóxica da convivencia, valóranse igualmente as posibilidades de cada metodoloxía, respectando as súas respectivas contribucións[17]. Daquela, o comunmente aceptado termo "deseño multi-método" carece en certa medida de sentido sempre que a investigación utilice as diversas achegas, pero as integre coherente e adecuadamente nun único proxecto investigador, tal como se pretende neste traballo.

Bericat (1997: 105-112) considera que a integración da metodoloxía cualitativa e da cuantitativa se pode facer mediante tres estratexias básicas: a complementación, a combinación e a triangulación. A primeira pretende contar con dúas imaxes distintas da realidade social na que está interesado o investigador, mentres que a segunda se basea na idea de que o resultado obtido nunha investigación que aplica o método A pode perfecciona-la implementación dalgún compoñente ou fase da investigación realizada co método B, logrando así incrementa-la calidade dos resultados que se pretenden obter por este último. A triangulación pretende xuntar distintos métodos orientados ó cumprimento dun mesmo propósito de investigación, organizándoos para a captura dun mesmo obxecto da realidade social.

Mediante a triangulación o grao de integración aumenta, xa que as distintas metodoloxías pretenden captar un mesmo feito. Esta estratexia de busca de resultados converxente pode ter dous usos: un deles é a validación dunha medida con dous instrumentos para incrementa-la confianza nos resultados, o outro refírese ó contraste de hipóteses, se unha hipótese se contrasta con metodoloxías independentes aumentará a confianza na súa veracidade.

A técnica da triangulación nas ciencias sociais defínea Cea D'Ancona (1999: 47-62) como a aplicación de distintas metodoloxías na análise dunha mesma realidade social[18]. A triangulación metodolóxica[19] utilizouse nesta investigación nas súas dúas vertentes que,

[17] Dentro desta convivencia aínda resalta dúas posturas diferentes: a segregacionista e a de integración. A primeira que, aínda aceptando ambos métodos, circunscribe a súa operatividade a determinados problemas de investigación que lle son propios, valora tanto os métodos coma os resultados pero nunca os fusiona. A segunda, non só recoñece o mérito de cada método no seu respectivo ámbito, senón que cre posible a súa combinación complementaria para o estudo de moitos fenómenos sociais.

[18] Este concepto ten as raíces noutros ámbitos de coñecemento, e en todos se refire á utilización de múltiples puntos de referencia para localiza-la posición exacta dun obxecto no espazo (Cea D'Ancona, 1999: 47).

[19] Cea D'Ancona fala de catro tipos de triangulacións: de datos (varias fontes sobre un mesmo obxecto de coñecemento), de investigadores (equipos interdisciplinarios), teórica (varias perspectivas de análise) e metodolóxica. Esta última vai ser empregada neste estudo.

seguindo a definición de Cea D'Ancona (1999: 51,52), dividiríanse en: triangulación "intramétodo" (escóllese un único método ou estratexia de investigación, pero aplícanse distintas técnicas de recollida e análise de datos) e triangulación "entre métodos" (ó combinárense métodos de investigación non similares na medición dunha mesma unidade de análise para palia-las limitacións de cada un deles)[20].

Ó final o que se pretende coa pluralidade metodolóxica e a triangulación son distintos puntos de vista que enriquecerán a análise e interpretación da realidade, pero tendo en conta que coa combinación das dúas metodoloxías tampouco se consegue a "verdade obxectiva".

5.1.4 AS DÚAS METODOLOXÍAS NESTA INVESTIGACIÓN

Usáronse no presente traballo, en maior ou menor medida, diferentes estratexias de integración de metodoloxías. Tendo sempre presente que os obxectivos eran medi-los usos lingüísticos das empresas de Santiago e mais facer unha análise das representacións de empresarios e traballadores respecto ó uso do galego na empresa, optouse pola realización dun cuestionario que constaba de dúas partes: unha enquisa propiamente dita e unha ficha observacional.

Para a elaboración do cuestionario considerei pertinente ter en conta a análise do discurso que se podía obter mediante grupos de discusión[21]. De feito Cea D'Ancona (1999: 262) considera de utilidade realizar algún grupo de discusión antes da enquisa para poder preparar debidamente esta. Valles recoñece a boa combinación dos grupos de discusión con outras técnicas sobre todo coa enquisa, a realización daqueles antes desta é unha práctica moi concorrida, que M. S. Valles xustifica da seguinte maneira:

> Además de la baza que supone el uso de *grupos de discusión* en el *diseño de cuestionarios*, esta técnica cualitativa puede desplegar también su potencial encauzándolo hacia la anticipación y

[20] A primeira delas usada exclusivamente nunha investigación non permite supera-las limitacións que pode presentar calquera das metodoloxías escollidas.

[21] Así combinábanse dúas metodoloxías, combinación que aumentaba ó ter en conta unha enquisa previa feita nunha investigación máis ampla na que se integra este traballo.Trátase da parte práctica do traballo de investigación tutelado polo profesor M. González González, *Lingua galega e empresa. Usos, actitudes e normalización da terminoloxía específica* (Formoso Gosende, 2001), base para a presente tese de doutoramento, que foi elaborado a partir dunha enquisa na que se medían tanto usos coma actitudes (pode verse un resumo dos resultados deste traballo en Formoso Gosende, 2004a). Cos datos obtidos nesa investigación elaborouse o guión do grupo de discusión, anotando aqueles puntos que eran susceptibles de seren analizados e que se debían provocar no caso de que non saísen espontaneamente.

> prevención de *problemas de rechazo* de una *encuesta*. Ésta es una utilización que se diferencia, claramente, de las bazas de tipo más técnico relacionadas con la formulación de preguntas adecuadas a las características de la muestra y a los conceptos que se quieren *medir*. Se trata de una clase de bazas de las que dependen no sólo la *calidad* de los datos, sino también la *viabilidad del trabajo de campo* mismo de la encuesta (Valles, 1997: 297).

De tódolos xeitos insiste na autosuficiencia dos grupos de discusión como metodoloxía de análise (Valles, 1997: 301). Así quixen que os grupos á súa vez actuasen de xeito autónomo para unha análise de actitudes e representacións sociolingüísticas que non podería extraer do cuestionario. Cos grupos de discusión pretendía principalmente analiza-la estrutura dos discursos a favor e en contra do galego, pero tamén achegarme á percepción que sobre os usos tiñan tanto traballadores como empresarios, é dicir facer unha análise de actitudes e usos desde o punto de vista cualitativo. Así complementábase e triangulábanse as metodoloxías dado que se ía contar con dúas imaxes da mesma realidade, dous informes distintos sobre usos (o cuantitativo e o cualitativo) que servirían para contrasta-la veracidade dos datos do novo instrumento de medida (grupo de discusión), e á súa vez para contrastar cos estudos que existen elaborados desde o enfoque puramente cuantitativo (enquisas feitas para o *Mapa Sociolingüístico de Galicia*); tendo sempre presente que o obxectivo primeiro da ficha observacional era medir usos e a dos grupos de discusión analiza-las actitudes. O emprego da triangulación metodolóxica entre métodos daba a oportunidade de comproba-la validez da información existente sobre as actitudes, medidas desde o punto de vista cuantitativo, comparándoa cos resultados desde o punto de vista cualitativo. De tódolos xeitos non se debe entender que se subordina unha metodoloxía á outra, xa que cada unha delas é autónoma e autosuficiente.

Bruno Maurer (1999: 167-190) realizou unha pequena investigación sobre os métodos máis empregados na obtención de datos sociolingüísticos durante uns anos da década dos 90 en traballos publicados en lingua francesa[22] e advertiu da preponderancia da enquisa mesmo para a o estudo das representacións:

> Le mode de recueil d'informations le plus utilisé est assurément le questionnaire sous une forme écrite, constitué de questions le plus souvent fermées, parfois à choix multiple. Appelé selon les travaux *questionnaire* ou *sondage* [...] Une autre des caractéristiques de l'emploi du sondage est son association fréquente avec les études portant sur l'attitude des locuteurs et leurs représentations linguistiques (Maurer, 1999: 181).

[22] Non pretende ser un estudo rigoroso nin cuantitativamente representativo, só unha pequena aproximación desde o punto de vista cualitativo.

O autor recoñece que a recollida de representacións con esta técnica ten as limitacións que se comentaron arriba:

> [...] mais le sondage, fournissant des possibilités de réponse préconçues ou limitant le choix à oui ou non, ne permet pas de savoir comment ces représentations sont construites par le sujet, ni comment elles peuvent être articulées à d'autres (Maurer, 1999: 181-182).

Pero malia a isto, emprégase moito segundo o autor xa que "permet bien souvent de débroussailler le terrain pour la mise en place d'autres modes d'observation permettant une connaissance plus fine des phénomènes" (Maurer, 1999: 182). Desta maneira xustifica a pouca presenza da observación, que ademais é máis dificultosa, e que se emprega case sempre para o estudo do reparto funcional das linguas nas posibles situacións de comunicación (familia, rúa...):

> Elle [refírese á observación] est sans doute le moyen idéal pour observer des pratiques linguistiques puisqu'elle permet de les saisir de l'intérieur, en y participant soi-même [...] mais il ressort qu'elle est finalement assez peu pratiquée dans les recherches actuelles (Maurer, 1999: 184).

Outro método pouco usado no corpus que analizou Maurer é a entrevista semidirixida pese a que, como el di, "ses avantages sont nombreuses":

> Faire discuter plusieurs témoins en présence d'un enquêteur relativement actif lui-même (proposant des thématiques, soulevant des contradictions, esquissant des interprétations, etc.) permet souvent aux témoins d'oublier la situation d'enquête[...] ils laissent rapidement de côté les réponses stéréotypées préparées d'avance pour satisfaire ce qu'ils croient être les attentes de l'enquêteur" (Maurer, 1999: 184).

Despois de todo o anteriormente visto nesta investigación considerouse conveniente a combinación das dúas metodoloxías que se van describir en detalle nas vindeiras epígrafes, pero tendo presente que as dúas perspectivas metodolóxicas non se deben mesturar na mesma análise no sentido de que non se deben usar técnicas de produción de datos cualitativas e logo facer unha análise con técnicas cuantitativas, posto que os datos obtidos resultan superficiais (Callejo, 1998: 104; Iglesias Álvarez, 2002: 98). Tamén se atenderon as indicacións de Caïs ó falar da desputa entre métodos cualitativos e cuantitativos:

> El conflicto entre los dos refleja una fijación en la metodología que se entiende como el factor más importante de la investigación social. A menudo la Sociología se concibe más como una actividad metodológica que intelectual. [...] Lo más productivo es entender la Sociología como una interacción entre teoría e investigación empírica (Caïs, 1997: 7).

Desta maneira, e pretendendo avanzar no coñecemento teórico, empregáronse técnicas tanto cualitativas como cuantitativas para o estudo de usos e actitudes, e en cada caso a análise fíxose seguindo unha mesma metodoloxía.

5.2 ANÁLISE CUALITATIVA: GRUPOS DE DISCUSIÓN[23]

5.2.1 QUE É O GRUPO DE DISCUSIÓN?

O grupo de discusión naceu nos anos 50 dentro da socioloxía do consumo, como técnica de investigación empírica sobre mercados, onde se poñía de manifesto a capacidade de coñece-la linguaxe do comprador e a posibilidade de avaliar conceptos de novos produtos ou novas propostas de comunicación.

5.2.1.1 DELIMITACIÓN

Dentro da metodoloxía cualitativa estableceuse o "grupo" como práctica de investigación, concretándose, segundo o seu desenvolvemento e obxectivos diferentes, en entrevistas de grupo, grupos focalizados (*focus group*), grupos nominais, de expertos, triangulares, *delphi*, enfrontados, grupos de discusión... Desta maneira a propia denominación "grupo de discusión" ás veces resulta confusa debido ás traducións entre linguas, que provocan que aparezan como sinónimos do termo "*focus group*" e a entrevista profunda de grupo (Callejo, 2001: 15-18)[24]. Callejo considera que aínda que existe certa diferenza en canto á directividade das prácticas, "la propia experiencia de estudos internacionales con grupos de discusión ha revelado que son más las diferencias formales que las concretas, en el desarrollo de la práctica" (Callejo, 2001: 16). Apóiase para soster este argumento en que, por exemplo o "focus group" tende a toma-las características dunha entrevista en grupo

[23] Ademais de usar unha práctica que se considera adecuada para a consecución de determinados obxectivos, fundamentalmente o estudo das actitudes, preténdese contribuír á extensión do método cualitativo nas investigacións sobre o galego. Ana Iglesias (Iglesias Álvarez, 2002: 102), autora dun dos primeiros, e máis completos, estudos feitos en Galicia no ámbito da sociolingüística desde o punto de vista cualitativo, insiste na pouca presenza desta metodoloxía nos estudos feitos sobre a lingua galega.

[24] Nun artigo posterior á obra que se está citando, Callejo compara o grupo de discusión coa entrevista baseándose na coherencia que o falante mantén nesta fronte á incoherencia que brota naquel: "La entrevista tiende a ser un esfuerzo de coherencia por parte del entrevistado, especialmente dirigido a decir lo que hay que decir.", fronte ó grupo onde a espontaneidade "supone una apertura a las contradicciones" (Callejo, 2002: 93).

desde o punto de vista formal, pero na práctica os participantes acaban interactuando. Pola súa banda o grupo de discusión tende a configurarse formalmente cerca da espontaneidade e da non directividade, pero logo resulta imposible que non haxa algunha dirección. De feito el, no seu traballo, tendeu a asimilar baixo a denominación de grupo de discusión as formas máis flexibles, abertas e menos directivas dos grupos focalizados (que habitualmente seguen sendo denominados así aínda cando a reunión non estea desde o principio focalizada nun aspecto específico) e das entrevistas profundas de grupo, que se seguen denominando entrevistas incluso cando o entrevistador pasa a moderador[25].

5.2.1.2 DEFINICIÓN E OBXECTIVOS

Aínda que unha primeira definición do grupo de discusión podería ser "reunión de personas, entre seis y diez, previamente desconocidas entre sí, que hablan de un tema bajo la dirección de otra persona" (Callejo, 2001: 21), Javier Callejo (igual ca L. E. Alonso) asegura que o grupo de discusión carece de definición xa que non hai unha serie de indiscutibles signos que o caractericen, é máis ben unha práctica. Con respecto ó grupal na investigación social, a práctica vai diante da teoría; e desde a práctica, Luís E. Alonso resume así a técnica do grupo de discusión:

> En su práctica concreta, el *grupo de discusión*, en cuanto que pequeño grupo que comenta y debate sobre una serie de temas discriminantes o "estímulos" –inducidos en la dinámica conversacional por un director y moderador formal de la reunión– es un dispositivo especialmente bien adaptado para el análisis de las ideologías, al tender a *recrear*, en situaciones parcialmente controladas y pautadas, una *vivencia colectiva* focalizada en una serie de temas deliberadamente seleccionados según un guión tentativo perfectamente modificable por el director de la discusión, según esta se desarrolla. Temas que se presentan como los puntos de anclaje básico para la construcción del *sentido* de los grupos (Alonso, 1998: 122).

En relación coa idea de situación "parcialmente controlada" da que fala Alonso, tamén insiste Callejo cando recorda que o grupo de discusión é algo provocado e ademais é unha práctica de interrogatorio[26], polo tanto non pode existir unha total espontaneidade. De tódolos xeitos, a espontaneidade non significa "descontrol" e non se pelexa nesta práctica coa directividade que o moderador debe levar do grupo (Callejo, 2001: 127). Na práctica correspondente a esta investigación constatouse plenamente este feito, xa que á hora da

[25] Nos procedementos prácticos expostos con respecto ós grupos de discusión por un lado, e con respecto a entrevistas profundas de grupo e grupos focalizados polo outro, deixa ver máis similitudes ca diferenzas.

realización das reunións presentouse o tema e deixouse funciona-lo grupo, pero se os membros escapaban da cuestión central ou ben non trataban algún punto considerado de interese, formulábanse algunhas das preguntas que se levaban no guión, polo tanto a espontaneidade ía dirixíndose.

Ibáñez sinala que o moderador ou preceptor non fai preguntas nin determina de que vai falar, senón que isto o decide o propio grupo e o director simplemente o controla, aínda que tamén afirma que este é quen provoca a emerxencia do tema e cataliza a súa discusión (Ibáñez, 1992: 302-308). Apoiando esta idea, Ortí afirma que o moderador "explicará los objetivos de la investigación, y el objetivo particular, introduciendo el 'tema'" (Ortí, 1994: 219); ademais insiste na importancia de que sexa obxectivo á hora da presentación do asunto a tratar e que non introduza xuízos de valor ó respecto, de que adapte a linguaxe á do grupo e manteña a súa autoridade moral. Aínda consciente de que o moderador "ha de intervenir lo menos posible" asume tal necesidade en determinados casos, como xa se comentou arriba.

O grupo de discusión naceu dentro da socioloxía do consumo e como elemento complementario ás enquisas. Influíu na súa orixe a psicoterapia ou terapia de grupos (Callejo, 2001: 31-32; 2002: 94-97). Na propia definición da técnica que fai Ibáñez obsérvase a ligazón coa psicoloxía:

> En el proceso de un grupo concreto intervienen tres niveles: organizadores psíquicos inconscientes, modelos socioculturales de grupalidad y una base material de la agrupación. Como el aparato psíquico individual tiene propiedades grupales, los fantasmas de los miembros pueden configurarse en el grupo por provocación del líder del momento (por resonancia, ya que son representantes de pulsiones comunes, o por escenificación) (Ibáñez, 1992: 248).

Tamén Callejo (2002) insiste nesa proximidade ó tentar defini-los grupos de discusión como unha técnica conversacional que recolle a dimensión incoherente do discurso, tese difundida por Freud:

> Le debemos a Freud la asombrosa tesis, en su origen, de que hay realidades relativamente incoherentes que, sin embargo, son de gran utilidad para explicar, hasta recuperarla, cierta coherencia en los comportamientos de los sujetos (Callejo, 2002: 94).

Desta maneira, fronte ó discurso coidado da entrevista, o grupo de discusión caracterízase por unha espontaneidade, unha apertura que facilita que xurdan incoherencias, que o

[26] Callejo (2001:190) define o grupo como unha forma de interrogación que non se presenta como forma de interrogación.

investigador debe recompoñer e interpretar ó final: “la interpretación puede entenderse como una recomposición de la coherencia de otra manera” (Callejo, 2002: 103).

Os grupos de discusión están situados na liña divisoria entre o psicolóxico e o sociolóxico, pero estas dinámicas de grupo, segundo Alfonso Ortí, levadas ó terreo da socioloxía pouco ou nada teñen que ver coas da psicoloxía, posto que o obxectivo da reunión de grupo, configurado por e para a investigación sociolóxica motivacional, “es fundamentalmente pragmático, macrosociológico y extragrupo: el grupo tan sólo interesa como medio de expresión de las ideologías sociales, como unidad pertinente de ‘producción de discursos ideológicos’” (Ortí, 1994: 216).

Tal e como se viu arriba, o obxectivo desta técnica é reproduci-lo discurso ideolóxico cotián ou o discurso básico sobre a realidade social da clase social ou estrato, representado polos suxeitos reunidos nunha microsituación de onde saen as emocións, conflitos e normas sociais dominantes, vinculadas ó tópico investigado na macrosituación á que pertence o grupo (Ibáñez, 1992; Ortí, 1994; Callejo, 2001). Ese discurso básico xorde cando o grupo se “reagrupa”, paradoxa da que dá conta Callejo cando afirma que as reunións de grupo non interesan como grupo senón como reagrupación, posto que cando o grupo está feito a discusión non funciona, faino cando non hai grupo real ó principio, senón un grupo potencial que se converte en real cando acaban as discusións, que é o material que recolle o investigador.

A validez do uso dos grupos de discusión consolidouse nas últimas décadas, igual cá propia análise cualitativa onde se prima a interacción directa entre investigador e investigados, a observación dos comportamentos non verbais, etc. Ademais de condicionamentos económicos e temporais (menor custo monetario e maior rapidez), os grupos de discusión préstanse máis ca outras técnicas para determinados obxectos da investigación social (Callejo, 2001: 174), sendo algúns destes os obxectivos principais deste estudo: obter información xeral sobre un campo, xerar hipóteses de investigación e testar aproximacións máis cuantitativas, estudar representacións sociais e interpretar resultados obtidos en estratexias cuantitativas como a enquisa.

5.2.2 ORGANIZACIÓN E ESTRUTURA DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN

5.2.2.1 SELECCIÓN DA MOSTRA

Tendo como base as ensinanzas do introdutor en España da técnica dos grupos de discusión (Ibáñez, 1992: 280)[27] e mailas indicacións de Gaitán e Piñuel, que afirmaban:

> Por supuesto, habrán de ser al menos dos grupos, de modo que se asegure una cierta contrastabilidad. Pero hay diversas razones prácticas que no aconsejan un número de grupos excesivo. Una de las ventajas de este tipo de técnicas es que no exigen composiciones grupales muy numerosas para poder extraer datos cualitativos relevantes; aún más, un número reducido de grupos, evita la tendencia a la redundancia o al exceso de ruido (Gaitán Moyá e Piñuel Raigada, 1998: 125).

para a presente investigación, realizáronse unicamente dous grupos de discusión: un de empresarios ou directivos de empresas (GE: grupo de empresarios) e outro de asalariados (GT: grupo de traballadores).

A selección da mostra na investigación cualitativa non se basea en criterios de representatividade estatística onde, como se viu arriba, a probabilidade de selección de cada unidade debe estar determinada con precisión, senón que se apoia en criterios de pertinencia e de estratexia tal e como expresa Andrés Davila (1999), quen ademais insiste en que a selección dos participantes "é un problema de enfoque":

> [...] cuanto más enfocada esté la selección más definida será la información que obtengamos. Se trata de una muestra estructural, no estadística: es decir, con el diseño hay que localizar y saturar el *espacio simbólico*, el espacio discursivo sobre el tema a investigar (Davila, 1999: 77).

Xa se mencionou que o número ideal de participantes[28] nun grupo de discusión está, segundo os expertos (Ibáñez, 1992: 272; Iglesias Álvarez, 2002: 119; Soler, 1997: 83; Alonso, 1998: 102), entre cinco e dez membros[29]. O grupo de empresarios estivo formado por oito persoas (catro mulleres e catro homes); e o de traballadores por nove, dos cales cinco eran homes e catro mulleres[30].

[27] "Contra lo que piensan los que consideran el problema desde una óptica estadística (dominada por la ley de los grandes números), con relativamente pocos grupos se puede realizar una investigación" (Ibáñez, 1992: 280).
[28] "El número juega en la composición del grupo como 'cualidad', no como 'cantidad': o tiene un umbral inferior cualitativo y un umbral superior cuantitativo" (Ibáñez, 1992: 283).
[29] Algúns autores centran máis o número de participantes entre sete e dez (Krueger, 1991: 24).
[30] Están explicados os detalles do grupo máis adiante na ficha técnica dos mesmos.

A decisión sobre a quen se inclúe nos grupos debe estar sempre supeditada ós obxectivos da investigación, de tódolos xeitos débense ter en conta os criterios tradicionais de clasificación de persoas en categorías (Krueger, 1991: 60).

Para obter unha mostra representativa do conxunto empresarial compostelán obxecto da investigación, presentábanse dúas opcións: escoller individuos segundo sectores de actividade ou ben segundo categoría profesional, directivos por un lado e traballadores polo outro. A inclinación por esta última opción debeuse fundamentalmente a dúas razóns: (1) interesaba obte-las perspectivas dos dous grupos de actores principais no ámbito empresarial: por un lado aqueles que toman as decisións e fan uso da lingua desde un status superior e por outro lado os que fan uso diario da lingua escrita e/ou oral no seu traballo e que cumpren as directrices lingüísticas que se lles marcan, máis ou menos directamente, na empresa. (2) A idea de realizar grupos por sectores de actividade supoñía incluír nun mesmo grupo a directivos e traballadores, fórmula que rexeitei por dúas razóns principais. A primeira relacionada coas recomendacións que se dan para o bo funcionamento dos grupos onde aconsellan non xuntar individuos moi heteroxéneos en canto á súa clase social, pois iso leva normalmente á incomodidade dos participantes e ó non funcionamento do grupo, risco que se corría se asistían un directivo dunha firma media ou grande cun obreiro sen especializar dunha empresa familiar, por exemplo. A segunda estaba en certa medida relacionada con esta, e xa era de orde práctica e relacionada coa posibilidade de fracaso da captación de directivos para o evento (grupo especialmente difícil de conseguir)[31], incrementada se se lles comunicaba que ían compartir mesa con traballadores, o que podería levar a que só se conseguisen traballadores ou un número moi baixo daqueles, deixando o grupo descompensado.

Xunto coa homoxeneidade, presentábanse como cuestións básicas para a formación dos grupos (Alonso, 1998: 102-103), o anonimato e descoñecemento dos participantes. Este último parámetro considérase fundamental para a produción de discursos ideolóxicos, lexitimados no seu sector social de referencia (pois no descoñecemento dos membros do grupo está o fundamento para que garden silencio do sabido como conflitivo, do que lles

[31] Grupo sobre o que Callejo (2001: 101) advertía como un dos especialmente difíciles para o recrutamento, e que comprobei como realmente resultou complicado, dada a pouca disponibilidade do colectivo.

pode molestar ós outros) e para funcionar exactamente coma un grupo[32]. A primeira cuestión, a necesidade de homoxeneidade, está imposta pola produtividade discursiva da reunión, dado que o que se busca é encontra-las representacións sociais que circulan polos grupos de pertenza e referencia do microgrupo que actúa como testemuña. Ó mesmo tempo cómpre que exista certa heteroxeneidade parcial e controlada dos membros participantes para que xurdan na discusión diferenzas discursivas, pero que non cheguen a obstaculiza-la intercambio conversacional, nin o principio de cooperación que debe funcionar como regulador dos actos comunicativos. Callejo (2001: 184) insiste neste punto e declara que os grupos teñen que establecerse sobre a idea de heteroxeneidade dentro da homoxeneidade[33], xa que se son moi homoxéneos pódese producir unha especie de monólogo e se son demasiado heteroxéneos pode suceder que algúns dos participantes non se sintan cómodos (por estar en minoría, sentirse inferiores desde o punto de vista profesional[34], cultural...) e non dean a súa opinen[35].

Para que os grupos desta investigación, tanto o de empresarios coma o de traballadores, resultasen representativos formáronse, segundo as recomendacións, homoxeneamente en canto á categoría profesional pero con certa heteroxeneidade atendendo ás variables de sexo, idade, lingua materna e lingua habitual[36]. Tentouse a realización de grupos mixtos en canto a idade (no grupo de empresarios a franxa de idade era moi ampla, fronte ó grupo de traballadores que estaba moito máis próxima) e sexo (por un lado porque como grupo renden máis[37] e polo outro para comprobar se o discurso de homes e mulleres se encamiñaban no mesmo rumbo). Como xa se dixo arriba, no grupo dos empresarios houbo participación ó 50 por cento dos dous xéneros, e no de traballadores xuntáronse cinco homes e catro mulleres.

[32] J. Callejo (2001: 47) afirma: “se tiende a hablar, en el grupo, de manera (hiper)correcta, de lo politicamente correcto o de lo politicamente dominante. El discurso tiende a lo legitimado”.
[33] La distribución del conjunto (algebraico) de actuantes en grupos (concretos, topológicos) juega con la homogeneidad y la heterogeneidad (Ibáñez, 1992: 281).
[34] Neste caso, os grupos deste traballo tiñan homoxeneidade desde o punto de vista profesional, dado que era unha característica de formación dos mesmos.
[35] Para evitar este problema cómpre coñece-las diferenzas que existen entre os membros do universo que se quere investigar e amplia-la zona da súa procedencia xeográfica (Callejo, 2001).
[36] Ver fichas técnicas dos grupos (páx. 304).
[37] Soler (1997: 83-84) aínda que recolle a opinión de autores como Hoffman e Maiers que teñen demostrado que os grupos heteroxéneos renden máis sobre todo cando se require variedade de opinións e perspectivas, apoia a realización de grupos homoxéneos en canto a sexo, idade e clase social segundo sexan os obxectivos da investigación (por exemplo cando se necesita buscar un determinado perfil en publicidade).

En canto ás variables lingua materna e lingua habitual, incluíronse persoas que representasen a práctica totalidade dos perfís sociolingüísticos existentes[38], con castelanfalantes, galegofalantes e bilingües co predominio dunha ou outra lingua.

Aínda que o universo de estudo estaba acotado na cidade de Compostela, tentáronse localizar empresarios e traballadores que tivesen diferente procedencia xeográfica[39], tanto nacidos na propia cidade coma procedentes de fóra do concello.

5.2.2.2 CONTACTO E RECRUTAMENTO DOS MEMBROS DOS GRUPOS

O contacto e recrutamento dos membros dos grupos de discusión fíxose segundo se recomenda (Ibáñez, 1992: 279; Ortí, 1994: 218; Canales e Peinado, 1994: 302-304; Callejo, 2001: 95-98):

a) Os membros que configuraron o grupo participaban por primeira vez en tal actividade. Non coñecían en que consistía a técnica nin o funcionamento do grupo de discusión (unicamente un membro do GT escoitara falar dela)[40].

b) Ningún dos participantes se coñecía entre si.

c) O moderador non contactou nunca cos membros do grupo, tivo o primeiro contacto con eles no momento da reunión[41]. Isto conseguiuse grazas á existencia dun observador no grupo que non moderaba directamente, e que permitiu que se fixese cargo do proceso de recrutamento, que se levou a cabo por persoas intermedias, e resultou máis efectivo

[38] Pese a que os membros do equipo de investigadores do Seminario de Sociolingüística (SSG-RAG [en liña]: 4) non realizaron grupos xuntando galegofalantes e castelanfalantes, debido á "polarización das actitudes expresadas en función da lingua habitual" que se constataron no grupo piloto realizado con individuos destas características, na práctica que se está a presentar non se detectou este problema.

[39] De diferentes partes do concello, de fóra do concello e nos dous había algunha persoa nacida fóra de Galicia, de pais non galegos nun caso.

[40] Aclaróuselles sempre que se trataba dunha reunión que duraría arredor dunha hora ou hora e media. Nos casos en que preguntaron en que consitía a técnica aclarábaselle que tiña que ver cunha mesa redonda en que debatirían sobre temas que se lles propoñerían alí.

[41] Tódolos expertos insisten en que o funcionamento do grupo de discusión depende da pericia con que o dirixa o moderador e polo tanto non é aconsellable, sobre todo cun colectivo que é tan difícil de reunir, que sexa unha persoa inexperta (Callejo, 2001: 177; Gaitán e Piñuel, 1998: 136): "La aplicación del GD exige una gran formación del mantenedor, que ha de ser experimentado y con las cualidades adecuadas para controlar y reorientar el curso de las reuniones" (Gaitán e Piñuel, 1998: 136). Desta maneira buscouse a axuda dunha moderadora con ampla experiencia en dirixir grupos de discusión: Isabel Suárez, investigadora do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Ela encargouse, nos dous casos, da delicada tarefa de conducir tal práctica, feito para o que reitero o meu agradecemento. No meu papel como investigadora organicei todo o relacionado coa constitución do grupo, axudei na moderación e ocupei o papel de observadora.

naqueles casos nos que o mediador lle impoñía algún compromiso ó implicado. Así o observador só contactou telefonicamente nalgunhas ocasións cos convocados para confirma-la recepción da carta (no caso dos empresarios) e a súa asistencia á reunión. Foi tamén a persoa encargada da recepción dos participantes no local, conseguindo que o primeiro encontro co moderador se realizase na sala onde se levou a cabo o grupo de discusión. Tamén foi labor do observador a entrega das gratificacións.

d) Os participantes nunca se presentaron voluntarios, senón que houbo que convidalos e, en moitos casos, convencelos insistindo na idoneidade do seu perfil sociolóxico. Os empresarios foron convidados por medio de cartas, que a investigadora enviaba por correo ou levaba persoalmente á empresa; recorrendo ás veces a intermediarios que mantiñan con eles unha relación laboral ou persoal. O contido da carta era unha invitación a participar nunha actividade que se lles deixaba moi pouco definida. No caso dos traballadores o contacto realizouse por vía telefónica ou persoal sempre a través de intermediarios.

e) Os membros do grupo non souberon cal era o tema a tratar antes da reunión. Toda a información que se lles deu, ben por carta ou por teléfono, quedou na ambigüidade de que debían opinar sobre as linguas e a comunicación na empresa (vid. Anexo 7)[42]. En ningún momento se mencionou o galego[43], e tívose en conta que non houbese nada que lles fixese supoñer que o tema central xiraría arredor da nosa lingua para que non chegasen co discurso elaborado; así ó xurdi-lo tema reaccionarían espontaneamente.

5.2.3 REALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS

Tódolos teóricos dos grupos de discusión insisten na importancia que ten o espazo á hora da reunión, que debe ser un cuarto que para os participantes resulte artificial (artificialidade dada porque non se encontra entre os seus espazos cotiás) e estea baleiro, xa que o espazo baleiro empuxa ós que se encontran nel a habitalo de conversación (Callejo, 2001: 138).

[42] A algún que preguntou polos temas a tratar, aclaróuselle que non se lles podía dar máis información ata o momento da reunión.

[43] Para que non se deducise que o tema era "do galego" á hora de envia-las cartas tívose a precaución de pedir sobres e papel timbrado da Universidade de Santiago de Compostela (pero sen identifica-lo Departamento de Filoloxía galega) para enviárlle-las cartas ós empresarios. Ademais o moderador presentouse en castelán e comezou os dous grupos en castelán.

Non resultaba fácil xunta-los empresarios nun local público[44] e os que nun primeiro momento se barallaron (Instituto da Lingua Galega ou Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega) estaban bastante marcados para un traballo onde se necesitaba un espazo que non o estivese, ou polo menos que non resultase moi evidente.

> El local asignado al grupo portará una marca social: esa marca es un signo que se ve e interpreta desde fuera. Cuando los actuantes vienen al grupo tienen enfrente esa marca (Ibáñez, 1992: 293).

Deste xeito, optouse pola realización dos grupos na Facultade de Filoloxía, xa que acolle dentro diferentes ramas e, fronte ás outras opcións, esta non tiña que predispoñer ós convocados cara ó tema en cuestión, aínda que como di Callejo "todo espacio está socialmente marcado".

Para dispor dunha sala que contase cos medios que se recomendan (mesa redonda ou ovalada, cadeiras cómodas e aillada de ruído), houbo que convoca-los participantes nunha sala de traballo (a sala 102) un sábado ás 11 da mañá, posto que era o local que máis se aproximaba ó ideal nun día onde o alumnado non estaba no centro. A reunión de empresarios produciuse o sábado 16 de novembro de 2002 e a de traballadores 15 días máis tarde, o sábado 30, á mesma hora.

Para rexistra-lo discurso do grupo usouse un magnetófono e unha gravadora dixital, coa que se recolleu o son en *minidisc*[45], facilitando así o envorcado do texto no ordenador e a transcrición mediante o programa *Express Scribe.* A gravación magnetofónica axudou para completa-la transcrición nos cambios de cinta dixital, cando algunhas voces quedaron mal recollidas por estaren máis afastadas do micrófono, etc. As gravacións son fundamentais non só para reproduci-las palabras propiamente ditas, senón para atender a tódolos elementos da comunicación e da intervención que son importantes, e así dar conta tamén dos silencios, a entoación, as risas...:

> Los elementos prosódicos –curva melódica, tono, timbre, volumen, ritmo, pausas– sirven muchas veces para indicar la intención de las palabras; un mismo enunciado puede transmitir agresividad, ironía, dulzura, seriedad, etc., y eso dependerá de cómo sea dicho, es decir, de la "música" que le pongamos a través de la prosodia (Tusón Valls, 2002: 144).

[44] Dadas as características deste traballo non se dispoñía dun local privado.
[45] Gravación con Sony MZ-R35.

Toda esta información interesante que quedou gravada completouse coas notas recollidas polo axudante do moderador ou observador que se fixaba ademais nos xestos, expresións e todo o relacionado coa linguaxe non verbal que o magnetófono non pode reproducir.

Como xa se dixo arriba (vid. nota ó pé núm. 41 do presente capítulo), unha persoa actuou de moderadora principal e outra axudou, pero fundamentalmente fixo de observadora. Esta esperou os participantes no recibidor da Facultade onde comprobaba os nomes e onde agardaron uns minutos a chegada de tódolos membros para subiren xuntos ó local de reunión, sito no primeiro andar. Os membros do grupo dos empresarios chegaron todos (menos un) no espazo de 10 minutos, sentaron nos bancos e en ningún momento falaron nada entre eles nin coa persoa que os recibía. Pola contra, os traballadores formaron unha roda arredor do observador conforme ían entrando na Facultade e, sen presentárense entre eles, iniciaron unha conversa informal sobre trivialidades (o clima...) durante un espazo de 20 minutos. Este punto puido influír grandemente no que foi logo o desenvolvemento dos grupos, manténdose máis frío e distante o primeiro e máis cordial e comunicativo o segundo.

Así, aínda que nos dous casos se asimilou a técnica e os membros esqueceron que estaban nun "experimento controlado" típico dos estudos cualitativos, sen estaren nunha situación natural, achegábanse moito máis a ela os membros do segundo grupo que funcionou totalmente como tal desde o primeiro momento no sentido en que se regulou el mesmo, os axentes interactuaron moi ben, incluso reconducían a conversa esquecéndose (salvo en contadas ocasións) da existencia dun moderador e dun observador. Tanto o rexistro usado, coma os acaloramentos dalgúns participantes e o alongamento que se produciu da reunión, que tivo que ser cortada polo moderador ás dúas horas do seu comezo (exactamente 130 minutos), demostran o funcionamento máis espontáneo e natural do grupo de traballadores.

Pola súa banda, no grupo de empresarios os membros estiveron moito máis distantes entre si, e máis pendentes do moderador, aínda así o desenvolvemento foi totalmente correcto establecéndose diálogo e un bo discurso entre os axentes durante noventa e cinco minutos[46].

[46] As sesións tiveron unha duración que, segundo Gaitán e Piñuel (1998: 127) é a correcta para esta actividade: entre unha hora e media e dúas horas.

5.2.3.1 DESENVOLVEMENTO DO GRUPO

O moderador, tal e como é a súa función, arrancou os dous grupos obxecto desta investigación. Non presentou o tema de xeito moi directo, senón que, tal como se lles explicara ós participantes na convocatoria, pediulles que –de xeito xeral– expuxesen cal era a situación das linguas na empresa. Aínda que se fixo referencia ó galego e ó castelán, o moderador dirixiu a atención primeira do tema cara ás linguas dentro da empresa no contexto da globalización[47]:

> MOD: (…) nos gustaría saber así un poco sus opiniones acerca de: / qué lenguas consideran | con los nuevos escenarios que tanto se habla de la globalización de la economía y del mercado / qué lenguas les parecen a ustedes más importantes en el mundo de hoy en día para los empresarios? (GE: 22-24)
>
> […]
>
> MOD: (…) como primer tema de debate nos gustaría saber vuestra opinión sobre la situación actual e: de las lenguas en el mundo de la empresa | qué lenguas consideráis más importantes hoy en día para el mundo de de la empresa no? en el mundo de la globalización todo esto que se está hablando de nuevos retos de un mercado cada vez más globalizado | qué lenguas os parecen a vosotros más importantes para ser competitivos o para: para estar ahí (GT: 18-23)[48]

Logo, a cuestión dos usos e da situación do galego e do castelán saíu soa e foise reconducindo a discusión cara ó ámbito empresarial cando fixo falta, introducindo ás veces cuestións que cumpría que fosen tratadas.

Pese a que a técnica do grupo de discusión caracterízase –como xa se dixo– pola súa non directividade, tivéronse en consideración os parámetros que define Callejo (2001: 16-17) á hora da delimitación de certa directividade[49], polo que tanto moderador como observador seguiron un guión:

[47] Canales e Peinado (1999: 307) e Gaitán e Piñuel (1998: 128-129) insisten na importancia que ten a fase inicial do desenvolvemento do grupo, dando claves de como introduci-lo tema. Dentro desa idea de evitar que se nos asociase "co galego", para que non condicionase o discurso cara o politicamente correcto, comezou a moderadora falando castelán.

[48] Destaca como a moderadora empregou o tratamento de cortesía para falar cos empresarios, fronte á segunda persoa na que se dirixiu ós traballadores. Quizais a presenza de dúas persoas de idade avanzada no grupo dos empresarios, xunto cun ton moito máis serio que mantiveron á entrada, provocou tal tratamento. Recórdese que o ambiente no segundo grupo era máis distendido xa desde a entrada e non había xente tan maior.

[49] Neste aspecto da directividade do grupo, igual ca en moitas outras prácticas de investigación social, dáse unha das paradoxas que recolle Callejo (2001: 189-190), xa que os participantes tenden nun primeiro momento a reproduci-los tópicos esperables fronte ó interese do investigador en que "digan o que aínda non dixeron".

Ilustración 4: Guión do grupo de discusión realizado con empresarios

GUIÓN GRUPO DISCUSIÓN EMPRESARIOS

- As linguas na globalización da economía e do comercio
- Situación na empresa hoxe en día das linguas con poucos falantes
- Usos do castelán / galego nas empresas
  - Oral / escrito
  - Xefes / traballadores
  - Tipos de empresas
  - Tipos de traballos
- Situación / Opinión sobre o proceso de normalización
  - Competencia vs. Formación (cursos)
  - Axudas institucionais
- Futuro do galego nas relacións comerciais:
  - Obrigación desde a administración
  - Motivacións para incrementa-lo uso
  - ➢ Que poden / van facer vostedes?

Ilustración 5: Guión do grupo de discusión realizado con traballadores

GUIÓN GRUPO DISCUSIÓN TRABALLADORES

- As linguas na globalización da economía e do comercio
- Usos lingüísticos nas propias empresas
- Usos do castelán/galego nas empresas
  - Oral / escrito
  - Xefes / traballadores
  - Tipos de empresas
  - Tipos de traballos
- Situación / Opinión sobre o proceso de normalización
  Competencia vs. Formación
  - A lingua como mérito para traballar nunha empresa: a existencia de perfís lingüísticos e probas
  - Asistencia a cursos de galego
- Futuro do galego nas relacións comerciais:
- Motivacións para incrementa-lo uso

Unha vez que o moderador especificou o tema xeral, logo foi facendo pequenas intervencións para aclarar algún punto ou para reconducilo cara ó ámbito empresarial,

mesmo cando algúns dos temas de interese do estudo non saíran. Seguindo as indicacións de Krueger (1991: 66-72) as preguntas do guión eran abertas e pretendíase que actuasen como "estímulos", ían do máis xeral ó máis específico, estaban moi reflexionadas e só nalgún caso se realizaron preguntas imprevistas ó xurdiren temas de interese cos que non se contaba.

Por outra banda, o preceptor cumpriu coas que, segundo Soler (1997: 85), son as súas funcións básicas: animar á participación dos membros do grupo creando unha atmosfera agradable e establecendo unha confianza mutua. Conseguiuno tentando, na medida do posible, distribuí-lo liderado e evitando interrompe-la espontaneidade do grupo, pero pasando pola invitación directa a intervir sen insistencias, pedimento de aclaración dun tema, etc.

O observador actuou, tal e como recomenda Ibáñez (1992: 308-309) como unha parte escindida do preceptor e para que non supuxera un elemento "traumatizante" para o grupo tivo unha función complementaria: recibiunos, como xa se dixo, na entrada do edificio e logo fixo as funcións que Callejo (2001: 25) denomina como de "asistente" e que lle son propias: tomar algunhas notas na reunión, controla-lo funcionamento das gravadoras, estar atento a circunstancias aleatorias (retraso dalgún dos participantes, indica-lo lavabo, reparti-las augas...), intervir ó ver que quedaba algunha cuestión sen tratar ou pouco clara. Deste xeito evitouse que se vira coma un intruso.

5.2.4 ANÁLISE E INTERPRETACIÓN

> La tarea del analista es aislar los temas que el grupo de discusión considere importantes y hacer un comentario, considerando de qué tratan y qué importancia tienen de acuerdo con los objetivos planteados (Soler, 1997: 131).

Fundamentándose no moito peso que ten o acto grupal fronte ó texto como único produto do grupo, a análise deste non debe ser unha simple análise de textos:

> El análisis del grupo no es, por tanto, el desmigajamiento de un *corpus* buscando sus unidades de significación elementales; lo que no quiere decir que el *corpus* no tenga que ser minuciosamente leído y releído, seleccionado y ordenado realizando un recorte en sus sentidos posibles, según los objetivos de la investigación, sino que es la sistematización de ese *corpus*, por un modelo concreto de representación, lo que le otorga significación a los enunciados (Alonso, 1998: 117).

A microsituación do grupo vai servir para analiza-la macrosituación social (como se viu atrás en Ibáñez, Alonso e Callejo), e o investigador terá que interpreta-la situación do

grupo como espello da situación social. Así, partindo da consideración do grupo de discusión como un proxecto de acción comunicativa (Alonso, 1998: 113), no que os actores tratan de lograr un microacordo sobre os puntos problemáticos e os núcleos temáticos da súa conversa, non interesa unha análise sintáctica ou lingüística, senón unha análise pragmática centrada na "reconstrucción crítica de los procesos de enunciación" (Alonso, 1998: 123).

Tivéronse en conta os tres niveis que Jesús Ibáñez (1992: 333-350) estableceu para a interpretación e análise dos grupos: o nivel elemental ou nuclear, o intermedio ou autónomo e o máximo –unitario e unificador– que é o sýnnomo. O primeiro nivel ten que ver coa verosimilitude e co consenso posto que "El grupo de discusión es un laboratorio para producir, a través del consenso, lo verosímil tópico: verdad es lo que aceptan todos (el lugar común, el tópico)"; o segundo atende á pluralidade de textos que contén o discurso "cada texto tiene sus leyes –sus convenciones– propias y sus propios modos de producir la verosimilitud. Hablan diferentes personas, pertenecientes a grupos sociales y psíquicos distintos y alternando diferentes posiciones de discurso". Xa o nivel sýnnomo ou o da totalización recupera a unidade do discurso do grupo, como texto e como expresión da situación (da situación micro, na que se reflicte a situación macro)[50]:

> El discurso del grupo es un producto de la situación grupal: lo que nos lleva a interpretarlo y analizarlo a partir de la dinámica del grupo –en su génesis– y a partir de su estructura. Situación en la que el que lo analiza debe haber estado presente o –en caso contrario– debe reproducirla a partir de las huellas conservadas (en el magnetofón y/o en la cámara) (Ibáñez, 1992: 344).

Para Ibáñez a interpretación é unha lectura, unha escoita dunha realidade que fala, onde os signos significan algo. A análise silencia a realidade, pero a análise nunca remata: "Todo saber es una interpretación. Y no podemos renunciar al saber" (Ibáñez, 1992: 350-351).

[50] Callejo (201: 26) reflexiona sobre o estatuto do individual e do grupal, partindo da definición que Ibáñez dá do grupo de discusión como "puesta de colisión de los diferentes discursos y cuyo producto es la puesta de manifesto de los efectos de la colisión (discusión) en los discursos personales (convencimiento: convencido es el que ha sido vencido por el grupo) y en los discursos grupales (consenso)", onde está poñendo o acento na separación entre individuo e grupo; separación coa que mostra reticencias, xa que supón asumir que todo o que non forma parte do consenso é individual.

5.2.4.1 FICHAS TÉCNICAS DOS GRUPOS[51]

Grupo de discusión de empresarios

Resumo:

Participantes: 8.

Sexo: 4 homes, 4 mulleres.

Idades: Entre 26 e 58.

Clase social: media-alta.

Hábitat: Santiago (50% procedencia rural).

Titulación: superior (excepto 1).

Cargo na empresa: directivos.

Sectores: varios.

Comentario[52]:

Con respecto ás idades dos participantes cómpre comentar que oscilaron entre os vinte e seis e os cincuenta e oito anos[53]. Pretendeuse un abano de idade amplo como para que a mostra fose significativa, pero sen caer nunha heteroxeneidade que resultase negativa para o grupo. De feito, a asistente de vinte e seis anos (Sofía, que veu substituíndo ó pai[54], quen confirmara a asistencia á reunión), quizais pola súa inexperiencia ou/e xuventude, tivo escasa participación na reunión.

Sete dos oito participantes posuían estudos superiores: cinco deles licenciados en ciencias económicas (licenciatura que un compartía coa de enxeñería naval), un era enxeñeiro industrial e outro médico cirurxián. Só un era titulado medio, dato que non se notou en absoluto no desenvolvemento do grupo. Como tampouco foi significativa a diferenza de cargos que variaron desde un conselleiro delegado a directores, xerentes, e xefes de xestión e administración.

[51] Estas fichas foron elaboradas a partir da observación, das manifestacións dos falantes e das enquisas pasadas ó final das reunións (No Anexo 8 aparecen os modelos de enquisas pasadas en ámbolos dous grupos). Non se fai unha ficha de cada persoa para non rompe-lo seu anonimato.
[52] Existen investigacións cualitativas, como a desenvolta por J. Kabatek, onde se mostra a relación da biografía dos falantes coa súa lingua e coa reflexión metalingüística que fan (Kabatek, 2000: 94).
[53] Concretamente e en orde crecente: 26, 32, 36, 42, 43, 53, 58, 58.
[54] Este era propietario e director dunha empresa santiaguesa na que a filla levaba traballando un par de anos.

Tentouse que estivesen presentes o maior número posible de sectores con representatividade no concello, aínda que houbo que aterse ás dificultades que entrañaba xuntar persoas deste colectivo. Así os asistentes representaron os sectores da enerxía[55] (dous membros), da construción (un), do comercio (un dedicado á venda polo miúdo e outro á venda por xunto[56]) e de servizos (tres membros, ocupados en diferentes actividades: comunicación, asesoría e oficinas técnicas de enxeñería e arquitectura).

No tocante ó hábitat, tódolos asistentes residían en Santiago, excepto un que viaxaba a Vilagarcía diariamente. Tal como se dixo arriba a metade deles (dous homes e dúas mulleres) procedían do rural galego e os outros catro naceran en cidades (un home e unha muller en Santiago e a parella restante en urbes de fóra de Galicia, concretamente en Barcelona e La Rioja; o primeiro, de raíces galegas, criouse e estudou na comunidade autónoma). Isto ten relación coa súa caracterización sociolingüística, posto que cinco persoas (catro delas con ascendencia rural e unha compostelá) presentaban como lingua materna o galego, lingua que conservaban no uso coa familia. Tanto o compostelán de nacemento, coma os tres "neourbanitas", conservaban o galego como lingua habitual no traballo para as relacións internas. As tres persoas que tiveron como lingua materna o castelán declararon manter esta na familia e maioritariamente nas relacións internas do traballo.

En canto á lingua usada nas relacións externas no traballo, a opción de "máis castelán" foi a máis marcada (cinco)[57], os tres restantes sinalaron "só galego"(un) "as dúas igual"(un) e "máis galego" (un); ningún declarou usar "só castelán".

Grupo de discusión de traballadores

Resumo:

Participantes: 9.

Sexo: 5 homes, 4 mulleres.

Idades: Entre 28 e 42.

Clase social: media.

[55] Non é un sector representativo na cidade compostelá pero coincidiu que das catro empresas existentes en Santiago, dous accederon a participar no grupo.
[56] Neste caso a actividade era "venda de materiais de construción".

Hábitat: Santiago.

Titulación: media / superior.

Comentario:

As idades dos nove participantes oscilaron entre os vinte e oito e os corenta e dous anos[58]. Foi totalmente imposible conseguir ningún traballador de máis de corenta e dous anos e un de vinte e catro, que confirmara a asistencia, non se presentou no momento da reunión.

Representaban a empresas do sector dos fabricantes do metal, actividade: carpintería metálica (1 membro), da industria da madeira, actividade: taboleiros de madeira (1), das artes gráficas (1), dos produtos químicos (1), do sector servizos (5), cada un dedicado a unha actividade diferente: comunicación, asesoría, control de calidade, salón de beleza e servizos educativos).

Fronte ós empresarios, presentaban máis heteroxeneidade en canto á titulación: a maior parte (seis) tiñan estudos de grao medio, remataran o COU ou ben unha FP II, os tres restantes eran titulados superiores (licenciaturas en económicas, psicoloxía e xornalismo). Con todo, non se notou que este dato influíse no desenvolvemento do grupo. O que si resultou pertinente foi o hábitat, que difire ademais do dos empresarios: actualmente catro residen en Santiago (dous nos barrios de Vite e Castiñeiriño e dous no centro) e os outros cinco nos concellos veciños de Teo, Ames e no próximo de Rois. Sen relación estrita entre o lugar de residencia actual e o de nacemento, cinco dos membros desta mostra naceran e criáranse en cidades, destes, catro eran composteláns (só un natural do centro, o resto dos barrios de Vite e Castiñeiriño) e un orixinario de Pontevedra; tres criáranse no rural galego, pese a que un deles nacera nunha cidade vasca. Por último, un dos membros nacera nunha vila pequena e criárase nun país suramericano. Estas circunstancias relacionaban os integrantes do grupo –igual cós do anterior– coa súa situación sociolingüística, e ó mesmo tempo reflectía bastante ben a situación lingüística xeral de Galicia. En canto ós usos familiares e lingua materna, tres persoas eran monolingües en galego, dúas monolingües en castelán e dúas declararon aprender a falar nos dous idiomas (máis galego nun caso, e máis castelán noutro) pero usaban habitualmente as dúas linguas. Os seus usos lingüísticos no traballo varían dependendo da lingua habitual, do tipo de traballo e do compromiso coa

[57] Precisamente eran cinco os participantes que tiñan o galego como lingua de relación no ámbito familiar, polo tanto non coincide a porcentaxe dos que falan galego habitualmente na casa e os que o fan no traballo.

lingua que manifestan os asistentes. Así dos tres traballadores monolingües, dous mantéñense monolingües en galego, exceptuando algún uso escrito, por compromiso e porque non atoparon oposición nas respectivas empresas[59]; o outro tamén usa o galego no seu posto, pero ó traballar nunha carpintería de aluminio case non emprega a escrita e na relación con outras empresas di fala-las dúas igual.

Tres dos que aprenderon a falar en galego usan máis castelán ou só castelán, o mesmo ca dous que aprenderon a falar só castelán. Só un declara usa-las dúas linguas igual no ámbito laboral, tendo como lingua materna máis castelán e como lingua habitual da familia só galego.

5.2.4.2 OBSERVACIÓN DA ESTRUTURA GRUPAL

Os integrantes dos grupos chegaron á sala acompañados polo observador, onde xa se encontraba sentado o moderador, que segundo Ortí (1996: 218): "no ocupará ningún puesto preeminente". Ó entraren na sala foron ocupando os postos arredor da mesa deixando baleiras dúas cadeiras ó lado da porta, que se ocuparon nos dous casos por persoas que chegaron tarde (Rodrigo en GE, e Sonia e Jesús en GT)[60].

Diagrama de posición dos participantes (os nomes son falsos[61]):

Grupo de empresarios (GE)

[58] Concretamente e en orde crecente: 28, 30, 31, 33, 34, 35, 40, 42, 42.
[59] M: (...) eu falo siempre en galego incluso o sea se estou en territorio galego falo siempre galego incluso sabendo que o mellor a outra persoa é pois eso unha persoa que veu doutra rexión de españa eu fálolle sempre en galego unha porque o vai entender / o galego é fácil de entender e outra porque bueno se está en galicia eu entendo que ten que saber galego (...) (GT: 186-190).
[60] No GE Rodrigo chegou ós vinte minutos do comezo da reunión. No GT foron dous os retrasados: Jesús que se incorporou ós dous minutos e Sonia ós dez.
[61] Os nomes empregados para identifica-los falantes, tal e como se recomenda, son falsos para preserva-lo anonimato dos mesmos. Ó lado indícanse as letras coas que se identificaron á hora de realiza-la transcrición.

Grupo de traballadores (GT)



Da observación do grupo extraéronse os seguintes datos de interese:

1) Posto que –tal e como xa se explicou arriba– os membros dos grupos non se coñecían entre si, nin tampouco ningún participara antes nunha dinámica deste tipo, mostráronse nun primeiro momento expectantes sen saber moi ben o que se esperaba deles. A práctica da reunión de grupo –fronte á enquisa– ten a súa especificidade na inconsistencia da situación que inaugura, o que provoca que os participantes se pregunten polo camiño que han de seguir, aínda cando na presentación a moderadora aclarase algo:

> MOD: (…) lo que nosotros tratamos de evitar en todo momento es que se trate de:: de un cuestionario o de un una una relación del tipo pregunta respuesta lo que sí nos parece interesantísimo es recoger sus opiniones sobre los temas que vamos abordando como si estuviera hablando en una charla de café eso es lo más interesante para nosotros / como el colectivo de los empresarios que se xxx hoy aquí hablaría de estos temas de la forma más parecida posible a como lo hacen en la realidad no? entonces bueno no al principio seguro que es inevitable empezar como si fueran preguntas y respondiéndome a mi pero seguro que pasado pasados unos momentos iniciales se contestarán ustedes unos a otros se contestarán ustedes unos a otros y se conocerán igual que si estuvieran en un café o en cualquier otro contexto parecido no? (GE: 3-11)

Esperábase que o moderador da reunión indicase o camiño con maior precisión. Para evita-lo silencio, volveuse a pregunta sobre o director da reunión ó que se lle pedía concreción:

> A: (…) e despois non sei se a pregunta vai por aí pero: o <u>futuro</u> do idioma / pareceume entender que iban por aí os tiros non? (GE: 125-126)

A situación de partida foi axeitada xa que, coas preguntas que fan, pretendían entende-lo que era a dinámica do grupo; nunca tentaron esquiva-lo tema e non afrontalo directamente. Máis ben o contrario, empezan a tocalo desde o primeiro momento, aínda que as verdadeiras respostas saen cara ó final do grupo, sobre todo no caso dos empresarios.

2) No grupo de empresarios houbo un membro que non cumpriu as expectativas (Sofía) intervindo só dúas veces. Non se sabe se tiña un problema de timidez ou se viu cohibida diante dos interlocutores, ó non ter ela un cargo de tanta responsabilidade coma o resto (recórdese que apareceu no sitio do pai, que confirmara a asistencia). Pese a ser licenciada en económicas e traballar ó lado do pai que era o dono da empresa, só interveu para falar das súas experiencias e non opinou nunca no debate. Tamén se daba a circunstancia de que era a persoa máis nova e a única monolingüe en castelán no momento de comeza-lo grupo, e pese a que a moderadora comezou falando en castelán, lingua empregada na intervención polos primeiros participantes, o galego pasou a se-la lingua do grupo. A outra persoa monolingüe en castelán no grupo de empresarios (Rodrigo) chegou 20 minutos tarde, coa dinámica comezada, co cal estivo escoitando e incorporouse á conversa no grupo nos últimos 45 minutos. Talvez, se esta persoa interviñese antes falando en castelán Sofía participase máis. No entanto, nunca estivo ausente do debate, pola contra prestaba moita atención a todo o que se dicía en todo momento.

No grupo de traballadores todos interviñeron desde o primeiro momento e ata o final, aínda que en diferentes graos. Hai que destacar que houbo momentos en que tres dos membros centraron o debate porque se acaloraban máis, e que unha das participantes tivo moitas menos intervencións có resto e máis curtas en xeral (Mónica), pero mantívose sempre atenta e participante ata o final. Era monolingüe en galego e aparentaba ter algún problema de timidez diante dun grupo bastante numeroso, onde xa lle custou rompe-lo xeo e expoñe-las súas experiencias, logo limitouse a mostra-lo seu acordo ou desacordo nos puntos máis discutidos.

3) O clima das relacións foi bo nos dous grupos e, pese á existencia de puntos de vista nos que diferían os membros, non se presentaron conflitos entre eles. A intención de chegar a un acordo xa nun principio era máis evidente no grupo de traballadores, aínda que ó final os membros mostraron dúas posturas ou puntos de vista enfrontados. En xeral, tódolos participantes se comunicaron entre si e cando falaban, sobre todo neste segundo grupo, buscaban o asentimento dos demais, e incluso algún tentaba volver encamiña-la conversa:

> M: eu retomando un pouco a idea de: do idioma na empresa e así | eu quería polo menos de que non sei se estamos todos dacordo ou non (GT: 404-405)

e incluso busca-lo consenso no resumo final (*M: en definitiva como resumen e:*, GT: 1879). Ademais os numerosos exemplos de concordancia en ideas (*M: totalmente de*

acordo, GT: 1359; *Sk: =eu estou de acordo non?*, GT:1983; *F: =total totalmente de acordo=>*, GE: 502) son –segundo os expertos– mostras de que houbo conciencia de grupo.

4) No grupo de empresarios os membros foron moi respectuosos entre si e en canto ó tempo de intervención de cada un, pero tamén estiveron máis cohibidos. Pola contra, os traballadores, aínda sendo respectuosos sempre, entusiasmábanse co debate en determinadas ocasións, o que levou a que ás veces, en períodos sempre breves, falaran á vez asentido ou contando experiencias persoais que corroboraban unha tese, chegando a darse algunhas conversas paralelas durante uns minutos. Sempre acabaron regulándose eles mesmos sen intervención do moderador; con todo, os tres membros que se viu que acapararan o debate tiñan, ou usaban, un ton de voz moito máis alto có resto cando querían falar, co cal chegaban a silenciar ou impedir outras intervencións.

5) Os participantes do grupo de traballadores que se acaban de mencionar, sen chegaren a ser exactamente líderes, interviñeron máis có resto. Aínda que o líder se pode definir de moi variadas maneiras (Soler, 1997:110), enténdese por tal aquela persoa (normalmente de máis idade) que constitúe o punto focal da conduta do grupo, que o leva cara ós seus obxectivos, porque ten influencia sobre o resto e pode enfoca-lo discurso cara ó seu propio punto de vista; por outro lado tamén mantén o grupo activo, é dicir válelle como motor. No GE a persoa de maior idade (Fermín) acaparou máis tempo o discurso porque exemplificou con anécdotas a situación sociolingüística da súa infancia e mocidade, e aínda que en ocasións eran intervencións algo longas, o resto escoitou sempre con atención[62]. No grupo de traballadores, as tres persoas (Simón, Inés e Jesús) que foron acaparando a conversa aproximáronse á figura do líder, xa que falaban con moita contundencia, tiñan as ideas moi claras, argumentaban con solidez e facían calar ou deixaban falar pouco ós opoñentes cando se acaloraban (fundamentalmente Inés).

[62] Tratábase dunha persoa que captaba a atención dos seus interlocutores; ademais falaba para todos e buscaba o consenso e a aprobación do resto do grupo.

5.2.4.3 OBSERVACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Débese ter en conta sempre que a moderadora, en ámbolos dous grupos de discusión, comezou premeditadamente a súa intervención en castelán para, ademais de non condicionar coa súa lingua a postura cara ó tema cando este se presentase ó debate, comproba-las interaccións lingüísticas dos membros. No GE a primeira persoa en intervir, Victoria (V) (situada á dereita da moderadora) contestou en castelán, pero os que falaron a continuación fixérono en galego co cal ela –que logo que manifestaría bilingüe– seguiu en galego. Monolingües en castelán eran Sofía e Rodrigo. A primeira presentouse en último lugar e falou moi pouco, pola súa banda, Rodrigo chegou tarde, cando xa o grupo establecera como lingua de interrelación o galego, e ademais tardou tempo en intervir. Con todo, para contestarlle a Rodrigo, Fermín empregou ás veces o castelán e Anxo tamén comezou algunha intervención en castelán dirixida a Rodrigo, pero acabou cambiando sempre ó galego, como se ve no exemplo:

> A: (...) que / la administración obligase sería peor independientemente de la legislación e da legalidá dos dous idiomas querer impoñer un sobre o outro sería siempre negativo (GE: 854-855)

No GT, pese a que a moderadora tamén iniciou o grupo en castelán, e o primeiro participante tamén interviu nesa lingua, o grupo desenvolveuse fundamentalmente en galego. Só un dos tres participantes castelanfalantes, Tomé, se mantivo falando sempre castelán. Os outros dous (Jesús e Asunción) interactuaron todo o tempo en galego; de feito sóubose da súa condición lingüística logo de máis de 50 minutos de estar debatendo outros temas, cando expuxeron as súas situacións persoais para apoiaren os seus argumentos, ante a afirmación da moderadora xorden as declaracións:

> MOD: (…) falábades / a maior parte de vós sodes galegofalantes non?
>
> T: non non
>
> J: non
>
> MOD: [mirando para T] ti non [mirando para J] ti non
>
> Su: eu tampouco (GT: 794-799)

Quizais a causa de que o galego fose a lingua de intervención estea en que ó principio colleron o peso da conversa os galegofalantes, cara ós que converxeron Jesús (J) e Asunción (Su), e mesmo Sonia –que segundo se deduce da confesión dos seus usos– adaptábase sempre á lingua do interlocutor. No entanto, Jesús, cando estaba interactuando

con Tomé (T), comezou algunhas frases en castelán, aínda que volvía rapidamente ó galego.

5.3 ANÁLISE CUANTITATIVA: ENQUISA E FICHA OBSERVACIONAL

Co obxectivo de coñece-los usos lingüísticos en practicamente tódolos aspectos comunicativos da empresa, desde a imaxe corporativa e rotulación exterior; pasando pola comunicación interna tanto oral como escrita, a lingua usada nas nóminas, contratos de traballo, formularios, catálogos...; ata a comunicación escrita e oral cos clientes e a atención directa e telefónica ó público organizouse tanto unha enquisa como unha ficha observacional coa que comproba "in situ" os usos reais das entidades investigadas.

5.3.1 A ENQUISA

Escolleuse a enquisa porque, ademais de se-la técnica de investigación social máis usada, permite obter, de maneira sistemática e ordenada, información sobre as variables que interveñen na investigación a partir dunha mostra de individuos dunha poboación concreta.

Na análise de Maurer (1999) citada arriba, vese como o cuestionario continúa a se-lo método máis empregado, destacando tamén que tal investigación adoita completarse coa observación.

O instrumento empregado para a realización da enquisa coa que se desenvolveu a presente investigación foi un cuestionario estandarizado en base a un formulario con preguntas que se realizaron sempre na mesma orde. A modalidade de enquisa escollida foi a persoal ou entrevista "cara a cara" (Cea D'Ancona, 1999: 244; Visauta, 1989: 263)[63] que, como metodoloxía cuantitativa, recollería unha situación onde se produce unha interacción asimétrica entre entrevistador e entrevistado (Ramallo e Lorenzo, 2002: 45).

[63] Neste caso debe entenderse a entrevista desde o punto de vista socioestatístico. Xa se mencionou arriba que existen outro tipo de entrevistas que entran dentro da investigación cualitativa: entrevista aberta ou entrevista de grupos. Neste caso a entrevista realízase seguindo un cuestionario, polo tanto trátase dunha metodoloxía cuantitativa.

5.3.1.1 DESEÑO DO CUESTIONARIO

Pretendíase que a enquisa fose o máis completa posible pero breve[64], de feito este era un dos puntos nos que se insistía cando se contactaba telefonicamente para solicita-la entrevista. Despois de estaren ben definidos os obxectivos, ben delimitada a poboación á que ía dirixido o cuestionario (directivos de empresas), e as hipóteses e variables que interesaban, e tras escolle-la técnica de recollida de datos que se mencionou, deseñáronse as preguntas. Partindo da afirmación de García Ferrando:

> Aunque cada vez son más numerosos los estudios sistemáticos publicados sobre la elaboración del cuestionario, cabe afirmar todavía en los tiempos actuales que el *arte* de construir un buen cuestionario descansa fundamentalmente en una buena experiencia, que se va adquiriendo sobre todo con la cosecha de fracasos (García Ferrando, 1994b: 159).

redactouse o cuestionario e pasouse a xeito de proba ou pretest a tres empresarios diferentes, tal e como recomenda –entre outros– o mesmo autor un pouco máis adiante (ibidem:169). E aínda tras estas revisións, despois de realiza-las catro primeiras enquisas, viuse a pertinencia de realizar cambios que non alterarían os resultados: engadiuse algún valor máis que se sentía imprescindible para recolle-la variación existente nalgún dos puntos a estudar na observación (como se explicará polo miúdo no Capítulo 7), pois "el rigor en las especificaciones no se debe entender como un "corsé" a la creatividad: la interacción continua a lo largo del proceso de elaboración permite en todo momento rectificar decisiones anteriores" (Padilla e outros, 1998: 126).

O cuestionario realizouse coa axuda do programa informático *Le Sphinx Lexica*[65], o mesmo que se empregou logo para a análise dos datos. Esta ferramenta, fronte ó SPSS, tiña como vantaxe a súa sinxeleza, porque se apoia nas interfaces e protocolos de Windows; como consecuencia permitía a introdución das respostas sen tabulalas previamente[66] e axustábase perfectamente a unha mostra relativamente pequena como era a desta investigación.

[64] Sobre o tamaño do cuestionario seguíronse as indicacións de Padua e Ahman (1992: 89).
[65] Trátase da versión Le Sphinx 2000 desenvolto por Le Sphinx Développement como "Logiciel de traitement d'enquêtes et d'analyse de données".
[66] Por esta razón non seguín as recomendacións de moitos manuais sobre cuestionarios que afirman: "Las posibilidades de respuesta deben de llevar un *código numérico* que identifique unas respuestas de otras de forma inequívoca" (Azofra, 1999: 26).

O deseño da forma e do contido, para o que se seguiron as recomendacións dos expertos ó respecto, elaborouse pensando sempre nos obxectivos que se pretendían acadar: a análise de usos e representacións xerais cara ó galego dos empresarios compostelans.

5.3.1.1.1 Contido

Tras detalla-las áreas de contido necesarias para cubri-los obxectivos do cuestionario, tentaron identificarse de xeito exhaustivo os indicadores que corresponderían a cada unha delas para que non quedase ningún contido sen medir.

A maioría dos expertos fan recomendacións para unha redacción correcta do contido das preguntas, que garanta no posible a validez da proba (Albarelho, 1997b: 52-54; Azofra, 1999: 18-22; Cea D'Ancona, 1999: 262-268; García Ferrando, 1994b: 160; Padua e Ahman, 1992: 113-117; Visauta, 1989: 272-276). Tentouse respectar ó máximo tódolos requisitos establecidos, pero seguindo basicamente as recomendacións de Padilla García e outros (1998: 124), que estableceron unha distinción á hora de redacta-las preguntas, separando as *factuais* (empregadas para medir de xeito obxectivo) das *subxectivas*. Así, tentouse que as primeiras fosen preguntas relevantes, breves e concretas, redactadas nunha linguaxe convencional, sen frases complexas, sen expresións coloquiais, tecnicismos nin abreviaturas, recorrendo a cuestións que resultaran exitosas nunha enquisa anterior[67]. Tamén se coidou que as preguntas non tivesen varias interpretacións, para o que se evitou que en cada unha houbese máis dunha afirmación, que contivesen dobres negacións, e palabras e frases con nesgos.

Á hora de afronta-la redacción das preguntas subxectivas, destinadas a medir actitudes, xa se partía da dificultade que isto entrañaba polas razóns explicadas arriba sobre a cuestión (desde a interpretación do concepto de actitude ata a conciencia da súa variabilidade no tempo). Os dous instrumentos que máis se empregan nas enquisas para realizar esta medida son os test de ordenación (onde se establecen frases con diferente grado de actitude cara ó obxecto a medir que o enquisado debe ordenar) e os tests tipo Likert (que presentan afirmacións coas que o entrevistado ten que mostra-lo seu grao de acordo nunha escala que normalmente vai desde "moi en desacordo" a "moi de acordo"). Como se pretendía realizar unha entrevista breve desbotouse este último tipo, e escolleuse un semellante ó primeiro

pero con matices. Unha das dúas cuestións actitudinais (núm. 6) non pretendía obte-lo grao de acordo con algo, senón extrae-las actitudes cara á lingua que se agachaban detrás dun comportamento lingüístico, polo tanto non tiña sentido que os entrevistados ordenasen os valores, senón que debían escolle-la resposta (ou as respostas) que mellor reflectise a súa intencionalidade[68].

Tamén se presentaba como de resposta múltiple a cuestión núm. 7, que ademais daba a posibilidade de ordenar ou non as respostas, pero non obrigaba, posto que se ofrecían variables que podían estar no mesmo grao de acordo respecto do que se preguntaba. Ademais, trala experiencia dalgunhas enquisas que realicei anteriormente, a moitos dos entrevistados supoñíalles un esforzo desagradable establecer unha xerarquía entre as súas opinións. Por outro lado, redacta-las preguntas de xeito que os entrevistados tivesen que establece-lo seu grao de conformidade con cada afirmación levaría a alongar excesivamente o cuestionario, converténdoo en inviable, dado que a súa promoción era a brevidade. Así, realizáronse preguntas semipechadas, onde se daban unha serie de valores entre os que escoller e maila posibilidade de engadir "outros".

As dúas primeiras preguntas coas que se comezaba o interrogatorio referíanse ós usos lingüísticos, orais en primeiro lugar e escritos a continuación. Seguiuse para a redacción das mesmas a liña dos numerosos traballos que afrontan este tema na sociolingüística galega para –entre outras razóns– que se puidesen logo establecer algunhas comparacións. Desta maneira, a redacción destas cuestións non presentaba demasiada dificultade, sendo conscientes de que algúns expertos (Miguel, 1997) afirman que non se debe preguntar directamente se se fala ou non un idioma, para que non se impoña o chamado "nesgo da resposta desexable", posto que o entrevistado nunca vai contestar con sinceridade sobre unha conduta que cre que socialmente non está ben vista (Miguel, 1997: 43-58).

O tema dos usos lingüísticos na actualidade é controvertido. Pero ademais, para retrata-los grupos humanos da nosa sociedade cómpre coñece-los seus sentimentos e valoracións, aínda sabendo a dificultade que presenta transformar estes conceptos abstractos en

[67] Trátase cuestionario pasado para a investigación do Traballo de Investigación Tutelado (Formoso Gosende, 2001).

[68] Érase consciente na redacción do cuestionario do pouco recomendables que son as respostas múltiples salvo en casos excepcionais (Miguel, 1997: 56); e aínda así considerouse a opción máis viable para as preguntas número 6, 7 e 18, dado que calquera das outras fórmulas alongaría o cuestionario ou ben non recollería toda a información desexada.

preguntas válidas e fiables. Daquela, coidouse que nas preguntas subxectivas estivesen ben centradas as posibles respostas valorativas, para que non existise ningún tipo de descompensación, e que –sobre todo– non deixase á vista a posición de quen realizaba o estudo.

Como se deixou explicado arriba, unha das dúas finalidades dos grupos de discusión era extraer temas para o deseño do cuestionario. Ademais de investigacións anteriores, o discurso dos grupos ofrecía unha serie de temas que deron pistas para a redacción das preguntas 3 a 8, pero sobre todo para a elaboración das variables das cuestións 6 e 7. Por exemplo, para coñece-los motivos da falta de uso do galego na empresa, realizouse a cuestión dúas veces, aínda que cunha variación de matiz, primeiro aberta e logo semipechada. Desta maneira, ademais de detectar posibles contradicións nas respostas do cuestionario, comprobábase a aceptación das representacións extraídas do discurso (vid. Anexo 9[69]).

5.3.1.1.2 Forma

A división máis frecuentemente utilizada á hora de clasifica-los tipos de preguntas dun cuestionario é aquela que fai referencia á liberdade que se lle concede ó entrevistado/a para expresarse cando contesta, diferenciando deste xeito preguntas pechadas (liberdade limitada) e abertas (maior liberdade) (Azofra, 1999: 10; García Ferrando, 1994b: 163; Visauta, 1989: 265). Moitas das preguntas da enquisa desenvolta para esta investigación eran pechadas, tamén denominadas precodificadas ou de resposta fixa (Cea D'Ancona, 1999: 254) onde se daban unha serie de opcións de resposta[70] que se pretendía que fosen exhaustivas e precisas. Obtíñanse así vantaxes como a da rapidez e comodidade do rexistro, a posibilidade de centra-las respostas dos enquisados e a maior comparación entre elas; en cambio por outro lado este sistema coarta opcións de resposta. Este problema tentouse minimizar mediante unha preparación moi coidadosa do cuestionario, tendo como base modelos de investigacións anteriores, partindo dun bo coñecemento da realidade que se ía investigar, e mais empregando preguntas semipechadas, dando a posibilidade de

[69] Recórdese que a análise dos grupos de discusión se realizou de xeito cualitativo.
[70] Cando as preguntas pechadas teñen múltiples respostas Padua e Ahman denomínanas "de cafetería" e advirten da dificultade que ás veces ten a súa análise pola súa proximidade coas preguntas abertas.

marcar máis dunha resposta[71], como é o caso das cuestións 6, 7 e 18. Ademais, introduciuse a opción "outra" coa nota "especifíquese" para posibilita-la incorporación de respostas diferentes (fórmula que tamén se empregou nas preguntas 1 e 2).

A orde[72] das preguntas no cuestionario estableceuse en base ós temas: colocáronse ó principio aquelas cuestións máis simples para conseguir que o entrevistado se relaxase (Padua e Ahman, 1992: 87) e deixáronse para o final –tal e como se recomenda– as que se denominan preguntas de identificación ou filiación (Visauta, 1989: 270; Padilla e outros, 1998:140), comprometidas (Miguel, 1997: 31) ou emotivas (Padua e Ahman, 1992: 87). Polo tanto, foi ó final do cuestionario cando se pediron os datos persoais do entrevistado (idade e nivel de estudos), preguntas nas que se incluíu como opción a pouco recomendable en preguntas pechadas "non contesta" (NC) (Cea D'Ancona, 1999: 255; Miguel, 1997), posto que lle afectaban directamente á intimidade do individuo.

A primeira pregunta que aparece no cuestionario, dividida en dous apartados (a e b), pretendía recolle-los usos orais dos traballadores e dos directivos tanto entre si coma cos clientes. Como a enquisa se realizaba polo método de entrevista, deseñei as preguntas mediante táboas para que fose moito máis rápida e eficaz a toma de respostas (vid. enquisa en Anexo 13), pero eu íalles formulando tódalas cuestións sen estaren expresamente escritas: *que lingua falan os traballadores da súa empresa entre eles? e cando se dirixen ós directivos, que lingua empregan?*, etc.

Por outra banda, ademais da posibilidade de indicar "outras respostas" nas citadas preguntas, en dous casos formuláronse cuestións abertas (números 3 e 5), tamén denominadas libres ou non limitadas (Visauta, 1989: 265) onde o suxeito respondía sen ningún tipo de restrición. Non se recomenda abusar nos cuestionarios das preguntas abertas debido, por unha banda á perda de información pola pouca precisión na resposta dos enquisados (sendo só aptas cando estes son dun nivel cultural medio-elevado e con coñecemento e opinión sobre o tema) e, pola outra, ó laborioso da súa codificación; pero débese valora-la súa utilidade para obter respostas non previstas, ou ben cando non se

[71] Na cuestión número 6 pedíuselle que ordenasen as respostas porque interesaba coñecer con precisión que causas pesaban máis para non aumenta-lo uso do galego. Seguíronse así os consellos de Albarelho (1997b: 55): "pedir uma apreciação acerca de cada item fornecerá informaçoes muito afinadas, mas exigirá mais reflexão e energia para a recolha e o tratamento da informaçao".

[72] Non se lle deu demasiada importancia ás indicacións sobre a ordenación das preguntas no cuestionario (Padua e Ahman, 1992: 90) xa que o entrevistador-investigador cubría el as respostas.

dispón de todas elas, ou mesmo se estas son moi numerosas (Padilla e outros: 1998: 133). Resúmeo Azofra:

> Se utilizan en preguntas exploratorias o cuando no se puede presumir la reacción u opinión del entrevistado. También cuando es conveniente establecer un contacto cálido dejando que el entrevistado/a se exprese libremente, o después de una pregunta de opinión (Azofra, 1999: 10).

No entanto, é recomendable a súa introdución no medio do cuestionario para, segundo Albarelho (1997b: 56-57), producir alternancia nos diferentes tipos de cuestións e "deixar respirar" á persoa interrogada.

Por estas razóns decidiuse presentar aberta a cuestión 3 coa pretensión de "explorar" posibles factores aínda non detectados e que quedarían limitados coa formulación dun número limitado de opcións previas, como as que logo se presentaban na cuestión número seis (entre as que se encontraban frases que sintetizaban determinados prexuízos) e que, en certa medida, servían de contraste. Deste xeito detectáronse casos que deixaban á luz representacións negativas da lingua no ámbito empresarial, pero que logo non riscaban as opcións asociadas da pregunta 6, como "o galego ten poucas posibilidades a nivel comercial", pero anteriormente os argumentos dados para a falta de uso do mesmo coma esta. Ademais o discurso da resposta aberta permitía establecer mellor comparación coa análise dos grupos de discusión onde se debatera sobre estes temas.

Na pregunta 5, onde interesaba coñece-los plans específicos para o aumento do galego daqueles que aseguraban telos, as posibilidades de presentar opcións estaban limitadas, unha polo descoñecemento que lle supoñía ó investigador e outra porque se se propoñía algunha resposta tal vez o enquisado se aferrase a ela como desculpa.

5.3.1.2 ADMINISTRACIÓN DO CUESTIONARIO

Decidiuse realiza-lo cuestionario mediante unha entrevista a un directivo da empresa, xa que se pretendía que as respostas fosen sempre dunha persoa con poder de decisión na empresa. Requiríase a un directivo, aínda que o concepto de directivo en si é bastante elástico, como se demostrou logo na práctica; de feito non se atopa definido de xeito concreto nos dicionarios nin nos manuais de economía[73]. Como se verá na análise dos

[73] No *Diccionario del uso del español* (DUE, 1983), defínese o termo bastante ambiguamente: "Se aplica a la persona, etc, que tiene como función dirigir: "Junta directiva"(n.; no incluido en el D.R.A.E.). Se aplica también a las personas que forman parte de una junta directiva". Nun diccionario especializado de economía

datos, entrevistouse a xerentes, directores, propietarios, e nalgúns casos moi excepcionais e xustificados a directores de departamentos.

Elixiuse a tipoloxía de enquisa persoal ou "cara a cara" fronte ás outras (telefónica, por correo, electrónica[74]) debido a que é a que permite obter maior número de respostas, quizais por iso é o procedemento de captación de datos máis utilizado na investigación sociolingüística interesada no coñecemento, uso e actitudes das linguas dunha determinada comunidade. Tamén ten a vantaxe de que se pode exercer un elevado control sobre a entrevista, pódenselle aclara-las preguntas que non entenda ó entrevistado, etc. Por outro lado ten como desvantaxes: un custo e un esforzo moi elevado, así como a reactividade dos enquisados que lle poden afectar ó contido das respostas, xa que se elixen aquelas consideradas "socialmente desexables" (Cea D'Ancona, 1999: 245). Este é un dos problemas que presentan tódalas enquisas, como se viu arriba, pero en especial este tipo por estar en presenza do entrevistador. Para evitar este nesgo nas respostas resulta máis adecuada a enquisa por correo xa que proporciona maior privacidade e anonimato, pero trala experiencia en traballos anteriores con enquisas por envío postal dirixidas ó mesmo colectivo, desbotei tal posibilidade[75]. Xa non barallei a posibilidade do cuestionario telefónico por tres razóns, a primeira que ó querer facer comprobación para cubri-la ficha observacional xa implicaba a visita á empresa co cal deixaba de resultar un método máis económico; a segunda que nun contacto directo co entrevistado podía recoller máis

(Martínez Cortiña, 1980) ó lado da entrada *Dirección* lese: "conjunto de personas encargadas de dirigir una sociedad, establecimiento, explotación, etc". A continuación defínese *Dirección de empresas* como

> Actividad que realiza todo aquel que, disponiendo de un conjunto de medios, pretende alcanzar a través de ellos un determinado fin u objetivo. [...] En la moderna Economía de la empresa, el término dirección remite a dos acepciones distintas, la primera, más amplia, comprende las actividades de planificación, organización, ejecución y control, es decir, las clásicas funciones de la administración enunciadas por J. Fayol. La segunda acepción es la que concibe dirección como pilotaje o ejecución de las actividades necesarias para cumplir los planes fijados, con los medios proporcionados por la organización, contando como instrumentos principales de esta actividad a las técnicas de control. En esta última acepción es evidente que dirigir es, fundamentalmente, encauzar el elemento humano de la organización, y la definición y tratamiento para cualquier tipo de estructura organizativa: política, económica, militar, religiosa, etc.

[74] Pódese ve-la explicación dos pros e contras de cada unha das tipoloxías en Ramallo e Lorenzo, 2002: 47, ou Azofra, 1999: 65).

[75] O problema que me presentaron as enquisas mediante envío postal en ocasións anteriores foi, principalmente, a escasa resposta, xunto coa incertidume que envolve todo o proceso e que vai desde o número de cartas que realmente chegan á empresa, das que recibe o destinatario requirido, cantos envíos máis se necesitan, ata cando se pecha o período de recolección. Pero por outro lado tamén está unha cuestión importante para a fiabilidade das respostas derivada de quen e cómo contesta o cuestionario.

información para comparar cos grupos de discusión ó poder facer preguntas abertas[76], e terceira a imposibilidade de recolle-las preguntas sobre actitudes con tódolos valores que tiñan.

Seguindo esta técnica dirixímonos ós individuos seleccionados na mostra para pasarlles un cuestionario mediante unha entrevista persoal na que a investigadora formulou as preguntas e anotou as respostas. Desta maneira a entrevistadora puido comproba-la comprensión das preguntas e aclarar aquelas cuestións que non se entendían ben, ademais de recoller información complementaria e consegui-lo número de respostas necesario, previa chamada telefónica para explica-la investigación e pedir permiso para a realización da enquisa[77]. Comezouse o proceso de chamadas en paralelo ó envío de cartas, onde se daba conta do traballo que se pretendía realizar e onde se lles pedía a colaboración ás empresas (pódese ve-lo exemplar distribuído por correo no Anexo 10[78]). Probouse este método, que partiu cunha saída de 75 cartas, coa intención de sortear dúas posibles trabas, coas que sería factible atoparse basicamente nas empresas grandes: a primeira, un rexeitamento elevado no contacto telefónico que eliminase calquera aproximación posterior, a segunda e principal, a dificultade de concertar unha cita directa e anonimamente cun directivo mediante unha simple chamada de teléfono. Trala posta en práctica da iniciativa, comprobouse o éxito nas empresas máis grandes, pois o aval que supoñía que a carta fose impresa en papel da universidade abría as portas para o contacto cos directivos (independentemente de que logo accedesen á entrevista). Tamén era unha solución naquelas empresas nas que o xerente pasaba ocasionalmente, feito que o facía practicamente inaccesible por teléfono. Pero, conforme pasaba o tempo, non se considerou demasiado efectiva esta medida por dous motivos. O primeiro porque se observou como, nun número considerable de casos, o directivo que atendía o teléfono descoñecía a carta[79].

[76] Aínda que este argumento é de dobre fío pois ó mesmo tempo ten as súas desvantaxes, como se dixo arriba.

[77] Conseguir concerta-las entrevistas foi unha tarefa árdua e custosa, máis que pola oposición dos entrevistados, pola difícil localización dos mesmos na sede da empresa (necesitábanse directivos: membros da xunta directiva, xerentes, administradores... de moi difícil contacto). Quizais polas características que ten o noso tecido empresarial, os directivos ademais de exerceren como tales visitan obras, clientes, provedores... De aí que en varias ocasións a marxe horaria na que accedían a concede-la entrevista era mínima e en certa medida intempestiva: entre as 7 e as 8 da mañá, de 3 a 3:30 do medio día ou a partir das 8:30 da noite.

[78] A carta enviábase por duplicado en galego e en castelán.

[79] Obviamente, case nunca se chegou a sabe-la razón dese descoñecemento. Penso que a porcentaxe dos envíos que non chegasen ó destino deberon ser moi poucos, aínda que si houbo algúns de empresas que cambiaran de domicilio, feito que levaba consigo normalmente un cambio de teléfono, polo que xa non se establecía o contacto con elas. No entanto, a excesiva frecuencia de tal descoñecemento (superaba o 50%)

O segundo porque se comprobou que –nas entrevistas concertadas con este método– existía unha maior predisposición dos enquisados cara ó tema a tratar, pese a que este non se formulase directamente[80], e isto derivaba nunha preparación previa do entrevistado que non interesaba, dado que lle restaba espontaneidade. Isto provocou que se decidise un cambio de estratexia apostando polo establecemento, por defecto, de contacto telefónico, deixando o envío postal para os casos que, ou ben o pedían expresamente (co cal a misiva tiña un destinatario concreto[81]) ou ben xa resultaran infrutuosos tódolos intentos de contacto telefónico cos directivos.

Na conversa telefónica co posible entrevistado pedíaselle a súa colaboración nunha investigación da Universidade de Santiago de Compostela que constaba de dúas partes: a realización dunha enquisa moi breve (e insistíase moito en que non duraría máis de 10 ou 15 minutos[82]) e maila revisión da papelería interna da empresa, motivo este último no que se facía bastante fincapé ó comprobar que despistaba –en moitos casos– a súa atención, posto que pensaban que a investigación se centraba nunha cuestión de deseño dos logotipos. Só se lle expuxo o tema da enquisa a quen o preguntou directamente, aínda que respondendo sempre o máis ambiguamente posible.

5.3.2 A OBSERVACIÓN

A observación, que é o método clásico de investigación científica, foi -e segue sendo- un método dominante de indagación nas ciencias naturais. A observación de fenómenos avanzou cando, á simple observación, se lle engadiu a clasificación sistemática. Desde as ciencias naturais pasou ás sociais que empregan como instrumento basicamente o ollo humano, axudado, cando moito, dunha cámara[83] (Fox, 1987: 551, 552).

leva a buscar razóns que teñan máis que ver cun problema de xestión interna da correspondencia que cun fallo postal. Ou ben as cartas non lles chegaban ós xerentes, ou ben –aínda que as recibisen– as extraviaban.

[80] Notábase que algúns interlocutores xa deduciran que se ía a preguntar polo galego (porque a algúns as preguntas non os collían por sorpresa) feito que provocaba que estivesen preparados e tivesen reflexionadas as súas respostas.

[81] Nestes casos incluso se empregou o fax, por indicación da persoa coa que se contactara telefonicamente.

[82] A cuestión da brevidade non é superflua ó tratar de realizarlle unha enquisa a calquera persoa, pero sobre todo a directivos. De feito, a insistencia neste aspecto foi unha das fórmulas para consegui-la aceptación, recordándomo moitas veces xa durante a propia conversa telefónica, pero especialmente cando me recibían no momento da entrevista.

[83] Nas ciencias naturais avanzouse moito coa aparición de aparellos como telescopios e microscopios que revelaron mundos ata entón invisibles para os científicos.

García Ferrando e Sanmartín (1996) expoñen os principios da observación científica sociolóxica[84] e afirman que na socioloxía, igual ca en calquera outro campo científico, as observacións deben estar sometidas ós principios de fiabilidade e validez. Ademais:

> [...] la observación científica no se puede hacer como observación aislada, sino como una serie de observaciones que aseguren la constancia y consistencia del fenómeno (García Ferrando e Sanmartín, 1996: 118).

O método da observación é custoso e lento tanto para acumular datos como logo para analizalos, isto leva a que só se empregue cando a enquisa e a medida son inadecuados. Como aspecto positivo ten que "produce un tipo de datos inasequibles a los otros métodos, ya que la materia prima de la observación es la propia realidad" (Fox, 1987: 554).

Estas argumentacións, xunto coa comprobación do bo funcionamento desta metodoloxía en traballos realizados en Cataluña e no País Valencián[85], foron motivos determinantes para aplicala nesta investigación.

5.3.2.1 ELEMENTOS DO MÉTODO DE OBSERVACIÓN

Segundo Fox (1987: 556-575) a observación consta de catro elementos: 1) o establecemento de que e a quen se quere observar e que se pretende facer cos datos, 2) a elaboración dun guión, 3) os observadores, 4) interacción observador-observado.

En canto ó primeiro elemento, na presente investigación pretendíase recoller por man da investigadora a realidade lingüística que se apreciaba nas empresas, o "que" centrábase nos documentos básicos manexados a diario, e o "quen" referíase ós membros da empresa sobre os que se ía realizar unha observación do uso da lingua oral na atención ó público. Queríanse comproba-los datos obtidos por outros métodos, tanto na propia enquisa realizada para a mesma investigación como noutras enquisas e estudos feitos e publicados con anterioridade, tendo en conta que:

> Dans le cas de terrains sociolinguistiques peu ou mal connus, il est difficile de pré-définir des catégories d'observation, puisque justement on cherche à mettre à jour les caractéristiques du terrain (Juillard, 1999: 106).

[84] Advirten que no campo da metodoloxía sociolóxica cando se fala de observación, na maioría dos casos só se fai referencia ás técnicas de observación e non a observación científica xeral.

[85] Na área lingüística do catalán estivéronse medindo usos lingüísticos mediante fichas observacionais desde hai tempo. Un exemplo é o traballo realizado en 1993 pola Direcció General de Política Lingüística da Generalitat Valenciana: *Actitud dels compradors sobre l'us del valencià a les grans superfícies i centres comercials València i àrea metropolitana.*

Outro elemento importante na aplicación do método observacional é o guión de observación mediante o que se rexistran os datos. A finalidade do guión é proporcionar unha estrutura para a observación, aínda que se terá en conta que "no existe una cantidad 'correcta' de estructura, sino que cada finalidad de investigación tiene una cantidad adecuada" (Fox, 1987: 563). De tódolos xeitos teñen que ser suficientemente fiables para a finalidade da investigación e pasar un período de proba.

Un elemento fundamental da observación é o propio observador. Fox (1987: 564) deixa claro que: "ninguna persona puede dar un testimonio "objetivo" de un acontecimiento, en el sentido de que consideramos objetivo los datos que sólo están determinados por la situación de investigación". Idea que comparte Juillard:

> Il n'y a pas d'observations neutres; elles sont toujours, jusqu'à un certain point, concertées, tant pour garantir le chercheur du danger d'ethnocentrisme que pour le prémunir des biais inhérents au paradoxe de l'observateur (Juillard, 1999: 113).

Para obter un testemuño obxectivo, o observador non podería influír na situación que observa, cuestión bastante difícil porque ninguén pode prescindir da súa personalidade, formación e experiencia. Ás veces para conseguir máis obxectividade recoméndase que o observador descoñeza o ámbito de estudo, pero noutros casos cómpre que teña formación sobre a situación que se investiga. No caso que nos ocupa, dada a dificultade de accesibilidade da mostra, parecía obvia a formación do observador xa que se trataba de visita-las empresas a onde non se pode acceder facilmente, e non se podían tomar datos errados nin molestar demasiado tempo os empresarios. Ademais debíase ter un certo dominio da documentación que se manexa nos diferentes tipos de empresas, para que non se producisen equivocacións e poder recoller con soltura datos doutros documentos de manexo habitual dalgunhas empresas, segundo as súas actividades, e que estaban fóra do guión.

García Ferrando e Sanmartín fan referencia á observación e rexistro da observación sistemática e estruturada de fenómenos sociais que teñen lugar espontaneamente, que se deben realizar de acordo con procedementos explícitos, de comportamentos e accións sociais, previamente especificados:

> Tanto la observación en sí como el registro de los hechos observados deben adaptarse a unas reglas de procedimiento que al seguirlas, permitan el uso de la lógica de la inferencia científica y satisfagan los

> principios de intrasubjetividad, de intersubjetividad[86] y de validez de la observación científica (García Ferrando e Sanmartín, 1996: 121).

A obtención de datos mediante a observación sistemática e estruturada, metodoloxía empregada para recolle-la información sobre o uso das linguas na papelería e textos escritos básicos, non debe supoñer ningún impedimento na manipulación e ordenación dos mesmos (García Ferrando e Sanmartín, 1996: 126), pero o máis frecuente é que non se presenten os resultados de forma sistemática e estruturada como na enquisa, xa que o propio investigador non fixa os procedementos de observación con anterioridade á recollida dos datos. Facer isto supón impoñer categorías observacionais fixas e polo tanto unha rixidez que dificulta a recollida de información non prevista, pero ó mesmo tempo evita unha excesiva flexibilidade que leva a problemas de validez e fiabilidade nos resultados obtidos. Eu decidinme por unhas variables fixas deixando aberta a posibilidade de introducir algunha nova baixo a categoría "outra" dentro do subapartado referido á documentación interna. Os valores tamén se estableceron de antemán, precisándose levemente no transcurso da investigación, como se explica en detalle no Capítulo 7 (vid. epígrafe 7.6.2).

Por último, cabe mencionar a dimensión elemento na interacción suxeito observado-observador. Nunha recollida de datos directa[87] como foi esta buscouse un observador externo e non un participante. A diferenza parte de que a observación pode ser *sistemática e estruturada* ou ben *participante* (García Ferrando e Sanmartín, 1996: 121); denominacións que Gutiérrez e Delgado (1999: 141) mudou por endóxena fronte á esóxena[88]. A primeira é aquela que o investigador realiza desde unha posición de

[86] Segundo explican García Ferrando e Sanmartín –baseándose en Galtung–, o principio de intrasubxectividade, ou fiabilidade, fai referencia a que a observación repetida das mesmas respostas polo mesmo observador debe produci-los mesmos datos. Por outro lado o principio de intersubxectividade refírese a que a observación repetida das mesmas respostas por parte de diferentes observadores debe produci-los mesmos datos.

[87] A observación directa permite flexibilidade en canto ó que se observa, fronte á indirecta (con gravacións) que non permite sempre recoller aspectos inesperados. Ademais no noso caso non sería posible realizar observación indirecta.

[88] A primeira configurada basicamente pola autoobservación presupón uns límites difusos entre os polos cuantitativo e cualitativo (Gutiérrez e Delgado, 1999: 168). A segunda é a denominada observación participante que como eles din "está inevitablemente asociada a la práctica investigadora de los antropólogos sociales y culturales (Gutiérrez e Delgado, 1999: 143) e que definen como: "[...] una observación interna o partipante activa, en permanente "proceso lanzadera", que funciona como observación sistematizada natural de grupos reales o comunidades en su vida cotidiana, y que fundamentalmente emplea la estrategia empírica y las técnicas de registro cualitativas" (Gutiérrez e Delgado, 1999: 144).

observador directo do contorno, como espectador; fronte á segunda onde o investigador se implica directa e activamente na vida cotiá do grupo.

A observación participante está baseada no que tradicionalmente se denominou traballo de campo e a persoa que realiza a investigación non é externa e neutral senón que toma partido e inflúe no curso dos acontecementos (Coller, 2000: 86); polo tanto, como di Guasch (1997), de tódolos sistemas de investigación social é o máis subxectivo[89]. Emprégase basicamente para analiza-la vida social dos grupos humanos a través dun investigador que se introduce dentro do propio grupo participando nas súas actividades, polo que debe pasar un longo período de tempo nunha comunidade pequena ben delimitada (Gausch, 1997: 15):

> [...] se trata de que el investigador se convierta él mismo en un *nativo* a través de la inmersión en la realidad social que analiza. De este modo el investigador pretende aprehender y vivir una vida cotidiana que le resulta ajena (Guasch, 1997: 35).

Non era isto o que eu pretendía facer neste traballo que se baseaba máis nunha investigación aberta que encuberta. Aínda que a análise da lingua de atención telefónica que eu rexistraba mediante fichas, non sabían que estaba realizando, o traballo de campo (cuantitativamente máis elevado) coido que non merece a categoría de etnográfico, principio básico da observación participante[90].

Juillard (1999) considera que a diferenza entre as distintas técnicas de observación está establecida segundo o grao de aproximación a cada caso:

> En définitive, il n'y a pas un type unique d'observation des pratiques, mais des degrés d'observation, filtrés par le jeu des techniques d'approche; chacune d'entre elles étant justifiée par un ensemble de contraintes, situationnelles, personnelles, ou théoriques. De plus, la "réalité" des pratiques est variable, puisqu'elles peuvent être observées au premier degré, c'est-à-dire directement, ou au second degré, au travers de l'intervention de personnes intermédiaires, ou encore plus indirectement, par le biais de l'observé lui-même (Juillard, 1999: 113).

Rodríguez Gómez e outros (1996: 154-165) fan unha clasificación das técnicas e instrumentos máis habituais da observación distribuíndoos en: sistemas categoriais, descritivos, narrativos e tecnolóxicos. Para esta investigación escolleuse un sistema

[89] Considerada por tódolos investigadores como unha técnica complicada debido a que implica unha serie de habilidades sociais e certa aprendizaxe, ten a vantaxe de que conseguir unha información de calidade en tempo real: "el investigador no necesita que nadie le cuente cómo han sucedido las cosas o cómo alguien dice que han sucedido, él estaba allí y formaba parte de aquello" (Rodríguez Gómez e outros, 1996: 166).

categorial, que, fronte ós outros sistemas xerais, é pechado, e as observacións realízanse sempre desde as categorías prefixadas polo observador. Dentro deste subtipo atópanse os sistemas de categorías[91] (que lle dan nome ó sistema, os de signos, as listas de control e as escalas de estimación ou valoración). A ficha elaborada para a investigación nesta tese entra dentro das escalas de estimación, onde:

> El observador –a partir de un modelo prefijado de categorías simbólicas o cuantitativas– realiza mediciones sobre los individuos y sus reacciones, sobre sus características y conductas (Rodríguez Gómez e outros, 1996: 158).

Unha das limitacións que presenta o procedemento da observación estruturada é a da mostra (García Ferrando e Sanmartín, 1996: 126) que solucionei aplicando a mesma mostra que para a enquisa.

5.3.2.2 ADMINISTRACIÓN DA FICHA OBSERVACIONAL

A ficha observacional, que se validou ó mesmo tempo cá enquisa, consta de tres partes, unha primeira onde se rexistraba a lingua da atención telefónica e outra –de maiores dimensións– dedicada ós usos escritos. Dentro desta tamén se establecían outros dous apartados, un para anota-la lingua da rotulación externa e interna e mailos usos na atención ó público, da que se tomaba nota sen que ninguén se percatara ("observación descoñecida"); o outro centrábase na papelería interna e externa e documentos de difusión habitual (catálogos, trípticos, publicidade...) que se lle solicitaban ó entrevistado. Esta última revisábase na empresa ó finaliza-la entrevista, xa que na investigación aberta "quien investiga debe gestionar la tensión que su presencia produce ante los observados" (Guasch, 1997: 41) polo tanto, deixábase esta cuestión para despois de realizada a enquisa, cando xa o ambiente era menos tenso.

Solicitábaselles permiso para quedar cunha tarxeta de visita e con algúns folletos publicitarios, no caso de os teren. No entanto, obtivéronse mostras doutros documentos dalgunhas empresas que os brindaron, nuns casos un exemplar de todo o material que non

[90] No outro tipo de observación dos casos, discreta e non intervencionista, o observador non debe nin manipular nin estimula-los actores (ou situación) que analiza, xa que no caso contrario influiría nos acontecementos e, en consecuencia, sesgaría as súas conclusións (Coller, 2000: 85).
[91] Os sistemas categoriais da observación poden ser signos, listas de control ou escalas de estimación ou valoración (Rodríguez Gómez e outros, 1996: 156-157).

fose privado (nóminas por exemplo), noutros casos simplemente modelos de papel timbrado.

Na recollida do material non se observaban persoas senón os obxectos que elas facilitaban, polo que a observación conseguía ser parcialmente "descoñecida" naqueles casos en que crían que o interese da investigación estaba nos formatos e logotipos; pero, despois de teren respondido o cuestionario, a maioría era consciente do verdadeiro obxecto de análise. De feito, aínda sen sentírense violentos porque non se trataba de observalos a eles nin ós seus comportamentos (coma na "observación externa coñecida"), ás veces escusaban, e tentaban xustificar, o uso do castelán.

5.3.3 A MOSTRA. PROCEDEMENTO DE MOSTRAXE

Dado que un dos obxectivos desta investigación era coñece-los usos das empresas privadas do concello de Santiago de Compostela a través dun cuestionario e este non se podía desenvolver na totalidade da poboación, necesitábase unha mostra que fose representativa do universo[92] que se ía analizar. Unha mostra é representativa se reúne aproximadamente as características globais da poboación que son importantes para a investigación, e ademais se tódolos membros da poboación teñen a mesma oportunidade de seren seleccionados para formar parte dela (Babbie, 1996: 255). García Ferrando expresouno nos seguintes termos:

> Una muestra será el grupo de elementos seleccionados con la intención de estimar los valores verdaderos de la población. El investigador debe de preocuparse de que el número y el tipo de objetos incluidos en la muestra sean lo suficientemente representativos de la población total como para permitir hacer generalizaciones seguras acerca de la población (García Ferrando, 1992: 132).

Este autor xustifica o emprego da estatística inferencial mediante mostraxe probabilística (ou, o que é o mesmo, mostraxe aleatoria) para conseguir que a investigación sociolóxica ofreza resultados científicos (García Ferrando, 1992: 119, 132-133). A mostraxe probabilística xunto coa non probabilística forman os dous grandes métodos de mostraxe. Co primeiro método tódolos individuos teñen a mesma probabilidade de seren elixidos para formaren parte dunha mostra; co segundo (non probabilístico) non se ten a certeza de

[92] O "universo" designa a tódolos posibles suxeitos ou medidas dun certo tipo. Na maioría dos estudos emprégase o termo "poboación" como sinónimo de "universo", relación semántica que eu vou manter; pero outros, coma Fox (1987: 368), diferencian entre o universo (conxunto de tódalas posibles medidas ou persoas

que a mostra extraída sexa representativa, posto que non tódolos suxeitos da poboación teñen a mesma probabilidade de seren elixidos.

Babbie (1996: 255) tamén prima a mostraxe probabilística apoiándose en dúas vantaxes importantes: a primeira é a de ser máis representativa ca outros tipos porque evita nesgos, e a segunda responde a que ó basearse na teoría da probabilidade permite calcula-la exactitude ou representatividade da mostra. Segundo Rodríguez Osuna (1991: 21), para que a mostra sexa probabilística débense seguir determinadas normas no proceso de extracción da mesma, que garantan a aleatoriedade prevista no cálculo de probabilidades.

A chave para a mostraxe probabilística está en seleccionar ó chou os elementos mediante táboas de números aleatorios. Entre os diferentes tipos de mostraxe probabilística escolleuse a *mostraxe aleatoria estratificada*[93] xa que é a que ofrece máis precisión para o tipo de universo que se pretendía estudar (Rodríguez Osuna, 1991: 27). Esta mostraxe baséase no fraccionamento ou división da poboación marco de estudo en grupos ou estratos, para logo realiza-la selección de mostras dentro de cada estrato. As subdivisións ou estratos trátanse de forma independente, o que facilita a súa estimación por separado. Nos estratos reúnense unidades homoxéneas entre si e heteroxéneas en relación coas dos outros estratos, o que leva a que o erro mostral sexa menor[94]; de aí que as mostras dunha poboación homoxénea teñan erros mostrais menores cás dunha poboación heteroxénea (Babbie, 1996: 281).

Para esta investigación considerei necesario a realización de submostras (cuxa elaboración sempre está condicionada polos obxectivos de estudo), baseando a estratificación no sector de produción. A necesidade dunha mostraxe estratificada que achegase estimacións a niveis inferiores ó do universo na súa totalidade apoiábase nas diferenzas entre os distintos sectores de produción, feito que pretendía descubrir se influía a nivel lingüístico, sobre todo porque se aludiu a el nos grupos de discusión.

dun certo tipo) e a poboación á que consideran como unha parte dese universo, aquela da que se selecciona a mostra e á que se lle queren aplica-las xeneralizacións.

[93] Os tipos básicos de deseño dunha mostraxe son catro (Babbie, 1996: 273-283; García Ferrando, 1992: 134-146; Rodríguez Osuna, 1994: 376 e 1991: 70): aleatoria simple; aleatoria sistemática, aleatoria estratificada e mostraxe por conglomerados.

[94] A teoría da probabilidade permite calcula-lo grao de erro que se pode esperar nun deseño de mostra concreto mediante os niveis e intervalos de confianza (Babbie, 1996: 259)

A afixación (ou distribución da mostra en función dos diferentes estratos[95]) pode ser de diferentes tipos (Rodríguez Osuna, 1994: 372): a) afixación simple: a cada estrato correspóndelle igual número de elementos mostrais; b) afixación proporcional: a distribución faise de acordo co tamaño da poboación en cada estrato; c) afixación óptima: tense en conta a previsible dispersión dos resultados, de modo que se considera a proporción e a desviación típica; ten pouca aplicación xa que este dato non se adoita coñecer. Para a presente investigación resultaba máis axeitado utilizar unha afixación proporcional debido á diferenza no tamaño dos estratos. Logo, dentro de cada estrato aplicouse a mostraxe aleatoria estratificada por se-lo método máis idóneo para universos pequenos que se poden censar nunha lista, dado que a cada elemento se lle pode asignar un número, ofrecendo así a posibilidade de realiza-la selección mediante unha táboa de números aleatorios.

O universo escollido para o conxunto desta tese de doutoramento está composto polas empresas privadas mercantís[96] rexistradas no concello de Santiago de Compostela, quedando fóra –como xa se xustificou no seu momento– as persoas físicas (empresarios autónomos e profesionais liberais).

Aínda que se trataba dunha poboación finita, o número exacto de individuos que compoñían o universo no momento de comeza-lo estudo difería algo segundo as fontes consultadas. Estas foron as seguintes: a base de datos do Ardán (directorio das principais empresas de Galicia[97]), a da web das cámaras de comercio (www.camerdata.es), o *Anuario estatístico* do concello do ano 2002 (Estatístico, 2002: 66-69) cos datos referidos ó ano anterior, e a información facilitada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) tamén sobre o 2001.

Segundo o *Anuario Estatístico* (Estatístico, 2002: 66) o concello santiagués contaba no ano 2001 cun total de 7.680 empresas, ás que se lles restaron as 4.948 catalogadas como "persoas físicas" e mailas 719 que quedaban baixo a denominación de "outros" (ámbolos dous casos quedan fóra do presente estudo). As dúas mil trece (2013) empresas que configuraban o universo de análise, distribuíanse en 273 Sociedades anónimas, 1710

[95] Trátase de distribuí-las enquisas entre os diferentes subconxuntos en que se poida dividi-lo universo.
[96] Ó centra-lo estudo na empresa privada tamén se eliminaron aquelas empresas que, aínda sendo privadas, teñen todo o capital de orixe pública, por exemplo: *Galicia Calidade, S.A.; S.A.. Desenvolvemento Comarcal de Galicia; S.A. de Xestión do Plan Xacobeo*; etc.
[97] Recolle as "principais" segundo facturación.

Sociedades de responsabilidade limitada e 30 Sociedades cooperativas. Dado que esta fonte non presentaba a clasificación segundo a actividade e o número de traballadores, aproveitouse a cedida a finais do ano 2002 polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida ó ano anterior, cuxo resultado pode verse na seguinte táboa, onde o que máis destaca é que a maioría das empresas conta con menos de cinco traballadores[98]:

[98] Segundo datos do Imposto de Actividades Económicas (IAE), do total das empresas inscritas no concello compostelán (Estatístico, 2002: 67) só o 10% conta con máis de 5 traballadores, deste 10% as empresas de máis de 100 empregados supoñen só un 0,4%.

Táboa 22: Empresas do concello de Santiago segundo sector de actividade e número de asalariados.

SECTOR[99]	*1 a 5 asalar.*	*6 a 9 asalar.*	*10 a 19 asalar.*	*de 20 a 49 asalar.*	*de 50 a 99 asalar.*	*de 100 a 249 asalar.*	*de 250 a 499 asalar.*	*500 ou máis asalar.*	*Total*
CA Extracción de produtos enerxéticos	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
CB Extracción doutros minerais agás produtos enerxéticos	2	2	0	0	0	0	0	0	**4**
DA Indust. da alimentación, bebidas e tabaco	12	4	5	3	0	1	0	0	**25**
DB Industria téxtil e da confección	15	7	1	2	1	0	0	0	**26**
DC Industria do coiro e do calzado	0	1	0	0	0	0	0	0	**1**
DD Industria da madeira e da cortiza	4	2	3	1	0	0	0	1	**11**
DE Industria do papel; edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	25	10	10	3	3	1	0	0	**52**
DF Refinado de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
DG Industria química	1	1	0	0	0	0	0	0	**2**
DH Industria da transformación do caucho e materias plásticas	0	0	0	0	0	0	0	0	**0**
DI Industrias doutros produtos minerais non metálicos	4	3	2	1	1	0	0	0	**11**
DJ Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	16	9	5	7	3	0	0	0	**40**
DK Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	5	2	1	0	0	0	0	0	**8**
DL Industria de material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	3	1	4	1	1	0	1	0	**11**
DM Fabricación de material de transporte	1	0	0	3	0	2	0	0	**6**
DN Industrias manufactureiras diversas	16	2	3	1	0	0	0	0	**22**
E Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	2	1	3	0	1	0	0	0	**7**
F Construción	127	41	43	17	4	7	0	0	**239**
G Comercio, reparación de vehículos, artigos persoais e domesticos	390	83	69	41	10	5	0	0	**598**
H Hostalería	162	34	16	11	4	2	0	0	**229**
I Transporte, almacenamento e comunicacións	63	9	14	2	2	1	0	0	**91**
J Intermediación financeira	16	0	1	0	0	0	0	1	**18**
K Activ. inmobiliarias e de alugueiro; serv. empresariais	300	35	19	15	7	4	0	0	**380**
M Educación	46	12	17	14	4	1	0	0	**94**
N Act. sanitarias e veterinarias, serv. sociais	46	13	4	3	3	3	0	0	**72**
O Outras activ. sociais e de servizos á comunidade; servizos persoais	140	25	18	15	6	1	2	0	**207**
Total	***1.396***	***297***	***238***	***140***	***50***	***28***	***3***	***2***	**2.154**

Fonte: elaboración propia a partir do *Directorio de empresas e unidades locais de Galicia. Ano 2001.* IGE

Se se comparan estes datos de Santiago cos do resto de Galicia, que se presentan na táboa seguinte, dedúcese que a actividade empresarial compostelá está dentro da media galega:

[99] Diante do nome das actividades está posto o código con que o IGE clasificou as empresas, a primeira letra do código refírese ós grandes grupos que están definidos na CNAE, e logo dentro dalgúns deles establécense subgrupos identificados cunha segunda letra.

Táboa 23: Número de empresas por actividades económicas e tamaño. Galicia 1999[100].

Núm. de traballadores / *Grupos de actividade económica*	1	2 a 5	6 a 50	51 a 100	101 a 500	Máis de 500	TOTAL	% sobre o total
Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca	592	335	131	4	7	0	1.069	1,25
Enerxía e auga	41	50	53	4	11	2	161	0,19
Extracción e transf. minerais non enerxéticos e produtos deriv. da industria química	613	706	601	44	28	2	1.994	2,32
Industrias transformadoras de metal. Mecánica de precisión	1.309	1.328	1.071	80	45	5	3.838	4,47
Outras industrias manufactureiras	2.400	2.514	1.832	94	74	2	6.916	8,06
Construción	5.499	5.204	3.133	95	29	0	13.960	16,26
Comercio, restaurantes e hostalería. Reparacións.	16.185	12.823	4.159	83	69	5	33.324	38,82
Transporte e comunicación	2.168	1.701	887	27	23	2	4.808	5,60
Inst. financeiras, seguros, servizos prestados a empresas e arrendamento.	2.923	2.563	966	67	54	7	6.580	7,67
Outros servizos	5.810	4.009	2.607	216	217	37	12.896	15,02
Non tipificados	118	102	69	4	3	0	296	0,34
TOTAL	37.658	31.335	15.509	718	560	62	85.842	100
% sobre total de empresas	43,87	36,50	18,07	0,84	0,65	0,07	100	

Fonte: Informe sobre a situación Sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega (1999)[101]

[100] No momento en que se estaba elaborando a mostra, os últimos datos que tiña o Consello Galego de relacións laborais eran os de 1999. No momento de pecha-la investigación xa están dispoñibles os do ano 2003, pero non se creu conveniente cambialos, dado que toda a investigación se realizou arredor da información existente no ano 2002.

[101] Vid. Bibliografía: Consello Galego de Relacións Laborais (2000). Tamén dispoñible en http://cgrl.xunta.es/revista/

5.3.4 ETAPAS DA MOSTRAXE

Unha vez delimitado o universo da presente investigación, vaise defini-la mostra da que se extraerán realmente os datos para logo facer inferencias acerca da poboación. O concepto xeral de mostra segundo Fox (1987: 368) divídese en tres partes: mostra invitada, mostra aceptante e mostra produtora de datos:

> La *muestra invitada* se define como el conjunto de todos los elementos de la población a quienes se les invita a participar en la investigación. La *muestra aceptante* es la parte de la muestra invitada que acepta participar en la investigación. La *muestra productora de datos* es la parte aceptante que realmente produce los datos (Fox, 1987: 368).

Así, o mesmo autor establece un ciclo de mostraxe onde o investigador, tras determina-lo universo pertinente, aplica as técnicas de selección de mostras, decide o tamaño mostral que precisa e selecciona o número correspondente convidándoo a participar. A aceptación por parte dos suxeitos xa non depende do investigador, polo tanto débese contar con este percance que obrigará a invitar a novos suxeitos ata que acepte un número suficiente. Estes formarán a mostra aceptante que será, toda ou parte dela, a produtora dos datos.

5.3.4.1 TAMAÑO DA MOSTRA

Como xa se dixo, a través da teoría das mostras sábese que un número suficientemente grande de casos tomados aleatoriamente dun universo van servir para presenta-los mesmos caracteres ca todo o universo. Un paso importante na investigación é a identificación da poboación necesaria para a investigación e a determinación sobre a dispoñibilidade dunha mostra representativa (Fox, 1987: 503-508).

Para calcula-lo tamaño da mostra atendendo ós requisitos de representatividade da mostraxe aleatoria simple (Rodríguez Osuna, 1991: 63-79; García Ferrando, 1992: 142-144), para unha poboación do tamaño N coñecido, emprégase unha formulación matemática que integra unha serie de factores que inciden na determinación do tamaño da mostra: o erro absoluto prefixado, a marxe de probabilidade desexada e o valor de *p* (probabilidade). Así aplícase a fórmula (1):

$$n = \frac{z^2 Npq}{NE^2 + z^2 pq} \qquad (1)$$

onde *z* é a puntuación típica (ou puntuación estándar) que vai depender do nivel de confianza adoptado para a investigación, que no caso é do 95%, polo que o valor de z é de 1,96[102]; *N* é o universo total (seguindo o IGE o universo total estaría composto polas 2154 empresas compostelás); *p* e *q* son a variabilidade positiva e negativa respectivamente (tendo en conta a hipótese máis desfavorable de p=50 por cento, quedaría p = q 0,5). Finalmente E é a marxe de erro que nun primeiro momento se estableceu no máis común (+/-) 5%.

Substituíndo na ecuación (1) os valores correspondentes, resulta unha mostra (n) de 326 empresas:

$$\frac{1{,}96^2.2154.(0{,}5).(0{,}5)}{2154.0{,}05^2 + 1{,}96^2.(0{,}5).(0{,}5)} = 326{,}02$$

5.3.4.2 A REPRESENTATIVIDADE

Ó remata-lo ciclo de mostraxe pódense xeneraliza-los resultados a todo o universo sempre e cando as mostras sexan representativas do mesmo (Fox, 1987: 369-370). Tal e como se mencionou na epígrafe anterior, unha fase importante da investigación é a da identificación da poboación necesaria do estudo e a estimación de ata que punto se poderá dispoñer dunha mostra representativa desa poboación.

Dificilmente unha mostra tan elevada como a que resultou na fórmula anteriormente aplicada, admitindo un erro do 5%, pode ser abarcada nunha investigación destas características. Unha persoa soa non remataría tal traballo nun tempo razoable, sobre todo tendo en conta que existe ademais unha parte práctica realizada con outra metodoloxía. Desde un punto de vista moi esixente na recollida de datos para a investigación, Fox propón abandonar todo estudo que non vaia ofrecer datos representativos antes de obter datos potencialmente falsos (Fox, 1987: 507). Ante isto estiven barallando varias posibilidades: estudar só un sector empresarial, inclinarme por un estudo de casos ou reformula-lo tamaño da mostra estatística.

En primeiro lugar, buscando que os resultados tivesen validez estatística cunha marxe de erro baixa, mantendo o 5%, pensei na opción de seleccionar só un estrato dos que

[102] Búscase nas táboas da curva normal o valor de za/2 que corresponde co nivel de confianza elixido

configuran as submostras propias da mostraxe aleatoria estratificada, quizais o que na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE)[103] aparece baixo a epígrafe *K: Actividades inmobiliarias, de alugueiro; servizos empresariais* pola importancia do sector en Compostela[104]. Non me decidín por esta solución por dous motivos: por unha banda, porque en certa medida podía ser un problema á hora de compara-los resultados da investigación cualitativa cos dos grupos de discusión onde si participaran empresas de practicamente tódolos sectores; digo en certa medida porque tratándose de metodoloxías diferentes tampouco sería un escollo insalvable. Por outra banda temín que ante un universo tan pequeno, cun perfil de tan difícil acceso e onde se pedía ademais permiso para facer observación, fose imposible acada-lo número necesario de mostra participante, o que me levou a desestimar esta opción.

Por outro lado, e posto que quería comprobar *in situ* comportamentos e usos lingüísticos mediante a técnica da observación pensei en realizar unha aproximación ó chamado *estudo de casos*, forma de investigación sociolóxica que nace en Estados Unidos a principios do século XX[105] e que quedou eclipsada polo éxito dos métodos cuantitativos que os investigadores sociais preferiron para, como xa expliquei arriba, converte-las súas investigacións en "científicas". Desta maneira o estudo de casos pasa a verse como algo exploratorio, "previo a la producción de conocimiento científico que, como se puede suponer, se concibe fundamentado en el análisis estadístico" (Coller, 2000: 27). Con todo, este autor, defende a posibilidade de realizar estudos de casos cuantitativos:

> Existen muchos tipos de casos, algunos de tipo exploratorio y cualitativo, otros de tipo analítico y cuantitativos, y otros en los que se combinan las técnicas cuantitativas y cualitativas (Coller, 2000: 21).

Existen varios tipos de "casos", o que representa a unha poboación dada é o caso "típico" cuxa análise e conclusións seguen a lóxica da representatividade estatística, segundo afirma Coller:

> […] se observa un número de casos (una muestra, un caso) y se generaliza a una población. Pero tal representatividad no tiene por qué ser estadística sino que puede ser analítica: el caso también puede

za/2=(+/- 1,96).

[103] Seguiuse a clasificación que emprega o IGE: CNAE-93 (RD 1560/1992), revisión 1.

[104] Considerei que as empresas que compoñían este grupo tiñan máis relevancia por diversas razóns: unha delas é o peso do sector na cidade no tocante á cantidade, outra a relación que un número importante destas empresas ten coa administración autonómica, e por último destacan as características propias do sector xa que son empresas que contactan diariamente con outras firmas, institucións e coa cidadanía en xeral.

[105] Xorde e ten éxito na Universidade de Chicago.

> representar la situación ideal u óptima en la que comprobar una serie de proposiciones. [...] El caso, aquí, sigue una lógica similar a la del experimento, cuyos resultados (que no se suelen basar en una muestra representativa sino en unos pocos experimentos) sirven para agrandar o dar un giro nuevo a una teoría (Coller, 2000: 34).

O método de investigación a través do caso pode ser empregado coma unha ferramenta de exploración, pero tamén de comprobación e construción de teorías (Coller, 2000: 21).

Fronte ós *estudos de masas* (que funcionan a nivel superficial querendo caracterizar a toda a poboación), os estudos de casos encóntranse no extremo oposto e pretenden unha descrición e compresión profundas e persoais dos individuos. A filosofía de fondo fai referencia a que "si nos enteramos de cómo interaccionan esos procesos en algunos individuos es probable que lleguemos a saber más sobre los procesos en abstracto, y a la larga podremos aprender todo lo que necesitemos saber sobre ellos" (Fox, 1987: 481).

Concibido así o estudo de casos necesítase unha mostra moi inferior, xa que :

> A diferencia de la generalización estadística, en el estudio de casos se aspira a un tipo de generalización analítica. No se infieren conclusiones desde el caso a una población de otros casos similares a los que representa. No se busca representatividad estadística en un estudio de casos. Al contrario, en la medida en que el caso es pertinente teóricamente (es decir, es relevante), se puede relacionar las conclusiones del estudio con una teoría o conjunto de ellas. Se puede, además, utilizar las conclusiones para construir una teoría o explicación nueva. Estas conclusiones no se refieren a una población o universo, sino a unas teorías previas (Coller, 2000: 68).

Partindo destes principios Xavier Coller relaciona a lóxica[106] do estudo de casos coa do experimento nas ciencias físico-naturais onde os investigadores non realizan unha mostra de experimentos para xeneralizar conclusións, senón que a partir deles extrapolan a súa teoría, que logo será comprobada a través doutros experimentos: "El estudio de casos comparte la misma lógica siempre y cuando sea pertinente teóricamente"[107] (Coller, 2000: 68).

[106] O autor insiste en que o que se compara é a lóxica non o procedemento, xa que un experimento e un caso son radicalmente distintos na forma de proceder xa que as ciencias naturais, fronte ás sociais, están sometidas a poucas variacións polo que a xeneralización é moito máis doada.

[107] A selección das mostras no tipo de caso "típico" faise seguindo uns criterios, xa que este caso é o único que comparte a lóxica da representatividade. Esta lóxica debe ser construída atendendo a varios criterios (Coller, 2000: 75-77): un é a "lóxica do experimento" xa que se escolle un caso para verificar ou refuta-lo que se encontrou noutro caso, outro é a da "saturación teórica" segundo o cal despois de ver uns cantos casos similares chégase á saturación xa que non achega nada novo; o terceiro refírese á "pertinencia teórica" é dicir que sexa relevante para "dialogar" coas teorías existentes sobre o tema, ben para ensanchalas, refutalas, comprobalas, emendalas...

Aínda que para esta tese de doutoramento se manexaron as fontes das que se pode extraer información útil para unha investigación deste tipo (Coller, 2000: 80): documentos[108], entrevistas (ben en forma de enquisa, ben como entrevista semiestruturada ou aberta) e observación, para cumpri-los obxectivos da investigación considerei que, xa que me cinxira a un grupo reducido de empresarios nos grupos de discusión e para a análise do discurso, agora cabía amplia-lo estudo cuantitativo na medida que puidese.

Ó final, despois de valorar estoutras posibilidades metodolóxicas, decidiuse apostar pola análise cuantitativa empregando un cuestionario con preguntas fixas[109], nas que podería realiza-la observación desexada tamén de xeito cuantitativo, nun número de empresas abarcable. Seguindo os consellos de Marien e Beaud (2003) na súa guía práctica para a estatística aplicada a mostras pequenas:

> Combien de personnes devons-nous interroger? Afin de répondre à cette question, il est essentiel de s'interroger sur la raison d'être de l'enquête. En fait, il existe deux façons d'envisager la question. Voulons-nous brousser un tableau géneral de la situation (même de façon approximative) ou obtenir des données minutieuses et précises? La taille de l'echantillon est donc tributaire de la précision recherchée. Il est donc plus juste de se demander: "Quelle est la taille de l'echantillon qui assure un niveau de précision acceptable pour les fins de la recherche?" [...]
>
> La taille de l'echantillon dépend de plusieurs autres facteurs [...] Le premier est la marge d'erreur que nous sommes disposés à tolérer (Marien e Beaud, 2003: 9).

decidín que para o presente estudo podería amplia-la marxe de erro da mostra ata o 9%. Así, volvín a aplica-la fórmula e o resultado foi o seguinte:

$$n = \frac{z^2 Npq}{NE^2 + z^2 pq} = \frac{1{,}96^2.2154.(0{,}5).(0{,}5)}{2154.0{,}9^2 + 1{,}96^2.(0{,}5).(0{,}5)} \approx 112$$

Nun principio partiuse da idea de realizar 112 enquisas para representar un universo (*N*) de dúas mil cento cincuenta e catro empresas, cun nivel de confianza do 95% (o que implica *z*=1,96 nunha curva normal) e cunha marxe de erro (*E*) de algo menos do 9%; na hipótese máis desfavorable de p=50 por cento; é dicir p (variabilidade positiva) = q (variabilidade negativa) 0,5.

[108] Os documentos poden ser fontes de información de primeira clase na medida en que se analizan para acadar algunha conclusión relevante ou ben poden ser materiais de segunda orde na medida en que axudan a contrasta-lo que se atopou noutras fontes de investigación.

[109] De tódolos xeitos a entrevista cos empresarios ás veces froitificou nun discurso analizable de xeito cualitativo, parello ó dos grupos de discusión.

5.3.4.3 A MOSTRA INVITADA

Para realiza-lo estudo levei a cabo unha *afixación* da mostra de xeito proporcional, para o que tiven que calcula-lo número de enquisas que correspondían a cada estrato segundo o peso de cada sector de actividade dentro do concello.

Para a estratificación da mostra empreguei os datos recibidos do IGE[110] seguindo a división polo sector de actividade ó que pertencían as empresas. Dúas foron as razóns básicas para escoller esta estratificación: unha que está baseada na Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) que rexe a clasificación das empresas, a outra foi por considerar que a división por sectores era preferible a outras, posto que o criterio do número de traballadores –moi empregado tamén para a clasificación empresarial– por un lado parecía demasiado heteroxéneo para o tipo de investigación que se buscaba[111] e polo outro a distribución estándar case quedaba invalidada polo enorme peso da pequena (case micro) empresa fronte ó resto[112]. Non obstante, usouse como segundo criterio de selección xa que se eliminaron aquelas empresas sen asalariados por incumpriren os mínimos esixidos para a investigación pretendida, xa que, entre outras cousas, carecen xeralmente de comunicación dentro da empresa.

Escollín as empresas segundo aparecen agrupadas no IGE, a partir da clasificación CNAE[113], pero reagrupei os estratos xa que a fragmentación era demasiado alta e non procedía aplica-la fórmula para establece-lo número de enquisas proporcional a cada estrato (vid. Táboa 22). Deste xeito optei por agrupa-las empresas do sector secundario (coa suma dos subgrupos das que teñen diante a letra D), posto que para este traballo interesaban só os grupos maioritarios, resultando a seguinte táboa:

---

[110] Deixei fóra o *Anuario Estatístico* porque non servía para a estratificación desta investigación xa que non separa empresas mercantís de autónomos, e estes últimos non son obxecto do presente estudo.

[111] Atender ó número de traballadores, querendo facer un modelo de enquisa para delimitar usos, presenta moitos problemas. O máis importante é que con esta subdivisión entran no mesmo estrato empresas de sectores moi diferentes: desde as que teñen atención ó público ás que non a teñen, desde as que os usos escritos son mínimos a aquelas onde son básicos, etc., polo que unha enquisa sobre usos se faría demasiado complexa.

[112] De acordo co establecido no artigo 1B 1º do R.D. 937/1997 considérase pequena e mediana empresa (PEME), segundo a recomendación da Comisión da Unión Europea do 3 de abril de 1996, a unidade económica con personalidade, física ou xurídica, que no momento da solicitude teña menos de 250 traballadores (e un volume de negocios anual non superior a 40.000.000 de euros). Antes o límite estaba nos 500 traballadores. Atendendo a esta subdivisión entrarían practicamente tódalas empresas no apartado de PEMEs, non tendo practicamente presenza as grandes empresas. En realidade existen dúas subdivisións para as empresas compostelás: as de menos de cinco asalariados e as de máis de cinco (sempre recordando que aquelas que non contan con asalariados quedan fóra).

Táboa 24: Empresas do concello de Santiago segundo sector e número de asalariados.

SECTOR	*1 a 5 asalar.*	*6 a 9 asalar.*	*10 a 19 asalar.*	*de 20 a 49 asalar.*	*de 50 a 99 asalar.*	*de 100 a 249 asalar.*	*de 250 a 499 asalar.*	*500 ou máis asalar.*	*Total*
C Extracción	2	2	0	0	0	0	0	0	***4***
D Industria	102	42	34	22	9	4	1	1	***215***
E Produc. e distrib. de enerxía eléctrica, gas e auga	2	1	3	0	1	0	0	0	***7***
F Construción	127	41	43	17	4	7	0	0	***239***
G Comercio, reparación de vehículos	390	83	69	41	10	5	0	0	***598***
H Hostalería	162	34	16	11	4	2	0	0	***229***
I Transporte, almacenamento e comunicacións	63	9	14	2	2	1	0	0	***91***
J Intermediación financeira	16	0	1	0	0	0	0	1	***18***
K Actividades inmobiliarias; servizos empresariais	300	35	19	15	7	4	0	0	***380***
M Educación	46	12	17	14	4	1	0	0	***94***
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	46	13	4	3	3	3	0	0	***72***
O Outras activ. sociais e de servizos comunidade; servizos persoais	140	25	18	15	6	1	2	0	***207***
Total	**1.396**	**297**	**238**	**140**	**50**	**28**	**3**	**2**	***2.154***

Fonte: elaboración propia a partir do *Directorio de empresas e unidades locais de Galicia. Ano 2001* do IGE

Deduciuse o número de enquisas que lle corresponden proporcionalmente a cada un destes sectores, a partir da fórmula (2)

$$n_e = nt.\frac{N_e}{N_t} \qquad (2)$$

sendo *nt* o número total de empresas que ten cada estrato; N_t o número total de empresas que ten o universo (2154) e N_e o número da mostra total (112). Realizando a substitución na fórmula 2 dos valores correspondentes, resulta unha mostra (n_e) para cada un dos sectores que quedou da seguinte maneira:

[113] Seguiuse a clasificación que emprega o IGE: CNAE-93 (RD 1560/1992), revisión 1.

Táboa 25: Mostra estratificada nos diferentes sectores de produción

Sector	n_e
D Industria	11
E Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	0
F Construción	12
G Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico	31
H Hostalería	12
I Transporte, almacenamento e comunicacións	5
J Intermediación financeira	1
K Actividades inmobiliarias e de alugueiro; servizos empresariais	20
M Educación	5
N Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	4
O Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais	11
Total	**112**

Á hora de realiza-lo traballo de campo conseguiuse ampliar cada sector ata acadar un total de 120 enquisas, tal e como se describe no Capítulo 7 (vid. epígrafe 7.2), o que fixo reducir algo máis o erro mostral.

CAPÍTULO **6**

ANÁLISE DOS GRUPOS DE DISCUSIÓN. AS REPRESENTACIÓNS SOBRE O GALEGO NO ÁMBITO DA EMPRESA

Tal e como se explicou no capítulo dedicado á metodoloxía, os grupos de discusión realizáronse cun dobre obxectivo: por unha banda, que servisen de base para a preparación da enquisa e pola outra, que ofrecesen material para analiza-las representacións sociolingüísticas dos actores do ámbito socioeconómico desde unha perspectiva cualitativa. A análise deste último aspecto é o que vai configura-lo presente capítulo.

Partindo das premisas xa presentadas no seu momento[1], vaise realizar unha análise do discurso sobre o galego que se escoita na actualidade no contorno da empresa compostelá, por parte tanto do empresariado como da clase traballadora. Este discurso, configurado polas manifestacións sobre os usos, actitudes e comportamentos, tanto propios como alleos, deixou á vista as representacións existentes sobre o galego dentro do ámbito laboral, pero tamén fóra del. Esta circunstancia veu dada pola propia dinámica desta técnica, polo que, aínda que o tema a debater –presentado en ámbolos dous grupos– era a situación sociolingüística dentro do ámbito profesional, a conversa derivou cara á situación lingüística xeral, feito que deixa á vista que os protagonistas non separan totalmente ese contorno concreto da situación máis ampla que lle afecta a toda a sociedade.

Para a presentación da análise do discurso dos grupos decidiuse que a organización deste capítulo se realizase arredor das representacións sociolingüísticas máis destacadas que, sobre o galego, mostraron os participantes. Caberían moitas e variadas formas de presenta-los contidos deste *corpus*, todas igual de válidas, pero escolleuse unha que se desenvolveu

[1] Pártese para a análise deste capítulo dunha premisa básica que se podería resumir nas palabras de Callejo (2001: 48): "Dentro del análisis del discurso, no ha de olvidarse que las representaciones sociales están

partindo das representacións máis significativas desde o ámbito concreto da empresa, ata outras máis xerais coas que se vai imbricando o discurso arredor do galego. No entanto, débese ter en conta que no discurso as ideas mestúranse e entrecrúzanse, e, polo tanto, unha mesma intervención pode presentar claves para explicar varias das epígrafes. Isto provocou que, unha vez decidida esta organización (como pasaría con calquera outra), fosen inevitables as continuas referencias e remisións a outras partes do texto, feito que dificulta a lectura, pero en menor medida cá repetición das mesmas citas, que o converterían en ilexible.

Analizouse o discurso de traballadores e de empresarios por xunto, porque a temática era a mesma e simplemente enfocaban os mesmos problemas desde ópticas distintas, e sempre dentro dun encadre moi similar.

definidas por grupos sociales. Lo que trata este tipo de análisis es buscar las representaciones de “los otros” y los mismos emisores de discurso, en el propio discurso. Las representaciones sociales circulan en discursos”.

6.1 O GALEGO COMO LINGUA LIMITADA NA EMPRESA

En ningún momento da conversa dos dous grupos, os seus membros manifestaron directamente o convencemento de que o galego fose unha lingua que non servise para o mundo da empresa. No entanto, trala análise do discurso dos participantes, dedúcese que esta representación está presente no conxunto da sociedade, segundo se tira das manifestacións sobre as propias actuacións, actitudes e reflexións arredor do galego, que van desde a infravaloración da propia fala na variante dialectal, ata un problema máis ou menos real de falta de formación.

O feito real e indiscutible da existencia dunha maioría da poboación falante de galego pero ágrafa na súa lingua, leva aparellado a falta de competencia na escrita, feito que, unido á inercia de traballar en castelán (lingua na que todos tiveron formación) axuda ó mantemento desta última e impide o avance dun galego en proceso de normalización. Pero ás veces estes dous feitos serven como cortina de fume de representacións negativas que existen cara ó propio idioma e que se tentarán presentar ó longo desta epígrafe. Nela vaise analiza-lo discurso de empresarios e traballadores arredor das funcións que se lle atribúen á lingua, que están directamente relacionadas coa falta de formación, coa minusvaloración da súa propia variante diatópica, coa idealización do estándar e, ó mesmo tempo, co rexeitamento da variante normativa. De feito, os diferentes niveis lingüísticos, no caso das linguas minorizadas coma o galego, teñen particularidades específicas, pero sobre todo estas contradicións sobre a variante estándar. A isto hai que unirlle que o horizonte territorial do galego é moito menor có da outra lingua presente na comunidade, feito que, na era da globalización[2], é un contraargumento para a súa normalización. Normalización que ademais ten que loitar con usos xa enquistados dentro das empresas. Todo isto vai ser obxecto de estudo dentro desta epígrafe.

[2] Vid. Beck, 1998.

6.1.1 A IMAXE DOS USOS LINGÜÍSTICOS NAS EMPRESAS

Os informantes dos dous grupos, o de empresarios e o de traballadores, foron expoñendo os usos das súas propias empresas, e mesmo os doutras que coñecían ou sobre as que tiñan oído falar, sen seren directamente preguntados por tal cuestión. A través desta información puidéronse ir detectando as representacións sobre o emprego do galego no ámbito empresarial. O capítulo organizouse presentando por separado as declaracións sobre os usos correspondentes ás relacións externas daquelas que facían mención ás interaccións dentro da propia empresa, debido á importancia que teñen as reflexións sobre uns e outros.

6.1.1.1 A COMUNICACIÓN EXTERNA

Os empresarios expuxeron xa ó principio da charla os usos lingüísticos das empresas representadas, aínda que, como xa se dixo, non se preguntou por eles directamente. A moderadora, en ambos casos, propuxo un tema máis xeral: o das linguas na actualidade dentro do marco da globalización, matiz intencionado para que –tal e como se explicou no seu momento– non se percibise xa ó principio que o obxecto de interese era o galego (vid. capítulo anterior, epígrafe 5.2.3.1). Nas primeiras respostas, a maioría dos participantes no grupo dos empresarios (GE) situaron o castelán e o galego como as linguas principais nas súas firmas (coas diferenzas que se verán logo), dándolle máis ou menos cabida ó inglés, segundo o tipo de actividade á que se dedicasen. Nese primeiro momento falaron en termos globais e sen diferenciar claramente o rexistro oral do escrito. Os representantes das empresas pequenas con mercado local, resaltaron os usos das dúas linguas oficiais na comunidade, destacando a pouca importancia do inglés no seu traballo diario. Así o expresan tanto Victoria[3] (V), socia e propietaria dun comercio dedicado tanto á venda por xunto como polo miúdo (e que polo tanto ten como clientela desde pequenos empresarios a público en xeral):

> V: hombre yo si es para lo general bueno bien el inglés ahora si es para hablar en el tema: local y de como nos movemos cada empresa en su sector para nuestra empresa el {(ac) castellano y el gallego} [asente a moderadora] <4> porque para: entablar las relaciones con los clientes | igual manera (GE: 45-48)[4]

[3] Recórdese que, tal como se viu no Capítulo 5, os nomes dos participantes non son reais.

[4] Tódolos fragmentos extraídos das transcrición van ir acompañados das iniciais do grupo ó que pertencen (GE ou GT) seguidas das liñas onde se encontra o documento manuscrito (Anexo 19 e 20), a onde pode acudirse para ve-lo contexto. As convencións coas que se realizaron as transcricións están recollidas no

coma Rita (R), responsable dunha empresa de xestoría e auditoría, que asegura emprega-lo galego cos clientes galegófonos. Esta, aínda que destaca o aumento dos usos do galego, entende que o castelán é imprescindible:

> R: hombre eu pola miña: / a relación que eu teño cos meus clientes en principio o: o idioma que máis usamos é o: galego / o inglés na parte de auditoría si pero na outra parte non temos contacto con el | i logo o: castelán non queda máis remedio porque todavía hai montóns de cuestionarios que están en castelán polo tanto é imposible falar todo en galego porque: total teste que remitir a: un montón de | de impuestos i tal que é imposible que sean tratados en | galego pois eu creo que a tendencia que parece que é que aumente o galego pero o castelán sigue estando aí {(p) porque non queda máis remedio} (GE: 55-61)

Tamén Fermín (F), xerente dunha empresa do ramo da construción cun raio de acción que non traspasa as fronteiras de Galicia, e Anxo (A), socio e xerente dunha firma dedicada á enerxía, con mercado local na zona rural e con traballadores galegos, declaran a pouca relevancia do inglés como lingua franca nas súas empresas, función que cumpre o castelán, empregado para a comunicación cos provedores de fóra, fronte ó galego que sinalan como lingua habitual dentro da comunidade. Destaca como se mestura, e ó mesmo tempo se diferenza, a lingua escrita (coa referencia ós "catálogos") da lingua oral ("falamos"):

> F: a nosa empresa desenvólvese practicamente no ámbito regional entonces o inglés parécenos interesante nalgunhas cousas porque algún catálogo ou algunha cousa informativa estranxeira pois si de tódalas maneiras á parte deso nós usamos o castelán cos provedores o noso provedor máis importante é a uralita falas con madrid e falas castellano (…) entonces na nosa empresa desenvolvémonos excepto cando tratamos con empresas nacionales hai aparelladores e arquitectos que non son de aquí entonces falamos castelán pero: generalmente nos promotores que son da zona e os que son / da región xxx falamos sempre gallego e: incluso co personal a veces pode haber algunha palabra esporádica en castelán pero nós diriamos que o gallego o noventa e oito por cento (GE: 99-109)

Pola súa banda, Anxo concorda con Fermín en que o galego é a lingua habitual da oralidade tamén na súa empresa, exceptuando casos particulares:

> A: pois eu nós estamos na misma non? nós temos un mercado moi reducido temos vintecinco mil clientes vintecinco mil personas na zona rural da provincia da coruña / os nosos empleados son todos de aquí os nosos clientes son de aquí da zona rural por tanto a conversación con eles e o trato con nós é todo en gallego xxx pero: os empleados da empresa logicamente cando vén alguén de fóra pois tamén falámoslle ou procurámoslle falar se podemos saber ás veces no seu idioma e se non en castellano que nos vale un pouco de: de comodín non? (GE: 112-117)

Anexo 18. Recórdese que os fragmentos que se eliminan ó principio ou no medio das intervencións márcanse con tres puntos entre parénteses (...), e que mentres maiúsculas e suliñados teñen un significado homoxeneizado nas transcricións, as negras empregueinas para destacar algún fragmento interesante na presentación dos exemplos durante a análise.

Aínda que a estas empresas "desde logo que co galego e co castelán chéganos" (GE: 135), mostran a imaxe sobre a posición do inglés no ámbito da empresa no mundo:

> A: (…) eu a opinión personal de cara ó futuro logicamente o inglés cara ó futuro calculo que se impoñerá un pouco máis | polo poderío que teñen ahora mismo os americanos pero: para abrir mercados novos eu creo que hai que estar mirando un pouquiño ó este de europa e ultimamente pois parece que os chinos están están intentando ofrecer mercado non? ou buscando mercado e dependendo das empresas e do mercado que teñan (GE: 130-135)

A importancia do inglés destácase, pola contra, nas firmas que representan Carmelo (C), do sector da comunicación, e Sofía (S), dedicada á venda de material sanitario para empresas ou profesionais liberais do ramo. A presenza da lingua xermánica na empresa desta última vén determinada polo trato con provedores estranxeiros e semella estar cinxida á escrita; mentres que sitúa o galego no plano oral (compartindo espazo co castelán) e servindo mesmo de ponte co portugués:

> S: bueno pues nosotros internamente más bien el gallego y después dependiendo de los clientes el castellano y el gallego indiferentemente y nosotros también tenemos clientes en portugal y entonces para nosotros también son fundamentales el portugués el inglés | porque nuestros nuestra fábrica de siemens está en alemania y entonces mucha de la información que nos manda está en alemán o en inglés porque ellos tienen traductores entonces nos manejamos en inglés xxx bueno portugués gallego-portugués gallego y le metes palabras así como las despesas y bocadinho y cosas así pero practicamente castellano gallego y portugués y el inglés <u>fundamental</u> en nuestro campo <u>fundamental</u> todos los equipos que vienen material las instrucciones y todo xxx en inglés (GE: 136-143)

A empresa que representa Carmelo, debido ó sector de actividade ó que se dedica (a comunicación), só eleva o inglés por riba das outras linguas no aspecto das novas tecnoloxías:

> C: no noso caso as linguas son | todas importantes non? / somos unha empresa do sector xxx da comunicación e: a verdade é que moitas veces temos: temos moitas veces que: que entendernos con xente que fala en inglés en francés e en | e noutros idiomas (...) despois ahora nós xxx seguramente xxx no mundo das novas tecnoloxías xxx pois o inglés a nós tamén (GE: 49-53)

Destas primeiras declaracións coas que comezaron a conversa os empresarios semella que os usos do galego nas empresas –polo menos pequenas– son altos, incluso se podía deducir que nalgún caso máis altos cós do castelán. Pero non se trata dun bilingüismo harmónico, xa que o emprego dunha lingua ou doutra vai depender dunha serie de variables, sendo unha das máis importantes a que distingue o rexistro oral do escrito. Tales usos, á súa vez e de xeito xeral, van estar determinados polo tipo de empresa segundo tamaño ou actividade.

Nos últimos anos, os usos dalgunhas firmas, coma a que representa no grupo de empresarios Helena (H), desmárcanse dos comentados anteriormente. Así, sendo a principal lingua da empresa o castelán, galeguizouse a documentación dirixida ós clientes, tal e como declarou unha directiva da firma[5]:

> H: no noso caso o: caso de *empresaH as linguas que falamos e que utilizamos basicamente á parte do inglés que sería a veces para temas moi concretos son o castelán ou o galego | e:: principalmente o castelán porque: somos unha empresa que estamos nun grupo nacional bueno internacional pero basicamente nacional e as relacións coa central son fundamentalmente en castelán pero bueno dentro dunha empresa de servicios e todo o que xira actualmente a: volcarse de cara ó cliente / xxx servicio calidade de servicio / o que pensamos que: que se ten que buscar é / que é o que o cliente busca ou o que cliente quere e: bueno aí encontrámonos diversidade non? fai pouco: pois e:: empezamos a facer a comunicación totalmente en galego | cousa que {[ríndose] tamén xa nos custou bastante} e vimos que: bueno a aceptación é bastante boa aínda que hai xente que que: di porque o que fixemos é mandar {(ac) todo en galego e dicir que se non queren} que nos digan que que lle sigamos mandando a comunicación en castelán e bueno-- (GE: 62-72)

Segundo se sobreentende das súas declaracións posteriores, a comunicación que din facer en galego é a escrita que corresponde ás relacións externas da empresa, polo que se daría unha distribución dos usos entre as dúas linguas, quedando o castelán para o rexistro oral e escrito dentro da empresa (vid. epígrafe seguinte, páx. 353). As relacións externas pasaron a ser en galego pola iniciativa da representante da empresa que acudiu ó grupo, quen se baseou no argumento dunha mellora do servizo cara ó público mediante o emprego da lingua autóctona. Vaise tratar máis polo miúdo esta cuestión en vindeiras páxinas, pero antes de seguir cómpre facer referencia a que, segundo estudos realizados[6], en Galicia existe unha poboación consumidora que se manifesta maioritariamente como "indiferente" ante o tema lingüístico, o que provoca que, aínda que non o reclamen, non protestan polo seu uso.

O custo da introdución do galego que ela menciona centrouse no aspecto económico, tendo que asumi-lo custo das traducións para unha poboación, a galega, minoritaria dentro do abano de clientes do grupo:

> H: (...) facer traducións é custoso porque non é igual facer como nós ahora temos cen mil clientes e en españa son millóns de clientes e como {(ac) as economías de escala xa sabemos todos como funcionan funcionan todo en conxunto} non e ahora / facer algo para nós especificamente para cen mil clientes

[5] Non se cita neste caso o sector de actividade desta empresa porque, xunto coas súas declaracións, podería levar a rompe-lo anonimato prometido ós participantes.
[6] Cfr. Ramallo e Rei Doval (1997).

> sobre o montante que {(ac) son millóns} suponnos uns costes a nós porque eso o grupo non no lo vai a soportar (GE: 90-94)

Este paso de cara á galeguización[7] puido darse, segundo ela, polo peso que ten a empresa en Cataluña, onde o catalán é a lingua de traballo:

> H: {(f) temos tamén tamén a ventaxa} de que pertenecemos a un grupo onde: a lingua predominante é o catalán porque é unha empresa que tamén está moi implantada en cataluña e claro alí o catalán téñeno xa desde o principio por eso nos resultou máis fácil convencer parte do grupo eles alí veno normal que nós pedíramos que: se empezara a utilizar o galego pareceulles do máis normal de feito dixéronnos como non o pensáramos antes... e bueno (GE: 94-98)

A diferenza entre os usos lingüísticos en Galicia e en Cataluña vai ser unha constante nos dous grupos, deixando á vista –por contraste– as representacións das dúas linguas vernáculas en cadansúa comunidade[8].

Fronte á experiencia desta empresa, que se dirixe ó público –por escrito– en galego, noutro momento da conversa Carmelo expón a norma, quizais tácita pero totalmente estendida, de que a primeira lingua de atención oral ó público debe se-lo castelán. Pode presentarse como deber inexcusable diante dunha poboación urbana maioritariamente castelanófona, feito que está tan implantado, que non sempre se dá a converxencia cara á clientes galegófonos:

> C: (…) un fenómeno que detecta todo o mundo que a entrada sempre en castelán e eso marca moito é imposible é unha batalla perdida | eu eso tamén o percibo a entrada sempre en castelán sempre sempre / que pasa? que hai unha porcentaxe de casos nos que xa se sigue por inercia en cambio hai outros nos que o cliente digamos que ó cabo é que realmente manda é o que realmente marca a traxectoria da conversa o trato a relación porque todos estamos para: para atendelo e se nos falan inglés intentamos falar en inglés é normal porque nós o que queremos é | é vende-lo produto | e realmente a entrada eu percibo que é en castelán nós despois se o cliente quere falar en galego fálase en galego (…) (GE: 380-387)

Outra das participantes fai referencia a este aspecto e recoñece que a atención ó público na súa empresa só en parte está motivada pola lingua da clientela. Dedúcese isto da súa afirmación de que ós galegofalantes -colectivo agora en retroceso, pero que se tornara moi numeroso na década pasada - se lles contesta “no que che sala”. Destaca a súa percepción sobre a existencia dunha minoría galeguizada e outra que o comezou a falar por “obriga” e recuou, idea que vai manter ó longo de toda a conversa:

[7] Aínda que –desde o punto de vista cuantitativo– unha parte importante da documentación xerada pola empresa neste momento estea en galego, ela considera que a lingua da firma é o castelán.
[8] As representacións tanto dos cataláns como da súa lingua hase de tocar un pouco máis a fondo na epígrafe 6.3.1.

> V: = =nós alí á hora de: de servir ó público tuvemos unha época que todo o mundo viña e falaba en galego ahora vemos que non é tanto {(p) inda que ti claro contestas no que che | no que che sala pero:} {(f) de aquel bum que hubo que todo o mundo viña…} / o sea o do rural sigue falando e < > pero de certa: status penso que decreceu (GE: 164-167)

Tamén os traballadores tratan o tema das normas de uso á hora de atende-lo público. Nas empresas das que eles veñen non semella existir ningunha norma explícita sobre os usos de castelán e galego, ou polo menos nunca se menciona, exceptuando o caso de *empresaMo, cuxa representante constatou a prohibición expresa por parte da dirección para contesta-lo teléfono en galego (experiencia coa que iniciou a súa participación no grupo):

> Mo: (…) traballo en control de calidad de construción | e a min prohibíronme: contestar ó teléfono en galego | e ti mira porque a nosa empresa é madrileña: e como chama moito madrileño... / e un madrileño non entende que quere dicir bos días ou boas tardes / non o entende? (…){(f) como non o vai entender?} pero que foi o que lle dixen eu ó que me dixo / {[imitando a voz do interlocutor] que sea la última vez que haces eso} / pero que fixen? claro é que eu é que non me din conta | coma eu sempre falo: galego (GT: 246-253)

A posición maioritaria represéntaa Simón, tal e como expón en relación á súa firma:

> Sk: (…) *empresaSk non ten ningún tipo de normas sobre a utilización de gallego e castellano e que normalmente un fai o que quere (…) (GT: 724-725)

En realidade isto, en moitos dos casos, simplemente denota unha asimilación por parte dos traballadores desas normas tácitas onde o castelán é a lingua "máis adecuada" para a atención da clientela. Só cando se transgreden tales normas xorden os problemas coa dirección.

Unha das informantes mencionou varias veces ó longo da conversa a situación dos traballadores de El Corte Inglés[9] ós que se lles ten prohibido atende-lo público en galego como primeira lingua, información que lle chegou de oídas, pero na que acredita totalmente[10]:

[9] Coñecido centro comercial español, implantado nas principais cidades galegas, instalándose en Santiago a mediados da década dos noventa.

[10] Esta afirmación tenteina confirmar con distintas probas. En primeiro lugar, nas investigacións que analizaron a converxencia lingüística dos traballadores de El Corte Inglés de Vigo (Bouzada Fernández e Lorenzo Suárez, 1992; Nogueira Fos e Rodríguez Gil, 2003) nos que se comproba a inexistencia de dependentes que empregasen o galego como primeira lingua de comunicación cos clientes. En segundo lugar, fixen unha observación nas tendas que a mesma empresa ten na cidade de Santiago. Desde un mes despois de escoita-las declaracións desta participante no grupo ata o momento da redacción final destas liñas, acudín a ese centro comercial cunha periodicidade aproximadamente quincenal, e constatei que ó redor dun 50% dos/as dependentes/as atendían en galego ós galegofalantes. O que xa foi máis difícil de observar foi a lingua en que comezaban eles a conversa, xa que moitas veces (sobre todo no caso do persoal das caixas) tratábase dunha expresión que coincide en galego e en castelán (o saúdo "ola"). En terceiro lugar, visto isto e tralas

> I: si que eu: respecto ó das empresas: um: de segundas eh? teño a información de que por exemplo o corte inglés ten prohibido ás súas traballadoras falar en galego de entrada | si si i entre elas tamén | que poden recibir fortes broncas | evidentemente si un cliente é galegofalante i a a: dependienta ou o dependiente que: o atende si fala galego | pode contestar en galego si contesta en castelán non pasa nada pero desde logo parece ser que si un cliente fala castelán i a dependienta ou dependiente lle contesta en galego si que podería ter problemas ca empresa / (GT: 85-91)

Desde esta perspectiva acúsase a dirección da empresa como causante da desgaleguización dos traballadores nas empresas:

> I: pero si eu vou a intentar que me den un posto no corte inglés non entro en galego / [risos de Su e Mo] porque co ca información que teño sei que me van a botar pa atrás | entón | <=eu dígolle bueno si viñera alguén que fale galego eu sei contestar= (GT: 2238-2240)

A imaxe de que o posto de traballo é un lugar onde se require o emprego do castelán vai predispoñe-los traballadores á hora de achegarse ás empresas e de comunicarse nelas, feito que acaba condicionando os usos internos nas mesmas (analizados na epígrafe seguinte).

Tal predisposición é unha mostra do mantemento dunha situación diglósica existente na comunidade desde hai moitos anos, e que xa foi comentada no capítulo correspondente[11]. A asociación entre empresa e lingua castelá está en relación directa cos usos lingüísticos segundo o hábitat, xa que o tecido empresarial concéntrase en grande medida na urbe. No ámbito rural, onde a lingua oral é o galego, os traballadores non se achegarán ás empresas con estes mesmos prexuízos. De tódolos xeitos, nos núcleos de poboación vilegos das comarcas rurais, si que existen desde hai moitos anos unhas prácticas lingüísticas diglósicas, aínda que a situación mellorase, tal como quere deixar constancia Fermín (GE):

> F: = =é que de feito de feito no rural no rural no rural {(f) cando íbamos ó pueblo} íbamos ó pueblo chegabas ó pueblo e era fundamental falar: fala-lo castellano chegabas a un comercio se che mandaban a un recado / eu era o máis novo dos irmaos e en fin era o dos recados non? e entonces se me acercaban / vas ó ultramarinos dos chistos e ó mismo tempo que vás cando veñas do colexio pois traes un quilo de azúcar / ola buenos días mire | me puede dar un quilo de azúcar / {[con firmeza] o outro non entraba} {(p) o outro non entraba] porque: en fin estaba todo o mundo falando castelán alí na tenda e se tu entrabas

declaracións da interlocutora, interrogouse a algúns ex-traballadores da empresa (un deles empregado de Hipercor durante os seis primeiros anos) e a un mozo que na actualidade traballa nunha das tendas. Curiosamente, mentres este último asegurou que nunca se lle indicaran tales directrices, os primeiros –que ó entraren na empresa cando esta abriu– tiveran que asistir a cursos de formación, confirmaron tal dato. Sen que fose unha norma escrita, aseguraron que a formadora que impartía os cursos, insistiulles en que a lingua que "debían" empregar para dirixirse á clientela era o castelán, logo, se estes se mantiñan falando en galego sería cando tería cabida o seu cambio de código. Un destes ex-traballadores comentou que esta situación non se daba en Cataluña, a onde foi traballar unha tempada, posto que alí a primeira lingua era sempre o catalán. Xa por último, a finais de 2004 apareceron por Santiago uns carteis de denuncia sobre esta situación, así como pintadas coa lenda: "Hipercor, inimigos do galego" (vid. Anexo 11-IV).

> mirábante mal! mirábante mal bueno | daban volta á cabeza entón tu seguías con aquelo pero logo xa cando estabas cos teus amigos e ó chegar á casa
> H: sin embargo--
> F: = =entonc- claro pasou de efectivamente pasou de ser un idioma e: ou sea: de ser un idioma xxx de ser un idioma: un pouco mal visto a ser un idioma ben visto duns anos para outros máis ou menos así non?
> A: si (GE: 336-348)

Aínda que hoxe "non dean volta á cabeza" nas tendas, é dicir, non se manteña esa represión psicolóxica tan explícita cara ós galegofalantes, o ataque frontal que sufriron durante anos deixou pegada nas persoas de máis idade do grupo de empresarios, quedando instaurado o prexuízo de que o galego "non entra" neses contextos, cuestión directamente relacionada co estigma que leva asociado falar galego.

O curioso é que, aínda que os interlocutores expoñen o feito contrapoñéndoo coa situación actual, hoxe en día fálase cuantitativamente menos galego. Polo tanto, haberá que analizar se esa percepción da mellora acadada polo galego, tanto cuantitativa como cualitativamente, ("pasou [...] de ser un idioma: un pouco mal visto a ser un idioma ben visto") é xeral, que matices ten e de que xeito evoluciona.

É de todos coñecido que o galego acadou círculos ós que antes non chegaba e non destaca tanto que alguén rompa as normas que rexen os usos para falar con descoñecidos (enténdase en tendas que non son as do barrio ou aquelas da compra diaria), nos que de tódolos xeitos se seguen mantendo os mesmos comportamentos. Con todo, o círculo no que se moven tendeiros e clientes na actualidade está condicionado por dúas variables: a primeira é que a lingua de comunicación en determinados contextos é o castelán e a segunda, relacionada directamente coa primeira, é a existencia na sociedade dunhas regras de comunicación baseadas na idoneidade de contestarlle en castelán a aqueles que o falan.

Esta representación do galego como lingua non asociada coa atención ó público nos comercios das zonas urbanas compróbase na intervención de Asunción (GT) cando declara o estrañamento que lle produciu que unha dependenta de Zara[12] falase en galego:

> Su: (...) a min xa que vén a colación comento: | estrañoume moitísimo hai pouco eu fun a zara e estrañoume moitísimo non sei porqué supoño que por prexuicios que un ten | pois a: encargada que era

[11] Recórdese que a caracterización da sociedade galega como diglósica e as consecuencias que derivaban deste feito, quedou exposta no Capítulo 4.

[12] Zara é hoxe a maior firma téxtil de Galicia. Nacida nos anos setenta como unha tenda na cidade herculina pasou a formar parte do grupo Inditex (Industria de Diseño Textil, SA) que o fundador da marca montou en 1985. Este grupo é na actualidade, tras Citröen Hispania, o de maior facturación entre as empresas que operan en Galicia (Alonso Álvarez, 2000b: 200).

> estupenda monísima delgadísima {[con ton burlesco] maquilladísima peinadísima} | estrañoume moitísimo que falara galega | o sea chamoume a atención no momento que a escoitei entre o sitio que era a pinta da tía e todo claro! quedeime así un pouco tal e vin que falaban todas non? as rapazas e | gustoume non? porque pareceume unha cousa pois que está moi ben pero chamoume a atención a verdá | é dicir que ó mellor temos prexuícios nós mesmos e despois chegamos a unha empresa: e vemos que igual está implantando: ou: a xente se está acostumando a falar galego non o sei eh? a min chamoume á atención (GT: 70-79)

Desta intervención extráense varias conclusións: unha relacionada cos prexuízos existentes arredor da lingua, que a propia participante asume, fronte a unha aparente introdución do galego en espazos que "non lle son propios". En segundo lugar está esa manifestación de que "lle gustou", como aclarando que non expoñía o exemplo para critica-la cuestión, feito que se pode analizar para ver como se asume a entrada da lingua en determinados contextos (tenda urbana) onde non está representada. Por outra banda, destaca o estereotipo das dependentas desta clase de establecementos, cun aspecto físico determinado (muller nova, de bo parecer e moi ben arreglada), imaxe coa que non se identifica unha galegofalante (cfr. González González, 2003[13]). Este estereotipo está en relación coa representación da lingua galega como "non apropiada" para este tipo de establecementos, polo que as persoas que están á fronte deles para atende-lo público suponse que non falan galego[14] (recórdese o estereotipo que se comentou en páxinas anteriores sobre os usos en El Corte Inglés). Por último, a estética dunha moza nova cunha imaxe moi coidada, "emite" unha mensaxe sobre a lingua: a de ser castelanfalante. Neste caso a apariencia externa da dependenta está en consonancia co seu posto de traballo (en determinados comercios esíxenlle ó persoal dedicado á atención do público que teña unha presenza física impecable) e non é indicativo de clase social moi alta. Ademais, a vestimenta, da que se demostrou en estudos que normalmente actúa como marca de clase social (San Miguel, 1980: 71), pasou a funcionar como estereotipo lingüístico. A partir dunha estética determinada, que se asociou cun status social elevado –status que leva aparellada unha lingua: o castelán– creouse un estereotipo que relaciona presenza física e lingua. Ademais

[13] No estudo realizado polo equipo de investigadores do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega no que se analizaron as actitudes na mocidade, partindo dunha técnica de medición indirecta como é o "matched-guise", conclúese que os suxeitos analizados mostraron prexuízos lingüísticos asociados ó aspecto físico: "Os rostros máis atractivos e interesantes, xunto coas profesións cun maior prestixio, asócianse ó acento castelán. Sen embargo, cando os participantes falan variedades con acento galego, sucede o fenómeno oposto. É dicir, elíxense os rostros cun menor atractivo e interese, e adxudícanselles traballos cun menor prestixio profesional" (González González, 2003: 69).

[14] Segundo Kabatek (1994b: 14-15), o saber institucional é un dos factores que inflúe na competencia lingüística.

existe unha imaxe social do xénero, onde a muller está asociada simbolicamente coa feminidade e coas boas maneiras, polo que sempre se lles "esixiu" máis ca ós homes neste sentido. Este feito pódese relacionar directamente con que o galego sexa unha lingua que empregan en menor medida as mulleres cós homes. Nisto pode influir a existencia dunha representación da lingua como rústica, do rural e de xente pouco refinada, como se analizará nos exemplos da epígrafe 6.2.1.

6.1.1.2 A COMUNICACIÓN INTERNA

Os participantes non mencionan a existencia de directrices sobre os usos a nivel interno nas súas empresas, aínda que xurdiron, tanto nas conversas de empresarios coma de traballadores, mencións ás actuacións lingüísticas que imperan nas empresas e que, segundo se pode deducir, van depender do tipo de empresa e do persoal que traballa nelas.

Os empresarios en xeral falan dun uso dos dous idiomas en harmonía dentro da empresa:

> C: a:: relación interprofesional entre: compañeiros e con clientes normalmente é en galego e castelán (GE, 51-52)

A esta imaxe de convivencia das dúas linguas nas relacións interprofesionais –que nun principio semella xeral no GE– acábaselle recoñecendo a influencia que ten a lingua dos superiores na comunicación cos seus empregados. En realidade, exceptuando a representante da *empresaH certificou o uso do castelán a nivel interno, feito que xustificou pola existencia tanto de xefes coma de traballadores foráneos, ós que se tenta "integrar mellor":

> H: internamente no noso caso predomina o castelán porque hai xente muitísima xente que veu de fóra de galicia e: bueno que non anque o entende vai ser muito máis / falalo (GE: 84-86)
> H: (…) hai moitísima xente na nosa plantilla pois case o cincuenta por cento é xente castelanfalante que É de fóra de galicia e claro! os que somos galegofalantes porque eu falo galego no entorno familiar na empresa falamos todos castelán como para poder integralos mellor (GE: 463-465)

Nesta intervención vese como se asume a posición de superioridade do castelán como lingua de relación interna entre os traballadores nas empresas en Galicia. Dáse por suposto que ante traballadores de fóra se debe converxer, idea que ninguén no grupo discute.

O resto dos participantes tamén van facer referencia á existencia de directivos foráneos dentro das empresas galegas como elemento que condiciona a lingua dos traballadores, posto que –aínda sendo galegofalantes– van converxer cara ó castelán:

> F: (…) [referíndose a El Corte Inglés] los jefes de planta | el noventa por ciento no son gallegos (…) todos los jefes que vinieron de planta eran castellanos eran castellanos no eran gallegos pero claro! la gente hablaba mucho el castellano ahora ya se fueron haciendo se fueron haciendo y hay algún jefe de equipo gallego algún jefe de planta y: o jefe de sección y ya se habla más el gallego (…) al principio hablábamos castellano todos yo pienso que estaba motivado a que la jefatura los mandos intermedios | los superiores por supuesto los intermedios había muy pocos gallegos--
> Rd: = =crees que se puede atribuir realmente a los mandos y no a que: < >[1] lo que está reflejando es que: no te digo el jefe de planta la cajera que te atiende < >[2] está <=que al final yo creo que están saliendo de la sociedad=
> F: <no no>[1] <si si >[2] =yo pien- yo pienso que si yo pienso=> yo pienso o sea yo pienso que se tiene que ver reflejado porque oye si ella tiene un contacto con el jefe constante en fin / oye mercedes mira atiende allí oye: mercedes ¿terminaste? mira allí está aquella gente / entonces claro ella siempre tiene unas órdenes de alguien que le está mandando a los distintos sitios que le manda es que un poco le manda | entonces claro ella va ella ya va impulsada un poco por la orden castellana ya va:… (GE: 536-554)

Destaca como Rodrigo, o único do grupo con procedencia foránea –natural da comunidade rioxana– discrepa coa tese antedita, e cre que máis ben se trata dun problema social ("un reflejo de lo que hay en la sociedad" (GE: 528), idea que se analizará máis adiante na epígrafe 6.3).

Tamén na conversa do grupo de traballadores se tocou este mesmo caso de El Corte Inglés (do que se falou bastante ó longo da conversa) como exemplo de "xefes" foráneos que impoñen o castelán como lingua de relación cos seus traballadores:

> J: (...) truxo un montón de directivos andaluces entón o que ten que usarse aí / andaluces e madrileños para coordinar o corte inglés de santiago / entón o que vamos facer é usar o castelán que o dominan os xefes que acaban de vir de afóra (GT: 1345-1349)

Na conversa dos traballadores, ademais desta intervención, apareceron ideas contraditorias. Por un lado, exponse a idea de que están influídos os usos pola lingua dos superiores, sexan estes foráneos ou non. Destaca como enfocan este aspecto dous traballadores que parten de dúas representacións diferentes dos usos lingüísticos na empresa. Así, Miguel móstrase convencido de que o nivel xerárquico condiciona os usos:

> M: (...) depende ás veces das zonas eu tamén quería facer a distinción de que depende | digamos do: do nivel xerárquico do traballador co que estés falando | (GT: 179-180)

e considera que o castelán é a lingua da maioría dos empresarios, posto que moitos ven no idioma unha marca de ascenso no escalafón social (aspecto que tamén se ha tocar en páxinas vindeiras, epígrafe 6.2.2):

M: (...) non é tanto que en galicia o empresario repudie o galego | é é o nivel de: incultura (…) en cambio aquí sigue habendo o de bueno como agora como ascendín de porco a marrao pois agora falo castelán | pero non porque repudie o galego simplemente porque pensa que así lle vai ir mellor / non sei (GT: 225-230)

Pola súa banda, Simón insiste en que o galego non marca o nivel xerárquico no ámbito oral interno, poñendo como exemplo a experiencia da súa empresa que conta cun propietario galegófono:

Sk: (...) eu teño que dicir porque sería inxusto que non o dixera eu polo menos na empresa que eu conozco esto non pasa o sea desde--
I: = =porque a túa empresa é unha empresa nese senso un pouco distinta--
Sk: = =desde o propietario o propietario vamos! | cando: | eu a única vez que oio falar e xa dentro de quince días oireino falar que nos dará un discurso en navidade e: | nunca: o o: oín falar castelán | bueno ás veces cambia de vez en cuando non sei por que non? igual está no discurso e de repente fala castellano e lle sale algo ou tal pero pero non sabes | e despois o director general fala eu con el normalmente falo falo gallego o director de produción fala gallego o director comercial: non sei: porque non falo moito con el (GT: 306-314)
(…) ti entras na miña empresa e falas co director general en castellano pois pois igual che falará castellano | ahora se lle falas gallego segurísimo que che fala gallego eh! < > estou <=estou convencido= (GT: 322-324)

Miguel acepta a existencia de liberdade de usos pero insiste en que o castelán é a lingua que se emprega normalmente na empresa, argumento co que Simón acaba concordando:

M: <non si> =eu ó mellor=> cando dei a miña opinión debería haber precisado máis | é dicir eu non digo que as personas que están arriba que non falen galego pero digo que o idioma por defecto | cando están na empresa é o castelán (…) non quero dicir que cando eu vou e lle falo galego que ó mellor maioritariamente non me falen galego | pero tamén os escoito cando non están falando comigo cando están facendo outro tipo de xestións que ó mellor están falando con outra persoa dentro da comunidá | {(p) e están falando castelán}(GT: 325-333)

No entanto, Simón continúa insistindo na representación de que na empresa hai liberdade lingüística. El, que traballa nunha das empresas galegas con maior número de empregados, asegura que as relacións interpersoais no rexistro oral coloquial na empresa van depender da lingua habitual:

Sk: (…) eu polo menos a experiencia na miña empresa é que alí cada un fala o que lle da a gana | é decir dende logo alí non hai ningún tipo de norma | e eso xxx xa dixen cada un fala o que lle da a gana | eu teño compañeiros que falan gallego e con eles sempre falo gallego | e teño compañeiros que falan castellano e con eles falo o que me sala! depende o sea ahora mesmo me sale castellano e despois lle estou falando lle estou falando gallego | desde logo cos que: sei que falan gallego coma min jamás nos sale falar castellano porque amais nos daría vergonza entendes? é decir iso é un cambio automático que tes / sobre esto incluso me teñen pasado anécdotas (GT: 126-133)

E a continuación conta a experiencia de estar cunha compañeira coa que interactúa sempre en galego, pero estando no estranxeiro, ante outra persoa coa que tiñan que expresarse en español non foron capaces de manter unha conversa nesta lingua, dado a estrañeza que lles producía ese código para eles, co cal acabaron falando en inglés co outro interlocutor (GT: 134-141). Con isto quere deixar constancia de que para el os diferentes usos están condicionados pola lingua habitual dos interlocutores, vendo con naturalidade o fenómeno da converxencia, naturalidade que tamén manifesta Carlos (Cs) ó expoñe-lo mesmo feito:

> Cs: [referíndose á lingua empregada no traballo] adecúaste con quen te encontres / dá igual falar castellano que gallego tamén é certo que se falamos gallego foi porque sempre o fixemos na: na casa na escola: e na aldea e se seguimos en castellano foi porque nos enseñaron e si falamos ou preferimos e: que nos falen en inglés ou noutro idioma porque nos enseñaron a usar o inglés no colegio | si nos e: e en sexto curso ou así se intentaran meter alemán preferiríamos alemán (GT: 172-177)

Ademais de prestar atención á maneira en que os traballadores galegófonos argumentan e xustifican os seus propios usos no traballo, cómpre fixarse a maneira en que entra en contradición aquela liberdade lingüística dentro da empresa, onde –segundo as palabras de Simón, que ninguén lle rebateu– cadaquén escollía a lingua que quería falar, cunha especie de normativa tácita onde se pide adecuación á lingua e/ou procedencia do interlocutor.

O pouco valor que moitos falantes lle dan á súa lingua habitual, pese a que –coma no caso de Carlos– recoñecen sentírense máis cómodos nela, e que ademais é a maioritaria entre a xente coa que se moven, permítelle xustificar que teñan a mesma importancia ámbalas dúas linguas da comunidade (galego e castelán), feito que se contradí co argumento de que hai que "adecuarse ó interlocutor". A converxencia que sempre prexudica á lingua dominada, actúa como freo para que o galego se introduza no ámbito empresarial partindo dos traballadores galegófonos. Unha das razóns está nas representacións que existen sobre dos usos do castelán e do galego no traballo, pois ó ter desta última unha imaxe máis negativa ca da primeira, prodúcese o abandono do galego diante da lingua dominante, derivando no que Iglesias Álvarez denominou "bilingüización asimétrica"[15]. De tódolos xeitos, no GT un participante expresou a súa percepción de que a converxencia se dá cara ó galego tamén, dado que parte da representación de que a comunicación se debe establecer na lingua de entrada:

[15] "De aí que falemos de bilingüización asimétrica: practican o bilingüismo os que teñen como primeira lingua o galego, pero non os castelanfalantes" (Iglesias Álvarez, 2002b: 163).

> J: (…) o que detecto o que eu noto é cando según quen comeza a falar síguenche no mesmo idioma | se comezas en galego na administración síguenche en galego habitualmente | e na privada tamén {(p) o sector privado galego: e de xente de aquí en xeral non?} (GT: 444-447)

Estas representacións que se están vendo sobre o galego vanse manifestar en diferentes actitudes, que van desde un conformismo coa situación lingüística instaurada (o caso dos galegofalantes que teñen o castelán –aprendido na escola– para o rexistro culto, o galego para o rexistro coloquial e o inglés como lingua franca) ata unha moi manifesta actitude de inseguridade.

Como xa quedou dito en reiteradas ocasións, o discurso sobre unha lingua en vías de normalización non sempre produce manifestacións claramente negativas sobre esta; pero moitas veces da profundización nese discurso pódense deducir algunhas actitudes que agochan representacións negativas cara a ela.

De tódolos xeitos, na análise dos dous grupos de discusión destacou de maneira significativa a actitude de inseguridade coa que –en xeral– se pretendía xustifica-la ausencia de uso do galego nas empresas. Esta actitude reitérase ó longo das dúas conversas, ó insistiren a maioría dos participantes –sobre todo os galegófonos– en que o dominio do galego (tanto o seu coma o da maioría da poboación) é deficiente. Na falta deste dominio xustifícase a ausencia do usos do galego nos rexistros cultos, quedando así limitado a determinados contextos. Mentres esta actitude se manifesta abertamente, hai outra, da que poucos informantes dan conta, pero que se sitúa por detrás de moitos usos, que denominei de "comodidade". Está moi ligada coa anterior e adóptana aqueles que din que o único problema que lles presenta o uso do galego no traballo é un esforzo adicional ó que non lle encontran xustificación, e polo tanto, por comodidade, empregan o castelán. Exemplos disto vanse ver nas epígrafes 6.1.1.3 e 6.1.1.4.

6.1.1.3 ACTITUDE DE INSEGURIDADE: DESDE A FALTA DE FORMACIÓN Á IDEALIZACIÓN DA NORMA.

A actitude de inseguridade é propia de calquera persoa que non domina unha circunstancia á que se teña que enfrontar, pero tamén é a desculpa perfecta para non enfrontarse con ela[16].

Viuse no capítulo onde se presentou o marco teórico como desde a escola norteamericana se xustifica –en liñas xerais– a falta de coincidencia entre certas actitudes e determinados comportamentos na falta de competencia (Capítulo 4, epígrafe 4.3.1). É evidente o descoñecemento do rexistro culto do galego por parte de persoas de certa idade que nunca tiveron acceso á formación ou mesmo por parte dos inmigrantes (empregando este termo en sentido amplo, como todo aquel que vén doutro territorio para residir a Galicia). Pero segundo o grao de competencia lingüística pódese establecer unha clasificación da poboación que se atopa nun entramado de dominios e destrezas diferentes arredor do galego. Desta maneira, dentro desa maioría da poboación que mostra diferentes actitudes de inseguridade desprégase un abano amplo de posibilidades que vai desde un grupo –aínda maioritario– que mantén competencia activa da lingua oral pero un dominio escaso da escrita, ata outro grupo conformado polos que teñen competencia pasiva da lingua oral e activa da escrita.

Esta actitude de inseguridade, propia de situacións de conflicto lingüístico, empregada como xustificación da falta de uso do galego nalgún –ou en todos– os contextos aparece reflectida por case tódolos membros dos dous grupos, tanto galegófonos como bilingües ou castelanófonos, aínda que en diferentes graos e medidas. Así, mesmo aqueles que teñen o galego como lingua habitual, única ou predominante, e dominan un rexistro oral aprendido na familia (ben na aldea, ben na cidade) manifestan de forma moi diferente a actitude de inseguridade: mentres para uns é o argumento principal para xustificar a falta de uso da lingua propia en contextos formais, está totalmente minimizado para outros. Ademais destaca como entre os galegofalantes que se manifestan inseguros coa lingua, se vai

[16] Iglesias Álvarez concluíu que a inseguridade era unha autoxustificación para os castelanfalantes que non querían face-lo esforzo de falar en galego "(...) o tópico da falta de competencia en galego convértese tamén nun argumento de autoxustificación" (Iglesias Álvarez, 2002b: 162). Na presente análise tal actitude detectouse tanto nos castelanfalantes como nos galegofalantes, aínda que con matices diferentes derivados loxicamente do grao de dominio que en cada caso teñen da lingua.

contrapoñer continuamente o galego dialectal fronte ó galego normativo, aspecto que os castelanfalantes tamén expoñen, aínda que desde unha postura totalmente contraria.

6.1.1.3.2 A variante dialectal fronte á estándar. Idealización e negación da norma

Nos dous grupos vese como se contrapón o galego normativo coa lingua na que aprenderon a falar os galegófonos, co galego "de sempre" (xa diferenciado na propia denominación: "gallego"), como se aprecia nas intervencións de Fermín (GE) e Simón (GT) ó reproduciren un discurso moi establecido na sociedade, insistindo en que aprenderon a falar "en gallego":

> F: (…) eu a miña lengua: nai é o gallego non digo galego porque nos meus tempos non se dicía galego dicíase gallego (GE: 103-104)
> Sk: eu e: son unha persona que aprendín a falar o castellano cando fun á escola por primeira vez con seis anos antes nunha había falado castellano (GT: 113-115)
> (…) cando aprendín a falar foi en gallego (GT: 118-119)

Vaise contrapoñer este "gallego" ó normativo, que, en palabras de Fermín, é obra duns "técnicos" que o modificaron:

> F: (...) que gracias a uns cuantos esto [o galego] se foi aguantando eh? logo despois viñeron como di o outro viñeron os viñeron os técnicos viñeron os técnicos e trataron de facelo moito máis en fin de falalo correctamente (GE: 239-241)

Tales "técnicos" son os responsables dun novo galego, co que el non se implica:

> F: (...) ahora veu o gallego máis técnico pero a min chegoume un pouco tarde eu sigo pola vella (…) (GE: 104-105)

Non pode pasar desapercibida esta afirmación de falta de implicación na normativa dun dos participantes de máis idade do grupo de empresarios. Na sociedade actual, onde todo o mundo acepta a velocidade de vertixe na que se moven as novas tecnoloxías e que obrigan á aprendizaxe constante non se admite un esforzo suplementario para adquiri-la norma culta da propia lingua. Aínda que moitos dos comportamentos diglósicos (emprego do galego dialectal para o rexistro coloquial e do castelán para o rexistro culto) se lle achacan ó *hábito*, quizais teña un peso importante a falta de disposición para modificar ese hábito.

O discurso sobre a variante estándar do galego –variante que naceu rodeada dunha polémica que non deixa que se acabe de asentar– é un dos exemplos máis claros das representacións contraditorias que existen arredor desta lingua. Mentres por un lado se

detectaba certo rexeitamento a ese estándar dos “técnicos”, ó “galego inventado”, polo outro, idealízase ese estándar (característica propia das linguas minorizadas) que, tal como se recolle nas palabras de Victoria (GE), serve para xustifica-la disidencia lingüística:

> V: ademais tamén eu diría outra cousa que o galego que nós estamos falando ou o que falo eu é un galego daquela maneira-- (…) ás veces cando encontras cunha persoa que sabe falalo que estudia e tal te encontras un pouco: como dicindo estou metendo a pata porque estou falan- dicindo esto que non é <4> / a min polo menos me corta moito enton- (GE: 927-932)

Nos propios participantes dos grupos vense diferentes posturas neste aspecto e non todos manifestan este complexo de “falar mal”. Así, fronte a esta idealización do estándar e minusvaloración do galego dialectal e coloquial, xurdiu a voz de Carmelo, quen fai un alegato en defensa da normativa –que ninguén lle discute– apoiado nun coñecemento da realidade das variedades lingüísticas:

> C: e partimos non de cero pero dunha situación bastante precaria hai que establecer unhas normas e establecer unha serie de pescudas e de investigacións para saber xxx realmente tamén é certo todos sabemos que hai moitísimo léxico moitos vocablos que están castelanizados moitos e ademais faise na aldea de: nas aldeas eu por exemplo re- miña sogra di sempre pan de "juevo" e e ela ó: ós ovos non lle chama "juevos" quero dicir que creo que houbo aí un proceso de castelanización e eso pasa con moitísimas palabras (GE: 967-973)

Defendeu esta postura durante toda a conversa e mesmo pretendeu convencer a Victoria de que falaba correctamente:

> C: o galego que fala vostede é bo (GE: 946) (...) é un argumento [o de que falase mal] que non que non é real | eu estouna escoitando a usté e fala de marabilla e está / {[imitando a súa voz] eu falo mal}-- (GE: 987-988)

O discurso de Carmelo apóiano no grupo tanto Helena como Fermín (falantes diglósicos, para os que o galego é a lingua dos contextos informais) que afirman:

> F: eu o <=gallego que falo é bo faleino sempre= o meu galego familiar… (GE: 952)
> H: = =pero yo eu eu non o vexo como mete-la pata fala-lo que sabes non? porque eu considero tan bo o meu galego coma o mellor normativo que haxa (GE: 957-958)

Esta idealización do “seu galego”, que é a lingua dominada, resulta paradóxica porque se contrapón coa infravaloración da mesma. O mesmo Fermín, que acaba de manifesta-la defensa da súa lingua, “a que falou sempre”, di un pouco máis adiante:

> F: vale po que vale e namais vale po que vale (GE: 1002)

aínda que logo, trala argumentación de Helena e de Carmelo, volve a insistir nesa idealización:

> H: [sorrindo] vale para todo
> C: no no vale vale
> F: a min de feito váleme para vivir a min de feito os os meus ingresos a miña o noventa por cento da da comida da miña casa vén do galego (GE: 1003-1006)

Este debate dos empresarios sobre a validez do galego dialectal (que non se deu no grupo dos traballadores) deixou á vista dúas representacións de base existentes entre os galegófonos con respecto ás variantes diatópicas da lingua. Uns infravaloran o "seu" galego fronte a un estándar que sobrevaloran e non coñecen (o galego malo fronte ó bo). Outros sitúanse na posición contraria, infravalorando o estándar fronte ó galego dialectal, aínda que esta postura cómpre matizala. De feito, aínda que existen falantes coma Carmelo, que comprenden o que significa a norma, e a súa defensa do galego dialectal semella derivar da conciencia de que existen prexuízos que pesan sobre el (así o vai manifestar "C: eso eso é un prexuízo vamos!" (GE: 944)), outras acaban reflectindo tales prexuízos, xunto cunha infravaloración xeral da lingua que acaba relegada ó rexistro coloquial (aspecto que se analizará en detalle na epígrafe 6.2). Esta última posición é a manifestación clara dunha ideoloxía diglósica, que tamén se aprecia no grupo de traballadores, onde se recollen exemplos dunha "ignorancia" do galego estándar, froito dun desinterese consciente:

> Sk: (…) me resulta moito máis fácil falar en en en gallego / tampoco nunca fixen o esforzo para falar un gallego normativo sequera sei se o hai non non entendo moito desto (…) (GT: 119-120)

pero tamén dunha falta de necesidade, derivada da propia situación: o contexto informal ou coloquial dos obreiros:

> C: (...) e un gallego máis ou menos que falamos como nos dá a gana non é normativo tampouco esa é a verdá é que se usa moi pouco polo menos onde eu me movo (…) (GT: 170-172)

Os monolingües en castelán tamén se posicionaron sobre as variedades do galego e destaca a infravaloración que fan do estándar. Os dous que coincidiron no grupo de empresarios, Rodrigo e Sofía, rexeitan de cheo o galego estándar, sobrevalorando o dialectal, que non falan (ó que atacan con argumentos en certa medida subxectivos: "no es bueno", "no me gusta"):

> S: (...) a mí lo que me enseñaron fue el gallego normativizado y a mí me da rabia hablar ese gallego porque yo prefiero hablar el gallego de toda la vida o sea el de ir a la aldea y escucharlo ahí de escuchar el seseo y la gheada y yo el que hablo es el normativizado y me expreso mal en gallego por eso hablo en castellano y a mí lo que me gusta es <u>el gallego de verdad</u> el normativizado no tiene ese: ese tono ese: ese – (GE: 936-940)

> Rd: = =pero es que el que no es bueno es el normativo fue <=inventado en un momento determinado para- para llegar a un consenso= (GE: 960-961)

Carmelo volve neste casos establece-lo contrapunto e rebaterlle a afirmación de Rodrigo insistindo en que "hai que establecer unhas normas" (GE: 966-973). Unha das persoas castelanfalante do GT tamén fai unha declaración negativa a propósito do galego normativo, pero desde outra óptica:

> Su: (…) e despois pásame outra cousa que dame pau falar galego normativo que foi claro que aprendín | porque eu aprendín un galego que en vez de dicir ver vergonza digo vergoña claro pero | en cuntis no meu pobo dáme pau | {[con ton irónico e burlesco] porque parece que vou da listilla estudiada falando con todos super normativo} / e dáme un pouco de: (…) (GT: 298-302)

Tamén se detecta como a inseguridade derivada do descoñecemento dos diferentes rexistros do galego presenta formas diferentes segundo o dominio que se teña da lingua. Aqueles que adquiriron a competencia en galego a través da escola presentan inseguridade á hora de falalo en contextos coloquiais, mentres que os que tiveron o galego como primeira lingua pero non recibiron formación académica evitan usalo nos rexistros cultos. Nestes últimos casos, detéctase como a xente percibe unha enorme diferenza entre o galego dialectal (o "de sempre", o aprendido na casa, o do rexistro coloquial) e o normativo. O recoñecemento de que diferentes situacións requiren niveis de lingua diferentes segue a ser un argumento que xoga en contra do galego, aínda cando temos formalizado un estándar:

> V: = =claro pero entonces tes que diferenciar o que falas o galego que falas con certas personas que son as que: polo menos eu no traballo cas cos cos empleados ou co co sector de público que vén alí a mercar e o galego que podes falar nunha mesa como estamos ahora (GE: 941-943)

O argumento da inseguridade que provoca non domina-lo estándar, mantén o castelán –que se pensa coñecer perfectamente– no rexistro culto. Daquela reafírmase a situación diglósica[17]:

> V: no: eu digo que para para co ámbito que eu me movo falo como falo con outro ámbito non o falo co é coma dicir pois falo en inglés ó mellor entre españoles pois entendemos o inglés que eu falo pero se me poño a falalo con os ingleses pois non | {(p) sempre corta un pouco: esa situación eh?} (GE: 991-993)

Con todo, tanto nun grupo coma noutro xorde a crítica ás consecuencias dese comportamento diglósico entre os galegofalantes, debido ó emprego dun castelán incorrecto para o rexistro culto. Curiosamente, nos dous casos faise mención á circunstancia de que se empregue nos medios de comunicación galegos, contexto no que o

uso do galego dialectal por parte da xente do pobo e sen formación se sente como correcto, ou polo menos, como máis correcto ca un castelán mal falado. Asunción fai o comentario a propósito das persoas que entrevista por motivo do seu traballo como xornalista:

> So: = =pero é que moita xente eu o que detecto é que moita xente coa que falas diche: / {[imitando a voz] ai! vouche falar castelán porque é que o meu gallego é destes} avergónzanse eles mismos de non saber falar o galego aprendido | e non querer falar o galego que falaron sempre | polo menos como quero dicir / nós | como saben que van saír na radio pois a ver se: / entón pásanse ó castelán que o falan fatal porque realmente fálano mal <=te voy dicir= (GT: 419-424)

Este comentario prodúcese tamén no GE, cando Rita (que recoñece non saber falar galego normativo[18]) critica a aqueles galegófonos que empregan na TVG o castelán, cando se nota que non é a súa lingua:

> R: = =estará comigo tamén que cando vemos a veces nalgún programa na televisión pregúntalle o presentador ou o que se sea e fálalle en castelán i estase notando que non é a súa lengua é dicir que se están na televisión de galicia e a súa lengua é… porque rehusa a utilizala? as veces digo si se está notando que fala fatal o castelán a súa lengua porque-- (GE: 191-194)

Esta imaxe negativa sobre a realidade do emprego dun castelán incorrecto nos medios de comunicación seguramente veña provocada por un lado, polo exemplificador que resulta o propio medio (onde se pode apreciar "desde fóra" o resultado do esforzo de persoas sen formación para expresarse nunha lingua que non dominan), polo outro, polas continuas burlas ás que se someteron os galegos sempre na televisión (baseadas normalmente na crítica do acento, pero tampouco moi diferentes das que podían sufrir cataláns ou andaluces). Queda tamén en entredito a "conciencia" da poboación galegofalante sobre a importancia dun medio de comunicación na súa lingua, feito que se relaciona directamente coa realidade dunha escasa demanda da lingua vernácula nas emisións autonómicas[19].

A magnificación do descoñecemento do estándar entre os galegófonos, que leva á deserción lingüística en contextos cultos e ó emprego doutra lingua que se domina peor, pode ter bastante que ver coa fixación dun estándar oral bastante illado da fonética e da prosodia dos galegófonos. O aspecto que máis se destaca na conciencia dos galegofalantes á hora de diferencia-lo galego estándar do dialectal é a pureza do léxico. O

[17] Esta interlocutora representa perfectamente o estereotipo de persoa diglósica, educada na cidade en castelán, aínda que aprendeu galego no ámbito familiar e mantén esta lingua só dentro de tal contexto.
[18] De tódolos xeitos, non mostrou inseguridade na oralidade, aínda que si a vai mostrar na escrita (analizado no punto seguinte).
[19] Pódese ver unha análise da situación dos medios de comunicación en occitano en Grosclaude (2003), onde se destaca a existencia de demanda fronte á moi escasa oferta.

descoñecemento do léxico normativo semella se-lo maior atranco para domina-la norma culta da súa lingua, feito que leva a un galegofalante a mostrarse convencido de que un neofalante, de orixe catalá, fala mellor ca el:

> Sk: (…) eu teño un moi bo amigo que se veu para aquí fai tres anos e o primeiro que fixo foi: aprender gallego e fala gallego e: moito mellor ca min | o outro día o encontrei no corte inglés e non sei que me decía estábamos alí na frutería non sei que me decía dos pepinos e non sei como coño lle chamou! e digo eu que me estás decindo? [risas] non sei nin que palabra eu non conocía eso non? (GT: 510-514)

Destaca que este interlocutor non mencione para nada as dificultades que pode ter de orde fonética e prosódica, dado que o modelo que a poboación ten de estándar oral é o difundido polos medios de comunicación, que se caracterizan por presentar unha fonética totalmente castelanizada. Tamén sorprende, por outra banda, como este mesmo falante recoñece a existencia de rexistros dentro do galego, aínda que non se trata do galego coloquial fronte ó normativo, que se viu antes que non coñecía ("nin siquera sei se o hai"); senón do galego que falou sempre na súa aldea, que ten uns trazos dialectais moi característicos (seseo e gheada), fronte a outro que fala fóra dese contorno:

> Sk: (…) solo sei que falo: como falo na miña aldea / bueno ahora pegáronseme algunhas cousas de estar aquí en santiago por ejemplo antes sempre tiña o seseo e todo esto e ahora depende con quen fales / se falo con xente de ribeira pois tamén me sale: o seseo | se vou a miña aldea por suposto pero esto me cambia o chip automaticamente entendes? se chego a miña casa non digho ghaliña ou galiña digho ghaliña ou ou digho sapato non? porque senón miña nai fliparía / {(p) pero este!} [risas del e do resto] (GT: 121-126)

A perda do seseo e da gheada levou consigo tamén a perda de trazos sintácticos propios do galego: colocación incorrecta dos pronomes átonos ("me cambia o chip") e emprego dos verbos compostos..., serían algúns dos exemplos da variante lingüística que adoptou ó chegar á cidade. Sen querer aprender galego normativo, si que se percibe que realizou un cambio –que el recoñece e do que é consciente– para aproximarse á que Regueira denominou "variedade urbana do galego" ou "novo galego urbano" (Regueira, 1999[20]);

[20] En palabras do autor:

> Esta variedade urbana distínguese do galego popular, daquela, dobremente: por unha parte toma do estándar os elementos gramaticais e léxicos diferenciais, e pola outra segue os modelos fónicos do español.
>
> Desta maneira obvia, esta variedade afástase do estándar oral en cuestións fundamentais (sistema fonolóxico, entoación, colocación do clíticos). Non obstante, o seu prestixio social pode facer que se constitúa nun estándar urbano alternativo (ou preferente). Por unha parte, é a lingua dunha minoría urbana selecta con influencia social e con acceso ós medios de comunicación. Por outra parte, a maioría dos profesionais destes medios empregan unha variedade de galego que coincide basicamente con este que describimos. É dicir, é o galego que lle está a chegar á xente como galego urbano culto (Regueira, 1999: 870).

estratexia propia de quen quere diferenciarse do galego popular propio “da súa aldea”, é dicir, do rural e das clases sociais baixas.

Outro argumento para o rexeitamento da norma estándar do galego, que xa quedou cualificada negativamente arriba, é o problema provocado pola súa variabilidade e falta de fixación, circunstancia que acusan aqueles que tiveron ocasión de achegarse á súa aprendizaxe. A falta dunhas normas claras convértese na xustificación perfecta para non usa-la lingua, dado que incrementa a inseguridade:

> J: e tocoume aprender pero aprendías unha cousa ó ano seguinte había unha normativa nova xa non era o che era o te < > e tal tocounos así (GT: 803-804)
> T: [referíndose ó galego que aprendía na escola] (…)={[enfadado] yo es que alucinaba=> alucinaba por colores xxx una cosa distinta de otra entonces nada yo pasé de} / entiendo gallego pero no lo hablo PORQUE NO LO SÉ (GT: 833-834)
> H: e o feito tamén de que a normativa que sea: bastante cambiante nunca estás moi segura ahora presuposto vale non ahora é orzamento non sei que hai bastantes cambios que te sintes máis inseguro (GE: 274-276)

Nunha ocasión, Carmelo presentou o problema na súa realidade diaria, sobre como lle afecta ó traballo:

> C: =é obvio que tiñamos=> que recoñecer a situación e ás veces os investigadores equivócanse e din bueno pois ibamos por aquí pero casi que non que é por aquí e hai cambios que a todos a verdá é que nos amolan moito non? e eu comprendo perfectamente e eu eso entendo que é un obstáculo serio serio serio dos máis serios [asenten os demais] tanto cambio tanto reconducir esto así esto andando [asenten H, A, R e V] e de repente nós no periódico e esto vivímolo tódolos días pero repetido e multiplicado por por mil porque porque: claro páxinas e páginas e páginas e de repente estás escribindo unha palabra así e de repente dinche os lingüistas os profesionais: no! <4> na última edición non é así é doutra maneira bue- e <=e eso claro pero eso= (GE: 975-982)

A xustificación sobre a problemática da falta de asentamento da normativa non é un argumento que o pobo coñeza nin –por conseguinte– entenda, ou máis ben élle difícil de entender cando sufriu, e aínda está a sufrir, as consecuencias desa situación. Situación que –de calquera xeito– está magnificada e sobre a que xa se creou unha nova imaxe do galego como lingua “pouco seria” ou, no mellor dos casos, “problemática”.

6.1.1.3.3 Estándar escrito. O papel da escola

A falta de dominio no galego estándar evidénciase máis claramente na escrita. Estes mesmos informantes galegofalantes, que manifestaron “non saber falar galego” por descoñecemento do estándar, declararon non dominar tampouco a lecto-escritura.

Establecen o contraste entre o uso habitual do galego porque é a súa lingua materna e o descoñecemento da variante estándar da súa propia lingua, variante que nin sequera estaba establecida como tal na época en que a maioría destas persoas estudaron, o que xustifica a súa inseguridade. Nesta idea insistiuse moito, tanto no grupo de empresarios como no de traballadores:

> R: (…) eu téñoo como lengua nai pero non o sei escribir (…) (GE: 77)
> F: (...) a min pásame coma a aquela señora eu penso en galego eu conto en gallego xxx seguridad sin embargo non o escribo algunhas cousas si pero outras non (GE: 241-243) (…) na miña casa xxx todos falamos o galego (…) (GE: 1007-1008)
> R: (...) eu non escribo un escrito en gallego porque sei que vou a ter mogollón de faltas (GE: 266-267)
> A: eu creo que si eu / non efectivamente non / todo o que estamos dicindo é coincidente sobre todo os que temos a procedencia do rural pois vivímolo exactamente así non? | eu non estudiei nunca galego e na casa faleino siempre entonces ahora mismo cando teño que escribir en galego fágoo / fágoo pa non pasarlle o papel a nadie senón pa que pa que despois mo escriba mo corrija alguén | pero: nunca escribía en galego ahora intento facelo e sáleme cas faltas que sean pero non son presentables / (GE: 316-321)

Esa falta real de formación debe compararse coas manifestacións de interese ó respecto. Nuns casos algún participante manifestou ter realizado un "esforzo" de ler en galego, pero desistiu ante a dificultade:

> R: =claro tes que=> estar co dicionario ó lado
> F: que tes que estar co dicionario ó lado claro efectivamente eu pensei que iba ser eu o único pero aquela señora coincide / entonces claro para non complicarme a vida cómproo [referíndose ó xornal] en castellano e claro porque si estou lendo si a veces algunhas sácalas por dedución pero--
> R: = =pero volve- volvemos á escuela que entonces <=esto está na escuela=
> F: =algunhas algunhas vas=> lendo vas lendo e polos párrafos pola < >1 polo artículo que se trate < >2 por dedución sacas a palabra que é: <=pero a algún sitio chegas e atrancas atrancas na palabra non é non é seguido digamos é un punto e a parte entón tes que ter o dicionario de porque claro! para evitar eso | pois os que non somos…= (GE: 630-638)

Outros, recoñeceron non ter nunca realizado tal esforzo:

> Sk: (…) non leo en gallego non escribo en gallego tampouco nunca fixen o: o esforzo | e: e simplemente creo que é porque cando aprendín a escribir foi en castellano cando aprendín a ler foi en castellano (…) (GT: 116-118)

Quizais desde a aparición de ensinanzas, regradas e non regradas, do galego se tendese a primar un excesivo purismo ortográfico e gramatical, e a incidir pouco na eliminación de prexuízos ou na concienciación sobre o significado do estándar. Esta circunstancia leva a que existan afirmacións coma a de Sonia[21] (GT), quen non manifestou inseguridade para

[21] Nacida no rural da comarca compostelá, pero leva desde nena vivindo no barrio compostelán de Vite.

falar nin para ler pero si para escribir, debido a cuestións puramente ortográficas, que sobrevalora[22]:

> So: =falalo non porque o falei sempre=> na casa i tal pero o que é escribilo me resulta dificilísimo teño: / dudo moiTÍsimo: entre: nos acentos poñer uve <=ou be= (GT: 880-881) (…) =lelo non me costa ningún traballo pero escribilo si => (GT: 886)

No lado oposto sitúanse os castelanfalantes que accederon ó galego na escola, polo que só teñen dominio da escrita, pero non competencia nas destrezas orais, é dicir, están nunha situación contraposta á que estiveron expoñendo os galegofalantes:

> Su: é PARADÓXICO que EU sendo castelanfalante non tivera problema pa escribilo {(ac)eu escribiríao perfectamente} o meu PROBLEMA é despois lelo por exemplo non?[23] (GT: 906-907)

Destaca como Inés lle vai da-la explicación ó problema que presenta a compañeira mostrando un perfecto coñecemento da realidade sociolingüística:

> I: = =porque ti aprendiches galego (…) como segunda lingua i sin os defectos que temos nós como galegofalantes con un galego cheo de castelanismos-- (GT: 911-914)

Con todo cómpre fixarse en que a inseguridade non se percibe naqueles participantes que expuxeron unha actitude clara de compromiso co galego (Inés e Miguel no GT); e que, polo tanto, sexa cal sexa o seu dominio do estándar, non lles supón un impedimento para emprega-la súa lingua. Inés, que non recibiu clases de galego na escola, manifesta que o escribe aínda que o faga mal (*I: <=eu fareino mal pero:=* (GT: 887)). A consideración de ámbolos dous sobre a validez do "seu galego" deriva dunha representación desta lingua liberada duns prexuízos que se detectan noutros participantes. De tódolos xeitos, os dous empregan un rexistro próximo ó novo galego urbano[24] e nunca fan ningún tipo de manifestación sobre as súas dificultades para falar galego normativo.

En resumo, a inseguridade para falar e escribi-lo galego aparece como algo xeral entre a maioría dos participantes (galegofalantes e castelanfalantes)[25], exceptuando aqueles que

[22] Con todo, a afirmación desta informante sobre o seu dominio do galego oral debe valorarse en relación ás súas afirmacións noutro momento da conversa, cando declara converxer sempre diante de persoas castelanófonas (GT: 1086-1137).

[23] Os problemas de lectura que manifesta son relativos á pronuncia correcta do galego, pois noutras ocasións fixo referencia a que o galego estándar non lle presentaba ningunha dificultade de lecto-escritura.

[24] No caso dos empresarios non se deu o emprego desta variante do galego urbano. Analizando as características de Helena (empresaria) e Miguel (traballador) que son moi semellantes (criados no rural que recibiron clases de galego na escola), só se atopa diferenza en que a primeira emprega no traballo habitualmente o castelán, mentres que o segundo emprega o galego por compromiso coa lingua.

[25] A partir da análise destes grupos mixtos onde hai galegofalantes e castelanfalantes, residentes (excepto un) todos en zona urbana, non se apreciou a diferenza de inseguridade entre os habitantes do rural e da urbe que

parten dunha actitude de lealdade. Os castelanfalantes (agás Asunción, que declarou comezar a usalo no traballo) non empregan o galego na empresa; pero a maioría dos galegofalantes tampouco, pese a declararen ter dominio das destrezas orais.

Tal actitude de inseguridade, que semella estar estendida entre a maioría da poboación (segundo se desprendeu da análise anterior) necesariamente fai pensar que a solución podería estar na formación; visto que a falta desta é unha das causas desa inseguridade.

A representación do ensino do galego en xeral, e da escola en particular, ocupou tamén parte da conversa dos participantes. Nos dous grupos houbo consenso en recoñece-lo papel castelanizador que tivo a escola durante anos, e que lle afectou á metade dos participantes, tanto por non existir o galego como materia:

> R: (…) desde logo nos meus tempos o galego non se daba [refírese a que non se impartía na escola] (GE: 76-77)

como por non ser lingua do ensino:

> I: eu <u>son</u> do castiñeiriño nacín en lamas de abad e a xen- o patio da miña escola era galegofalante ó noventa e nove coma: nove por cen (GT:392-393)

Coa entrada do ensino do galego nas escolas, tampouco se solucionou a competencia no estándar, tal como comentou Helena, que xa recibiu clases desa materia:

> H: (…) a nosa educación foi basicamente en castelán e ahora a educación é en galego menos unhas asignaturas que teñen en castelán pero a maioría en en galego supoño que con uns anos máis por encima <u>será máis fácil</u> para eles e eu bueno tiven a educación en galego bueno <u>o galego</u> pero o resto das asignaturas eran en castelán (GE: 276-279)

Un dos participantes no grupo, pertencente a estas primeiras promocións que xa accederon á formación regrada, culpa á escola de non ter aprendido galego; pero máis ben debido a que –pese a ter recibido clases– non lle deron uns parámetros do estándar claros e únicos. Bótalle a culpa do seu descoñecemento da lingua á disputa normativa, presentando a aprendizaxe das dúas normas na escola como algo moi negativo e contraproducente:

> T: (...) CASI llegué a estudiar portugués porque tuve un profesor que aquello era: era tremendo! <=era lusista total=
> Mo: = eu estudiei eu=> estudiei portugués en bup xxx

sinalou Iglesias Álvarez a partir da análise dos seus grupos de discusión (Iglesias Álvarez; 2002a, 2002b). Segundo esta autora, os participantes galegófonos non parecía que presentasen inseguridade pese ós castelanismos, fronte ós *urbanitas* que –segundo a investigadora– "semella preocupalos máis o proceso de normativización, de maneira que as fluctuacións propias deste tipo de planificacións provócanlles unha

T: bien! pero mi asignatu {(f) mi asignatura era gallego y aquello casi parecía portugués} / otro año era otra cosa totalmente distinta-- (GT: 827-831)

Aínda que tódolos membros concordan no papel da escola como elemento castelanizador no período predemocrático, establécese certa polémica sobre o seu papel na actualidade. Parte dos participantes nos dous grupos seguen a vela como unha institución castelanizadora ou desgaleguizadora, posto que –pese a anos de formación en lingua galega– o alumnado pode tornarse alí castelanófono[26], tal como expresan neste fragmento de GE:

C: =a escola | é desgaleguizadora=
R: =hombre eu poño a=> a miña experiencia persoal eu teño unha nena de nove anos e faleille sempre sempre en galego pero claro botou máis tempo na escuela ou bota máis tempo na escuela que comigo porque ó traballar bota máis tempo na guardería ou na escuela o sea desde pequeniña {[con ton afectado] i fala castelán} i i me consta que comigo eu fálolle sempre en galego i ela fálame en castelán < > i eu i <=eu sei que lle falei= desde pequeniña (GE: 400-405)

Débese ter en conta que a escola, neste caso, está en Santiago, onde a poboación é maioritariamente castelanófona, polo que o cambio de lingua da rapaza posiblemente se relacione tamén cunha cuestión de integración no grupo, derivadao dunha falta de contexto de uso[27]. Non obstante, noutro momento Carmelo precisou a interpretación do papel da escola, pois non cre que sexa a única culpable de que non se use o galego no rexistro culto; así contradí a Fermín e Rita que centraban todo no descoñecemento da escrita do galego:

C: = =non eu creo que o problema non é ese
F: = =bueno eu pa min pa min é | pa min é: <=porque eu--=
C: =no para usté=> será pero ahora os rapaces saben escribir e saben ler <=perfectamente e: xxx pero {(ac) nin len nin escriben nin falan}= (GE: 642-645)

Helena apoia a idea de Carmelo, aínda que Fermín dubida das capacidades dos adolescentes na actualidade (vid. GE: 646-653)

sensación de inestabilidade e confusión moi acusada, que aumenta a súa inseguridade lingüística" (Iglesias Álvarez; 2002b: 225).

[26] En investigacións recentes (Rei-Doval, 2001:502-503), tamén se acusa á escola como elemento clave do proceso castelanizador, precisando que os usos do galego son menores canto máis formal é a interación no ámbito escolar: "A capacidade castelanizadora da escola é tanto maior canto máis está relacionado o intercambio comunicativo coa actividade central da escola. (...) Por outra banda, canto máis tempo tivo a escola para influír sobre as prácticas lingüísticas da poboación, semella que máis as castelanizou. Isto reflíctese no feito de que os grupos de maior nivel educativo son os que presentan unha maior utilización do castelán".

[27] Pódense contrasta-las conclusións ás que chegou A. Iglesias quen opina que o problema da falta de competencia en galego, unido á forza do hábito, sería un problema menor "no caso de dispoñer dun *contorno* apropiado que motivase o seu uso" (Iglesias Álvarez, 2002b:159).

A discusión sobre a maior responsabilidade da escola ou da familia no aumento da castelanización produciuse no GT, onde se mantiveron dúas posturas enfrontadas. Dun lado están os que defenden con forza a idea de que a lingua que ten máis peso é a materna, fronte á que se aprende na escola:

> Sk: =xxx é como che falan os teus pais=> eu creo que ese é o secreto joder por moito que che enseñen gallego na escola se teus pais che falan castellano < > ti [bate na mesa] ó final eu creo que o teu idioma vai a ser o castellano (GT: 2098-2100)

De feito, os que defenden esta tese, acusan ós pais da perda da lingua interxeracional que se produciu nos últimos anos:

> I: alí o que mandaba o maestro: | fóra eramos todos galegofalantes cantas das miñas compañeiras e das compañeiras da miña irmá que controlo moitísimo que teñen ó mellor sete ou oito anos menos e:: enseñaron galego ós seus fillos? casi ningunha! (GT: 395-397)

Doutro lado atópanse, os que –coma Jesús– consideran que a responsabilidade está na escola, baseándose na cantidade de horas que pasan nela os rapaces (coincide coa idea que se acaba de ver que expoñía Rita (GE: 404-405)[28]):

> J: =no mira eu=> eu mamei o castelán na escola e os meus pais faláronme falan toda a vida en galego a miña lingua é o castelán | o sea eu penso en castelán < > eu traduzco cando paso ó galego estou traducindo (…) un rapaz pasa na escola e entre ir e vir pois así como entre nove e dez horas (…) =logo durmes outras oito=> outras oito horas e ves televisión outras catro o sea cos teus pais pasas dúas horas < > dúas horas non compensan doce horas de castelán nin de coña! (GT: 2103-2121)

Trala análise de tódalas declaracións semella que, pese a que boa parte dos actores sociais culpan da súa inseguridade a esa eiva formativa xeral, logo non todos pensan que a solución para o galego estea no acceso á formación. Nalgúns casos sinálase a escola, é dicir, á formación regrada, como unha vía de solución a esta inseguridade, pero non se menciona en ningún momento unha posible solución inmediata –mediante formación non regrada– que remedie a situación a curto prazo, por exemplo, nas empresas. É significativo que, pese a trataren bastante en profundidade a cuestión da inseguridade, se producise un silencio nos dous grupos respecto da formación mediante cursos especializados para adultos. Ante a experiencia no primeiro dos grupos, o de empresarios, incluíuse a pregunta no guión da reunión dos traballadores, e, á vista de que tampouco a afrontaran, presentouna a observadora momentos antes de finaliza-lo encontro. Resulta significativa a evolución do discurso desde o momento en que o observador pregunta pola posible asistencia a cursos

de galego ata as conclusións finais. Nun primeiro momento, e sen dubidar, Tomé asegura que iría, Asunción tamén se mostra interesada e quéixase de que os que lle ofreceron ata o momento eran en horario laboral e non lles dan permiso:

> Su: (…) a nós ofértannos cursos a:: a xunta pero: que {[con voz afectada] non podemos ir} porque os horarios é totalmente incompatibles / e TÓDOLOS que nos mandan son todos / e NON nos dan permiso na empresa co cal non podemos ir / eu por exemplo iría | eu estou desexando e poder ir pero claro para eso necesito unha facilidade non? (GT: 1742-1745)

Este tema presenta dúas bifurcacións argumentativas: unha delas segue a vía dos empresarios que deberían cederlles unhas horas do horario laboral ós traballadores para poder asistir ós cursos. Aquí éntrase na valoración que o empresario fai da formación en galego do traballador (que semella ser nula ou mínima, mesmo para un medio de comunicación como é no que traballa Asunción[29]) o que deixa á vista unha representación negativa desta lingua. De feito moitos dos traballadores parten desta premisa:

> T: tendría que ser fuera de horario de trabajo que [batendo na mesa] sinó el empresario no te da permiso <=para ir=
> (…)
> J: tería que ser fóra <=de horario= (GT: 1762-1767)

A outra argumentación baséase na escasa ou nula motivación para asistir a tales cursos, posto que, exceptuando os casos de Tomé e Asunción, semella que se acada certo grao de acordo sobre a falta xeral de interese nos mesmos, mesmo cando lles desen permiso no traballo, tal e como se deduce da seguinte fragmento da conversa:

> Cs: si pero bueno claro eu estou no teu caso | eu creo que sería BO que houbese cursillos para aprender a fala-lo gallego ben ós que levamos anos <=falando mal=
> So: =sobre todo escribilo=
> I: =tampouco falamos moi ben=>
> [discusión: falan todos ó mesmo tempo]
> T: yo iría
> Cs: de todas maneiras de todas maneiras hai que ser realista / o xxx por cento da población **non iría**
> So: non iría
> Cs: {[con contundencia] e traballadores non irían}
> M: {[con seguridade] (p) non}
> So: non ten tempo
> Cs: {[con firmeza] **sería unha PÉRDIDA de tempo** para eles} (GT: 1746-1758)

[28] Neste grupo, a súa argumentación contrasta coa doutros membros e non se vai produci-lo consenso arredor desta idea, como se verá máis abaixo.
[29] Feito que ten as coñecidas consecuencias da pouca calidade lingüística que presenta o galego nos medios de comunicación.

Ante tal afirmación, a cuestión deixa de ser tratada de forma tan delicada e o grupo acaba coincidindo en que tales cursos non terían afluencia de alumnado, eles mesmos comezan a recoñecer que non asistirían:

So: =eu creo=> que tampouco iría xxx (GT: 1765)
T: =fuera de horario iría muy poca gente=> (GT: 1769)

Entón vólvese a deriva-la cuestión cara á aprendizaxe regrada, pois Jesús argumenta que deberían ter aprendido de nenos, polo que a falta de formación a curto prazo, por parte dos propios traballadores non parece ter solución:

J: e si non onde ten que entrar é cando somos nenos que <=é cando entra todo dentro de nós=
Cs: =se ten que coller do seu tempo libre para ir a traballar non iría eh?= (GT: 1774-1775)

A conclusión sobre a falta de aceptación da oferta de cursos, o acordo de que é unha perda de tempo para os traballadores, deixa ó descuberto a representación do galego como lingua de funcións limitadas, válida para o rexistro coloquial pero non para contextos cultos. Desta maneira, sen manifestarse directamente no discurso, estas expresións de falta de necesidade de aprender galego, acaban convertendo a actitude de inseguridade nunha evolución dunha actitude de conformismo coa situación existente, dominada por unha ideoloxía diglósica que calou profundamente na maioría da sociedade. Ideoloxía herdada desde séculos e que encobre a realidade do conflicto entre as dúas linguas presentes na comunidade e que non teñen a mesma representación social. Se o galego fose "necesario" na empresa iríase a clases aínda que fose fóra de horario de traballo, igual que se aprenden outros idiomas, sobre todo o inglés. Pero desde o momento en que as empresas teñen unha lingua para comunicarse, e esa lingua ocupa as funcións cultas do galego en Galicia, este non se necesita. Así, o seu uso culto tórnase esporádico na empresa e redúcese practicamente á publicidade ou á comunicación cos clientes, pero non se converte en lingua de traballo na empresa, tal e como se viu no Capítulo 2.

6.1.1.4 A ACTITUDE DE COMODIDADE

A actitude de inseguridade que se acaba de analizar está en relación directa, ademais de coa falta de formación, coa falta de hábito de escribir en galego nuns casos, ou de falalo noutros. O hábito axuda a sedimentar usos, e o hábito lingüístico que imprime a empresa é o da escrita en castelán. A ruptura con esa inercia non se pode realizar desde unha actitude

de comodidade ou de inmobilismo que moitos actores sociais manifestan. No grupo de empresarios, recolleuse esta actitude nas declaracións de Rita, quen recoñece a comodidade de "continuar" co que desde sempre ten establecido a empresa:

> R: claro eu penso que si a propia dirección da empresa máis ou menos tende hacia atrás e ten imposta unha forma de traballar i é a que se sigue ou a que seguimos todos e entón se todos escribían en castelán síguese escribindo porque é a forma si se che van a facer un escrito ou a corregir ou o que sea máis fácil para: para todos continuar co que estaba e non impoñer (GE: 280-283)

O mantemento desta inercia xustificada nese "porque é máis fácil", é unha mostra desa actitude de comodidade que non lle encontra sentido ó esforzo que supón usa-lo galego e mudar un costume porque non sente tal necesidade, deixando á vista que existen moitas representacións negativas cara ó galego. Romper esa inercia, que –segundo unha das directivas que acudiu ó grupo dos empresarios que probou tal experiencia– supón unha "barreira" importante para poder implanta-lo galego:

> H: (...) [para implanta-lo galego] hai moitas barreras moitas moitas barreras porque: é a inercia de ter todo antes en castelán e cambiar todo (GE: 249-251)

só se leva adiante se hai unha motivación forte por detrás, dado que supón un esforzo persoal e económico:

> H: (...) cortar a inercia de algo que levas facendo moitos anos custou esfuerzo na xente e esfuerzo:: económico basicamente (…) (GE: 88-89)

É normal que o esforzo que máis se resalte sexa o económico porque a empresa que representa Helena deu ese paso cara á galeguización dos usos escritos a nivel externo (de cara ós clientes). Daquela, pese a pertencer a un grupo de fóra de Galicia, e ter máis do 50% do cadro de persoal foráneo, tampouco se produciron cambios a nivel interno.

No grupo dos traballadores recóllese tamén esta actitude. Nun primeiro momento Inés menciónaa falando en terceira persoa:

> I: = =eu creo que non usar o galego nas empresas e: desde logo é cómodo | é cómodo por eso porque somos galegofalantes pero nós non non {(p) a nosa xeneración al menos supoño que hai xente máis nova} pero unha parte dos que estamos aquí aprendemos a lingua de escritura i de lectura foi o castelán-- (GT: 931-934)

Pero logo saíu a relucir máis claramente ó preguntarlles a moderadora pola posibilidade de incorpora-lo galego ó seu traballo diario[30]. Despois dunhas primeiras respostas nas que os participantes se mostraron moi favorables:

> Sk: (…) non me importaría facer o esfuerzo é decir / se existira esa norma / considero que o esfuerzo pois tampouco é: <=algo de titás[31]= (GT: 944-946)

ó tratar de concretar na realidade de cadaquén, quedou en evidencia un exemplo máis desta representación do galego como lingua que non está ó mesmo nivel có castelán, polo que non merece a pena esforzarse. Por exemplo, o mesmo Simón (Sk) (GT), detrás desa apariencia de boa vontade que sinalou nun primeiro momento, contradise poñendo por diante a dificultade, o esforzo, en resumo, escúdase na actitude de comodidade:

> Sk: = =e: que estaría disposto a facelo | e: respecto ó tema que dicías dos programas informáticos eso non me: gustaría nada entre outras cousas {(p) porque os programas fágoos eu e mais outra xente} [risas de So sorrisos do resto] e a verdá é que sería bastante fastidiado (GT: 948-950)

Aínda que quere deixar claro que non se trata dunha oposición persoal del contra a lingua:

> Sk: (…) eu teño claro que aquí en Santiago de feito eu falo gallego non o escribo pero si tuvera que escribilo porque me dixeran joder vamos a intentar todos escribir en gallego de puta madre <={(f) non me non me importaría}=
> I: =e que si ti aprendiches inglés...=> [ton irónico] (GT: 965-969)

senón dunha posición que a el lle parece "lóxica" dadas as características da empresa que ten sucursais fóra. Daquela, segundo se recolleu na conversa, resulta evidente que, ante un esforzo suplementario no traballo diario, xorden os problemas para a introdución do galego, mesmo cando acababa de dicir que "non lle importaría". Tamén cómpre ter en conta que o discurso que mantiña un sector deste grupo a favor do galego estaba bastante argumentado, e Simón quizais non atopou apoio para expoñe-la súa tese de forma que se vise claramente a súa actitude negativa cara ó galego. As contradicións de persoas como Simón non quedan reflectidas nas enquisas realizadas con cuestionario, ás que lles chega a información positiva recollida na primeira parte destas intervencións.

Do mesmo xeito e no mesmo grupo, Tomé móstrase en teoría con vontade para face-lo cambio, aínda que xa deixara manifestado que non tiña competencia oral:

[30] MOD: (...) interesaría saber que vos parecería que: nas empresas fora un mérito coñecer correctamente o o galego é decir | poder falalo e tamén escribilo é decir ter unha competencia: para poder utilizarse: o sea manexarse habitualmente nesta lingua / que vos parecería que se esixira como un mérito? a través dun exame ou: (GT: 1175-1178).

T: pero yo sigo hablando castellano <= [referíndose ó galego] hombre si yo me pongo a hablarlo LO HABLO eh?= (GT: 859)

Non se estableceu un discurso aberto sobre a comodidade en ningún dos dous grupos, de feito xurdiu de forma colateral agochada detrás desa inercia que se presenta como un motivo máis que tenta xustifica-la falta de normalidade do galego na empresa. Pero desta análise ponse en dúbida se o hábito realmente ten tanto peso como lle atribúen os seguidores da escola norteamericana[32] para provocar ese comportamento negativo cara ó galego. Ben é certo que, como explica Baker (1992), debe existir algún tipo de motivación (ben instrumental, ben expresiva ou integrativa) para que unha persoa aprenda unha lingua nova. Pero neste caso non se trata de aprender unha segunda lingua, senón de esforzarse en coñece-lo código culto da propia lingua, ou dunha lingua irmá á propia, da que –cando menos– se ten competencia pasiva[33]. Esa oposición a realizar calquera tipo de esforzo suplementario que poida supoñer aprender galego normativo coa finalidade de empregalo no traballo sen obter un beneficio a cambio, reflicte unha vez máis unha representación negativa dunha lingua pola que non merece a pena esforzarse, aínda cando os interlocutores manifesten que "non lles importaría".

Podería ser materia de posteriores investigacións profundizar en que medida os traballadores verían recompensado tal esforzo. Parece lóxico que na posición de subordinación na que se encontra a clase traballadora fronte á empresarial, as medidas compensatorias deberían establecerse desde a dirección da empresa, pero terían que ir máis alá da boa disposición dos empresarios a que os traballadores empreguen voluntariamente o galego nos seus postos.

Un exemplo que corrobora este argumento foron as conclusións ás que chegaron no grupo dos traballadores cando xurdiu o tema da asistencia a cursos de galego, que en principio solventarían esa falta de formación da que se queixaban, e que se explicou en páxinas anteriores.

[31] Compróbese a variante supradialectal, non normativa, que emprega este informante pertencente ó bloque occidental, onde os plurais das palabras rematadas en -n se desenvolven en -ns.
[32] Tal e como se viu no Capítulo 4 (epígrafe 4.3.1), onde se expuxo o marco teórico, para os seguidores da "escola norteamericana" o hábito, ou costume, é unha das variantes que inflúen na discrepancia entre actitude e conducta, constituíndoo nun argumento central na teorización sobre actitudes lingüísticas.
[33] Recórdense os datos sobre competencias do MSG (1994: 75-77) que sinalan que un 97,1% da poboación declarou entende-lo galego, aínda que en realidade a *competencia oral pasiva* ronda o 100%.

No fondo queda sen responder unha cuestión que sempre está latente nestas circunstancias: a razón que pode levar a muda-los hábitos lingüísticos na empresa. En realidade semella que detrás da actitude de inseguridade e de comodidade se agocha unha falta de interese en mudar eses hábitos. Así as cousas, cabería preguntarse se a motivación para modifica-la lingua de traballo só podería vir derivada dunha presión social e/ou institucional, ou ben da intuición dun posible beneficio para a empresa. Quizais foi este beneficio teórico o que levou a que na empresa que representa Helena se modificase esa inercia "normal" de funcionar en castelán. Pero ademais tiveron que obviar unha serie de representacións sobre o galego que o presentan como unha lingua inferior á cervantina, sobre todo aquela que o limita para funcionar na empresa, aspecto que se vai analizar a fondo na seguinte epígrafe.

6.1.2 A FALTA DE HORIZONTE TERRITORIAL COMO MANIFESTACIÓN DAS LIMITACIÓNS DO GALEGO

Ata este momento estivéronse analizando as representacións do galego como lingua con funcións limitadas dentro da empresa. Estas limitacións viñan expresadas a nivel particular polos problemas persoais que empresarios e traballadores presentaban para poder facer uso del, fundamentalmente a inseguridade e o hábito. Expresións que xa se viu que agochaban detrás unha serie de representacións negativas sobre o galego.

Nesta epígrafe quíxose recoller toda esa actividade epilingüística, coa que os actores sociais implicados elaboran un discurso en torno ó galego na empresa que se converte nunha manifestación clara das representacións sobre a lingua.

Unha das teses máis reiteradas que expresa as limitacións do galego para incorporarse con normalidade ó ámbito empresarial é o da súa pouca extensión a nivel xeográfico ou territorial[34]. A representación do galego como lingua con moitas limitacións territoriais está xa estereotipada, e convértese nun tópico que se repite no discurso sobre esta lingua a nivel xeral. De feito reprodúcense argumentos que –na maioría dos casos– non están apoiados nas súas experiencias particulares (pódese contrastar coa manifestación dos usos das propias empresas que se viu na epígrafe 6.1.1).

[34] Cfr. co que Iglesias Álvarez (2002b: 233) denominou "criterio de horizonte territorial".

Nos dous grupos xorde a cuestión dos problemas do uso do galego no ámbito económico debido ás limitacións comerciais que lle supón ocupar un territorio reducido, ter un número escaso de falantes e pertencer a unha rexión cun tecido empresarial bastante pobre.

Nas conversas de empresarios e traballadores detectáronse expresións estereotipadas sobre como o galego é unha lingua de funcións limitadas na empresa debido á súa escaseza territorial e poboacional, pero –aínda tocando aspectos semellantes– estableceuse un discurso diferente en cada un dos grupos, polo que se van presenta-las súas argumentacións por separado.

No grupo dos empresarios insistiuse na falta de horizonte territorial para o galego como feito que limitaba as súas posibilidades no ámbito empresarial. Pero, detrás desta idea coa que todos –en maior ou menor medida– concordaron, xurdiron contradicións que deixaban á vista que este argumento acababa sendo unha xustificación dunha representación negativa da lingua. Ademais, pese a que a limitación territorial do galego se leva expresando desde sempre[35], semella que atopou un xustificación para reafirmarse no marco da globalización:

> R: (…) eu penso que ahora polo sistema tal como está mundialmente todo que: tendremos que impoñer máis o inglés eu creo | pois eso que por eso frenou o galego porque de todas formas o galego ten un mercado moi reducido e non nos leva a a moitos sitios e si cada vez nos movemos máis o galego non nos leva a: á parte de galicia entón necesitamos--
> F: = = a apertura a apertura evidentemente a apertura das empresas pois home non é o caso da nosa que a temos aquí pero as empresas que exporten algo a outras ciudades fóra de galicia | < > é normal (GE: 492-498)

É indicativo que sexan aqueles empresarios que teñen –tal e como eles mesmos recoñeceron– un mercado exclusivamente local[36], os que bosquexen estas teses (baseándose na limitación territorial que lles supón o galego ás empresas que buscan a "apertura").

[35] Un dos argumentos que se barallou desde sempre foi a necesidade do castelán como para unha saída laboral fóra das nosas fronteiras, idea que xa Castelao denunciara no seu momento en *Sempre en Galiza* (Libro 1º, cap. IV):

> Algúns galegos de boa fe coidan que o cultivo do noso idioma é unha impedimenta de traballo na emigración. Mais eu quero invitalos a meditar: ¿Pensades que a nosa terra pode seguir sendo un criadeiro de carne humán, para enviar ás Américas en paquetes teutóns? Porque o noso deber está en asegurar o dereito ao traballo remunerado, para que ningún irmán noso emigre por necesidade (Castelao, 1986: 39-40).

[36] Eles mesmos declararon que o emprego do galego se reducía ó ámbito oral, situación coa que se manifestaban conformes, dado que a actitude de inseguridade comentada arriba lles impedía emprega-lo galego no rexistro culto.

Recórdese que unha das firmas representadas no GE mencionou o emprego do galego para a súa comunicación con Portugal, pero –ben porque a súa representante non interviu neste debate[37], ben porque o resto non tiñan relacións co país luso– non se mencionaron as posibilidades comunicativas que se lle ofrecen ó galego coa rama luso-brasileira, exceptuando o caso de Anxo, quen –de tódolos xeitos– sitúa por diante o argumento da falta de horizonte territorial do galego:

> A: (…) eu creo que **o galego ten un ámbito restringido** quitado o o posible aproveitamento que haxa de de portugal e sobre todo de Brasil non? por entenderse porque para escribir habería que pasar pola escola un pouco | pero na empresa siempre quedará máis restringido ó: ó mercado que temos / é ó mellor diferente unha empresa como na que estamos metidos nós que o noso mercado é todo galego e rural cá vosa [sinalando e mirando para H] que ten as directrices cara outro lado con outros idiomas e que o fai expresamente neste ámbito de aquí non? pois as vivencias que pode haber dun lado a outro son moi diferentes (…) (GE: 858-865)

Por un lado fálase dese "posible aproveitamento" con Portugal e Brasil pero non chega a ser unha solución para o galego, quizais porque –pese a seren numerosos os falantes de portugués– este idioma non actúa de lingua franca a nivel mundial. Ou quizais porque existe unha representación negativa de Portugal (como pobo máis pobre) e do portugués como unha lingua "inferior" porque aínda tendo un número elevado de falantes, non pertencen en ningún dos casos a un país rico. Ademais, faltan datos sobre a cantidade de portugueses que saben da existencia en Galicia dunha lingua diferente do castelán e moi semellante á súa, na que poderían comunicarse sen dificultade. Tamén cumpriría realizar unha análise dos usos lingüísticos das empresas galegas e as do norte de Portugal que manteñen relacións no marco do Eixo Atlántico, relacións potenciadas desde a década dos noventa do século XX[38].

A partir dunha anécdota que conta Victoria (GE) semella que a nivel individual o galego pode ser útil como lingua para relacionarse cos países lusos (imaxe en certa medida contraditoria coa necesidade sempre superior do inglés fronte ó galego para o mundo laboral), pero curiosamente ese mérito non o aprecian nas empresas galegas:

[37] Recórdese que Sofía (S) foi unha das persoas que non cumpriu as expectativas no grupo, só presentou a empresa ó principio e logo interviu unha única vez máis, pero non entrou neste debate concreto.

[38] Aínda en novembro de 2004 se realizou unha xornada informativa dirixida ós empresarios e organizada pola CEG e mailo IGAPE, co título: "Trabajar en Portugal: aspectos prácticos en el ámbito legal y fiscal para la empresa y sus trabajadores", de onde se pode apreciar que a lingua non é un elemento que se teña para nada en conta, mesmo cando un dos relatores era portugués (pode verse no Anexo 12 o programa da xornada, así como a carta que a anunciaba).

V: eu sei quen ganou un posto de traballo nunha empresa inglesa que na: no test que lle fixeron dixo que falaba castelán francés inglés e galego entonces na encuesta lle preguntaron e porque di que fala galego? o sea qué importancia tiña galego e lle dixo porque somos non polo galego en si sinón polo portugués o brasileiro que son tantos empleados e tal tal e ganou o posto de traballo! porque lle interesaba á empresa inglesa expandi-lo mercado pa sudamérica--
R: = =si si pero porque é ó revés pero unha empresa: galega gana máis puesto unha persona que sepa inglés que galego (GE: 503-509)

Na intervención anterior de Anxo (GE) volvíase insistir na diferenza entre a maioría das empresas galegas (que non teñen un mercado internacional, nin siquera nacional, na liña do que afirmaba Fermín arriba) e empresas máis grandes, foráneas, coma a que representa Helena, a única das participantes no grupo que implantou o galego. Chama á atención como Anxo emprega o mesmo argumento do horizonte territorial para reafirma-la tese da limitación desta lingua, porque *empresaH "o fai expresamente neste ámbito de aquí".

Pero desta maneira xorde unha cuestión relacionada: a do uso do galego por parte de empresas grandes, na maioría foráneas, empresas que teñen un mercado que non é exclusivo galego. Este aspecto merece unha análise máis detallada polo que se tratou á parte na epígrafe seguinte.

En xeral o discurso establécese arredor da idea da pouca expansión do galego a nivel mundial, fenómeno que limita as relacións comerciais e no fondo "estorba" a comunicación na empresa. No entanto, resulta curiosa a argumentación dunha das participantes cando se estableceu a comparación con Cataluña, comunidade que conta tamén cunha lingua minorizada:

R: = =<claro> cataluña pode continuar con el porque ten moita forza as empresas pero as de galicia teñen pouca co cual teñen que recoller o castelán se queren vender fóra porque: non <=porque: co galego non van non van…{(pp) non van a fóra}=
F: =total totalmente de acordo=> o sea eu na miña opinión (GE: 499-502)

Desta afirmación de Rita (coa que hai acordo no grupo) dedúcese a infravaloración do galego con respecto a outra lingua minorizada dentro do mesmo estado, o catalán, que confirma a tese sobre as representacións que existen do galego como lingua con funcións limitadas para o ámbito empresarial, para o que existen máis argumentos cá limitación territorial. Agora xa se barallan cuestións coma o poder económico das empresas catalanas fronte ás galegas, e volve xurdi-la contradición. Mentres un argumento era o do mercado reducido das empresas, outro apoiábase no "peso" das empresas catalanas que, cunha

lingua tamén minoritaria, poden saír fóra das súas fronteiras (as representacións dos participantes sobre os cataláns analizáronse na epígrafe 6.3.1).

No grupo dos traballadores tamén se tratou este tema da limitación que supón o emprego do galego como elemento comunicativo na empresa, debido ó pouco horizonte territorial que ten. Este aspecto non se expresou tanto en termos "tradicionais" de que co galego non se pode saír das nosas fronteiras, senón que se estableceu un debate arredor das posibilidades comunicativas do galego fóra, e dentro, do territorio da comunidade.

Nun primeiro momento tratouse a cuestión relacionándoa coa tipoloxía das empresas segundo o tamaño, aspecto co que abriu o debate o primeiro dos participantes no GT:

> T: entonces sobre todo habría que definir el tamaño de empresa | o sea no es lo mismo por ejemplo digamos un caso televés que una pequeña empresa de recambios lógicamente (…) supongo que las grandes empresas usarán más el inglés no? la la pequeña tienda de recambios usará sobretodo | pues los pequeños talleres el gallego más coloquial digamos no? (GT: 31-35)

Nesta intervención, quizais por se-la primeira, mistúranse dous parámetros: tamaño da empresa e rexistro. O tamaño entra en relación directa coa actividade da mesma, así, asóciase o emprego do inglés (lingua franca) coas empresas grandes, ás que se lles supón maior relación co estranxeiro, aspecto que non lle afecta a unha empresa pequena que se move no ámbito local.

O emprego do galego nas empresas pequenas tamén está ligado cun/s sector/es (talleres ou tendas de recambios[39]) cuxa actividade require pouca presenza dos usos escritos, de aí que el fale de "gallego más coloquial". De feito, cando se refire á súa empresa, que é pequena, confirma que a documentación está toda en castelán[40]:

> T: (…) tenemos o sea toda la documentación o: | facturas y esto yo muy poquitas o sea menos de un dez por cento en gallego eh? o sea lo que es la documentación escrita | prácticamente en gallego es nula | todo es en castellano (GT: 109-111)

A existencia destes estereotipos sobre os usos lingüísticos segundo o tipo de empresas non se discute no grupo, pero si se van establecer dous discursos diferentes arredor das posibilidades do galego como lingua habitual das empresas situadas en territorio galego: un

[39] Actividade moi abundante en Santiago, como se viu no Capítulo 5, cando se describe o universo da mostra.
[40] Aparentemente os falantes dos dous grupos concordan en que o tipo de empresa inflúe na lingua que se empregue nela. No GE tamén se sente que o galego se emprega na oralidade en empresas pequenas, que non teñen como base do seu traballo documentación escrita e que non se dedican á importación nin á exportación. De feito, a maioría dos participantes –membros de empresas pequenas– (R, V, F, A) aseguraron explicitamente que falaban o galego, pero non o escribían.

deles insiste nas limitacións que lle supón á empresa, é o encabezado por Simón, mentres outro defende o uso do galego como elemento identitario.

Simón emprega uns argumentos moi similares ós esgrimidos por parte dos empresarios:

> Sk: (...) o: importante ó final é comunicarse e no tema este porque algunhas empresas *empresaSk as facturas tenas en castellano / o tema é que se as tes en castellano as vai entender máis xente ou poderían entendelas tamén en gallego non ? pero: nós a mayoría dos clientes que temos son de / son de fóra de galicia / xa <=non me refiero ós que son de fóra de españa= (GT: 707-711)

A existencia desa maioría de clientes de fóra de Galicia que menciona que ten a súa empresa, débese á expansión da firma (de orixe galega) polo territorio nacional, superando as fronteiras españolas. Tal circunstancia convértea nunha empresa que podería estar á altura de calquera catalana, como as que citaba Rita arriba, é dicir, unha empresa "con peso". Dado que se parte dunha representación negativa da lingua vernácula, o emprego do galego interprétase como unha complicación innecesaria (e vólvese sobre a necesidade):

> M: =é que *empresaSk a maior parte dos clientes terá: ó mellor=> un cincuenta por cento estranxeiros
> Sk: = =si hai moitos que son pero xa non me refiero ó mellor incluso dentro dos nacionales pois a: hai clientes que a súa delegación / o sea / quen lle vende é un tío de alicante ou un tío de bilbao ou un tío de zaragoza entendes? eles *empresaSk bueno é a que fabrica o produto pero: eles pois lle están comprando ó delegado de cataluña ou ó delegado de levante ou ó delegado de sevilla / entonces sería unha unha complicación--
> M: claro claro (GT: 712-719)

Semella que detrás destas argumentacións que consideran o castelán como a única lingua "útil" na empresa debido a que alcanza todo o territorio nacional (aínda que á maioría das empresas galegas non lles faga falta tal abano) está unha ideoloxía centralista que se apoia no monolingüismo en castelán para todo o Estado-Nación.

Noutro momento máis adiante, cando a moderadora lles pregunta pola posible incorporación do galego ós seus postos de traballo volve insistir nesa "complicación" que supón o uso do galego nunha empresa como a súa, apoiándose na comodidade do castelán como lingua "franca" dentro dunha "España plural", e do inglés como lingua "franca" a nivel internacional:

> Sk: = =e: que estaría disposto a facelo | e: respecto ó tema que dicías dos programas informáticos eso non me: gustaría nada entre outras cousas {(p) porque os programas fágoos eu e mais outra xente} [risas de So sorrisos do resto] e a verdá é que sería bastante fastidiado si nós por ejemplo para os ususarios que temos aquí aquí nas fábricas de galicia lle as aplicaciós lle apareceran en gallego está claro que os que están na fábrica de bilbao querrían que lle aparecera en eusquera i os que están en: aveiro pois querrían que aparecera en portugués i os que están en irlanda en inglés os que están en holanda en holandés bue aí {(p)

falan de todo non teñen problema} / entonces eso é unha compliCACIÓN / entendes o que che digo e que a veces as cousas teñen moitas repercusións / a min dentr- / que esta aquí en santiago e toda a documentación que manejamos a manejemos en gallego | ningún problema pero que pasa cando lle envío un correo a un compañeiro de:: alicante en que me vai a contestar? entendes? entonces ó final vas ó ó fácil e o fácil é ter un punto común un punto común dentro do do territorio do estado español eu creo {(p) que pode ser o castellano sin ningún problema} / o punto cando vas a: a fóra xa pois o o inglés entonces: e: eu neste caso prefiero ser práctico me entendes? {(ac) (p) e dicir}: e: é que ás veces forzar as cousas é que teñen unha repercusións...(GT: 948-963)

Desta intervención débense destacar ademais dúas expresións: ese "ningún problema" para facelo en Santiago[41] e o "forzar as cousas" con que remata. Por un lado, esta argumentación que pretendía xustifica-la actitude negativa que el mostrara ante unha posible incorporación do galego no seu traballo, diferenciando a súa posición persoal da "lóxica" que pide o funcionamento correcto da empresa; é dicir, el expón que non tería problema en que se introducise o galego, pero non lle ve sentido porque ía estar limitado á sede de Santiago. (cfr. coa argumentación ó respecto vista na páx. 374).

Por outro lado, nese afán de comodidade, de evita-la complicación pretendendo abarca-lo máximo número posible de clientela, esquécelles atender á "minoría" lingüística do seu propio territorio. De feito a introdución do galego "é forzar as cousas", polo que a maioría cuantitativa galegófona, formada por eles mesmos, non se ten en conta:

Sk: = =entón o que intentas é comunicarte nós recibimos un correo dunha persona que había entrado na na páxina web dicindo bue de puta madre e non sei que / {(p) cousa que é mentira porque está fatal pero bue-} / o único que boto de menos é porque non a poñedes en gallego non e tal / e {(ac) lle contestaron que bueno que realmente o objetivo de todo esto é darte a conocer ó maior número de xente posible} (GT: 720-724)

Entre os traballadores xorde un discurso de defensa do galego (que se analizará máis polo miúdo no apartado 6.3.2), que deriva doutra ideoloxía e doutras representacións sobre a lingua e que encontra argumentos para contrarrestar en certa medida este problema da limitación territorial comentado por Simón. Un deles é o da facilidade para comprende-lo galego:

M: e que non entendas o galego é ganas de da-la mula
I: exactamente
Mo: si bueno home que o galego vale eu entendo que: / fálase moi rápido e todo o que queiras pero enténdese ben

[41] Quizais estas declaracións de boa vontade do informante cara ó uso do galego teñan que ver coa existencia de representacións positivas cara ó idioma que mostraron os participantes no propio grupo, que enfiaron un discurso de defensa da lingua.

I: i logo os galegos temos sempre / os galegos temos sempre o rollo de explicarnos / alguén che pregunta porque non che entendeu e ti explícaste / non somos <=un {(f) unha poboación disposta a toca-las narices}=
Cs: = xxx non somos cortados=> explicámoslle a pregunta e dámoslle algo máis (GT: 647-654)

Miguel, Irene e Asunción apoian a tese de que o galego non presenta problemas para a comunicación interlingüística en Galicia, baseándose na boa comprensión que presenta este idioma, e poñendo enriba da mesa a cuestión dos prexuízos que existen cara ó galego:

M: e que eu o outro día no dos premios ondas saleu / non sei a quen lle deron / unha radio catalana non sei en que categoría e o tío dou unha parte do discurso en catalán castelán e outra parte / pero dicindo OUTRAS cousas en catalán e se lle entendía perfectamente o sea que o galego se entende moito mellor se a xente que protesta porque non che entende é porque bueno
Mo: bueno
M: porque ten prexuízos ou o que sea <=e ten ganas de toca-la mula=
I: =exactamente | de toca-las narices=>
Su: = =e moitas teles e moitas radios poñen as as os fragmentos dos discursos de fraga de: de xente e <=NON O TRADUCEN!=
I: =si si si=>
T: = =si ni ponen subtítulos tampoco
Su: = =e eso sae na ser no programa de iñaki gabilondo e enténdese <=enténdese= (GT: 656-668)

Desta maneira manéxase este argumento que pretende xustificar que o galego non presenta un horizonte de territorialidade tan limitado, senón que máis ben o que existen son representacións negativas da lingua. Os prexuízos cara á lingua propia veñen da infravaloración da mesma, que algúns dos participantes adiviñan detrás dos argumentos dos que é portavoz Simón, pero que se barallan bastante no ámbito empresarial (segundo se viu na análise do discurso dos empresarios). Miguel apóiase na pouca dificultade de comprensión que tería o galego, para así rebate-lo tema da maior universalidade do castelán:

M: = =eu con eso ó mellor estou de acordo o que pasa é que esa idea é un pouco viciosa digamos porque si a levas ó extemo de: / coño! e porque non fas as facturas todas en inglés? porque así joder! che entende todo quisque / o sea que si caemos nesa dinámica...
Su: eu creo que:-
M: = =é decir unha factura porque non pode ir en galego si factura se di igual factura < > e o número de factura pos ene efe e: e joder todos os datos <=son números=
Su: <aí está>
Sk: =si entenderíase perfectamente=> eso está claro
M: entenderíase / é unha cuestión de / por que non se usa o galego por defecto?--
J: = =porque pensamos nós pensamos que falar galego vai ofender ó resto de españa
M: <=claro aí está!= (GT: 727-737)

E aquí entraríase nunha cuestión que sae do ámbito estrictamente empresarial, que lle afecta ó conxunto da sociedade galega e da súa posición ante os seus veciños: o autoodio e a actitude de culpabilidade, aspectos ós que está dedicada a epígrafe 6.3.

Pola súa banda, os empresarios tamén mencionaron o tema da boa comprensión que pode te-lo galego incluso no estranxeiro cun par de anécdotas diferentes coas que pecharon as intervencións. Un dos participantes apóiase na similitude entre o galego e outras linguas románicas coma o francés, e outro no tópico da presenza por toda Europa de galegos emigrantes:

> C: =eu ademais eu cando falamos=> destas conto sempre unha anécdota que que estaba eu en parís nunha cafetería de parís e: e non había xente que soubera falar francés e dicía e dixo no no no pero tranquilo aquí fala galego que te entenden [H ri] nesto chegou o camarero preguntounos que queríamos tomar e díxolle este rapaz laranxada e dixo o tipo ah l'orange oui oui / ves! / así que quero dicir tampouco hai que:
> F: é como o outro que lle pedían a un francés mal e dixo díxolle o outro tes suerte que son gallego que senón pasabas máis fame aquí [risas del de So, sorrisos do resto] polo que sabes de francés non comías compañeiro {[rindo] dá a vida que eu son gallego e entendinche}[rinse] (GE:1009-1016)

Pero estas intervencións sobre as posibilidades comunicativas do galego en Europa quedan reducidas precisamente a eses comentarios, non se esgrimen como argumentos de defensa do galego, tal e como se fixo no grupo de traballadores. Para os empresarios esta posibilidade de comunicación en galego no estranxeiro queda reducida ó ámbito persoal e ocasional, nin sequera se colle como argumento para discutir unha solución futurible para a limitación que se lle ve á lingua.

Veñen de presentarse dúas posturas ante o emprego do galego na empresa. Unha que –apoiándose nun pragmatismo que se lles aplica ás linguas e ás súas funcións– deixa ve-la ideoloxía do monolingüismo castelán, e polo tanto de falta de asimilación da lingua como elemento de identidade[42], utilizando como argumento principal a falta de horizonte territorial. Esta postura deixa á vista unha serie de representacións negativas que impiden que se lle poidan ve-las posibilidades comunicativas que pode ofrece-lo galego para a comunicación con galegófonos. A outra postura defende o uso do galego apoiándose nunha ideoloxía que entende a lingua como un elemento identitario que se debe defender, e

[42] Fernando Ramallo considera que o elemento identitario non é importante á hora de promociona-lo galego na empresa: "Non se trata tanto de aproveita-los valores identitarios que vehicula o galego, sen dúbida importantes, senón que o realmente interesante é aproveita-lo seu valor comunicativo. De feito, as identidades vense reforzadas co aumento das posibilidades comunicativas; se en boa parte de Galicia se fala galego, velaí a vantaxe de usar esta lingua no mercado" (Ramallo, 2002:149). Nestes discursos tampouco afloraron argumentos que se apoiasen nesas posibilidades comunicativas.

emprega como contraargumento fronte ós anteriores que sexa unha lingua perfectamente intelixible.

Esa "deficiencia" que o galego presenta como elemento comunicativo a nivel internacional vaise relacionar directamente coa utilidade que se lle pode ver no mundo laboral en Galicia[43], onde non se valora o galego, impresión que se manifesta máis abertamente no grupo de traballadores ca no de empresarios. Entre os traballadores mantéñense –en canto á utilidade do galego para o mundo laboral– as dúas posturas contrapostas que se veñen comentando ó longo desta análise:

Jesús apóiase nas posibilidades laborais que pode ter na actualidade o galego (os medios de comunicación e o ensino) fronte a Carlos e Simón que senten estes casos como excepcionais:

> J: que non che valga para o traballo para comer todos os días... ó mellor a ti non pero a galloso válelle / si non soupera galego non estaba de presentador na galega | [risas de algúns] bueno el sigue moitos anos e cobra ben de momento ninguén pode decir o contrario
> Su: si:
> J: = =o sea e o que o galego vale non vale eso depende onde esteas | e como profesor de galego hai moita xente que vive deso | o sea xa lle vale a outra xente tamén o sea vas buscando xente que viva do galego e haina | hai tradutores de galego hai un montón deles que viven á conta dun <=xxx=
> Cs: =non cabe duda=> que habrá xente que gracias ó gallego pode vivir pero: {(p) hai que falar sempre de: dunha línea general eh?}-- (GT: 1909-1918)

Destaca como Simón pasa a insistir na importancia do castelán como instrumento comunicativo básico para poder traballar en Galicia, aínda que chega a acepta-la visión dos compañeiros sobre a influencia do tipo de traballo que sexa:

> Sk: é dicir hai unha cousa que está moi clara {(p) [en ton categórico] un neno <u>ahora mismo</u> <u>en galicia</u> que <u>non supera</u> falar castellano tería <u>moitísimos problemas</u> para traballar} <=vale para GANARSE A VIDA joder=
> T: =no no no=> no no no
> Sk: moitísimos problemas!
> T: si
> I: <=depende do sector igual=
> J: =yo penso que depende do traballo=>
> [barullo]
> Sk: <=si depende do traballo pero: xxx xxx=

[43] Cfr. coa análise que realiza Iglesias Álvarez (2002b: 239), quen, apoiándose no que denomina función discriminante da lingua, presenta as reaccións dos diferentes interlocutores sobre a "utilidade" do galego e do castelán para acceder ó mercado laboral.

J: ={(f) tamén hubo muita xente que sabía fenomenal o galego e tuvo moitas oportunidades de traballo}=>
Sk: exactamente depen- depende do traballo {(p) pero estamos falando dun mundo que nos guste ou non está así a min persoalmente non me gusta | a min persoalmente non me gusta a min o que me gustaría é podo dicilo me gustaría digo a moita xente plantar patacas e comelas e non sei que e vivir de puta madre na miña aldea} pero o certo é que vivo nun mundo en que me teño que relacionar e esto vai a ser cada vez máis así | nos guste ou non nos guste < > vai a ser cada vez <=máis así nos vamos a ter que relacionar= (GT: 1930-1947)

A insistencia na representación das linguas apoiándose na súa función comunicativa a nivel internacional responde a unha ideoloxía que apoia o monolingüismo ou a hexemonía das linguas con máis número de falantes.

Tamén xorde o tema da lingua que empregarían os traballadores nas entrevistas de traballo, e queda á vista a diferenza entre unha postura pragmática que sempre mantivo Simón con respecto ás linguas, polo que lle parece totalmente normal emprega-lo castelán, e a argumentación de Inés que toma este exemplo para explica-la situación de anormalidade que vive a lingua:

Sk: e no caso do gallego é igual se vira que falar castellano era: <=xxx falaría castellano=
I: =cla:ro! pero no caso do castelán=> e o galego EN GALICIA si non houbera ningún tipo de diferencia entre as linguas ti irías i non terías ningunha presión enfrentaríaste ó empresario que te vai a contratar sólo polo que ti sabes respecto do traballo non respecto da lingua que tes que utilizar para demostrar o que sabes / que pasa? que ti vas a unha entrevista de traballo eres galegofalante i sabes que che vai a ir peor si {(f) no no noventa e cinco por cento do casos [Su: si] si utilizas o galego de entrada} [M asente] entón utilizas- e como para ligar que tamén parece ser que conta [risas de So e Su] pois <=é o mismo / si quero ligar...=
Sk: =evidentemente eu teño moi=> claro que si sei que falando co: con unha rapaza que me mola falando castellano vou ter máis éxito vamos! {[entre risas] non me corto nada e falo castellano eh?} [risas xeralizadas]
T: yo creo que entramos ya en una cuestión de interés personal / si te interesa ese trabajo y tienes que hablar castellano < > {(f) vas a hablar castellano <=fijo eh? fijo=}
I: <pero si hubera> =pero si hubera=> pero si hubera unha situación de <=normaliz- normalidade nadie se plantearía eso= (GT: 2213-2227)

6.1.3 REPRESENTACIÓNS SOBRE OS USOS DO GALEGO NAS EMPRESAS

Víase na epígrafe anterior como os empresarios entraban en contradicións no seu discurso en torno ós límites que lles supoñía o emprego do galego no ámbito comercial, ó expoñeren por un lado a limitación territorial para as firmas que querían saír fóra do

territorio galego, en principio empresas grandes[44]; e polo outro a confirmación de que eran precisamente estas empresas as que estaban introducindo o galego. Pero o que non poñían en relación era a circunstancia de que estas firmas superasen a limitación e/ou "complicación" que supoñía o galego para aquelas.

A presenza do galego nos últimos tempos en campañas publicitarias ou en documentación dirixida cara ós clientes dalgunhas empresas grandes, cun raio de acción moi amplo, supón unha representación contraditoria con aquela vista arriba que asociaba o uso do galego ó rexistro coloquial das empresas pequenas e dedicadas a determinadas actividades.

A nova imaxe que se recibe das empresas grandes vén dada polos usos escritos e relaciónase –en palabras de Rita– cunha maior posibilidade que teñen estas empresas de asumi-lo cambio, sobre todo desde o punto de vista económico:

> R: sabes eu tamén a apreciación que teño? que a que as empresas que:: bueno que quen pode facer implantar en galego tamén son empresas con un mercado un pouco amplio que unha empresa pequena cóstalle bastante implantar {(p) eso que estás decindo} se a unha grande lle costou unha pasta pois a unha pequena máis (GE: 612-615)

Isto entra en contradición coa limitación territorial que defendían anteriormente, contradición que xorde tamén nesta mesma participante cando, fronte ós usos do galego que lles acaba de presupoñer ás empresas "con un mercado un pouco amplio" (enténdese que máis grandes), logo vai ser ela mesma a que recoñeza que a lingua das empresas grandes non é o galego:

> R: R: =eu non teño=> opinión de empresas grandes pero de empresas pequenas o que digo é que van copiteando das grandes e as <u>grandes</u> son empresas multinacionales e vamos detrás dos de <u>madrid</u> de <u>cataluña</u> e por non decir dos americanos co cual <u>o galego</u> os madrileños non o falan e os americanos menos co cual a empresa trata de facer algo e veu aquel anuncio ou aquela outra i:: copeteamos dos grandes | e os grandes non falan en galego por tanto eu da apreciación das pequenas é que o galego non o necesitan /eso: claro {(pp) empresas pequenas e ahora as grandes non o sei eu agora cal sería a empresa xxx} (GE: 766-772)

Esta intervención respondía a unha pregunta concreta da moderadora no grupo dos empresarios:

> MOD: e que impresión teñen e: do uso do galego nas novas grandes e en sectores prestixiados como poden ser el corte inglés ou ahora mismo galicia r? (...) se creen que teñen un certo <u>enganche</u> para outras…? (GE: 514-517)

[44] Emprégase a expresión "empresa pequena" no sentido xenérico na que a usaban os interlocutores, onde "pequena" (normalmente) facía referencia ó número de traballadores e de facturación.

Existe unha confusión arredor da galeguización plena das entidades en relación co tamaño destas, polo que non se pode falar de que estean estereotipados os usos neste sentido, posto que tamén xogan un papel importante variables como a actividade da empresa ou o tipo de usos (escritos ou orais). As imaxes lingüísticas externas das empresas van variar dependendo da tipoloxía das entidades. Os elementos que resultan máis visibles dunha entidade de cara ó exterior van desde os rótulos á publicidade, pasando pola papelaría e toda a documentación escrita que emita. Estes van ser máis rechamantes, máis visibles e van chegar a un número maior de persoas se son emitidos desde as empresas grandes ca desde as pequenas. Pero a emisión de publicidade en galego por parte, por exemplo, de grandes hipermecados, como foi o caso de *Hipercor* (puntual e excepcional) ou *Alcampo*[45] (vid. Anexos 4 e 5) non parece que crease unha liña de actuación que haxa que imitar. De feito, máis que algo positivo que quixesen copiar, interprétano (ou xustifícano) como un emprego interesado e "comercial":

> V: [referíndose ás actuación galeguizadoras de *El Corte Inglés* e de *R*] eu como xa vexo tan comercial todo penso que non repercute: | o sea como ves que é unha captación así de mercado tan tan tan... (GE: 518-519)

Idea que reitera cando a informan na reunión de que existen subvencións para a galeguización das empresas:

> V: eu non sabía nin que había eso [referíndose ás subvecións de política lingüística para a galeguización das empresas] por eso o corte inglés se está galeguizando[46]. (GE: 693)

Ese emprego "interesado" –en xeral– non parece provocar unha actitude de admiración, senón que se interpreta como un fenómeno externo ó conxunto do empresariado galego, que se move por outros parámetros e outros intereses. De feito, no GT cando xorde o tema a partir dunha intervención de Asunción, quen si mostra unha actitude favorable a este tipo de actuacións, o resto dos membros do grupo discrepan, e insisten nas mesmas ideas de oportunismo expresadas polos empresarios:

[45] Recórdese que se vía no Capítulo 2 como Hipercor recibiu algunha subvención para publicidade en galego, pero na actualidade, os folletos que reparte no seu centro en Santiago están en castelán (vid. Anexo 5). Pola súa banda, os usos lingüísticos de Alcampo repártense entre o galego e o castelán, sendo esta lingua a do interior do folleto, mentres que o galego ocupa a portada do mesmo (Anexo 4). De igual maneira, esta firma ten rotulada a tenda en Compostela nas dúas linguas, aínda que o uso do galego percíbese algo inferior ó do catalán en Cataluña (vid. Anexo 11-I), ou dito doutra maneira, o castelán ten máis presenza na tenda compostelá.

[46] Permítese ironizar sobre a galeguización do Corte Inglés que saíra antes na conversa.

Su: eu creo que a iniciativa esta de alcampo que empezou a rotular todo en galego:: / non sei se vos fixastes | hai xa tempo creo que ten todo todo marcado en galego--
J: = =pero ó mellor recibiu algunha subvención eh? que aquí pa-
T: = =si si!
J: aquí pa pagar o galego <=tenlle que rendir--=
Su: =pe pe pero polo que sexa=>
J: = =non sei se é o camiño / pero o que sei é que as empresas / as grandes e as pequeñas cambian de repente tal e é porque detrás--
Su: = =porque lles interesa de acordo pero--
M: = =súmanse o galego se hai algún reporte económico detrás sinón <=olvídate | non?=
Su: =pero o feito é que vaias ó super=> e que vexas algunha cousa en galego (GT: 747-757)

Non se produce un acordo no grupo sobre este tema, e a única que interpreta o feito como positivo é Asunción (castelanfalante), quen durante todo o grupo deixou de manifesto que presentaba unhas actitudes moi positivas cara ó galego.

En xeral, o discurso global que estes participantes transmiten é que senten estas actuacións como algo puntual, que responden a un interese unicamente económico e afastado da preocupación pola normalización da lingua, que non forman parte dunha estratexia (de galeguización) da empresa, tal e como manifesta o único xerente foráneo:

Rd: eso da la sensación que en esas empresas no **no hay una estrategia marcada de** empresa (GE: 520)

Curiosamente, a presenza no grupo dunha empresa que introduciu o galego, non se menciona no medio deste debate. A súa representante, fronte a isto que se estaba dicindo, xustifica o emprego do galego nas empresas como unha estratexia comercial para a captación de público e de clientela, e que polo tanto supón unha amplitude de mercado.

H: = =eu creo que si[47] pero: non porque: porque estén en pro do galego senón porque o ven como: un gancho comercial (GE: 582-583)

De feito a representación que ela prima á hora de emprega-lo galego na empresa na actualidade é a de modernidade. Cando presenta a súa empresa, xustifica a galeguización da documentación dirixida á clientela nese feito:

H: (...) decidimos pois salimos todos en galego porque creemos que a onde se debe de tender na empresa moderna (GE: 81-82)

[47] Resposta á pregunta da moderadora sobre a motivación entre o empresariado máis novo:
MOD: = =e ti cres que novas empresas ou xente nova empresaria teñen esa motivación… ou…/ ti o ves non? o sea esa motivación {(ac) por face-las cousas en galego por tomar esa imaxe de marca como algo diferenciador} (GE: 579-581).

Noutro momento da conversa:

> H: (...) unha parte de mercado que estaría por explotar aquí non sei cara porque dá a sensación de que se te comunicas a: actualmente en galego dá a impresión de que es unha empresa un pouco como máis moderna (GE: 260-262)

Cómpre destacar que as representacións destas empresas que apostan pola introdución do galego semellan estar baixo unha ideoloxía "non identitaria" para a que a lingua representa unha extratexia de actuación. Así pódese xustifica-lo uso da lingua na empresa por parte dos empresarios que "non están en pro do galego", pero para os que esta lingua supón unha estratexia comercial baseada en ser un elemento comunicativo diferenciador:

> H: (...) eu creo que é unha ventaxa para o galego non? que: buscar un pouco ser diferente: ser máis ter un algo máis pero non sei se se funcionará ou non [sorrí] habería que preguntarlle a r se lle funciona (GE: 583-585)

Destaca que Helena diferencie entre o emprego do galego que fixo *R* (que segundo ela emprega o galego como elemento diferenciador, e non sabe os resultados) e o que fan na súa empresa, do que xa expuxo antes as razóns. Descoñécese se esta interlocutora apoiaría as súa tese da rendibilidade do galego en estudos que a difundiron (por exemplos os traballos de Ramallo e Rei Doval (1997) e Ramallo (2002)[48]). Con todo, detéctase que forma parte dun discurso moi minoritario. De feito, a pesar de que ninguén rebate os argumentos de Helena, non acaba de formarse un discurso no grupo arredor deste feito, quizais porque é unha idea pouco viva na sociedade, sobre a que non existe unha opinión formada ó respecto. Ninguén lle nega explicitamente a razón, pero insístese na representación do galego nas "outras empresas" como un fenómeno interesado. Ante os seus argumentos o resto dos participantes calan, o que pode significar dúas cousas, ben que –como a imaxe que teñen das empresas que empregan o galego é a comentada do interese económico– non se atrevan a repeti-los argumentos acusándoa directamente a ela[49], ben que se convencen. Opción esta última pouco probable segundo se pode desprender da resposta á pregunta da moderadora que volvía insistir no mesmo aspecto:

> MOD: teñen a mesma percepción de que comunicarse hoxe en día cara a fóra en galego dá unha **imaxe de máis modernidade** ton diferenciador

[48] Ramallo (2002:143) afirma: "As empresas poden incorporar tamén a lingua como un elemento diferenciador, o que, na nosa opinión, se erixe como estratexia comercial que empresarios, medios e axencias non deben desprezar. (...) Isto é, pra sobreviviren, os mercados locais deberán reconsidera-lo seu papel como mercados diferenciais nos que se mobilice a lóxica dos particularismos, dos que se debe nutrir toda globalización, cada vez máis necesitada de innovacións".

[49] Recórdese que neste grupo os participantes estiveron todo o tempo moi correctos.

R: pode ser pero eu penso que nos cortamos moito porque si escribimos mal bueno que eu non escribo un escrito en gallego porque sei que vou a ter mogollón de faltas e paso de... / vamos collo o corrector en castelán e está ben pero en galego non entón… no entorno no que eu me movo os escritos o que é escrito vai en castelán--
C: ademais é moito máis fácil porque: se o fas cun ordenador
R: <=claro! o que eu digo o propio programa fai o corrector= pero en galego non
F: =o da o da o propio programa fai o corrector pero o do gallego ten que facelo un entonces o outro daslle e xa el…=> (GE: 264-273)

As respostas volven incidir na actitude de inseguridade e de comodidade vistas arriba. O hábito de traballar en castelán xúntase co argumento da maior dispoñibilidade de ferramentas de traballo (os correctores ortográficos que solucionan as dúbidas en castelán). Este argumento perde peso sen embargo coa recente integración do corrector ortográfico do galego nos programas do paquete informático Microsoft Office, ferramenta que se utiliza na práctica totalidade das empresas para o tratamento de textos, o que equipara neste sentido as posibilidades do galego ás do castelán. No entanto, a xente da empresa non parece coñecer aínda esta posibilidade, e ás veces nin sequera anteriores programas independentes de corrección ortográfica para os programas de tratamento de texto, que non sempre ofrecían as mesmas prestacións cós de castelán que viñan incorporados. Polo tanto, a pesar de que aínda predomina o descoñecemento de materiais existentes, neste campo os motivos para mante-la escrita en castelán redúcense ós que se viron de falta de necesidade para efectua-lo cambio.

Na mesma liña tamén os empresarios presentaron queixas pola escaseza de manuais comerciais que solventasen as súas dúbidas:

V: = =un manu- un manual comercial non? eso o que que ti dis [mirando para R] / {[rindo] muy señor mío}
[risas do resto]
R: e claro e si tes si tes pois revi- revistas textos cartas en galego (…) para copiar o texto [rise]
F: por suposto
V: [mirando para MOD] pois xa o sabedes na facultade o que tedes que facer <=el manual de…=[50] (GE: 620-626)

A escaseza de ferramentas suficientes en galego (programas informáticos, correctores, manuais de galego comercial...) é un argumento reiterado para xustifica-lo emprego do castelán nas empresas, tal e como recollín en traballos anteriores a este realizados no

[50] Existe un *Manual de galego comercial* editado pola Confederación de Empresarios de Galicia (vid. cap. 1, páx. 127). A situación do galego como lingua de especialidade foi analizada por Galanes Santos (2002a, 2002b).

mesmo ámbito (Formoso Gosende, 2001: 162). De feito, no grupo dos empresarios, Helena queixábase da dificultade de atopar alguén que realizase traballos de tradución:

> H: (...) non hai xente experta en tradución hai moitas veces que: que pedimos que se traduza pois mándano a unha empresa de tradución o sea dinche a ver se che parece ben ou… e: a hai dificultades tampouco se encontra moita xente que traduza de feito no noso caso é un caso atípico non? porque bueno como nós temos todo centralizado moitas cousas centralizadas pois é curioso que a empresa tradutora que é a nosa: o noso departamento de márketing encontrara máis facilmente en cataluña que aquí e tuvemos problemas porque claro tradutores en cataluña non sei que nivel poden ter porque ó mellor seguramente ó mellor nin sequera son galegos | hasta ese punto che estou dicindo e seguramente si que os hai eh? aquí en galicia estou segura que os hai pero: non hai empresas que se dediquen especificamente a eso ó mellor tampouco é porque non ven negocio | sería unha: un: unha parte de mercado que estaría por explotar aquí (GE: 251-260)

Aínda que sexa difícil a creación de empresas de tradución ou dedicadas a ofrecer servizos lingüísticos se non existe unha demanda forte, desde hai relativamente pouco tempo foron nacendo algunhas firmas dedicadas a ofrecer este tipo de servizos[51]. Non é aínda o momento, nin é este o lugar, de examinar e avalia-lo labor destas empresas, pero seguramente terían un volume de traballo máis elevado se, ó lado da actitude de inseguridade non existise a de comodidade, pero sobre todo se non houbese unha serie de imaxes negativas da lingua que semellan ter máis forza cás positivas (de modernidade, rendibilidade) que se poidan desprender das empresas que empregan o galego.

Chegados a este punto cómpre traer a colación as ideas de Ramallo e Rei Doval (1997) ou Ramallo (2002) de que as empresas grandes ven rendibilidade no uso do galego e por iso o empregan na publicidade[52]. Quizais esta sexa a razón que eles pretenden transmitir pero polo momento non está claro que sexa a imaxe que recollen os empresarios ou polo menos aínda non se constituíu como discurso nese ámbito.

A percepción xeral é de que a empresa non está apostando hoxe en día polo galego, aínda que si se conseguiu crear certa representación do galego como lingua con posibilidades en firmas grandes, pero cunhas funcións moi limitadas e concretas. Desta maneira semella que

[51] Empresas como Reverso Servizos Lingüísticos (www.reversoweb.com) ou Tagen-Ata lingua e comunicación (www.tagenata.com) creáronse neste último lustro.

[52] Segundo Fernando Ramallo son as empresas grandes as que introduciron o galego na súa rotulación e principalmente na publicidade e xustifícao do seguinte xeito: "Moitos dos anuncios en galego da TVG son feitos fóra de Galicia. Pero neste caso a lóxica está clara. Precisamente son as grandes empresas, que case sempre contan cun departamento de mercadotecnia no que se toman moitas das decisións sobre a producción publicitaria, as que en maior medida introducen estratexias de achegamento á clientela procurando modifica-la súa imaxe de empresa foránea con intereses alleos a Galicia. E precisamente pola súa evidente ideoloxía de consumo e de rendibilidade económica, saben que en Galicia o galego vende, e aproveitan a potencialidade comunicativa da nosa lingua para elabora-la súa producción comunicativa (Ramallo, 2002:148).

simplemente con actuacións galeguizadoras das empresas grandes non se vai producir un impulso para as pequenas, porque son moitas máis as representacións negativas que pesan sobre o galego e, sobre todo, porque nin sequera o uso nas devanditas empresas consegue dar unha imaxe totalmente positiva. Débese destaca-la intervención de Rita sobre o aproveitamento que lle sacan na súa empresa ó emprego do galego nestas firmas:

> R: (...) e eu polo menos a miña experiencia moitas veces é que das grandes se recibes eso utilízala como un método para copiar / estimado tal / pois miras pa copiar o galego se non tes tradutor (GE: 615-617)

En xeral, a imaxe que, tanto no grupo dos empresarios (onde se preguntou directamente) como dos traballadores (onde saíu espontaneamente), se obtivo da galeguización de empresas grandes como *El Corte Inglés* ou *Alcampo*, é dun emprego do galego como estratexia, pero que non responde a unha representación positiva do idioma (non ten detrás un verdadeiro sentimento de defensa cara á lingua, ou de preocupación pola galeguidade).

As diferentes representacións da lingua son manifestacións de ideoloxías diferentes e levan consigo comportamentos diferentes. Aínda que detrás de todas estas manifestacións sobre o uso do galego nas empresas parece que se cruzan cuestións moi variadas, en realidade o que queda de manifesto son as diferentes expectativas que os membros teñen da normalización lingüística do galego, que van desde a concepción do propio feito, ata as actuacións que alcance. Mentres a normalización da lingua a través da paisaxe lingüística, é dicir, da rotulación externa, se ve como positivo e suficiente por unha parte dos informantes, outros buscan ou esperan unha galeguización plena da empresa que signifique un compromiso adquirido coa lingua.

6.2 O GALEGO COMO LINGUA ESTIGMATIZADA: OS VELLOS PREXUÍZOS

Aínda que os asistentes ós grupos de discusión eran ou ben empresarios, ou ben traballadores de empresas, e malia que o tema que se lles presentou, e cara a onde se tentaban encamiñar sempre, era o da lingua no seu entorno laboral, tanto nun grupo coma noutro trataron a cuestión lingüística como algo que lle afectaba ó conxunto da sociedade. De feito, a representación do galego como lingua estigmatizada vai poder explicar moitas das actitudes que se manifestaron en relación ós usos desta lingua no ámbito empresarial. Os participantes deron conta de comportamentos propios ou alleos nos que se apreciaban prexuízos que se lle "diagnosticaron" ó galego hai moitos anos (Como se pode ver en Alonso Montero, 1973)

Desde un punto de vista estrictamente formal e técnico, non existe nada intrínseco nas linguas que xustifique que unhas estean estigmatizadas e outras prestixiadas. O que si existen son falantes de diferentes orixes sociais (e xeográficas) que nos seus actos comunicativos deixan esa marca, feito que foi formando un estereotipo do falante de galego, polo menos de galego dialectal, que se mantén aínda hoxe. Isto non é alleo ós actores sociais que formaron os grupos desta investigación e polo tanto vai influír en toda a argumentación que poidan elaborar arredor das actitudes sobre a normalización da lingua na empresa.

6.2.1 MARCA DE HÁBITAT: SIGNO DE RURALIDADE

A lingua estivo ligada a unha poboación galega que foi durante séculos rural, imaxe que aínda hoxe pervive[53]. Nos dous gupos analizados xurdiu esta mesma asociación, plasmada na realidade sociolingüística dos propios participantes, xa que os nacidos no rural eran galegófonos[54] e os nacidos na urbe érano en moito menor medida[55]. Esta circunstancia vai

[53] Pode confrontarse o traballo de Iglesias Álvarez (2002b:193-196) quen concluíu, a partir da súa investigación tamén con grupos de discusión, que na imaxe social das linguas hai unha identificación do mundo rural co galego e do mundo urbano co castelán, mundos opostos aínda que cada vez máis en relación.

[54] No GE naceron no rural Anxo, Fermín, Helena e Rita e todos tiveron como lingua materna o galego. No GT naceron no rural Simón e Miguel. Carlos criouse tamén no rural galego pese a que naceu no País Vasco

marca-los seus usos habituais pero non tanto así as competencias de cada un dos membros, que eles mesmos foron expresando ó longo da conversa (como se viu ó longo da epígrafe 6.1.1) e que se resumen nun dominio do galego oral por parte da xente nacida no rural e tamén da urbe de máis de trinta e cinco anos, fronte á falta de dominio desa lingua por parte dos menores desa idade ou dos nacidos fóra de Galicia.

A aprendizaxe do castelán á xente do rural chegoulle mediante a escola (viuse nas citas da epígrafe 6.1.1.3), polo que esta é unha lingua que non asocian co seu hábitat orixinario e co seu contorno familiar onde cumpre unha función integradora (*Sk: (...) se chego á miña aldea falando castellano... / vamos a miña nai lle pode dar un patatús non?, GT: 115-116*). Do mesmo xeito, tampouco o galego é a lingua do rexistro culto, por unha cuestión de competencia e/ou aprendizaxe, que tamén xa se comentou arriba.

Pola contra, os nacidos na urbe non todos son castelanfalantes, pero os que se declaran como tales no GT, ou cando menos como "non galegofalantes" (liñas 796-800), naceron os tres en cidades, Tomé e Jesús en Galicia (Santiago e Pontevedra, respectivamente) e Asunción fóra de Galicia. Tomé, nacido no seo dunha familia castelanfalante no centro da urbe, manifesta claramente que entende o galego pero non o sabe falar (*T: (...) entiendo gallego pero no lo hablo PORQUE NO LO SÉ, GT: 834*), e é o único que se mantén durante toda a reunión falando só en castelán. Jesús é castelanfalante pese a que os pais son galegófonos e a el sempre lle falaron en galego (*J: (...) eu teño que traducir o que falo, GT: 807*), feito que se demostra nalgunha das súas intervencións onde alterna de código cando lle contesta a Tomé. Segundo a súa experiencia, a distribución por hábitats das dúas linguas presentes na comunidade leva a que a aprendizaxe da outra se realice coma a dunha lingua estranxeira:

> J: (...) é moito máis marcado a xente que se educou nunha aldea pois xa se pensaba se falaba na aldea e o idioma/ era como o inglés/ aprender castelán pa xente que vivía nas aldeas era como aprender inglés/ pero os que estábamos na cidade o que aprendíamos como inglés era o galego (GT: 809-812)

onde estaban os pais emigrados. Todos tiveron como primeira lingua o galego. (Información extraída dos cuestionarios que se lles pasaron ó final dos grupos).

[55] No GE Carmelo, nacido en Santiago, declarou que tanto a súa lingua materna como a súa lingua habitual na familia e nas relacións internas no traballo, era o galego. No GT, Mónica e Inés, nacidas en zona rural do concello de Santiago, aprenderon a falar "máis galego" a primeira e só galego a segunda (a primeira é máis nova e nacida máis preto do centro cá segunda). (Información extraída dos cuestionarios que se lles pasaron ó final dos grupos, e que se poden ver no Anexo 8).

No grupo de empresarios os castelanfalantes pertencen ó mundo urbano e ademais naceron fóra de Galicia, trátase de Rodrigo (La Rioja) e Sofía (Barcelona), pero coa diferenza entre eles de que mentres o primeiro non ten raíces galegas a segunda si, quen ademais veu de pequena para Santiago onde estivo escolarizada, tal e como relatou na conversa (GE: 934). Os dous son castelanfalantes e mantéñense así durante todo o desenvolvemento do grupo de empresarios.

Fronte a estes dous, no GT, Asunción, que tamén é castelanfalante, nacida fóra de Galicia e de pais galegos comezou a usa-lo galego desde que entrou no mundo laboral, onde sentiu certa necesidade relativa (motivación instrumental), que –segundo ela– foi o motor para cubrir unha necesidade integradora e expresiva que sentía desde rapaza:

> Su: (…) pero despois unha vez que empecei a traballar e xa me vin un pouco | obrigada non? a intentar facelo e ahora que empecei a soltarme pois íbame moito mellor | porque iba por exemplo a miña casa onde vivía eu antes non? a casa da miña nai e claro para min era horroroso subir nun taxi e que o taxista que coñecía miña nai de toda a vida falara en galego [entra So na sala] <4> e eu lle contestara en castelán | para min era FRUSTRANTE que dábame pero un pau horroroso | entón é un caso e: supoño que non haberá moitos imaxino pero: eu estou moi contenta de soltarme espero soltarme máis | e ahora por exemplo o que noto | é que incorporei moito á miña fala | e: antes non dicía nin unha expresión falando quero dicir ca miña familia: cos meus amigos: non decía unha expresión nin de coña en galego e agora si | e noto que o estou incorporando pouco a pouco | así que: aínda me costa e: pásome moito pero bueno que: non sei supoño que: eu recoñezo que será un caso raro non creo que: abunden | pero e: en: en determinados contextos síntome moi ben falando galego e creo que: non sei síntome mellor (GT: 286-298)

Tal e como ela percibe, a converxencia cara ó galego non é demasiado frecuente ("caso raro") pero está cumprindo unha función de integración no hábitat rural, posto que o castelán para ela, nun contorno maioritariamente rural, facíaa sentir desintegrada[56]. Esta experiencia foi a que a levou a "lanzarse" a falar galego, mentres que Tomé –que residiu sempre no centro da cidade, nun contexto castelanófono– non sentiu ningunha necesidade

[56] O grupo de referencia pode ter grande importancia nos usos, sobre todo nas idades escolares, tal como demostraron algunhas investigacións sobre as representacións sociolingüísticas entre os estudantes de secundaria. Nun traballo realizado tamén con grupos de discusión con este tipo de alumnado pero dun ámbito galegófono (o concello de Rianxo na provincia da Coruña) viuse como aqueless que tiveran o castelán como lingua materna, e que seguía sendo a lingua habitual na familia, empregaban o galego dentro do centro escolar –onde case a totalidade dos mozos son galegófonos– coa finalidade de integrarse no grupo cos compañeiros (Formoso Gosende, 2004b). No entanto, na investigación realizada con enquisas entre o alumnado de 4º da ESO das Illas Baleares, Querol Puig, que parte da hipótese de que os usos están determinados tanto polas representación sociolingüísticas como polas representacións da rede social e polas do grupo de referencia, conclúe: "[...] a les Illes Balears la variable que més correlaciona amb l'ús és la representació de la llengua castellana, a Catalunya ho era la representació de la llengua catalana, mentre que al País Valencià ho era la xarxa social en català" (Querol Puig, [en liña2]:14).

de cambia-la súa lingua. Con todo, mentres que a motivación dos castelanfalantes (Asunción) para fala-lo galego foi integracional e instrumental, a dos galegofalantes para aprender castelán foi integracional cando saíron do seu contorno (porque socialmente eran marxinados e ridiculizados). No entanto, a estes dentro do seu propio hábitat obrigóuselles a aprender castelán a través da escola, este "deber" contraponse á "vontade" de aprendizaxe, pero xustificábase mediante razóns instrumentais (a necesidade do castelán para moverse na vida, e –sobre todo– para ascender socialmente e traballar fóra do rural). A socialización deste fenómeno, que fixo que os galegófonos do rural se criaran durante moitas xeracións aprendendo que o galego era un estigma[57], leva a que estea totalmente asumido que é algo que deben evitar, cando non queren que se lles recoñeza esa orixe rural que se interpreta como negativa. No discurso dos participantes dos grupos que teñen orixe no rural xorde esta representación e vese claramente cando se fala da ridiculización que supuxo o galego para os galegofalantes nacidos na aldea. Este aspecto reitérase bastante no GE por parte dun dos participantes de máis idade (58 anos[58]), quen conta ó longo da conversa diferentes anécdotas que reflicten claramente esa discriminación vivida[59]. Desde as burlas que padecían de nenos nas escolas os que descoñecían o castelán:

> F: (...) e entón cando dixeron a pregunta cómo lle chaman ó fillo da vaca un deles díxolle {(f)o cucho!}| levantouse e díxolle o cucho e na clase aquelo foi toda unha risa todos se riron del hasta a profesora se reu del (…) (GE: 233-235)

ata as experiencias como estudantes ó trasladárense ás cidades, onde a manifestación da contraposición entre o rural e a urbe queda sempre patente:

> F: (...) cando chegamos a pontevedra pois había uns pequenos corros que éramos os da aldea a mais os dos pueblos e logo de alí marchei a vigo xxx e pasaba igual estaban os señoritos e estábamos os da aldea (GE:181-183)

[57] Recórdense as citas de Alonso Montero, 1973 e Monteagudo Romero, 1999 recollidas no Capítulo 4.

[58] Sempre que se fai referencia á idade dos participantes trátase, por suposto, da que tiñan no momento da realización dos grupos.

[59] Lémbrese a teoría de Goffman sobre o estigma, exposta no cuarto capítulo, e para o exemplo que nos ocupa teñen especial significado as seguintes palabras do autor:

> Al revisar sus propia carrera moral, el individuo estigmatizado puede escoger y elaborar retrospectivamente las experiencias que le permiten explicar el origen de las creencias y de las prácticas que ahora tiene con respecto a sus iguales y a los normales (Goffman, 1968: 53).

Esa diferenciación derivaba nun tipo de marxinación á que ía ligada a lingua, a da suposición dun nivel socioeconómico inferior[60], feito que expresa noutro momento este mesmo informante mediante a ironía:

> F: (...) entonces ás rapazas de Vigo costáballes moito entender o gallego sin embargo entendían os portugueses cun coche bo, daquela os portugueses tiñan mellor coche ca nós, que nós non tiñamos coche (GE: 200-202)

No grupo de traballadores, Simón, de corenta anos (máis novo ca Fermín de GE) e tamén criado na aldea, recolle as mesmas experiencias de aprendizaxe do estigma que supoñía o galego:

> Sk: (...) eu iso víao na aldea é dicir nós cando xogabamos de nenos a ser señoritos de ciudad **falábamos en: en castellano** intentábamos falar castellano que nin siquera sabíamos falalo porque **eso era era ser importante**: | entendes? e esto <=ó final che queda= (GT: 335-338)

Na súa experiencia demostra como, incluso dentro dun mesmo ambiente rural, o uso do castelán se empregaba como marca diferenciadora de status dado que, como se verá na seguinte epígrafe, os dous estigmas van intimamente ligados:

> Sk: (...) estamos nunha escola unitaria: e despois fomos a: a un grupo escolar alí en valga e: e nós éramos dunha aldea aí *nomealdeaSk[61] no medio do monte e: nos tiñan como salvajes e tal e despois había os que eran dalí xa de cordeiro de campaña que xa algúns falaban castellano nós flipabamos porque eso era: un punto da ostia-- (GT: 342-345)

Nas palabras deste participante vese outro estereotipo para os falantes de galego xa que se asocian coa brutalidade (a eles víanos como "salvaxes" mentres algúns dos outros sabían falar castelán). Para as persoas que viviron estas experiencias o galego segue sen asociarse –de maneira xeral– co mundo urbano, coa cultura e co futuro. Digo de maneira xeral porque aínda que aparecen manifestacións da superación desta circunstancia; xa se viu arriba que a asociación do mundo rural non se dá co galego en xeral, senón cunha variedade concreta do galego: o dialectal ou tradicional. Este distínguese perfectamente daquela variedade empregada pola administración e pola televisión autonómica, que se aproximaría máis a un estándar que –sobre todo a nivel oral– se percibe como moi diferente. Desta maneira o galego dialectal representa a vida premoderna e o atraso, mentres que o futuro está nas cidades onde conflúen a universidade, a formación, o ascenso

[60] O nivel socioeconómico, sobre todo económico, inferior supoñíaselles ós galegofalantes, sobre todo porque o traballo do campo estivo desprestixiado. De feito podía ter máis poder adquisitivo unha persoa do ámbito rural ca unha do urbano.

[61] Para preserva-la privacidade dos participantes dos grupos eliminaronse tódolos datos que puideran ser identificativos.

a un status superior e onde a lingua que está implantada é o castelán. Recóllese nas declaracións de Helena, de 32 anos:

> H: eu creo que está claro que o feito de que estuvera tantísimos anos imposto o castelán nas cidades pesa moito e que non o podes sacar de repente e tamén inflúe que é: moitísima xente do campo do mundo rural que se veu á cidade no meu caso tamén eu era dunha aldea pero se estudias.. e claro na aldea non hai futuro pasas a vivir á cidade e traballas na cidade pero entras nun entorno no que o castelán é dominante (...) (GE: 217-221)

Segundo estes participantes, tódalas experiencias de marxinación da época da nenez e da xuventude marcaron a súa forma de actuar, feito que xustifica –segundo Simón– os seus comportamentos diglósicos na actualidade:

> Sk: (...) eu creo que calquer persona que teña: ou esté por encima dos cuarenta anos habrá vivido unha época: donde eu iso víao na aldea (...) [referíndose ás burlas cara ós galegofalantes] e esto <=ó final che queda= (…) che queda gravado dalgunha maneira | quizá ós rapaces de hoxe en día non o sei e esto ó final che queda gravado dalgunha maneira quizá ós rapaces de hoxe en día non o sei (GT: 334-340)

Para a xente que sufriu este tipo de ridiculizacións, o galego que aprenderon como lingua materna ten o estigma de rural e dun status baixo. Así, ese "galego de sempre" que se conservou durante séculos nese hábitat, está estigmatizado dobremente, fronte ó galego estándar e fronte ó denominado "novo galego urbano" (Regueira, 1999: 856) que leva asociado outro tipo de marcas, como se viu nas epígrafes 6.1.1.3.2 e 6.1.1.3.3. Desta maneira, moitos galegófonos residentes nas cidades achéganse a esta variedade, como se viu nos comportamentos dalgúns dos participantes galegófonos do GT (Carlos, Sonia, Miguel, Inés e especialmente Simón). Todos tiveron como lingua materna o galego, idioma que manteñen como habitual tanto na familia como nas relacións internas no traballo, pero empregan un galego cheo de castelanismos morfosintácticos ausentes no galego "tradicional", onde destaca especialmente a colocación errónea dos pronomes átonos (*me estraña, me dixo, lle estou falando*, etc.).

Tal comportamento deriva desa representación negativa da lingua rural, que leva a evitar marcas que estean moi asociadas ás variantes dialectais. Desta maneira prodúcese a eliminación intencionada de trazos característicos das súas variantes xeográficas que non coinciden co estándar maioritario, refírome á gheada e ó seseo. De feito, se se compara a variante diatópica á que pertencerían os participantes polo seu lugar de nacemento coa realización oral das súas intervencións durante a conversa, compróbase que aínda que tres participantes no GT e un do GE entrarían dentro da área fisterrá sur (caracterizada pola

existencia de seseo e gheada) e un do GE na bergantiñá, con gheada e seseo implosivo, en ningún caso (salvando algunha palabra solta que pronuncia Carlos no GT) se expresan con estes trazos durante a reunión. Recórdense ademais as declaracións dun dos membros do GT que marcaba a diferenciaciación entre o galego que el falaba coa nai na aldea (onde dicía ghaliña e sapato) e o que falaba na cidade, máis próximo ó "novo galego urbano" (páx. 364).

Outra marca que liga o galego dialectal e tradicional co hábitat rural é o que no propio grupo de traballadores denominaron como "acento galego", trazo que presenta unhas características negativas, incrementadas polo seu contraste coa fonética do galego estándar que se difunde nos medios de comunicación[62]. Pese a que os resultados da medición cuantitativa que o MSG realizou sobre esta cuestión foron moi positivos[63] (MSG, 1996), xa na análise cualitativa entre a mocidade obtiveron uns resultados moito máis negativos, pois mediante a medición indirecta quedou demostrado que os falantes con fonética característica do galego tradicional son claramente estigmatizados (González González e outros, 2003).

As características negativas do galego son aplicables non só ós que falan en galego, senón que é extensible incluso ós castelanfalantes. Este tema, que xurdiu unicamente no GT, presentou diverxencias entre os participantes, pois mentres para Simón é positivo –como exemplifica co adestrador de fútbol Luis Suárez e mais cun dos personaxes máis coñecidos polo seu acento galego falando castelán (o actual alcalde da Coruña[64])– a maioría discrepa, Mónica incluso declara que lle resulta vergoñento:

> Sk: = =de paco vázquez encántame unha cousa o acento que ten--
> Mo: = ={(f) oh:! encantarache a ti!} {[con contundencia] a min dáme vergonza!}
> Sk: a min encántame esta xente como o entrenador este de fútbol o luis suárez que ten un acento é un tío que estuvo ademais toda a súa puta vida fóra de galicia que estuvo xogando en italia e escóitalo falar cun acento gallego pois de puta madre!
> I: pero é distinto! pero eso non ten que ver o de paco vázquez o acento non ten nada que ver cando {[rindo] se empeña se empeña e se empeña} en que ten que ser la curuña la curuña la curuña

[62] Cfr. Kabatek 2000:141.
[63] Os entrevistados mostráronse maioritariamente en desacordo coa puntuación da variable "quen fala castelán cun forte acento galego ten menos posibilidade de ascender na súa profesión", co que nese estudo se concluíu que tal prexuízo non estaba presente entre a poboación galega.
[64] O alcalde da Coruña no momento das entrevistas era Francisco Vázquez (rexedor da cidade desde 1983) coñecido pola súa adversión pública cara ó galego, feito que o leva a falar sempre en castelán, aínda que a súa pronuncia se caracteriza por ter un moi marcado acento galego.

> Sk: = =pero sen embargo traiciónao o acento é algo que el non pode evitar el pode decir palabras en castellano pero sen embargo calquera persoa sabría que é gallego | e eso tamén é importante joder | (GT: 432-442)

As particularidades lingüísticas que representa o rexedor da cidade herculina[65] non se ligan en ningún grupo –pese a estaren relacionadas– cunha cuestión ante a que existe unanimidade: a percepción da devandita cidade como plenamente castelanófona, de feito contrástase con Santiago:

> I: (...) santiago é un unha cidade que se falou moito galego con todo non é o caso da coruña-- (GT: 561-562)

Quizais a representación do propio alcalde desa cidade, adversario declarado do galego, faga ve-la propia cidade como máis castelá do que xa é. De feito, ninguén discrepa en que a lingua da cidade é o castelán e, sobre todo, que se fala máis castelán ca en Santiago:

> H: eu estudiei na coruña e alí todo o mundo fala castelán salvo dúas personas que viñeron da aldea que viven no teu edificio pero a maioría da xente si que falan castelán vigo non o coñezo moito e en santiago si que se fala galego debe ser que vén moita de fóra de-- (GE: 295-297)

Unha parte importante da poboación urbana, tanto da Coruña como do resto de cidades galegas, ten as súas orixes no rural que se desprazou en masa ás cidades a partir da década dos sesenta. Esta configuración da poboación con habitantes do rural é a explicación que ofrece Fermín para xustifica-la presenza do galego en Vigo:

> F: fálase moito gallego porque vigo ten unha población flotante ben sabedes todos que de ourense do rural / vigo ten unha población flotante durante a semana que absorbe citroen pescanova frigoríficos de vigo…e durante a semana fálase moito gallego-- (GE:301-303)

De tódolos xeitos, non tódolos participantes teñen a mesma percepción do nivel de uso do galego nesta cidade, pois mentres Fermín cre que é alto (*F: = =pero en vigo: en vigo <=fálase moito gallego eh?=*: GE: 299), tanto Rita (GE) como Mónica (GT) senten a cidade como máis castelanófona (Mo: *é que en vigo fálase moito castelán*), sobre todo ó comparala con Santiago:

> R: santiago ten máis comarca que coruña e que vigo vigo é máis ciudad e paréceme que iso-- (GE: 298)

[65] Unha das teimas contra o galego polas que é máis coñecido F. Vázquez é a de ir en contra da Lei de normalización lingüística ó empeñarse en non respecta-la toponimia galega na denominación da cidade e pretender durante anos, nos que mantivo unha loita continua pese a que se lle negou a razón nos tribunais, que se admitise a denominación de La Coruña. A insistencia chegou a finais de outubro de 2004 cando anunciou que –apoiándose na nova *Lei de grandes cidades*– ía aprobar, e de feito aprobou, o día 2 de novembro a cooficialidade do topónimo castelanizado ó lado da forma galega (poden verse as noticias consultando a prensa desde a última semana de outubro ata a primeira de novembro, por exemplo *La Voz de Galicia*, 26/10/04 ou *Galicia-Hoxe*, 27/10/04).

Nos dous grupos concordan na percepción de que Santiago ten unha presenza maior de galegofalantes[66], que no GE xustificaban por unha maior presenza de "xente de fóra" (enténdese que provén do rural), idea que se reafirma no GT ó caracterizar a Compostela como unha cidade máis pequena e con maior área periurbana, polo tanto máis próxima ó rural:

> M: =home santiago é unha pequena aldea tamén=> (GT: 2187)

Ademais de ser unha cidade pequena, Santiago conta cunha área periurbana importante, onde a lingua habitual é o galego. Está asumida esta representación –tal como demostra Carlos (GT)– ó realiza-la caracterización sociolingüística dos seus aprendices, que é aceptada por tódolos membros do grupo:

> Cs: (...) estou traballando cun aprendiz e notas perfectamente se vén de santiago ou se vén de .. | ou de carballal ou de por aí | un rapaz de aldea vénche falando gallego (GT: 356-358)

Vai ser este mesmo participante, Carlos, o que explique o comportamento dos traballadores nas cidades, onde o nivel de converxencia cara ó castelán nas zonas onde esta é a lingua maioritaria é alto:

> Cs: (...) nós imos a montaje fóra | é dicir agora estamos traballando en ferrol mañán estamos en lugo pasado estamos en vilagarcía ó día seguinte ó mellor estamos en vigo e no mundo da construción generalmente falas o gallego [asenten jesús e miguel] | é que o que pasa que eu hai zonas que mírante raro | é decir vas a villagarcía e o noventa por cento da población fala castellano e en ferrol igual quizá sea polo motivo histórico: militar ou polo que sea pero miran raro (...) (GT: 164-169)

Tal comportamento mostra como están asumidas as representacións negativas do galego fundamentadas na súa asociación co rural, o que provoca os consabidos prexuízos cara á propia lingua, que se abandona no hábitat urbano para emprega-la que conta cunha representación social positiva. Esta estereotipación dos usos lingüísticos en relación coa distribución xeográfica leva á autodiscriminación dos propios traballadores galegófonos en zonas urbanas, como queda de manifesto na declaración de Carlos ó xustificar que o galego non é lingua apta cando van traballar a estes espazos, xa que "mírante raro".

A representación do galego como lingua do ámbito rural e a do castelán como propia do ámbito urbano derivou no discurso do futuro da lingua en relación coa crecente urbanización:

[66] Fálase ó longo das conversas sobre o maior uso do galego en Santiago fronte ás outras cidades, fenómeno no que todos concordan e que está constatado na realidade polas enquisas do MSG.

C: = =o fenómeno da urbanización da poboación que é obvio / o rural estase trasladando para as cidades / eso contribúe a que se perda tamén o galego porque nas cidades fálase máis o castelán có galego (GE: 417-419)

Na visión da castelanización das cidades insístese máis no GT onde, a partir dos usos lingüísticos de Santiago –onde residen e traballan tódolos membros dos dous grupos– cidade que, en xeral, todos detectan como "máis galega"[67], establécese un debate sobre o futuro da lingua. Dúas persoas deste grupo (Inés e Sonia[68]) perciben que a castelanización dos barrios santiagueses desde que elas eran rapazas aumentou moito. Este feito leva a que lle rebatan, desde a súa experiencia, a idea de Tomé, Simón e Asunción de que a situación mellorase, e a que se abra no GT unha discusión sobre o aumento ou descenso dos usos en Santiago, onde a argumentación dos que non ven síntomas de galeguización, semella ter máis forza. Véxase a discrepancia sobre a percepción[69]:

So: =fálase moito moito castelán os rapaces nos de doce trece catorce anos...=>
M: me sorprendía de que te sorprendeses de que nas cidades falen castelán e que eu pa min eu <=creo que nas cidades se fala castelán=
So: =coincido nos autobuses cos rapaces e fálase <u>mo:ito moito moito</u> castelán=>
I: galego ou: / santiago foi unha das que: <=últimas en sumarse ó carro do castelán=
M: =home santiago é unha pequena aldea tamén=>
T: = =castelán? pues yo viví llevo: toda <=mi vida habla- viviendo en santiago y siempre hablé castellano= nunca hablé gallego
Su: =santiago desde logo xxx falar galego=>
I: bueno pero: eu vivín en santiago toda a vida i cada día se suman máis castelanfalantes respecto de da miña época de adolescencia | <u>clarisimamente</u> eh? clarísimo-
Cs: = =pois eu pensaba que era o contrario (GT: 2182-2193)

Esta diferente percepción dos usos entre os traballadores (uns pensan que diminúe moito o uso; outros cren que se mellora) relaciónase coa chegada do galego á cidade, coa adquisición de novos ámbitos de uso polo noso idioma, que provoca unha representación contradictoria en certo sector da poboación. De tódolos xeitos os argumentos dos que vían o aumento da castelanización foi máis forte cós do resto. Estes basearíanse na presenza da lingua nas cidades por parte de persoas de clases sociais elevadas, pero Miguel desmonta

[67] Xa se viu que existían diferentes percepcións dos usos nas diferentes cidades e mesmo diferenzas de usos dunhas urbes fronte ás outras.
[68] Inés naceu no barrio do Castiñeiriño (en Lamas de Abade) e Sonia nun concello limítrofe con Santiago, cidade á que se trasladou sendo rapaza. Actualmente a primeira vive no Milladoiro e esta no barrio de Vite.
[69] Confróntese co estudo de Rei Doval, quen analizou –a partir dos datos recollidos no MSG– a lingua das zonas urbanas galegas, e observou que existen diferenzas importantes de uso do galego entre a poboación do centro das cidades e os residentes na periferia, xa que o número de galegofalantes nesta dobra ó daquel (Rei Doval, 2001: 496). Na época en que naceron estes membros do grupo os barrios referidos eran periferia da cidade, de aí a diferenza de perspectiva de Inés e Sonia con Tomé, nacido e criado no centro.

esta imaxe desde a súa experiencia. Para el a formación académica leva asociado o uso do castelán:

> M: (..) Pero en xente xa máis formada e que ó mellor é de cidade o meu panorama é bastante pesimista fala todo dios castelán pero todo dios (GT:184-185)

Ademais dos prexuízos que existen cara ó uso do galego nas cidades (do tradicional pero tamén do novo galego urbano, como se verá na epígrafe 6.4.1) formados a partir desa representación da lingua como marca do rural, están as motivacións integradoras que levan ó uso da lingua maioritaria. Para consegui-la integración nun ámbito castelanófono todos acaban concordando con Jesús en que os rapaces, aínda que teñan como lingua materna o galego, converxen cara ó castelán, porque no mundo que os rodea impera esta lingua:

> J: =pero eu creo que eu=> non valorades o tempo real o sea o sea os nenos levan entre oito e dez horas de colexio o sea entre ir e vir o bus e tal e cual e levan douas ou tres na televisión vendo sempre a mellor oferta que é a <u>televisión española</u> | e despois quedan dúas horas | eh? e eso cando non se come con televisión |[Sk concorda] levan dúas horas cos pais si as levan! | entón creer creer que dúas horas compensan oito ou nove ou dez vamos eso é non recoñecer a realidade! (…)
> SK: (…) os meus compañeiros tamén falaban gallego claro! entonces non había problema eu creo que o o rollo está aí si ti < > che falaban gallego pero resulta que os que iban contigo no autobús < >falaban castellano ti tamén falabas castellano <=ese é o problema ese é o problema=
> I: (…) fillos de persoas que falan galego por militancia:... porque era a súa lingua e ademais por militancia que lle transmitan esa lingua ós seus fillos e: (...) con nenos ca- nun 70% españolfalantes pois os seus nenos se contaxian da lingua galega ou da lingua castelán (...) (GT: 2128-2144)

Desta maneira, vaise configurando o discurso no GT sobre a asociación entre o castelán e o mundo urbano:

> Cs: {(ac) o sea que en vigo fálase castellano en vilagarcía fálase castellano en coruña fálase castellano en ferrol fálase castellano--} (GT:2053-2054)

dado que a poboación tende á urbanización, o discurso do GT encamíñase a da-la alarma de que a tendencia será cara á perda do galego, presentando unha visión pesimista sobre o futuro da lingua en xeral:

> I: o que non quita que o panorama sexa negro porque os galegofalantes van a seguir descendendo descendendo hasta quedar en algo irrisorio (GT:599-600)

6.2.2 MARCA SOCIAL: LINGUA DAS CLASES BAIXAS[70]

Se, como se acaba de comentar, o galego foi, e segue sendo, basicamente a lingua do mundo rural, así como das clases sociais baixas instaladas nel, os dous parámetros, hábitat e clase social mantéñense en relación directa. De tódolos xeitos, o hábitat semella ter máis forza, pois o galego tendeu, e tende, a ser abandonado ó chegar á urbe, xa que (tal como nos sinalaban Alonso Montero, 1973 ou Ninyoles, 1991) unha mostra de ascenso social é o cambio de lingua. A motivación integradora que se comentou arriba que levaba ó cambio de lingua, prodúcese sempre máis por parte dos falantes de lingua minorizada cando pretenden desprenderse do estigma de clase social inferior.

A que en socioloxía se denomina "movilidade social horizontal" (dun territorio a outro, do campo á cidade neste caso) é a que xustifica en certa medida a presenza do galego nas cidades, pero –segundo reflicten os propios participantes– dentro do rexistro coloquial (por exemplo, a escaleira do edificio, onde a xente se coñece, ou ben entre os obreiros que traballan xuntos). Os inmigrantes do rural, os habitantes da área periurbana das cidades, se ascenderon –ou pretenden ascender– na escala social ("movilidade social vertical") pasan a emprega-lo castelán, lingua que lles serve para disimula-lo seu status, actual ou orixinario.

Resulta relevante como está asumido este estigma e como son os participantes do GT os que dan conta dos prexuízos que existen cara ó galego en relación ó status, sentíndoo coma unha marca tan clara como o aspecto físico, que en realidade é unha marca previa á lingua (que require que a persoa fale). A vestimenta (á que acompaña o peinado e demais accesorios) reflicte –aínda que menos ca antigamente[71]– o status socioeconómico dunha persoa á que, por conseguinte, se lle presupón unha lingua determinada. No GT varios participantes corroboraron esta tese coas súas experiencias, das que se deducen os

[70] Os sociólogos falan de estratificación social para describi-las desigualdades que existen entre os individuos e os grupos dentro das sociedades humanas. A clase social é unha estratificación que se basea nas diferenzas económicas entre os grupos, e fronte a outras estratificacións (realizadas en función do xénero, a idade, filiación relixiosa ou rango militar) non só se recibe por nacemento, xa que é en parte "adquirida".

[71] San Miguel defende, no seu estudo sobre as clases sociais en España, que o vestido é un dos principais indicadores –aínda na actualidade– das clases sociais, fronte á tese que contradí isto baseándose en que a industrialización uniformou os modos de vida e non se distingue pola indumentaria os ricos dos pobres. Segundo San Miguel, aínda que se produciu certa uniformización ("hoy, casi todo el mundo compra parte de su ropa en serie, en un gran almacén") é máis aparente ca real: "las viejas diferencias fueron sustituidas por otras nuevas y, a veces, no desaparecieron sino que simplemente se hicieron menos visibles a simple vista. Lo cierto es que, en el vestido, como en casi todo (aunque es en el vestido donde la nivelación parece haber sido mayor) existen grandes diferencias que permiten identificar la posición de clase de la gente" (San Miguel, 1980:71).

estereotipos e prexuízos, tanto dos membros do grupo como das persoas do contorno no que eles se moven e que aparecen nos exemplos:

> Cs: Tenme pasado cantidá de veces ó mellor ir preguntar por un teléfono móbil e coincidir que estás de roupa nova e che falan castellano ó mellor veño de traballar e empezan en castellano pero/ inmediatamente che cambian ó gallego
> S: si si (GT: 585-588)

Aínda que Carlos non explicou en que lingua falaba el (suponse que o fixo en galego nos dous casos) nin tampouco especificou se era no mesmo local e coa mesma persoa[72] (comprobación que sería interesante realizar en posteriores investigacións), queda de manifesto o peso do estigma de que a través da súa roupa se deduce a súa clase social e polo tanto a lingua, feito que pode influír no trato que lle poden outorgar nos comercios como cliente.

Unha das participantes do mesmo grupo (Inés) insiste en que a lingua supón unha marca tanto ou máis negativa có aspecto externo, polo que a un galegofalante se lle deduce menor capacidade adquisitiva, idea que non todos comparten:

> I: = =que non quita=> que non quita que a veces pola lingua non pensen que non te podes comprar o que lle vas a preguntar {(p) que eso tamén pasa}
> M: <=bueno pero eso é igual que co da pinta=
> So: =si si si si=>
> [barullo: falan por abaixo T Sk
> I: [dirixíndose a M e facéndose oír por riba das voces dos demais] pero eu podo levar moi boa pinta {(f) pero eu podo levar moi BOA PINTA utilizo o galego} i dudan da miña tarxeta de crédito entendes?
> Sk: no: no: / creo que neste caso é máis importante
> So: <=si eu creo que si= eu estou de acuerdo totalmente dacordo
> I: =a lingua= (GT: 571-581)

Resulta interesante ver como hai persoas que teñen asumido que a lingua pode ser un estigma máis relevante cá vestimenta. Segundo estas experiencias, semella que tal estigma está presente en toda a sociedade, e pode resultar sorprendente cando alguén rompe as regras a favor do galego (recórdese o exemplo, comentado na páx. 351, dunha participante do GT sorprendida porque en Zara lle falaran galego).

[72] Desta maneira, pode ser que a segunda experiencia (que o interlocutor pase ó galego cando o falante vai de roupa de traballo) se dese por simple converxencia habitual cara a un galegófono, e non se vise influído pola roupa que levase.

A existencia do estigma do galego como marca de clase social baixa tratouse sobre todo nas intervencións dos traballadores, dado que os galegofalantes falan desde a súa propia experiencia como estigmatizados. Eles mesmos establecen unha diferenciación dos grupos socioprofesionais dentro da cidade segundo a lingua[73], como é o caso de Carlos, que fala desde a súa experiencia:

> C: vas a unha obra porque generalmente os obreros falan gallego (GT:170)

De feito, este mesmo participante no debate sobre o grao de castelanización dos barrios de Santiago, manifesta a sorpresa que lle provocou que a mocidade dos barrios obreiros de Santiago empregasen o castelán, feito que non parece aprobar:

> Cs: = =ó mellor vénche un aprendiz de santiago de vite ou de calquer zona vénche <=falando castellano= [con ton de sorpresa e desaprobación] (GT:360-361)

O estereotipo que el ten presente é que a lingua para falar entre obreiros de clase baixa, e incluso medio-baixa, sexa o galego. Insiste logo con outro exemplo, cando volve contar que lle estrañou cando un aprendiz seu ("un rapaz de Vite fillo dun marmorista e máis dunha costureira") falase castelán habitualmente con el, feito que todo o resto do grupo recoñece apoiándose na castelanización das cidades. Desta maneira resalta a diferenciación entre a poboación dos barrios obreiros ou das parroquias rurais do propio concello[74], de clase media ou media-baixa, e o resto.

Destaca como para algúns o estereotipo que asocia lingua con profesión e con status social baixo é máis representativo có hábitat, pois mostra unha representación do uso do castelán en Santiago limitado á zona centro da cidade, onde se supón que habitan as clases altas. A extensión da castelanización á xente moza dos barrios obreiros está rompendo o estereotipo do obreiro galegofalante. Esta tendencia cara á castelanización das clases humildes, suponlle a este participante (que tiña asumido totalmente tal estereotipo) unha contradición que fai que insista nesa circunstancia. Noutro momento conta como no seu hábitat, unha cidade dormitorio de Santiago, cunha poboación que el denomina obreira, percibe a tendencia á castelanización na transmisión lingüística interxeracional (ve como no parque os pais lles falan castelán ós nenos, algo que el non fai, GT:2274-2277). De novo xorde a

[73] Existen estudos (Rei-Doval, 2001:498) que analizan a relación entre profesións e lingua no ámbito urbano e cuxas conclusións din que "Entre empresarios e autónomos, obreiros e amas de casa o galego é maioritario fronte ó castelán", aínda que a continuación –tras comenta-la proximidade entre o elemento rural e urbano na maior parte das nosas cidades– se asegure que en profesións coma a dos obreiros o galego mantense "pero en conductas bilingües".

contraposición entre os barrios obreiros e o centro da cidade, onde se presupón unha maior castelanización:

> Cs: =eu este caso que digo ahora da nena=> falo que é dun parque de milladoiro / imagínate si vas á plaza roja!
> So: nada na plaza roja xa non fala ninguén xxx xa non hai...
> Cs: entendes pois é un barrio obrero se ti queres pois acércate á plaza roja! <=é peor=
> T: =olvídate=> olvídate no hai nadie (GT: 2320-2324)

Durante toda a conversa falouse do galego como marca de status social baixo e non se fixo mención á existencia de persoas que falan galego pertencentes á clase social media-alta, pero que empregan unha variedade de galego diferente da dun obreiro, quizais porque, por un lado, algúns deles estaban a medio camiño entre a súa propia variante dialectal e esta, e, por outra banda, porque os empresarios (a clase máis alta dentro deste ámbito) non asumiron esta variante. De feito, os traballadores insistiron todo o tempo na marca de status que supón o galego fronte ó castelán, tal como se manifesta dentro das propias empresas:

> M: eu en xeral traballo: no sector da auditoría entonces digamos que: visito: os departamentos de administración de moitas empresas | e nos escalóns máis baixos e ó mellor **xente: non moi formada e: falan o galego** | bueno é xente que ó mellor falou galego de sempre xente que veu da aldea ou así | **pero en xente xa máis formada** e que ó mellor é de cidade o meu panorama é bastante pesimista fala todo dios castelán pero todo dios! (GT:180-185)

Unha das razóns que xustifica esta circunstancia é –segundo Miguel– a orixe foránea dos membros da dirección[75] (premisa que normalmente é aplicable só ás empresas grandes) que non aprenden galego ó instalarse aquí debido a que non notan tal necesidade:

> M: (...) pero nas digamos clases directivas ou no nivel xerárquico máis alto eu encóntrome que fala todo dios en castelán | e fala castelán eu enténdoo porque: porque falar galego non lle reporta ningún beneficio (GT: 190-192)

O estereotipo dos directivos castelanfalantes perfílase en certa medida no propio grupo de traballadores, de igual maneira que o van facer os empresarios. O tipo de empresa, e sobre todo a orixe do empresario, pode derivar en que algúns empresarios en determinados contextos falen galego. Os propios participantes dan conta deste feito, así, Simón rebate as afirmacións de Miguel expoñendo a experiencia concreta da súa empresa, onde os

[74] Pode verse no Capítulo 3, epígrafe 3.1. a distribución das parroquias do concello.
[75] Xa se comentou na epígrafe 6.1.1.2 como os participantes do GE expresaron a súa opinión sobre a adaptación lingüística dos xefes foráneos, exemplificando no caso de El Corte Inglés.

directivos usan o galego: (*SK: (...) o director general falo eu con el normalmente falo gallego o director de produción fala gallego, GT:313-314*)[76].

Este uso do galego por parte dos directivos da *empresaSk debe analizarse partindo de que se trata dun empresario de idade avanzada con raíces no rural, e pon un exemplo dun contexto onde se dirixe ós traballadores, sendo predominantes os obreiros sobre os técnicos (polo que seguramente serán maioritariamente galegófonos[77]). Non está presentando o caso de empresarios e/ou directivos que sexan monolingües en galego, senón de persoas que converxen cara ó galego con galegofalantes:

> S: (...) ti entras na miña empresa e falas co director general en castellano pois pois igual che falará castellano | ahora se lle falas gallego <u>segurísimo</u> que che fala gallego eh! < > estou <=estou convencido= (GT: 322-325)

A importancia da tipoloxía da empresa e polo tanto dos que a dirixen foi o que destacaron os empresarios. De feito, aínda que non expresan directamente máis marca social ligada á lingua, pódense deducir certas asociacións a partir da clasificación lingüística que realizan sobre o uso do galego nos diferentes sectores de actividade. Destaca o acordo de todo o grupo ante a pregunta da moderadora sobre o tema:

> MOD: e retomando así un pouquiño: o tema que nos ocupa que é a situación no mundo da empresa en: ¿a que tipo de traballos ou de profesións asocian cada unha das linguas por exemplo castelán a que tipo de traballos o asocian ou o galego a <=que tipo de traballos…?=
> F: =na construción=> | na construción eu diría que: nun porcentaxe {(p) moi elevado o galego}
> R: i eu diría en profesionales avogados médicos e: pois economistas auditores castelán--
> H: = =castelán
> R: vamos con diferencia <u>seguro seguro</u>
> F: si si si
> V: desgraciadamente <=xxx= (GE: 420-428)

Aqueles cargos que requiren formación universitaria dentro da empresa como economistas, auditores..., así como os denominados por eles profesionais liberais (que tamén requiren formación universitaria), responden ó estereotipo de castelanófonos, mentres o sector da construción, ocupado na súa maior parte por obreiros sen cualificar presenta unha imaxe preferentemente galegófona. Débese ter en conta que, á parte de que as empresas deste ramo empregan a unha grande cantidade de traballadores sen formación académica, en moitos casos teñen orixe rural e polo tanto maioritariamente galegofalantes. Porén débese

[76] Cita reproducida integramente na epígrafe 6.1.1.2.
[77] A maior parte do traballo desta empresa está desenvolvido por obreiros.

ter presente a consideración que facía Carlos no GT sobre a lingua dos seus aprendices procedentes dos barrios máis humildes das cidades, que falaban castelán. Daquela prodúcese un cruce entre o hábitat e a profesión e/ou clase social, pesando nuns casos máis un estigma e noutros máis outro.

De tódolos xeitos, o representante dunha empresa da construción que estaba no grupo (Fermín) insiste no peso do galego en todo o sector, facendo nota-lo seu uso na xente moza que ocupa cargos directivos:

> F: sin embargo eu conozo xente xoven que ahora os pais estanlle pasando os trastos como se di vulgarmente en términos taurinos e: e falan moito gallego e ademais de que--
> R: = =que si home
> F: fillos de promotores importantes en santiago ou na coruña en vigo que: que os pais lle están pasando as empresas ou que os fillos están tomando cartas no asunto e moitos home son rapaces pero en empresas importantes... pero con trinta e cinco e trinta e oito anos e encóntranme nunha obra e / ola fermín bos días como estamos e como vai a cousa e ata logo / o sea que (GE: 284-289)

De tódalas maneiras, logo vai aclarar que isto prodúcese naqueles que son de orixe galega:

> F: (...) hai aparelladores e arquitectos que non son de aquí entonces falamos castelán pero: generalmente nos promotores que son da <u>zona</u> e os que son / da región xxx falamos sempre gallego e: incluso co personal <u>a veces</u> pode haber algunha palabra esporádica en castelán pero nós diriamos que o gallego o noventa e oito por cento <u>no desenvolvemento da empresa</u> (GE: 106-109)

De feito, emprega o seu ramo para confirma-lo prestixio que colleu o galego, confrontando a situación actual coa marxinación que el mesmo comentara (e que xa se analizou na epígrafe anterior) que sufrían antes “os da aldea”:

> F: (...) e neste momento eu lle podo dicir que nas empresas que eu me desenvolvo o sea que a empresa nosa se desenvolve aquí en galicia | nós é moito sobre construtores e promotores os grandes promotores de galicia | {(ac) non é que traballemos con todos pero esporadicamente algún si} cando: levas contratado con eles unha temporada dúas ou tres obras | a maioría falan en gallego e entendémonos en gallego non me gusta citar nombres pero nas maiores promotoras de galicia fálase en gallego (GE: 183-188)

Cómpre precisar que das declaracións deste participante dedúcese que o galego semella se-la lingua de relación oral nun contexto onde esta lingua é predominante, así, que a xente nova con cargo de responsabilidade nas empresas se exprese en galego, no contexto das obras e con xente do ramo, non evidencia unha galeguización dese sector concreto, senón un uso da lingua con función aproximativa ou integrativa. Ademais, pode resultar significativo que, por un lado, un traballador da construción destacase a castelanización dos grupos sociais máis baixos, mentres o empresario da mesma rama sinale o abundante emprego do galego por parte dos novos directivos.

6.3 A REPRESENTACIÓN DO AUTOODIO E DA IDENTIDADE

Vanse analizar nesta epígrafe dúas representacións que están intimamente relacionadas: a do autoodio e a da identidade. Son abondosos os estudos onde se analiza o problema do autoodio dos galegos que deriva na falta de aceptación da propia lingua como un elemento de identidade (vid. Capítulo 4, punto 4.2.1). Ninyoles, H. Boyer, M. Recalde, M. Rodríguez ou X.P. Rodríguez Yáñez deron conta do pouco significativa que era a lingua como mostra da identidade galega, unha identidade pola que semella –segundo estudos do CIS– que os propios galegos non se mostran demasiado interesados en que se diferencie da española[78].

Estas dúas representacións do galego manifféstanse desde hai tempo nos discursos académicos (práctica metalingüística) pero tamén se pode percibir que acadan unha actividade epilingüística, de feito detectáronse nas conversas dos grupos que se están analizando. As manifestacións sobre a existencia de autoestereotipos negativos dos galegos danse no grupo de traballadores. A representación do galego caracterizado polo autoodio, interprétase desde un sector dos traballadores como un trazo do noso carácter responsable de que a lingua non se normalice, nin na empresa, nin na sociedade en xeral. Declaracións coma as de Jesús, que é o que máis insiste no sentimento do autoodio dos galegos, comparándoo sempre cos cataláns e vascos, pobos estes que –segundo el– loitan pola súa identidade[79]:

> J: (...) o galego non lle dá esa importancia que ten | non a non a non a ten como unha seña de identidade--
> Cs: = =se lle dá igual falar castellano que gallego
> J: exactamente
> (…)
> J: =en cambio en cataluña=> si é unha seña de identidade falar ben catalán falar ben o castelán é algo que che vai a vir por educación pero falar ben o catalán é unha seña de identidade o sea {(f) eu son culto porque sei falar BEN o catalán eu non son culto porque sei falar ben o galego AQUÍ} (GT: 1292-1302)

[78] En traballos coma o de García Ferrando e outros (1994) analízase a conciencia nacional e rexional das diferentes comunidades, e destaca o contraste que se produce na análise de determinados ítems entre Galicia, por un lado, e Euskadi e Cataluña, polo outro. Desde detalles como a consideración da comunidade en moito maior medida como rexión ca como nación ata a postura diante do ensino deixan á vista a menor identificación nacional por parte dos galegos ca das outras dúas comunidades históricas. De feito, só un 1% declarou sentirse só galego, mentres un 59% se sentía tan da rexión coma español (García Ferrando e outros, 1994: 14-50). Cfr. tamén Sangrador García, 1996.

[79] Recórdese a análise que fixo Sangrador García (1996) sobre os estereotipos, actitudes e identidades comentada no capítulo do marco teórico (epígrafe 4.3.2.3, páx. 267).

J: (…) eu penso que é unha cuestión cultural que arrastran de atrás e que é un pobo que se sinte catalán que se sinte vasco e que aínda por riba se sinten mellores [asenten Su I M e Cs] que o resto de españa por ser vascos e por ser cataláns (...) =en cambio=> ós galegos pásanos exactamente ó revés | un pobo que sempre foi e: por detrás dos demais ou que se sintiu que vai por detrás dos demais máis pobre máis inculto máis máis de todo pero sempre por detrás | entón o que arrastramos cando vamos fóra é un complexo de inferioridade | de lingua (GT: 449-457)

J: (...)o que pasa é que a cultura galega en galicia é a cultura do pobre do que é menos e do que é inculto | e mentres eso no empresariado e no produto e na na nosa historia non o levemos para arriba seguirá sendo o de que é menos (GT: 468-470)

Opinión que é compartida por todo o grupo que asente, e Simón expresa directamente:

Sk: = ={[con efusividade] estou realmente dacordo contigo <=eso é a clave de todo=} (GT: 471)

Durante varios minutos vaise establecendo o diálogo sobre o discurso da inferioridade, que se reitera:

Sk: si si /pero bueno está claro que aquí o que decía o compañeiro é é a clave do asunto en Galicia hai un sentimiento joder de que <somos inferiores>
S: <de inferioridade>
Sk:e así está claro que non vamos a ningún lado (GT: 532-535)

Dáse un acordo total no grupo sobre esa imaxe que os galegos temos de nós mesmos como sociedade inferior, cos prexuízos que iso supón. O autoodio leva emparellada a discriminación do propio grupo, fronte á autoidentificación e o orgullo de sermos galegos. Ese sentimento de inferioridade a nivel de pobo maniféstase no acordo que se produce ante un suceso dramático que naquel momento tiñan moi próximo no tempo, o afundimento nas costas galegas do petroleiro Prestige[80], onde o discurso que prima é o de "isto non pasaba noutro sitio, só nos pasa a nós":

SK: son pesimis- son pesimista | e che vou a decir unha cousa o rollo este que pasou co barco / pasa en outro sitio
Su: si:>
S: si>
Su: <=e habería: eso si: un rollo que sae no financial times joder que nunca falan de galicia | e que saia en portada do financial times e aquí é como se non pasara nada entendes?...>
S: =eso si que se pasa pasa no país vasco ou pasa en cataluña... e pasa aquí <3> aquí todo de rositas=>
Sk: = =esto pasa en en calquera outro sitio... <= e entón aquí temos ese sentimento de bue:no va:le
S: =esto pasa en cataluña e: ... | e {(p) bue:no} | {[con firmeza]o que nos boten}

[80] O grupo de discusión dos traballadores celebrouse o sábado 30 de novembro de 2002, días despois do afundimento do petroleiro e cando a discusión sobre o tema estaba no seu punto álxido.

Su: derrotista <= somos derrotistas= (GT:542-553)

Noutro momento vólvese incidir no noso carácter e exemplifícase de novo co mesmo tema, pero ademais compárase de novo con Cataluña:

J: (...) o caso do do petroleiro/ en cataluña pasa esto e ían dous ou tres na calle (GT:1451)

Antes de seguir adiante na análise da representación do autoodio, decidín dedicarlles senllas epígrafes a dúas cuestións que están relacionadas, por un lado, ás representacións que nos dous grupos xorden de cataláns e vascos (epígrafe 6.3.1), e polo outro (epígrafe 6.3.2) á actitude de lealdade lingüística que manifestan algúns membros do grupo de traballadores (actitude que axuda a que se configure o discurso sobre o autoodio e a identidade dun xeito particular).

6.3.1 As representacións de cataláns e vascos: o contraexemplo do autoodio

Viuse arriba, cando se presentaba o marco teórico, como a psicoloxía social puxo a identidade en relación directa cos estereotipos e coas actitudes. Nestes principios apoiouse Sangrador García (1996) para analizar os auto e heteroestereotipos das diferentes comunidades autónomas. Resulta curioso das afirmacións recollidas na páxina anterior, como se establece unha comparación co pobo catalán, partindo duns estereotipos positivos deste, como aquel que sabe defenderse, ó que non se asoballa e que ten un sentimento de orgullo de raza[81].

[81] Se se analizan os resultados que Sangrador García extrapolou do seu estudo, vese como estas afirmacións encaixan nun dos polos dun estereotipo que o autor denomina como "paradójico" porque "junto a algunos adjetivos bastante negativos (cerrados, orgullosos, egoístas, individualistas, antipáticos...) coexisten otros claramente positivos (trabajadores, emprendedores, prácticos) (...) Sin embargo, esta bipolaridad no parece aleatoria, como pudiera darse en otros esterotipos, pues no se trata de una mezcla sin más de aspectos favorables y negativos. Antes al contrario, los rasgos positivos y desfavorables que la configuran *parecen reflejar, en el fondo, un rechazo a nivel afectivo unido a un reconocimiento innegable a nivel instrumental*. Pues, en efecto, los catalanes son, de todos los grupos étnicos analizados, los más percibidos como antipáticos, tacaños, egoístas, materialistas y ambiciosos; pero también como los más trabajadores, emprendedores, y, tras los europeos, como los más inteligentes" (Sangrador García, 1996: 123). Esta contradición de aspectos positivos e negativos tamén a detectou Alén Garabato na análise que realizou entre os estudantes de catalán da Universidade de Santiago de Compostela: "Los sentimientos de los estudiantes hacia la comunidad y el pueblo catalanes son contraditorios [...] Se mezclan la sana evidia, la admiración y el rechazo" (Alén Garabato, 1999: 9). Con todo, segundo o resultado deste estudo, semella que mostran unhas representacións daquela comunidade, así coma da súa poboación máis positivas ca negativas, dado que pese a manteren estereotipos como o de seren "tacaños" teñen unha percepción de Cataluña como comunidade dinámica, moderna e próspera, feito que os leva a estuda-la súa lingua pensando nun futuro aproveitamento profesional. Con todo, a súa lingua "[...] contrariamente a lo que podría imaginarse, no parece ser lo que

Esa visión positiva aparece estendida á cuestión da lingua, de feito nos dous grupos xorde a imaxe do catalán como primeira lingua na empresa en Cataluña (R: = =[en cataluña] está moito máis imposto ca aquí[82]). De feito, todos, tanto traballadores como empresarios, destacan como comprobaron, a partir do contacto con empresas de Cataluña, como a primeira lingua na atención telefónica é o catalán[83]:

> F: =eu non sei se vostedes non sei se ustedes tendrán chamadas telefónicas se farán chamadas telefónicas cotidianas a cataluña=> | nós facemos… / calquer catalán que descolga o teléfono sempre "digui" e nós non nós dicimos / dígame (…)
> V: =como é dígame=> en galego?
> F: eh?
> V: como é dígame en galego?
> F: = =no no no en galego temos sempre dígame dicimos en castellano dígame
> V: no i digo i como se di dígame en galego
> [barullo: falan por detrás]
> H: <=igual=
> F : =no no no=> igual igual / bueno pero de todas maneiras de tódalas maneiras eles automaticamente din "digui" (GE: 469-485)
>
> M: = =efectivamente / ti lle chamas a unha empresa catalana e por defecto che contesta digui < > non che contesta hola buenas tardes
> J: <sempre> <=sempre= (GT:742-744)

Non houbo ningunha declaración negativa ó respecto deste comportamento, nin se mencionou o estereotipo tan común dos cataláns como “diverxentes” ou non converxentes diante de persoas que non coñecen o catalán, o que leva á cualificación de “irrespectuosos”, argumento que se emprega para pedir e xustifica-la converxencia do galego (e demais linguas minorizadas en España) diante do castelán. Nestas conversas deuse unha imaxe case no sentido contrario[84], quizais influída pola presenza nos dous grupos de persoas que tiveron ou tiñan contacto directo con eles e levaron o discurso por outro camiño. No grupo dos traballadores, a intervención de Jesús, que viviu alá, quizais evitou a posible introdución deses tópicos:

---

mejor representa a Cataluña tanto para los estudiantes de catalán como para el resto (quizás por una normalidad ya asumida)” (ibidem: 11).

[82] Aínda que emprega o termo “imposto”, no contexto no que está falando quere facer referencia a que estaba máis asentado ca en Galicia.

[83] Nun estudo realizado polo Institut de Sociolingüística Catalana sobre o uso da lingua nas empresas de Cataluña dise: “Tal com podem veure en els gràfics següents predominen els casos d’empreses on la majoria del personal –directius, personal d’atenció al públic i d’oficina– parla el català. En canvi, aquest coneixement només predomina entre els operaris en una proporció reduïda d’empreses (Institut de Sociolingüística Catalana [s.d.]: 10).

> J: (...) entón eu vivín en cataluña unha época e alí respetábante tanto se empezabas a falar en en empezábanche en catalán e falábaslle en castelán e normalmente pasa- eu: no tempo que estiven nunca tuven ningún problema de que si llelo dicías e sin dicirllo pasaban ó castelán | e nunca tuven o sea eso que dende a administración central tratan de demostrar que o catalán é mui atravesao | eu non o notei nunca[85] (GT:457-462)

No grupo dos empresarios, Helena (H) que fala desde a súa experiencia de viaxar continuamente a esa rexión, dá conta dos usos internos nas empresas catalás:

> H: (...) eu: non fun a traballar a cataluña pero vou moitas veces alí e sei como funciona e: se vas alí eles falan catalán e: bueno se por favor case a veces llo pides intentan pois <=falarche falarche en en castelán pero non non por non por deferencia a ti= (GE: 465-468)

Con todo, non realiza ningún xuízo de valor, presenta os feitos como algo establecido de xeito natural, un estereotipo que identifica ós cataláns e que se opón a outro que nos identifica a nós, os galegos:

> H: (...) entre: traballadores da empresa eu podo falar da miña experiencia solamente pero: vexo que non sei se influirá un pouco tamén o o carácter dos galegos | en comparación con outros sitios de españa por exemplo con cataluña que son os que conozco máis (GE: 459-461)

Esta amabilidade que se lles presupón ós galegos[86], podería ser unha forma de expresa-la falta de sentimento de identidade a través da lingua, feito que os cataláns semellan ter perfectamente asumido.

Esta representación positiva dos usos do catalán en Cataluña por parte dos participantes, que teñen como base real –exceptuando dous casos– a citada experiencia telefónica, pode ter varias interpretacións. Por unha banda, pódese pensar que está magnificada debido á política lingüística que segue o goberno autónomo daquela comunidade[87]:

---

[84] Algúns empresarios nas enquisas si que manifestaron estes estereotipos negativos sobre os cataláns e a defensa da súa lingua.

[85] Na análise realizada por Sangrador García (1981) sobre os estereotipos das diferentes nacionalidades e rexións de España, os seis primeiros adxectivos con que os galegos describiron os cataláns son (colocados en orde decrecente segundo a súa porcentaxe de aplicación): ambiciosos, prácticos, intelixentes, amantes da súa terra, orgullosos, separatistas. Pola contra, para describir ós vascos empregaron: fortes, separtistas, amantes da súa terra, valentes, extremistas e intelixentes. Destes adxectivos coincidiron o resto dos participantes no estudo (casteláns, andaluces, cataláns e vascos) en denominar como fortes ós vascos e como prácticos ós cataláns (Sangrador García, 1981: 127, 148,160).

[86] No estudo de Sangrador García (1981) sobre os estereotipos das diferentes nacionalidades de España dáse conta de cómo os galegos se califican a si mesmos en primeiro lugar como "cariñosos", adxectivo bastante próximo desde o punto de vista semántico á "amabilidade" coa que nos cualifica Helena.

[87] De feito, os outros territorios de lingua catalá non dan a mesma imaxe ca Cataluña; feito debido –segundo o estudo de Bauçà i Sastre– ás diferentes planificacións lingüísticas de cada territorio, que –no fondo– son froito de ideoloxías diferentes: "(...) l'anàlisi de la planificació lingüística en cadascun d'aquests territoris [Catalunya, País Valencià, Illes Balears] revela un determinat tipus d'ideologia política" (Bauçà i Sastre, A. [en liña]).

> Per una banda, el procés de planificació lingüística a Catalunya, tot partint de la consideració del catalá com a única llengua pròpia del país, permet l'aplicació d'unes activitats planificadores fermes i decidides en relació a la introducció i extensió d'aquesta llengua, fet que ens constata l'existència d'una clara ideologia nacionalista basada en una catalanisme cultural que té la llengua com a element central (Bauçà i Sastre, A. [en liña]).

Isto configurou unha imaxe de normalidade sobredimensionada, que está en relación coa cuestión dos estereotipos e da nacionalidade vista arriba[88]. De feito, a realidade lingüística na empresa catalá semella estar lonxe de acada-la normalidade, sobre todo polo peso que teñen os traballadores de fóra da comunidade[89]. Por outra banda, aínda que unha persoa no grupo de traballadores recoñeza que os cataláns teñen "(...) unha lingua que tampouco vai polo mundo e: dando chimpos i: colocándose / entendes? de lingua estrella"(GT: 204-205) establécese a comparación a partir da autoestima e do autoodio ó galego, elemento que Inés considera central mesmo para o noso desenvolvemento empresarial:

> I: (...) pero vai o sea ¿vailles ben realmente ós empresarios por exemplo galego galegos repudiando a lingua galega ou e e desa maneira sendo galegos? non! vailles ben na súa área de: non sei que porque nos venderon que o castelán era unha lingua de superior categoría pero non lles vai ben porque os cataláns que teñen unha lingua que tampouco vai polo mundo e: dando chimpos i: colocándose / entendes? de lingua estrella / eles eles son como empresarios porque teñen detrás unha conciencia diferente do que é o seu país e do respecto como pobo pois vailles moito mellor--
> M: si
> I: = =porque sexan emprendedores e tal | pero bueno o da lingua si alí funciona como: como un acicate para a empresa para que a riqueza sexa unha riqueza catalana i aquí non funciona pois ó mellor | non lles vai tan ben ós empresarios: <=o que pasa=
> T: =pero ellos usan=> el catalán a nivel a nivel regional después usan el castellano / eh?
> I: = =pero ese ese é o problema ¿quen lle quen lle impediría ós nosos empresarios ou á nosa población < > <=facer o mismo= (GT: 200-214)

Esta reflexión buscando os porqués de que en Galicia os empresarios non empreguen o galego, vai derivar nunha serie de respostas que se analizarán logo no punto 6.3.3.

No entanto, da representación dos vascos téñense menos datos porque só se fala deles nunha ocasión no grupo dos traballadores. Pero destaca que xurda o tema para, precisamente, critica-lo baixo uso do euskera por parte de Simón:

[88] En Herrero de Miñón e outros (1999) aparecen compilados unha serie de estudos xurídicos sobre a Lei de Normalización Lingüística do catalán. Resulta interesante para o que se está tratando aquí a análise xeral sobre o mundo socioeconómico (Puig Salellas, 1999).

[89] Pese a que esta comunidade recibe arredor dun cuarto dos inmigrantes de todo o Estado español, e polo tanto conta cunha poboación de orixes moi diversas e, polo tanto, con linguas maternas variadas, segundo os datos publicados pola Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya da estatística de usos

Sk: (...) o tema este: vasco e: e catalán eu creo que: os vascos: e: reivindican: o idioma porque se creen bueno teñen este sentimento de pueblo diferenciao pero sin embargo: utilízano: relativamente | é moi distinto o tema vasco ó tema catalán (...) os vascos son mui reivindicativos {(p) e me parece de puta madre e tal} ahora o idioma úsano eu creo que mui pouco-- (GT: 463-469)

O feito de que relacione o uso da lingua coa reivindicación da súa identidade é moi significativo[90]. Simón denuncia a imaxe que os vascos –que se senten un "pueblo diferenciado"– pretenden reivindicar apoiándose na posesión dunha lingua que el asegura que se fala pouco. Mesmo conta unha anécdota que lle pasou cun grupo de vascos en Marrocos para asevera-la súa tese de que o uso dunha lingua non vai ligado coa ideoloxía nacionalista ou cando menos "reivindicativa" [91]:

Sk: (...)o certo é que eles estaban falando en CASTELLANO entre eles {(f) o cartel que habían posto alí estaba en eusquera} pero eles estaban FALANDO EN CASTELLANO entre eles porque nós os oímos | e esto lles jodeu un guevo entonces realmente esto non é que nolo vendan / vascos que falen en eusquera hai moi poucos | eu teño familia alí de neno me pasaba os veráns alí e desde logo: daquela nunca oín a nadie falar falar en eusquera non así os cataláns[92] (GT: 504-508)

Reafirma esta idea Carlos, quen, partindo das súas vivencias, insiste na pouca presenza do vasco derivada do peso da poboación emigrante:

Cs: =de tódolos xeitos no país vasco= douche a razón a ti de feito eu nacín en san sebastián | teño MOIta familia alí emigrantes e: a verdá que o vasco dacuerdo no medio rural en donosti non se fala moito vasco | de feito moitos dos e: dos--

Sk: = ={(ac) home eu creo que xxx en pasajes seguro que se fala máis gallego que}

Cs: = =si si

Sk: = =que eusquera

Cs: xxx no país vasco tampouco fai moitos anos que se implantou e no colegio a lengua vasca | de feito / moito da sociedá vasca son emigrantes estremeños gallegos e incluso algún andaluz | entonces é normal que se fale castellano moitísimo tanto en san sebastián en pasajes incluso en rentería mismo xxx por aí uns sectores nacionalistas que o meten xxx / se fala todavía moito castellano no país vasco (GT: 521-531)

---

lingüísticos de 2003, constátase que o 50,1% da poboación ten como lingua habitual o catalán (http://www6.gencat.net/llengcat/socio/us.htm).

[90] Sobre o tema da identidade e usos lingüísticos en Cataluña pode consultarse o estudo de Fabà e outros [en liña].

[91] No traballo de Sangrador García (1996), destácase o auto-estereotipo positivo dos vascos fronte a un hetero-estereotipo que non o é tanto (aínda que cunha tonalidade máis favaroble cá dos cataláns). De xeito global, o vasco non chega a ser un estereotipo positivo pero tampouco negativo, dado que os que podían ser considerados así, dependen de quen os analice. Trátase do trazo que aparece en primeiro lugar que fai referencia ó independentismo/separatismo (independentismo que está ó mesmo nivel có dos cataláns pero presentan un grao moito maior de separatismo) (Sangrador García, 1996: 136).

[92] Para Simón a imaxe dos vascos é máis negativa cá dos cataláns, vese cando a continuación conta o caso duns amigos cataláns que ten el aquí en Santiago e que aprenderon galego e fálano "moito mellor ca min", disposición que os vascos –segundo el– non teñen: "(...) [referíndose ó amigo catalán] aprendeu gallego | esto solo llo vin facer ós ós cataláns | un vasco que viñera aquí {[con contundencia] non aprendería gallego} | eso creo que o teño bastante claro--" (GT: 507-517). De calquera xeito, non se estableceu un discurso ó respecto dos vascos.

Cómpre fixarse na ligazón que establecen entre a "introdución" do éuscaro na sociedade e os sectores nacionalistas[93]. Pero destaca das declaracións de Simón como a reivindicación da identidade (que el lles recoñece ós vascos) non vai unida á lingua, mentres que Inés –desde a súa concepción da lingua como elemento clave identificador– pensa que ese estereotipo vén imposto:

> I: (...) eu teño escoitado que aí hai tamén o sea nos venden a moto que non se utiliza e por exemplo no rural e nos caseríos hai moita xente galego ou vascofalante casi por | <=como única lingua= (GT: 480-482)

A defensa da lingua como sinal de identidade parte primeiramente dunha ideoloxía identitaria, que defende a existencia dunha comunidade diferenciada, onde un dos elementos clave para establecer tal identidade é a posesión dunha lingua diferente. Os posuidores desta ideoloxía normalmente manifestan unha actitude de lealdade lingüística.

6.3.2 A ACTITUDE DE LEALDADE LINGÜÍSTICA

No grupo de traballadores houbo dous participantes que manifestaron claramente unha actitude de lealdade lingüística, tanto nas súas argumentacións en defensa da lingua, como nas manifestacións dos seus comportamentos. Inés, quen di que se mantén galegófona porque aprendeu a falar en galego na súa casa, confesa que mantivo unha actitude diglósica de nena e adolescente, ó falar castelán fóra do ámbito familiar, ata que se concienciou e se comprometeu co idioma:

> I: [contestándolle a afirmación anterior de So onde manifestaba a súa converxencia cara ó castelán] (...) pero [f] eu por exemplo tomei esa decisión un día} eu como cliente dun banco son galega i eu como cliente en zara son galega | si non me entenden? evidentemente que me dou a volta | EN GALICIA | xa non estou falando si vou a toledo falarei castelán porque me interesa que me entendan pero en galicia si unha dependienta ou: un: o que sexa non me quere entender en galego {[categoricamente] doume a volta} {(p) i eu desde logo non compro máis aí | eh?} (GT: 1141-1146)

Os comportamentos lingüísticos que ela manifesta son exemplo dunha posición de compromiso co galego e van desde a ausencia de converxencia diante de estranxeiros instalados en Galicia:

> I: (...) se unha persoa vén aquí catro días estou disposta a falarlle en castelán catro días | si se vai quedar aquí: eu fálolle en galego | que me falen o que queiran i que vaia aprendendo | porque non vou estar eu toda a miña vida con ca- / dáme igual de donde veña / vou estar toda a vida eu cambiando a miña lingua

[93] En Sánchez Carrión (1991) poden verse claves que se empregaron e que o outro propuxo empregar para acada-la normalización do "euskara", así como a súa xustificación teórica.

> materna: para falar con alguén que decide que non vai aprender a entenderme? eu xa non lle pido que me porque como eu o vou a entender si fala castelán pois xa está | entón (GT:262-267)

ata a militancia activa coa asistencia a pases de cinema en galego:

> I: {(f) aquí atreveuse} {(p) eu vou a ver versións en galego sencillamente para que sigan facendo algunha e ó mellor Harry Potter non me interesa o máis mínimo e iría se é si é unha das que fan en galego (GT: 1389-1391)

De calquera xeito é tolerante coa lingua dos demais, e manifféstase comprensiva coa falta de converxencia cando falan con ela, feito que xustifica pola experiencia do duro que é o cambio:

> I: outra cousa outra cousa é / {(f) tampouco lle pido que me contesten nada creo que | [concorda Su cun <claro!>] que no traballo deberían facermo} cando saben pois por respecto a min como clienta | ahora na calle cada un ten a súa lingua nai i eu VALORO tanto a miña i entendo que é TAN DIFÍCIL facer o CAMBIO porque SÍNTElas cousas nesa lingua (GT: 1149-1152)

Estes comportamentos de Inés, que deixan á vista un sentimento de lealdade cara ó galego, están en relación cunha representación da lingua como algo do que hai que enorgullecerse e que é unha marca de identidade dunha comunidade:

> I: (...) sinón si o temos aquí ou o borramos dun plumazo ou o temos que ter como algo de do que estamos orgullosos i si o <u>pasamos</u> ás seguintes xeneraciós é porque nos sentimos cómodos tendo unha lingua e | diferente que compartimos con outros (GT: 1058-1061)

e que –sobre todo– os galegofalantes deberían defender:

> I: (...) pero son eu como galegofalante a que teño que ter interés i a que teño que penalizar a certo tipo de cousas i premiar certo tipo de actitudes (GT: 1363-1365)

Pola súa banda, outro dos membros do GT, Miguel, deu mostras en varias ocasións dunha actitude de lealdade lingüística, que se manifesta tamén nun comportamento monolingüe:

> M: (...): eu falo siempre en galego incluso o sea se estou en territorio galego falo siempre galego incluso sabendo que o mellor a outra persoa é pois eso unha persoa que veu doutra rexión de españa eu fálolle sempre en galego unha porque o vai entender / o galego é fácil de entender e outra porque bueno se está en galicia eu entendo que ten que saber galego (GT:186-190)

Parte, igual ca Inés, de que o galego é un elemento clave da nosa da identidade que hai que defender, polo que calquera persoa que se integre na comunidade debe coñece-la lingua. Isto xustifica o seu comportamento monolingüe e diverxente, tal como se deduce ó contar unha experiencia laboral:

> M: bueno a min pasoume un caso extremo (...)| o xestor era pois creo que estaba: | na coruña ou por aí era: / e o tío me dixo amais con todas as palabras non me insinuou <u>mo dixo</u> que que que non me entendía

> que me pasara ó castelán que non me entendía | vale macho pois vale hasta logo | colgueille e listo < > pero esos son casos extremos (GT: 274-280)

Esta actitude de lealdade e compromiso coa lingua no traballo non a poden manter tódolos traballadores. Este interlocutor fala desde a posición dun técnico que ten certa autonomía na empresa na que traballa, na que non semella haber unhas directrices de usos onde se prime o castelán. Polo tanto, pese a que as actitudes de lealdade dos traballadores serían moi positivas no proceso de normalización do galego na empresa, terían que darse as condicións deste técnico, porque hai que recoñecer que noutros casos estarían limitadas polas barreiras que establecese o empresario.

Deste xeito, estas prácticas reivindicativas plasmadas en comportamentos monolingües que antes relacionaba cunha ideoloxía lingüística identitaria, están sendo estereotipados como propias dunha ideoloxía política nacionalista. A ideoloxía lingüística identitaria podería ser denominada nacionalista no sentido de que une o concepto de nación co de lingua, proceso levado a cabo nos Estados-nación. Pero nas nacionalidades que non contan cun Estado[94] (como é o caso das comunidades históricas) as opcións políticas de tendencia nacionalista empregan as linguas propias como un dos seus elementos constitutivos. En Galicia os militantes nacionalistas agrúpanse arredor dun único partido de tendencia política de esquerdas e caracterízanse por manter –en grande medida– un comportamento monolingüe en galego[95]. Isto leva a que toda ideoloxía "lingüística" identitaria, que se manifesta en actitudes de lealdade lingüística, se confunda cunha ideoloxía "política" nacionalista, confusión que pode ser interesada. A partir dun comportamento lingüístico monolingüe mantido polos militantes nacionalistas naceu un estereotipo que liga o emprego do galego por parte de persoas de clase social elevada, con certa formación, residentes nas cidades que usan unha variante do galego moi próxima ó estándar, coa militancia nacionalista de

[94] En Ramírez Dorado (1992: 19-145) pode verse un estudo detallado sobre as diferentes concepcións de Nación e Estado dentro do marco do nacionalismo nas ciencias sociais.

[95] O nacionalismo galego naceu a partir dunha organización, As Irmandades da Fala, que situou a lingua como "epítome da nacionalidade" (Beramendi e Nuñez Seixas, 1996: 94). Na actualidade, trala falta de consolidación dun nacionalismo de centro-dereita (por exemplo a formación Coalición Galega, nacida nos anos oitenta como "nacionalista moderada centrista e progresista") que –segundo os citados investigadores– non manifestara unha excesiva preocupación pola lingua (pois deles dependía a DXPL durante o goberno tripartito, cando se declarou anticonstitucional a LNL), o único partido de carácter nacionalista existente hoxe, o BNG, cunha base social nos primeiros anos fundamentalmente popular (labregos e obreiros asalariados) e polo tanto galegófona, foi adquirindo cada vez máis electorado urbano, novo e polo tanto castelanófono. Con todo, segue a identificarse cun emprego comprometido do galego por parte das clases medias e altas que constitúen a militancia urbana, o que Beramendi e Nuñez Seixas denominaron "intelligentsia" urbana (ibidem: 282).

esquerdas. Este estereotipo, que se manifestou no grupo dos empresarios, é unha nova representación do galego, á que se lle dedica a epígrafe 6.4.1.

Da observación dos grupos dedúcese que aínda que a actitude de lealdade se relaciona directamente cunha ideoloxía lingüística identitaria, esta non sempre implica aquela. De feito Jesús, que ten comportamentos que non denotan unha postura de lealdade lingüística, únese ó discurso de Inés e Miguel acusando tanto as posturas dos empresarios como das institucións públicas e o goberno que as rexenta, de falta de compromiso co seu territorio. Para eles o problema do galego non está nunha limitación territorial, xa que esta é superable polo grao de comprensión que ofrece, senón nunha cuestión de falta de autoestima ó mesmo tempo que de que se prima a identidade española por riba da galega:

> M: [falando sobre a posibilidade de poñer as facturas en galego] entenderíase / é unha cuestión de / por que non se usa o galego por defecto?--
> J: = =porque pensamos nós pensamos que falar galego vai ofender ó resto de españa
> M: <=claro aí está!=
> J: =entendes?=> e os cataláns non pensan < > que o seu catalán <=vai ofender é a miña lingua e póñoa así= / se cha teño que traducir tradúzcocha pero non che ten por qué ofender--
> M: <un catalán> =ti si chamas a unha empresa=>
> J: en cambio nós pensamos que se lle falamos a alguén en galego que o estamos ofendendo (GT: 735:741)

Esta idea de que o emprego do galego pode ser unha afrenta pode derivar dun prexuízo estendido a partir dunha representación que se impuxo durante séculos do castelán como lingua de falantes "respectables", e polo tanto, cara ós que había que converxer.

Partindo dun estereotipo dos galegos como xente amable e con afán de agradar, que os participantes asumen (como xa se viu en páxinas precedentes), (*I: (...) non somos <=un {(f) unha poboación disposta a toca-las narices}=, GT: 652-653*) argumentan a solución para esa limitación territorial, pero –tal e como o ven os informantes– pode máis un autoodio dunha sociedade que se sente –e quere demostralo– primeiro española e logo galega:

> J: paréceche que eres unha empresa me menos importante o sea e o caso de * empresaSk ó mellor dicen claro se somos en galego parece que somos uns galegos que queremos vender en españa e se as facemos en castelán pois somos unha empresa nacional[96] (GT:758-760)

[96] Jesús está contraargumentando a teoría de Simón, quen consideraba que a razón de non introduci-lo galego baseábase en que era "unha complicación innecesaria".

Xorde ademais por parte destes informantes a tese de que estas representacións son froito dunha ideoloxía non identitaria que se difunde conscientemente, dunha banda, por parte do goberno:

> J: ese é o o sentimento vén sempre polas clases pudintes / o sea os políticos non pensan en galego pensan en castelán ti ves a fraga que é de villalba eu que sei a ó pequeno este de lalín a a cuíña < > parecen madrileños (GT: 762-764)

e, doutra, dos medios de comunicación, quen –segundo expresa el e acepta o resto do grupo– axudan a formar estas representacións da lingua:

> J: (...) gayoso parece que fai o seu idioma para os paletos a forma de falar e de comunicarse con eles non é de respeto (...) {(f) e a forma de falar e de facer o <=programa e falar para idiotas=}(GT:772-777)

O grupo acepta a súa idea de que desa maneira está axudando a mante-lo complexo de inferioridade e polo tanto o autoodio e os prexuízos de pertencer a unha comunidade determinada[97]:

> J: {[con ton de rabia] e parece que este este este listillo está está que bo é! está:
> I: { (p) baixando ó noso nivel}
> J: está baixando ó noso nivel / sabe facer chistes con un tono entón / e eso está aí subliminal non se nota pero estamos recibindo e entón o que fai é que ti cada vez {(p) <u>nótaste</u> pois inferior} (...) se mo di tantas veces e ninguén llo rebate dos que están por aquí pois terá razón! (GT:784-790)

A ligazón que fan estes actores sociais entre a representación do autoodio e da identidade conflúe na cuestión lingüística. Unha das razóns de que a identidade española prime por riba da galega é o autoodio que senten os galegos, circunstancia provocada, "que se nos ensinou":

> I: (...) a historia está en que si eu aquí me avergonzo do que son si eu rechazo unha lingua me estou rechazando a min mesma | i cando me proyecto por aí | son un ciudadano <u>no mundo</u> de segunda categoría i eu creo que así é como se sinten moitísimos galegos o inchen como o inchen é unha cuestión de repudiar o que se lle enseñou que era malo (GT: 219-223)

O establecemento deste discurso moi argumentado por estes participantes do GT, leva a que haxa outros membros que, aínda sen manifestaren actitudes de lealdade, apoien a idea de que desde as clases altas e desde as insitituciónns (a Xunta) se fomente ese desprestixio pola lingua, o que leva a incrementa-lo sentimento de inferioridade dos falantes:

[97] Xa se comentou no seu momento como nos grupos se reflectiu a posición da poboación galegofalante que tenta falar castelán na televisión e radios galegas, debido ó complexo que teñen de que non falan correctamente.

Cs: = =o sea que o noso goberno é a xunta e resulta que chega alí e te encontras que está falando todo o mundo castellano | entón dirá o tipo que vai pedir algo pois eu son inferior ou eu: son raro ou: o mismo pasa nos hospitales pasa: todos estes < > funcionarios que veñen: de fóra ou non de fóra
Mo: <si si>
I: non / non son de fóra o problema é que non son de fóra non (GT: 256-261)

Esta afirmación de Inés insiste en que o problema é interno, do endogrupo que non se quere recoñecer nas súas características, polo que, se os propios galegos non manteñen unha postura de lealdade lingüística é difícil que a adopten os de fóra. Así o discurso no GT adquire tintes pesimistas á hora de falar da normalización do galego, debido a que –recoñecida a limitación territorial desta lingua– a despreocupación (social e institucional) pola cuestión lingüística, e pola súa dimensión nacional séntese abocar cara á desgaleguización do territorio e polo tanto das empresas, preocupación que non mostran tódolos membros:

Su: =pero non non creedes que eso igual=> si que existe pero que: na xente nova existe menos?
I: <=no::=
T: =NO!=>
Su: non vos parece? [varios contestan cun non convincente] pois eu creo <=que si= (GT: 555-559)

O discurso volve encamiñarse cara a insistir en que o único que se conseguiu foi algo máis de *respecto* polos galegófonos ós que "non se lle ridiculiza tan facilmente"(I en GT) (aspecto que se vai analizar máis polo miúdo na epígrafe 6.4). A liña discursiva deriva en que, se non existe cara ás empresas unha presión social desde o conxunto da poboación, nin unha presión institucional desde o goberno, tal e como recolle Miguel (co que concordan os demais membros) non vai existir ningunha motivación para emprega-la lingua vernácula:

M: (...)[falando dos empresarios] é dicir como ninguén llo esixe e para facer negocios por aí adiante pois: | lle vai de puta de madre: falando castelán | pois para que coño: vai aprender e: galego / ó mellor ese mismo directivo imaxinemos de: castilla: si se fora a cataluña pois probablemente aprendería catalán-- (GT: 192-195)

O desinterese polo galego na empresa vese como un reflexo dun desinterese xeral, tanto por parte do goberno como da cidadanía, dado que a lingua segue a ser un sinal dunha identidade galega que aínda se despreza en grande medida. No entanto, quizais nesta cuestión non triunfen medidas ailladas a realizar de maneira precipitada e brusca, pode que se necesite realizar un labor de implantación de medidas paralelo ó de concienciación da necesidade destas, para que non se dean casos coma o rexistrado no concello de Narón, en

que unha sentenza do Tribunal de Superior de Xustiza de Galiza (TXSG) acabou anulando unha moción da devandita institución do ano 2001, que instaba ó emprego do galego nas relacións coa corporación local a aquelas empresas que lles prestasen servizos ó concello[98].

6.3.3 A DESLEALDADE LINGÜÍSTICA: AUSENCIA DUNHA REPRESENTACIÓN DA LINGUA COMO IDENTIDADE

Acábase de ver como desde o punto de vista dos que manteñen unha actitude de lealdade lingüística, a deslealdade está moi en relación co autoodio e coa falta dunha representación social da lingua como sinal de identidade, circunstancia que repercute na empresa.

Nesta epígrafe tentouse agrupa-lo discurso que se foi establecendo arredor da actitude de deslealdade, así como as manifestacións propias e alleas sobre a relación entre a lingua e a identidade.

Os propios participantes que defendían unha ideoloxía identitaria van centra-la problemática da lingua –como se viu– na falta de lealdade lingüística da maioría da sociedade galega, fronte ó que pasa noutras comunidades onde existe unha presión social. Partindo de que a lingua é un elemento pouco importante para a maioría que configura o endogrupo, as empresas non modifican a súa política lingüística:

> M: é máis é máis eu non sei hasta que punto xa concretando moito o tema no caso do corte inglés / o corte inglés de de alí de plaza cataluña non? do centro / é máis se vas alí me estraña un huevo que o primeiro idioma que che empleen non sea o catalán porque alí no centro fálase é onde máis se fala: o catalán [J asente] i me estraña moito que o primeiro idioma non che contesten en--
> J: <=pero eso porque é: e cando un vai facer negocio a cataluña=
> I: =hom hom hombre cambia o chip=>
> J: en cambio <=cando vén aquí= / cando vén aquí di {(f) cal é a situación?} (GT: 1316-1323)

A falta de presión social en Galicia para usa-la lingua, fronte ó que sucede en Cataluña, vese como unha causa do problema:

> J: si non tes interés en falalo i as empresas ven e non se sinten socialmente presionadas [I acepta cun "claro"] non se sinten socialmente presionada pa usalo {(ac) pois ela truxo un montón de directivos andaluces entón o que ten que usarse aí / andaluces (...) non os colleron e non os metéronos nun cursillo de galego porque tiñan que comunicarse cos galegos en galego non eso--}
> So: = =non lle interesaba

[98] A sentenza fíxose pública nos primeiros días do mes de xaneiro de 2005. O concello xa anunciou que non pensa recorre-la sentenza.

> J: non lle interesaba pero que a xente que viña de aquí ou de alá soubera que a terneira galega ou o marisco galego era moi bo e dicirlle á xente / eso si metéronos nun cursillo e ala todo dios a saber como é o produto galego para contarlle ós galegos o que xa sabían (GT: 1345-1357)

Este aspecto tamén se tocou no grupo dos empresarios, onde –sen nunca trata-lo tema da identidade directamente– se destaca a importancia da clientela como motora de calquera cambio na empresa. Desde a perspectiva de Helena, toda empresa está interesada en adecuarse ó cliente, polo que se este demanda produtos ou servizos en galego, a empresa empregará esta lingua para ofrecer mellores servizos e para ser máis competitiva:

> H: eu creo que o que marca sempre a pauta nas empresas é o cliente o sea se o cliente demanda as empresas e os directivos e toda a empresa se volcará | por eso que é fundamental que a sociedá esté concienciada porque se non está concienzada as empresas {(ac) tampouco llo van impoñer ós seus clientes} se: se ves unha necesidá si que <=si que::= (GE: 751-754)

Noutro momento posterior da conversa, a mesma participante volve insistir na importancia do mercado, que será o que determine a postura lingüística que adopte a dirección da empresa, que ó final é quen pode consegui-la galeguización da mesma, non os empregados galegófonos:

> H: = =para min o fundamental é ese mercado e as directrices da empresa o sea que a dirección teña claro que vai que vai ser positivo porque: se a dirección non non aposta por eso non se van implantar nunca aunque os empleados entre si falen en galego | {[con rotundidade] nunca}(GE:878-880)

Esa importancia do mercado está unida directamente coa cuestión da rendibilidade económica que lles pode supoñe-la introdución do galego ás empresas. O feito de que o uso do galego reporte beneficios para a empresa, reporte que está en relación co aumento ou perda de mercado segundo os usos lingüísticos, só se lle pode facer entender ó empresario a través da presión social, presión que non se acaba de sentir con forza. A contradición con este discurso xeral dos empresarios establécese co da representante de *empresaH que pensa que o galego serve “pa darlle un servicio mellor á empresa”, de feito implantárono na súa firma e tivo boa aceptación:

> H: aínda que hai xente que que: di porque o que fixemos é mandar {(ac) todo en galego e dicir que se non queren} que nos digan que que lle sigamos mandando a comunicación en castelán e bueno-- (...) hai de todo non é que todo o mundo nos contestase que quería seguir en castelán pero: hubo xente que si que nos contestaron que quería seguir tendo as comunicacións en castelán pero a maioría obviamente sigue estando en galego (GE:70-84)

Recoñece que foron escasos os casos que pediron mante-la comunicación en castelán, pero dos que se pode deducir unha posición de rexeitamento cara á lingua que sobrepasa calquera argumentación:

H: ah {(ac) os que rexeitan as cousas en galego non dan razóns} porque: normalmente non dan razóns ademais son bastante: tajantes (GE: 602-603)

Ó lado destaca algunhas mostras de agradecemento pola iniciativa galeguizadora:

H: (...) outros si que están moi agradecidos eh? (...) incluso car- que nunca: pensas que alguien se poida parar porque {(ac) no mundo no que vivimos no que o tempo é tan fundamental que alguien se pare a escribirche unha carta de agradecemento (GE: 607-611)

De tódolos xeitos, aínda que non lle discuten o éxito da súa iniciativa, o resto dos participantes manteñen un discurso apoiado na falta de necesidade do galego nas empresas, e por conseguinte na pouca rendibilidade que se lle pode sacar a tal esforzo, fundamentalmente por parte das firmas pequenas:

H: = =si pero ó mellor por exemplo vós poderíades conseguir unha axuda para ter algo pa darlle un servicio mellor á empresa non sei <=non sei…=
V: =claro pero=> o que pasa que como non sintes a NECESIDADE < > de que teña que ser en galego
H: <claro!>
R: = =debido a que deso non é do que vive e como son empresas pequenas que tal como están implantadas eso non lles vai facer máis mercado eu falo dun entorno de empresas moi pequenas | [varios asenten coa cabeza e asenten con convencemento co monosílabo: si] (GE: 723-730)

Polo tanto a, seguramente, boa acollida que tería o emprego do galego entre a nosa sociedade, segundo demostran os estudos realizados (Ramallo e Rei Doval, 1997) percíbese como unha posibilidade latente, pero que está moi lonxe de ser xeral ou de conseguir muda-la forma de actuar dos empresarios. Unha posible boa acollida do galego na etiquetaxe dos produtos ou na publicidade é moi diferente a unha mala acollida do castelán, feito este último que os empresarios teñen constatado que non se produce. Así, as axudas da administración para o cambio de lingua non se ven como solución para o gasto a maiores que lle pode supoñer á empresa porque o galego só "non vende", polo menos nas empresas pequenas:

R:(...) non lles vai facer máis mercado co cual pois piden axudas para: para [óese por atrás "outras cousas"] contratar e tal porque me consta que nós pois e: que se mira: o boe i o dog i anotas todo o que sale novedoso pois mandas informes i pídense tódolos días axudas para a contratación i tal pero non para temas | galegos / estou falando que as empresas son mui pequenas **i eso non é un tema que venda** | o sea que é o pan de cada día co cual non lle preocupa ese tema [todos asenten coa cabeza ou con expresións do tipo: uhu] <4> eso pódeno implantar empresas grandes coma a que ti representas porque é unha empresa que ten un departamento específico xa ó mellor dese tema pero a empresa pequena donde o empresario é empresario é traballador é: oficinista < > <=e:: entón= (GE: 730-738)

Nestas declaracións de Rita, representante dunha empresa pequena (e coñecedora do funcionamento de todas aquelas coas que se relaciona), vese como a posibilidade de

normaliza-lo galego se asocia coas empresas grandes, ás que se lles presupón un organigrama que lles permita asumi-la carga de traballo adicional. Este feito entra en contradición coa imaxe de que o galego queda circunscrito ás firmas pequenas, xa analizada na epígrafe 6.1.3.

Desta maneira, fronte ás declaracións de Helena, quen apostaba polo apoio económico a través das subvencións da administración, ás que cualificou de insuficientes, á vez que descoñecidas:

> H: [referíndose ó tema das axudas] eu creo que é moi pouco conocido non se- non o dan a conocer | queda nun ámbito mui reducido {(p) que son os que ó final se aproveitan del deso} | e debería de estar máis difundido ó mellor non é cuestión solo de: de que exis- porque existir si que existen ó mellor non son suficientes pero eu creo que o problema é que non son conocidas por parte das empresas para: para acceder a elas (GE: 695-698)

A representante da asesoría sitúa o problema baixo outros parámetros. Posto que, segundo a súa experiencia, as empresas están ben informadas (desde a súa empresa dan conta da existencia das axudas), cre que a clave está no desinterese dos empresarios debido á falta de rendibilidade económica**,** posto que a axuda non cobre a totalidade do gasto:

> R: no pero a ver por ejemplo polo que é a nosa parte pois cada vez que sale algo mándase notas informativas a todos: clientes cas cas novedades que hai | pero: eso solo non non vende eu penso que a empresa bueno eu tamén falo que son empresas pequenas as que temos entón eso solo non vende co cual unha empresa pequena e non se plantea… / eso é unha axuda pero non cubre a totalidá co cual a empresa deso solo non vive (GE: 718-722)

Como entenden que o cambio de lingua non lle reporta ningún beneficio, o empresario ve un gasto inútil en muda-lo funcionamento lingüístico da súa empresa. Esta idea reitéraa Anxo, quen fai depende-lo cambio de visión do empresariado da demanda social:

> A: eu opino | opino non non afirmo ¿non? {(p) porque non temos ese caso} pero eu creo que as axudas son boas pero se non hai unha demanda social no mercado se o mercado non recibe mellor o produto co etiquetado ou que sea en galego que en castelán / mal mal / eu bueno penso que ultimamente hai unha marcha atrás neso[99] | as axudas son un complemento máis--(GE: 783-786)

Disto que se leva visto extráense dúas conclusións importantes: a primeira é que semella ineficaz a única medida normalizadora dirixida ás empresas que se levou adiante desde o goberno autonómico. Tal actividade "galeguizadora", que se mantén de xeito continuado desde 1987 –a convocatoria anual de subvencións para a promoción do galego nas empresas privadas– (vid. Capítulo 2, epígrafe 2.2.1.1), non a perciben os empresarios como

[99] Volve insistir en que houbo unha volta atrás nos usos do galego e polo tanto na demanda.

unha solución[100]. Sendo así, só pode actuar como un complemento, porque –e aí a segunda conclusión– sen a presión social non se vai senti-la necesidade de normaliza-lo uso do galego nas empresas. Isto converte calquera medida do tipo das axudas económicas en pouco efectivas.

Por outro lado, tamén existe a idea de que tales axudas só provocan unha galeguización "aparente" das empresas, basicamente das grandes, que son as que lle poden sacar proveito, tal como se analizou na epígrafe 6.1.3:

V: eu non sabía nin que había eso por eso o corte inglés se está galeguizando (GE: 693)

Mentres a presión social é unha cuestión central para os empresarios, no grupo dos traballadores –que tamén o mencionan– discutiuse sobre a presión institucional. A función das institucións, e as medidas que deberían adoptar no tema lingüístico, discútese a fondo neste grupo, deixando á vista dúas posturas: as daqueles que –desde un compromiso coa lingua– consideran que son necesarias, e as dos que non as entenden así (principalmente Simón), que manifestan falta de lealdade lingüística derivada das representacións sociais que teñen do galego. Estes non comparten a pretensión nin a necesidade que senten aqueles de modifica-la situación lingüística actual do galego dentro da comunidade, dado que, desde unha ideoloxía lingüística non identitaria, combinada cunha ideoloxía política unitarista do Estado español, non cómpre cambia-la posición das linguas históricas respecto ó castelán.

Desde esta perspectiva, Simón critica calquera posible intervención das institucións, idea que a maioría dos seus compañeiros non comparte, aínda que en graos diferentes, en cuxo extremo estarían os que mostran maior actitude de lealdade cara ó galego, ó consideraren clave a intervención, posto que ademais foi o método empregado para introduci-lo castelán, tal e como expresa Inés:

I: algo institucional é que nas escolas se enseñe o galego aínda que sea como segunda
Su: si
I: segunda lingua / i i algo institucional é que os nenos que son que teña aínda o galego como lingua (...) a historia está en que non o podes deixar solo=> quero dicir deixar / nunca se deixou o tema da lingua e: a miña situación sociolingüística non a non era unha situación que se deixara / alguien interviña {(ac) [con ton enfadado] para que eu non pudera escribir en en galego <=na escola=}
So: =efectivamente=> (GT: 1015-1038)

[100] Cabe mencionar que os empresarios non sacaron o tema espotaneamente senón que se lles dirixiu unha pregunta concreta por parte da moderadora, posiblemente ou ben porque non é algo que teñan presente, ou ben, e case principalmente, ó maioritario descoñecemento que existe sobre a cuestión.

pero mesmo os que non mostraran tal actitude de lealdade, defenden –implícita ou explicitamente– a necesidade de medidas insititucionais de apoio á lingua:

> Su: pero creo que fan falta campañas accións e: i normativas e programas lúdicos e cousas así (GT: 1014)

Simón móstrase contrario, e aínda que admite a cooficialidade do galego e do castelán, así como que se ensine na escola (circunstancia que non lle afecta[101]), critica a realización de campañas institucionais a favor da lingua, feito que sente como unha medida "intervencionista":

> Sk: (…) evitar a intervención e evitar os intervencionismos non quere decir evitar as normas ou as leis aquí hai unhas normas hai unhas leises de cómo se debe de enseñar | porque entonces tamén podes decir que evitar a intervención significa que {(ac) (p) que a xente non circule pola dereita que circule pola ezquerda ou como lle dea a gana} eu non estou dicindo esto para nada o que estou dicindo é que a min este tipo de campañas a veces que se gasten cartos en campañas / {(p) non sei se hai ese tipo de campañas con respecto ós idiomas} pero a veces si as hai en:... hace viento / esto que lle poñen / lluvia circule con precaución / digo me cago en tal mira levan circulando por aí {[batendo na mesa] por estas carreteras todos os gallegos con chuvia} e me parece unha gilipollez que se gasten os CARTOS cun carteliño que poña / {[voz afectada] chuvia circule con precaución} | entonces campañas fale usté galego non sei que a min eso si que non me parece útil | me parece útil que haxa unhas normas que digan / señores estamos en galicia {[batendo na mesa] e aquí o gallego e o castellano son idiomas oficiales e na escola | se enseña en gallego} [asenten por detrás T e outra persoa] hasta aí: / **pero despois que me veñan dicindo fale usté gallego é que como <=se me estuveran vendendo unha enciclopedia** tío= (GT: 2023-2035)

Esta formulación, que a maioría dos compañeiros (menos Tomé) lle rebate, vaina apoiar no mesmo argumento usado polos empresarios: a necesidade de medidas de presión social, é dicir, que a cidadanía se implique. Se esta non está interesada no tema da lingua non se lle ve sentido a que se presione desde as institucións, e menos que se lle esixa o uso do galego ás empresas:

> SK: si ti non es capaz de recoller unha lata de cocacola metela no coche e tira nun cubo / como lle vas a pedir a unha empresa que se gaste douscentos millóns de pesetas en poñer un filtro nunha caldeira?
> I: tenllo que pedir a administración que ten que velar <pola miña saúde i polo meu futuro>
> SK: si pero si nós mismos> non somos capaces de facer
> C: é que é lógico joder
> SK: si non somos capaces de facer o fácil joder o que non nos costa nada/ é moi fácil pedir/ no: é o teñen os políticos teñen/ no temos que ser todos-
> So: =tamén nos teñen que educar=> porque si nós non estamos educados <=tamén nos hai que educar= (GT:1487-1496)

[101] Que o galego se ensine na escola non lle afecta porque está fóra do sistema escolar e tampouco ten fillos, polo tanto é algo que sente afastado del.

Destaca como Asunción insiste nas medidas institucionais e compara a situación galega coa catalá, tentando xustifica-la necesidade de medidas desde os gobernos para que non se produzan "abusos", coma os da falta de respecto pola toponimia:

> Su: {[eleva o ton para facerse oír por riba do barullo] mira estes días o delegado do goberno foi foi unha vergonza} porque un delegado do goberno diga MUGÍA que NON EXISTE porque eso non existe non é nada | mugía non é nada e que diga cabo villano que non é nada e que non pase nada e que aznar diga o presidente DA JUNTA e non PASE nada porque eso é moi grave a junta non existe non é nada non existe- (GT: 1071-1076)

Tal tratamento non llelo aplicarían ós cataláns, sempre presentes nas comparacións:

> Su: e claro e que por eso a institución as institucións teñen que facer algo e os que as representan tamén <3> {[con rotundidade] eso é esencial é unha tontería pero é esencial} porque non diría jordi pujol [o iota pronunciado con fricativa velar xorda] {[entre risas] nin diría generalitat [o gue pronunciado con fricativa velar xorda] de cataluña} por que si o di no caso de galicia? por que? (GT: 1077-1081)

Simón non se convence cos argumentos dos compañeiros e manifesta sempre a dúbida da conveniencia de tales medidas (*Sk: eu a verdá é que ás veces teño as miñas dudas eh?, GT: 1002*) deixando recaer toda a responsabilidade na poboación:

> SK: [falando da prensa en galego] o que ten que facer a xente é comprar/ se a xente non compra o correo en gallego eso non é problema dos políticos é problema da xente que non o compra (GT: 1531-1532)

Tamén Jesús incide, desde unha posición que sempre se mantivo crítica coa actitude da sociedade galega (foi un dos que máis denunciou o autoodio), na súa culpabilidade polo mantemento dunha actitude conformista coa situación lingüística existente e, polo tanto, nada reivindicativa:

> J: (...) pero somos nós os consumidores quen temos que decidir cando o fan ben/ e e que pasa? que nós estamos dicindo a todo o que fan que fano ben/ (GT: 1449-1450)

De feito, todos acaban concordando coa hipótese que expón Simón sobre esa actitude dos galegos diante dos atentados cara á súa propia lingua:

> Sk: =se ahora mismo=> o corte inglés dixera puxera un cartelón na porta {(le) aquí está prohibido falar gallego} a xente seguiría COMPRANDO ALÍ
> So: IRÍA IGUAL
> [concordan tódolos membros coa cabeza e con sis]
> Sk: si ese mismo cartel o poñen en barcelona non entra ni dios (GT: 1304-1308)

Dada a falta de interese da sociedade polo galego, calquera medida institucional está fóra de sentido, e simplemente os galegos "temos o que merecemos". A despreocupación dos

galegos polo propio, exemplificaa Simón no desinterese que o conxunto da sociedade mostra polo medio ambiente[102] (o lume nos montes e os verquidos incontrolados):

> Sk: aquí: embarrancan douscentos petroleiros e non pasa nada / arden os montes tódolos putos días e non nos importa un caRALLO e eso non son os políticos mira hai que reconocelo que {(le) NORMALMENTE TEMOS O QUE NOS MERECEMOS} e: porque é moi fácil decir é como cando se fala da contaminación non? {(ac) se contaminas e todo eso} e ves o tío que tira a lata de cocacola polo coche mira / cando | eu sempre digo como lle- vamos pedirlle ás empresas que contaminen menos se eso lle pode costar miles de millóns e eu vou andando polas cunetas / ti vas por ejemplo o camiño de santiago e vas polas cunetas e ves que están cheas de latas de cocacola que <=a xente tira polos coches= (GT: 1470-1477)

Pero a importancia que el cre que se lle debe dar ó medioambiente non é a mesma cá que debe te-la lingua, pois esta considera que pertence ó ámbito exclusivamente persoal, coma a relixión, onda cadaquén poida elixir e actuar libremente (Sk: = =eu creo que si hai que dar libertá á xente a min paréceme un tema como como a religión). Calquera medida que impida tal liberdade, séntese como unha imposición, e polo tanto algo negativo:

> Sk: que falamos blum blum blum entonces como controlas eso? eu creo / que é un idoma ó final? é dicir a xente está tódolos putos días levántase pola mañán e fala di cousas / entonces que intentamos? controlar: (GT:998-1000)

Calquera tipo de control lingüístico enténdese como unha imposición e polo tanto rexéitase[103]:

> Sk: = =a min esas cousas me dan máis medo que outra cousa eu creo que a xente / o que o que si que **non pode ser é que a alguien lle OBLIGUES** [bate na mesa] | {[separando cada palabra e pronunciando con firmeza] por cojones a falalo} ahora nin unha cousa nin a outra entendes? a min nin que me IMPOÑAN o gallego eu estou seguro de que si me imPOñen o gallego así en plan bravo de seguro que falo castellano (GT:1004-1008)

Daquela, o que acaba destacando é a función comunicativa das linguas:

> SK: pero sabes o que pasa? mira o xx o que dicías ti ó principio de todo o: importante ó final é comunicarse (GT:707-708)

Pese a que acepte o discurso do autoodio dos galegos, tenta desvincula-lo tema da lingua do discurso da inferioridade:

> Sk: = =hombre | eu creo que si creo que o que a xente ahora fale gallego ou eso eu | cando estaba falando en que seguimos sendo un pueblo que máis ou menos nos AVERGONCEMOS pero bueno non é no tema do idioma / hoxe en día eu creo que calquera persona pode falar gallego sin sin problema sin ter ningún tipo de:: de trauma pero aínda-- (GT: 610-613)

[102] A súa sensibilización coa problemática medioambiental deriva da súa afección á montaña (comentou nalgún momento da conversa que practicaba montañismo).
[103] Cfr. Iglesias Álvarez 2002b: 266-268.

E aínda que na súa propia tese lle xorden as contradicións (SK: *bueno a veces si que hai problemas home*[104]), segue a defende-lo uso das linguas como simples ferramentas de comunicación, pois non sente o galego como sinal de identidade:

> Sk: = =eu creo que os idiomas son ferramentas-- (…) son ferramentas e: tes que utilizalas como tales (GT:1866-1868)

Dado que para este interlocutor as linguas só son ferramentas, non ten sentido falar da función identitaria, polo que discrepa cos outros tres membros do grupo (Inés, Jesús e Miguel) que non comparten a consideración do galego como unha mera ferramenta comunicativa. Así, Inés replícalle desde a súa postura, que xa argumentou antes :

> I: = =pero: {[con ímpetu] así é como se intentan que se vexan SÓLO como ferramentas <=son MOITO máis que ferramentas=}
> Sk: xxx =son ferramentas para comunicarse joder=>
> I: cando claro cando se utilizan como ferramentas é cando eu che digo que o castelán eu como galegofalante o podría puentear / ou tería o sea tería que ser o que se promovera puentealo / desta ferramenta básica [batendo na mesa] que é para min a miña lingua nai a esta outra que é de uso universal decretémola de uso universal i olvidémonos de todo o demais | como son moitas máis cousas temos que aprender acumulando non elixindo e: esto si i o outro non | pois podo falar galego ou podo falar menos castelán pero entendelo perfectamente i: inglés i francés i o que me botaran si teño capacidad para adquirir esas linguas (GT: 1869-1878)

A representación das linguas como elemento enriquecedor desde o punto de vista cultural, emprégase tamén como argumento fronte á simple utilidade comunicativa:

> M: en definitiva como resumen e: quizás o: a conclusión sería que para potenciar o galego o que habería que fomentar é | que o galego é enriquecedor culturalmente [óense afirmacións por detrás] non solo que é unha lingua que che: sirve para comunicarte sinón que é enriquecedor coñecer un idioma máis non? (GT:1879-1882)

Aínda que esta representación non crea polémica e é aceptada por todos (entra dentro dunha "norma social" que acepta tal premisa), as dúas posturas van seguir contrapostas[105]. No entanto, pese á existencia de ideoloxías monolingüistas, non se adoita rexeitar unha representación que é básica para as ideoloxías plurilingüísticas: a da riqueza que supoñen tódolos idiomas. Pero isto non implica entender tales linguas como elementos identitarios

[104] Conta, para xustificar eses "problemas que hai ás veces", unha anécdota dun médico do SERGAS que tivo problemas polo uso do galego con algúns compañeiros que argumentaban non entende-los seus escritos. De aí xorde o tema da intolerancia coa lingua baseándose na falta de coñecemento do código. Todos concordan que o galego é facilmente comprensible para un castelanparlante e convencen a Tomé, quen pretendía defender ó devandito profesional usando o argumento da súa posible orixe non galega xustificando así que non "entendese" o galego.

[105] Con todo as dúas posturas seguen contrapostas derivando no tema da utilidade da lingua (na transcrición: liñas 1847 ata 1882).

de nacionalidades que non teñen Estado, ou dito doutra maneira, non poden sobrepasa-la lingua que é identidade do Estado-Nación, o castelán.

Esta semella se-la ideoloxía fundamental do empresariado galego, segundo manifesta Miguel, que entende que este ten unha maior consideración do castelán, sobre o que penden as representacións de idioma do ascenso social (destaca de novo a comparación co empresariado catalán):

> M: (...) non é tanto que en galicia o empresario repudie o galego | é é o nivel de: incultura é dicir ó mellor para o empresario catalán pois forma parte da súa cultura usa-lo idioma e usalo: pois si chega a ser empresario e lle vai ben usalo: na súa empresa como idioma por defecto | en cambio aquí sigue habendo o de bueno como agora como ascendín de porco a marrao pois agora falo castelán | pero non porque repudie o galego simplemente porque pensa que así lle vai ir mellor / non sei (GT: 224-230)

Por outra banda, tamén o uso habitual das dúas linguas presentes na Comunidade pode derivar na falta de conciencia sobre cal é a que se está empregando en cada momento. Ademais das manifestacións sobre os usos vistas arriba, onde moitos declararon que falaban castelán ou galego indiferentemente, deuse un exemplo no propio GE:

> F: =eu penso=> que o etiquetado que penso que o etiquetado que pode favorecer | de feito estamos aquí nunha reunión e vexo que polo que temos aquí [collendo as botellas de auga da mesa] é certo sousas e cabreiroá non temos fontvella--
> R: = =bueno pero son a minoría somos unha xxx
> F: no no pero o produto o produto:
> V: porque pon aguas de <=o sea que é: xa o xxx=
> F: =si no no pero o produ- o produ- o produto é noso=> sousas e cabreiroá o produto é noso--
> V: = =si pero…
> OBS: pero o etiquetado…
> V: <=o etiquetado pon aguas de o sea que=
> F: =o etiquetado é castelán pero é o produto=> me refiero ó produto <=entonces algún xxx= (GE: 755-765)

A confusión que lle produce a Fermín o feito de que o produto sexa galego, fronte á lingua que se emprega na etiquetaxe, é reveladora da escasa atención prestada sobre o código no que se redacta a información, pero probablemente porque estaba en castelán e porque se trataba de etiquetas que non se adoitan ler, pois habería que ve-la reacción diante dunha etiqueta en galego que contivese datos de interese para o consumidor, e polo tanto que se vise obrigado a lelos.

Seguindo coa argumentación sobre a deslealdade lingüística, cómpre retoma-la insistencia de grande parte dos participantes na falta de demanda social da lingua, circunstancia que pode servir para agocha-la realidade dun empresariado desinteresado en acada-la

normalización da lingua, sabendo que a dimensión lingüística non é unha das dimensións clave da conciencia rexional dos galegos. Daquela, detrás desa ideoloxía que concibe a unidade do Estado español por riba das nacionalidades, e polo tanto onde a lingua non é un sinal de identidade, o galego represéntase como unha lingua cunha función comunicativa dentro de determinados límites (hábitat, status...) pero sobre o que non se admiten medidas administrativas que pretendan amplia-los seus usos. De tódolos xeitos a poboación non desexa que desapareza, xa que se sente como un elemento simbólico que nos liga ás raíces, ó noso pasado ("na miña aldea fálase", "aprendino na casa con miña avoa"...) e polo tanto co que nos une un lazo sentimental ("apego"), argumento que se baralla no grupo dos empresarios como solución para a normalización do galego. O mantemento dese vínculo sentimental coa lingua por parte dos falantes novos conseguiría que estes non quixesen tampouco a súa desaparición porque o sentirían como algo propio, pero toda a normalidade que se acadaría –ou que aspirarían que se acadase– sería a de que falasen a lingua no contorno familiar:

> R: eu o que vexo vamos a ver eu como veño do rural pois entonces eu teño certo apego ó rural pero por ejemplo a miña nena que xa naceu en santiago eso é como algo vai á casa da abuela pero non: vai á casa da abuela porque eu lle mando ir pero non é: unha cousa que sea da súa / ó mellor prefiere ve-la tele que ir á casa da: da abuela entonces tes que eu penso que ten que estar na casa e na familia a imposición do galego o sea tratar de que sea con cariño se o {(f) impós} non: sale e nas empresas o mismo se o empresario vai a:… / se os novos e os que están estudiando ahora son os empresarios de despois se non teñen certo apego ó galego non o van a a implantar (...)
> V: (...) na casa se falaba castelán no traballo galego pero: ese: eso o que ti querías o que che gustaba aprendelo e todo eso pero: penso que os rapaces de ahora non non teñen… / é coma unha imposición unha asignatura coma as matemáticas ou como: peor que: que non lle ven á mellor a trayectoria que: que se debía de ver <4> {(p) eu penso que había que despertar o amor polo idioma mais cá imposición}--
> R: = =pa que logo na empresa se implantara e creo que os que están ahora son traballadores <=son empresarios so-= (GE: 890-909)

Detrás destas declaracións que apostan por deixa-lo futuro do galego dependente dunha transmisión familiar (que non se está dando) vese unha representación do galego como lingua inferior, que non merece ser aprendida na escola, que debe ser algo persoal, voluntario e, sobre todo, que non se impoña. Dedúcese o mantemento dunha ideoloxía diglósica que se manifesta nunha **actitude de conformismo** coa situación diglósica existente na sociedade e que manteñen os participantes, onde o "amor" polo galego deriva de ser lingua familiar, que se aprende na casa, como un obxecto herdado que se debe conservar gardado, como algo exclusivamente persoal. Pretender saca-la lingua do ámbito familiar para a súa introdución no ámbito laboral, feito que leva consigo modificar usos

que xa están establecidos, esperta a representación da normalización do galego como unha imposición. Esta representación mantívoa durante todo o discurso Victoria (GE), quen, sempre que se falaba da percepción dos usos na cidade, ela insistía na cuestión de que o galego se "impuxo" coa chegada da administración autonómica á cidade compostelá:

> V: = =pero eu tamén distinguiría entre o que vén do rural e sigue no rural e sigue falando galego e da ciudade que ten imposto pola xunta polo funcionariado do galego eu percibo un: unha volta atrás (...) (GE:304-305)

Esta "imposición" que tiveron os traballadores da administración nun primeiro momento resultou aparentemente normalizadora, porque se sentiu un aumento de falantes, pero semella que provocou un "efecto rebote" que derivou nun descenso dos usos, causando a impresión de que se está volvendo á "normalidade" do uso do castelán na cidade, ó producirse un retroceso do fenómeno:

> V: (...) porque cantidá de xente que non é galegoparlante polo imposto do seu traballo polo seu posto de traballo si fala galego pois eu o noto na tenda a xente volve a falar o castelán | [con seguridade] houbo unha época en que todo o mundo falaba galego {(ac) e ahora volve outra vez a xente a falar castelán} e xente me refiero eu de de: pois eso da coruña de vigo que vén a santiago a traballar…(GE: 306-310)

> V: = =pois eu o percibo desde fai unhos | un par de anos ou así {(ac) coma un rechazo por eso digo eu que si será debido á imposición} do que non é do rural que falou en galego toda a súa vida do que falou CASTELÁN e:: e volve ó galego por imposición e…(GE: 313-315)

> V: = =(...) o que eu dicía que o que algunha vez de: pois un profesional ou tal fala galego | que {(ac) hubo como unha masificación de todo o mundo a falalo} volveu pa baixo (...) (GE: 432-434)

Esta apreciación de que os usos do galego en Santiago aumentaron e agora están en retroceso corrobórana outros dous membros do grupo, formándose un discurso único ó respecto. Anxo e Fermín concordan en que tralo aumento que se produciu hai uns anos chegando a sectores onde non se falaba, agora detéctase unha estabilización do asunto. De tódolos xeitos, fronte á imposición, Anxo interpreta máis unha moda, de feito el asegura que no ámbito empresarial non houbo imposición[106]:

> A: (...) desde a administración eu non digo que se que se se obrigou nin se forzou--
> R: = =si se obrigou dalgunha maneira porque para facer unha oposición hai que facer cursillos de galego <=e todo eso o sea que dalgunha maneira=

[106] A oposición entre a empresa pública e a privada púxoa tamén de manifesto Simón no GT, incidindo no uso "ritual" do galego nas empresas públicas:

> Sk: (...) igual pasa ó contrario do que pode pasar: na administración ou en certo tipo de historias públicas | donde de cara ó exterior se fala o gallego **porque se supón que hai que falar gallego** e {(f) [con enfado] despois resulta que entre eles falan castellano | que iso a min de verdá que me toca as: (GT: 315-318).

F: =como non estou en temas de oposicións non=> / o que é o noso mercado non se obligou para nada senón que máis ou menos se trataba de promocionar non? e houbo un desarrollo de de de muita xente máis que falou galego e incluso hubo algo así como: chámalle moda ou chámalle bum e eu estou absolutamentede acuerdo que nos últimos tempos pois esto é moito máis normal | non hai a moda por deixalo en plan suave e hai menos xente ou penso eu que hai menos xente que fala galego que fai ó mellor cinco ou seis anos non? pero sin embargo hai muitísima máis xente que fala galego que antes é dicir houbo unha subida e ahora parece que está como estabilizado o asunto non? {(p) e o que estamos dicindo e que coincidimos todos--} (GE: 324-335)

Tamén Fermín coincide na actual "normalización" da situación:

F: (…) ahora parece que se normalizou un pouco agora xa volveron as augas ós cauces (...) (GE:350)

Semella que a representación da normalidade é a do continuísmo cunha situación lingüística previa a esa "moda", ou "imposición" segundo quen o mire, en que se produciu un aumento dos usos na cidade.

De feito, as persoas que teñen establecido este discurso da imposición, culpan calquera medida "intervencionista" como contraria á lingua, á que se debe deixar como está:

V: [falando do galego normativo] pero aí está entonces temos unha serie de imposiciós que están indo en contra do galego (GE: 963)

Sobre este aspecto non se produce acordo, porque no grupo existen persoas que –como xa se viu arriba– defendían o proceso normativizador:

C: (...) hai que establecer unhas normas e establecer unha serie de pescudas e de investigacións para saber xxx realmente tamén é certo todos sabemos que hai moitísimo léxico moitos vocablos que están castelanizados (...) =é obvio que tiñamos=> que recoñecer a situación e ás veces os investigadores equivócanse (...)

V: =e que eu me acordo cando non podías deci-la gheada--

C: = =pero eso realmente non é | non é imposición digamos un sistema de traballo é un avance un camiño eu desde logo non a vexo coma unha imposición e no que atinxe ó: ó tema do galego: eu pensoo que cada un que fale como queira (...) (GE: 968-986)

Este discurso sobre a imposición do galego, que xurdiu de xeito espontáneo e que nun primeiro momento estivo centrado na administración pública, fíxose xeral cando a moderadora preguntou pola aceptación de medidas de presión cara ás empresas (MOD: "E se a administración obrigase ás empresas que traballan con ela a, a face-las cousas en galego, que opinión lles merecería?"). Trala presentación da cuestión por parte da moderadora houbo un acordo sobre o negativo que sería calquera tipo de medida administrativa, feito que está en consonancia coa falta de lealdade e compromiso coa lingua que mostraron os empresarios, característica que se viu que era fundamental na reivindicación dos traballadores.

O matiz da pregunta formulada pola moderadora, incidindo na obrigación para as empresas que traballasen coa administración, debeu se-lo que levou a que nun primeiro momento Victoria respondese en positivo (*V: = =home sería a relación lógica-, GE:850*), a única participante que fixo esa intervención e que case non se escoitou porque xa se desencadearon unha serie de intervencións que mostraron unha actitude negativa cara a calquera tipo de "obriga":

> Rd: = =pero obli- obligar como tal no puede obligar no? puede promover o fomentar que es lo que está haciendo obligar no podría obligar no? pues tendría que: que: / primero tendría que haber cambios a nivel de administración no? (GE: 846-848)

Aclarado que todo era un suposto, os empresarios foron expresando as súas posturas, sempre en contra de calquera imposición:

> A: =eu creo que=> que / la administración obligase sería peor independientemente da legislación e da legalidá dos dous idiomas querer impoñer un sobre o outro sería siempre negativo {(ac) queixámonos muito os que falamos galego} de cando se nos impoñía o castelán pero impoñe-lo galego sería tanta torpeza como: como impoñe-lo castelán non? e todo eso ten que vir da da costumbre de tódolos días ou da gana que teña cada un de falalo (...). (GE: 854-858)

Pese a que a empresa que representa este informante ten un mercado exclusivamente galego e rural, insiste en que non tería sentido na súa empresa implanta-lo galego. Cómpre destacar que liga tal posibilidade coa política, e de xeito indirecto coa ideoloxía que hai por detrás:

> A: (...) en calquera delas a obligatoriedá sería un paso atrás importante porque entonces si que si que aparecía a política polo medio non? e alí a posición política de cada unha das persoas e se iba mezclar co idioma
> F: posiblemente
> H: = =eu tamén o vexo negativo eh? eu creo que <=pa poder implantarse= e que houbera
> F: =daría pé=> daría pé daría pé a que houbera: discrepancias ou posicións dos partidos por por-- (GE: 865-870)

De feito, cómpre destaca-la intervención de Rodrigo para resalta-la visión positiva da política lingüística que se fixo na nosa comunidade fronte ás outras comunidades históricas, que levou ó –que el considera– impulso do galego desde a non imposición:

> Rd: = =yo creo que en el caso de: de galicia quizás más que en otras de las comunidades que tienen lengua propia no? (...).precisamente porque los sucesivos gobiernos de la comunidad autónoma non han sido de: de signo de: nacionalista se ha impulsado el uso del gallego o <u>dentro</u> incluso de la propia administración no? (...) (GE: 826-828)

Desde a súa óptica, considera que se lle deu un impulso ó galego na administración con esta política rexida por unha ideoloxía que el destaca como non nacionalista, o que evitou posturas radicais:

> Rd: (...) la: experiencia nuestra es quizás en las relaciones con la administración no? con el gobierno con la xunta de galicia se: utiliza más el el gallego que quizás en otros ámbitos no? en otras relaciones comerciales con otras empresas o con otros… | o con otras empresas en general no?(...). no sé esa caracterización por una cierta: dependencia o ideología del nacionalismo yo creo que aquí eso está un poco más | está un poquito: más declinado por eso porque ya está el gallego pues impulsado inculcado y dentro de la administración se utiliza por lo menos a nivel de documentación oficial y tal se utiliza muchísimo (GE:828-839)

O xerente foráneo toca ademais outro punto relacionado, o do freo á implantación de empresas de fóra, feito que –nesta ocasión– non se compara co que sucede en Cataluña:

> Rd: no: además sería un establecimiento de una barrera por ejemplo al entrar una empresa de fuera que se podría reproducir de forma simultánea no? cuando tú quisieras ir fuera te prodrían decir e: similar no? imagínate que intentas en un momento determinado trabajar aquí en algo bueno usted o trabaja en catalán o no trabaja no? xxx xxx por lo tanto sería negativo igual que que sería negativo yo estoy de acuerdo contigo [mirando para A] cualquiera de las dos posiciones tratar de imponer uno u otro no? era absolutamente negativo-- (GT: 871-877)

Pola contra, no grupo de traballadores tíñase destacado precisamente o contrario, o pouco uso do galego na administración autonómica. Xunto coa argumentación que nese grupo se fixo da necesidade de medidas institucionais, denunciaban actuacións contrarias por parte da propia administración, criticando os funcionarios públicos por non empregaren o galego habitualmente, cando deberían facelo:

> Cs:(...) parece inconcebible | eu teño ido a traballar á xunta facer calquer chapuza e entre os funcionarios falar castellano vaia gilipollez! están na xunta joder | eles debían: son os primeiros que debían falar galego non?
> Mo: = =entre funcionarios se ti chamas á consellería contéstanche e que che falan en castelán <=e que bueno increíble=
> Cs: =e a min tocoume tamén traballar=> no hospital e funcionarios falar totalmente en castellano | e vai un señoriño de aldea coa boina aquí [sinala debaixo do brazo] e lle falan castellano | entonces ese señor dirá xxx--(GT:234-242)

De tódolos xeitos, cando neste mesmo grupo a moderadora preguntou pola opinión que lles merecería que o galego fose un mérito para entrar nas empresas, houbo nun primeiro momento unha aceptación por parte de Inés, Asunción e Tomé (castelanfalantes os dous últimos) que logo se viu matizada por Jesús e Simón, cando insistiron en que dependería

do posto de que se tratase, concedéndolle a posibilidade a aqueles que tivesen relación co público:

> Sk: eu o que decías xxx eu creo que que depende para que puestos sea cara ó público está claro que sería algo a valorar pero: sinón sistematicamente sería absudo é como se a min me dicen pois se me valoran que mida dous metros home se é para xogar ó baloncesto vale pero se é para facer programas informáticos que máis dá! anque mida un sesenta [pequena risa e asentimento de So] chega ben! entendes o rollo? entonces poñelo sistematicamente e: | eu pois non o vería ben entre outras cousas porque tampouco che valoran que sepas falar castellano / tampouco che fan nin siquera un exame de que si fala- si dominas o castellano ou non entendes? por que che piden o inglés? en algún sitios se lle fai falta porque se podes ter contacto coa xente de afora cho valoran pero si non tampouco cho pedirían / entonces o gallego ou o castellano {(p) home suponse que máis ou menos controlas algo e: <=xxx punto=}
> Cs: ={(p) depende so sector}=>
> Sk: ahora un tío que esté de cara ó público eu creo que si que se lle debería de valorar e:--? (GT:1240-1252)

A actitude de deslealdade cara á lingua que se viu que mostrou Simón ó longo da conversa, é a que leva a que manifeste este rexeitamento cara á unha imposición que lle afectaría a el, cando antes deixara dito que non lle importaría falalo se lle mandasen (vid. páx. 375 na epígrafe 6.1.1.4).

Jesús, pola súa banda, parte de que a posibilidade de valora-lo galego para entrar na empresa vai depender da importancia que lle dea o empresario, que á súa vez estará condicionada pola presión social que reciba:

> J: = =eso vén porque as empresas conciban que a comunicación que eles necesitan cos seus clientes ten que ser nos dous idiomas / no caso en que calquera empresa pequena ou grande concibe que os seus consumidores os seus clientes poderán ser atendidos nos dous idiomas forzará que os seus empleados / porque hai unha selección previa sepan os dous ou os tres ou os vinte idiomas (GT: 1253-1257)

A súa argumentación acaba derivando nunha crítica á pouca implicación que tanto políticos como empresarios teñen con Galicia, e sobre todo coa lingua, á que non lle dan o valor que lle corresponde. A actitude de deslealdade vén promovida desde as clases altas, que simplemente usan a lingua de xeito partidista e interesado, pero sen que a entendan como algo propio:

> J: E SIGUE sendo ASÍ un pouco menos porque: dá votos e dá votos e cartos e todo se está metendo en galego non vaia ser que o pastel do galego léveno outros e entón pois todos se meteron ó pastel do galego / pero e non é por outra cousa eso terá que ser que pasar porque os políticos sexan galegos ou sexa sintanse como galegos e que os empresarios se sintan como galegos que muitos ou sea a maioría dos grandes empresarios / os de zara os de bazán os de finsa... / de muitas grandes empresas son vamos! son son paisanos--(GT: 815-820)

Isto deriva no tema da identidade que presenta directamente Tomé, quen corta a argumentación de Jesús, cunha expresión moi común entre os castelanfalantes de Galicia:

T: = ={[con rotundidade] pero yo me siento gallego y no hablo gallego} (GT: 821)

Tras argumentar Tomé que na súa casa nunca se falou galego:

I: = =claro! pero por eso ti non eres galegofalante--
T: = ={[con firmeza] pero me siento GALLEGO!}
I: nós / {[dirixíndose a T con intención de calmalo] bue:no eu non che discuto que non te sintas galego} eu o que digo é que UN É o que fala na súa casa en principio [J asente] logo aprendes outras linguas pero son linguas de uso relativo / TI para SENTIR as cousas que se sinten se sinten na primeira lingua na que ti estás máis cómodo < > eu non falo hoxe galego porque xa nin reivindicativo / e que {(f) é como me sinto!}
Su: < claro > é que é a túa lingua claro!
T: si: te entiendo
I: se che quero contar unha cousa ben contada {(p) téñocha que contar así} / si cha conto en castelán estoucha traducindo e non é o mesmo (GT: 839-849)

Debido á intervención de Tomé, todo o discurso sobre a lingua como elemento de identidade coa comunidade sufriu un xiro e quedan expostas as dúas posturas arredor da cuestión identaria. Unha delas apóiase en que a identidade galega pode estar representada pola lingua castelá, mentres a outra –que acaba admitindo esa posibilidade– parte de que a lingua é un elemento clave para manter unha identidade galega diferenciada. Uns e outros admiten a existencia do autoodio, pero aqueles que manteñen unha actitude de lealdade lingüística encadean este fenómeno con que a lingua non se sinta como sinal de identidade. Os que sosteñen a postura contraria priman a función comunicativa das linguas, e/ou interpretan a escolla de código como unha cuestión unicamente persoal, pola que cadaquén fala ou aprende voluntariamente o galego, posto que non se trata dunha lingua "tan necesaria" como o castelán ou o inglés.

Dentro dunha ideoloxía unitarista do Estado, promovida desde as propias institucións, onde o sentimento nacionalista español está por riba do galego, non ten sentido entende-la lingua vernácula como sinal de identidade. Daquela, promóvese e aséntase unha ideoloxía diglósica, pola que calquera medida normalizadora é interpretada como unha "obriga". Comeza desta maneira a facerse oí-lo discurso da imposición, entoado como unha defensa ante a necesidade de introducir na empresa unha lingua que, segundo eles, a sociedade non demanda. E quizais falte presión social porque desde o contorno empresarial non se dá a imaxe de que sexa unha lingua tan "necesaria" para entrar no mercado laboral como o castelán ou o inglés. Neste "círculo vicioso" móvese o futuro do galego.

6.4 NOVAS REPRESENTACIÓNS DO GALEGO: DA ADQUISICIÓN DE PRESTIXIO A UN NOVO ESTIGMA

Nas páxinas anteriores quedou analizado o discurso dos grupos, onde se puido ver que na sociedade galega priman unha serie de representacións negativas cara á lingua que derivan nunhas actitudes concretas que van determina-los comportamentos. Pero non tódolos participantes nos grupos se rexían por estas mesmas representacións. Algúns manifestaron que, baixo unha ideoloxía lingüística concreta, mantiñan unha actitude de lealdade cara ó galego. De tódolos xeitos o discurso no grupo discorreu cara á queixa pola presenza maioritaria de representacións negativas cara á lingua, e por manteren unha postura pesimista cara ó futuro do galego. Pola contra, aqueles que non mostraron tal actitude, deixaron traslucir unhas representacións da lingua negativas que se poden resumir na concepción de que a lingua dominada está realmente "por baixo" da lingua dominante. Por un lado recoñeceron esta circunstancia como algo do pasado e aínda que dos seus comportamentos e manifestacións se ve que seguen presentes tales representacións do galego (como lingua do rural, de clases sociais inferiores, non apta para a empresa...), tamén deixaron constancia da adquisición de prestixio do galego que o levou á conquista de novos espazos.

O cruce de representacións negativas con outras positivas xurdiu a partir da chegada da democracia, da aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia e da conseguinte posta en marcha do proceso de normalización da lingua, circunstancia que derivou na mellora do status do noso idioma, feito este último que comentan os participantes nos dous grupos, pero fundamentalmente os empresarios:

> F: = =entonc- claro pasou de efectivamente pasou de ser un idioma e: ou sea: de ser un idioma xxx de ser un idioma: un pouco mal visto a ser un idioma ben visto duns anos para outros máis ou menos así non? (GE: 345-347)

Este mesmo participante, Fermín, aproveita a anécdota da burla que sufrían os galegófonos na escola (presentada atrás, vid. pax. 397) [107] para comenta-lo cambio:

[107] Trátase dunha experiencia que contou da súa época na escola primaria, personalizada no caso dun compañeiro seu que, ante a pregunta da profesora –en castelán– sobre o nome para designa-lo fillo da vaca, el contestou: "o cucho", feito que provocou a estrañeza e burla da profesora e a risa dos compañeiros.

F: (...) ahora é biólogo e di / fermín mándache carallo! cando eu dixen o cucho nos somascos | aquelo foi toda unha risa púxenme colorado e hasta a profesora / {[imitando voz feminina] ai que dice el niño el cucho} e sin embargo hoxe pois non é así | e foi motivo de risa na clase excepto os que sabíamos o que era o cucho (GE: 235-239)

No GE recoñécese que, a partir do cambio institucional que levou á "legalización" e oficialización da lingua, se superaron actitudes discriminatorias coma as comentadas. Queda plasmada a idea de que os galegofalantes xa non están incorrendo nunha "falta" ó expresárense na súa lingua, desde que "se abriu a veda":

A:(...) o conto quere dicir que houbo un momento que o galego estaba un pouco frenado ou oculto ou bueno nalgúns momentos {(p) non sei se era perseguido ou non} pero logo cando se abriu a veda pois á parte de que que os que falaban maiormente seguírono falando (...) (GE: 321-324)

Fronte a este aumento do seu prestixio, aqueles que manifestaban tal actitude de lealdade cren que o galego perdeu espazo e que non mellorou moito na súa situación (vid. epígrafe 6.3.2), salvando o que se gañou en respecto. Parten de que se superaron algúns estereotipos e unha persoa pode falar galego sen ser ridiculizada, idea coa que concordan todos:

I: (...) ves que se van grupos mezclados i eu creo que si hai máis respecto hacia ó que fala galego i e non se lle ridiculizará <=tan facilmente=
So: =si eu creo que si=> (GT: 595-598)

Pese a este acordo que se produce no grupo de traballadores, hai voces que insisten en que este foi o único aspecto no que mellorou:

M: no respecto eu creo que foi o único que se mellorou" (GT: 2262)
M: =ó mellor=> no que se avanzou é no respecto é dicir que <=si ti vas e falas en galego pois xxx no demais...= (GT: 2179-2180)

E polo tanto xa non é unha lingua tan desprestixiada, pero non é a solución para garanti-lo futuro do idioma:

M: =pero con respecto solo non vale=
J: [falando cara M] = pero hai que comezar por aí eh? porque o respecto fai que a xente que mande crea que eso é importante
M: =pero con respecto solo non vale= porque eu tíñalle moito respecto a miña avoa e morreu igual o sea que (...) eu pódolle ter moito respecto a un idioma e paso do idioma igual= (GT: 2296-2305)

Daquela, semella que as diferentes manifestacións sobre a actitude de respecto e sobre o aumento de prestixio do galego, derivan das dúas actitudes dominantes na concepción do galego e da súa posible normalización: a lealdade e a deslealdade.

No mesmo GT, Simón parte dese suposto para asegura-la melloría da situación do galego, pero na súa propia argumentación xórdenlle dúbidas e contradicións:

Sk: (...) hoxe en día eu creo que calquera persona pode falar gallego sin sin problema sin ter ningún tipo de:: de trauma pero aínda--
So: <=si:=
Sk: =bueno=> a veces si que hai problemas home (GT: 612-615)

A continuación conta a anécdota dun amigo seu, médico galegofalante, que tivo problemas cos compañeiros no posto de traballo (un hospital público) ó queixárenselle por cubrir determinada papelaría interna en galego (GT: 615-629). Á raíz deste caso, xurdiron as dúas ideas existentes en torno ó nivel de esixencia do uso do galego entre as persoas de fóra que veñen traballar a Galicia en postos dependentes da administración. Mentres Tomé xustificaba as protestas dos médicos que se queixaban polo uso do galego, argumentando que "en el hospital también hay médicos que no son gallegos", acaba cedendo ante os compañeiros, que insisten na idea de que deberían aprender aquí o galego:

T: (...) están haciendo el mir en el hospital pero uno es andaluz y otro es asturiano / yo que sé a lo mejor se topó con alguno de esos puede ser
Sk: non o sei--
I: = =pero ten que aprender en todo caso
T: no sé algo deberían de aprender
[barullo: discuten por grupos]
(...)
Mo: si ti vas a un sitio <=tes que aprender=
So: =se vas a alemania tes que aprender o alemán=>
T: ah sí sí ahí estoy de acuerdo (GT: 633-646)

A admisión da premisa de que o traballo na administración pública galega require a aprendizaxe do idioma deriva dunha aceptación que se produciu en Galicia, igual ca no resto das comunidade autónomas, do emprego da lingua propia nas esferas da vida pública (vid. García Ferrando e outros, 1994: 43-45[108]). De tódolos xeitos viuse, na epígrafe anterior, como existe unha opinión contraria ante esta circunstancia.

O prestixio adquirido polo galego (máis ou menos admitido) nestes últimos anos, está en relación directa coa aparición de falantes nas urbes, pertencentes a unha clase social medio-alta, que empregan o galego máis ou menos habitualmente, ben por motivo do seu

[108] Nunha investigación mediante enquisas sobre a conciencia nacional e rexional na España das Autonomías que se levou a cabo desde o CIS (Centro de Investigaciones Sociológicas) realizáronse preguntas para medi-la dimensión pública do uso das linguas autóctonas. En Galicia, o 80% da poboación mostrou o seu acordo cunha premisa que afirmaba que para ser funcionario na rexión debía esixírselle un bo coñecemento da lingua propia, e o 87% concordou con que "toda persona que trabaja en la región debería al menos entender la lengua propia aunque no la hable" (García Ferrando, M. e outros, 1996: 45).

traballo (como se acaba de ver no caso dos funcionarios)[109], ben pola actitude de lealdade xa comentada. Este feito provocou a aparición dunha representación que se contrapón ó estigma do galego como marca do rural:

> R: parece que desapareceu esa tendencia que era un pouco a diferencia: que cando eran de ciudá falaban castelán non? i si viñan falando galego que xa eran de pueblo i ahora eu paréceme que almenos esa diferencia que desapareceu non?-- (GE: 172-174)

Os usos do galego nas cidades[110] tamén os recoñece Helena, más nova cá participante anterior, quen non se mostra tan optimista:

> H: [falando dos usos lingüísticos na Coruña onde ela estudou] o castelán era pesaba moitísimo alí todo o mundo falaba castelán como dicía el <=e eu non fai tantos anos que estudiei=[111] (GE: 222-223)

Queda de manifesto como os usos do galego na cidade reflicten representacións contradictorias, pois aínda que todos deixaron claro que o galego non é a lingua das urbes, que a cidade desgaleguiza, como se viu arriba (epígrafe 6.2.1), por outra banda xorde unha representación de que en determinados ámbitos o uso do galego aumenta ou impera. Pero este galego das cidades que non é marca do rural caracterízase por ser un código máis próximo ó estándar ou, cando menos, distinto do dialectal (este segue sendo marca da súa orixe, como se acaba de ver na nota 111). Esta característica, unida a que moitos dos falantes dese galego presentan unha actitude de lealdade manifestada na diverxencia antes os castelanfalantes e no mantemento dun monolingüismo consciente, vai provocar un novo estigma: o do novo galego urbano (sen marcas que o vinculen ó rural: prosodia, trazos fonéticos dialectais...) ligado á ideoloxía nacionalista. Este aspecto vaise tocar en detalle na subepígrafe seguinte.

Queda só por comentar un aspecto en relación a estas representacións positivas da lingua, e á súa chegada a novos ámbitos. Un destes foi o ensino, converténdose a materia de lingua

[109] No ámbito da empresa, Fermín (GT) destacaba que na construción o galego era a lingua imperante, mesmo por parte da xente nova en postos de responsabilidade, como se viu arriba na epígrafe 6.2.2. Neste caso, a asociación entre usos lingüísticos e profesións (o galego lígase á construción e o castelán a profesións liberais) debe estar relacionado coa adecuación lingüística entre os directivos e a lingua maioritaria falada no sector da construción, que se podería interpretar como unha diglosia inversa**,** ó tratarse de directivos que (habitando en zona urbana, novos e con estudos superiores) o máis probable é que teñan como lingua de uso habitual na familia o castelán, empregando o galego nas obras, onde é lingua maioritaria.

[110] Segundo Ninyoles (1991:72) a linguaxe das cidades é producto da confluencia de moitas variedades lingüísticas (froito dos inmigrantes de tódalas partes do país), así "As cidades son, a un tempo, centros emisores de modelos lingüísticos, de novidades e de cambios culturais"(Ninyoles, 1991:72).

[111] Recórdese que foi esta participante unha das que insistiu no estigma que supoñía falar galego na cidade, lingua que só empregaban no ámbito coloquial aquelas persoas vidas do rural: "H: eu estudiei na coruña e alí todo o mundo fala castelán salvo **dúas personas que viñeron da aldea** que viven no teu edificio pero a maioría da xente si que falan castelán" (GE: 295-296).

galega en obrigatoria nas ensinanzas non universitarias[112], feito que lles afectou –no momento de realización dos grupos– ós menores de trinta e cinco anos, e que algúns viron como o motor dese aumento dos usos:

> Sk: {[entre as risas dos outros] e creo e creo que nas ciudades} e creo que nas ciudades cando antes | supoño que poucos falaban castellano e na escola non se daba / ou digo gallego / e na escola non se daba gallego ahora imagino que nas ciudades algúns xa falarán <=e na escola o dan porque nós non o dábamos (...) (GT: 2170-2173)

Pese á oposición que mostran ante as afirmacións deste participante o resto dos membros do grupo de traballadores, el segue insistindo na melloría da situación:

> SK: eu de todas maneiras eu creo que con respecto a eso con respecto ó dos nenos eh? [pp] xx eu creo que a situación está moito mellor ca antes ca fai anos
> M: eu penso que no:
> So: eu penso que tampouco
> SK: por que? porque eu creo que os das aldeas supoño /imagino que os da miña aldea siguen falando: gallego [pp] espero/
> I: pois vai e pon a orella
> [barullo]
> Sk: eu estou seguro que na miña aldea si (GT: 2158-2166)

Destaca como no GT se van manter dúas actitudes contraditorias, por un lado, a pesimista dos máis críticos e escépticos en canto ós avances que experimentou o galego (vese na actitude pesimista de Inés que, desde o seu compromiso coa lingua, pon en dúbida que o galego se manteña incluso no rural); polo outro, a optimista dos que mostran unha actitude conformista e menos preocupada coa situación. Esta postura reflíctese na expresión de Simón asegurando a presenza da lingua na súa aldea, como algo fóra de discusión, feito que se debe relacionar co visto na epígrafe anterior. Recórdese que era precisamente este informante o que sostiña unha posición contraria a calquera medida institucional porque a sentía como unha imposición, partía ademais da función comunicativa das linguas, mostrándose confiado na "eterna" presenza do galego no rural, de onde non quere que desapareza. Isto reflicte a falta de conciencia sobre a situación que vive o galego, feito que debería remediarse aínda que sen caer nun pesimismo contraproducente, quizais tan

[112] A obrigatoriedade da materia de lingua galega no ensino non universitario foi a primeira medida durante os primeiros anos, ata que pouco a pouco se foi lexislando sobre a obrigotoriedade de que se convertese en lingua para a explicación doutras materias, tema no que non procede entrar, pero que foi e segue a ser causa de moitas, e moitas discusións froito de distintos puntos de vista sobre o grao de normalización que debe acada-lo galego no ensino, e, polo tanto, na sociedade.

negativo coma unha visión demasiado optimista do futuro da lingua coma a que reproduce Simón.

Pola súa banda, as dúas participantes castelanfalantes máis novas en cada un dos grupos (que cursaron de xeito obrigatorio a materia de galego na escola) coinciden en manifestar experiencias nas que o galego lles supoñía unha barreira para integrarse no grupo na súa época de estudantes. Recordan, fronte ós que tiveron como lingua materna o galego, sentírense mal por non usaren esta lingua, ou por empregaren o castelán en contextos onde elas crían que "cumpriría" emprega-lo galego:

> Su: <pois eu a miña experiencia> a miña experiencia supoño que é bastante distinta | porque eu vivín fóra | vivín en venezuela varios anos cando cheguei estaba en segundo de bup non falaba galego bueno estaba exenta e tal e sentíame mal | e durante moitos anos ata que me | lancei que foi un pouco cando empecei a traballar porque na facultade tampouco o falaba estaba traumatizadísima porque intentábao claro estaba sentíame como un galegofalante falando castelán | facendo un teatrillo e sentíame fatal (...) (GT: 281-286)

Esta mesma informante vai manifestar outra experiencia de autoexclusión que sentiu na universidade por non coñece-lo galego, feito que deriva dunha imaxe positiva que ten da lingua:

> Su: = =non sei pero na universidade fálase moito galego eh? eu empecei a sentirme mal por non falalo precisamente estando na facultade porque para min era hoRROROSO non dicir nada eu vía que a xente que falaba en clase a xente que / esa xente que destaCABA / todo o mundo falaba galego[113] (GT: 601: 604)

Sofía (GE) comenta o problema de integración que lle supuxo non saber falar galego na escola, ou polo menos non poder lelo con acento galego:

> S: (...) yo soy catalana vine a santiago a mí me impusieron gallego en la escuela de mí se reían los compañeros cuando hablaba el gallego porque yo hablaba el gallego con acento catalán | horrible! (GE: 934-935)

Recórdese que no GT polemizaron sobre a función da escola na normalización do galego (se axudaba ou, pola contra, castelanizaba) tal como se viu arriba (epígrafe 6.1.1.3.3), polo que o único que recoñecen os que manteñen unha postura de compromiso coa lingua foi que se gañou en respecto.

[113] Se esta afirmación fose xeral e aplicable ós novos licenciados en xornalismo, relacións públicas e publicidade, concordaría coa consideración que Ramallo (2002:147) fai sobre eles, ó considerar que "nos seus modelos culturais a conciencia sociolingüística ten unha presenza cando menos latente e, ás veces, activa", presupoñendo así unha posible mellora no ámbito da publicidade en galego cara ó futuro.

Para Inés, desde o respecto ás dúas linguas é desde onde se pode recupera-lo galego, nun contexto onde domina o castelán, lingua que vai ser inevitable que os nenos aprendan para integrarse no grupo:

> I: (...) [falando dos nenos galegófonos que cambian ó castelán na escola] que lle pasa a esos nenos? que aprenden o castelán i os seus pais tampouco llo impiden aprender nin tampouco que cos outros nenos falen castelán / va:le! aprende castelán que non me molesta nada / o que logo hai o paso seguinte é na casa cos teus avós como lingua: respectable vas a coller tamén o galego entendes? i esos nenos aprenden / e o que el di é verdá ¿esos nenos porque aprenden castelán cando na súa casa como na miña se lles enseña galego i ademais é unha postura de gran respecto? pois porque os seus colegas falan outra lingua i eles por aproximación por igualdá | <=e e aprenden= (GT: 2144-2151)

A existencia de imaxes contrapostas sobre a lingua leva a un discurso ás veces contraditorio. Así, pódese asegurar que non existe ningún problema arredor do galego, manifestar actitudes positivas cara esa lingua como igual de respectable co castelán (imaxe adquirida desde que se asumiu a cooficialidade), pero presentar comportamentos que mostran que a imaxe social das dúas linguas segue sen se-la mesma. Na empresa, igual ca fóra dela, só os usos dos castelanófonos se poden xustificar apoiándose no hábito, pero non así os dos galegófonos ou dos falantes que se declaran bilingües, cando converxen cara ó castelán:

> So: eso é! {[ac] eu non o penso eu traballo nun salón de belleza i cando vén unha persoa que me fala en galego eu fálolle en galego sin ningún problema pero si ela me dirixe en castelán eu automaticamente lle falo en castelán e que me SALE non é cuestión de que o pense ou non É QUE ME SALE} (GT: 1116-1119)

Estes comportamentos totalmente asimilados poden ser estensibles ó resto dos ambientes, ou restrinxirse ó ámbito laboral (como é o caso de Mónica):

> Mo: pero eso falo no traballo ou falo sempre?
> So: fágoo no traballo i fóra <=eu teño amigas=
> Mo: =pois eu fágoo no traballo pero fóra non o fago eh?= (GT: 1120-1122)

E aquí xorden dúas maneiras de enfronta-lo problema, no caso de Mónica o emprego do castelán no ámbito laboral deriva dunha obriga que xa se comentou, polo que fóra dese ámbito non realiza tal converxencia; mentres que Sonia representa o estereotipo de persoa que actúa baixo o peso da representación do galego como lingua que non é correcta para tódolos contextos. De feito, ela mesma, que asegura ser consciente de que non é un comportamento correcto ese que ten tan interiorizado e do que en principio di non sabe-la causa:

So: =xxx recoñezo que non=> e vou a un banco ou vou a unha tienda i automaticamente inconscientemente non sei por que e falo castelán i é que me SALE / hai veces que falo en galego i me dis a primeira palabra en castelán i automaticamente falo en castelán / e non sei POR QUE pero {(p) fágoo} e SON CONSCIENTE de que non o debería facer pero é que por dentro ME SALE (...) (GT: 1133-1137)

Acaba esbozando como razón ese prexuízo cara á súa lingua a este comportamento, que é a clave da representación que no fondo ten do galego:

So: =ó mellor simplemente porque levo dentro que o galego é inferior e así=> e o levo moi dentro e non son capaz de quitar ese defecto (GT: 1129-1130)

Destaca como menciona esa representación como un "defecto" e algo que debería eliminar, polo tanto detéctase unha actitude diferente da de Simón, quen estaba convencido de realizar un comportamento correcto.

No mesmo grupo, Miguel, desde a súa actitude de defensa e compromiso co galego que o leva ó monolingüismo consciente (como se viu na epígrafe 6.3.2), critica estes usos diglósicos nas empresas:

M: digo no mundo da empresa / é decir xente que fala castelá o sea que é galegofalante que se / teño un compañeiro que está ó lado e está contestando ó teléfono e está continuamente en castelán e digo eu pero si total o cliente ese che iba entender en galego o sea penso non <=llo digo e aínda que falases en ...= (GT: 2316-2319)

Destaca como Miguel non lle di o que pensa ó seu compañeiro porque no fondo trátase dun tema conflitivo, tanto que o máis fácil para quen quere evitar enfrontarse co conflicto é a postura de converxencia cara á lingua do interlocutor. Daquela, o prestixio que adquiriu o galego queda limitado ó mencionado respecto, pero non acadou unha posición de igualdade na sociedade, dado que –tal como conclúen os propios traballadores– nos contextos onde non está representado (hábitat urbano, clases sociais elevadas, por exemplo) non vai actuar como reclamo, mesmo pode ser prexudicial o seu uso co público:

MOD: = =e cousas que che axudaran a tomar esa decisión? e dicir que ás veces te poderían axudar.. a: xxx algo que te puidera motivar máis para? falaban antes por exemplo da demanda
So[114]: si que to--
MOD: é decir que a xente se concienciara e consumira máis productos en galego non? no teu caso por exemplo podería ser unha mayor demanda e decir que que viras que--
So:= = que viñese máis xente: que ? exporta--
MOD: = =que a xente si respondera mellor
So: no eu penso que NO eu penso que que a xente que: que iba bueno non sei a min dáme a impresión
T: yo creo que si

So: que si? eu penso que no
(...)
So: é un salon <=de belleza o sea que xxx= (...) unhas clases sociales tal que falaron sempre <=casTELÁN i todo iso=
(...)
So: seguirían falando castelán i esa xente non vendría porque nós falásemos galego a xente que vén porque nós falamos galego vai a vir igual quero dicir non vai a ser a nós nese caso non nos reportaría... pois máis cantidade de xente que sería en este caso
I: ó contrario eu creo
So: Ó CONTRARIO a veces ó mellor si / si si
I: <=e que dependendo de quen sexa o público ó que te dirixas...=>
So: =si porque hai moitas clases sociais... [contestándolle a I] claro!=
I: o galego pode ser un obstáculo un estorbo
So: exactamente pode ser incluso un... como unha ofen- como unha:
M: o castelán non vai ser un problema o galego pode ser un problema (GT: 1557-1585)

Esta limitación do galego para atender a castelanfalantes que expresa Sonia deixa en entredito que o galego chegase a adquiri-lo prestixio necesario dunha lingua normalizada. Daquela só se pode dicir que andou algún paso para saír da súa situación de lingua dominada, pero segue mantendo perfectamente a súa posición.

De feito, medidas "igualadoras" das dúas linguas como serían os usos bilingües de rótulos e documentos, teñen unha acollida negativa por parte dos que manteñen unha actitude conformista coa situación diglósica:

Sk: {[serio mentres So, Su, T e I seguen rindo] xxx xxx conducir e tal | o que me parece unha auténtica chorrada} esto é unha opinión personal eh? estos impresos que che veñen sean as facturas de telefónica o impreso de non sei que / {(p) que che vén gallego castellano / a min a verdá é que ME PARECE...}
So: = =fatal
Sk: = ={(p) unha gilipollez!} | mira eu prefiero que mo poñan / mira PONMO EN CASTELLANO OU PONMO EN GALLEGO < > ou ponmo en inglés--
[...]
Cs: = =generalmente mandan as dúas co cal eso--
Sk: = =eu cando poñen gallego castellano non sei que / joder que complicación! (GT: 671-683)

Aínda que a complicación que expón Simón está en relación cun principio básico das linguas que é a súa economía, o que deixa ver é a preferencia pola situación diglósica, co cal a mellora da situación do galego que este mesmo participante estivo expoñendo ó longo da conversa, e que se reduce á súa presenza na escola e na administración pública do xeito no que está, parécelle máis que suficiente. A argumentación contraria apóiase na

[114] Recórdese que Sonia (So) é traballadora dun salón de beleza, que atende persoas de tódalas clases sociais e falantes das dúas linguas, pero maioritariamente público castelanfalante de clase alta.

reivindicación desa actitude de respecto, manifestación feita desde un claro compromiso coa lingua, de quen recoñece que lle é máis fácil le-lo castelán (por hábito):

> I: ou un PAso alomenos de respecto/ por que NO? ([...])que me den a oportunidade que me é máis fácil ler en castelán pero que me den a oportunidade de respeto de que esté alí a información ou cando por exemplo che mandan por exemplo de facenda ou non sei quen cousas que en realidá que só é gastar papel i tocar/ bueno non sei/ bueno vén en galego pois // xa sei é un acto institucional i non ten detrás nada do que tería que ter pero polo menos eu me sinto un pelín así de respeto porque non dirán esta lingua non sirve para e dirixirlle ós ciudadanos nin unha circular (GT: 694-706)

6.4.1 A IMAXE DE LINGUA ESTIGMA DO NACIONALISMO

Enfiando con esta nova imaxe do galego como lingua que xa non é estigma do rural ou de clases sociais baixas, porque aparece ligada a ámbitos urbanos e a clases sociais elevadas, xorde un novo estigma para o galego, aquel que o liga á ideoloxía política nacionalista. Foi no GE onde xurdiron declaracións que deixan á vista esta representación. Tal imaxe, que se está impoñendo na sociedade, deriva do compromiso co emprego da lingua que fan maioritariamente as persoas militantes no nacionalismo de esquerdas[115].

Tentando explica-lo retroceso na galeguización de profesionais que se comentou arriba, un dos membros dá por sentado o prexuízo que asocia o galego co nacionalismo, ideoloxía conscientemente atacada desde o goberno central durante a lexislatura do goberno de Aznar[116]:

> A: e non terá nada que ver nesa volta atrás | a moda? a moda bueno a moda ahora tradúzcoa non? é dicir a política que se fai desde madrid ultimamente dos nacionalismos e todo o que sea un pouco nacionalista parece que está mal visto e antes me parece que estaba mellor visto. (GE: 436-438)

Esta idea de que o galego volve "estar mal visto" apóiaa no grupo Victoria, quen estivo insistindo durante toda a conversa na "volta atrás" que sufrira o galego. Para ela, a asociación do idioma con determinada ideoloxía ou tendencia política fixo retrocede-lo galego nese proceso de aumento de ámbitos de usos no que estaba metido, sobre todo en

[115] En Galicia o único partido que se asenta baixo os parámetros do nacionalismo é o Bloque Nacionalista Galego que naceu reagrupando a tódalas forzas nacionalistas de esquerdas (Beramendi e Núñez Seixas, 1996: 304-306). O resto dos partidos poden declararse galeguistas, pero mantendo un ideario moi diferenciado do nacionalismo. O uso do galego polos integrantes destas siglas queda reducido á súa presenza (non constante) no Parlamento, medios de comunicación ou mitins, ou ben ó uso oral que poden realiza-los seus representantes dos concellos rurais.

[116] Na época do desenvolvemento dos grupos de discusión corría a segunda lexislatura do presidente Aznar, líder do conservador *Partido Popular*, que mantivo un pulso cos nacionalismos das rexións periféricas para

sectores conservadores. De tódolos xeitos, xorden intervencións doutros membros que rexeitan tal ligazón porque cren que non se debería asocia-la lingua coa política:

> V: = =e: eu penso que o que apuntaban antes aí dos nacionalismos que lle está facendo : e inda que non ten que ver unha cousa con outra e é máis o idioma que o nacionalismo | que lle está repercutindo moi desfavorablemente <4> esta: {(p) este: bombardeo do goberno en contra dos nacionalismos e de todo esto pois volve repercutir desfavorablemente} eu penso que hai xente que non está nin a cabalo dunha cousa nin con outra entón asocia- (GE: 805-809)
> C: eso é interesado non ten nada absolutamente nada que ver non?
> V: si si claro que non pero: que--
> C: paréceme tan absurdo pensar eso que: eu non sei a min--
> V: ah!::
> R: eu eso tampouco o aprecio eu aprecio máis a: a tendencia:--
> V: en certo sectores si de que: | onde se diga nacionalismo…
> C: = =e incluso máis ó contrario | eu creo que o que temos é que aprender idiomas todos non un dous tres ou catro--
> V: = =ah si non <=non pero:=
> C: =eu entendín=> e e e
> V: = =eu falo eu falo do que: en certos sectores: conservadores <5> pasa
> C: eu realmente detecto que non que de feito: o galego fálao moita máis aquí en galicia fálao xente: de tódolos ámbitos políticos a pesar de que hai un sector que queren facer bandeira como defensa de de algo (GE: 805-823)

Helena e Fermín tamén concordaran en que é algo negativo para a lingua, cando noutro momento Carmelo xa insistira en que se trataba dun fenómeno interesado:

> C: = =hai hai un fenómeno que que eu creo que é interesado de identifica-lo galego co nacionalismo {(pp) que a ver que ten que ver unha cousa con outra}
> A: pero existe
> C: si si si que existe si <=pero: xxx=
> H: =pero eso eu creo que é=> un daño un daño ó idioma porque: redúcelo a un entorno mui: bue- mui reducido ou mui amplo <=depende non debería pero:=
> F: =eu penso que non debería…=> / eu estou de acuerdo aí co señor que non debía estar <=ligado para nada= (GE: 442-449)

No entanto, estes últimos acaban concordando en que existe tal estigma debido a que se apoian na lingua como elemento identificador, lingua que ten uns trazos que a diferencian, tal como define Helena coa expresión “galego determinado”:

> H: =non debía estar vinculado=> o que pasa é que ó mellor a: o nacionalismo ten unha forza no idioma máis grande có resto da xente non? o sea a: no caso de galicia ser nacionalista xa falan un galego determinado <=(f) que se fai sentir máis có resto}=

---

salvagarda-la unidade dunha España que el defendía como país uniforme e sen posibilidade de ningún federalismo.

F: =de feito que moita o sea que se decantan polo nacionalismo pois falan máis o galego cós que non se decantan por eso xxx máis evidente=>
H: ó mellor non falan máis o que pasa é que se fai oír máis eso tamén é- (GE: 450-455)

Estes dous interlocutores manifestan certa asociación entre falar galego e ser nacionalista, por un lado a expresión "fálano máis" fai referencia posiblemente a que adoita ser xente que non converxe para o castelán nos contextos en que a diglosia "obriga" a facelo, e por outro lado "falan un galego determinado" dá conta dunha variedade que xa se denominou arriba "novo galego urbano" e que, tal como Regueira (1999) reflectiu, é propia da xente culta das cidades que reproduce máis ou menos o estándar escrito pero con fonética castelanizada.

Xa para finalizar, cómpre pararse na afirmación de Rodrigo a propósito da relación entre os estereotipos dos galegos como "menos nacionalistas" e a ideoloxía do goberno da Xunta:

Rd: = =yo creo que en el caso de: de galicia quizás más que en otras de las comunidades que tienen lengua propia no? e:: quizás eso se ha superao más que que en los otros casos no? en el caso del país vasco o de o de cataluña no? precisamente porque los sucesivos gobiernos de la comunidad autónoma non han sido de: de signo de: nacionalista se ha impulsado el uso del gallego o dentro incluso de la propia administración no? | (GE: 825-829)

6.5 CONCLUSIÓN

> E a Sociolingüística ten que estudia-las relacións entre a práctica diglósica e as representacións, as ideoloxías ás que esta práctica fai, implícita ou explicitamente, referencia e, en particular, ten que poñer en evidencia as tensións que existen entre os funcionamentos lingüísticos e a ideoloxía deses funcionamentos (Boyer, 2003c: 39)

Un dos obxectivos cos que se comezou esta investigación era o de darlle resposta a fenómenos complexos arredor do galego, a situacións de comportamentos disidentes baixo actitudes favorables, que convivían con comportamentos monolingües marcados polo autoodio, manifestacións ó final dunha situación particular de conflito lingüístico que vive esta Comunidade. Boa parte da poboación activa traballa en empresas coma as dos participantes nos grupos de discusión, interactúan e réxense baixo unhas normas de comportamento moitas veces tácitas, que se trataron de desenmascarar.

Vanse dedica-las seguintes liñas a resumir brevemente os puntos máis importantes que, baixo o marco teórico escollido, se extraeron da análise precedente.

Nin empresarios nin obreiros manifestaron directamente unha actitude de rexeitamento cara ó galego. Transcorreu boa parte do discurso sobre os usos nas empresas, propias e alleas, dando conta de feitos obxectivos, como a escasa formación do cadro de persoal ou a falta de materiais nas empresas, e sen manifestar directamente prexuízos cara ó galego. De feito, se se realizase entre os participantes dos grupos de discusión a enquisa coa que se elaborou o Mapa Sociolingüístico de Galicia, seguramente se obterían uns resultados moi parellos ós daquel, resumidos no Capítulo 3. Nesta liña, os máis mozos presentaron, en xeral, unha actitude máis positiva cós participantes de máis idade, establecendo un discurso sobre o galego como lingua de igual categoría có castelán, aínda cando non o falasen:

> T: pero es que el gallego en la escuela no tiene que ser una segunda lengua (…) fíjate como pienso yo y no lo hablo o sea pienso <=que tiene que estar al mismo nivel= (GT: 1020-1023)

Pero ós poucos fóronse desvelando vellos prexuízos, vellos estigmas e o mesmo autoodio de sempre, tanto a través do que eles percibían noutros, en parte da sociedade á que pertencen, como neles mesmos. Moitas das declaracións que se estiveron analizando durante as páxinas precedentes mostran como o que se di sobre o galego pode ir por un

camiño diferente das representacións verdadeiras sobre a lingua e, polo tanto, dos comportamentos.

Descubriuse que no mundo económico está bastante estendida a representación do galego como lingua limitada na empresa xustificada a través de: (a) a inercia de traballar en castelán; (b) o limitado horizonte territorial; (c) a imposibilidade de que as empresas pequenas poidan asumi-los custos da galeguización; (d) a falta de demanda por parte dos consumidores; (e) a escasa promoción desde a administración; (f) a conciencia dun nulo reporte de beneficios.

Estas representacións están dentro do imaxinario sociolingüístico máis xeral, e non todas son exclusivas do ámbito empresarial. Caracterízanse moitas delas neste momento por seren contraditorias, porque así se reflicten no discurso. A contradición vén da mellora que, en parte, sufriu a imaxe social do galego nas últimas décadas ó conseguir unha cobertura legal como lingua cooficial da comunidade, e ó pasar a se-la lingua das administracións autonómica e local, do ensino e da sanidade pública ou dalgúns medios de comunicación. Pero detrás destas institucións están persoas inseridas nunha sociedade na que existen unhas representacións determinadas cara ó galego, que fan que a imaxe positiva que comezou a adquiri-la lingua sexa só parcial, ó non conseguir superar un autoodio moi enraizado, uns prexuízos que se asentaron durante séculos e, no fondo, unhas imaxes do galego destacadamente negativas: (a) é lingua do rural; (b) é lingua das clases sociais máis baixas e dos traballadores sen cualificar; (c) é lingua para o rexistro coloquial.

A representación da lingua propia da comunidade como estigma do rural (con tódalas consecuencias que iso leva consigo) percibiuse nos dous grupos (empresarios e obreiros), ben como un feito do pasado, ben do presente, segundo a conciencia lingüística dos interlocutores. Os que partían de que estaba superado o estereotipo reproducían un discurso –quizais aínda non acabado de elaborar– sobre o enorme camiño avanzado polo galego. Entre os participantes no grupo, esta representación parece responder ou ben a unha ideoloxía que prima o monolingüismo do castelán e mesmo ve con malos ollos calquera avance do galego, ou ben a outra que aínda que non o prime, lle resulta indiferente a posición que ocupe o galego. No entanto, esta indiferenza non ten porque ser negativa, posto que pode admitir que o galego deixe de ser lingua B, e se eleve a código comunicativo tan válido coma o castelán.

A devandita representación púidose comprobar tamén a través dos comportamentos dos participantes, pois algúns dos falantes do rural asentados na urbe que declaraban superada tal asociación, tiñan eliminado do seu código aqueles trazos dialectais máis marcados (do tipo seseo ou gheada), por seren sinal moi evidente de hábitat rural. De feito, tódolos que naceran no rural insistiron moito na marca de orixe que o seu galego supoñía, estigma que lles aprenderon de nenos. Ademais aseguraban descoñece-lo estándar, feito que reproduciron nunha actitude de inseguridade común a todos, pero á que –segundo os casos– lle deron máis ou menos importancia. Non obstante, tal descoñecemento do galego normativo tamén revelou agochar detrás unha representación negativa desta lingua como inferior ó castelán, feito que se comprobou no discurso duns e doutros, sobre todo co pouco éxito que os propios traballadores lle agoiraron a uns posibles cursos de formación pensados para eles; igual ca nas desculpas dos empresarios cando se lles pediu que expuxesen as posibilidades de galeguización nas súas firmas de cara ó futuro.

Tamén a través das experiencias dos nacidos na urbe, que presentaban usos diferentes segundo a idade (sendo os máis vellos os que tiveron o galego como lingua do ámbito familiar, sorte que xa non correron os máis novos, que falan case exclusivamente castelán nas casas), púidose aprecia-la presenza nalgún caso do estereotipo do galegofalante como persoa do rural e/ou sen formación e de clase social inferior.

Por outra banda, entre todos foron configurando un panorama onde os obreiros son os que falan preferentemente galego e os xefes castelán, ou así o recoñeceron empresarios e traballadores ó aseguraren que o galego se segue a asociar, dentro da empresa, ás clases baixas e ós traballadores menos cualificados, aínda sabendo da existencia de xefes que falan galego e de obreiros, sobre todo novos, que falan castelán. A forma na que se destacou que a lingua dos mozos novos da urbe que traballan de peóns fose o castelán deixou de manifesto que tal feito estaba rompendo a imaxe que determinados participantes tiñan do galego como marca social. Isto leva a concluír que sobre a representación do galego como lingua das clases sociais máis desfavorecidas tamén se percibe certa contradición.

En canto á última representación (c), o feito de que sexa lingua da oralidade nas empresas e que só en casos moi puntuais se empregue para a escrita mantén viva a representación de que o galego na empresa pode ser válido para o rexistro coloquial pero non para o culto.

Isto vai estar matizado ás veces polo tipo de empresa de que se trate, sendo máis elevado o uso onde o cadro do persoal estea menos cualificado, traballe en grupo nas cadeas de produción, teña pouco contacto con xefes castelanfalantes, non realice escritos e non teña contacto directo nin con clientes nin con provedores.

Pero ademais hai que incidir en que as diferentes representacións existentes sobre os usos orais no ámbito laboral se poden enmascarar baixo a expresión dunha liberdade de escolla por parte dos asalariados que no fondo non sempre é tal. Fíxose patente a denuncia dos traballadores pola prohibición bastante explícita de falar galego nalgunhas empresas, feito que axuda a configurar e asentar unha serie de imaxes negativas coas que se asocia o uso do galego dentro da empresa, imaxes que actúan igualmente cando a prohibición non é tan explícita, presentándose agochadas moitas veces na falta de formación e de materiais, razóns non exentas totalmente de fundamento. Se a isto se lle une o discurso da primacía da comunicación no mundo globalizado, o galego queda fóra de xogo. No fondo estase a reflecti-lo conflito que vive a propia sociedade.

Cómpre destacar como se insistiu en ámbolos dous grupos na falta de autoestima dos galegos como pobo, feito que deriva na falta de valoración da lingua propia. Viuse como, diante da realidade da pobre situación económica da comunidade, xorde a negación de todo o que a ligue con ela, nomeadamente a lingua. Baixo este autoodio é difícil vence-la deslealdade cara ó galego, que se acompaña desa representación do "correcto" nas interaccións comunicativas entre dúas linguas diferentes que di que diante dos falantes de castelán hai que converxer cara a eles, e que no fondo responde á citada ideoloxía que considera o castelán como primeira lingua. Baixo estes parámetros, non se considera que os traballadores que veñen de fóra deban aprender galego, é máis, enténdese que os compañeiros galegófonos lles deben falar castelán. De feito, a falta de converxencia, o monolingüismo consciente en galego, interprétase xa como sinal dunha ideoloxía política nacionalista. Esta actitude de lealdade lingüística parte dunha ideoloxía identitaria que se opón á anteriormente descrita, pero que é minoritaria e sobre cuxos falantes se formaron unha serie de estereotipos (extremistas, separatistas, violentos…[117]).

As actitudes de inseguridade, de comodidade e de deslealdade foron xurdindo medio encubertas e contrastanto con outras, minoritarias, de lealdade e de compromiso. Detrás

[117] Cfr. Iglesias Álvarez, 2002b: 170-172.

das actitudes e dos comportamentos que manifestaban, ou dos que daban conta os protagonistas, fóronse desentrañando moitas das representacións existentes sobre as dúas linguas en xogo para a comunicación en Galicia, así como moitos dos estereotipos asociados a elas. As diferentes actitudes responden a representacións diferentes da lingua, que á súa vez configuran ideoloxías distintas. Determinadas actitudes poden convivir nunha mesma persoa aínda sendo en certa medida contraditorias. Viuse como a actitude de inseguridade se dá ó mesmo tempo cá de indiferenza pola lingua, ou cá de deslealdade; e como esta á súa vez pode coincidir, ben coa de comodidade, ben coa de rexeitamento cara ó galego.

As representacións ó final configuran determinadas ideoloxías lingüísticas, que –despois da análise feita– poderían resumirse nas tres seguintes: (a) unha ideoloxía monolingüe do castelán, que admite a existencia obvia do galego dentro da sociedade, pero como unha lingua de segunda categoría, sen posibilidades de entrar na empresa; (b) outra ideoloxía lingüística que interpreta que o galego e o castelán están ó mesmo nivel ou, cando menos, asume sen problema que o galego é unha lingua válida para a comunicación no rexistro culto, e mesmo pode ser apropiada para as relacións comerciais; (c) o galego é a lingua propia de Galicia, é un sinal de identidade da comunidade e ten que ocupar un lugar preeminente diante do castelán.

Xa para rematar, cómpre facer notar que o estudo que se vén de facer do discurso de empresarios e traballadores, recollido nos grupos de discusión, non podía ser máis ca unha aproximación á complexa realidade sociolingüística da nosa lingua, aproximación que ademais estaba limitada polo espazo que lle correspondía nesta investigación. Presentáronse unhas pautas de análise dun discurso que se mestura, se adianta e se retrotrae e que envolve moitísimos máis matices cós que foi posible describir nas páxinas precedentes. Para unha lectura máis profunda pode lerse a transcrición do que foi todo o desenvolvemento do grupo (vid. Anexos 19 e 20), non só para aclarar e/ou enriquecer esta análise do mundo empresarial, senón tamén para achegarse de primeira man á visión da realidade sociolingüística da comunidade contada polos seus protagonistas.

CAPÍTULO 7

ANÁLISE DAS ENQUISAS

7.1 CUESTIÓNS PRELIMINARES: CARACTERIZACIÓN DOS ENQUISADOS E DESENVOLVEMENTO DA ENTREVISTA

Ó inicio da entrevista, segundo o modelo da enquisa (vid. Anexo 13), o único dato profesional que se pedía era o cargo[1] da persoa que a contestaba. No entanto, isto xa se obviaba cando se conseguía un cita vía telefónica, pois quedaba rexistrado o nome e o cargo da persoa que atendería á investigadora. As preguntas persoais (idade, lugar de nacemento...), seguindo as recomendacións para a elaboración de enquisas, expostas no Capítulo 5, realizáronse ó final do cuestionario, esperando que o clima fose de máis confianza. Aínda así, insistíuselles ós entrevistados que se as consideraban comprometidas, podían non respondelas.

Tal e como xa se indicou, tanto cando se establecía contacto telefónico como persoal, preguntábase por un directivo, que –segundo o tipo de firma da que se tratase– ás veces concretábase en propietario/a, director, xerente... Naquelas empresas que contaban cun alto nivel organizativo, procurábanse –en primeiro lugar– membros da xunta directiva (que non sempre se encontraban fisicamente na empresa a diario) e –en segundo lugar– xerentes (naquelas firmas onde non se consideraban incluídos dentro do primeiro grupo). Estes últimos adoitaban ser máis accesibles cós primeiros en case tódalas empresas, provocando

[1] Procedía esta cuestión, ben no caso de que a entrevista se realizase persoalmente, ben no caso de que o convocado delegase noutra persoa no momento da mesma, ou ben cando, tras concerta-la cita telefonicamente, quedara algunha dúbida con respecto ó tema.

que esta categoría fose a que achegase máis entrevistados (45,8%), seguida moi de preto pola que englobaba ós propietarios (36,7%), quedando xa a maior distancia o resto dos grupos, como se pode ver no seguinte gráfico:

Gráfico 53: Cargo da persoa que contestou a enquisa[2]



A suma total das respostas supera o número de enquisados, feito derivado da decisión de deixa-la pregunta semipechada, coa posibilidade de marcar dúas opcións. Isto axudaba a perfilar máis a resposta sen ter que redactar un número de opcións moi elevado que ó final complicase a toma de datos, permitindo sinalar, por exemplo, cando o propietario ou copropietario eran tamén xerentes (dezaoito casos en que o propietario exercía ademais de xerente; e nove en que coincidía que un dos propietarios –copropietario– o fose). Non se deu ningún caso de propietarios que non traballasen na empresa, porque, ou ben eran xerentes ou directores dun departamento (dous casos) ou ben –en empresas moi pequenas e cun organigrama moi reducido: comercios, pequenos talleres...– realizaban practicamente as mesmas tarefas cós empregados. Neste último suposto (dezaseis enquisados) indicouse simplemente "propietario", mentres que nos outros sinalouse á par o outro cargo que desempeñaban. De igual maneira se procedeu co valor "copropietario"[3], indicado cando a entidade estaba dirixida por dúas ou máis persoas e se entrevistaba a aquel que exercía de xerente, xefe de departamento ou ben realizaba o mesmo posto ca calquera empregado.

[2] Débese ter en conta que os datos desste gráfico están en valores numéricos absolutos, e así deben lerse sempre que non apareza a escala marcada co símbolo porcentual (%), sinal de que se trata de porcentaxes. Neste caso concreto, dado que a pregunta era semipechada, o total de respostas foi 156, polo que non tiña sentido presenta-los datos porcentuais, circunstancia que se repetirá noutras ocasións ó longo da investigación. Por outra banda, a redacción dos valores abreviados era a seguinte: *pte, dtor, cons. direc.* corresponde a "presidente, director ou membro do consello de dirección"; *dtor. dpto.* corresponde a "director de departamento (especificar)"; *copr.-trab.* corresponde a "copropietario e traballador".

[3] Cando a empresa era de varios propietarios, algúns eran socios capitalistas e non tiñan presenza física na entidade.

Dos nove que se englobaron na categoría "presidente, director ou membro do consello de dirección" (pte, dtor, cons. direc.), realizaban esta función de xeito exclusivo dous, o resto eran tamén xerentes ou propietarios.

A categoría "copropietario e traballador"[4] indicouse naquelas empresas propiedade de varios socios que as explotaban por si mesmos, sen ningún outro asalariado. Supoñen o 10% do total e recorreuse a esta opción cando non era posible completa-la mostra con empresas con asalariados, fundamentalmente no sector do comercio.

Dos dezaseis directores de departamento, sete eran tamén membros da Xunta de dirección da empresa, mentres que nove desempeñaban este cargo en exclusiva. Estes nove casos admitíronse como entrevistados por circunstancias diferentes, pero partindo sempre de que tiñan responsabilidade e peso na empresa. De feito, en tres firmas, delegacións de grupos foráneos cun xerente que non se atopaba fisicamente na oficina investigada, a responsabilidade da empresa recaía sobre un xefe de departamento, única persoa entrevistable (foron: o responsable dun "departamento creativo", unha xefa dun "departamento de vendas" e outra dun "departamento de reservas"). Noutras tres ocasións diferentes a secretaria ou persoa que atendía o teléfono sinalou a un "director de administración", ou título similar, como mellor coñecedor do funcionamento interno da empresa có xerente, dada a escasa presenza deste na oficina. Tratábase de casos de empresas grandes en que o director de administración se consideraba parte da dirección da empresa. As tres ocasións restantes producíronse cando, tras concertar unha cita mediante contacto telefónico co propio xerente ou propietario, no momento de realiza-la entrevista, este –en tódolos casos de avanzada idade– delegou nun director de departamento que ademais era membro da familia (fillo, sobriño...), de menor idade e con estudos superiores; circunstancias estas que os propios convocados resaltaban para xustifica-lo traspaso de papeis. Neste caso entrevistouse a unha coordinadora de produción e a dous directores de administración[5].

[4] Estes casos, á hora de anota-los usos de traballadores e de directivos, consideráronse como directivos, polo tanto vaise indicar "non procede" nas preguntas sobre a lingua que falan os traballadores na empresa.

[5] En total entrevistei a seis directores/as de administración[5] que ás veces tamén o eran doutros departamentos (riscos laborais, calidade...); a unha "xefa de seguimento operativo", a tres persoas responsables do departamento de contabilidade, e outras dúas do de calidade, unha dun "departamento creativo", unha "coordinadora de produción", unha dun "departamento de vendas" e outra dun "departamento de reservas".

Na seguinte táboa pódese ver quen representou á empresa segundo os diferentes sectores. A maioría de propietarios corresponden ó sector comercio, onde se engloba tanto o comercio por xunto coma polo miúdo, composto este por empresas moi pequenas, ás veces de carácter familiar e cun organigrama que non adoita contar máis ca con propietario (que tamén traballa) e empregado/s:

Táboa 26: Cruzamento entre o cargo da persoa que contesta a enquisa e o sector de actividade da empresa[6]

Sector[7]/cargo	*xerente*	*propietario*	*copropietario*	*pte., dtor., cons. direc.*	*dtor. dpto.*	*copropietario e traballador*	*TOTAL*
D-Industria	8	4	1	1	2	1	17
E-Enerxía	0	0	0	0	1	0	1
F-Construción	6	2	2	2	4	0	16
G-Comercio	5	18	6	0	1	6	36
H-Hostalaría	6	4	5	0	0	1	16
I-Transporte	4	1	0	1	2	0	8
J-I. financeira	0	0	0	1	0	0	1
K-A. inmobil.	12	4	4	2	4	4	30
M-Educación	4	3	1	0	0	0	8
N-A. sanitarias	5	4	1	1	0	0	11
O-Outr. activs.	5	4	0	1	2	0	12
TOTAL	*55*	*44*	*20*	*9*	*16*	*12*	*156*

Máis da metade dos enquisados (65%) estaban nunha media de idade[8] entre os trinta e cinco e os cincuenta e cinco anos; o resto repartiuse entre os de menos de trinta e cinco (o 24,2%), e os de máis de cincuenta e cinco (o 10,8%):

[6] Os datos das táboas deste capítulo van ser case sempre numéricos, cando sexan porcentuais xa se indicará debidamente.

[7] Os nomes dos sectores recórdese que (como xa se viu no Capítulo 5: metodoloxía) corresponden á Clasificación Nacional de Actividades Económicas aprobada en 1992 (CNAE-93). Na táboa preséntanse abreviadas a maioría das denominacións correspondentes ós grandes sectores. A continuación dáse o nome completo daquelas formas que se presentan reducidas: *D- Industria* corresponde ó título completo "D: Industria manufactureira"; *E- Enerxía* ten como título completo "E: Produción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga"; *G- Comercio*, responde a "G: Comercio, reparación de vehículos a motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais de uso doméstico"; *I- Transporte* abrevia a "I: Transporte, almacenamento e comunicacións"; *J- I. financeira* corresponde con "J: Intermediación financeira"; *K- A. inmobil*. abrevia a "K: Actividades inmobiliarias; servizos empresariais"; *N- A. sanitarias* responde a "N: Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais"; e por último *O- Outr. activs.* é a forma abreviada de "O: Outras actividades sociais e de servizos á comunidade, servizos persoais".

[8] O cuestionario contaba ó final con estas preguntas persoais (idade, lugar de nacemento, nivel académico, lugar de estudos...) que se presentaban como de resposta voluntaria, pero que ninguén se negou a responder.

Gráfico 54: Idade da persoa que contestou a enquisa[9]



Con todo, destaca a gran cantidade de xente moza que respondeu a enquisa, porque, en realidade, as opcións "menos de 35" e "máis de 55" recollen franxas de idade moito menores ca "entre 35 e 55", e sobre todo no caso dos menores de trinta e cinco, posto que é infrecuente que un directivo sexa menor de trinta anos (de feito no corpus que representa esta investigación só se deu un caso que tiña vinte e nove). A última opción (*máis de 55*) deixouse aberta para incluír a propietarios e/ou directivos que seguen á fronte das empresas tras superaren a idade normal de xubilación (sesenta e cinco anos), tope que sobrepasaban os responsables de catro empresas aínda en activo, dos cales só un (de oitenta e catro anos) respondeu o cuestionario; nas outras tres ocasións os responsables maiores delegaron, ben no momento da cita, ben no da entrevista, nunha persoa máis nova da súa confianza (xerente, membro do consello de dirección, xefe dun departamento...).

O 90% dos enquisados tiña orixe galega, deles o 40% naceran nunha cidade (principalmente Santiago), o 36,7% nunha aldea e o 13,3% nunha vila[10]. Dos doce nacidos fóra de Galicia (o 10% do total), catro –dos cales tres eran fillos de galegos– naceran fóra

[9] Escolléronse estas tres franxas de idade sabendo a priori que a maioría dos directivos estarían na franxa central, pois abarca o período laboral máis amplo, pero creuse interesante diferenciar entre directivos mozos, os de media idade e xa as persoas de máis de 55 anos que tiveron tamén outro tipo de formación e teñen outras características sociolingüísticas. Outras posibles divisións parecían menos adecuadas, posto que se se partía en franxas de 10 anos desde os 25 en diante ofrecía unha segmentación excesiva; e en franxas de 15 quedaría a primeira entre vinte e cinco e corenta e non distinguiría ós directivos realmente novos que estarían por baixo dos trinta e cinco.

[10] A determinación do lugar de nacemento como cidade, vila ou aldea estivo en función da percepción que tiña o entrevistado. A entrevistadora só aclaraba –cando o entrevistado dubidaba– que o concepto de vila referíase a un núcleo de poboación con maior entidade có que tradicionalmente se coñece como aldea e que non era ningunha das sete grandes cidades galegas.

de España[11]. Ademais, todos levaban asentados en Santiago máis de quince anos, excepto dous que estaban entre cinco e dez.

Para a análise do nivel de estudos dos entrevistados houbo que poñer en xogo as diferentes nomenclaturas das distintas reformas educativas ás que se acolleron as diferentes xeracións de entrevistados. Tratouse de dar cabida ós principais estadios formativos, que van desde unha formación moi elemental ou nula ata as titulacións universitarias. Todos tiveron representación, aínda que foron máis os universitarios superiores (licenciatura, enxeñería superior...) (35,5%) e menos os que posuían un bacharelato elemental/EXB/FP1[12] (7,5%). O resto, e por orde de frecuencia, ben cursaran estudos medios[13] (24,2%), ben eran universitarios de primeiro ciclo (diplomatura ou enxeñería técnica) ou dun ciclo formativo superior (20,8%), ben non tiñan estudos ou só contaban cos antigamente chamados "estudos primarios" (12,5%).Vese no seguinte gráfico:

Gráfico 55: Nivel de estudos dos enquisados[14]



Existe certa relación entre o nivel de estudos e o sector no que os entrevistados exercen o cargo directivo. Así, de xeito proporcional, a maioría dos entrevistados do sector denominado "Actividades inmobiliarias, servizos empresariais" contaban con estudos

[11] Nacidos en diversos países sudamericanos ou centroeuropeos.
[12] Titulacións xa obsoletas na actualidade, quedaron desde a LOXSE substituídas polo título en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) pero, debido á súa recente implantación, non existen aínda directivos con esta formación.
[13] Bacharelato superior, posterior BUP ou FP2
[14] As distintas opcións para a variable "nivel de estudos" eran: Sen estudos ou estudos primarios (abreviado "S.E./ primarios"); Bacharelato elemental; Ensinanza Xeral Básica: EXB, ou Formación Profesional de 1º grao: FP1 ("EXB"); Bacharelato superior, posterior BUP ou Formación Profesional de 2º grao: FP2 ("BUP"); Universitarios de 1º ciclo (diplomatura ou enxeñería técnica) / ciclo formativo superior ("Univ.1"); Universitarios superiores (licenciatura, enxeñería superior...) ("Univ.2").

universitarios; fronte á maioría dos enquisados do sector comercio (case todo propietarios) que contaban cunha titulación inferior[15]:

Táboa 27: Relación entre o nivel de estudos dos enquisados e o sector ó que pertence a empresa

Sector/Estudos	S. E./ prim.	EXB	BUP	Univ. 1	Univ.2	Total
D-Industria	1	0	3	3	4	11
E-Enerxía	0	0	0	0	1	1
F-Construción	0	1	4	2	5	12
G-Comercio	9	4	12	5	5	35
H-Hostalaría	2	2	2	3	1	10
I-Transporte	1	0	0	2	3	6
J-I. financeira	0	0	1	0	0	1
K-A. inmobiliar.	1	0	5	5	11	22
M-Educación	0	0	0	1	5	6
N-A. sanitarias	1	0	0	2	3	6
O-Outr. activs.	0	2	2	2	4	10
TOTAL	7	5	9	11	22	54

7.1.1 A LINGUA DA ENTREVISTA

Aínda que no presente traballo se expuxeron primeiro os datos persoais dos entrevistados (idade, lugar de nacemento e nivel de estudos) que xa se dixo que eran preguntas situadas ó final do cuestionario, a primeira información recollida na entrevista referíase á lingua en que desexaban ser preguntados, fórmula coa que se comezaba o interrogatorio. Esta pregunta colocouse en primeiro lugar pola súa importancia, que viña, non só pola información sociolingüística que achegaría, senón máis ben pola intención de facer sentir cómodo ó entrevistado, feito que facilitaba en grande medida o desenvolvemento da entrevista. Os resultados vense no Gráfico 56:

Gráfico 56: Lingua na que preferiron que se lles fixese a entrevista



[15] Recórdese o que se sinalaba no Capítulo 1 sobre a escasa formación dos dirixentes dos negocios familiares. Esta información pódese completar en Alonso Álvarez, 2000a.

Destaca que o 61,7% declarase que lle resultaba indiferente a lingua do cuestionario, o 33,3% escollese o galego, mentres que só o 5% pediu que se lle fixese en castelán, feito que non responde á lingua habitual dos entrevistados, como se pode comprobar no Gráfico 57.

Débese ter presente que a investigadora saudaba en galego e esta era a lingua na que comezaba a conversa, feito que posiblemente ás veces influíse na decisión do entrevistado, segundo se deduce de respostas con expresións do tipo: "*faino en galego xa*". Noutras ocasións, a elección do galego como lingua da entrevista ía acompañada por unha pregunta ou comentario sobre a dificultade do tema: *"pode ser en galego, sempre que non sexa moi difícil, claro!", "De que vai?, se entendo faina xa en galego?"*

Entre os que declararon a "indiferenza" ante a lingua da entrevista, algo menos da metade fixeron algunhas observacións ó respecto que merecen ser comentadas Nuns casos apoiáronse na defensa do bilingüismo (*"aquí hablamos los dos indistintamente"),* noutros aclararon que eles ían seguir en castelán: *"me es igual como lo hagas si yo puedo hablar en castellano*" ou "*hazlo en gallego ya, pero yo te contesto en castellano"*. Ante a indiferenza do entrevistado proseguíase en galego, xustificando sempre a investigadora se-la súa lingua habitual e polo tanto aquela na que se sentía máis cómoda. Con todo, déronse catro ocasións en que os entrevistados (castelanófonos), que expresaran ó principio a súa indiferenza con respecto á lingua na que se lle realizase o cuestionario, conforme se avanzaba na conversa detectouse que a indiferenza non era tal. Os seus comentarios, que ían desde a molestia que lles causaba que –sendo de fóra– se lles falase en galego no canto de en castelán, ata apreciacións sobre a mala educación que isto supoñía, levaron a que (sen realizar ningún comentario ó respecto) optase por mudar de lingua no medio do cuestionario, opción ben recibida por todos eles, favorecendo un maior sinceramento do entrevistado.

Como se pode deducir do xa visto, a lingua na que pedían ser interrogados, non está en relación directa con aquela que empregaban eles para contestar, onde o castelán tivo unha presenza considerable, sen deixar de ser maioritario o uso do galego:

Gráfico 57: Lingua na que responden o cuestionario



A información referida á lingua na que se contestaba a enquisa comezouse a anotar unha vez iniciada a investigación, dado que non se incluíra no deseño orixinario do cuestionario, motivo de que non se teñan datos das once primeiras enquisas[16] (9,2% do total). As anotacións realizadas para as 109 restantes deixan á vista que houbo máis entrevistados que contestaron en castelán (28 %) cós que preferiron que se lles fixese o cuestionario nesa lingua. É dicir, desa maioría que se declarou indiferente ante a lingua da entrevista, unha gran parte eran castelanófonos; pero tamén había un numero importante de galegófonos, xa que aínda que o 62 %[17] contestou a enquisa en galego, só un 33,3% pediu que se lla fixese nesa lingua. Apréciase no seguinte gráfico a intersección entre a lingua en que preferían ser entrevistados e aquela que empregaron para contestar:

[16] Non pensara nun principio en tomar nota desta cuestión, pero, á raíz de detectar nas primeiras entrevistas algunha contradición entre o que contestaba o entrevistado e a lingua na que falaba, presentouse esta como unha opción interesante que levou a incluír un apartado máis a xeito de punto observacional.
[17] Realizando as porcentaxes sobre o total da mostra, os que responderon en galego supoñen o 56,7%, os que o fixeron e castelán, o 25,0%; e os que empregaron as dúas, o 9,2%.

Gráfico 58: Lingua na que preferiron que se lles realizase o cuestionario segundo aquela en que o responderon



Coa finalidade de busca-la relación entre a lingua de interacción coa entrevistadora (a empregada para contestaren eles a enquisa e maila que escolleron para seren entrevistados) con outros factores, fóronse cruzando estes parámetros coa idade, cargo e sector de actividade.

En canto á lingua empregada para responde-lo cuestionario segundo a idade dos entrevistados, destaca que en tódalas franxas de idade fose maioritario o uso galego, aínda que os que, proporcionalmente, se inclinaron máis por esta opción foron os menores de trinta e cinco anos:

Táboa 28: Lingua na que responderon a enquisa con respecto á idade

Responde/Idade	*Menos de 35*	*Entre 35 e 55*	*Máis de 55*
Galego	69%	58%	67%
Castelán	23%	33%	8%
Emprega as dúas	8%	9%	25%

Esta propensión cara ó galego na entrevista por parte dos máis novos, faise moito máis evidente á hora de analiza-la lingua na que escollían que se lles fixese o cuestionario. Destaca a diferenza entre o 55,2% deste grupo de idade fronte ós maiores de 55 anos que se mostraron, en xeral, indiferentes co tema, escollendo o galego para ser entrevistado só unha persoa de trece, o que supón un 7,7% do conxunto do grupo:

Táboa 29: Lingua na que quixeron ser entrevistados con respecto á idade

Lg entrevista/Idade	*Menos de 35*	*Entre 35 e 55*	*Máis de 55*
Galego	55,2%	29,5%	7,7%
Castelán	3,4%	3,8%	15,4%
Indiferente	41,4%	66,7%	76,9%

Enfrontados os mesmos parámetros lingüísticos co nivel de estudos, descubriuse que foron os universitarios aqueles que preferiron maioritariamente ser entrevistados en galego, e os que contestaron maioritariamente tamén en galego:

Táboa 30: Lingua na que quixeron ser entrevistados en relación ó nivel de estudos[18]

Lg entrevista/Estudos	*S. E/prim.*	*EXB*	*BUP*	*Univ.1*	*Univ.2*
Galego	13,3%	33,3%	31%	36%	40,5%
Castelán	6,7%	0%	3,4%	8%	4,8%
Indiferente	80%	66,7%	65,5%	56%	54,8%

O 40,5% dos titulados universitarios superiores (Univ.2) optaron por que se lles fixese a entrevista en galego, sendo o grupo que se inclinou en maior medida por esta opción, elección que vai decrecendo –case progresivamente– conforme baixa o nivel de formación dos enquisados (ségueo o 36, 33 e 31 por cento dos Univ1, EXB, BUP respectivamente), producíndose o salto máis grande con aqueles que non teñen estudos.

Á hora de contesta-la enquisa as porcentaxes de uso do galego superan ás do castelán en tódolos grupos, destacando especialmente entre as persoas sen estudos ou con estudos primarios. En realidade, excepto os titulados universitarios de grao medio (que empregan o galego nun 40%), o resto dos casos superan o 50%.

Táboa 31: Lingua na que responderon a enquisa en relación ó nivel de estudos

Responde/Estudos	*S. E/prim.*	*EXB*	*BUP*	*Univ1*	*Univ2*
Galego	86,70%	70,80%	62,60%	45%	58,80%
Castelán	6,70%	0%	29,10%	36%	36%
Emprega as dúas	6,60%	29,20%	8,30%	19%	5,20%

O contraste da comparación entre o sector de actividade ó que pertencían as empresas dos entrevistados e a lingua de interacción na entrevista non desvelou grandes diferenzas, aínda que destacan os comerciantes por seren, en proporción, os que se mostraron maiormente indiferentes á lingua na que se lles facía a entrevista (Gráfico 59) e, ó mesmo tempo os que máis contestaron en galego (Gráfico 60):

[18] Recórdense as opcións da varible "nivel de estudos" na nota núm. 14.

Gráfico 59: Lingua na que preferiron que se lles realizase a enquisa en relación co sector de actividade



Gráfico 60: Lingua na que responderon a enquisa en relación co sector de actividade



7.2 DATOS DAS EMPRESAS

As empresas enquisadas corresponden ás seleccionadas na mostra aleatoria estratificada que se estableceu no seu momento segundo os sectores de actividade, tal e como quedou explicado arriba (vid. Capítulo 5, epígrafe 5.3.4.3). Iniciouse a investigación co obxectivo de que a mostra non sobrepasase o erro máximo dun 9% para o que correspondería realizar 112 enquisas, distribuídas proporcionalmente entre os diferentes sectores. Posto que, unha vez comezado o proceso das entrevistas, houbo a posibilidade de superar este número, realizáronse 120 enquisas válidas, desta maneira logrouse diminuír lixeiramente o erro de mostraxe[19].

O maior peso na mostra teno o sector que, no código CNAE, se denomina pola letra G: "*Comercio, reparación de vehículos a motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais de uso doméstico*", cun 29 % dos entrevistados; seguido polo K ("Actividades inmobiliarias e servizos empresariais") cun 18 %. O resto foise repartindo entre os diferentes sectores de xeito proporcional ó seu peso na actividade empresarial compostelá, como se aprecia no seguinte gráfico:

[19] A razón deste aumento ata 120 débese a que moitas das empresas non daban unha resposta inmediata cando se solicitaba o permiso para realiza-la enquisa, feito que provocaba a ampliación da mostra invitada, o que provocou que –a longo prazo– se puidesen conseguir máis enquisas das previstas inicialmente. Os sectores que presentaron máis dificultade para acada-la mostra foron os encabezados pola letra H (formado polas empresas dedicadas á *hostalería),* e pola letra O (que engloba a *Outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade; servizos persoais),* debido a circunstancias diferentes en cada caso. No sector da hostalaría resultou dificultoso contactar cos directivos, posto que foi o último sector investigado, correspondéndolle nos meses de xaneiro e febreiro de 2004, datas nas que unha inmensa maioría dos responsables escollen para o seu período vacacional. O problema viuse incrementado no caso dos restauradores, que adoitaban estar na empresa nas horas puntas de traballo, momento no que lles resultaba imposible contesta-la enquisa. No caso das empresas do sector O, a dificultade xurdiu porque o universo ó que debía responde-la mostra estaba configurado por un número importante de firmas que quedaban excluídas deste traballo: unhas pertencentes ó subsector "Actividades asociativas" que incluía asociacións (sindicais, relixiosas, políticas...), outras agrupadas en "Actividades recreativas, culturais e deportivas" onde se integraban museos, bibliotecas, clubs deportivos... Desta maneira o número de invididuos potencialmente válidos era moito máis pequeno do que se baralla nos datos globais, de aí a dificultade para consegui-los empresas necesarias.

Gráfico 61: Empresas analizadas segundo o sector[20]



O resto da información sobre as empresas recollíase ó final da enquisa, momento en que se realizaban varias preguntas[21] que achegaban información relevante pero que non fora determinante na selección das firmas da mostra. Tratábase do número de traballadores da empresa, do número de directivos, a orixe deste(s) e a do seu capital. Por último tamén se quixo saber se a empresa posuía establecementos ou sucursais fóra da comunidade, así como a orixe da maioría das empresas coas que se relacionaba. Preséntanse a continuación os resultados.

En canto ó número de traballadores (*Cal foi o número medio de traballadores na súa empresa durante o último ano?)* as empresas entrevistadas respondían ós parámetros da empresa galega en xeral e compostelá en particular, ó contaren –máis da metade (55,9%)– con menos de dez traballadores. En realidade, destaca aínda máis a porcentaxe dos que teñen menos de cinco empregados, sendo o máis numeroso de tódolos subgrupos o que ten entre dous e catro co 29,2%, seguido polo que recolle as empresas que contan cun só empregado (12,5%), vese no Gráfico 62:

[20] Recórdese que os nomes completos dos sectores quedaron explicados na nota número 7.
[21] Igual cós datos persoais que se pedían do enquisado, estas cuestións centradas na empresa eran de resposta opcional e todos –en xeral– accederon a contestalas.

Gráfico 62: Empresas da mostra segundo número de traballadores



Entre as empresas que configuran a mostra ningunha superaba os 250 empregados; feito lóxico se se ten en conta que na propia fonte manexada para establece-lo universo (base de datos do IGE) só están rexistradas nove empresas con estas características en todo Santiago, das que unicamente tres superan os cincocentos traballadores. Por outra banda, o 3,3% do total que quedou fóra desta clasificación (catro empresas) está configurado por aquelas empresas en que tódolos traballadores eran propietarios e non contaban con asalariados.

Unha das razóns de que a maioría das empresas enquisadas non acaden os cinco traballadores está na tipoloxía do propio tecido empresarial compostelán, posto que o sector con máis peso na mostra (G: Comercio, reparación de vehículos a motor e outros) emprega –en xeral– a moi poucas persoas. De feito, só o 26% das empresas da mostra correspondentes ó sector G contaban con máis de cinco traballadores, xustamente aquelas dedicadas ós subsectores denominados “Comercio por xunto” e “Venda, mantemento e reparación de vehículos a motor”, sendo as de menos de cinco empregados o 74%. No lado oposto sitúase o sector da construción como aquel no que as empresas teñen o número máis alto de traballadores; de feito, na mostra –ademais de atoparse catro empresas con máis de cen empregados (o 33% da mostra neste sector)– ningunha tiña menos de cinco traballadores, e as de menos de quince só eran o 25%. (Pódese ver en detalle no Anexo 16, Táboa 1: Número de traballadores das empresas da mostra nos diferentes sectores de actividade).

Isto que se está vendo, se se pon en relación coa proporción dos sectores na mostra, leva a que se poida afirmar que case existe unha relación inversa entre o número de empresas entrevistadas e o número de traballadores que posúen, pois a maior número destes, menor daquelas e viceversa.

Tamén se preguntou polo número de directivos, cuxa formulación na enquisa era: *Podíame dici-lo número de directivos que ten a empresa neste momento?* Esta cuestión deixou á vista o problema da ambigüidade do concepto directivo comentado arriba (vid. Capítulo 5, páx. 318), cando algúns entrevistados pediron que se lles aclararase o termo. Cunha finalidade práctica e con vistas a homoxeneizar unha resposta válida para toda a tipoloxía de empresas, definiuse como o "conxunto de propietarios, socios e/ou membros do consello de dirección con poder de decisión a nivel global da entidade". As respostas plasmáronse no Gráfico 63, onde se comproba que o número de directivos está en consonancia coas características das empresas que configuran a mostra. De feito, semella lóxico que o número de directivos non fose moi elevado nun tecido empresarial configurado maioritariamente por empresas pequenas. Así, a inmensa maioría repartíase entre as que estaban dirixidas por só unha persoa (42,5%) e as gobernadas por un equipo que oscilaba entre dous e catro directivos (49,2%)[22]:

Gráfico 63: Caracterización das empresas da mostra segundo o número de directivos



Malia a todo, esta información débese tomar con cautela posto que, non tódolos que aclaraban ter poder de decisión se consideraban directivos nin viceversa. De feito esta

[22] De tódolos xeitos, unha das empresas contaba con máis de oito directivos e nove declararon ter entre cinco e oito.

cuestión levou a invalidar algunha enquisa ó contrasta-los seus resultados cos da cuestión que requiría o cargo da persoa que a contestaba[23].

A relación entre o número de directivos e a cantidade de traballadores por empresa é bastante proporcional, como se pode ver na seguinte táboa, onde se cruzaron os datos de ambos, podéndose comprobar que a maior coincidencia se dá nas empresas que contan cun só directivo (o propietario) e teñen entre dous e catro traballadores:

Táboa 32: Cruzamento entre número de traballadores e de directivos das empresas da mostra

núm. de directivos / *núm. de traballadores*	*1*	*2 - 4*	*5 - 8*	*máis de 8*	*TOTAL*
1	7	**7**	1	0	15
2- 4	24	10	1	0	35
5- 7	5	7	0	0	12
8-9	3	2	0	0	5
10-14	7	5	0	0	12
15-19	2	7	0	0	9
20-29	0	5	0	0	5
30-49	1	6	1	0	8
50-99	2	2	3	1	8
100-250	0	4	3	0	7
máis de 250	0	0	0	0	0
non procede	0	4	0	0	4
TOTAL	***51***	***59***	***9***	***1***	***120***

Con todo, a única empresa con máis de oito directivos non era a máis grande, senón que empregaba entre 50 e 99 persoas; mentres aquelas que contaban con máis de 100 traballadores non superaron esa cantidade de directivos.

Non se detectou que o sector de actividade afectase substancialmente ó número de traballadores. Loxicamente, segundo as características vistas do tecido empresarial compostelán, as firmas de tódolos sectores están dirixidas, ben por unha única persoa, ben por un equipo de entre dous e catro traballadores, cifra esta que é a máis común en case tódalas empresas, destacando o seu peso naquelas dos sectores K e F, fronte ó sector G no que predomina a dirección única, constituída normalmente polo propietario:

[23] Deuse por exemplo o caso de dous enquisados que declararon ser copropietarios e contestaron que o número de directivos da empresa era un.

Táboa 33: Número de directivos por sectores de actividade na mostra

Sector/Núm. directivos	*un*	*entre 2 e 4*	*entre 5 e 8*	*máis de 8*	*TOTAL*
D-Industria	4	6	1	0	11
E-Enerxía	0	0	0	1	1
F-Construción	3	7	2	0	12
G-Comercio	20	13	2	0	35
H-Hostalaría	4	6	0	0	10
I-Transporte	3	2	1	0	6
J-I. financeira	0	1	0	0	1
K-A. inmobiliarias	5	15	2	0	22
M-Educación	3	2	1	0	6
N-A. sanitarias	3	3	0	0	6
O-Outr actividades	6	4	0	0	10
TOTAL	*51*	*59*	*9*	*1*	*120*

Estas cuestións xerais sobre o número de traballadores e directivos achegan información para a análise sociolingüística, pero quizais menos transcendente cá orixe dos directivos, do capital da empresa, ou da maioría das empresas coas que se relacionan, así como a pertenza a un grupo empresarial estranxeiro, ou mesmo a existencia de filiais, cuestións que se van revisar a continuación.

O seguinte ítem que recollía información sobre a empresa (*Teñen establecementos ou sucursais fóra da comunidade autónoma ou ben pertencen a un grupo empresarial non galego?*[24]*)* en realidade englobaba dúas preguntas, circunstancia que os expertos non recomendan, pero que se considerou un mal menor nesta investigación onde primaba conseguir un cuestionario o máis completo posible cun número reducido de preguntas. Dado que as dúas circunstancias que se pretendían coñecer (existencia de sucursais fóra ou seren filiais dunha empresa foránea) estaban moi relacionadas, e neste caso só interesaba se había algunha parte da empresa fóra da comunidade (fose cal fose), realizouse conscientemente a pregunta desa maneira. Das respostas obtívose que eran unha minoría as empresas afectadas por este factor (só un 15% das respostas foron afirmativas) feito que podería condicionar en certa medida a comunicación tanto oral como escrita, así como a produción de materiais (catálogos, trípticos informativos, publicidade...), a rotulación, etc. Sería, polo tanto, un dato fundamental para contrastar e/ou xustificar determinadas respostas.

Da pregunta referida á orixe dos directivos (*De onde é orixinario o propietario/directivo ou a maioría dos propietarios/ directivos da empresa?)* obtívose que a dirección do 82,5%

[24] A pertenza a grupos empresariais de fóra de Galicia ou a posesión de establecementos fóra da comunidade autónoma, son feitos que inflúen, ou deben influír, á hora de tomar decisións sobre certos usos lingüísticos na empresa, do mesmo xeito que xustifican outros.

das empresas da mostra manexada era de orixe galega, fronte ó 11,7% das empresas que configuraban a súa dirección con persoas galegas e foráneas e o 5,8% que contaban cun equipo directivo só foráneo. Tamén se estableceu (Táboa 34) a relación entre a orixe dos propietarios coa situación das empresas en canto á súa posible dependencia de grupos foráneos[25]:

Táboa 34: Cruzamento entre a orixe dos directivos e a existencia doutras sucursais /filiais da empresa fóra de Galicia

Orixe directivo/a(s) | *Sucursais fóra?*	*Si*	*Non*	*TOTAL*
Galego/a(s)	10	89	99
Foráneo/a(s)	3	4	7
Galegos/as e foráneos/as	5	9	14
TOTAL	18	102	120

Vese que a proporción de empresas con sucursais fóra é máis alto naquelas que contan con dirección non exclusivamente galega. Dado que se pedía que se especificase a orixe dos directivos non galegos, obtívose que predominaban os da península, e dentro destes, eran maioritarios os casteláns (principalmente madrileños), seguidos de vascos e cataláns; aínda que tamén se atoparon casos particulares dun asturiano e un aragonés. A maioría destes xefes foráneos ocupaban as xerencias das empresas, só catro eran propietarios e coincidiu que tiñan orixe e residencia americana (norteamericana no caso dunha firma que pertence a un grupo con sede alí, e sudamericana os outros tres: Brasil, Arxentina e México). Mentres as empresas gobernadas só por galegos eran o 82,5% do total, as que posuían capital unicamente galego acadaban o 94,2% dos casos, mentres que o capital foráneo supoñía un 1,7%, e o compartido (galego e foráneo), o 4,2%. Vese graficamente a continuación:

Gráfico 64: Orixe dos membros da dirección e do capital das empresas compostelás



[25] A epígrafe "Sucursais fóra" dá conta non só das empresas que teñen filiais fóra da comunidade, senón tamén daquelas que pertencen a un grupo empresarial de alén das fronteiras galegas.

Por último mostrouse interese por coñecer de onde eran a maioría das provedores e clientes[26] cos que se relacionaban. Aproximadamente a metade dos enquisados aproveitaron a posibilidade que ofrecía esta pregunta de marcar de xeito ordenado as categorías propostas: galegas, resto de España, países hispanófonos, europeas, lusófonas (Portugal-Brasil), outras. Aqueles que non o fixeron foi, ben por relacionárense só con empresas dun único sitio, ben por contactaren con varias pero na mesma proporción. Aínda que se analizaron por separado os que gradaron as respostas dos que non o fixeron, coinciden en teren –uns e outros– porcentaxes bastante parellas sobre o número de empresas (provedoras e clientas) galegas e españolas, sempre a bastante distancia de calquera das outras opcións.

Entre aquelas que non realizaron gradación nas respostas, teñen maior presenza as empresas galegas cás do resto de España só nun 5%, quedando as dúas a bastante distancia das estranxeiras, entre as que destacan minimamente as lusas:

Táboa 35: Principais empresas coas que se relaciona (sen gradación)[27]

Empresas coas que se relaciona	*Núm.*	*%*
Non responde[28]	67	55,8%
Galegas	36	30,0%
Resto de España	30	25,0%
Países hispanófonos	2	1,7%
Europeas	3	2,5%
Portugal-Brasil	4	3,3%
TOTAL OBS.	142	

Aquelas empresas que gradaron as súas respostas tamén teñen un trato case similar. Relaciónanse con firmas do resto de España o 54,2% dos entrevistados[29], pero só unha terceira parte o fai en primeiro lugar. As que se relacionan con empresas galegas supoñen o 65,8%, das cales un 10% fano practicamente en exclusiva, é dicir, que as empresas galegas coas que teñen trato superan o 90% do total das súas relacións. Os demais contactos do tecido empresarial da mostra establécense con empresas europeas (17,5%), portuguesas e

[26] A pregunta no cuestionario está formulada empregando a palabra "empresas" (*De onde son a maioría das empresas coas que se relaciona?*), pero aclarábase que dado que a relación que se desexaba coñecer era tanto de provedores coma de clientes, naquelas firmas que ofrecían os seus servizos cara ó público (é o caso do pequeno comercio ou dos talleres de reparación de automóbiles, por exemplo), os clientes eran persoas.

[27] Nótese que vinte e dúas empresas sinalaron dúas respostas cada unha, cando a relación con unhas e con outras era a partes iguais.

[28] A opción "non responde" recolle o número de enquisados que gradaron as súas respostas, e que se analizaron á parte.

[29] Nótese que as porcentaxes das que se fala cando se gradan as preguntas son sobre o total de entrevistados, non sobre o total de respostas, que loxicamente é bastante superior.

brasileiras (14,2%) –ámbalas dúas marcadas só nun caso en primeiro lugar–. Como últimas opcións atópanse as de países hispanófonos (5%) e "outras" cun 1,7%[30], nunca marcadas como primeira opción.

7.3 OS USOS LINGÜÍSTICOS ORAIS NAS EMPRESAS

Deixando á marxe as cuestións referidas á lingua de intercomunicación durante a entrevista, as primeiras preguntas que se lles facían ós entrevistados eran as referidas ós usos lingüísticos orais na empresa. Preguntábaselles, en primeiro lugar, pola lingua de interactuación dos traballadores en tres niveis: para relacionárense entre si, para falaren cos membros da dirección e para dirixírense ós clientes. A continuación indagábase sobre a lingua de relación dos membros da dirección da entidade nas mesmas situacións: co resto dos membros do equipo directivo (no caso de existiren), cos seus empregados e cos clientes.

Nalgúns casos o propio entrevistado xa respondera a parte destas cuestións antes de seren formuladas, aproveitando o momento en que se lle preguntaba simplemente pola lingua en que prefería que se desenvolvese a entrevista. Daquela aproveitaba para aclara-los seus usos lingüísticos e –en maior ou menor medida– os do resto dos membros da empresa.

Nun principio pensouse en elabora-las preguntas como pechadas, de resposta única, cos valores típicos empregados para este tipo de cuestións (galego, castelán, máis galego, máis castelán, as dúas igual, outras), pero na fase de pretest do cuestionario considerouse pertinente que a pregunta pasase a semifechada. Desta maneira ofrecía a posibilidade de marcar dúas opcións, xa que a limitación da posibilidade de escolla tendía a desvirtua-los resultados, tal e como se verá máis adiante. Por outra banda, ademais das opcións propostas, na fase de proba incrementóuselle ó cuestionario a opción "depende do interlocutor", ó ver que lles custaba precisar –nalgúns casos– se a tendencia era "máis galego" ou "máis castelán".

[30] Porcentaxe formada por dúas empresas (números 5 e 25) que aseguraron establecer contactos comerciais con firmas norteamericanas, pero por detrás das galegas, españolas e europeas.

7.3.1 OS USOS ORAIS DOS TRABALLADORES

Aínda que poida resultar obvio, non está de máis recordar que algunhas preguntas non procedían en determinadas empresas: por darse o caso –por exemplo– de que os traballadores e/ou os directivos non tivesen trato con clientes; ou ben, que só existise un empregado (como sucedeu no 11,7% das empresas escollidas) ou só un directivo (42,5%).

No seguinte cadro pódese ve-lo conxunto de usos lingüísticos dos traballadores nos tres niveis estudados:

Gráfico 65: Lingua habitual dos traballadores na empresa, para relacionárense con outros traballadores, directivos e clientes



Para analizalo con máis precisión, vanse presenta-los datos de cada unha das interaccións comunicativas estudadas. Con respecto á lingua de relación dos traballadores (Táboa 36), no 47,5% das empresas da mostra existe un claro predominio do galego, (lingua que nun 30% se emprega en exclusiva e nun 17,5% de xeito maioritario). O uso do castelán queda case 26 puntos porcentuais por debaixo, ó acadar só o 21,5% (cantidade resultante da suma do 11,7% que asegurou falalo sempre e do 10,8% maioritariamente). Deixando fóra o 11,7% que supoñen os casos nos que a pregunta "non procede" (ben por corresponder con empresas en que, ou só tiñan un traballador, ou contaban só con directivos-propietarios[31]),

[31] Recórdese que na clasificación das persoas que contestaban as enquisas estableceuse unha categoría que era copropietario e empregado para dar conta daqueles casos de socios propietarios que explotaban a empresa eles mesmos, sen teren ningún asalariado.

é dicir, realizando os cálculos só entre as empresas que contestaron a cuestión, mantense a diferenza entre os que falan galego ou "máis galego" (52%), e os que se comunican en castelán única ou preferentemente (25%):

Táboa 36: Lingua na que falan os traballadores entre si

Lg traballadores-traballadores	*Núm.*	*Porcentaxe*[32]
Castelán	14	11,7%
Galego	36	30,0%
Maioritariamente castelán	13	10,8%
Maioritariamente galego	21	17,5%
As dúas igual	22	18,3%
Outras	0	0,0%
Depende do interlocutor	4	3,3%
Non procede	14	11,7%
TOTAL	124	

Segundo se desprende da táboa anterior, en catro ocasións sinaláronse dous valores (de aí 124 resultados). Coincidiu que nos catro casos marcaron como unha das opcións "depende do interlocutor" á que lle engadiron outra para precisa-la resposta ("máis galego" en dúas ocasións, "máis castelán" e "as dúas igual" nas outras dúas).

Aínda que o valor "as dúas igual", que fai referencia ó emprego do galego e castelán ó mesmo nivel, ocupa o segundo lugar na secuencia de respostas máis comúns (cun 18,3% do total), quedando a certa distancia do primeiro "só galego" (30%)), cómpre indicar que, nalgúns casos, o emprego das dúas linguas podía ser semellante desde o punto de vista cuantitativo, pero non cualitativo. De feito houbo entrevistados que puntualizaron os usos dos traballadores indicando as diferenzas establecidas a miúdo segundo categorías profesionais (a), ás que ás veces se lle unía a idade (b), mentres noutras ocasións se mencionou a orixe dos traballadores (c). A continuación reprodúcense as palabras dos entrevistados[33] que serven de exemplos de (a):

7: O persoal de oficinas fala castelán e o resto dos traballadores (obreiros da fábrica) galego.

[32] Aínda que o número de respostas total é superior ó da mostra, debido a que algún entrevistado marcou máis dunha resposta, a porcentaxe calcúlase, loxicamente, sobre o total da mostra (120); de igual maneira que en tódolas táboas onde se dá a mesma circunstancia.

[33] O número que encabeza as citas é o da enquisa correspondente (no Anexo 17-III poden verse as características das empresas ás que se asocia cada número). As citas transcribíronse sen as claves empregadas nos grupos de discusión debido a que na maioría dos casos non se puideron gravar. Con todo, dado que se recollen fragmentos moi pequenos, e o diálogo establecíase unicamente coa entrevistadora, os trazos non verbais non eran demasiado pertinentes. Recóllense loxicamente na lingua en que se emitiron, adaptadas, en cada caso, ó respectivo estándar.

12: A lingua parece como que está establecida por titulacións, os avogados son monolingües en castelán, os economistas e as administrativas falan máis galego, de feito catro son monolingües en galego.

68: Os orfebres do taller falan todos galego pero non teñen trato co público e a dependenta fala normalmente en castelán cos clientes, porque hai moitos de fóra.

25: Hai diferenza entre os traballadores que están nos parques que son da zona rural, onde o 95% fala galego, e o persoal da oficina que fala a metade en castelán.

Exemplo de (b):

101: Os traballadores de máis idade e os que están no almacén falan galego, os máis novos que están na tenda en castelán.

Só en dúas ocasións se xustificou a existencia de traballadores castelanófonos dada a súa orixe non galega:

116: Hai traballadores que viñeron de fóra de Galicia e eses só falan castelán.

9: Os traballadores falan todos galego menos dous que son de fóra (un de León e outro de Venezuela).

Tamén o galego é a lingua predominante á hora de comunicárense oralmente os traballadores das empresas compostelás cos seus directivos, aínda que –fronte ó caso anterior– existe unha distancia moito máis curta con respecto ós usos do castelán (Táboa 37):

Táboa 37: Lingua na que falan os traballadores cos directivos

Lg traballadores-directivos	*Núm. respostas*	*Porcentaxe*
Castelán	29	24,2%
Galego	35	29,2%
Máis castelán	9	7,5%
Máis galego	18	15,0%
As dúas igual	23	19,2%
Outras	0	0,0%
Depende do interlocutor	3	2,5%
Non procede	4	3,3%
TOTAL	121	

Facendo os cálculos sobre as respostas válidas, deixando polo tanto fóra as catro que "non proceden"[34], vese certa superioridade no emprego do galego pois, só ou maioritariamente,

[34] Son aqueles catro casos, como se describiu arriba cando se falou da tipoloxía das empresas da mostra, en que a empresa estaba explotada polos socios-propietarios e non contaban con ningún asalariado.

supón un 45%, mentres que o castelán é a lingua do 33%, acadando un peso máis importante na comunicación cos directivos, do que tiña para a comunicación entre os propios traballadores. Estes usos aumentaron debido á converxencia dalgúns traballadores galegófonos á hora de dirixírense ós seus superiores, aínda que só marcasen en tres empresas o valor "depende do interlocutor". Comprobouse que a lingua dos superiores tiña bastante peso nas interaccións, feito que se deduciu da propia conversa cos entrevistados. Así, pese a que nun 19,2% dos casos se marcou que falaban "as dúas igual" (converténdoa na terceira opción máis marcada), ás veces indicaba un uso ó 50% das dúas linguas dependendo se se dirixían a un(s) ou outro(s) membro(s) da dirección da empresa. Por outro lado, sabendo que das 23 empresas que anotaron esta opción, só seis estaban dirixidas por unha única persoa, fronte ó resto onde o equipo directivo era múltiple, cruzouse a lingua que empregaban os traballadores para conversaren cos seus superiores coa que falaban estes entre si. Do contraste dos datos (Táboa 38) compróbase que cando os membros da dirección da empresa falan entre si en castelán, os traballadores empregan maioritariamente con eles esta lingua. De igual maneira, coincide que a maioría dos traballadores que se dirixen ós superiores en galego teñen xefes que falan galgo entre eles:

Táboa 38: Cruzamento entre a lingua que empregan os traballadores para dirixírense ós directivos e a lingua que empregan estes para falaren entre si, nos casos en que había máis de un directivo

Lg trab.-dir/ Lg dir.-dir	*castelán*	*galego*	*máis castelán*	*máis galego*	*as dúas igual*	*outras*	*depende interlocutor*	*non procede*	*TOTAL*
Castelán	8	1	0	0	0	0	0	1	10
Galego	0	13	0	1	4	0	0	0	18
Máis castelán	0	1	2	1	1	0	0	0	5
Máis galego	1	6	0	4	1	0	1	1	14
As dúas igual	5	2	0	0	8	1	0	2	18
Outras	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Depende do interlocutor	1	0	0	2	0	0	1	0	4
Non procede	1	0	0	0	3	0	0	0	4
TOTAL	16	23	2	8	17	1	2	4	73

Tamén é significativo que en varias ocasións se mencionase o grao de confianza como factor determinante para a escolla por parte dos empregados dunha lingua ou outra para dirixírense ós seus superiores:

57: Depende da confianza que teñan co directivo, canta máis confianza máis empregan o galego

Onde si se resaltou como determinante o peso do interlocutor foi nas respostas á terceira pregunta que pretendía recolle-los usos dos traballadores para comunicárense coa clientela.

Destaca que o 69,2% da poboación sinalase a converxencia cara á lingua desta (como se pode ver no total da Táboa 39), opción que se riscou en vinte ocasións acompañada doutra que aclaraba cal era a tendencia lingüística maioritaria, que nun número importante de casos eran os usos bilingües ("as dúas igual"), seguido polos que falaban máis galego:

Táboa 39: Lingua na que falan os traballadores coa clientela.

Lg traballadores – clientes	*Núm.*	*%*	*Marcan xunto con "depende do interlocutor"*
Sen resposta[35]	1	0,8%	
Castelán	7	5,8%	
Galego	5	4,2%	
Máis castelán	5	4,2%	3
Máis galego	14	11,7%	6
As dúas igual	13	10,8%	10
Outras	3	2,5%	1
Depende do interlocutor	83	69,2%	
Non procede	9	7,5%	
TOTAL	140		20

Por último, comentar que só tres empresas declararon falar "outras" linguas: o inglés (que se repetía nas tres), lingua que nun dos casos compartía espazo co portugués e noutro (unha axencia de viaxes) co francés, alemán e italiano. Porén, destaca que en ningunha empresa do sector comercio se mencione que os traballadores falen linguas internacionais (nomeadamente o inglés) para atende-la clientela, sobre todo cando o peso deste sector na mostra é moi elevado, máxime nunha cidade onde abundan os turistas estranxeiros. No entanto, a presenza de clientela foránea –real ou potencial– é a xustificación para o uso do castelán, uso que se apoia no principio da universalidade que se lle atribúe a esta lingua. Así, cómpre destacar afirmacións coma:

66: Máis fálase castelán porque vén xente de fóra. Se non os coñecemos xa lles falamos castelán.

o que quere dicir que se parte dunha representación do castelán como lingua máis apta para atende-los descoñecidos, ou, polo menos como lingua "admitida" no comercio para dirixirse a aquela clientela que non é habitual. Tamén hai que ter en conta que posiblemente os turistas de fóra da península (e, ás veces, mesmo de Portugal) descoñecen a realidade plurilingüística de España, polo que, o idioma que tentan falar é o castelán,

[35] Nun caso a pregunta quedou "sen reposta" ó asegurar a propietaria dun comercio que descoñecía a lingua en que falaba a súa empregada cos clientes, dado que non coincidían nunca na mesma franxa horaria (Unha estaba de tarde na tenda e outra de mañá). Pola contra, cando un directivo (enq. 1) afirmou que non vía os traballadores falando cos clientes pero asegurou: "dou por suposto que falan na lingua deles" a resposta introduciuse como "depende do interlocutor".

feito que leva ós comerciantes ó uso desta lingua, aínda cando se fixesen comprender igual de ben en galego.

O resto dos sectores funcionan dun xeito moi semellante ó comercio. Se se exceptúa unha única empresa (enquisa núm. 40) que declarou non ter clientes en Galicia (razón que xustifica que as súas linguas de comunicación fosen o castelán e o inglés), ou outra, cuxos clientes galegos non empregan a lingua autóctona, razón que aducen como xustificante para non poder usa-lo galego de cara o público (115: *Non podemos emprega-lo galego cos clientes galegos porque non temos ningún galegófono*); a inmensa maioría parte dunha representación do castelán como a lingua indicada para falar coa clientela. Mesmo nalgúns casos, tal representación estaba plasmada como unha directriz da empresa:

> 29: En principio ós clientes fálaselles en castelán, logo depende do interlocutor...

> 49: A recepcionista colle o teléfono en castelán de entrada, o resto cada un fala na súa lingua materna. Non hai nada estipulado, pero hai xente de fóra e por educación hai que usa-lo castelán.

Esta última afirmación deixa á vista unha representación negativa sobre a ausencia de converxencia cara á "xente de fóra" (sexan ou non castelanfalantes). O uso do galego segue a supoñer para algúns unha falta de respecto, factor que inflúe decisivamente na conduta lingüística. Polo tanto, afirmacións coma:

> 20: Se cuida mucho la atención al cliente, por eso se le habla en su lengua.

quizais non deben interpretarse ó pé da letra, porque en realidade a lingua que adoita coidarse moito é a castelá. De feito, algúns entrevistados aclararon que a insistencia na importancia de emprega-la lingua do cliente, podía desculparse no caso do galego :

> 11: Las directrices que se les dan a los trabajadores es que deben emplear la lengua del cliente. Claro, esto en la medida de lo posible, pues tenemos empleados extranjeros que, logicamente, no pueden hablar gallego.

A obviedade de que ós traballadores estranxeiros non se lles pode obrigar a saber galego manifesta unha representación desta lingua na empresa como inferior ó castelán, e no fondo deixa ver unha ideoloxía lingüística baseada na falta de obrigación de saber galego, fronte ó deber de tódolos galegos de saber castelán (en realidade, é o que di a lexislación, como se viu no Capítulo 4, vid. punto 4.2, páx. 231).

A cuestión aínda se complica máis cando as empresas contan cunha clientela mixta, é dicir, configurada por galegófonos e castelanófonos, feito que evidencia máis claramente a diferente representación das dúas linguas. En empresas como academias ou garderías, cuxa clientela é un público amplo e –na maioría dos casos– lingüísticamente mixto, e onde a lingua é un elemento central do traballo, detectáronse situacións bastante variadas, pero nas que sempre os galegófonos eran pouco correspondidos. Atopáronse usos que variaban desde o monolingüísmo en castelán (enq.[36] 59), ata a liberdade do profesorado para que escollese o código de comunicación (enq. 58), pero cómpre destaca-la sinceridade do propietario dunha academia que aclarou que existía a recomendación de non usa-lo galego sen consultalo, posto que pode "resultar problemático":

> 60: **A un galegofalante pódeslle da-las clases en castelán e non protesta pero un castelanfalante pode protestar**. **Podemos perder alumnado** se usámo-lo galego, polo tanto o profesorado debe preguntar se algún se molesta antes de explicar en galego.

A certeza de que os galegofalantes non reivindican a súa lingua, é dicir, a imaxe –máis ou menos consciente– da súa falta de lealdade lingüística e de compromiso co galego; xunto coa representación do castelán como lingua máis adecuada para o ensino, ou , polo menos, como lingua na que todo o mundo debe ter competencia, leva a posturas como a que manifesta o entrevistado número 60. A realidade de que sexa superior a competencia en castelán, así como a preferencia desta lingua para a aprendizaxe son feitos indiscutibles entre a maioría da poboación (vid. Capítulo 3). Recórdese que un dos condicionantes que inflúe negativamente é o hábitat urbano; de feito, os propietarios de empresas con sedes noutras cidades de Galicia, e/ou con clientes dos diferentes puntos xeográficos da comunidade, inciden na importancia do hábitat, que distingue os clientes doutras cidades galegas fronte ós de Santiago:

> 26: A maioría dos clientes falan galego, aínda que en Ferrol e na Coruña falan bastante castelán.

> 44: Cos clientes da Coruña, Ferrol fálase castelán, aquí moito máis galego.

[36] De aquí en diante, para referencia-las citas das enquisas da mostra vaise esmpregar esta abreviatura "enq.", seguida do número da enquisa. A numeración estableceuse seguindo a orde de realización das entrevistas, e, para preserva-lo anonimato prometido non se realizou ningún tipo de cadro dando datos sobre o sector, número de empregados, etc. de cada un dos números. Obviamente tampouco se vai relacionar en ningún momento coa lista de empresas que deixaron poñe-lo seu nome como participantes no estudo (vid. Anexo 17).

Todo isto leva consigo a dificultade de te-los materiais en galego se non están ó mesmo tempo tamén en castelán, feito do que se deu conta nalgunha entrevista (44) e que se tratará máis en profundidade na seguinte epígrafe sobre usos escritos.

Desta maneira, aínda que o índice das firmas que empregan única ou maioritariamente o galego para relacionarse coa clientela sexa máis alto có das que usan o castelán, cómpre pararse a analizar perfectamente o dato. En primeiro lugar, a maioría sinalaron as opcións "galego" ou "maioritariamente galego" despois de indicar que se adaptaban á lingua da clientela "depende do interlocutor", polo tanto este uso xustificábase en que a súa clientela era basicamente galegófona (e case sempre do rural) (enq. 30, 34, 61, 103...). Ademais, pese a empregar basicamente o galego, insistían eles mesmos en que cando os clientes usaban o castelán converxían cara esta lingua:

> 45: Normalmente usámo-lo galego, pero se vén alguén falando en castelán empregámo-lo castelán.

> 56: Normalmente fálase en galego, se o cliente fala castelán cámbiase, pero son menos.

Destas declaracións dedúcese que o galego é a lingua habitual dos donos e empregados das empresas ("normalmente usamos", "fálase") polo tanto, empregan a súa lingua habitual que coincide coa desa clientela maioritaria, aínda que sempre se fixeron aclaracións sobre a pouca calidade do seu propio código, deixando á vista vellos prexuízos sobre as diferentes variantes dialectais e sobre o galego coloquial:

> 15: O galego que nós falamos non é ghallegho exactamente, non é normativo, falamos castrapo...

> 113: Falamos todo mesturado, tanto castelán coma galego[37].

A conciencia da existencia dunha norma estándar que non se coñece serve para asevera-la actitude de inseguridade que xa foi comentada no capítulo anterior (recórdese: Capítulo 6, epígrafe 6.1.1.3), as denominacións da propia lingua como "castrapo" e "todo mezclado" evidencian a representación da lingua habitual como un código incorrecto.

Pola súa banda, son minoritarias as empresas que teñen como norma o uso do galego como primeira lingua de atención á clientela, norma que, maioritariamente, se establece por un compromiso coa lingua por parte da dirección. Desta maneira a adecuación á lingua do cliente pode darse de igual xeito ca nos casos en que o saúdo é en castelán, aínda que é indicativo que eles propoñan unha lingua:

67: Saudamos en galego e logo empregámo-la lingua do cliente.

A converxencia adoita ser menor e, ás veces redúcese a solucionar problemas de comprensión por falta de competencia real da outra parte:

42: Só falamos castelán en excepcións contadas porque xa témo-los clientes de aquí habituados a falármoslles galego.

98: Só en casos moi raros se fala noutra lingua que non sexa o galego, se vén xente que non o fala faise para que o entendan.

100: É norma da empresa atende-lo público en galego, salvo que non entendan.

Tras esta breve análise, conclúese que ten máis peso o galego có castelán na comunicación oral dos traballadores, destacando que se empregue máis esta lingua para dirixirse ós membros da dirección da empresa. Na comunicación coa clientela, o elemento clave é o interlocutor, cara ó que se di ter unha converxencia case unánime, e sen precisar (nunha maioría das empresas) cal é a lingua que máis predomina. Tamén destaca a declaración dun elevado número de usos das dúas linguas de xeito parello e harmónico.

7.3.2 OS USOS ORAIS DOS DIRECTIVOS

Tras preguntarlle ó entrevistado polos usos lingüísticos orais dos traballadores da súa empresa, afrontábanse as preguntas referidas ós membros da dirección da mesma[38], que, cando era un só, volvíase unha pregunta persoal, feito que –aparentemente– non causou problema.

Nas empresas da mostra, o uso do galego entre os directivos é superior ó do castelán, pois aquela lingua é a empregada case pola metade da poboación (o 48,3%) ben como único código de comunicación (32,5%), ben de xeito maioritario (15,8%)[39], mentres que o castelán, só ou principalmente, supón o 34,2 % (Táboa 40). Segundo se desprende das enquisas, os superiores empregaban normalmente a súa lingua habitual para falaren cos seus empregados, de feito, só un 7,5% afirmou adaptarse á lingua destes; e un 10,8% asegurou falar “as dúas igual”, opción esta que pode responder ben á condición bilingüe

[37] Todo o que a investigadora escoitou era perfectamente identificable como galego.
[38] As respostas destes deberían presentar maior fiabilidade por referirse exactamente ós usos do entrevistado e –segundo o caso– ó resto da dirección da empresa, é dicir, as persoas coas que tería maior trato.

do/s xefe/s (fala(n) as dúas en igual medida), ben á existencia de dous directivos, un galegófono e outro castelanófono.

Táboa 40: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa cos empregados da mesma

Lg directivo(s)-traballadores	*Núm.*	*Frec.*
Castelán	33	27,5%
Galego	39	32,5%
Máis castelán	8	6,7%
Máis galego	19	15,8%
As dúas igual	13	10,8%
Outras	0	0,0%
Depende do interlocutor	9	7,5%
Non procede	4	3,3%
TOTAL OBS.	125	

Vese que en cinco ocasións se marcou resposta dobre. Trátase dos que sinalaron que os seus usos cos traballadores dependían da lingua do interlocutor, ó mesmo tempo que precisaron –case todos (catro de cinco)– que falaban "máis galego".

Xa á hora de analiza-la lingua empregada polos directivos das empresas para comunicárense entre si, advertíronse certas variacións con respecto á lingua empregada cos traballadores. No entanto, segundo os entrevistados, o uso das dúas linguas non sofre moitos cambios, declarando que é o galego a máis usada (superando en 10 puntos porcentuais á lingua foránea). Os resultados mostran que falan castelán, só ou maioritariamente, un 25%, fronte ó 35% que se expresan en galego sempre ou habitualmente. Deixando fóra un 25% das empresas en que a pregunta "non procedía", por teren só un directivo ou propietario, e realizando os cálculos de novo só coas que tiñan máis dun directivo (92 empresas de 120), apréciase que un 32,6% dos empresarios falan entre si maioritaria ou exclusivamente castelán, fronte ó 45,6% que empregan o galego na mesma medida.

[39] Sería en realidade o 47,9%, calculado despois de eliminar aqueles que "non procedían".

Táboa 41: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa entre si

Lg directivos-directivos	*Núm.*	*Frec.*
Castelán	27	22,5%
Galego	35	29,2%
Máis castelán	3	2,5%
Máis galego	7	5,8%
As dúas igual	18	15,0%
Outras	1	0,8%
Depende do interlocutor	1	0,8%
Non procede	30	25,0%
TOTAL	122	

As dúas respostas a maiores débense, por un lado a unha empresa pertencente a un grupo foráneo que constitúe o único caso que indicou "outra" lingua (inglés), xunto con "as dúas igual"; polo outro, a unha firma que marcou dous valores para sinalar que se adaptaban á lingua do interlocutor ("depende do interlocutor") pero que, en xeral, falaban "máis galego".

Ó contrastar estes datos cos da Táboa 40 dedúcese que é algo maior o bilingüismo (no sentido de uso máis parello das dúas linguas) entre os directivos que na comunicación cos traballadores. O 15% que acadou o valor "as dúas igual" deriva da coexistencia na mesma entidade, e na mesma proporción, de membros da directiva galegófonos e castelanófonos, manténdose cada un na súa lingua. Pola contra, á hora de falar coa clientela (Táboa 42), o grao de adecuación á lingua desta supón o 66,7%, provocando que baixe a frecuencia do resto dos valores:

Táboa 42: Lingua na que falan os membros da dirección da empresa coa súa clientela

Lg directivo/a(s)-clientes	*Núm.*	*Porcentaxe*
Castelán	14	11,7%
Galego	9	7,5%
Máis castelán	8	6,7%
Máis galego	13	10,8%
As dúas igual	7	5,8%
Outras	2	1,7%
Depende do interlocutor	80	66,7%
Non procede	3	2,5%
TOTAL	136	

A converxencia cara á lingua do interlocutor acompañouse nun número importante de ocasións doutra opción, ben "máis castelán" (coa comparte espazo nun 65% dos casos), ben "máis galego" (o 45% restante). As "outras linguas" que indicaron que se falaban en dúas empresas cos clientes eran: inglés nun caso e portugués noutro; opcións que marcaron ó lado do castelán.

Os comentarios sobre o uso das linguas coa clientela xa quedaron anotadas no apartado referido ós traballadores, e son aplicables tamén aquí posto que eran os propios directivos os que os facían todos. Cómpre mencionar que moitos dos entrevistados, ó falaren de si mesmos, tentaban xustifica-los propios usos, sobre todo os do castelán, recorrendo a argumentos como o da orixe foránea (en dez ocasións). Isto revela unha ideoloxía monolingüista, onde o castelán está representado como aquela lingua válida para todo o territorio, mentres que sobre o galego non existe conciencia de que sexa necesario no territorio autónomo.

No Gráfico 66 recóllense os usos orais xerais dos membros da dirección das empresas compostelás, e compróbase que o galego supera un pouco ó castelán, tanto como lingua de comunicación entre eles, como para dirixírense ós seus empregados, mentres que se lle deixa á clientela que marque a lingua da comunicación:

Gráfico 66: Lingua empregada polos directivos para falar con...



Para remata-la análise dos usos lingüísticos orais considerouse pertinente compara-la lingua empregada polos traballadores e polos directivos en cada caso (para falaren entre si, uns cos outros e coa clientela) coa finalidade de observar posibles diferenzas segundo a escala social. No Gráfico 67 pode comprobarse como, aínda que o nivel de uso do galego é case parello entre os traballadores coma entre os directivos, nestes predominan os usos monolingües do castelán, mentres que entre os traballadores sobresaen algo máis os usos bilingües (“máis castelán” ou “máis galego”).

Gráfico 67: Lingua empregada polos traballadores e directivos para falaren cos seus iguais[40]



Por outro lado, tamén se comparou a lingua empregada para relacionárense uns cos outros, é dicir, traballadores con directivos e directivos con traballadores(Gráfico 68). Destaca que, mentres os membros da dirección da empresa sinalaron maiormente a opción "só castelán" para falaren entre si, é a menos empregada para falar cos traballadores. De feito, semella que tanto uns coma outros presentan uns usos similares:

Gráfico 68: Lingua na que interactúan traballadores e directivos



Débese considerar que a análise está feita desde o punto de vista dos entrevistados (directivos) que constatan un número algo superior de usos monolingües (ben en castelán,

[40] Recórdase que, se a escala non se presenta porcentual -como é o caso deste gráfico-, os datos son valores

ben en galego) deles, fronte ós traballadores, ós que perciben como máis bilingües, pois riscaron en maior medida "as dúas igual".

En canto á lingua empregada para falar coa clientela, tanto uns coma outros adáptanse á do interlocutor, con todo, os directivos confesan empregar máis o castelán do que o fan os traballadores:

Táboa 43: Traballadores e directivos para falar con clientes

	N/R	*castelán*	*galego*	*máis castelán*	*máis galego*	*as dúas*	*outras*	*depende interloc.*	*N/P*	*TOTAL*
Lg traballad-clientes	1	7	5	5	14	13	3	83	9	140
Lg directivos-clientes	0	14	9	8	13	7	2	80	3	136
Conxunto	1	21	14	13	27	20	5	163	12	276

Recórdese ademais que a adaptación á lingua da clientela basicamente faise cara ó castelán. A xustificación a este feito apóiana case sempre na clientela foránea, que inclúe castelanfalantes pero tamén persoas de fala non hispana, e –como xa se viu– o emprego das linguas estranxeiras é realmente exiguo. Con todo, se se exceptúa o comercio polo miúdo e a hostalaría, que teñen abundante clientela non peninsular, a relación das empresas galegas con outras de fóra do Estado español é escasa (Táboa 44), e –cando se dá– establécese en castelán, lingua sobre a que pesa a representación de internacional:

Táboa 44: Cruzamento entre a lingua na que atenden os traballadores á clientela e a orixe das empresas coas que se relaciona

Orixe empresas / *Lg trab.-clientes*	*N/R*	*Galegas*	*Resto España*	*Países hispanófonos*	*Europeas*	*Portugal-Brasil*	*Outras*	*TOTAL*
Non responde	0	1	0	0	0	0	0	1
Castelán	3	2	2	0	1	0	0	8
Galego	1	4	2	0	0	0	0	7
Máis castelán	3	1	1	0	0	0	0	5
Máis galego	12	2	0	0	0	1	0	15
As dúas igual	7	5	2	0	0	0	0	14
Outras	2	0	1	0	1	0	0	4
Dep. interlocutor	48	24	22	2	2	3	0	101
Non procede	5	1	3	0	0	0	0	9
TOTAL	81	40	33	2	4	4	0	164

numéricos absolutos.

7.4 OS USOS LINGÜÍSTICOS ESCRITOS NAS EMPRESAS

Despois de ter indagado sobre os usos orais, realizáronse dúas preguntas referidas á lingua empregada na escrita. A primeira formulouse de xeito xenérico (*Que idioma utilizan por defecto para face-los ESCRITOS na súa empresa?)* posto que se ía concretar logo coa observación minuciosa da documentación; a segunda xa era un pouco máis específica, centrada nos usos coa administración e/ou empresas que se comunicasen en galego. Cómpre precisar antes de nada que, debido ás características do tecido empresarial compostelá xa comentadas, os usos escritos en moitas delas eran moi escasos. Como xa se partía deste feito cando se comezou a investigación, tentouse reformula-la cuestión naqueles negocios centrados no trato co público, cuxa ferramenta comunicativa era a lingua oral, e onde mesmo o trato cos provedores se desenvolvía maioritariamente a través do teléfono[41].

Daquela, tentábanse buscar exemplos de posibles escritos que puidesen realizar, reducíndose ás veces, e dependendo da empresa, a modelos prefixados do tipo dos que se analizaban na táboa observacional (factura, carta modelo, etc...), pois a maioría delas delegaban os trámites escritos en empresas especializadas (asesorías e xestorías).

7.4.1 A LINGUA EMPREGADA NOS ESCRITOS A NIVEL XERAL

Os resultados da primeira pregunta, que indagaba sobre os usos escritos na empresa a nivel xeral, danlle ó castelán case o 60% das respostas (Gráfico 69). O seguinte valor que tivo máis aceptación, aínda que a unha distancia bastante considerable deste primeiro, foi "maioritariamente castelán" (17,5%). Entrámbolos dous suman o 77,5% das respostas, cifra que se atopa a bastante distancia do 18,3% que declarou empregar só ou maioritariamente o galego:

[41] Nun grande número de negocios destas características o único que se desenvolvía por escrito eran os encargos realizados por fax.

Gráfico 69: Lingua empregada para realiza-los escritos nas empresas



Tamén cómpre destacar que un 4,2% (5 empresas) asegurou que descoñecía a lingua na que se redactaban os escritos, ben porque toda a actividade escrita da súa empresa se realizaba fóra da mesma (basicamente en xestorías), ben porque o entrevistado-directivo non prestaba atención á lingua que se empregaba na administración e/ou oficinas da empresa[42].

O resto dos valores que se poden ver no Gráfico 69 (*indiferente, outra, unha ou outra depende de quen escriba*) sinaláronse á par dalgún dos anteriormente indicados. Os que empregaban na escrita "outra lingua" (inglés nos tres casos, nun deles acompañado do alemán), sinalárona como segunda lingua ó lado de "castelán" ou "máis castelán", matiz lóxico pola improbabilidade de que unha empresa se desenvolvese, dentro do hábitat estudado –Santiago– unicamente nunha lingua foránea. Tamén os que marcaron as outras dúas opcións ("as dúas igual", "unha ou outra depende de quen escriba") precisaron as respostas con "castelán" ou "máis castelán".

Respecto ó 10% das empresas enquisadas que asegurou emprega-lo galego por defecto na escrita (sendo o terceiro valor máis puntuado, seguido de preto polos que empregan normalmente o galego: 8,3%), débese puntualizar que esta cifra non se debe interpretar en termos absolutos, senón que hai que ter en conta dous factores que poden desvia-la lectura. En primeiro lugar, cómpre precisar que dentro deste 10% existen dous tipos de empresas:

[42] Foron dous casos en que os propietarios aseguraron non coñecer ese dato posto que os escritos corrían a cargo doutro membro da dirección ou familiar directo, polo que o entrevistado non sabía en que lingua se redactaban.

por un lado unha minoría composta por aquelas en que o uso do galego é total, real e coherente (respectando o horizonte de territorialidade que lle corresponde), feito estraño e froito normalmente do compromiso lingüístico da dirección da empresa, tal e como xustificou un entrevistado:

> 3: A decisión de emprega-lo galego foi persoal, eu creo que por estar en Galicia débese emprega-la lingua, eu polo menos manteño un compromiso coa lingua e, no fondo, co país. Ademais penso que **as empresas que empregámo-lo galego damos mellor imaxe**, ou polo menos dámo-la impresión de que coidamos máis a imaxe[43].

Polo outro, aquelas nas que non existe compromiso coa lingua, respondendo o uso do galego á idea de que mellora a súa imaxe (como tamén se apreciaba na resposta anterior) e/ou a unha política de aproveitamento de subvencións. Estas quedaban ó descuberto, non tanto na observación da papelería –porque maioritariamente tíñana en galego– senón na documentación exposta nos taboleiros, e sobre todo nos usos orais e escritos, tanto internos coma de cara ó exterior[44].

En segundo lugar, débese ter tamén en conta que se pedían datos globais, polo que respostas do tipo "máis galego" sospéitase que –nalgúns casos– respondesen ó volume de escritos que determinadas empresas sacaban cara ó exterior (ben para dirixirse á administración, ben para facelo coa clientela ou público); con isto quero dicir que quizais o maior peso da documentación *en galego* se debese á edición de moitos exemplares de documentos do mesmo tipo (cartas comerciais ou publicidade) xeradas a partir da tradución dun único texto base. Nestes casos, o quizais veña provocado pola cantidade, porque a lingua de traballo dentro da entidade era o castelán e non o galego, de igual xeito que aquela era a lingua da documentación interna.

No outro polo situábanse os usuarios habituais do castelán como única lingua da escrita, quen ás veces xustificaban esta opción como obvia, apoiándose sobre todo en tres factores que podían darse ó mesmo tempo: (1) pertenceren a grupos empresariais máis grandes, (2) seren delegacións de empresas foráneas (que implica que en moitos casos os entrevistados non teñan decisión sobre a documentación escrita que se manexa, sobre todo no sector

[43] Cómpre destacar que estas declaracións sexan do xerente dunha empresa do sector K, dedicada á actividade "servizos empresariais".
[44] En tres destas empresas de dubidosa galeguización, a investigadora solicitoulle –como cliente– orzamentos e/ou facturas nun momento posterior ó da enquisa, pero durante o período de investigación, e comprobouse como tal documentación se redactara en castelán.

comercio onde é máis limitada: rótulos, publicidade...) ou (3) traballaren con marcas/provedores de fóra. Nalgúns casos estableceron un contraste entre a documentación enviada a fóra e a interna:

> 14: Os comunicados ás outras delegacións da empresa, que están todas fóra da comunidade, noutras cidades españolas, son en castelán, pero as notas internas desta sede son en galego [esta información non a puido contrastar a entrevistadora].

Entre as declaracións dos entrevistados non se atopan actitudes moi negativas cara ó posible uso do galego na escrita, pero logo escudaban a súa ausencia, ou ben na lóxica do uso do castelán como lingua "franca":

> 45: Non ten sentido poñe-los carteis das obras en galego ou os anuncios dos pisos, porque se vén un de fóra non vai vir cun tradutor.

ou ben na falta de formación en galego de todo o persoal, o que provocaba que o uso desta lingua se reducise ó requirimento explícito da clientela:

> 107: Facémo-los escritos en galego cando o piden os clientes, pero leva moito tempo.

Curiosamente estas afirmacións, xunto con outra na que se relativiza moito o uso dunha ou outra lingua:

> 42: No sector turístico a maioría do léxico está en inglés, o resto pouco varía e xa non paga a pena poñelo en galego.

viñeron de tres directivos que manifestaron facer uso do galego nas propias empresas por riba da media, que ademais realizaron manifestacións positivas cara ó mesmo. Pero a partir destas declaracións pode verse que prima neles unha representación do galego como lingua limitada na empresa.

Buscouse a relación entre os usos escritos nas empresas co sector de actividade ó que pertencían, e comprobouse certo predominio do uso do galego nas empresas da construción que acadan un 33% (a mostra do sector enerxértico está formada por dúas empresas que se reparten entre galego e castelán).

Táboa 45: Cruzamento entre a lingua empregada para os escritos e o sector de actividade[45]

Lg escritos / *Sector*	*Galego e máis gal.*	*Castelán e máis cast.*	*Indiferente (as dúas)*	*Outra*	*Non sabe*	*Depende q. escriba*
D-Industria	8%	80%	0	0	0	12%
E-Enerxía	50%	50%	0	0	0	0
F-Construc.	33%	67%	0	0	0	0
G-Comercio	14 %	74%	3%	0	9%	0
H-Hostalaría	10%	90%	0	0	0	0
I-Transporte	0	86%	0	14%	0	0
J-I. financeira	0	100%	0	0	0	0
K-Act. Inmobiliarias	21%	75%	0	4%	0	0
M-Educación	16%	84%	0	0	0	0
N-Act. Sanitarias	16%	84%	0	0	0	0
O-Serv. persoais	27%	46%	0	9%	18%	0

Con todo, e aínda sendo o predominio do castelán bastante elevado, débese ter en conta que –excepto en dous– se atoparon mostras de uso do galego en tódolos sectores.

7.4.2 A LINGUA DE RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

A segunda pregunta sobre os usos escritos estaba centrada na relación coa administración autonómica ou ben con empresas galeguizadas (entendendo como tales as que empregaban o galego na súa comunicación escrita): (*Que lingua usan para contestarlle ás empresas que usen o galego ou para dirixirse á administración autonómica?*.

A categoría que tivo maior número de resposta foi "galego" (27,5%), seguida bastante de preto pola que recollía o uso do castelán (22,5%). Se se suma esta porcentaxe coa de "máis castelán" (15,8%), obtense a mesma proporción cá resultante de sumar "galego" con "máis galego" (10,8%): 38,3%. Deste xeito poderíase dicir que os usos das dúas linguas están bastante igualados. Vese no seguinte gráfico:

[45] Xustáronse os valores "galego" e "máis galego" por un lado, e "castelán" e "máis castelán" polo outro, para que fose máis doada a lectura dos datos.

Gráfico 70: Que lingua usan para dirixirse á administración ou ben para contestarlles ás empresas que lles escriben en galego?



Houbo un 8,3% das empresas ás que non lles procedía esta pregunta, por non teren ningún tipo de trato coa administración autonómica, nin con empresas que empregasen o galego. De feito, a metade dese 8,3% non só non tiñan trato con estas empresas, senón que realizaron comentarios moi semellantes, e ó mesmo tempo moi significativos, do tipo: *"E hai empresas que escriban en galego?, eu nunca vin ningunha"*. Declaracións deste tipo evidencian unha representación do galego como lingua afastada dos usos escritos das empresas.

Un 10% asegurou "non saber" en que lingua se facían os escritos para a administración, porcentaxe que resulta destacable, tanto cando se xustificaron como xestións dunha empresa allea (normalmente xestorías e/ou asesorías), como cando eran trámites da propia, porque transmite unha falta de atención ó tema da lingua. Entre as que delegaban en empresas de fóra, algo menos da metade supoñía que llos farían en galego, un deses casos apoiou a súa afirmación co seguinte comentario: "alí son moi galeguistas". Ás veces a desculpa de non usa-lo galego apoiándose en que é unha xestión dunha empresa allea, acompañouse de comentarios de boa vontade:

> 56: Tódolos tratos coa administración lévaos a xestoría, pero nós tamén os podíamos facer, todo é poñerse.

O valor "depende da lingua que usen eles" non estaba na redacción orixinal da enquisa, senón que se engadiu posteriormente para dar conta das respostas dun 9,2% dos entrevistados que precisaban que o uso dunha ou outra lingua para a comunicación se

establecía en función daquela que usasen desde a administración cando se dirixían a eles en primeiro lugar. De feito, das dez empresas que contestaron dúas opcións, oito delas tiñan como unha das respostas esta que fai referencia á lingua do interlocutor. En relación a esta adecuación, destacan os comentarios de moitos dos entrevistados queixándose reiteradamente da escaseza do emprego do galego na administración:

> 17: Na administración empregan moito o castelán, cando temos que presentar un proxecto para a Xunta envíanno-los pregos coas características técnicas en castelán.

> 53: Fago os concursos para a Xunta moitas veces en galego, aínda que eles mandan os pregos case sempre en castelán. [con enfado] Parece mentira, os que deberían defendelo...!

Afirmacións case idénticas, protestando polo emprego do castelán nos pregos de condicións dos concursos da administración autonómica, escoitáronse de boca dos entrevistados número 100, 115 e 120, e outras máis xenéricas sobre o pouco emprego do galego na administración xorden na maioría das entrevistas[46]. Parece que está estendida a imaxe do galego como lingua obrigada nunha administración á que non senten que se implique coa súa normalización.

A percepción do uso do galego desde a Xunta depende tamén do grao de intercomunicación que manteñan as empresas con ela. Así, nos sectores que non teñen trato directo e que só reciben documentación estandarizada, teñen unha imaxe de que os usos están máis galeguizados:

> 110: A verdade é que deberiamos usar máis o galego pois todo o que nos chega de hostalería da administración está en galego.

Débense resaltar aqueloutros factores que, segundo fixeron notar os entrevistados, inflúen nas regras comunicativas coa administración, sobre os que non se preguntaba, pero que se recolleron nas observacións:

- o tema a tratar, e sobre todo o grao de complicación do mesmo, xa que o incremento deste vai en detrimento do galego, tal e como se aprecia na declaración

[46] Un caso curioso sobre a percepción existente sobre o pouco uso do galego na administración, foi o dun entrevistado que tras arremeter contra ela: "que son os primeiros en non usa-lo galego, alí falan maioritariamente en castelán e escríbeno tamén" ensina unha carta que tiña no mostrador como proba, e resultou que estaba en galego co que concluíu: "ah, esta está en galego, pero a maioría veñen en castelán, alí só se usa o castelán". Esta percepción parece ser xeral pola cantidade de comentarios que se realizaron nas entrevistas.

do entrevistado núm.46 que, de paso, critica o uso partidista e ritual que se fai na administración da lingua, dun galego que non considera auténtico coma o seu "ghallegho":

46: Depende o tema porque se é moi complicado usámo-lo castelán. Ademais eles pasan de todo, e usan o galego para a galería, daquela maneira, que non nos veñan ós outros a complicar agora, que non temos formación e non entendemos ese "galego" deles, nós falamos ghallegho de sempre pero non o escribimos e antes chamáronnos paletos ós que o falabamos e agora veñen con contos.

Esta declaración evidencia unha actitude de rexeitamento cara a un estándar que senten que se "impón" desde o goberno, quen segue sen comprometerse co idioma ("uso cara á galería"); rexeitamento que deriva tamén dunha rabia nacida ó ver que "presumen" de galego aqueles que antes se burlaban dos galegofalantes.

- o hábitat, posto que se asocia o uso do castelán ás urbes, sobre todo á Coruña:

18: Traballamos con empresas (de Santiago, Coruña e Lugo) e estas usan maioritariamente o castelán, sobre todo na Coruña.

61: Nós temos trato coa administración porque traballamos basicamente para eles. Antes as xestións eran na Coruña e alí todos falan castelán. Agora, aquí en Santiago todo depende da persoa, segundo quen sexa emprégase unha ou outra.

Desta declaración dedúcese que o hábitat, loxicamente, está condicionado pola lingua habitual do interlocutor, pero tamén polo tipo de administración (e presenta unha diferenza entre a autonómica e a local). Por outra banda, atopáronse declaracións onde se distinguen as localidades con respecto ós usos lingüísticos pero non exactamente polo tamaño do núcleo urbano:

11: Para escribirlle á administración autonómica depende de quen faga os escritos e ademais depende a quen se dirixa, adaptámonos. Nós traballamos moito coa administración local, e en Santiago empregamos moito máis o galego, pero en localidades como Sanxenxo hai xente de fóra e protesta, daquela empregámo-lo castelán.

- a proximidade entre os interlocutores: a maior proximidade maior uso do galego:

(68): Á administración chámase por teléfono e cando hai confianza fálase en galego.

- a falta de formación, costume e/ou vontade para emprega-lo galego, que leva a que os usos se reduzan a enche-los propios formularios da administración:

90: Só escribimos en galego cando é para contestar algo que eles envían en galego se as traballadoras o redactan, eu [a xefa] nunca contesto en galego, porque non sei.

64: Se é un impreso en galego da Xunta no que hai que encher poucas cousas, ás veces facémolo en galego, pero se escribimos nós sempre en castelán.

Ás veces esta falta de formación soluciónase cando as empresas están asociadas:

81: Nós non sabemos pero na asociación de talleres fánno-los escritos para a Consellería de Medio Ambiente en galego.

Por sectores de actividade pódense distinguir lixeiras tendencias á hora de usar unha lingua ou outra para dirixir escritos á administración e/ou a empresas galeguizadas, segundo se aprecia ó cruza-las variables lingua e sector (Táboa 46). As empresas que aseguraron facer un uso maior do galego ca do castelán son as dedicadas ó sector O (outras actividades, servizos persoais), ó M (educación), ó K (actividades inmobiliarias e servizos a empresas) e ó F (construción). Os comercios empregan as dúas linguas máis ou menos na mesma proporción, mentres que no resto dos sectores predomina o uso do castelán:

Táboa 46: Lingua empregada para dirixírlle-los escritos á administración ou a empresas que empreguen o galego segundo sectores de actividade

Lingua / Sector[47]	*Galego*	*Máis galego*	*Castelán*	*Máis castelán*	*Indiferente (as dúas)*	*Non sabe*	*Outra*	*Depende deles*	*Non procede*	*TOTAL*
D-Industria	2	0	1	4	3	0	1	6	0	17
E-Enerxía	0	0	0	1	0	0	0	1	0	2
F-Construc.	3	3	3	1	1	1	0	0	0	12
G-Comercio	8	3	10	1	1	7	0	0	6	36
H-Hostalaría	1	0	4	1	0	1	0	1	2	10
I-Transporte	0	1	3	2	0	0	0	1	0	7
J-I. financeira	0	0	1	0	0	0	0	0	0	1
K-A. Inmobils	8	4	4	6	1	0	0	1	0	24
M-Educación	3	1	0	0	0	0	0	0	2	6
N-A. Sanitars	2	0	1	2	0	1	0	1	0	7
O-Outr activs	6	1	0	1	0	2	0	0	0	10
Total	33	13	27	19	6	12	1	11	10	132

[47] Recórdese que os nomes dos sectores están abreviados, presentáronse completos ó principio deste capítulo, nota núm. 7.

7.5 AUTOAVALIACIÓN DO CONXUNTO DOS USOS NA EMPRESA

Na última cuestión da enquisa (sen contar aquelas que buscaban datos do entrevistado e da empresa) pedíaselles que establecesen, nunha escala numérica, o nivel de uso do galego na súa empresa, en ámbolos dous ámbitos: *Como estima o uso do galego na súa empresa no aspecto oral / escrito nunha escala que vai desde 1=moi baixo a 10= moi alto?*. A colocación desta pregunta a certa distancia das primeiras que trataban igualmente sobre usos orais e escritos tiña a intención de, ademais de comproba-la súa percepción sobre o emprego do galego nunha escala, valida-lo cuestionario a xeito de proba aleatoria ou "random probe" (Sierra Bravo, 2001: 322).

Para a análise da escala reagrupáronse as respostas numéricas en sete valores de igual amplitude, como se ve na seguinte táboa:

Táboa 47: Como estima o uso do galego na súa empresa no ámbito oral e escrito nunha escala que vai desde 1 (moi baixo) a 10 (moi alto)?

	Escala uso oral		*Escala uso escrito*	
	Núm.	*Porcent.*	*Núm.*	*Porcent.*
Sen resposta	0	0%	1	0,8%
Menos de 1,5	5	4,2%	50	41,7%
De 1,5 a 3	4	3,3%	21	17,5%
De 3 a 4,5	22	18,3%	19	15,8%
De 4 a 6	19	15,8%	7	5,8%
De 6 a 7,5	29	24,2%	7	5,8%
De 7,5 a 9	18	15,0%	7	5,8%
Máis de 9	23	19,2%	8	6,7%
TOTAL	120	100%	120	100%

Destes resultados extráese que un número elevado (74,2%) sitúa o uso oral do galego na empresa nun aprobado ó puntualo por riba do catro e medio. O 24,2% coincidiu en outorgarse unha puntuación entre seis e sete e medio, a que tivo máis adeptos, seguida pola que superou o nove. En conxunto, todos aqueles que sobrepasaban o sete e medio acadan o 34,2%, polo tanto pódese afirmar que existe un número importante de directivos que perciben que o uso do galego na súa empresa é elevado. Dentro do 25,8% que declarou facer un uso do galego baixo, é dicir, inferior ó catro e medio, a maioría sitúase por riba do tres, quedando a bastante distancia un 7,5 % do total que non chegou a darlle esa puntuación ó seu uso oral.

Pola contra, a escala de usos escritos segue unha tendencia inversamente proporcional, posto que a maioría das empresas sitúanse por baixo do tres, establecendo a frecuencia máis alta en menos do un e medio (41,7%); así resta pouco máis do 20% que se distribúe de xeito equitatitivo nos catro valores que están por riba do catro e medio. O contraste entre a autoavaliación de ámbolos dous usos do galego pódese apreciar nas barras do Gráfico 71:

Gráfico 71: Puntuación dos usos orais e escritos nas empresas. Escala entre 1 (moi baixo) e 10 (moi alto)



Pódese tirar unha media das respostas, situándose no ámbito oral nun 6,17 (cunha desviación típica do 2,43), é dicir, superaría o aprobado, segundo os empresarios. Pola contra, o empresariado compostelán realizou unha autoavaliación dos seus usos escritos (dentro da mesma escala que vai de 1: moi baixo a 10: moi alto) cun resultado dun 3,11 de media (cunha desviación típica do 2,68). Polo tanto a porcentaxe está máis ou menos na metade da oralidade.

Comparouse tamén a lingua empregada tanto nos usos escritos coma na oralidade cos datos da devandita escala, dando como resultado índices curiosos, como se detecta nas seguintes táboas:

Táboa 48: Cruzamento entre a lingua empregada habitualmente para realiza-los escritos da empresa coa puntuación do uso escrito do galego nunha escala entre 1 e 10

Escala uso / *Lingua*	*Sen resp.*	*Menos de 1,5*	*1,5 - 3*	*3 - 4,5*	*4,5 - 6*	*6 - 7,5*	*7,5 - 9*	*Máis de 9*	*TOTAL*
Galego	0	0	0	1	2	0	3	6	12
Máis galego	0	0	1	0	0	3	4	2	10
Indiferente	0	0	0	1	0	0	0	0	1
Depende quen escriba	0	0	0	1	1	0	0	0	2
Máis castelán	0	5	8	7	1	0	0	0	21
Castelán	0	41	13	10	4	4	0	0	72
Outra	0	1	0	1	1	0	0	0	3
Non sabe	1	4	0	0	0	0	0	0	5
TOTAL	1	51	22	21	9	7	7	8	126

Destaca de maneira especial que oito empresas que tiñan declarado realiza-los escritos só en castelán se colocasen na escala de uso escrito do galego por riba do catro e medio (dentro das cales, catro situáronse por baixo do seis, mentres outras catro o fixeron por riba desa cifra). Da mesma maneira que tres que declararan escribir só en galego, se colocasen na escala por baixo do seis (das cales unha aínda o fixo entre tres e catro e medio). Esta contradición deixaba á vista a diferente percepción que o empresariado podía ter dos seus usos, segundo se formulase a cuestión.

Con respecto ó emprego do galego oral non é posible presentar unha táboa coma a anterior dos usos escritos, dado que se medían varios parámetros (traballadores e directivos entre si, uns con outros e con clientela). Así, para detectar posibles contradicións, decidiuse filtra-las respostas daqueles que puntuaron os seus usos como baixos (inferiores a tres) ou como altos (por riba de 7,5):

Táboa 49: Usos orais entre os membros das empresas que non acadaron o tres[48] na escala de usos

	castelán	*galego*	*+ castelán*	*+ galego*	*as dúas igual*	*outras*	*depende interlocutor*	*non procede*	*TOTAL*
Lg trab.-trab.[49]	3	0	0	0	1	0	1	0	5
Lg trab.-dirct.	3	0	1	0	0	0	0	0	4
Lg trab.-clien.	0	0	2	0	0	0	2	0	4
Lg dirct.-trab.	4	0	0	0	0	0	0	0	4
Lg dirct.-dirct.	1	0	0	0	0	0	0	3	4
Lg dirct.-clien.	3	0	0	0	0	0	1	0	4
Total	14	0	3	0	1	0	4	3	25

[48] En realidade todos se situaron entre 1,5 e 3, ningún sinalou un uso oral por baixo de 1,5. Eran catro empresas nesta situación, no primeiro parámetro analizado aparece 5 como total porque unha delas marcou dúas respostas (“depende do interlocutor” e “as dúas igual”).

Os resultados mostran coherencia por parte daqueles que declararon un uso do galego inferior ó tres e os usos que tiñan manifestado no seu momento, dado que, agás un caso que se expresa "nas dúas igual", o castelán é a lingua que predomina no resto. Pola contra, entre os que se situaron na escala por riba do 7,5 (Táboa 50) non existe tanta coherencia, e vese que os que marcaron "máis galego" case están ó mesmo nivel cós de "só galego". Ademais os valores "castelán", "máis castelán", e "as dúas igual" teñen certa aceptación:

Táboa 50: Usos orais entre os membros das empresas que se puntuaron na escala por riba de 7'5

	castelán	*galego*	*+ castelán*	*+ galego*	*as dúas igual*	*outras*	*depende interlocutor*	*non procede*	*TOTAL*
Lg trab.-trab.[50]	0	9	1	8	0	0	0	0	18
Lg trab.-dirct.	1	7	0	8	1	0	1	0	18
Lg trab.-clien.	0	2	0	2	2	0	14	1	21
Lg dirct.-trab.	1	7	1	7	0	0	2	0	18
Lg dirct.-dirct.	1	9	0	3	2	0	0	3	18
Lg dirct.-clien.	0	2	0	3	1	0	13	1	20
Total	3	36	2	31	6	0	30	5	113

Como comprobante da posible incidencia que a orixe e ligazón da empresa con Galicia[51] podía ter nos usos, cruzáronse as escalas da oralidade e da escrita, por un lado, naquelas empresas que tiñan sucursais fóra da CA, ou ben pertencían a grupos empresariais non galegos (15% das entrevistadas na mostra), e polo outro, nas que se atopaban no caso contrario. No Gráfico 72 e no Gráfico 73 pódese apreciar como a circunstancia de pertencer ou non a grupos foráneos semella influír máis no ámbito oral ca no escrito, posto que neste último, tanto os que teñen sucursais fóra coma os que non, maioritariamente quedan por baixo do catro e medio. A oralidade, pola contra, supera este valor nas empresas localizadas integramente na comunidade, mentres que nas outras se sitúa principalmente, e a bastante distancia do resto, entre tres e catro e medio:

[49] As formas abreviadas fan referencia ás dos interlocutores sobre os que se mediron os usos. Así *trab.* corresponde a traballadores, *dirct.* a directivos, e *clien.* a clientes. Desta maneira as variables que se miden son: lingua dos traballadores cos traballadores; lingua dos traballadores cos directivos; lingua dos traballadores cos clientes; lingua dos directivos cos traballadores; lingua dos directivos cos directivos; lingua dos directivos cos clientes.

[50] As abreviacións son as mesmas cás da táboa anterior.

[51] Tratábase daquelas empresas que pertencían ou non a grupos empresariais de fóra da comunidade ou que posuían sucursais en territorio non galego.

Gráfico 72: Usos orais e escritos na escala das empresas que teñen sucursais fóra da Comunidade Autónoma ou pertencen a grupo empresarial non galego



Gráfico 73: Usos orais e escritos na escala das empresas que non teñen sucursais fóra da CA nin pertencen a ningún grupo empresarial foráneo.



Á vista dos resultados deste gráfico sobre os usos daquelas empresas galegas cunha única sede dentro da Comunidade Autónoma (recórdese que un 85% declarara estar nesta circunstancia), pódese dicir que existe un número importante de empresas que empregan

maioritariamente o castelán aínda sen contaren cun motivo de organización interna da empresa que supuxese realmente un inconveniente, como pode se-la cuestión de duplicidade de documentación cando existen sedes fóra.

Tras situárense na devandita escala de usos, pedíaselles ós enquisados que valorasen o seu posto no baremo como: mellorable, suficiente ou excesivo, tanto no ámbito oral coma no escrito. Con respecto ó primeiro –a oralidade– a opinión dos enquisados dividiuse case á metade, entre o 50,8% que o interpretou como "suficiente", e o 48,3% que o considerou "mellorable", pero en ningún caso se entendeu como "excesivo"[52]. En canto á valoración do uso escrito, o número de empresarios que entendeu que era mellorable (65%) duplicaba ós que o consideraban "suficiente" (32,5%):

Gráfico 74: Valoración dos usos orais e escritos



Estas valoracións comparáronse cos niveis de usos na escala (Táboa 51) e atopáronse contradicións, que poderían ser máis ou menos explicables, pero que resultan chocantes, como por exemplo: un uso puntuado por riba do nove, cualificado como "mellorable"; ou outro que non pasaba do un e medio, cualificado como "suficiente"

Táboa 51: Cruzamento entre a valoración e a escala do uso oral na empresa

Valoración/Escala uso oral	*Menos de 1,50*	*De 1,50 a 3,00*	*De 3,00 a 4,50*	*De 4,50 a 6,00*	*De 6,00 a 7,50*	*De 7,50 a 9,00*	*Máis de 9,00*	*TOTAL*
Sen resposta	0	0	0	1	0	0	0	1
Mellorable	3	2	12	11	13	6	11	58
Suficiente	2	2	10	7	16	12	12	61
Excesivo	0	0	0	0	0	0	0	0
TOTAL	5	4	22	19	29	18	23	120

[52] Un xerente dunha empresa do sector D (foráneo) negouse a valorar tanto o uso oral como o escrito, argumentando que "Cada uno habla lo que quiere, hay libertad y yo ni me entero en que lengua se está hablando..."

Pódense barallar algunhas explicacións que xustifiquen que case a metade das empresas que declararon facer un uso oral do galego moi alto (máis de nove na escala) valorasen ese uso como "mellorable". A razón pode estar en que, aínda que na hora da entrevista se lles aclaraba que se trataba de coñece-la súa opinión sobre a "cantidade de galego" que se falaba na súa empresa, e non sobre a calidade do mesmo, nalgúns casos pesaba en exceso a infravaloración da propia lingua (normalmente aprendida no ámbito familiar). Este feito, unido ó descoñecemento do estándar e á falta de establecemento de niveis de lingua e de rexistros diferenciados, derivaba na interpretación do seu código sempre como "mellorable". Moitos destes casos mostraron que non valoraban a propia fala nin sequera para os contextos coloquiais e en ocasións apreciouse que acompañaban a resposta cun "todo é mellorable".

Tamén destaca, aínda que se produce en menor medida (catro firmas), a contradición que se establece no sentido oposto: a dos que consideran suficientes aqueles usos moi escasos (inferiores ó 3 en dous casos e ó 1,5 noutros dous). Isto deixa á vista unha representación do galego como lingua non adecuada para entrar no ámbito empresarial, feito que ademais os propios entrevistados adoitaban xustificar baixo o argumento da falta de necesidade de falalo máis, ben porque a clientela era castelanófona e/ou tamén porque o eran practicamente tódolos membros da empresa, ben pola baixa consideración social deste idioma.

No tocante á valoración dos usos escritos e á súa comparación coa puntuación na escala (Táboa 52), vólvese da-lo mesmo contraste, pero manifféstanse aínda máis as representacións negativas cara ó incremento do galego na empresa, cando se ve que, das cincuenta empresas que puntuaron os seus usos escritos como moi baixos ou inexistentes ("menos de 1,5"), hai dezaseis (o 32%) que os consideran "suficientes":

Táboa 52: Cruzamento entre a puntuación na escala dos usos escritos e a valoración deses usos

Valoración/ Escala uso escrito	*Sen resp.*	*Menos de 1,5*	*De 1,5 a 3*	*De 3 a 4,5*	*De 4,5 a 6*	*De 6 a 7,5*	*De 7,5 a 9*	*Máis de 9*	*TOTAL*
Sen resposta	1	0	0	0	1	0	0	0	2
Mellorable	0	33	19	13	4	1	6	2	78
Suficiente	0	16	2	6	2	6	1	6	39
Excesivo	0	1	0	0	0	0	0	0	1
TOTAL	1	50	21	19	7	7	7	8	120

Estes resultados achegan aínda máis datos significativos sobre as representacións e actitudes cara ó galego por parte dos directivos das empresas da mostra. Pode lerse que, dos que se situaron na escala por debaixo do tres, máis da metade consideraron os seus usos "mellorables", pero tamén o fixeron así algúns que declararon ter usos altos (seis están entre un 7,5 e un 9) ou mesmo moi altos (dous casos que superan o 9), declaracións que nalgúns casos delatan unha actitude de compromiso co galego.

Cómpre comentar que a única cualificación que o uso do galego recibiu como "excesivo" produciuse por parte dunha empresa que case non o usaba (menos de 1,5). O seu representante manifestou unha actitude de rexeitamento e enfado porque a súa constante relación laboral coa administración os obrigaba a ter que redactar esporadicamente algunha documentación no idioma vernáculo. O feito de que unha empresa que vive da administración escriba en galego menos do 15% da súa documentación e, ademais se enfade por ter que facelo, deixa ver que existe un grupo de empresarios (moi reducido segundo esta mostra) que parten dunha ideoloxía monolingüista do castelán como idioma único do traballo e da administración. Con todo, esta tendencia é moi minoritaria.

Visto isto, optouse por comprobar cales eran os usos tanto orais como escritos naquelas empresas que os valoraban como mellorables. Escolleuse este filtro por dous motivos: por un lado, as contradicións detectadas nas puntuacións extremas (suficiente e excesivo) e, polo outro, pola información que podería achegar sobre as posibilidades de normalización do galego. Os resultados obtidos din que os usos lingüísticos dos actores do ámbito da empresa (ben empresarios ben traballadores) non son determinantes na súa cualificación como mellorables, dado que foi unha resposta que deron tanto os que falaban habitualmente castelán, galego ou as dúas. Nas dúas táboas seguintes aparece a distribución dos usos baixo o citado parámetro e pódese comparar cos usos analizados nas epígrafes 7.3.1 e 7.3.2, a través do Gráfico 65 (resumo dos usos dos traballadores), e do Gráfico 66 (resumo dos directivos):

Táboa 53: Usos lingüísticos orais dos traballadores nas empresas con cualificación de "mellorables"

Usos	*Traball. - traball.*		*Traball. - directivos*		*Traball. – clientes*	
	núm.	*frec.*	*núm.*	*frec.*	*núm.*	*frec.*
Castelán	11	19,0%	18	31,0%	4	6,9%
Galego	14	24,1%	14	24,1%	3	5,2%
Máis castelán	8	13,8%	4	6,9%	1	1,7%
Máis galego	10	17,2%	7	12,1%	5	8,6%
As dúas igual	10	17,2%	13	22,4%	7	12,1%
Outras	0	0,0%	0	0,0%	1	1,7%
Depende do interlocutor	2	3,4%	1	1,7%	40	69,0%
Non procede	5	8,6%	2	3,4%	5	8,6%
TOTAL OBS.	58		58		58	

Táboa 54: Usos lingüísticos orais dos directivos nas empresas con cualificación de "mellorables"

Usos	*Directivos- traball.*		*Directivos-directivos*		*Directivos-clientes*	
	núm.	*frec.*	*núm.*	*frec.*	*núm.*	*frec.*
Castelán	18	31,00%	14	24,10%	8	13,80%
Galego	16	27,60%	15	25,90%	3	5,20%
Máis castelán	4	6,90%	1	1,70%	4	6,90%
Máis galego	10	17,20%	4	6,90%	6	10,30%
As dúas igual	8	13,80%	10	17,20%	4	6,90%
Outras	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%
Depende do interlocutor	3	5,20%	1	1,70%	39	67,20%
Non procede	2	3,40%	14	24,10%	1	1,70%
TOTAL	58		58		58	

Ó expoñer ó mesmo filtro os usos escritos (Táboa 55), vese que baixa un pouco a consideración de "mellorables" por parte dos usuarios do galego:

Táboa 55: Usos escritos naquelas nas empresas con cualificación de "mellorables"

Lg escritos	*Núm..*	*Frec..*
Galego	6	7,7%
Máis galego	5	6,4%
Castelán	51	65,4%
Máis castelán	14	17,9%
Indiferente (as dúas igual)	1	1,3%
Outra	1	1,3%
Non sabe	2	2,6%
Unha ou outra depende de quen escriba	0	0,0%
TOTAL OBS.	78	

No entanto, á hora de escribírenlle á administración ou ás empresas galeguizadas, case non hai distinción na consideración de "mellorables" entre os usuarios de galego e de castelán:

Táboa 56: Usos escritos coa administración ou firmas que empregan o galego nas empresas con cualificación de "mellorables"

Escritos para emp. en galego ou admón.	*Núm*	*Fréc*
Galego	20	25,6%
Máis galego	10	12,8%
Castelán	19	24,4%
Máis castelán	12	15,4%
Indiferente (as dúas por igual)	3	3,8%
Non sabe	9	11,5%
Outra	1	1,3%
Depende da lg que usen eles	6	7,7%
Non procede	5	6,4%
TOTAL OBS.	78	

Por último, tamén se quixo comprobar se existía algún sector de actividade no que se notase unha valoración dos usos máis positiva ca noutros. Para iso cruzáronse os diferentes sectores ós que pertencían as empresas da mostra coa valoración tanto do uso oral como escrito, só para aqueles casos que a consideraron "suficiente" ou "mellorable", deixando fóra a categoría "excesivo" pola súa escasa presenza:

Táboa 57: Valoración dos usos orais e escritos por sectores

	Valoración uso oral		*Valoración uso escrito*	
	mellorable	**suficiente**	**mellorable**	**suficiente**
D-Industria	64%	36%	73%	27%
E-Enerxía	100%	0%	100%	0%
F-Construción	33%	67%	50%	50%
G-Comercio	51%	49%	57%	43%
H-Hostalaría	50%	50%	80%	20%
I-Transporte	33%	67%	67%	33%
J-I. financeira	100%	0%	100%	0%
K-Act. inmobils	50%	50%	73%	27%
M-Educación	67%	33%	83%	17%
N-Act. sanitarias	67%	33%	67%	33%
O-Outras actividades	20%	80%	60%	30%
Total	48%	51%	65%	33%

Á vista dos resultados, pódese afirmar que o sector de actividade exerce certa influencia só nos usos orais, existindo maior homoxeneidade no ámbito escrito, onde se considera maioritariamente como "mellorable", excepto na construción, onde houbo o mesmo número de empresas que valoraron os seus usos escritos como "suficientes". Isto non debe levar a pensar que é o sector máis galeguizado, pois –pese a declararen os seus usos como "suficientes"– das doce empresas da mostra, só unha empregaba o galego unicamente e tres de xeito preferente (fronte a sete que declararon facer tódolos seus escritos en castelán e unha en "máis castelán", como se viu na Táboa 45).

Pola súa banda, no ámbito oral pódense agrupa-los sectores segundo tres tendencias: unha que lle afecta a aqueles que presentan un reparto equitativo entre a consideración dos usos como "suficientes" e como "mellorables" (comercio, hostalaría e actividades inmobiliarias); outra que agrupa os sectores da construción, transporte e outras actividades sociais, por consideraren os seus usos en maior medida "suficientes"; por último estarían as empresas do resto dos sectores que interpretaron maioritariamente o emprego do galego na súa empresa como "mellorable". Dado que as empresas dedicadas ó sector O (Outras actividades sociais, servizos á comunidade e servizos persoais) foron as que entenderon en maior medida que os seus usos orais do galego eran "suficientes", decidiuse comprobar cal era a lingua prioritaria nas interactuacións consultadas nas empresas deste sector:

Táboa 58: Lingua na que se fala nas empresas do sector O: Outras actividades sociais...

Lingua na que falan:	*castelán*	*galego*	*máis castelán*	*máis galego*	*as dúas igual*	*outras*	*depende interloc.*	*non procede*	*TOTAL*
Traball. entre si	0	6	1	0	2	0	0	1	10
Traball. con dircc.	1	6	1	1	1	0	0	0	10
Traball.-clientes	1	1	1	1	0	1	6	0	11
Direct.-traballd.	3	5	0	1	1	0	0	0	10
Direct.-clientes	2	3	0	0	0	1	5	0	11
Direct. entre si	1	4	0	0	1	0	0	4	10
Total	8	25	3	3	5	2	11	5	62

Pódese ver que –en xeral– destaca o uso do galego sobre o castelán, aínda que houbo empresas nas que tiña certo peso o castelán nos usos dos directivos.

7.5.1 OPINIÓNS SOBRE OS USOS ESCRITOS

Aínda que a análise cuantitativa non sexa a idónea para medir representacións sociolingüísticas e actitudes (vid. Capítulo 5, epígrafe 5.1.1, páx. 276), considerouse pertinente realizar algunha pregunta coa intención, non tanto de que ofrecese unha medida, senón que servise de comparación cos datos obtidos dos grupos de discusión. De feito, os valores que se lles ofrecían como resposta nalgunhas destas preguntas eran, en parte, tirados daqueles.

Tratábase de indagar en dous aspectos interrelacionados entre si: un referido ós propios usos, por unha banda as razóns de non usalo (cando se daba esta circunstancia) (pregunta núm. 3) e pola outra as perspectivas sobre un posible aumento do galego escrito na súa empresa (preguntas núm. 4, 5 e 6). O outro aspecto buscaba que os entrevistados

expuxeran a súa imaxe sobre as empresas xa galeguizadas (pregunta núm. 7). Estas dúas últimas cuestións presentaban un número de valores elevado, polo que se lles entregaba ós entrevistados unha ficha que contiña tódalas opcións de resposta para que as lesen eles, feito que lles permitía reflexionar con certa calma e aproveita-la posibilidade de resposta múltiple e gradativa que se daba en ámbolos dous casos.

7.5.1.1 AS PERSPECTIVAS DE AUMENTO DO USO DO GALEGO NA PROPIA EMPRESA

A continuación das preguntas sobre os usos escritos (e antes de que fixesen a autoavaliación destes) incluíuse unha cuestión filtro (a número tres no cuestionario) dirixida só a aquelas empresas que declararan non facer uso do galego de xeito habitual: *Por que cre que non se usa máis o galego na súa empresa?* Presentábase como pregunta aberta para que libremente os directivos entrevistados expuxeran as súas opinións sobre os usos que acababan de rexistrar. A continuación, formulábase a cuestión número catro, mantendo o mesmo filtro ca na anterior: *Entra nos seus plans máis inmediatos aumenta-los usos escritos (e/ou orais[53]) do galego na súa empresa?*. Con ela pretendíase descubrir se se estaba a producir algún cambio, aínda que só fose a nivel de planificación, de cara á normalización da lingua no futuro. Se a resposta era afirmativa procedía a cuestión núm. 5, onde se requirían os devanditos plans, e se era negativa saltábase á pregunta seguinte que indagaba nas razóns de non ter programado un aumento do uso do galego. En realidade esta xa case englobou tódalas respostas da número tres que se formulaba como aberta, polo tanto, vanse analiza-las dúas xuntas na epígrafe "As causas da ausencia de planificación sobre o aumento dos usos" (páx. 518).

7.5.1.1.1 Plans de galeguización cara ó futuro

Coa cuestión número catro pretendíase descubrir se se estaba a producir algún cambio, aínda que só fose a nivel de planificación, de cara á normalización da lingua no futuro. Os valores que acompañaban ó ítem (*Entra nos seus plans máis inmediatos aumenta-los usos escritos (e/ou orais) do galego na súa empresa?)* eran inicialmente tres: "si (hai intención)"; "non hai intención"; "non se pensou no tema". Este último foi o que obtivo un

[53] Nas empresas en que o uso do galego na oralidade era alto, só se preguntaba polo escrito.

número maior de frecuencias (o 40% do total), feito que deixa á vista unha maioritaria indiferenza en canto ó tema da normalización lingüística. Máis preocupante resulta o 27,5% que asegurou non ter intención de aumenta-lo seus usos, sobre todo se se compara co número daqueles que declararon "ter intención", posto que –ademais de seren menos– tal intención poucas veces resultou moi real. Ademais cómpre aclarar que houbo xente que perfilou a resposta, declarando (o 5%) que simplemente se pensara no tema, pero xa confesou no momento que non existía realmente unha planificación, ben porque aínda o estaban analizando:

> 25: Estamos aínda en fase de avaliación.

ben porque a análise do asunto lles ofrecera un resultado negativo:

> 67: Pensouse, pero hai problemas [non se concretan cales].

> 13: Avaliouse a posibilidade pero rexeitouse porque para a xente maior sen formación, escribir en galego volvíase un zafarrancho.

Decidiuse que estas respostas se ían engadir á parte, baixo a categoría "pensouse, pero...", tal e como se ve no Gráfico 75, igual que se engadiu a opción " xa estamos galeguizados" dun 7,5% que así o manifestou. Esta cifra resulta elevada tendo en conta que esta cuestión só se realizaba naqueles casos que viñan de confesar que o galego non era lingua habitual da empresa para a escrita. Polo tanto, isto evidencia unha conciencia de que xa acadaran a cota máxima de galeguización:

Gráfico 75: A súa empresa ten intención de aumenta-lo uso do galego nun futuro inmediato?



Volvendo ós entrevistados que aseguraron positivamente ter intención de aumenta-los seus usos (17,5%), destaca que, cando logo se lles preguntaba polos plans específicos que ían desenvolver (*Se si, cales son os plans específicos que teñen?)*, na maioría dos casos estes quedaban reducidos a proxectos de actividades puntuais, lonxe de calquera programación ou planificación de normalización integral da empresa. Ás veces nin sequera se pasara da "idea", como se pode comprobar na seguinte declaración obtida na empresa número 57:

> 57: Houbo a idea de traduci-los letreiros, pero falta poñerse, atopar tempo.

A xustificación que daban para non concreta-la "idea" era principalmente a falta de formación e/ou de tempo, ás veces acompañada por outras como a clientela foránea (recorrente en case tódalas empresas do sector do comercio e que ás veces entraba en contradición con outras representacións da lingua):

> 95: Pensouse en poñe-los letreiros en galego, pero ademais de non haber tempo porque require moito esforzo, aquí pasa moita xente de fóra. O galego dá moi boa imaxe, de modernidade, pero non en tódalas zonas se pode implantar. Esta e unha desas porque é frecuentada por clientes non galegos[54].

Estas declaracións deixan á vista a vaguidade destes plans ou simples proxectos, que en realidade son extensibles practicamente a tódolos entrevistados. A diferenza entre estes que aseguran ter plans e aqueles que se recollen como "pensouse, pero..." está na mellor disposición dos primeiros, porque en ningunha das empresas entrevistadas a planificación pasaba dun "estase pensando", como se pode ver na resposta da empresa núm. 4 (pertencente ó sector K, un dos aparentemente máis receptivos cara ó tema):

> 4: Non temos un plan, pero ante o aumento da demanda de contratos de aluguer e de venda en galego estamos pensando en ter modelos de contratos traducidos.

A demanda semella actuar como un factor determinante para que certas firmas introduzan o galego. De feito, a súa ausencia actúa como xustificante da falta de rendibilidade do investimento que require poñer en marcha calquera actividade máis ou menos planificada, tal e como expresa un membro da dirección da empresa núm. 97, que asegura que esta é a causa de non aumentar máis os usos entre a clientela[55].

[54] Comercio situado fóra da zona monumental, nunha rúa do centro moi transitada.

[55] Estas medidas galeguizadoras que comenta o entrevistado refírense á relación coa clientela non ás relacións internas da empresa, onde di que é moi difícil pensar na introdución do galego debido á presenza de traballadores de fóra.

> 97: De cara ós clientes aumentáronse os usos, a correspondencia vai en galego se eles queren, non se fai máis porque non o demandan. Mesmo algúns pediron que non se lles enviase en galego.

Outros plans redúcense a poñer letreiro e horario en galego ou a realizar algunha publicidade, pero como actividades sen ningunha programación, como simples accións puntuais motivadas polo incentivo económico da Xunta, que ás veces nin sequera se chegan a levar á práctica:

> 35: Xa sacamos unha vez publicidade en galego e adaptámonos ás circunstancias, en calquera momento sacamos máis.

> 90: Pensamos en poñe-la publicidade porque a Xunta paga o 50%, pero aínda non o fixemos.

> 105: Tense pensado face-la publicidade en galego e pedi-la subvención porque che pagan a metade do custo. Ata agora non se puido facer porque aínda tiñamos moito material e non iamos facer uns folletos en galego mentres aínda tiñámo-los de castelán. Cando acabémo-la partida de castelán xa pedímo-la axuda para unha nova en galego.

Igualmente, outras dúas empresas (enq. 49 e 110) confesaron ter pensado publicar en galego a páxina web con cargo á subvención, pero aínda non comezaran o proxecto; igual có enquisado da empresa 69, ó que o venceron outros intereses:

> 69: [...] as axudas podían concedelas ou non e ó final non a fixemos en galego porque saía moi caro e co inglés hai máis mercado, así que a puxemos en castelán e inglés.

O mesmo problema do límite do horizonte territorial do galego tamén o presentou o xerente dunha das empresas da construción (núm. 45), quen asegurou que valoraran a posibilidade pero acordaron que non conviña: “A nós o que nos interesa é vende-los pisos e se os carteis están en galego os estranxeiros non os entenden". Houbo outras dúas empresas que, aínda afirmando posuíren plans de galeguización, culparon da falta de execución destes a outros organismos externos:

> 38: Pasamos de sacar menos dun 10% de noticias en galego a sacar un 30% este ano [...] Hai tres ou catro anos que establecemos contactos coa facultade de filoloxía para conseguir bolseiros pero non tivemos resposta, en realidade, non sabémo-la razón de que non callase a idea. Se nos mandasen xente teriamos todo máis galeguizado[56].

[56] Empresa dedicada á comunicación, que tiña entre os seus plans sacar toda información bilingüe, asegura que aumentaron nun 20% a redación e emisión de noticias en galego e mesmo pensaran en empregar bolseiros.

Tras repasa-los datos extraídos destas preguntas, dedúcese que en realidade aqueles que non teñen dentro dos seus plans futuros o aumento do uso do galego non acadan o 30%, fronte a unha cifra moito máis importante que suman os que ben non o pensaron ou ben, tras afirmaren telo pensado, logo manifestaron unha planificación bastante vaga e pouco concreta. Os que configuran estes dous grupos, en principio poderían ser posibles candidatos a entraren nun proceso de galeguización ben organizado e planificado. Visto así, aínda que aparentemente o panorama a curto prazo non semella moi esperanzador, podería dárselle unha lectura en positivo vendo que os que en principio non ían aumenta-los seus usos nun futuro inmediato só eran un 27,5% e, se cadra, parte destes poderían participar nun plan de normalización máis xeral que os envolvese. De feito, isto foi o que deu a entender o xerente dunha firma do sector M (educación), quen confesou carecer de iniciativa propia para realizar nada ó respecto, pero mostrouse aberto a propostas institucionais coma unha iniciativa que se programou desde o concello no ano 2003:

> 52: [...] o ano pasado[57] co Bloque no concello, fomos a unha reunión á que nos convocaran e onde se nos propoñía usa-lo galego, informáronnos da subvención e de traducir varias cousas e parecía interesante.

Aclara que o plan do concello non prosperou porque el foi un dos dous únicos convidados do seu sector que acudiron á devandita convocatoria. Con todo, afirma que volvería a acudir se o chamasen polo menos para escoita-las propostas. Daquela, pódese esperar que unha planificación organizada na que se contase cun programa de concienciación ben elaborado podería dar froitos cara á galeguización do ámbito empresarial.

7.5.1.1.2 As causas da ausencia de planificación sobre o aumento dos usos

No momento en que se formulaba a cuestión número seis *Por que non pensan (ou pensaron aínda) en aumenta-lo uso do galego?* ofrecíaselle ó entrevistado a ficha[58] coas dez categorías predeseñadas e mais unha a maiores contendo a posibilidade de "outras" respostas (para a que se pedía especificación). Na propia ficha xa se indicaba que podían ordena-las respostas, posibilidade que non foi moi aproveitada. A maioría dos entrevistados (75,8%) non estableceron ningunha gradación entre as respostas, aínda que si

[57] Esta entrevista realizouse nos primeiros meses do ano 2004.
[58] Recórdese que a entrevista podía realizarse en castelán a pedimento dos interesados, polo tanto levábanse fichas en ámbolos dous idiomas.

aproveitaron a opción de resposta múltiple, como se pode observar no total da Táboa 59, onde se presentan os resultados daqueles enquisados que deron varias opcións situadas ó mesmo nivel:

Táboa 59: Razóns polas que non teñen intención de aumenta-lo uso de galego nun futuro inmediato

Se non, motivo (sen orde)	*Núm.*	*Frec.*
Sen resposta	29	24,2%
a- Non interesa economicamente	6	5,0%
b- Trae complicacións innecesarias	4	3,3%
c- Persoal sen formación suficiente en galego	37	30,8%
d- Marca política e ideoloxicamente	4	3,3%
e- Supón un esforzo que non se verá compensado	11	9,2%
f- Ofrece imaxe negativa de cara ó público	2	1,7%
g- Non se conta coas ferramentas necesarias (programas informáticos, diccionarios...)	19	15,8%
h- Por costume faise en castelán e non se ve a necesidade de cambiar	44	36,7%
i- Porque o galego só é apto para o nivel coloquial non para usos formais	6	5,0%
l- Poucas posibilidades de uso a nivel comercial	13	10,8%
m- Outra (especifíquese)	45	37,5%
TOTAL	191	

Os dous valores que tiveron máis aceptación (deixando á parte "outras") foron, en primeiro lugar, aquel que facía referencia á inercia ou costume de traballar en castelán –inercia que non atopa un motivo para mudar de dirección (h)– e, en segundo lugar, á falta de formación do persoal (b). Xusto estas dúas foron tamén as máis escollidas entre os vinte e nove que decidiron asignarlle un valor nominal (cifra dos que na táboa anterior aparecen como "sen resposta"), colocándoas ademais, na maioría dos casos, como primeiro factor de influencia. Así, dos dez que vían na falta de formación razóns de non aumenta-lo uso do galego, sete considerárono como a causa principal, mentres que dos nove que entendían que o costume era o que máis influía, catro situárono como primeira causa, outros catro como segunda, e un en terceiro lugar. Vese con detalle na Táboa 60:

Táboa 60: Razóns polas que non teñen intención de aumenta-lo uso do galego nun futuro inmediato (respostas ordenadas)

Motivo	*1ª*	*2ª*	*3ª*	*4ª*	*5ª*	*6ª*	*(Suma)*	*Frec..*
a- Non interesa economicamente	0	1	0	0	0	0	1	0,8%
b- Trae complicacións innecesarias	0	0	0	0	0	0	0	0,0%
c- Persoal sen formación suficiente en galego	7	2	1	0	0	0	10	8,3%
d- Marca política e ideoloxicam.	0	1	1	0	1	0	3	2,5%
e- Esforzo sen compensación	0	1	2	0	0	0	3	2,5%
f- Imaxe negativa de cara ó público	0	0	0	0	0	0	0	0,0%
g- Necesidade de ferramentas	1	3	1	1	0	0	6	5,0%
h- Costume, non necesidade de cambiar	4	4	1	0	0	0	9	7,5%
i- Galego só é apto para o nivel coloquial	0	0	0	0	0	0	0	0,0%
l- Poucas posibilidades de uso a nivel comercial	0	0	1	1	0	0	2	1,7%

Dado que se trata dun número elevado de valores, e aínda co risco de que poida resultar repetitivo, elaborouse o seguinte gráfico só cos resultados das opcións que non foron ordenadas, é dicir, coas respostas dos que non estableceron prioridades, coa finalidade de que se vexa graficamente a diferenza entre a elección dunhas ou doutras:

Gráfico 76: Por que non pensan (ou pensaron aínda) en aumenta-lo uso do galego?



O elevado número de respostas que se deron a maiores das ofrecidas na enquisa (m "outras") non sempre achegou opcións novidosas, senón que na maioría dos casos se trataba de precisar algúns dos valores que se lle ofrecían e cos que estaban de acordo só en parte.

De feito, o valor precedido pola letra h, se estivese redactado só coa primeira oración, é dicir, "por costume faise en castelán", vería incrementada a súa frecuencia, porque houbo varios entrevistados que sinalaron "outra resposta" para precisalo. A maioría incidiu en que

o costume era unha das razóns básicas polas que non se aumentaban os usos do galego, pero modificou a última parte da premisa para precisar que si existía unha necesidade de cambiar, tal e como o expresaron algúns indirectamente *(89: Esta é unha tenda de toda a vida, o tema do galego é para as novas, aquí xa non se cambia*.), e outros máis directamente (enquisados núm. 35, 103, 105 ou 110). Por exemplo:

> 105: Por costume faise en castelán pero non é que non se vexa a necesidade de cambiar, só que é un hábito. Pero tamén ten poucas posibilidades a nivel comercial porque tódolos nosos provedores son de fóra.

A segunda parte desta intervención, onde fala das poucas posibilidades a nivel comercial debido ós provedores e clientes de fóra, está precisando outro dos valores (o precedido pola letra l); puntualización realizada, ademais de por tódolos entrevistados que se acabaron de citar, tamén polos números 24, 25 e 45, xunto cos que se citan a continuación:

> 95: Claro que ten **poucas posibilidades** de uso a nivel comercial pero por ser zona turística e haber xente de fóra, **non porque ofreza unha imaxe negativa de cara ó público, todo o contrario,** ofrece unha imaxe positiva.

> 23 : El gallego no es apto a nivel comercial para fuera de Galicia. La **galleguización supondría correr un riesgo**, porque el etiquetado puede quedar bonito, pero nada más.

> 37 : Existen moitos clientes de fóra, se todos foran galegos non habería problema.

> 111 : O que interesa é o castelán e o inglés pero o galego non, poñer todo en galego non nos vai reportar ningún beneficio.

A ausencia de perspectivas de mellora polo simple uso do galego vai acompañado da problemática que lle ven a saír fóra das fronteiras. Isto levou a que un emigrante retornado, dono dun restaurante, manifestase con enfado e ó mesmo tempo que renunciaba a le-la ficha coas respostas:

> 113 : Debía haber só unha lingua para todo o mundo e deixarnos de tantas historias.

Algún outro parte da mesma ideoloxía lingüística baseada no monolingüísmo e, presenta os mesmos argumentos sen que tivese que afronta-lo problema de expandirse fóra das fronteiras, só coa simple idea do futuro:

> 11: (…) Convivimos con los dos idiomas. Además tenemos pensado salir fuera, expandirnos a fuera de Galicia, por eso la documentación está en castellano. A mi me parecería mal que desde Cataluña me mandasen solo la documentación en catalán.

Inevitablemente xurdiron as referencia a Cataluña e as representacións dos cataláns, aínda que aquí –fronte ó que ocorreu nos grupos de discusión– mostráronse máis negativas e empregáronse coma contraposición para xustifica-la propia ausencia dos usos:

> 92: O galego está ben para falar aquí entre nós, pero logo para saír fóra non, porque non nos entenden. Non imos facer coma os cataláns que non os entendemos.

> 47: Es de mala educación hacer como los catalanes, llamas a Barcelona y contestan "digui"! Los catalanes ya se sabe... cuando yo estaba en la mili ya hablaban catalán y aquí estaba prohibido el gallego.

No entanto, nalgún caso estableceuse a comparación con Cataluña en termos positivos, e remitiulle o problema á administración:

> 21 : A publicidade vén de Madrid e está en castelán. Claro que para Cataluña fana en catalán. En canto non se fale na universidade e na administración, os pequenos pouco podemos facer.

Aspecto que tamén recoñeceu algún outro directivo:

> 20: Non existe unha política lingüística ben definida.

Houbo tamén que viu o problema tamén dentro da comunidade, coa existencia de clientela galega pero castelanófona (60, 102), e só un se culpou a si mesmo por ser monolingüe en castelán (84).

Outra resposta que precisaron foi a precedida pola letra c, referida á falta de formación, que ademais dunha actitude de inseguridade manifesta outras representacións cara á lingua:

> 107: É por falta de tempo[59], porque pasa-las cousas ó galego sen sabelo ben é engorroso, tes que estar co diccionario todo o tempo e falo en castelán que acabas moito antes.

Neste caso, a falta de formación é o factor causante de que o emprego do galego ocupe máis tempo. Pero non se reclama máis formación, nin tan sequera existe un lamento por isto, acéptase a circunstancia e simplemente acoden á outra opción que lles soluciona o problema inmediato. Isto transloce unha representación do galego como lingua, ó final, menos apta có castelán para o mundo da empresa. Noutros casos esta falta de formación deixa ver tamén os estigmas que pesan sobre a lingua:

> 109 : Yo [a propietaria] soy la que no tengo formación, las empleadas si que estudiaron gallego en la escuela. Yo no lo uso porque no lo sé, estudié con Franco y no estaba prohibido, pero en la ciudad quien lo hablaba era paleto, ahora somos paletos los que hablamos castellano y no gallego, pero yo

[59] A falta de tempo, sen máis aclaración tamén foi a resposta da empresa núm. 36.

> siempre hablé castellano y lo hablo igual y **no me importa ser paleta**. Además no me gusta que me escriban en gallego, me resulta dificilísimo de entender.

Chama a atención a presentación que fai das dúas linguas e como agocha a representación negativa sobre o galego que lle fixeron asumir de nova, imaxe que considera que pode estar cambiando, pero que ela, máis ou menos intencionadamente, non asume. A representación do galego como lingua do ámbito rural ("da aldea") reprodúcese en máis ocasións:

> 104: O persoal fala galego, pero o da casa o que aprendemos dos pais e dos tíos, o da aldea, pero non nos ensinaron no colexio e non se fala ben, ademais non se sabe escribir.

E nalgúns casos, a problemática do galego dialectal fronte ó estándar, que se manifesta nesta última cita, preséntase desde outra óptica, a do rexeitamento do galego normativo:

> 62: Non nos interesa o galego normativo porque non lle chega á xente que o fala, e para o resto xa está o castelán.

Logo houbo respostas varias, que ían desde a manifestación de ser política da empresa:

> 26: Existe un acordo da empresa de usar só o castelán.

ata a manifestación de liberdade lingüística (27, 58):

> 27 : Cada uno usa el idioma que quiere, hay absoluta libertad.

pasando por unha empresa filial dun grupo foráneo que declarou non ter capacidade para decidilo (106), outras que simplemente declararon non sabe-la razón (117), non darlle importancia á lingua (50), ou non ter pensado no tema (11).

7.5.1.2 IMAXE DAS EMPRESAS GALEGUIZADAS

A imaxe que causen no resto do tecido empresarial as firmas que teñan como lingua habitual de comunicación formal (enténdase escrita) o galego (e que de aquí en diante, dentro desta epígrafe, se van denominar "galeguizadas"), pode ser clave de cara á posible normalización da lingua naquelas que non o están. Se as posturas dos entrevistados ante esta circunstancia transmiten uns estereotipos negativos, será fácil deducir que non lles van servir de modelo para modificaren os usos propios. Así considerouse que unha forma de medi-las representacións existentes sobre aquelas empresas, podía ser a través da presentación de valores (positivos, negativos e neutros) sobre elas. A formulación do ítem

(*Que imaxe ten das empresas que usan o galego habitualmente na escrita, na publicidade...?*) acompañábase normalmente dunha aclaración sobre a intención da pregunta explicando que se pretendía coñece-lo grao de acordo cunha serie de afirmacións extraídas doutros traballos. En realidade, os diferentes valores (vense na Táboa 61) tentaron abarcar distintos estereotipos que foran xurdindo noutras investigacións, algúns redactados a partir dos grupos de discusión realizados para esta tese. Algún entrevistado, antes de le-las diferentes opcións que se lle ofrecían, xa estaba manifestando a súa postura, na que aparecían recollidas algunhas das categorías redactadas, tal e como se ve no seguinte exemplo:

> 46: Reciben subvenciones y son empresas muy grandes con infraestructura para hacerlo, con muchos departamentos y uno se puede ocupar de esto.

Na seguinte táboa ofrécense os resultados numéricos e porcentuais da pregunta:

Táboa 61: Imaxe das empresas galeguizadas ou que empregan o galego habitualmente na comunicación escrita (naquelas entrevistas que non ordenaron as respostas)[60]

Imaxe das empresas	*Núm.*	*Frec.*
Sen resposta	5	4,2%
a-Dedicadas a produtos típicos e/ou tradicionais	33	27,5%
b- Informais, non inspiran confianza	0	0,0%
c- Moi organizadas e serias	10	8,3%
d-Traballan coa administración	35	29,2%
e- Son de sectores innovadores, con produtos novidosos	17	14,2%
f- Situadas no rural, onde se fala maioritariamente galego	11	9,2%
g- Propietarios ligados a partidos e/ou ideoloxía nacionalista	23	19,2%
h- Pretenden dar imaxe de modernidade	30	25,0%
i- Empresas moi grandes	2	1,7%
l- Empresas pequenas	8	6,7%
m- Reciben subvencións	36	30,0%
n- Teñen moitos cartos	3	2,5%
o- Outras	49	40,8%

A continuación pódese ver graficamente a puntuación que os directivos lle deron a cada un dos valores que se lles presentaban[61]:

[60] Recórdese que se lles permitía marcar ata 5 opcións.
[61] O 4,2% do total que quedou "sen resposta" recolle aqueles enquisados que presentaron os datos de xeito ordenado, polo que non se contabilizan á hora de presentar esta cuestión, senón soas un pouco máis adiante.

Gráfico 77: Estereotipos sobre as empresas que empregan o galego[62]



O que máis destaca é que case a metade dos enquisados (40,8%) marcaron "*outra resposta*", ás veces como única opción, pero maioritariamente como unha categoría a maiores dalgunha das xa redactadas, e que se vai deixar para analizar máis adiante. Dedúcese do gráfico que os entrevistados se inclinaron preferentemente por asocia-las empresas galeguizadas (ou aquelas que só o están parcialmente) con tres parámetros: un sería a recepción de subvencións (30%), e os outros dous estarían ligados a dúas das tres actividades económicas que se presentaban: por un lado, o desenvolvemento de proxectos para a administración autonómica (29,2%) e, polo outro, a venda de produtos típicos e/ou tradicionais[63] (27,5%). Destacou que un par de entrevistados realizasen comentarios pola obviedade que vían na asociación do galego con empresas dedicadas a produtos típicos:

> 105: As empresas que venden produtos típicos é normal que o poñan en galego. E claro piden subvencións para facelo.

> 56: Sería ridículo que unha tenda que vende cestos de vimbio puxese "cestitas de mimbre"... soa ata ridículo.

Menos aceptación tivo o outro valor que ligaba o uso do galego con sectores innovadores e con produtos novidosos. Escollido polo 14,2% dos entrevistados, quedou cinco puntos por

[62] As letras do eixe das x correspóndense coas da táboa anterior, polo tanto poden lerse alí as súas correspondencias.

[63] Destaca, con respecto a esta opción, a postura dunha empresa dedicada á comercialización dun produto do país, que pese a non risca-la resposta correspondente ó estereotipo mencionado, fai unha afirmación ("*de hecho nosotros identificamos con el nome en gallego nuestro producto más añejo...*") que dá a entender que asocia o galego con produtos típicos ou máis ben enxebres, pois o galego serviulle como marca comercial para diferencia-lo máis "añejo" do resto, que tamén eran do país.

detrás da opción que ligaba este tipo de empresas a propietarios comprometidos ideoloxicamente co nacionalismo (19,2%), é dicir, que lle vían máis influencia á posición persoal do empresario que a que a empresa fose dun sector innovador.

O resto dos valores quedaron porcentualmente xa a bastante distancia, polo que semella que presentan estereotipos moito menos fixados. Curiosamente un dos máis escollidos dentro deste grupo (cun 9,2%), marcárono case en exclusiva aqueles entrevistados que eran de fóra de Galicia, que coincidiron en asocia-las empresas que empregaban o galego con estar "situadas no rural, onde se fala maioritariamente galego" (aínda que se lles recordaba que se refería á escrita). Estes directivos parecen descoñecer que na realidade sociolingüística da comunidade, e falando en termos xerais, as diferenzas entre o rural e o urbano corresponden só ó ámbito oral, pero non na escrita. A súa representación do galego como lingua do mundo rural quizais derive da súa orixe foránea e de traballaren en empresas urbanas,

Desta pregunta tamén se obtivo que está menos estereotipado calquera uso das linguas en relación co tamaño das empresas ou co seu capital. Con todo, asociouse máis o uso do galego con empresas pequenas (6,7%) ca coas grandes (1,7%), que foi a resposta que tivo menor acollida, situándose por diante dela a que facía referencia ó capital: "teñen moitos cartos" (2,5%). De tódolos xeitos, cómpre sinalar que, aínda que esta opción tivo pouca frecuencia, si se realizaron moitos comentarios sobre a necesidade de ter diñeiro para desenvolver calquera programa galeguizador.

Como dato positivo para a lingua cabe resaltar que aínda que só un 8,3% declarou que as empresas que empregaban o galego nunha empresa lle transmitían imaxe de organización e seriedade, non houbo ningún entrevistado que asociase o uso do galego a empresas informais ou pouco serias.

Naqueles casos en que o mesmo entrevistado marcaba máis dun valor non se apreciou ningunha sistematicidade, de feito ás veces mesmo se sinalaban opcións que, en certa medida, podían interpretarse como contraditorias. Así, na mesma enquisa indicaban que os seus propietarios estaban ideoloxicamente comprometidos e que as empresas se galeguizaban porque recibían subvencións; ou ben calquera das dúas anteriores xunto con que pretendían dar imaxe de modernidade. De igual maneira outro empresario asociaba as empresas coa dedicación a produtos típicos e mais a produtos novos. Todo isto manifesta

que non está moi fixado ningún estereotipo; máis ben semella que se barallan diferentes imaxes en paralelo, onde as que teñen certa forza son as referidas ó sector de actividade. No entanto, non se confía moito na galeguización seria das mesmas, cando o índice máis elevado o consegue a resposta que fai referencia á recepción de subvencións. E non só foi a máis marcada, senón que, dos cinco casos que aproveitaron a posibilidade que se lles ofrecía de ordena-los diferentes valores segundo considerasen a súa importancia, catro deles situárono en primeiro lugar, mentres só un escolleu para este posto o que facía referencia a "dedicadas a produtos típicos e/ou tradicionais". As outras respostas marcadas, interpretadas como razóns "secundarias" foron, por orde: "Traballan coa administración", "Son de sectores innovadores", "Empresas moi grandes", "Situadas no rural" e "Propietarios de ideoloxía nacionalista".

Os que escolleron a opción "outra imaxe", resposta maioritaria, pódense dividir en dous grupos. Por un lado están os que non asociaban o uso do galego con ningunha imaxe concreta, e así o querían facer notar *–caso (a)–*, e polo outro, os que engadían unha ou máis razóns diferentes das expostas *–caso (b)–*.

No *caso (a)*, os que marcaron esta opción fixérono de xeito exclusivo e, aínda que nalgúns casos, constataron simplemente o feito de non teren imaxes prefixadas:

> 12: No tengo ninguna imagen predeterminada, nosotros no usamos el gallego simplemente porque no es práctico.

noutras foron argumentando as razóns de careceren de estereotipos ó respecto:

- A escaseza de empresas que empreguen o galego. Mesmo houbo entrevistados que aseguraron non coñecer ningunha (2, 68, 11):

> 90: Non coñezo empresas que funcionen en galego, só asociacións.

- A falta de discriminación entre os dous idiomas e/ou a falta de observación, feito que non permitía facerse ningunha imaxe (45, 76)[64]:

> 45: Non teño ningunha imaxe feita porque non me fixo, de feito non son consciente de cando está nun idioma ou noutro.

[64] Houbo un caso (entrevistado 113) que ademais de expresa-la súa falta de opinión ó respecto, encargouse de manifesta-lo seu desacordo con esa postura: "Non teño ningunha imaxe, será porque deciden facelo en galego, alá eles, pero eu quero todo en castellano, de galego non quero saber nada" [palabras literais, é dicir, falaba en galego].

- En relación co punto anterior, a indiferenza que lles produce empregar un idioma ou outro (27, 38, 43, 104, 65, 58[65]):

43: Non teño unha imaxe clara, porque dá igual un idioma que outro.

38: Cada empresa responde a un prototipo, unos por sus relaciones con la administración, otras por el tipo de producto, no soy capaz de generalizar.

27: Es una cuestión de libertad, cada uno hace lo que quiere. La lengua no da ninguna imagen de nada.

Ás veces aventuráronse a enunciar en modalidade dubitativa algunha idea:

- Coincidiron varios enquisados (30, 41 109, 118) en supoñerlles formación e dominio da lingua ás empresas galeguizadas, dominio que podía derivar do uso habitual do galego (69, 118):

41: Terán formación en galego.

30: Supoño que se defenderán mellor na súa lingua.

118: Supoño que os empresarios que empregan o galego será porque é a súa lingua, porque é a lingua na que se senten máis cómodos.

69: Non teño ningunha imaxe prefixada, eu creo que é cousa deles. Será por costume ou porque acordaron iso.

41: Será porque se defenden mellor en galego, vexo normal o uso do galego cando un quere, pero que non obriguen a usalo coma en Cataluña.

Moitas destas ideas recóllense en ton aseverativo ("*é*" fronte a "*será*") por parte daqueles que quixeron engadir "outra" resposta, ben por non concordaren con ningunha das anteriores, ben para completar, ou mesmo aclarar, algunha das opcións expostas: *caso (b)*. Ó tratarse dunha pregunta aberta non resulta doado plasma-la totalidade das respostas de forma organizada, sobre todo porque foron moitas. Optouse por agrupa-las baixo uns cantos puntos, que obviamente recollen só parcialmente a información que achegaron os entrevistados:

- Compromiso e ideoloxía, foi o que se destacou nas enquisas núm. 3, 13, 59, 93 e 108, pero para precisar que non sinalaban a opción "propietarios ligados a partidos

[65] Este entrevistado mesmo considerou as respostas "chorradas".

e/ou ideoloxía nacionalista" porque o compromiso entendían que era coa lingua e non tiña que ser coa política.

52: A lingua non é cuestión ideolóxica. Eu non me fixo moito na lingua, non o cuestiono. Aínda que informática en galego hai moi pouca e iso pode influír.

Con todo, houbo algún outro caso no que, pese a non marcaren a opción, si se apreciou detrás dos seus comentarios esa imaxe, aínda que confesasen que xa comezaba a estar superada, quizais baseándose na súa experiencia persoal pois o uso do galego veulle motivado pola subvención:

49: Pódese asocia-lo uso do galego con propietarios de partidos nacionalistas pero creo que iso xa vai estando superado. Eu non sei moi ben o caso dos outros, nós facémolo pola subvención.

- Decisión persoal e particular dos donos (enq. 5, 64, 66, 84, 93 e 113[66]).

5: A opción de normalizar ou non a empresa responde a unha decisión persoal do empresario.

66: Será porque ós que as dirixen lles gusta o galego e veno ben así, é o seu idioma e úsano.

93: Penso que simplemente teñen interese na lingua.

- Modernidade (enq. 95, 63):

95: Dan boa imaxe, é un signo de modernidade, non é o galego do rural o dos avós, agora fálase un galego que nós chamamos de laboratorio (sen connotación negativa). Fálano os que o saben. Mesmo os mestres que antes che berraban por falalo, agora fálano!

63: Eu creo que dan imaxe de modernidade, antes non había deso.

- Adaptación á clientela galegófona (enq. 10, 37):

10: Porque queren satisfacer a todo o público, e como teñen público que fala galego pois usan o galego.

37: Son empresas que tienen una mayoría de clientes gallegos.

- Propietarios mozos (4):

4: Son empresas de xente nova.

[66] Este entrevistado, ademais de atribuílo a unha decisión dos donos, deixa ben claro que é unha postura que el non comparte: "(...) os donos quererano en galego, pero eu quéroo todo en castelán".

- Imaxe externa e falta de compromiso. Só unha empresa (enq. 7) manifestou unha imaxe claramente negativa, vendo nas empresas que empregan o galego un aire de "pose":

7: É simple apariencia externa, logo por dentro funcionan en castelán. Antes non había tanto desto, é algo de agora.

- Normalidade:

8: Creo que é unha imaxe natural se se é galego. Outras comunidades apostaron por iso, aquí non se lle dá tanta importancia. Seguimos vivindo debaixo dunha sombra de prexuízos.

63: Es lo normal, dan imagen de normalidad.

89: Porque estamos en Galicia e o normal é usalo.

96: Estamos en Galicia e é a nosa fala, paréceme o máis normal e non se debe usar de xeito folclórico nin para a propaganda. Eu fáloo porque o sinto así, eso que de rapaz sufrín a represión no internado e na escola, cando estaba prohibido.

Estas respostas (excepto a número 63) son de empresarios que teñen o galego como lingua habitual das súas firmas, polo tanto derivan dunha actitude común, a de lealdade lingüística, e deixan translucir unha representación da lingua como sinal de identidade.

O matiz da opción persoal, da liberdade de empregar calquera dos dous idiomas fronte á obrigatoriedade, o tema da indiferenza de usar un ou outro, foron aspectos que interrelacionaron e que recalcaron varias empresas.

7.6 A OBSERVACIÓN

Tal e como se dixo no capítulo no que se explicou a metodoloxía, no mesmo día en que se pasaba a enquisa realizábase a observación "in situ" de varios parámetros que se querían medir de xeito obxectivo, correspondentes ó ámbito oral e ó escrito. Con respecto a este último pretendíase comproba-la lingua da rotulación (externa e interna) da empresa, así como da papelería e dos elementos de comunicación escrita máis destacados. No entanto non se quería descoida-la lingua oral dentro deste sistema de medida, feito que levou a que se contemplase a posibilidade de recolle-la lingua de atención ó público no momento da chegada á empresa, así como a lingua empregada na atención telefónica, aspecto este polo que comezou a investigación e que se presenta na epígrafe 7.6.1.

A ficha elaborada para realizar esta observación incluíase no cuestionario, para te-los datos de cada empresa todos xuntos, pero o rexistro telefónico cubríase previamente, baixo o mesmo modelo, en follas soltas onde se ían rexistrando tódalas chamadas realizadas, aínda que se cadra logo non se conseguía a entrevista[67].

O resto da observación realizada plasmábase noutra ficha que, xunto coa anterior, se adaptou ó tamaño da contraportada da enquisa, coa finalidade de aumenta-la discreción á hora de toma-las notas correspondentes. A devandita ficha deseñouse tendo en que conta que debía ser práctica e fácil de cubrir. Isto levou a que, por un lado, se dividise en bloques de información, marcados con diferentes tonalidades de gris (tampouco podía destacar demasiado), para que fose máis doado enche-los datos, dado que non sempre se podían tomar na mesma orde (Ilustración 6). Por outro lado, necesitábase un único modelo xenérico que se adaptase a tódalas respostas, pero sabendo que se podería complementar, tal e como logo se fixo, con notas que a precisaban. Isto provocou que se axustasen máis algunhas categorías iniciais no momento da súa introdución no programa de tratamento de datos, para realizar unha análise máis fiel á realidade, modificacións que se irán comentando cando corresponda.

[67] Loxicamente para este traballo só se analizou o rexistro das chamadas que tiveron como resultado a entrevista. As outras quedaron pendentes dun estudo futuro.

Ilustración 6: Ficha observacional

TÁBOA DE OBSERVACIÓN

EMPRESA:

Lingua da atención telefónica:

	Contestan					Seguen a conversa				
	Cast	**Gal**	**Outr**	**Ind**	**N/P**	**Cast**	**Gal**	**Outr**	**Ind**	**N/P**
Quen descolga										
Intermediario										
Entrevistado/a										

OBSERVACIÓN NA EMPRESA:

	Galg	**Cast**	**Blg**	**Indif**	**Plurilg(anotar)**	**Out**	**NH**	**NV**
1-Rótulos exteriores da empresa								
Rótulo principal								
Outros Rótulos (horario...)								
2-Rótulos interiores: rotulac. fixa								
Cartelería de primeira vista								
Taboleiro interno								
3- Atención ó público								
Primeiro contacto								
Segundo contacto								
4- Documentación interna								
Papel de fax								
Papel de carta								
Sobre								
Tarxeta de visita								
Factura								
Nómina								
Convenio colectivo*[1]								
Outra:								
5- Comunicación dirixida a clientes								
Páxina web[2]								
Catálogo de empresa								
Modelo de carta/s comercial/is								
Tríptico/ opúsculo								
Publicidade –1º medio 2º medio:								

[1]Ver no **convenio colectivo** se existe **cláusula referente á lingua**: si non

[2] Enderezo web:

7.6.1 A OBSERVACIÓN DA LINGUA ORAL

Como xa se indicou arriba, a lingua oral observouse a través das chamadas de teléfono e mais da atención ó público na recepción. Débese partir de que as posibilidades de análise destes parámetros presentaban moitas dificultades, facendo que a súa fiabilidade estatística diminuíse. Pese a isto, considerouse que a información que se podía achegar con este sistema de análise ía ser, con todo, moi útil.

7.6.1.1 A LINGUA EMPREGADA NA ATENCIÓN TELEFÓNICA

Dado que coa maioría das empresas (70%) se estableceu contacto telefónico (recórdese a explicación sobre a solicitude da entrevista vista na epígrafe 7.1), aproveitouse ese momento para cubrir unha ficha onde se anotaba a lingua na que se atendía o teléfono, que sería un reflexo da relación lingüística de cara ó exterior cunha persoa descoñecida. Contábase cun máximo de ata tres niveis de análise, que ían desde a persoa que atendía de primeira man o teléfono na empresa (en forma abreviada "1º desc"), ata o propio entrevistado. Dependendo do tipo de firma de que se tratase, o primeiro que descolgaba, podía ser unha persoa que tiña tales atribucións (telefonista, secretario...), ou ben, se non existía tal figura, podía coincidir con calquera outro traballador, ou mesmo cun directivo. Se se daba este último caso e xa se falaba directamente a primeira vez co futuro entrevistado (abréviase "entrev"), quedaba sen marca-lo campo referido ó "1º desc", pero tamén ó intermediario, ou persoa coa que ás veces se falaba entre a que descolgaba o teléfono e a que ía responde-la enquisa. Anotouse tanto a lingua na que comezaban a falar, como aquela en que mantiñan posteriormente a conversa coa investigadora, que sempre falou galego.

Partindo destas circunstancias está claro que os datos que se recollen no Gráfico 78 son só orientativos e non teñen representatividade, pois aínda que responden ás chamadas realizadas dentro das empresas mostradas, en primeiro lugar non están todas[68], e en segundo lugar non se falaba co mesmo número de persoas en tódalas empresas. Daquela, a opción "non procede" recolle os casos en que non se contactou con algún dos tres posibles

[68] Non están tódalas empresas da mostra final posto que, por un lado, houbo un número importante (sobre todo dos sectores comercio e hostalaría) coas que non se contactou telefonicamente.

actores, que, tal e como se ve no seguinte gráfico, maioritariamente foi o "intermediario" (abréviase: interm.):

Gráfico 78: Lingua na que inicia a conversa quen descolga o teléfono (1º desc.), o intermediario (interm.) e o entrevistado (entrev.)



O nivel de indiferenza (imposibilidade de distingui-lo código utilizado) cando se descolga é máis alto no entrevistado ca na primeira persoa que atendía o teléfono. Este resultado explícase porque, cando a este lle pasaban a chamada de forma interna, xa non presentaba a empresa e, a maioría das veces contestaba simplemente co monosílabo afirmativo "si", empregado para a función fática, e que é común ás dúas linguas. De igual maneira, esta solución empregouse ás veces por calquera persoa que descolgaba o teléfono, no canto daquela empregada noutras moitas que presentaban a entidade e saudaban con expresións do tipo "buenos/bos días", que evidenciaban o uso dunha ou outra lingua.

No tocante á lingua na que se continuou a conversa, débese ter en conta que a investigadora sempre empregou o galego, feito que pode xustificar que, a pesar de que o uso do castelán superase ó do galego no momento de descolga-lo aparello e inicia-la comunicación (Gráfico 78), a proporción sexa xustamente inversa á hora de segui-la conversa (Gráfico 79). A mesma inversión prodúcese con respecto ó valor "indiferente", inversión lóxica se se ten en conta que é moito máis fácil detecta-la lingua na que se fala unha vez iniciada a conversa. Vese no seguinte gráfico:

Gráfico 79: Lingua na que seguen a conversa quen descolga o teléfono, o intermediario e o entrevistado[69]



Na Táboa 62 pode verse a lingua da atención telefónica nos tres casos analizados e en cada unha das súas posibilidades, é dicir, na primeira intervención (abreviado "resp."), así como na continuación da conversa cunha persoa galegófona (abreviado "segue"):

Táboa 62: Lingua da atención telefónica nos tres casos posibles

	1º desc. (resp.)	*1º desc. (segue)*	*interm. (resp.)*	*interm. (segue)*	*entrv. (resp.)*	*entrv. (segue)*
Castelán	31	12	11	9	31	24
Galego	6	52	5	16	8	52
Indiferente	31	4	11	3	39	0
Outra	0	0	0	0	0	0
Non procede	16	16	57	56	6	6
Alterna as dúas	0	0	0	0	0	2

7.6.1.2 LINGUA DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO

A primeira lingua na que se atende o público nunha empresa vén sendo a carta de presentación lingüística da mesma ante calquera persoa que se dirixa a ela, de aí a súa importancia.

Pretendeuse medir cal era a lingua de atención ó público, sabendo *a priori* que existían varios problemas para acadar unha análise correcta deste parámetro. Un era o diferente grao de trato co público das empresas segundo a súa tipoloxía, oscilando desde as que viven de cara á clientela –sobre todo os sectores do comercio e dos servizos sociais– ata as

[69] Cómpre sinalar que, aínda que a opción "outras linguas" quedase baleira, unha empresa do sector dos transportes tiña activado un contestador que emitía a mesma mensaxe en castelán e inglés.

que carecen de calquera contacto directo con ela. Outro fai referencia á concreción da observación no día e a hora da visita para a entrevista, feito que podía falsea-los datos daquelas empresas nas que só se podía tomar nota dunha parte do moito persoal dedicado á atención do público. Por último, os usos que se recollían na maioría dos casos eran unicamente de traballadores, ós que non se entrevistaba, polo que raramente se chegaba a saber (a non ser nos casos en que o entrevistado o dicía directamente) se o emprego dunha ou doutra lingua respondía a ordes concretas, ou ben era unha decisión propia.

Con todo, considerouse pertinente analizar este parámetro en tódalas empresas independentemente do "suposto" grao de atención ó público que se podería presupoñer, dado que resultaba bastante difícil establecer unha diferenciación exacta entre as que tiñan trato directo ou non co público. En principio esta característica era propia da maioría dos sectores, quedando fóra o que tradicionalmente se lle chamou sector secundario, é dicir aquelas denominadas no CNAE como sectores D (Industria) e F (Construción). No entanto, moitas empresas destes grupos tiñan unha sección comercial con atención directa ó público, polo que finalmente se decidiu tomar nota de todas. Nas empresas máis volcadas no trato persoal coa xente (onde esta constituía a clientela), basicamente as dos sectores J, K, M, N e O, estudouse –sempre que se puido– a lingua empregada co máximo número de persoas que acudisen á empresa mentres a investigadora estaba nela. Ademais tentouse percibir como se lles contestaba tanto a unha persoa galegófona (a investigadora) como a unha castelanófona (cando se deu a oportunidade), igual que se prestou atención á lingua de tódalas persoas dedicadas á atención do público, aínda que non sempre foi posible.

Nas outras (as que escasamente trataban con público) anotouse simplemente a lingua na que se lle falou á entrevistadora, que talvez podería se-lo mesmo idioma no que se recibiría a calquera que chegase á empresa: provedor, comercial, publicista, vendedor, etc. Con todo, estas empresas tratan cun número reducido de clientes, cos que normalmente se comunican mediante teléfono, fax ou correo postal.

Establecéronse os mesmos valores para as dúas premisas de investigación neste punto: a primeira lingua na que se recibía o público (o saúdo) e a lingua na que se continuaba a conversa en cada unha delas. Aínda que se levaba a ficha cos valores xenéricos "galego, castelán, indiferente, bilingüe", este último subdividíase noutras tres subcategorías que se podían extraer da observación: (a) "bilingüe: alternando código", (b) "bilingüe: depende do

interlocutor", (c) "bilingüe: depende de quen atenda", tal como se ve á hora de presenta-los resultados. Destas tres opcións bilingües, as dúas primeiras establecéronse para dar conta do uso por unha mesma persoas de dúas linguas, ben alternando dun código a outro (enténdase falando coa mesma persoa) (a), ben na converxencia cara á lingua da clientela (b). A terceira ("depende de quen atenda") reflectía un bilingüismo a nivel de empresa debido á existencia de máis dunha persoa para atende-lo público. No caso de darse esta circunstancia, volvía a producirse a posibilidade de resposta múltiple, que se rexistrou de forma diferente para o primeiro contacto que para a continuación da conversa. No primeiro caso empregáronse os seguintes valores: "un/s castelán e outro/s galego" (que recollía o uso do galego por uns e do castelán por outros independentemente da lingua do interlocutor); "un/s galego e outro/s depende do interlocutor" ou "un/s castelán e outro/s depende do interlocutor" (que indicaban se só converxía/n o/os falante/s dunha das linguas); e por último "un/s castelán e outro/s indiferente" ou "un/s galego e outro/s indiferente" (cando nalgún dos casos, durante o tempo da escoita, non se podía delimitar claramente que lingua se usaba).

Xa á hora de analiza-la lingua na que se seguía a conversa establecéronse outros valores centrados en controla-lo nivel de converxencia: *cada un mantense na súa lingua habitual e non inflúe a lingua do interlocutor; un/s del/es manten/éñense na súa lingua habitual (castelán) e outro/s varía/n segundo o interlocutor; un/s de/les manten/éñense na súa lingua habitual (galego) e outro/s varía/n segundo o interlocutor.*

Unha vez aclaradas as diferentes opcións que se empregaron na análise desta cuestión, vanse presenta-los resultados, pero insistindo en que a recollida dos datos se facía sobre o modelo de ficha inicial na que se engadía manualmente, se se daba o caso, algún dos novos valores enunciados arriba. De feito, as frecuencias máis altas danse para os valores "galego", "castelán" e sobre todo "indiferente". Esta opción é a máis numerosa no primeiro contacto (cunha frecuencia do 39,2%), feito que vén dado porque o saúdo de quen recibía nunha grande parte das empresas –igual que pasaba no caso do teléfono– era difícil de delimitar, ó reducirse a un "si", un "ola" ou un"dígame", expresións comúns ó galego e ó castelán, e polo tanto "indiferentes" en canto á lingua que se está a usar. Cando o saúdo reproducía un sintagma identificable nunha ou noutra lingua, predominou o castelán (29,2%) por riba do galego (16,7%) (Gráfico 80).

Xa no segundo contacto, e posto que o avance da conversa daba para identifica-la lingua, produciuse unha baixa lóxica de "indiferentes", reducíndose ó 1,7%. Aquí o galego acada maior peso ca no primeiro contacto e chega ó 31,7%, superando bastante a porcentaxe de castelán (16,7%), debido á converxencia que en moitos casos se deu cara á lingua que falaba a investigadora (galego):

Gráfico 80: Lingua na que se estableceu o primeiro e o segundo contacto oral na empresa



Como xa se dixo, no caso daquelas empresas que ofrecían servizos ó público, tentouse esperar –na medida do posible– a que se atendese a outras persoas galegófonas e castelanófonas. Foi nestes casos onde se detectou o maior número de usos bilingües, sobre todo no "segundo contacto". En realidade no primeiro contacto, o conxunto dos usos bilingües[70] acadan só un 15%, pero distribuídos de xeito diferente, avanzando desde o 1,7% de entrevistados que interfire os dous códigos na mesma conversa, ata o 10% que manifestan o bilingüismo na empresa no sentido en que eran diferentes os usos das persoas que atendían o público. Tanto neste caso, coma no 3,3% en que o uso dunha lingua ou outra dependía do interlocutor, demostrouse que a variación estaba en relación con factores diversos: a idade duns e outros, o grao de confianza entre os interlocutores ou mesmo a presenza física. Así, téñense dado varios casos en que se lle respondeu en castelán á investigadora (falando esta galego), cando ó lado se lle estaba falando en galego a outro cliente galegófono (de máis idade e coñecido do interlocutor); de igual xeito que a entrada

[70] O termo bilingüismo empregouse neste contexto para recoller aqueles usos nas empresas onde aparecían as dúas linguas presentes na comunidade: galego e castelán. Así considerouse bilingüe tanto unha persoa que falaba galego e castelán, alternando os dous códigos sen depender do interlocutor, como aquelas que se

dunha persoa de idade avanzada pero con vestimenta que denotaba un status social elevado, derivou no uso do castelán por parte do dependente.

Dentro daquel 10% que empregou as dúas linguas dependendo de quen atendese, a maioría (6,7%) configurábana persoas que usaban códigos distintos (falaban uns/s castelán e outro/s galego), mentres que o resto quedaba repartido a partes iguais entre aqueles casos nos que un/s se expresaba/n en castelán e outro/s "indiferente" (é dicir, non se lle/s puido aprecia-la lingua), e os que uns empregaban o castelán e outro/s variaban segundo quen fose ou que falase o interlocutor[71].

No "Segundo contacto" aumentou o uso do galego, pero tamén colleu un peso moi importante o emprego das dúas linguas segundo quen atendese (28,3%), superando esta opción á que facía depende-la lingua "segundo quen fose o interlocutor" (18,3%)[72], circunstancia que destaca nun ambiente empresarial que tiña declarado nas enquisas adaptarse á lingua da clientela. Con todo, que a lingua dependa da persoa que estea atendendo o público non quere dicir que non haxa ningún tipo de converxencia. En realidade, cando eran varias persoas as que atendían, o máis común era que algún membro da empresa se adaptase ó interlocutor; de feito, só nun 4,2% dos casos cada un se mantiña na súa lingua habitual sen variar segundo a lingua do interlocutor. Profundando un pouco máis vese que nese 28,3% en que se empregaron as dúas linguas por parte de diferentes persoas da empresa que atendían o público (Táboa 63), a maioría configúraa o grupo no que algún deles se mantiña falando castelán e outro se adaptaba á lingua do interlocutor, pero houbo un número importante de empresas nas que dependentes castelanófonos non abandonaban a súa lingua habitual:

Táboa 63: Posibilidades para o uso das dúas linguas por parte dos responsables da empresa

Se "as dúas linguas..."	*Núm.*	*%*
Cada un mantense na súa lingua habitual e non inflúe a lingua do interlocutor	5	4,2%
Un/s deles mantense na súa lingua habitual (castelán) e outro/s varía segundo o interlocutor	25	20,8%
Un/s deles mantense na súa lingua habitual (galego) e outro/s varía segundo o interlocutor	4	3,3%
O resto dos usos	86	71,7%
TOTAL	120	100%

adaptaban á lingua destes, así como tamén os casos en que unha das persoas que atendía o público empregaba o galego e outra o castelán.

[71] Non se detectou ningún caso das outras dúas opciónss previstas.

[72] Hai que ter en conta que non houbo segundo contacto nun 1,7% dos casos.

Nun 20,8% das empresas parte do persoal mantívose na súa lingua habitual (castelán), e parte atendía ó interlocutor na súa lingua; por outra banda só se detectou un 3,3% onde se dese o caso de que algún dependente converxía cara ó interlocutor, mestres un, ou varios, galegófonos se mantiveron na súa lingua habitual.

No entanto, débese ter sempre presente que esta observación se realizaba, na maioría das empresas, nun tempo limitado. Así que, nestes casos de usos "dependentes", tanto da persoa que atendese como do interlocutor, poderían darse variacións se se alongase o período de análise, circunstancia que só se puido comprobar no caso dos comercios. Nestes casos, cando se dubidaba da opción lingüística dalgún dos dependentes, podíase facer tempo simulando unha posible compra, feito imposible noutro tipo de negocios.

7.6.2 A OBSERVACIÓN DA LINGUA ESCRITA

Como xa se adiantou no seu momento, queríase coñecer de maneira fidedigna cal era a lingua de determinados usos escritos fixados na empresa que se puidesen analizar coa simple observación. Por un lado a rotulación fixa da empresa, tanto exterior como interior; por outro lado toda a lingua daqueles documentos que existen de maneira máis ou menos fixa nunha empresa e que se agruparon baixo os conceptos de papelería (papel timbrado para cartas, fax, facturas...), documentación interna (convenio colectivo e nóminas) e documentación fixa dirixida á clientela (publicidade, catálogos, páxinas web...)
Tamén aquí se tomou nota das diferentes posibilidades de bilingüismo, de igual maneira que ocorreu na análise da lingua oral ou da rotulación externa, ademais dos valores da ficha (galego, castelán, bilingüe, indiferente, plurilingüe, outra), no momento da toma de datos xurdiu a necesidade de realizar diferenciacións na opción bilingüe, e así establecéronse as seguintes tres categorías, que se considerou pertinente distinguir:

a) "bilingüe duplicado castelán-galego", para recoller tanto a existencia de dúas versións do mesmo documento unha en castelán e outra en galego, como a presenza das dúas linguas no mesmo documento reproducindo a mesma información. Vaise abreviar para presenta-los datos como "blg = doc."

b) "bilingüe en diferentes documentos", referíndose o bilingüismo neste caso ó emprego unhas veces do castelán e outras do galego en documentos diferentes ou ben, nun mesmo

tipo de documento (por exemplo unha carta), pero no que o uso das dúas linguas se dá en momentos diferentes, é dicir, que non se duplica a información. Vaise abreviar para presenta-los datos como “blg # doc.”

c) “bilingüe alternando códigos”, valor que recolle a presenza alterna dos dous idiomas no mesmo documento e no mesmo momento, por exemplo cando o nome da empresa está nunha lingua e o enderezo noutra. Vaise abreviar para presenta-los datos como “blg. alternan códigos”

7.6.2.1 ROTULACIÓN EXTERIOR E INTERIOR

A observación da rotulación comezaba coa chegada á empresa, pero para non crear un clima de desconfianza plasmábanse os datos na ficha observacional ó saír do lugar, ou ben se tomaban notas de todo o que era posible mentres se esperaba para a entrevista, sempre do xeito máis discreto posible. Polo tanto, estívose moi pendente de tódolos rótulos e carteis que a sede tiña no seu exterior, así como todos aqueles internos que estaban á vista ata o lugar da entrevista, pero nunca se pediu ver ningún máis.

Clasificouse a rotulación da empresa para a observación en exterior e interior. En canto á primeira anotábase a lingua do “rótulo principal”, entendendo por tal o que destaca no exterior do local e que contén –normalmente– o nome da empresa, e de “outros rótulos” que puidesen verse sen entrar na sede. Na rotulación interior tentouse dar conta daquela máis ou menos fixa que estivese á vista, tomando nota fundamentalmente da cartelería de primeira vista e da lingua empregada no taboleiro interno, no caso de este existir.

Os resultados da análise deixan ver que algo máis da metade dos rótulos principais das empresas (51,7%) son “indiferentes” en canto á lingua, é dicir, a información que conteñen (normalmente o nome da empresa) podería transcribirse de maneira semellante, tanto en galego coma en castelán. De entre aqueles que si son perfectamente discriminables predominan os que están escritos en castelán (27,5%), acadando a rotulación en galego o 15%.

Gráfico 81: Lingua do rótulo principal[73]



Dentro de "outros rótulos" incluíanse desde os letreiros co horario, ata a sinalética existente nos escaparates[74], así como calquera indicador con outra comunicación exterior fixa ou "semi-fixa" da empresa. Fronte ó que ocorría co rótulo principal, a distancia entre os usos dunha lingua e doutra aumenta bastante: un 43,3% está en castelán, fronte a un 11,7% en galego, porcentaxe esta que se acadou grazas ós letreiros na lingua vernácula que posuían os membros da asociación *Compostela Monumental*[75], formada por pequenos comerciantes da zona vella da cidade. Esta circunstancia pode derivar, como o caso dunha empresa da mostra, na existencia de rotulación bilingüe, ó convivi-lo letreiro da asociación en galego con outro(s) en castelán. Mesmo se atopou un caso en que un mesmo letreiro presentaba alternancia dos dous códigos, empregando frases nos dous idiomas. No Gráfico 82 vese a distribución, destacando que case a metade da mostra (40%) non ten rotulación externa (distinta do rótulo principal):

[73] Nos gráficos de análise de elementos particulares, de aquí en diante, vanse presentar só aquelas categorías que tiveron algunha ocorrencia, é dicir, que, a non ser nos gráficos de resumo, non aparecerán as opcións cuxo valor sexa cero.

[74] Houbo que tomar decisións sobre o que se ían considerar rótulos externos dunha empresa, e un dos casos que tiña máis trascendencia debido á súa frecuencia, eran os anuncios de vivendas que presentan as axencias inmobiliarias nos escaparates, e que finalmente se incluíron nesta epígrafe de "outros rótulos" dentro da rotulación externa.

[75] Aqueles comercios da zona vella compostelá pertencentes á devandita asociación presentan todos o mesmo letreiro de horario de apertura escrito en galego, que na maioría vén sendo a única rotulación existente.

Gráfico 82: Lingua dos outros rótulos externos



Tal e como se dixo, unha vez dentro da empresa, rematábase a observación deste bloque ó tomar nota da lingua empregada na rotulación interna, denominación que englobaba tanto o que se chamou *cartelería fixa*, é dicir, os rótulos interiores máis fixos da empresa (rotulación de despachos, paneis informativos, etc), coma o *taboleiro interno* ou espazo onde se colocan os escritos dirixidos ó persoal. O uso do castelán predomina case de igual xeito tanto na cartelería fixa, de primeira vista, que supón un 45% do total, coma nos taboleiros internos, onde acada en termos globais o 27,5%, pero tendo en conta que o galego só supón un 2,5% (era o 5,8% na cartelería fixa) (Gráfico 83). A razón está en que nun 41,7% de empresas visitadas non existía tal taboleiro e nun 19,2% non foi posible o seu exame. Daquela, se se eliminan estas opcións, os usos reais divídense entre un 6% que emprega o galego fronte ó 70% que ten tódalas novas do taboleiro en castelán[76]. Igualmente na rotulación interna, se se deixa á marxe tanto un 37,5% de empresas nas que non existía ningún rótulo ou letreiro que se puidese englobar debaixo da chamada "cartelería fixa" coma un 4,2% nas que non houbo oportunidade de vela[77], restarían un 58,3% de empresas que foron as realmente analizadas. Destas, un 77% contaría coa rotulación en castelán, fronte ó 10% que a terían en galego:

[76] Non se tiñan en conta informacións de fóra da empresa, só notas internas escritas dentro da sede.
[77] Non se permitiu vela ben porque non se permitía acceder ó lugar da empresa (almacén, taller...) onde estaban os rótulos, ben porque a enquisa se mento do galrealizou nunha oficina distanciada da sede da mesma.

Gráfico 83: Lingua da rotulación interna



Na mostra analizada non se atoparon carteis, fixos ou en taboleiro, que estiven escritos, ben noutra lingua diferente das dúas da comunidade, ben duplicados en castelán e en galego, ben con alternancia dos dous códigos.

En resumo, na rotulación das empresas, tanto externa como interna, prima o uso do castelán fronte ó galego, sendo máis elevado o uso deste na rotulación externa ca na interna, tal e como se pode apreciar no Gráfico 84.

Gráfico 84: Resumo dos usos lingüísticos nos parámetros avaliados da rotulación externa e interna[78]



[78] Neste gráfico resumo pode comprobarse como ningún dos elementos analizados empregaba as dúas linguas no mesmo documento, é dicir non se duplicaba a información, de aí que a resposta *blgüe (= doc.)* estea baleira.

7.6.2.2 LINGUA DA PAPELERÍA, DOCUMENTACIÓN INTERNA E COMUNICACIÓN CON CLIENTES

Fronte á observación disimulada que se estivo comentando ata o momento, os datos sobre a papelería e documentación interna considerada básica no funcionamento da maioría das empresas non se podían encher sen pedir permiso para ver unha mostra de cada.

O protocolo de actuación variaba pouco segundo se tratase dunha empresa á que se lle enviara previamente carta ou non. Levábase unha ficha que se lle entregaba ó entrevistado con toda aquela documentación que se "necesitaba ver" (vid. Anexo 15), que xa ía descrita previamente na carta; de feito algunhas (as menos) tíñan presente a misiva no momento da entrevista e mesmo houbo un par de casos que xa tiñan preparada a documentación solicitada. Exceptuando estes casos, ós que se lles enviara a carta entregábaselle-la ficha igual ca ós citados vía telefónica ou persoal.

Distinguiuse entre a documentación que se denominou "interna", daquela dirixida a clientes e público en xeral. Esta englobaba basicamente catálogos, páxinas web, cartas comerciais, trípticos e/ou opúsculos e publicidade. Dentro da primeira incluíanse as nóminas, convenios colectivos, e toda a papelería que non se empregaba só para a comunicación coa clientela e que, na maioría dos casos, non sería fácil de atopar sen pedírllela directamente ós entrevistados.

A ficha tentábase cubrir da forma máis rápida e discreta posible, sen que os implicados apreciasen exactamente que as notas que se tomaban eran sobre as linguas. Na maioría dos casos revisábanse os documentos e tomábanse as notas pertinentes, aínda que ás veces, cando o entrevistado tiña présa e/ou xa me derivaba a unha secretaria que me atendía de pé coa documentación, memorizaba os datos e cubría a ficha ó saír do local.

7.6.2.2.1 Papelería

A papelería fixa da empresa varía dunhas firmas ás outras segundo unhas necesidades que normalmente están ditadas pola actividade á que se dediquen. Para o deseño da ficha observacional escolléronse uns cantos documentos que adoitan ser comúns no ámbito comercial, aínda que case nunca imprescindibles: o papel de carta timbrado, o de fax, os sobres, tarxetas de visita e facturas. Esta era a papelería pola que en principio se

preguntaba, pero ademais deixouse a opción "outros" para completar con aquela documentación específica -segundo a tipoloxía da empresa- que algúns entrevistados mostraban voluntariamente, ou por pedimento da entrevistadora.

Debido a que se ampliaron as opcións de resposta iniciais, tal e como quedou explicado arriba, á hora de presenta-los resultados o número de categorías resultaba demasiado elevado e dificultaba a lectura dos datos. Daquela, coa finalidade de tornar máis lixeira a exposición, decidiuse elabora-los gráficos eliminando os valores "non existe" e "non se pode ver"[79] para cada un dos documentos analizados, é dicir, deixando fóra os que negaban te-los documentos requiridos ou ben non os ensinaban. Estes supoñían unha porcentaxe que variaba entre o 10% e o 30%.

Táboa 64: Porcentaxe de documentación que non se valorou

	Papel de fax	*Papel de carta*	*Sobre*	*Tarxeta visita*	*Factura*
Non hai	26,70%	14,20%	17,50%	10,00%	10,80%
Non se pode ver	1,70%	2,50%	2,50%	1,70%	1,70%

Facendo os cálculos cos que posuían a documentación, comprobouse que o papel de fax, o de carta e os sobres, empregaban o castelán nunha proporción similar, que se aproximaba ó 70% (71% no caso do papel de fax e de carta, un 70% nos sobres) fronte ó uso do galego que se empregaba nun 14% , 15% e 13% respectivamente. Preséntase de forma gráfica a continuación os resultados das diferentes variables (Gráfico 85, Gráfico 86, Gráfico 87 e Gráfico 88) con aquelas opcións que tiveron algunha ocorrencia. Así están sempre presentes os valores "galego", "castelán" e "indiferente", mentres que as diferentes posibilidades de bilingüismo que se foron anotando durante a recollida de datos, igual có resto de valores fixos ("outra" e "plurilingüe"), só aparecen nalgunhas ocasións. Os resultados para o papel de carta e de fax son tan similares que se presentaron no mesmo gráfico:

[79] Esta opción pretendía recolle-la existencia de documentos que o entrevistado aseguraba ter na empresa, pero que, por circunstancias diversas, non se ensinaban.

Gráfico 85: Lingua na que están impresos os papeis de carta e de fax que se puideron revisar



Os resultados son practicamente parellos debido a que normalmente o papel timbrado da carta é o que se emprega para os envíos por fax[80]. Comprobouse como predomina en ámbolos dous casos o castelán sobre o galego, e como só no papel de fax se atoparon algunhas mostras doutras linguas. Por outra banda, foron poucos os textos indiferentes, tanto dun coma doutro, nos que aparecían as dúas linguas. No entanto, cómpre aclarar no tocante á opción "indiferente" que se empregou en dous casos: un, o típico que se daba cando o texto podía pertencer a calquera das dúas linguas; o outro, para reflectir casos de certa documentación (basicamente tarxetas de visita ou bolsas) onde só aparecía o nome da empresa, "indiferente" en canto á identificación dunha lingua aínda que co nome da rúa escrito en galego, feito habitual en comercios da zona vella, que tiñan todo o resto da documentación en castelán. Daquela, o simple respecto no enderezo polos topónimos en galego (do tipo Rúa Nova, Praza de Feixoo...) non se considerou relevante neses casos. Pola contra se esta circunstancia se ampliaba a unha cantidade de texto máis elevada, isto xa pasaba a considerarse como un uso bilingüe con alternancia de códigos, que foi a única ocorrencia de bilingüismo que se deu nestes documentos.

As tarxetas de visita (Gráfico 86) presentan uns usos lingüísticos moi similares a estes, só que recolle un caso de emprego de galego e castelán en diferentes documentos, é dicir, nunha empresa existían unhas tarxetas en galego e outras en castelán. Igual ca no impreso de fax atopouse algunha mostra de texto plurilingüe, onde –igual ca naquel– o inglés compartía espazo co castelán.

[80] Contabilizáronse tamén os impresos de fax en formato electrónico que se puideron ver.

Gráfico 86: Lingua das tarxetas de visita que se puideron revisar



A lingua empregada nos sobres (Gráfico 87) non se afasta da liña que se está vendo no resto, simplemente se incrementaron algo os usos "indiferentes" (normal debido a que é o material que consta de menos texto). Ademais atopouse, igual ca nas tarxetas, un exemplo de bilingüismo, onde o galego e o castelán aparecían en diferentes documentos:

Gráfico 87: Lingua de impresión dos sobres que se puideron revisar



Vai se-lo modelo de factura, o que, fronte ós documentos anteriores, destaque pola maior presenza de formatos "bilingües", así como por un uso algo máis elevado do castelán. Ademais, debido a que se trata dun documento onde abunda o texto, nunca quedaron dúbidas sobre cal era a lingua empregada, polo que non se marcou en ningún caso a opción "indiferente":

Gráfico 88: Lingua das facturas da empresa que se puideron revisar



A modo de resumo dos usos lingüísticos da papelería observada preséntase a Táboa 65 e o Gráfico 89[81], agora con tódolos valores analizados. Cabe destacar, ademais da escaseza dalgúns documentos, a enorme presenza do castelán en todos eles. Tanto o galego, que está en segundo lugar, coma o resto das opción bilingües, que xa case non teñen presenza, distan enormemente dos usos do castelán:

Táboa 65: Cadro comparativo dos principais documentos observados

	Papel de fax	*Papel de carta*	*Sobre*	*Tarxeta visita*	*Factura*
Galego	10,00%	12,50%	10,00%	11,70%	12,50%
Castelán	50,80%	59,20%	55,80%	65,80%	70,00%
Indiferente	5,80%	6,70%	10,00%	5,00%	0,00%
Outra	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Bilingüe duplicado cast-gal	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	1,70%
Bilingüe en diferentes doc.	0,00%	0,00%	0,80%	0,80%	0,80%
Bilingüe alternan códigos	1,70%	5,00%	3,30%	3,30%	1,70%
Plurilingüe	3,30%	0,00%	0,00%	1,70%	0,80%
Non hai	26,70%	14,20%	17,50%	10,00%	10,80%
Non se pode ver	1,70%	2,50%	2,50%	1,70%	1,70%
TOTAL	100%	100%	100%	100%	100%

[81] Repítense os mesmos datos na táboa e no gráfico debido á dificultade de lectura que presentan.

Gráfico 89: Usos lingüísticos no conxunto dos modelos de papelería analizados



Nunha primeira vista do gráfico pode da-la impresión que o índice máis baixo do uso do castelán o rexistran as "carátulas" de fax; pero non é así, posto que proporcionalmente –como xa se viu– é semellante ó do resto da papelería. Isto débese a que o universo deste material era bastante inferior ó dos outros (de feito, ten o índice máis elevado no parámetro "non hai"[82]).

Ademais de que non existe ningún documento no que destaque o uso do galego, as opcións bilingües ou plurilingües tampouco teñen forza en ningún dos formatos estudados, tal e como queda á vista nos gráficos anteriores. A predominancia do castelán fronte a calquera das outras opcións, tamén se comproba ó obter datos globais deixando de lado a varianza e

[82] Cómpre aclarar que "non hai" fai referencia a aqueles casos en que se dicía literalmente que non tiñan ningún impreso que servise de modelo para enviar un fax, pero contabilizáronse os casos en que xa se

establecendo unha media dos usos lingüísticos no conxunto da papelería (papel de fax, papel de carta, tarxeta de visita e sobre):

Táboa 66: Usos lingüísticos xerais no total dos documentos que forman a papelería (sen varianza)

	Número	*Frec.*
Castelán	278	57,9%
Non hai	82	17,1%
Galego	53	11,0%
Indiferente	33	6,9%
Bilingüe alternando códigos	16	3,3%
Non se pode ver	10	2,1%
Plurilingüe (especificar)	6	1,3%
Bilingüe (gal-cast diferentes doc.)	2	0,4%

Para rematar coa análise da papelería vaise dar conta dos resultados de "outros documentos" onde se recolleron mostras de formularios e/ou calquera tipo de obxecto onde aparecese o nome da empresa que non se especificaran na ficha, pero que eran importantes dentro das empresas segundo a súa actividade. Como se dixo arriba, a obtención deste dato produciuse, ben a partir da documentación que ensinaban os entrevistados a maiores, ben a partir dalgún documento concreto de uso moi común. Normalmente tratábase de documentación de control interno das empresas, que ían desde fichas de alumnado nas academias e garderías ata modelos de impresos para rexistrar alugueiros nas inmobiliarias. Nalgunhas empresas ensinaban impresos que –aínda sendo bastante comúns e xerais– non se pedían, por exemplo tarxetóns (4), albarás (3) ou fichas-modelo de orzamento (3).

No rexistro destes "outros documentos" acabáronse engadindo elementos que non se poderían considerar propiamente como de papelería, pero que tampouco encaixaban moi ben en ningunha das outras epígrafes. Era o caso das bolsas (8, todos do sector comercio), carpetas (5, case todas en empresas de servizos a outras empresas), cartas-menús e panos de mesa de papel (5 en restaurantes), roupa de traballo (3) ou coches (3). A única opción onde se cadra se poderían introducir sería coa publicidade (o caso das bolsas ou dos coches quizais), pero nin entrarían todos, nin –o factor que máis pesou– os entrevistados os mencionaron neste apartado. Daquela, e posto que foron eles mesmos os que os citaron cando se lles preguntaba pola rotulación e a papelería decidiuse que formasen parte deste grupo. Con todo débese deixar constancia de que practicamente o único texto que aparecía en case todos estes elementos era o nome da empresa.

desfixeran dos modelos impresos en papel porque empregaban un formulario dixital. Nestes casos pediuse velo no propio ordenador.

Ás veces mostraban máis dun documento que en case tódolos casos foi cando a súa impresión era en galego, respondendo así á intención dos entrevistados de demostra-la extensión da galeguización da empresa a toda a documentación[83]. De aí que á hora de analizar esta categoría, o galego estea a menos distancia do castelán, lingua que segue a ser dominante, igual ca no resto da papelería:

Gráfico 90: Usos lingüísticos en "outros documentos"



7.6.2.2.2 Convenio colectivo e nóminas

O interese pola lingua empregada no convenio colectivo e nas nóminas, dous dos documentos internos da empresa que son máis comúns, viña dado porque a súa galeguización podía ser un sinal positivo de preocupación pola lingua. O convenio colectivo, tal e como se viu no Capítulo 2, foi un elemento no que se incidiu desde determinados grupos que loitaban en pro da galeguización do ámbito económico. O problema é que son poucas as empresas que contan cun convenio propio, senón que se rexen polo convenio do sector correspondente. De feito, a maioría das empresas da mostra réxense, tal e como se esperaba, por aquel, de modo que se pronunciaron nun 92,5% que non o posuían ("non hai"), pero ademais, a inmensa maioría declaraba que non sabía en que lingua estaba redactado o do sector. Tal como se ve no Gráfico 91, non se atopou ningún redactado en galego e só un dixo telo nas dúas linguas.

[83] A esta mesma intención respondían catro empresas (das cinco que ensinaron máis dun documento), que estaban galeguizadas, querendo demostrar con feitos as súas declaracións de usos. A outra que ensinou varios impresos máis dos pedidos empregaba o castelán.

Gráfico 91: Lingua do convenio colectivo



Por outro lado, un 88,3% dos enquisados descoñecía se existía dentro do mesmo unha cláusula de dereitos lingüísticos ou non, fronte ó 11,7% que negou a súa existencia. Polo tanto, na mostra analizada en Compostela non callou a redacción da cláusula proposta desde o Consello Galego de Relacións Laborais (vid. Capítulo 2, epígrafe 2.2.2.5), ou, cando menos, non transcendeu entre o empresariado.

Pola súa banda, as nóminas, existentes en tódalas empresas, adoitan ser un documento estandarizado e –normalmente– informatizado baixo programas específicos, cuxa edición en galego pode ser sinal da preocupación polo idioma por parte de quen as edita. Segundo os resultados do estudo o uso do galego non destaca tampouco neste documento, posto que só se atoparon tres empresas que as imprimisen nesta lingua, supoñendo un 2,5% do total. Débese ter en conta que só unha porcentaxe moi pequena das empresas da mostra (aquelas máis grandes) edita as nóminas, xa que é un documento do que se ocupan as xestorías correspondentes. Tanto nun caso coma noutro empregan maioritariamente un programa deseñado para o efecto que está en castelán.

Gráfico 92: Lingua empregada nas nóminas



7.6.2.2.3 Comunicación dirixida a clientes

A comunicación dirixida ós clientes é seguramente aquela que ten máis transcendencia porque chega a unha maioría da poboación. É a imaxe externa escrita que ten máis peso, pois a existencia da papelería en galego pode mesmo pasar desapercibida cando o texto que logo enche eses documentos está en castelán. Esta circunstancia atópase con frecuencia naquelas empresas que editaron unha partida de papelería en galego ó abeiro dunha subvención pero manteñen os seus usos escritos en castelán. Do mesmo xeito que hai empresas que sacaron unha tirada publicitaria en galego aproveitando unha axuda, pero logo continuaron facendo calquera tipo de promoción en castelán. Ámbolos dous casos son mostras do pouco efecto normalizador do sistema de subvencións aplicado ata o momento.

Escolleuse para medi-los usos lingüísticos aquela documentación máis común empregada para a comunicación cos clientes, sempre segundo o tipoloxía da empresa. Preguntábase pola existencia de catálogos de empresa, trípticos e dípticos informativos, calquera opúsculo publicado, cartas-modelo para a clientela, o enderezo da páxina web. Tamén se requiría a publicidade en medios de comunicación (prensa, radio televisión) ou outros medios.

Esta documentación (nun sentido moi amplo do termo) caracterízase –fronte á que se englobaba dentro da papelería– por ser moito menos habitual, aínda que –como contrapartida– contan cunha maior cantidade de texto escrito. A explicación da escasa presenza na mostra deste tipo de documentos para establecer comunicación co público vén

dada polo peso naquela da pequena empresa, sobre todo o comercio polo miúdo, moi representativo na cidade e que raramente se dirixe á clientela a través dalgunha destas fórmulas, moito máis comúns nas empresas grandes.

Vanse presenta-los resultados de cada un por separado, para finalizar cun resumo global dos catro.

O máis representativo das páxinas web é a súa ausencia, dado que un pouco máis dun oitenta por cento das empresas (80,8%) carecen dela. Esta cifra aínda hai que engrosala co 5% daquelas que, pese a que os entrevistados afirmaron que a posuían, no momento da consulta[84] ben non estaban habilitadas, ben foron imposibles de localizar. Incluíronse neste último grupo aquelas que estaban en construción e tiñan unicamente unha páxina de inicio[85]. Daquela constatouse que existía un escaso 15% das empresas da mostra (23 do total) que posuían páxinas web. Destas, só estaba en galego unha, proporción idéntica á que acadou a opción "outra", que dá conta dun sitio web en inglés dunha empresa pertencente a un grupo foráneo (norteamericano). No seguinte gráfico vense os usos das páxinas que realmente se puideron observar, é dicir do 15% do total da mostra:

Gráfico 93: Opcións lingüísticas das páxinas web observadas[86]



Só se detectou un caso onde existía na páxina de inicio a opción de navegar en calquera das dúas linguas, é dicir que tiñan a información traducida (anotouse como "bilingüe

[84] As páxinas web non se visitaban no día en que se facían as entrevistas, senón que se lles pedía o enderezo e logo comprobáronse todas xuntas tras remata-la fase de recollida de datos, durante o mes de abril de 2004.
[85] Das seis que se agrupaban baixo esta categoría, só unha tiña a súa portada de inicio en galego.
[86] Existe un estudo sobre a lingua e os contidos na rede en Galicia, vid. Romero e Vaquero, 2001.

galego-castelán no mesmo documento"). Os outros dous casos de bilingüismo correspondían a webs onde convivían o galego e o castelán en diferente medida e en documentos diferentes (quedando nun caso o galego restrinxido ás páxinas iniciais e noutro simplemente ós menús de navegación)[87].

No resto dos documentos destinados a clientes e público en xeral predomina o castelán, sobre todo nos catálogos, xa que do 23,3% das empresas que imprimen catálogos**,** están en galego o 3,3%, mentres que os de castelán supoñen o 16,7% sobre o total da mostra. No gráfico preséntase simplemente a proporción entre aqueles que posuían tal documento:

Gráfico 94: Lingua dos catálogos que se puideron revisar



Só unha empresa tiña o catálogo nos dous idiomas (curiosamente a única da mostra dedicada ó comercio polo miúdo que contaba con tal documento); mentres que tres usaron outras linguas (un 2,5% do total). Das vinte firmas que contaban con catálogo en castelán, oito pertencían a grupos foráneos ou tiñan sucursais fóra da comunidade (Táboa 67), feito que ofrecían como condicionante do idioma. Na seguinte táboa pódese ve-la distribución da lingua empregada nos catálogos segundo a tipoloxía de empresas en canto a seren filiais doutras ou teren sucursais no exterior:

Táboa 67: Cruzamento entre as empresas que teñen sucursais fóra e a lingua empregada nos catálogos

Catálogo / Sucursais fóra	*Galego*	*Castelán*	*Indifer.*	*Outra*	*Blg (=doc.)*	*Blg (# doc.)*	*Plurilg.*	*Non hai*	*TOTAL*
Si	1	8	0	0	0	0	2	7	18
Non	3	12	0	0	1	0	1	85	102
TOTAL	4	20	0	0	1	0	3	92	120

[87] Obviamente non se contabilizou a existencia de "galego" en dous casos nos que só daba a opción de cambiar a esa lingua na páxina de inicio (dúas ocasións) pero non estaban traducidos os enlaces.

Pola súa banda, os resultados da análise dos modelos de cartas comerciais ofrecen uns resultados moi parellos ós anteriores. Calculados sobre o total da mostra: un 75% de empresas non emprega este documento, un 3,3% dixo posuílo en galego, fronte ó 17,5% que o tiña redactado en castelán. Só unha empresa incorporou á súa documentación máis linguas cás dúas oficiais da comunidade, e catro contan con modelos de cartas comerciais bilingües en castelán e galego, dúas delas empregan os dous idiomas dentro do mesmo texto e outras dúas teñen textos nos dous idiomas, o que aparece sinalado como "bilingüe (gal-cast # doc.)". Representouse no gráfico os resultados redefinidos porcentualmente sobre aqueles documentos que foi posible revisar, é dicir, tras eliminar –coma nos casos anteriores– aqueles que se recolleran baixo a epígrafe "non existe" ou "non se pode ver":

Gráfico 95: Modelos de cartas comerciais que se puideron revisar



Xuntouse nun único parámetro baixo a denominación "tríptico/opúsculo" para englobar toda a documentación elaborada nas empresas que recompilase algún tipo de información sobre a mesma, que podería estar en diferentes formatos: tríptico, díptico ou "opúsculo" (denominación encargada de recoller aquelas pequenas obras que podían ir desde folletos varios ata libros publicitarios, pasando por revistas). A presenza do galego neste tipo de documentación é exactamente a mesma ca no caso anterior, de feito son as mesmas catro empresas que teñen os catálogos, os modelos de cartas comerciais e os trípticos en galego:

Gráfico 96: Lingua dos trípticos e/ou opúsculos que se puideron revisar



Antes de pasar ó último elemento de análise da ficha, a publicidade, cómpre realizar un balance dos elementos analizados. Neste resumo global preséntanse os resultados de tódolos valores, destacando de maneira especial o que sinala a ausencia de documentación ("non hai"). Vese como o nivel de galego e castelán é similar en todos eles (aumenta o castelán nos trípticos porque proporcionalmente hai máis), quedando a lingua vernácula nunha posición bastante inferior, mesmo hai casos (coma o das páxinas web) nos que a súa presenza é menor á das linguas estranxeiras:

Gráfico 97: Lingua da documentación dirixida a clientes (excepto a publicidade)



Xa para remata-la análise deste estudo cuantitativo vanse presenta-los resultados da publicidade (último elemento da ficha observacional), observación que variaba segundo o

tipo de empresa. Mentres nalgunhas era posible, e mesmo doado, conseguir mostras da súa publicidade sen ter que solicitarllas ó entrevistado, noutros casos houbo que preguntar directamente por tal cuestión. Se a resposta era positiva, pedíase información sobre os medios (prensa, radio, televisión, folletos...), e solicitábanselles, ben recortes de prensa (se non os tiñan pedíaselle-lo nome do xornal e/ou revista onde a facían); ben os textos para a radio (no caso que os enviaran eles redactados), ou o nome da emisora (para realizárense as escoitas correspondentes); ben exemplos de folletos ou outros materiais. Isto deu lugar a establecer unha clasificación para a análise dividida en prensa, radio e "outros medios publicitarios". Neste último reflectíronse os modelos de lingua escollidos para os obxectos promocionais observados e recollíanse tamén os anuncios en televisión por resultaren anecdóticos. Así, este apartado queda configurado por once empresas que producían folletos e dípticos propagandísticos (os das empresas 6, 41, 42, 43, 72, 82, 85, 100, 105, 107, 111, 112); catro que elaboraban calendarios (11, 49, 51, 81); outras catro que se anunciaban nas páxinas amarelas (9, 64, 93; 116), dúas en revistas e outras dúas na televisión (publicitándose en galego na canle galega pero en castelán no resto). Outros obxectos promocionais aparecen de xeito irregular e teñen presenza uns nunhas empresas e outros noutras: bolígrafos, cartaces, isqueiros, carteiras, paraugas...

No tocante á publicidade en prensa (que só a fan un 37,5% das empresas da mostra), destaca a pouca existencia de anuncios redactados na propia empresa, posto que a maioría achegan os datos e o texto redáctase no propio xornal, igual que pasa na radio. Este medio só é usado por un 21,7% das empresas, quedando por baixo non só do anterior, senón tamén dos "outros medios" que acadan o 35,8%.

Gráfico 98: Usos lingüísticos na publicidade (1)



Botando contas entre aqueles que si fan publicidade, é dicir, deixando á marxe a porcentaxe dos que declararon non realizar ningún tipo de promoción ("non hai"), ou dos que –tras diciren que se publicitaban– non se lles puido localizar ningún anuncio ("non se pode ver"), pódese apreciar con máis claridade a presenza do galego e do castelán en cada un dos casos. Vese no gráfico seguinte:

Gráfico 99: Usos lingüísticos na publicidade (2)



7.7 CONCLUSIÓN

A análise das preguntas referidas ós usos orais e escritos, así como da puntuación outorgada no baremo sobre estes usos e a súa valoración, deixan á vista a diferenza entre o galego e o castelán no ámbito empresarial. Úsase máis o galego có castelán na oralidade, de feito é a lingua máis falada polos membros da empresa, tanto traballadores como directivos. O galego foi a opción máis marcada como resposta á lingua empregada para comunicárense os traballadores e os directivos, tanto dentro do mesmo grupo profesional, coma para interactuaren uns cos outros. No entanto, a lingua actúa como diferenciadora dos grupos e, en conseguinte, axuda á delimitación de status, pois os traballadores usan moito máis o galego para relacionárense entre si (case 26 puntos porcentuais por riba do castelán) que para dirixírense ós directivos da empresa (superándoo só en 12 puntos porcentuais). Da mesma maneira, os membros da dirección, aínda tendo como lingua maioritaria o galego, falan máis castelán entre si do que falaban os traballadores, pero para dirixírense a estes empregan maioritariamente o galego.

A converxencia cara á lingua da clientela (marcada na opción "depende do interlocutor") dáse tanto por parte dos traballadores (70%) coma dos directivos (67%). Con todo, nestes existe un uso máis compensado das dúas linguas, pois o emprego de castelán e galego (como lingua exclusiva ou maioritaria) é practicamente igual, mentres que os traballadores falan algo máis o galego, pese a que houbo un número importante que indicou que, aínda que se adaptaban ó interlocutor, usaban as dúas linguas igual. Pero, segundo se deduce das observacións dos propios entrevistados, a adaptación á lingua da clientela mídese de forma diferente segundo esta sexa castelanófona ou galegófona. Presentar como obvio que o descoñecemento do galego por parte dos traballadores impide atender nesta lingua os clientes que o falen, xunto coa existencia nalgunhas empresas dunha norma que obriga ós traballadores a empregaren como primeira lingua o castelán, mostran a existencia entre os directivos das empresas dunha representación do galego como lingua inferior dentro do mundo comercial.

A todo isto hai que engadirlle o feito de que o galego o empreguen en maior medida os traballadores menos cualificados, e que o seu uso vaia diminuíndo segundo aumenta o nivel de formación dos mesmos, o que fai que siga vixente a representación do galego

como marca de status na actualidade. Esta circunstancia esta moi relacionada coa diferente competencia en ámbalas dúas linguas e ó mesmo tempo cos usos na escrita.

O castelán segue a se-la lingua dominante, con moita diferenza, para os usos escritos, descendendo de forma considerable o seu peso á hora da comunicación coa administración autonómica, influencia que seguramente sería moito maior de existir por parte desta institución un uso do galego máis rigoroso do que aprecian moitas das empresas entrevistadas. No entanto observouse entre os entrevistados un abano de actitudes diferentes ante os usos lingüísticos para relacionarse coa administración, que van desde a queixa maioritaria pola deixadeza que manifesta esta, ata unha única protesta realizada baixo a ideoloxía do monolingüísmo que defende o uso dunha única lingua: a oficial do estado español.

En xeral, os entrevistados danlle un aprobado á cantidade dos seus usos orais e suspenden os escritos, pero ó mesmo tempo a maioría destes empresarios teñen unha consideración baixa dos seus usos do galego dentro da súa empresa, destacando especialmente a denominación de “mellorable” aplicada nos casos en que o uso habitual oral é elevado. Esta consideración veu acompañada moitas veces de comentarios sobre a baixa calidade que lle atribúen á propia lingua e/ou á dos traballadores. A valoración negativa do galego dialectal deixa á vista o peso da representación desta lingua como inferior fronte a un castelán que non usan habitualmente, pero que a maioría deles asimilaron como rexistro culto.

Debido á imposibilidade de alonga-lo cuestionario para que non sobrepasase un tempo de entrevista que se prometía curto, non se preguntou polos motivos que levaron ó 10% dos enquisados a usaren o galego no conxunto da documentación escrita da súa empresa. Trátase dunha parte da investigación que queda pendente para retomar nun futuro, e sobre a que aquí só se poden anota-las observacións dalgún destes empresarios que comentaron o seu compromiso coa lingua e co país.

No que si se indagou foi na razón de que non se usase o galego no ámbito escrito, e máis concretamente nas razóns de que non se pensase en aumenta-los seus usos no futuro máis inmediato. O costume ou inercia de funcionar en castelán, seguido da falta de formación do persoal, foron os motivos máis marcados, xustificacións ambas que, en principio, non connotan ningunha imaxe negativa cara á lingua propia da comunidade. Pero non debe

pasar desapercibida a porcentaxe dos que, achegándose unicamente ó 10%, afirmaron que esta lingua tiña poucas posibilidades de uso a nivel comercial, ou ben que supoñía un esforzo que non se vería compensado.

A liberdade de uso que nalgúns casos os entrevistados afirmaron que existía na súa empresa apóiase nunha representación de que a convivencia das dúas linguas na comunidade é equilibrada e sobre a que non se debe intervir. Isto sérvelles de xustificación a moitos deles para rexeitar calquera planificación que teña como finalidade a normalización do galego, pois xa a cren acadada. Tal liberdade tamén se debe interpretar de forma diferente segundo o tipo de empresa de que se trate, e polo tanto, segundo a cantidade e calidade de usos lingüísticos que teña. Así, nunha industria onde os traballadores están nun taller realizando labores que non requiren usos escritos a liberdade para usa-lo galego é moi superior da que pode existir na oficina da mesma firma, na que existe unha dinámica de actuación que só semella que se poida romper a través dun cambio nas representacións que o empresariado ten sobre a lingua, cambio que iría acompañado dun investimento en formación, materiais, etc e que sería máis doado nunha sociedade que premiase debidamente o esforzo normalizador na empresa.

Polo momento, a imaxe que presentaron os entrevistados sobre as empresas galeguizadas (enténdase dentro do ámbito escrito) non está moi fixada, despuntando catro: “reciben subvencións” (30%); “traballan coa administración” (29,2%); “están dedicadas a produtos típicos e/ou tradicionais” (27,5%) e “pretenden dar imaxe de modernidade” (25%). Disto extráese que o uso do galego entre os empresarios asóciase, ben co sector de actividade (os produtos da terra ou a administración), ben con algo novidoso, aínda que ás veces fixeron coincidir ámbalas dúas circunstancias co apoio económico para o cambio de imaxe lingüística.

A observación realizada nas visitas ás empresas deu como froito uns datos que serven para complementar e –en certa medida– contrastar coas respostas que sobre os usos deran os entrevistados. Non se anotou a lingua en que falaban entre si tódalas persoas da empresa, pero si a lingua de atención telefónica e de atención ó público, é dicir, a lingua da imaxe externa. Os resultados din que o castelán se emprega como primeira lingua en maior medida có galego no primeiro contacto, tanto telefónico como presencial. No entanto, queda á mesma altura (no teléfono) ou por baixo (na atención persoal) das fórmulas

“indiferentes”, ou que son válidas en calquera dos dous idiomas. A lingua do interlocutor (maioritariamente cliente) inflúe considerablemente na lingua das persoas que atenden o teléfono e o público. Con todo, o número dos que non converxen cara falantes galegófonos supera as porcentaxes desexables para un idioma propio da comunidade.

No tocante á lingua escrita, o uso do castelán é moito máis elevado có do galego, pois esta lingua acada a cota máxima de uso no, aproximadamente, 10% que se contabilizou na rotulación e nos documentos agrupados baixo a denominación de “papelería”, vai diminuíndo na documentación dirixida a clientes e é practicamente inexistente nos documentos internos analizados: nóminas e convenios colectivos. Daquela, os elementos fixos son os máis galeguizados, e ese 10% que acadan vén coincidir coa cifra dos enquisados que declararon usa-lo galego na escrita da súa empresa, que –segundo se desprende desta análise– en moi poucos casos contan cunha galeguización integral da entidade.

CONCLUSIÓN FINAL

CONCLUSIÓN FINAL

Dado que os obxectivos cos que se comezou esta investigación eran variados e obrigaban a desenvolver análises diferentes, ó final de cada unha delas fóronse expoñendo as conclusións correspondentes. Loxicamente non procede que se volvan repetir neste capítulo, que vai ter como finalidade pechar unha investigación que tocou aspectos diferentes, aínda que todos encamiñados a achegar máis luz sobre a situación da lingua galega no ámbito empresarial e, de ser posible, no conxunto da sociedade.

Tal e como se recolle no título da tese, realizouse un percorrido polos usos e representacións sociolingüísticas que existen verbo do galego neste contexto particular, pero tomando unha perspectiva moi ampla.

Comezouse na primeira parte por entrar na historia da empresa, tentando buscar tódalas claves da falta de presenza do galego dentro do mundo económico. Os datos sobre o desenvolvemento do tecido empresarial en Galicia achegaron algunha luz sobre o seu funcionamento en castelán, só truncado por escasos empresarios cunha representación do galego como lingua válida para o ámbito económico. Boa parte da investigación nesta primeira parte consistiu en segui-lo percorrido das empresas no camiño da normalización lingüística, o que levou a estudar a fondo as actuacións específicas programadas para este ámbito por parte, principalmente, da administración, pero tamén doutras entidades. Viuse como as axudas económicas da DXPL na época autonómica foron o motor propulsor de certo cambio, aínda que a forma de xestionalas dese lugar a unha serie de actuacións nas empresas, dispersas, puntuais, sen planificación e, moitas veces, sen intención realmente normalizadora. É difícil que exista detrás da maioría destas actuacións tal intención, cando as representacións que existen do galego entre o empresariado, e que se descubriron na segunda parte da investigación, son maioritariamente negativas. Demostrouse que este aspecto inflúe máis nos usos lingüísticos das empresas do que o fai a súa actividade ou o seu tamaño. De feito, na segunda parte viuse como podían funcionar en castelán tanto un taller pequeno de reparación de automóbiles coma unha empresa exportadora grande, e por outra parte atopáronse traballando en galego delegacións de empresas foráneas que

expresamente editan en galego a comunicación coa clientela desta Comunidade ou algúns restaurantes, nunha cidade coma Santiago, cunha afluencia elevada de turistas estranxeiros.

A primeira parte tamén se enriqueceu coas entrevistas tanto con persoeiros do ámbito da normalización que tiveron relación co mundo económico, como con presidentes de asociacións empresariais que axudaron a configura-la perspectiva diacrónica da entrada do galego na empresa, e ó mesmo tempo deron a súa visión da situación actual. Estas achegas, unidas ás da segunda parte da investigación, puxeron as bases destas conclusións.

A segunda parte do traballo desenvolveuse baixo un marco teórico e unha metodoloxía que se demostraron eficaces para os obxectivos da presente tese. Partiuse dunha descrición xeodemográfica e sociolingüística do concello compostelán, que se destacaba en investigacións anteriores (MSG) por un nivel de usos superior ó do resto das urbes, así como por presentar unhas actitudes cara ó galego bastante positivas. Por outra banda, nesta investigación –mediante a análise do discurso de traballadores e empresarios, e mailas entrevistas ós cento vinte directivos ós que se lles pasaron as enquisas– obtivéronse uns resultados que quedaron expostos polo miúdo ó final dos capítulos 6 e 7.

A intención final non era compara-los resultados desta tese cos do MSG, que actuaron máis como marco que como elemento de contraste, polas seguintes razóns: (1) escolleuse para este traballo un marco teórico e unha metodoloxía diferentes; (2) os resultados do MSG eran moito máis globais, mentres que aquí só se traballaba arredor dunha realidade social determinada: a do mundo económico.

Con todo, tendo como referencia os resultados do MSG vistos, na presente análise cómpre destaca-la presenza do galego como lingua oral na empresa compostelá, por parte dos traballadores (é a lingua habitual, única ou maioritaria de, aproximadamente, a metade deles); pero tamén dos directivos, que declararon escollela nunha porcentaxe lixeiramente por riba do castelán, tanto para falaren cos seus empregados como entre si. Aínda así, viuse como o status na empresa establecía algunhas diferenzas lingüísticas, pois a cúpula directiva fala máis castelán do que o fan os traballadores e este feito acaba influíndo nas interaccións destes con aqueles. No entanto, os empresarios que contestaban as enquisas aseguraron que os seus empregados se dirixían a eles máis en galego ca en castelán; mentres que uns e outros converxían sempre cara á lingua da clientela.

Na empresa urbana, igual ca na sociedade, pode falar galego aquel que o tivo como lingua inicial (normalmente, quen naceu no rural e/ou o falou no contexto familiar); pero este condicionante, no ámbito laboral urbano, queda contrarrestado polo hábitat e polo tipo de traballo que se desenvolva. Os usos do galego na sociedade urbana aparecen descritos como propios do ámbito familiar (onde algúns dos participantes nos grupos e entrevistados aprenderon o galego), ou ben se asocian cun grupo monolingüe, en xeral culto, que domina o normativo, e que responde a unha determinada ideoloxía política de índole nacionalista. Sexa como for, quen fai este tipo de asociacións demostra unha representación da lingua negativa, feito que xustifica a converxencia cara ó castelán, comportamento que socialmente se interpreta como máis adecuado. Esta norma social imperante reflicte unha ideoloxía lingüística que non asume o galego como sinal de identidade, aínda que tampouco ten porque ter unha actitude de rexeitamento cara a el. En realidade as diferentes actitudes cara á lingua que se detectaron ó longo da investigación, son froito da situación conflitiva que vive neste momento. Dunha banda, xa non se pronuncia un discurso claramente negativo sobre os galegofalantes (maioritarios tanto nos grupos de discusión coma nas entrevistas), pero doutra segue a detectarse un autoodio pola propia fala, descrita como código incorrecto que non serve para o rexistro culto. A isto hai que sumarlle a infravaloración da variante estándar do galego –descoñecida para a maioría e en moitos casos de forma voluntaria– que xa naceu asociada cunha serie de prexuízos negativos (lingua de laboratorio, inventada, incorrecta...). Moitos destes prexuízos foron provocados pola mala xestión do propio proceso normativizador, pero outros semella que se difunden, case se pode dicir que intencionadamente, desde unha ideoloxía lingüística que busca a preeminencia do castelán por riba do galego. As representacións que configuran esta ideoloxía detéctanse en manifestacións sobre a inviabilidade da implantación do galego estándar (que se adoita xustificar no descoñecemento del pola maioría da poboación) pero tamén no rexeitamento producido por un novo estigma que se lles aplica a aqueles que o falan habitualmente e que, ademais, non converxen diante de castelanófonos: o de teren unha ideoloxía política concreta á que moitos empresarios non se queren ligar.

Penso que no transcurso desta investigación quedou suficientemente clara a importancia que as representacións sociolingüísticas das dúas linguas presentes na Comunidade teñen nos seus usos. Disto dedúcese a necesidade de detectar correctamente as devanditas representacións para actuar sobre elas e así poder intervir sobre os usos de cara á

normalización do galego. As imaxes do galego descritas nos capítulos 6 e 7, así como os usos analizados neste último, configuran un panorama de representacións ás veces contraditorias, que reflicten ideoloxías lingüísticas diferentes. Na páxina 572 preséntase un cadro sinóptico das principais representacións detectadas sobre o galego e agrupadas baixo as tres ideoloxías lingüísticas que considerei básicas. Denomináronse precedidas de números correlativos do 1 ó 3 segundo o grao de aceptación que tiña o galego nelas.

A primeira, que denominei *Castelán lingua A*, é aquela que entende o castelán como lingua que identifica unha Nación-Estado que, xerarquicamente, supera á Comunidade, e polo tanto, a lingua daquela vai estar nun nivel máis elevado cá desta. Esta ideoloxía configurada por representacións do galego como lingua limitada para o seu uso na empresa, manifestase a través de argumentos coma o do seu escaso horizonte territorial, cando a maioría do empresariado do concello, e por extensión da comunidade, nin aspira, nin ten posibilidades, de saír fóra das súas fronteiras. A representación do galego situado un chanzo por baixo do castelán, e sempre como lingua estigmatizada, reproduce un discurso que se difundiu conscientemente desde unha ideoloxía unitarista do Estado español, onde o castelán ten que imperar sobre o resto das linguas minorizadas, porque é o que marca a identidade nacional (nacional-española).

A segunda, que nomeei como *Bilingüismo pseudoharmónico* é propia dos que admiten que o galego sexa a lingua da comunidade, pero teñen moi presente o castelán como lingua nacional. Parten da viabilidade dun bilingüismo no que os dous idiomas estean presentes nun mesmo nivel, e a cualificación de *pseudoharmónico* veu precisamente de que, aínda que o propugnan baixo termos de equilibrio (influencia da política lingüística seguida pola Xunta de Galicia nas últimas décadas), acábanse apreciando representacións aínda negativas sobre o galego, que fan que, nin no fondo nin na forma, acade o mesmo nivel do castelán. Ademais de seren o grupo máis numeroso, son os que máis contradicións presentan; pero nunca mostran unha actitude clara de deslealdade, nin de rexeitamento aberto cara ó galego.

Por último e en 3º lugar, como ideoloxía menos frecuente –polo menos entre o empresariado– estaría a denominada *Galego lingua A*, que acolle ós que interpretan esta lingua como sinal de identidade da comunidade. Baséase en que o galego é a lingua propia de Galicia e o castelán unha allea e imposta. As representacións do galego que alimentan

esta ideoloxía son as dunha lingua perfectamente válida para desenvolverse no ámbito económico, igual ca no resto dos ámbitos. Daquela, as dificultades que se atopan para poder levar adiante os seus obxectivos teñen que ver co desenvolvemento lingüístico do conxunto da sociedade, que, polo momento, segue a ser *anormal*. Tales dificultades son moito máis evidentes no caso dos traballadores, posto que en moitos casos deben actuar baixo ordes que proveñen doutras representacións da lingua totalmente opostas. Caracterízanse os individuos que responden a esta ideoloxía por manifestaren unha actitude de compromiso e lealdade cara ó galego.

IDEOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS

Ideoloxía 1.- Castelán lingua A

Definición: busca o monolingüismo en castelán.

Perfil:
- Castelanfalantes (galegos ou foráneos).
- Falantes de castelán como lingua preferente.

Representacións do galego:
- Lingua (ou dialecto) limitada a nivel territorial, máxime para o ámbito económico.
- Elemento negativo e distorsionador para a boa comunicación en xeral e na empresa en particular.
- Admítese o uso oral en contextos coloquiais.
- Variante dialectal: identifica a persoas sen formación, clase social baixa, orixe rural.
- Variante estándar: marca de ideoloxía nacionalista.

Actitudes cara ó galego:
- Deslealdade.

Comportamentos:
- Monolingües en castelán.
- Diglósicos, pero a súa lingua de traballo na empresa é, e consideran que debe ser, o castelán.
- Monolingües en galego por decoñecemento, hábito ou falta de "necesidade" de emprega-lo castelán (obreiros, empresarios de zonas máis rurais, de determinadas actividades).
- Converxencia obrigatoria diante de castelanfalantes.
- Rexeitamento de medidas normalizadoras (considéranse imposición).

Ideoloxía 2.- Bilingüismo pseudoharmónico

Definición: considera que galego e castelán están "case" á par.

Perfil:
- Bilingües.
- Falantes de castelán como lingua preferente.
- Falantes de galego como lingua preferente.
- Castelanfalantes (sobre todo mozos).

Representacións do galego (as máis contraditorias):
- Xa non é unha marca social ou de hábitat, aumentou o seu prestixio.
- É normal que en Galicia se fale galego, pero nin "moi dialectal" nin "moi estándar" pois ambos están estereotipados.
- Como lingua propia de Galicia, pode ofrecer proximidade coa clientela. É recomendable para vender determinados produtos da terra.
- Pode darlle á empresa imaxe de modernidade.
- Non ofrece as mesmas posibilidades, nin é tan "cómodo" coma o castelán.

Actitudes cara ó galego:
- Respecto.
- Inseguridade.
- Comodidade.

Comportamentos:
- Bilingües con predominio do castelán ou do galego segundo o contexto.
- Monolingües en galego por hábito ou descoñecemento do castelán.
- Monolingües en castelán por descoñecemento ou falta de contexto de uso do galego.
- Converxencia (ás veces inconsciente) diante dos castelanfalantes.
- Aceptación de medidas normalizadoras.

Ideoloxía 3.- Galego lingua A

Definición: pretende que o galego sexa a primeira lingua en Galicia.

Perfil:
- Galegofalantes.
- Falantes de galego como lingua preferente.
- Formación en galego, aínda que sexa mínima.

Representacións do galego:
- Lingua propia de Galicia que se atopa minorizada.
- Sinal de identidade, polo tanto prima sobre o castelán como lingua de comunicación dentro da comunidade.
- Lingua perfectamente válida para o desenvolvemento comercial.

Actitudes cara ó galego:
- Lealdade.

Comportamentos:
- Monolingües en galego na oralidade e na escrita en Galicia. (Os traballadores poden verse obrigados a abandonaren o monolingüismo por comportamentos diglósicos impostos).
- Solicitude de medidas normalizadoras e protestas cara un goberno que non as desenvolve.

Dado que, case seiscentas páxinas atrás, se propugnaba unha sociolingüística da acción e intervencionista, non se debería rematar este traballo sen enunciar algunha proposta de cara a avanzar na normalización do galego neste ámbito. De feito, todo o visto arriba configura un panorama de dúas linguas en conflito, que evidencia a necesidade dunha intervención para guiar de xeito organizado tódolos esforzos destinados á consecución dun uso normal do galego nas empresas de Galicia. Tales esforzos deberían estar encadrados nunha planificación xeral para a normalización lingüística, que tería que actuar no conxunto dunha sociedade á que pertencen tanto empresarios como traballadores, sendo estes os principais usuarios da lingua nas empresas, e aqueles os que poden toma-las decisións. Tal planificación, demandada durante anos, atopouse cun goberno que insistía na ausencia de conflito e nunha estratexia baseada no bilingüismo harmónico, o que levaba implícito a ausencia de medidas de presión.

No momento de redacta-las conclusións deste traballo vén de aprobarse finalmente o *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega,* documento que presenta o diagnóstico dos puntos fortes e débiles no sector, propoñendo a continuación unha serie de medidas concretas a realizar nas diferentes áreas. Non é este o lugar de analizar ou comenta-las medidas alí propostas. Á marxe delas, e partindo sempre da análise desta investigación, vou expoñe-la miña tese que, e volvo insistir, se encadra dentro dunha sociolingüística intervencionista, o que a converte nun esbozo de propostas que buscan modifica-la situación do galego. Afástome así dun, quizais "esperable", resumo descritivo da situación existente, que xa se foi presentando ó longo das diferentes conclusións parciais.

Antes de nada, teño que aclarar que vou deixar a un lado as actuacións e medidas que considerei necesarias para a mellora da xestión da administración con respecto ás empresas, xa expostas no remate da primeira parte da tese. Simplemente quero recalca-la miña idea de que a planificación sobre a administración debería ser conxunta coa do resto dos campos e, loxicamente, co económico. As accións que desde a administración se deberían aplicar terían que entrar nun programa de galeguización integral da comunidade onde habería que incluí-lo sector empresarial, sempre atendendo ás características particulares que posúe. No entanto, neste momento, e tal como está a situación, cumpriría poñer a andar medidas a curto prazo, pero ben definidas e perfiladas.

En primeiro lugar, non se debe esquecer que o conflito lingüístico que se vive en Galicia ten trazos comúns cos das linguas minorizadas de todo o mundo e máis aínda coas outras da península, pero ten outros, derivados da propia sociedade na que se producen, que o singularizan de forma moi especial. As empresas, galegas ou foráneas instaladas en Galicia, teñen unhas características particulares, porque están dirixidas e movidas por persoas que viven, maioritariamente, nesta sociedade, e os seus produtos –ou servizos– diríxense basicamente a consumidores galegos, coa súa idiosincrasia particular, feito que sempre se debe ter moi en conta.

Por outra banda, o mundo empresarial é amplo, diverso e complexo. Con todo, para acada-la súa normalización débense primeiro ter ben definidos os obxectivos que se pretenden. Desta obviedade vai depender calquera plan normalizador. Polo tanto, se un obxectivo é que o galego sexa lingua habitual nas empresas e que non diferencie status, a súa programación ten que incluír medidas máis amplas que abarquen o conxunto da sociedade, posto que esta circunstancia é algo que non depende só da idiosincrasia da empresa.

Deixando agora de lado a medida normalizadora baseada na presión social, é dicir, os consumidores, que deberían quedar englobados dentro da citada planificación xeral, penso que a única maneira de cambiar realmente a situación sería programando medidas para muda-las representacións do empresariado, atendendo ó grupo ideolóxico, dos descritos arriba, no que se encontren. Baséome para afirmar isto nos resultados da análise feita, onde realmente non se percibiu que o maior uso do galego dependese, de forma destacable, nin do tamaño da empresa, nin da orixe dos propietarios, nin dos sectores de actividade. A inercia de funcionar en castelán, a falta de formación, o custo que supoñía o cambio... en definitiva, a escasa rendibilidade que se lle vía ó galego, aprecíouse tanto nas firmas pequenas coma nas grandes, nas galegas con ou sen filiais fóra da comunidade, e nas de fóra implantadas aquí. Que conste que foron algunhas destas de maior tamaño as que duplicaron materiais e comunicación coa clientela (quizais buscando unha maior integración no mercado), feito que aínda non semella estar estereotipado, pero que non se interpreta como froito dunha motivación normalizadora. Ou se cadra si, pero son usos que o resto do tecido empresarial considera anecdóticos, e ós que no fondo non lles prestan demasiada atención, polo tanto non os imitan.

Partindo desta situación, se as medidas non están pensadas desde unha perspectiva dinamizadora integral, penso que non van ser de todo efectivas, polas razóns seguintes:

(1) O clima social non é o suficientemente favorable, co cal as empresas non se fan eco de actividades soltas, que poden ser moi loables, pero nesta situación, pouco efectivas. Daquela, establecer premios ó labor normalizador, ou organizar cursos de formación en galego para traballadores –por poñer un par de exemplos– non van ter ningunha repercusión en empresas cuxos directivos estean clasificados dentro do primeiro grupo ideolóxico. Serían necesarios e ben acollidos polo terceiro grupo, que é moi minoritario, e no segundo só serían efectivos dentro dun programa que desenvolvese unhas actividades previas que incitasen primeiro ó uso.

(2) O incentivo económico de actividades puntuais, tal e como se fixo ata o momento, só leva á galeguización aparente, pero non vai derivar en que se "traballe en galego" e en que a sociedade perciba que nas empresas galegas se use o idioma da comunidade. Este feito contribuiría a unha normalización efectiva sempre que se necesitase realmente esta lingua para o ámbito laboral. Pero esta necesidade, nas circunstancias actuais, non se vai producir por si soa.

(3) Dado que o incentivo económico non pode funcionar como medida dinamizadora por si mesma, sobre todo se as empresas non están interesadas nel, requírese un labor de sensibilización importante que debe ir parello. Daquela só serán efectivas campañas publicitarias destinadas a mover conciencias que actúen cun programa de intervención que poida ser efectivo. Non se debe esquecer que empresas grandes coma as que no seu momento formaron a FGE, algunhas das cales mesmo exportaban produtos fóra das nosas fronteiras (*Zéneca Farma, Adegas das Airas*...) introduciron, en maior ou menor medida, o galego nas súas actividades a partir da intervención dunha organización non gobernamental. A falta dunha rede dinamizadora ben organizada que impulse a firmas que non opoñen resistencia ó uso do galego leva ó estancamento da actividade galeguizadora das mesmas.

(4) A posta en marcha dun proceso de normalización ten que estar apoiado nun programa de dinamización lingüística que programe campañas de sensibilización, pero estas non serán efectivas se non existe un compromiso real da administración en todo o proceso. O representante da patronal galega entrevistado no marco desta investigación insistiu na

necesidade de "sensibilización" dos empresarios, pero tamén na necesidade de "compromiso serio de la administración en colaboración con los agentes sociales". Parece difícil que unha parte importante do empresariado, neste momento, atenda as "recomendacións" derivadas dunha administración que, pese a que –en certa medida– axudou a que mellorase a imaxe da lingua, non se percibe realmente como axente normalizador.

Xa para rematar, quero facer mención á insistencia dos últimos anos sobre a idoneidade de cambia-lo discurso cara ó empresariado, deixando de lado calquera intento de convencelo con argumentos que liguen a lingua coa identidade e pasando a empregar outros que teñan como base a emerxencia do galego e as súas moitas posibilidades no mundo comercial. No entanto, este discurso non calla simplemente coa elaboración de estudos, informes, mesmo campañas publicitarias sobre as posibilidades de aumenta-las vendas co galego, se non van apoiadas en algo máis. Ese "algo" podería ser "presión social", pero a realidade é que o galego non ten *demanda*, palabra clave no vocabulario empresarial. E dificilmente esta se pode producir se non hai unha normalización de toda unha sociedade que segue inmersa no autoodio e que non asocia lingua e comunidade.

Desde o meu punto de vista, se se quere cambia-lo rumbo do galego e afrontar en serio a súa normalización, cumpriría muda-las representacións negativas que sobre esta lingua existen no conxunto da sociedade, pois xa se viu que son poucas as específicas do contorno da empresa, entidade movida por membros que viven nunha sociedade cun imaxinario particular. Para que poida mudar realmente a situación da lingua na empresa, e aínda que poida parecer utópico, cumpriría que fosen diminuíndo os empresarios da ideoloxía 1 (castelán lingua A) e se incrementasen os da 3 (galego lingua A). E desta premisa tería que partir calquera planificación. Con isto quero dicir que as actuacións dinamizadoras na empresa deberíanse programar en función da ideoloxía dos destinatarios, deseñando medidas diferentes segundo as distintas representacións que se teñan da lingua. Así, as campañas de concienciación ou de sensibilización non terían sentido entre os que están debaixo da ideoloxía denominada *Galego lingua A*, no entanto deberíanse orientar cara ós que se agrupan baixo a epígrafe *Bilingüismo pseudoharmónico*, que non se opoñen tallantemente á normalización do galego, e sobre todo cara ós da ideoloxía *Castelán lingua A*. Para estes últimos é necesario un cambio previo nas súas representacións negativas cara á lingua antes de pretender aplicar medidas normalizadoras puntuais, que , de non

producirse tal cambio están destinadas ó fracaso. É bastante difícil que, nas empresas gobernadas polas ideoloxías 2, e sobre todo 3, teñan efecto a curto prazo incentivos desartellados do tipo premios ou cursos de formación. Semella moi difícil que estas medidas exerzan a suficiente motivación este empresariado, que coido que non cambiará a súa lingua de traballo para presentarse a ningún premio, nin acudirá ós cursos de galego, nin facilitará que vaian os seus empregados. Mesmo outras actividades propostas no Plan Xeral, moi necesarias, coma a realización de cursos de formación nas TIC en galego, van ser mal acollidas se non se consegue antes que os destinatarios valoren a súa necesidade e non as rexeiten polo feito de que estean en galego. E non só iso, senón que ademais tales actuacións deberían entrar nun programa que tivese actividades paralelas destinadas a lograr un funcionamento en galego das entidades, como serían por exemplo a tradución de programas informáticos da empresa ou das páxinas web das firmas interesadas.

Tal programación integral só se pode desenvolver desde unha administración que teña como principio da súa política lingüística que o galego sexa lingua A (ideoloxía 3). Se desde a administración non se parte desta ideoloxía lingüística, vai ser difícil que se encargue de desenvolver un programa de sensibilización para a aceptación de medidas necesarias que, doutro xeito sempre se van interpretar como *imposición* por aqueles que adopten a perspectiva da ideoloxía 1, e mesmo da 2. Neste momento, a oposición cara a un plan normalizador que contemple sancións é tan perceptible, que ningún goberno que busque popularidade neste sector sería quen de implantalo como primeira medida.

O meu traballo remata aquí, na exposición dunha tese que non quere ser demagóxica, pero sendo consciente de que propón un programa de difícil realización, dificultade que comezaría na detección exacta de tódalas representacións sobre a lingua e na conseguinte clasificación dos individuos dentro de cada ideoloxía. Isto xa require outra investigación.

BIBLIOGRAFÍA

Abad de Servín, A. e Servín Andrade, L. (1978): *Introducción al muestreo*. Limusa, México D. F.

Abreu Sernández, L. F. (1983): *La formación de capital en la Ría de Vigo (1888-1940). El sector naval y la industria conservera*. Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Abreu Sernández, L. F. (1991): "Inicios do proceso de industrialización en Vigo". *Análise empresarial*, 12: 39-42.

Abric, J. C. (1985): "La creatividad de los grupos", en Moscovici, S. (1985): 237-260.

Abric, J. C. (1994): "Les repréntations sociales: aspects théoriques", en Abric, J. C. (dir.) (1994): *Pratiques sociales et représentations*. PUF, París.

AFNL (1994): vid. Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (ed.) (1994).

Agheyisi, R. e Fishman, J. (1970): "Language attitude studies". *Anthopological Linguistics*, 12: 137-157.

Ajzen, I. (1988): *Attitudes, personality and behavior*. Dorsey, Chicago.

Ajzen, I. (1989): "Attitude structure and behavior", en VV. AA.: *Attitude structure and function*. Lawrence Erlbaum, New Jersey.

Ajzen, I. e Fishbein, M. (1980): *Understanding attitudes and predicting social behavior*. Englewoord Cliffs; Prentice-Hall, New Jersey.

Albarello, L. (1997): "Recolha e tratamentos quantitativos dos dados de inquéritos", en Albarello e outros (1997): 48-83.

Albarello, L. e outros (1997): *Prácticas e métodos de investigação em ciências sociais.* Gradiva, Lisboa.

Aldrey Vázquez, X. A. (1999): *Análise da poboación na área suburbana de Santiago de Compostela*. Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela.

Alén Garabato, M. C. (1999): "Un país, una lengua, unos hablantes: representaciones del catalán en los estudiantes de la Universidad de Santiago de Compostela", en Couceiro, J. L. e outros (coords.) (1999): *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela: 3-16.

Alén Garabato, M. C. (2001): "A textualización dos "funcionamentos diglósicos" nas cancións do "Rock bravú" e no discurso que acompaña este movemento". *Verba*, 28: 305-333.

Alén Garabato, M. C. (2002): "A reivindicación da identidade cultural e lingüística occitana a través da creación musical: (1965-2000)", en Lorenzo, R. e outros (dirs.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela: 493-508.

Alén Garabato, M. C. (2003a): "A 'lingua da liberdade' e os *patois*. Utilización do occitano na propaganda política durante a revolución francesa", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 880-896.

Alén Garabato, M. C. (coord.) (2003b): *O occitano, lingua europea. L'occitan, lenga europèa*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.

Alén Garabato, M. C. e Boyer, H. (2000): "Percepción de la lengua occitana (y de los occitanos) entre los estudiantes universitarios gallegos", en Englebert, A. e outros: *Actes du XXII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Bruxelas, 23-29 de xullo de 1998). Max Niemeyer, Tübingen: 15-24.

Alonso Álvarez, L. (1999): "Economía e ideoloxía na Galicia ilustrada: as lecturas dos empresarios coruñeses (1700-1820)", en Vences Fernández, S. (ed.): *Liber:*

Homenaje al librero Enrique Molist. Universidade da Coruña: Servicio de Publicacións, [A Coruña]: 101-110.

Alonso Álvarez, L. (2000a): "El poder empresarial en Galicia en perspectiva histórica", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 10-48.

Alonso Álvarez, L. (2000b): "Inditex-Zara. Vistiendo a tres continentes", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 200-207.

Alonso Escontrela, M. L. (1992): "Modificación de actitudes lingüísticas diglósicas: proposta dun programa de intervención educativa". *Cadernos de Lingua,* 6: 109-124.

Alonso Fernández, B. e outros (eds.) (1997): *Ensaio histórico e económico: antoloxía*. Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Vigo.

Alonso Montero, X. (1966): "Ensayo de bilingüística. Galego e castelán frente a frente". *Grial,* 13: 314-333.

Alonso Montero, X. (1969): *O que cómpre saber da lingua galega.* Alborada, Buenos Aires. Reed. "O galego unha conflictividade", en Constenla Bergueiro, G. (ed.) (1997): *Ensaio sociolingüístico: antoloxía.* Asociación Socio-Pedagóxica Galega, Vigo: 119-130.

Alonso Montero, X. (1973): *Informe -dramático- sobre la lengua gallega*. Akal, Madrid.

Alonso Montero, X. (1990): "Do estado da lingua: algunhas cuestións". *Grial,* 107: 277-293.

Alonso, L. E. (1996): "El grupo de discusión en su práctica, memoria social, intertextualidad y acción comunicativa". *Revista Internacional de Sociología,* 13: 5-36.

Alonso, L. E. (1998): *La mirada cualitativa en sociología. Una aproximación interpretativa*. Fundamentos, Madrid.

Alonso, L. E. (1999): "Sujeto y discurso: El lugar de la entrevista abierta en las prácticas de la sociología cualitativa", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1999): 225-238.

Alonso, L. E. (2002): "Los mercados lingüísticos o el muy particular análisis sociológico de los discursos de Pierre Bourdieu". *Estudios de Sociolingüística,* vol. 3 (1): 111-131.

Álvarez Cáccamo, C. (1983): "Cara unha caracterización da diglósia galega: História e presente dunha dominación lingüística". *Grial,* 79: 23-42.

Álvarez Cáccamo, C. (1997): "Construíndo a lingua no discurso público, prácticas e ideologias lingüísticas". *Agália,* 50: 131-150.

Álvarez Cáccamo, C. (2003): "Contra a normalización: reconhecimento cultural e redistribução económica sob a dominação lingüística". *Agália,* 73-74: 9-24.

Álvarez Docampo, X. C. e outros (1999): "Proposta da CTNL sobre a comarcalización de servicios lingüísticos", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.): 241-257.

Álvarez González, E. e outros (eds.) (1995): *Actas do I Simposio Internacional de Línguas Europeas e Lexislación. Acts of First Symposium of European Languages and Legislations* (Santiago de Compostela, 16-18 de outubro, 1992). Bureau Européen pour les Langues Moins Répandues*;* Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, A Coruña.

Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.) (1999): *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe a Alonso Montero* (2 vol.). Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.

Álvaro, J. L. e outros (coords.) (1996): *Psicología social aplicada*. McGraw-Hill, Madrid.

Alvira, F. (1994): "Introducción al análisis de datos", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 403-436.

Aneiros García, N. e Neira Cortés, J. A. (coords.) (1997): *Agenda gallega del autoempleo: cómo crear una empresa*. Confederación de Empresarios de Galicia, Santiago de Compostela.

Anguela, C. (1999): "Organización, funcionamento e papel do *Consorci per a la normalització* (CPNL) no espallamento e coordinación dos servicios lingüísticos en Cataluña. O CPNL, un modelo de organización para a intervención lingüística", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 189-199.

Apezechea, H. (1992): "La codificación" en Padua, J. (1992): 122-155.

Aracil, L. V. (1982): *Papers de Sociolingüística*. La Magrana, Barcelona.

Aracil, L. V. e outros (1980): *Problemática das línguas sen normalizar. Situación do galego e alternativas*. Xistral, Santiago.

Arce, C. e Real, E. (2001): *Introducción al análisis estadístico con SPSS para Windows*. PPU, Barcelona.

Argente Giralt, J. A. e Lorenzo Suárez, A. M. (1991): "A relevancia social da alternancia lingüística". *Cadernos de Lingua,* 3: 91-109.

Argente Giralt, J. A. e Lorenzo Suárez, A. M. (1993): "Reorganización formal y función social en una lengua minoritaria: un ejemplo del contacto gallego-castellano". *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 41: 177-199.

Arza Arza, N. e Veiga Martínez, D. (1991): "Os programas de inmersión e a normalización lingüística no contexto galego". *Cadernos de Lingua,* 2: 105-111. Reprod. en Marco López, A. e Rodríguez López-Vázquez, A. (1991) (eds.): *I Simposio Internacional da Didáctica da Lingua e da Literatura* (A Coruña, 1989): 345-350.

Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (ed.) (1994): *A empresa en galego*. Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, [Santiago de Compostela].

Ayestarán Aranaz, M. e Cueva Alonso, J. de la (1974): *Las familias de la provincia de Pontevedra en 1974 (Galleguidad y conflicto lingüístico gallego).* Instituto de Ciencias de la Familia, Sevilla.

Azofra, M. J. (1999): *Cuestionarios*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos metodológicos, 20.

Babbie, E. (1996): *Manual para la práctica de la investigación social*. Desclée de Brouwer, Bilbao.

Baker, C. (1992): *Attitudes and Language*. Multilingual Matters Ltd, Clevedon.

Ballbé i Mallol, A. (1999): "El etiquetaje en la Ley catalana de política lingüística" en Herrero de Miñón, M. e outros (1999): 511-545.

Barbéris, J. M. (1999): "Analyser les discours. Le cas de l'interview sociolinguistique", en Calvet, J. L. e Dumont, P. (1999): 125-148.

Barreiro Fernández, X. R. (1988): "La burguesía compostelana: «la familia de Andrés García (1760-1815)»". *Sémata*, 1 «*La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*»: 269-295.

Barreiro Fernández, X. R. (1996): "La sociedad gallega contemporánea: tradición y modernidad", en Rodríguez Iglesias, F. (ed.): *Historia de Galicia* (vol. V). Hércules de Ediciones, A Coruña.

Barreiro Fernández, X. R. (2001a): "O atraso económico de Galicia. Un feito do pasado", en Novo, P. (coord.) (2001): 39-65.

Barreiro Fernández, X. R. (2001b): "A burguesía compostelá (1760-1808). Unha base de datos". *Sémata*, 12 «*Comerciantes y artesanos*»: 35-66.

Bascoy Maceiras, B. (1999): "Experiencia normalizadora na administración local: o concello de Ferrol", en Domínguez Salgado, A.B. e outros (eds.) (1999): 57-64.

Bastardas i Boada, A. (1996): *Ecologia de les llengües. Medi, contactes i dinàmica socilingüística*. Proa, Barcelona. Biblioteca universitària, 33.

Bastardas, A. e Boix, E. (dirs.) (1994): *¿Un estado, una lengua?: La organización política de la diversidad lingüística*. Octaedro, Barcelona.

Bauçà i Sastre, A. [en liña]: "Planificació lingüística i ideología política: una comparació entre Catalunya, el País Valencià i les Illes Balears". *Noves*, hiver-primavera 2001. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hm01hivern-primavera/catalana/bauca1_2.htm> [Consulta: setembro, 2002]

Beck, U. (1998): *¿Qué es la globalización?: falacias del globalismo, respuestas a la globalización*. Paidós, Barcelona.

Beiras, X. M. (1967): *El problema del desarrollo en la Galicia rural*. Galaxia, Vigo.

Beiras, X. M. (1975): "A emigración: o seu papel na dinámica da formación social galega", en García Sabell, D. e outros: *A Galicia rural na encrucillada*. Galaxia, Vigo: 39-72.

Beiras, X. M. (1997a): "O atraso económico da Galiza", en Alonso Fernández, B. e outros (eds.) (1997): 161-163.

Beiras, X. M. (1997b): *O atraso económico da Galiza*. 4ª ed. Laiovento, Santiago de Compostela.

Benaul, J. M., e outros (dirs.) (2003): *Atlas de la industrialización de España, 1750-2000*. Crítica; Fundación BBVA, Barcelona.

Beramendi, J. G. e Núñez Seixas, X. M. (1996): O Nacionalismo galego. 2ª ed. A Nosa Terra, Vigo.

Bericat, E. (1998): *La integración de los métodos cuantitativo y cualitativo en la investigación social*. Ariel, Barcelona.

Bernárdez, C. L. e outros (2001): *Literatura galega. Século XX*. A Nosa Terra, Vigo.

Bertrand, J.R. (1992): *A poboación en Galicia. Estudios xeográficos*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.

Blanco, M. (2000): "Azkar. Renacida para ser rápida", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 92-93.

Bochmann, K. (1983): "En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo". *Linguistische Arbeitsberichte*, 40: 2-15.

Boukous, A. (1999): "Le questionnaire", en Calvet, J. L. e Dumont, P. (1999): 15-24.

Bourdieu, P. (1982): *Ce que parler veut dire. L'économie des échanges linguistiques*. Fayard, [s. l.].

Bouzada Fernández, X. (1993): "A lingua galega no sector dos servicios ou as racionalidades, dilemas e paradoxos presentes en usos cotiáns da lingua galega". *Cadernos de Lingua*, 8: 5-18.

Bouzada Fernández, X. (1997): "A acción sociolingüística: da corrección lingüística á dinamización social", en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 19-36.

Bouzada Fernández, X. e Lorenzo Suárez, A. (1990): "A lingua galega nas actividades económicas e comerciais". *Grial*, 107: 317-333.

Bouzada Fernández, X. e Lorenzo Suárez, A. (1992): "Os comportamentos lingüísticos no mundo do traballo". *Análise Empresarial*, 14: 69-73.

Boyer, H. (1986): " 'Diglossie': un concept à l'épreuve du terrain". *Lengas*, 20: 21-54.

Boyer, H. (1990): "Materiaux pour une approche des represéntations sociolinguistiques". *Langue Française*, 85: 102-123.

Boyer, H. (1991): *Eléments de sociolinguistique. Langue, communication et société*. Dunod, Paris.

Boyer, H. (1997a): "Conflict d'usages, conflict d'images", en Boyer, H. (ed.) (1997b): 9-35.

Boyer, H. (ed.) (1997b): *Plurilinguisme: 'contact' ou 'conflit' de langues?*. L'Harmattan, Paris.

Boyer, H. (2002): “O proceso de normalización lingüística visto dende o exterior”, en Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): 187-199.

Boyer, H. (2003a): *De l’autre côté du discours. Recherches sur les représentations communautaires*. L’Harmattan, Paris.

Boyer, H. (2003b): “Le poids des représentations sociolinguistiques dans la dynamique d’un conflit diglossique. Les exemples catalan et galicien dans l’Espagne des Autonomies.”, en Bourdreau, A. e outros (2003): *Colloque International Sur l’Écologie des Langues*. L’Harmattan, Paris: 171-184.

Boyer, H. (2003c): “A diglosia. Diagnóstico e tratamento”, en Alén Garabato, M. C. (coord.) (2003b): 33-41.

Bugarín López, M. X. e outros (eds.) (2002): *Actas da VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias* (Santiago de Compostela, 22-24 de novembro de 2001). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): *Comunidades e individuos bilingües: Actas do I Simposio Internacional de Bilingüismo* (Vigo, 21-25 de outubro de 1997). Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, Vigo. [Edición en CD].

Caeiro, L. (2000): “Cortizo. Un grupo con muchos perfiles”, en Ojea, F. R. (coord.) (2000):168-169.

Cajide Val, J. (2002): “Problemática do ensino bilingüe e a súa avaliación”, en Bugarín López, M. X. e outros (eds.) (2002): 217-224.

Callejo Gallego, J. (1995): *La audiencia activa. El consumo televisivo: discursos y estrategias.* Centro de Investigaciones Sociológicas; Siglo XXI de España, Madrid.

Callejo Gallego, J. (2001): *El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación*. Ariel, Barcelona.

Callejo Gallego, J. (2002): "Grupo de discusión: la apertura incoherente". *Estudios de Sociolingüística*, vol. 3 (1): 91-109.

Calvet, J. L. (1974): *Linguistique et colonialisme. Petit traité de glottophagie*. Payot, Paris.

Calvet, J. L. (1991): *Poder, ideología e língua*. Agal, A Coruña.

Calvet, J. L. (1995): *A guerra das linguas e as políticas lingüísticas*. Laiovento, Santiago de Compostela.

Calvet, J. L. (1997): "As políticas lingüísticas, a liberdade dos falantes e o poder dos planificadores", en Shaff, A. e outros (1997): *Filosofía e lingua: a loita polas palabras*. Laiovento, Santiago de Compostela: 55-66.

Calvet, J. L. (1998): *A Sociolingüística*. 2ª ed. Laiovento, Santiago de Compostela.

Calvet, J. L. (2000a): "Langues et développement: agir sur les représentations?". *Estudios de Sociolingüística*, vol. 1 (1): 183-190.

Calvet, J. L. (2000b): "O porvir das linguas", en *O correo da Unesco*, maio 2000: 35-36.

Calvet, J. L. e Dumont, P. (1999): *L'enquête sociolinguistique*. L'Harmattan, Paris.

Camacho Rosales, J. (1998): *Estadística con SPSS para Windows*. Ra-ma, Madrid.

Canales, M. e Peinado, A. (1999): "Grupos de discusión", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1999): 287-316.

Carballeira Anllo, X. M. e outros (1990): "Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio". *Verba*, 107: 371-386.

Carmona Badía, X. (1984): "Los indianos y la cuestión industrial en la Galicia del XIX". *Indianos*, 2: 45-49.

Carmona Badía, X. (1990): *El atraso industrial de Galicia: auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Ariel, Barcelona.

Carmona Badía, X. (1994): *A etapa de Luis de la Riva e o apoxeo da producción civil de Sargadelos*. Do Castro, A Coruña.

Carmona Badía, X. (1998): "A gran empresa en Galiza, un primeiro achego aos cambios no grupo das maiores empresas non financeiras entre 1930 e 1973", en Juana, J. de e Castro, X. (eds.) (1998): *X Xornadas de Historia de Galicia*. Deputación Provincial de Ourense, Ourense.

Carmona Badía, X. (2001): "Galicia: minifundio persistente e industrialización limitada", en Germán, L. e outros (eds.) (2001): *Historia económica regional de España, siglos XIX y XX*. Crítica, Barcelona: 13-45.

Carmona Badía, X. e Fernández Vázquez, M. T. (2003): *A Compostela industrial : historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela.

Carreras A. e Tafunell, X. (2003): *Historia económica de la España contemporánea*. Crítica, Barcelona.

Carrillo, M. (1999): "La normativa lingüística y los medios de comunicación", en Herrero de Miñón, M. e outros (1999): 363-391.

Casals i Andreu, D. (1997): "O perfil dos técnicos de normalización lingüística", en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997): 47-69.

Castelao, A. D. R. (1986·): *Sempre en Galiza*. Galaxia, Vigo. 2ª ed.

CCNL [s. d.1]: vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.1].

CCNL [s. d.2]: vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.2].

CCNL [s. d.3]: vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.3].

CCNL [1993]: vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [1993].

CCNL (1995): vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1995).

CCNL (1998): vid. Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1998).

Cea d'Ancona, M. A. (1999): *Metodología cuantitativa. Estrategias y técnicas de investigación social*. Síntesis, Madrid.

Chacón Alvar, R. (1979): "Diglosia e historia". *Grial*, 66: 442-452.

Cidadanía (2002): vid. Cidadanía, Rede de aplicacións sociais (2002).

Cidadanía, Rede de aplicacións sociais (2002): *Estudio-Diagnóstico. Situación da lingua galega no concello de Santiago de Compostela*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Cidrás Escáneo, F. A. (1994): "Modelos de lingua e variación sintáctica". *Cadernos de Lingua*, 10: 103-118.

Coller, X. (2000): *Estudio de casos*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos Metodológicos, 30.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.1]: *Informes 1*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.2]: *Informes 2*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [s. d.3]: *Informes 3*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [1993]: *Unha lingua milenaria tras 10 anos de normalización*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1995): *Informes 4*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1998): *Unha lingua milenaria tras 15 anos de normalización*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Consello da Cultura Galega (ed.) (1990): *Sobre a situación da lingua*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística* (Santiago de compostela, 9 e 10 de novembro de 2000). Consello da Cultura Galega: Centro de documentación sociolingüística de Galicia; Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística, Santiago de Compostela.

Consello Galego de Relacións Laborais (2000): *Informe sobre a situación sociolaboral da Comunidade Autónoma Galega* (1999). Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Cores Trasmonte, B. (1985): "O réxime xurídico-político do bilingüismo en Galicia (1977-1982)". *Revista de Administración Galega*, 2: 25-46.

Cores Trasmonte, B. (1995): "O sistema político e a coabitación lingüística na Galiza", en Álvarez González, E. e outros (eds.) (1995): 223-288.

Costas Abreu, X. (1986): "O galego, oficial ma non troppo". *Revista Galega de Educación*, 3: 27-28.

Costas Abreu, X. M. (1999): "Os servicios lingüísticos e a súa coordinación: a figura do consorcio", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 203-239.

Cruz, J. (2000): *Los notables de Madrid. Las bases sociales de la revolución liberal española*. Alianza, Madrid.

Davila, A. (1999): "Las perspectivas metodológicas cualitativa y cuantitativa en las ciencias sociales: debate teórico e implicaciones praxeológicas", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1999): 69-83.

Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (coords.) (1999): *Métodos y técnicas cualitativas de investigación en ciencias sociales*. Síntesis, Madrid.

Departament de Cultura (ed.) (1997): *Els usos lingüístics en la retolació a Barcelona l'any 1997*. Generalitat de Catalunya: Secretaria de Política Lingüística, Barcelona.

Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela (2001): *Anuario estatístico de Santiago de Compostela 2001*. Concello de Santiago, Santiago de Compostela.

Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela (2002): *Anuario estatístico de Santiago de Compostela 2002*. Concello de Santiago, Santiago de Compostela.

Díaz Villoslada, J. M. (2000): "O galego como lingua oficial da administración local de Galicia", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 223-230.

Dobao, X. A. L. (1999): "O status do técnico en normalización" en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 35- 46.

Doise, W. (1985): "Las relaciones entre grupos", en Moscovici, S. (1985): 307-332.

Doise, W. e Moscovici, S. (1985): "Las decisiones en grupo", en Moscovici, S. (1985): 261-278.

Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): *Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística* (Santiago de Compostela, 28-30 de outubro de 1998). Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): *Actas dos III Encontros para a Normalización Lingüística* (Santiago de Compostela, 28 e 29 de outubro de 1999). Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Domínguez Seco, L. e Herrero Baleiro, M. J. (2003): "Pureza e (des)lealdade na ideologização das condutas de fala na Galiza", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 42-53.

Dosil López, B. (2000): "As políticas lingüísticas na administración local. As liñas de traballo da administración autonómica", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 209-221.

DSE (2000): vid. Fernández Sanchidrián, J. C. e Hernández Sánchez, A. (coords.) (2000).

DUE (1983): vid. Moliner, M. (1983).

Eiras Roel, A. (1981): "La burguesía mercantil compostelana a mediados del siglo XVIII. Mentalidad tradicional e inmovilismo económico", en Eiras Roel, A. e outros (1981): *La historia social de Galicia en sus fuentes de Protocolos.* Universidade de Santiago de Compostela: Secretariado de Publicaciones, Santiago de Compostela: 521-564.

Eiras Roel, A. (1984): "Las élites urbanas de una ciudad tradicional: Santiago de Compostela a mediados del siglo XVIII", en *Actas del II Coloquio de Metodología Histórica Aplicada. La Documentación Notarial y la Historia* (I). Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, [Santiago de Compostela]: 117-139.

Eiras Roel, A. (1988): "Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787". *Sémata*, 1 «*La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*»: 155-177.

Eiras Roel, A. (1996): *La población de Galicia 1700-1860*. Fundación Caixa-Galicia, Santiago de Compostela.

Equipo da Dirección Xeral de Política Lingüística (1986): "Organización dun sistema bilingüe en Galicia", en Siguán, M. (coord.) (1986): *Las lenguas minoritarias y la educación: X seminario sobre 'educación y lenguas'* (Sitges, 1985). ICE; PPU, Barcelona: 131-170.

Escauriaza, M. (2000): "Froiz. Solo y en expansión", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 182-183.

Escudero, E. (2000): "Finsa. De aserradero a «holding»", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 180-181.

Espiño Amil, M. (1995): "A situación legal do idioma galego na actualidade", en Álvarez González, E. e outros (eds.) (1995): 181-190.

Estatístico (2001): vid. Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela (2001).

Estatístico (2002): vid. Departamento de Estatística do Concello de Santiago de Compostela (2002).

Esteban Radío, S. (1989): "Estudo sociolingüístico sobre a normativización e normalización do galego", en Aracil, L. V. e outros (1989): 131-161.

Fabà, A. e outros [en liña]: "Identitat i usos lingüístics a Catalunya". *Noves*, hivern 2001. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hemeroteca/hivern01.htm> [Consulta: maio, 2002].

Facal, M. J. [en liña] : "Manuel Pérez Sáenz 1848-1880: lectura de la contabilidad de un armador, comerciante mayorista y banquero de Santiago de Compostela", en *IV Encuentro de Trabajo de Historia de la Contabilidad.* (Carmona: Sevilla, 2-4 de decembro de 2003. <webs.uvigo.es/cfacal/Facal-MPS.doc> [Consulta: decembro, 2004].

Farr, R. (1988): "Las representaciones sociales", en Moscovici, S. (1988): 495-506.

Fente, J. (2000): "Avaliación do servicio lingüístico comarcal de Bergantiños", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000):109-116.

Fernández Batanero, J. M. e Barroso Osuna, J. (2000): *Evaluación de materiales curriculares en soporte impreso mediante grupos de discusión*. Innovación Educativa, 10: 265-275.

Fernández Casanova, C. (1998a): "Cambio económico, adaptacións e resistencias nos séculos XIX (desde 1870) e XX", en Fernández Casanova, C. (coord.) (1998c): 139-206.

Fernández Casanova, C. (1998b): "Xeitos contra traíñas: un preito social dos pescadores das rías baixas galegas no 1900". *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, 4: 33-68.

Fernández Casanova, C. (coord.) (1998c): *Historia da pesca en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Biblioteca de Divulgación, Santiago de Compostela.

Fernández Casanova, C. (1999): "Los pósitos de pescadores: la vida del pósito de Moaña a través de las memorias de Costa Alonso, (1921-1939)". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, vol. XLVI (111): 149-192.

Fernández Casanova, C. (2001): "Instituciones fiscales y comerciantes en Galicia (1824-1834). El ejemplo de Santiago". *Sémata*, 12 «*Comerciantes y artesanos*»: 35-66.

Fernández Ferreiro, M. (1998): *Cognición, contexto e poder: unha proposta sociolingüística e pragmática para o estudio da interacción comunicativa*. Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Iglesias, P. e Rial Hermelo, R. (2003): "Redes de relación social, usos lingüísticos e identidades nun núcleo rural galego", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 54-68.

Fernández Leiceaga, X. e López Iglesias, E. (2000): *Estructura económica de Galiza*. Laiovento, Santiago de Compostela.

Fernández Pérez, M. (1993): "Sociolingüística y Lingüística". *Lingüística Española Actual*, vol. 15 (2): 49-248.

Fernández Prieto, L. (2000): *Terra e progreso: historia agraria da Galicia Contemporánea*. Xerais, Vigo.

Fernández Ramallo, F. (1996): vid. Ramallo, F. (1996).

Fernández Rei, F. (1990): "Nacionalismo e dignificación da lingua no período 1972-1980". *A Trabe de Ouro*, 1: 43-71.

Fernández Rodríguez, M. A. (1984): *Conocimiento, uso y actitudes lingüísticas de los alumnos de EGB del municipio de Santiago*. Tese de Doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Rodríguez, M. A. (1978): "Bilingüismo y diglosia". *Verba*, 5: 377-391.

Fernández Rodríguez, M. A. (1983a): "Mantenimiento y cambio de lengua en Galicia". *Verba*, 10: 79-109.

Fernández Rodríguez, M. A. (1983b): *Conocimiento, uso y actitudes lingüísticos de los alumnos de E.G.B. del municipio de Santiago.* Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Fernández Rodríguez, M. A. (1991a): "Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego". *Grial*, 110: 239-262.

Fernández Rodríguez, M. A. (1991b): "La lengua materna de la población compostelana". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 39: 345-365.

Fernández Rodríguez, M. A. (1993): "La lengua materna en los espacios urbanos gallegos". *Plurilinguismes*, 6 «*Sociolinguistique Galicienne*»: 27-53.

Fernández Rodríguez, M. A. (2000): "Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidad múltiple en la modernidad reflexiva". *Estudios de Sociolingüística*, 1 (1): 47-58.

Fernández Rodríguez, M. A. e Rodríguez Neira, M. (1988): "A relación entre competencia e uso". *Cadernos de Lingua*, 17: 25-45.

Fernández Salgado, B. (1994): "Sobre a semántica da estandarización". *A Trabe de Ouro*, 19: 79-88.

Fernández Sanchidrián, J. C. e Hernández Sánchez, A. (coords.) (2000): *Diccionario de sociología de la empresa y de las relaciones laborales*. Lex Nova, Valladolid.

Fernández, C. (2000): "Grupo Voz. De periódico a grupo de comunicación", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 188-195.

Ferreira Priegue, E. M. (1987): "Las marcas personales del ámbito mercantil gallego-portugués y su contexto europeo a fines de la Edad Media", en *Jubilatio: Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*. Universidade de Santiago de

Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela. Vol. 1: 129-147.

Ferreira Priegue, E. M. (1998): "O desenvolvemento da actividade pesqueira dende a alta Idade Media ó século XVII", en Fernández Casanova, C. (coord.) (1998c): 51-86.

Fishbein, M. e Ajzen, I. (1975): *Belief, attitude, intention and behavior. An introduction to theory and research*. Addison-Wesley Publishing Company, Massachusetts: 521-562.

Fishman, J. (1979): *Sociología del lenguaje*. Cátedra, Madrid.

Formoso Gosende, V. (2000): "Memoria do servicio de normalización lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 67-102.

Formoso Gosende, V. (2001): *Lingua galega e empresa. Usos, actitudes e normalización da terminoloxía específica*. Traballo de investigación tutelado (inédito), Universidade de Santiago de Compostela.

Formoso Gosende, V. (2004a): "Linguaxe e empresa en Galicia. Aproximación a usos e actitudes". *Cadernos de Lingua*, 25: 27-61.

Formoso Gosende, V. (2004b): *Representacións sociolingüísticas do alumnado de secundaria de Rianxo*. Memoria de proxecto (inédita). Xunta de Galicia: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Fox, D. J. (1987): *El proceso de investigación en educación*. Universidad de Navarra, Pamplona.

Freire Esparís, M. P. (2000): "Feiraco. La empresa de los ganaderos", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 176-177.

Gaitán Moya, J. A. e Piñuel Raigada, J. L. (1998): *Técnicas de investigación en comunicación social. Elaboración y registro de datos*. Síntesis, Madrid.

Galanes Santos, I. (2002a): "O galego como lingua de especialidade (I)", en Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): 221-237.

Galanes Santos, I. (2002b): "A terminoloxía en Galicia" en Monteagudo Romero, H. e Bouzada Fernández, X. (coord.) (2002c): 229-279.

García Añón, M. (2001): "Evaluación de la relación turismo-comercio: estudio de caso, Santiago de Compostela", en Álvarez Sousa, A. (coord.) (2001): *Desenvolvemento e planificación municipal do turismo*: *Actas do I Congreso Galego de Desenvolvemento e Planificación Municipal do Turismo*, (A Coruña, 16-18 de abril de 1999). Deputación Provincial da Coruña, A Coruña: 229-244.

García Añón, M. e González Castro, R. (2002): "Evaluación holística del comercio en Santiago de Compostela", en López Iglesias, E. e Ares Fernández, J. J. (eds.) (2002): *Novos escenarios para a economía galega*: *Actas do II Congreso de Economía de Galicia* (Santiago de Compostela, 21-23 de novembro de 2001)**.** Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela: 573-594.

García Conde, S. (1999): "Propostas básicas para o funcionamento e *status* legal dos SNL/SL", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 19-34.

García Conde, S. (2002): "O proceso de normalización lingüística desde unha administración municipal: a experiencia do Concello de Santiago", en Monteagudo Romero, H. e outros (2002): 47-81.

García Conde, S. e Vaquero Quintela, I. (1996): "Os servicios de normalización lingüística: proposta básica de funcionamento". *Cadernos de Lingua*, 14: 101-116.

García Fernández, M. C. (1990): *Actitudes lingüísticas na franxa occidental de Asturias: unha aplicación do diferencial semántico.* Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

García Ferrando, M. (1991): "La encuesta a debate. Límites y posibilidades", en Latiesa, M. (1991): 41-52.

García Ferrando, M. (1992): *Socioestadística. Introducción a la estadística en sociología*. Alianza, Madrid.

García Ferrando, M. (1994a): "Nacionalismos incluyentes y excluyentes: la identidad nacional dual en España", en Sanmartín, R. (coord.): *Antropología sin fronteras. Ensayos en honor de Carmelo Lisón*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid: 345-358.

García Ferrando, M. (1994b): "La encuesta", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 147-176.

García Ferrando, M. e outros (1994a): *La conciencia nacional y regional en la España de las autonomías*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): *El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación*. 2ª ed. Alianza, Madrid.

García Ferrando, M. e Sanmartín, R. (1996): "La observación científica y la obtención de datos sociológicos", en García Ferrando, M. e outros (1996b): 115-146.

García Negro, M. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*. Do Cumio, Vilaboa (Pontevedra).

García Negro, M. P. (1993): *Sempre en galego*. Laiovento, Santiago de Compostela.

García Ramos, D. (1992): "A situación legal do galego", en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega* (Santiago de Compostela, 1990). Dirección Xeral de Cultura, [Santiago de Compostela]: 351-360.

García Ramos, D. (1995): "Feiraco, un compromiso coa galeguidade", en Liñares Giraut, X. A. (ed.) (1995): *Feiraco e o Val da Barcala: un camiño de progreso*. Feiraco, Negreira (A Coruña): 219-220.

García Represas, D. (2003): "Planificación lingüística do galego. Algunhas reflexións", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 1051-1057.

García San Miguel, L. (1980): *Las clases sociales en la España actual*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

García Turnes, B. (2003): "O papel da lingua na construcción da identidade galega durante a época rexionalista", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 69-79.

García, Y. (2000): "Sargadelos. Tras la huella de Ibáñez", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 244-249.

García-Lombardero, J. (1971): "La formación de un mercado regional: Galicia 1860-1890". *Moneda y Crédito*, 119: 67-88.

García-Lombardero, J. (1985): "La economía de Galicia, 1800-1940", en *I Xornadas de Historia de Galicia*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, Ourense: 185-218.

Garrido, G. A. (1997): "Xestión de recusos humanos e económicos na normalización lingüística", en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 87-99.

Giddens, A. (2002): *Socioloxía*. Alianza, Madrid. 4ª ed.

Goffman, E. (1968): *Estigma, la identidad deteriorada*. Amorrortu, Buenos Aires.

González González, M. (1988): "La Recuperación del gallego", en Brea, M. e outros (1988): *Las lenguas románicas españolas tras la Constitución de 1978.* [s. n.], Granada: 101-119.

González González, M. (1992): "Proxección internacional da lingua galega", en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega* (Santiago de Compostela, 1990). Dirección Xeral de Cultura, [Santiago de Compostela]: 391-396.

González González, M. (1994a): "Galegisch soziolinguistik" , en Holtus, G. e outros (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. Max Niemeyer, Tübingen. Vol. VI (2): 46 -66.

González González, M. (1994b): "A lingua galega: situación actual e perspectivas", en Sánchez Puga, X. (1994): *Xornadas de Formación en Lingua Galega para os*

Equipos de Normalización Lingüística dos Centros Educativos. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela: 17-49.

González González, M. (1994c): "Situación legal do galego no seu ámbito territorial". *Britonia*, 1: 149-162.

González González, M. (1999a): "A terminoloxía e os servicios de normalización lingüística en Galicia", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 131-134.

González González, M. (1999b): "A Lingua galega como eixo de desenvolvemento intercultural", en Touriñán López, J. M. e Santos Rego, M. A. (eds.) (1999): *Interculturalidad y educación para el desarrollo: estrategias sociales para la comprensión internacional*. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, [Santiago de Compostela]: 207-218.

González González, M. (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade*. Real Academia Galega, A Coruña.

González González, M. e outros (2002): "¿Que características persoais determinan a percepción dos falantes galegos? Un estudio exploratorio con matched-guise realizado sobre unha mostra de mozos galegos", en Bugarín López, M. X. e outros (2002): 479-488.

González González, Mg. e Places Torrado. M. (2002): *A situación do galego nun mundo globalizado*, en Bugarín López, M. X. e outros (eds.) (2002): 489-496.

González Laxe, F. (1977): *Estructura da pesca costeira galega*. Galaxia, Vigo.

González Laxe, F. (1988): *La economía del sector pesquero*. Espasa Calpe, Madrid.

González Laxe, F. (1992): "El modelo de funcionamiento de la economía gallega", en González Laxe, F. (dir.) (1992): *Estructura económica de Galicia*. Espasa Calpe, Madrid: 19-53.

González Martínez, X. (1992): "Empresas e lingua". *Análise Empresarial*, 15: 45-47.

González Martínez, X. [en liña]: "Un empresario galeguista". *El correo gallego*. < http://www.elcorreogallego.es/periodico/20040320/galicia/n244597.asp> [Consulta: marzo, 2004].

González Montañés, A. (1992): "Algunhas cuestións con respecto ó uso do idioma nos medios de comunicación en galego". *Cadernos de Lingua*, 5: 5-26.

González, M. C. (2000): "Banco Pastor. Del salazón a las altas finanzas", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 94-101.

González, M. C. (2000): "Caixa Galicia. Pionera de las fusiones", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 116-123.

Graña Martínez, V. (2001): *Lexislación da lingua galega*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Grandío Dopico, A. (2001): "Case todo o moderno que hai hoxe en Galicia é empresa familiar". *ECO: Revista de Economía Atlántica*, 127 [Entrevista realizada por Vázquez Pozo]: 34-36.

Grandío Dopico, A. (2002): "La Empresa gallega en la actualidad, retos y oportunidades" Cabanelas Omil, J. e outros (coords.) (2002): *Una Galicia moderna, líderes empresariales gallegos.* Foro de la Empresa Familiar; Ilustre Colegio de Economistas de A Coruña, A Coruña: 75-104.

Grandío Dopico, D. (dir.) (1996): *Galicia en clave económica. Revista del Consello Galego de Economistas*. Ilustre Colegio de Economistas de La Coruña, A Coruña.

Grin, F. (2000): *Evaluating police measures for minorite languages in Europe*. European Centre for Minorite Issues, Flensburg.

Grosclaude, D. (2003): "L'occitan dins la ràdio, la television e la premsa escriuta", en Alén Garabato, M. C. (coord.) (2003b): 99-113.

Guasch, O. (1997): *Observación participante.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos Metodológicos, 20.

Gutiérrez, J. e Delgado, J. M. (1999): "Teoría de la observación", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1999): (141-173).

Hermida Gulías, C. (1990): "Contribución á caracterización sociolingüística da segunda metade do século XIX". *Cadernos de Lingua,* 1: 57-78.

Herrero de Miñón, M. e outros (1999): *Estudios jurídicos sobre la ley de política lingüística.* Generalitat de Catalunya: Institut d'estudis autonòmics, Barcelona; Marcial Pons, Madrid.

Herrero Valeiro, M. J. (1994): *Linhas discursivas e âmbitos de análise no discurso sobre a língua na Galiza*. Instituto de Estudos Luso-Galaicos "Ricardo Carvalho Calero-Manuel Rodrigues Lapa", A Coruña.

Ibáñez, J. (1992): *Más allá de la sociología. El grupo de discusión: técnica y crítica.* 3ª ed. Siglo veintiuno de España, Madrid.

Ibáñez, J. (1994a): "Perspectivas de la investigación social: el diseño en las tres perspectivas", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 51-85.

Ibáñez, J. (1994b): "Cómo se realiza una investigación mediante grupos de discusión", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 569-582.

Iglesias Álvarez, A. (1999a): "O poder explicativo e predictivo das actitudes lingüísticas". *Verba,* 26: 273-307.

Iglesias Álvarez, A. (1999b): "La importancia de las actitudes lingüísticas en las situaciones de lenguas en contacto". *Interlingüística,* 10: 189-193.

Iglesias Álvarez, A. (1999c): "Os estudios empíricos sobre a situación sociolingüística do galego". *Cadernos de Lingua,* 19: 5-42.

Iglesias Álvarez, A. (2002a): *Actitudes e ideoloxías lingüísticas a través do discurso, a situación en diferentes comunidades de España*. Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Iglesias Álvarez, A. (2002b): *Falar galego: "no veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia.* Xerais, Vigo.

Iglesias Otero, M. L. e Pérez Rodríguez, A. C. (2001): "Consideraciones generales sobre la actividad comercial en Santiago a través de la documentación de arbitrios y consumos (1845-principios del siglo XX)". *Sémata,* 12 «*Comerciantes y artesanos*»: 93-108.

Institut de Sociolingüística Catalana [s. d.]: *Us de la llengua catalana a las empreses de Catalunya*. Institut de Sociolingüística Catalana; Servei de Normalización Lingüística, [Barcelona].

Jodelet, D. (1988): "La representación social: fenómenos, concepto y teoría", en Moscovici, S. (1988): 469-494.

Juillard, C. (1999): L'observation des pratiques réelles", en Calvet, J. L. e Dumont, P. (1999): 103-114.

Kabatek, J. (1994a): "Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX". *Grial*, 122: 157-179.

Kabatek, J. (1994b): "Variedades lingüísticas e competencia comunicativa". *Cadernos de Lingua*, 10: 7-18.

Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual.* Xerais, Vigo.

Kremnitz, G. (1987): "Diglossie, possibilités et limites d'un terme". *Lengas*, 22: 199-213.

Kremnitz, G. (1990): "Sur l'auto-odi (Selbsthass)", en *Per Robert Lafont. Estudis ofèrts a R. Lafont per sos collèges e amics.* Centre d'Estudes Occitans; Vila de Nimes, Montpelhièr; Nimes.

Kremnitz, G. (1991): “Y a-t-il des ‘diglossies neutres’?”. *Lengas*, 30: 29-36.

Kremnitz, G. (1993): *Multilingüisme social: aspectes institucionals, socials i individuals.* Edicions 62, Barcelona.

Krueger, R. A. (1991): *El grupo de discusión. Guía práctica para la investigación aplicada*. Pirámide, Madrid.

Labov, W. (1983): *Modelos sociolingüísticos*. Cátedra, Madrid.

Labraña Barrero, S. (1999): “Prexuízos lingüísticos e identificación social”, en Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.) (1999), vol. 1: 519-532.

Lafont, R. (1997): *Quarante ans de sociolinguistique à la périphérie*. L'Harmattan, Paris.

Lafont, R. (2002): “Langues minorisées et réalité de la culture européenne”, en Bugarín López, M. X. e outros (2002): 27-37.

Lafont, R. (2003): “ Lo «Group de sociolingüistica de Montpelhièr»”, en Alén Garabato, M. C. (coord.) (2003b): 29-31.

Lagarde, C. (1997): “Un conflit dans le conflit: langue minoritaire et inmigration espagnole en Roussillon”, en Boyer, H. (ed.) (1997b): 51-94.

Lameiras Fernández, M. (1988): *La medida de las actitudes lingüísticas en Galicia: una aproximación a partir del diferencial semántico.* Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Lameiras Fernández, M. (1994): *La medida de las actitudes lingüísticas en contextos bilingües mediante escalas Osgood-Stevens.* Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Lameiras Fernández, M. e González Lorenzo, M. (1996a): “Las actitudes lingüísticas en Galicia”. *Revista Galega de Psicopedagoxía*, vol. 9 (13): 179-192.

Lameiras Fernández, M. e González Lorenzo, M. (1996b): “Los usos lingüísticos en Galicia”. *Revista Galega de Psicopedagoxía*, vol. 9 (13): 161-177.

Latiesa, M. (ed.) (1991): *El pluralismo metodológico en la investigación social, ensayos típicos.* Universidad de Granada, Granada: 83-94.

López de Castro Ruíz, H. (2002): "Identidade cultural e dereitos lingüísticos: a lei e a trampa", en Monteagudo Romero, H. e outros (2002): 83-130.

López Iglesias, E. (1997): "As mudanzas experimentadas polo agro galego na segunda metade do século XX", en Alonso Fernández, B. e outros (eds.) (1997): 213.

López Taboada, X. A. (1996): *La población de Galicia 1860-1991. Crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.

López Taboada, X. A. (1997): "Rasgos característicos da organización socieconómica rural galega na segunda metade do século XIX", en Alonso Fernández, B. e outros (1997): 121-143.

López Valcárcel, X. M. (1990): "Normalización afectiva". *Cadernos de Lingua*, 2: 93-104.

López Valcárcel, X. M. (1991): "Normalización. Agora ou nunca". *Cadernos de Lingua*, 3: 135-146.

López, B. (1999): "Política lingüística e política de comunicación ante os desafíos da globalización", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 153-164.

Lorenzo Suárez, A. M. (1997a): "Planificación lingüística e dinamización: reflexións sobre o modelo de normalización lingüística en Galicia", en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 101- 129.

Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): *Dinamización e normalización lingüística*. Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, [Vigo].

Lorenzo Suárez, A. M. (1999): "A xestión normalizadora en Galicia: encadramento, características e propostas de funcionamento", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 7-18.

Lorenzo Suárez, A. M. [en liña]: "Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)". *Noves*, primavera 2003. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hm03primavera/internacional/anxo1_3.htm> [Consulta: decembro, 2003].

Lorenzo, M. (2000): "Avaliación externa do Departamento de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 117-128.

Lozano Courtier, A. (2000): "Bazán. Tres siglos de construcción naval", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 106-113.

Marien, B. e Beaud, J. P. (2003*): Guide pratique pour l'utilisation de la statistique en recherche: le cas des petits échantillons. Réseau Sociolinguistique et dynamique des langues.* Agence Universitaire de la Francophonie, Quebec.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela.

Maroy, C. (1997): "A análise qualitativa de entrevistas", en Albarello L. e outros (1997): 117-155.

Martínez Cortiña, R. (dir.) (1980): *Diccionario Enciclopédico de Economía*. Planeta, Barcelona.

Martínez Martínez, M. C. (1996): *Análisis psicosocial del prejuicio*. Síntesis, Madrid.

Mataix, T. (2002): "A xestión lingüística", en Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): 279-293.

Matthey, M. e De Pietro, J. F. (1997): "La société plurilingue: utopie souhaitable ou domination acceptée", en Boyer (1997a): 133-190.

Maurer, B. (1999): "Quelles méthodes d'enquête sont effectivement employées aujourd'hui en sociolinguistique", en Calvet, J. L. e Dumont, P. (1999): 167-190.

Mezo, J. (1996): *Políticas de recuperación lingüística en Irlanda (1922-1939) y el País Vasco (1980-1992)*. Instituto Juan March de Estudio e Investigaciones, Madrid.

Mezo, J. (1997): "Políticas de recuperación lingüística: unha tipoloxía baseada na teoría de xogos". *Grial*, 136: 559-581.

Moliner, M. (1983): *Diccionario de uso del español (DUE).* Gredos, Madrid.

Monteagudo Romero, H. (1990a): "Entrevista con Rafael Ninyoles". *Grial,* 107: 359-370.

Monteagudo Romero, H. (1990b): "Sobre a polémica da normativa do galego". *Grial,* 107: 294-316.

Monteagudo Romero, H. (1990c): "Normalización lingüística e cambio social. A propósito dun libro de R. L. Cooper". *Cadernos de Lingua,* 2: 143-154.

Monteagudo Romero, H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Galaxia, Vigo.

Monteagudo Romero, H. (1997): "Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego". *Cadernos de Lingua,* 16: 5-33.

Monteagudo Romero, H. (1999): *Historia social da lingua galega.* Galaxia, Vigo.

Monteagudo Romero, H. (2000): "Quinze ans de la loi de normalisation linguistique, en Galice (1983-1998): notes pour un bilan". *Lengas,* 47: 131-158.

Monteagudo Romero, H. (2002): "A lingua galega na sociedade: descrición da situación actual e perspectivas de futuro", en Monteagudo Romero, H. e outros (2002): 7-46.

Monteagudo Romero, H. e Bouzada Fernández, X. (coord.) (2002a): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. I: Política lingüística: análise e perspectivas.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Monteagudo Romero, H. e Bouzada Fernández, X. (coord.) (2002b): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. II: Educación*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Monteagudo Romero, H. e Bouzada Fernández, X. (coord.) (2002c): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. III: Elaboración e difusión da lingua*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Monteagudo Romero, H. e outros (1986): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB.* Consellería de Educación e Cultura: Dirección Xeral de Política Lingüística, [Santiago de Compostela].

Monteagudo Romero, H. e outros (2002): *A normalización lingüística a debate*. Xerais, Vigo.

Monteagudo, H. e Santamarina, A. (1993): "Galician and Castilian in contact: historical social, and linguistic aspects", en *Trends in Romance Linguistics and Philology.* Mouton de Gruyter, Berlin; New York. Vol. 5: 117-173.

Montmollin, G. de (1985): "El cambio de actitud", en Moscovici, S. (1985).

Moreno Fernández, F. (1992): *Metodología sociolingüística*. Gredos, Madrid.

Morsly, D. (1990): "Attitudes et représentations linguistiques". *La Linguistique, 26* (2): 77-86.

Moscovici, S. (1985): *Psicología social, I. Influencia y cambio de actitudes. Individuos y grupos*. Paidós, Barcelona.

Moscovici, S. (1988): *Psicología social, II. Pensamiento y vida social. Psicología social y problemas sociales.* Paidós, Barcelona.

MSG (1994): vid. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1994).

MSG (1995): vid. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995).

MSG (1996): vid. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996).

Nadal, J. (1989): El fracaso de la Revolución industrial en España, 1814-1913. Ariel, Barcelona.

Navarro, P. e Díaz, C. (1999): "Análisis del contenido", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1994): 177-220.

Ninyoles, R. (1977): *Cuatro idiomas para un Estado. El castellano y los conflictos lingüísticos en la España periférica*. Cambio 16, Madrid.

Ninyoles, R. (1980): *Idioma y poder social*. Tecnos, Madrid.

Ninyoles, R. (1982): *Idioma i prejudici*. 3ª ed. Moll, Palma de Mallorca.

Ninyoles, R. (1989): *Conflicte lingüistic valencià*: *substitució lingüística i ideologies diglòsssiques*. 3ª ed. L'Ham, Valencia.

Ninyoles, R. (1991): *Estructura social e política lingüística*. Ir Indo, Vigo. Tradución de Ninyoles, R. (1989): *Estructura social i política lingüística*; 2ª ed. [s. n.], Alzira (Valencia).

Nogueira López, A.(2002): "O galego no seo da UE: oficialidade lingüística na UE e liberdades comunitarias", en Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): 157-180.

Novo, P. (coord.) (2001): *Fundación Galicia Empresa, unha filosofía.* Fundación Galicia Empresa, [s. l.].

Ojea, F. R. (coord.) (2000): *Grandes empresas, grandes historias de Galicia*. La Voz de Galicia, A Coruña.

Ortí, A. (1994): "La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 189-221.

Ortí, A. (1999): "La confrontación de modelos y niveles epistemológicos en la génesis e historia de la investigación social", en Delgado, J. M. e Gutiérrez, J. (1999): 85-95.

Padilla García, J. L. e outros (1998): "Elaboración del cuestionario", en Rojas Tejada, A. e outros (eds.) (1998): 115-140.

Padua, J. (1992): *Técnicas de investigación aplicadas a las ciencias sociales*. El Colegio de México; Fondo de Cultura Económica, México.

Padua, J. e Ahman I. (1992a): "El cuestionario", en Padua, J. (1992): 86-121.

Padua, J. e Ahman I. (1992b): "Escalas para la medición de actitudes", en Padua, J. (1992): 154-230.

Pardo Bazán, E. (1968): *La tribuna*. Taurus, Madrid.

Pellitero Ramilo, F. (1992): "Bilingüismo, horizonte imposible". *Cadernos de Lingua*, 5: 27-45.

Pereiro, A. X. e Juncos-Rabadán, O. (2003): "Interpretación en clave actitudinal dos datos aportados polo Seminario de Sociolingüística (RAG)", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 1114-1119.

Pérez de los Heros Amador, I. (2000): "Leyma-Ram. El valor de las marcas", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 220-223.

Pérez Rodríguez, A. C. (2001): *Santiago a través del padrón de 1924. Presentación y análisis de los datos*. Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Piñuel Raigada, J. L. e Gaitán Moya, J. A. (1995): *Metodología general. Conocimiento científico e investigación en la comunicación social*. Síntesis, Madrid.

Pires Carreira, T. (2003): "L'Europe: Métissages linguistiques et projet d'une nouvelle identite", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 89-93.

Planella i Domènec, G. (1997): "A dinamización lingüística desde os servicios de normalización lingüística: a experiencia en Cataluña", en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 37-46

Portas, M. (1991): *Lingua e sociedade na Galiza*. Bahía, A Coruña.

Portas, M. (2000): "Políticas lingüísticas na administración local", en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 243-247.

Porto Sánchez, A. (2002): *As axudas da Dirección Xeral de Política Lingüística ás empresas e entidades do ámbito socioeconómico*. Traballo de investigación tutelado (inédito), Universidade de Santiago de Compostela.

Pose Antelo, J. M. (1987): "La banca compostelana en la segunda mitad del siglo XIX", en *Jubilatio: Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela. Vol. 1: 409-427.

Pose Antelo, J. M. (1992): *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.

Poza, F. (2000): "Grupo de empresas Álvarez. Esplendor cerámico", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 184-187.

Prego Vázquez, G. (2003): "Comprando leitugas, leitughas e lechughas. Reformulacións e negociación de identidades na feira", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 94-103.

Puig Salellas, J. M. (1999): "La normativa lingüística y el mundo socioeconómico", en Herrero de Miñón, M. e outros (1999): 419-463.

Querol Puig, E. (2000): *Els valencians i el valencià. Usos i representacions socials.* Denes, Paiporta (Valencia).

Querol [Puig], E. [en liña1]: "Evolució dels usos i de les representacions socials de les llengües a Catalunya (1993-2000)". *Noves*, estiu 2001. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hm01estiu/catalana/querolb1_10.htm> [Consulta: setembro, 2002]

Querol [Puig], E. [en liña2]: "Usos i representacions socials de les llengües a les Illes Balears". *Noves*, estiu 2002. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hemeroteca/estiu02.htm> [Consulta: xaneiro, 2004]

Ramallo, F. (1996): "La lengua inicial en Galicia: distribución y relaciones", en Serra Alegre, E. e outros (eds.) (1995-1997): 100-109.

Ramallo, F. (2002): "O Galego na publicidade: modelos culturais, representacións colectivas e comunicación publicitaria", en Consello da Cultura Galega (ed.) (2002): 131-151.

Ramallo, F. e Lorenzo, A. (2002): "A enquisa na investigación sociolingüística". *Estudios de Sociolingüística*, vol. 3 (1): 43-69.

Ramallo, F. e outros (2000): *Manual de ciencias da linguaxe*. Xerais, Vigo.

Ramallo, F. e Rei Doval, G. (1995): *Publicidade e lingua galega. Os consumidores ante o uso do galego na comunicación publicitaria e nas relacións comerciais.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Ramallo, F. e Rei Doval, G. (1997): *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Ramírez Dorado, S. (1992): *Hacia una psicología social del nacionalismo*. Universidad Complutense de Madrid, Madrid.

Recalde Fernández, M. (1993): *Usos e actitudes sobre a gheada*. Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Recalde Fernández, M. (1994): "Gheada e situación". *Verba*, 21: 339-367.

Recalde Fernández, M. (1995): "Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada (dos alumnos de 2º de BUP de catro centros galegos)". *Cadernos de Lingua*, 12: 5-31.

Recalde Fernández, M. (1996): "Unha visión diacrónica da competencia lingüística en galego", en Serra Alegre, E. e outros (eds.) (1995-1997): 150-159.

Recalde Fernández, M. (1998): "Lingua galega e identidade", en *XXI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas* (Palermo, 18-24 de setembro de 1995). Università di Palermo: Centro di studi filologici e linguistici siciliani, Palermo. Vol. 5: 575-588.

Recalde Fernández, M. (2000): "Le parcours socioculturel du galicien du Moyen Âge au XXe siècle". *Lengas*, 47: 11-39.

Recalde [Fernández], M. (2003): "O papel da identidade étnica e da vitalidade etnolingüística subxectiva (ves) na configuración da conducta lingüística en Galicia", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 104-119.

Redondo Bellón, I. (1999): "Relación entre os hábitos de consumo e os grupos lingüísticos en Galicia". *Revista Galega de Economía*, vol. 8 (1): 165-180.

Regueira, X. L. (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *Cadernos de Lingua*, 10: 37-46.

Regueira, X. L. (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", en Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.) (1999), vol. 1: 855-875.

Regueiro Tenreiro, M. (1999a): *Modelo harmónico de relación lingüística: estudio en Galicia*. Eurográficas, A Coruña.

Regueiro Tenreiro, M. (1999b): "As aulas bilingües como posibilidade", en Alonso Girgado, L. (coord.): *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*. Follas Novas, [Santiago de Compostela].

Regueiro Tenreiro, M. (1999c): "A vitalidade lingüística e os gabinetes de asesoramento", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 269-272.

Regueiro Tenreiro, M. (2000a): *La Política lingüística en Galicia*, en Sauca, J. M.: 93-114.

Regueiro Tenreiro, M. (2000b): "Bilinguisme social en Galice". *Lengas*, 47: 119-130.

Regueiro Tenreiro, M. (2003): "Bilingüismo harmónico: modelo social posible", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 1138-1143.

Rei Doval, G. (1996): “Lingua oral vs. lingua escrita na competencia en galego: unha perspectiva demolingüística sincrónica”, en Serra Alegre e outros (eds.) (1995-1997): 160-169.

Rei Doval, G. (1999): *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega (1967-1997)*. Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Rei Doval, G. (2001): *A lingua galega no medio urbano, unha visión desde a macrosociolingüística.* Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Rico Boquete, E. (2000): “Ence. Primer productor europeo de celulosa de eucalipto”, en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 172-173.

Ritzer, G. (2001): *Teoría sociológica clásica*. McGraw-Hill, Madrid.

Roca Cendán, M. [en liña]: “O pensamento económico de Castelao”. <www.galiciadigital.com/psd/Opinion> [Consulta: xullo, 2004]

Rodríguez, A. (1996): “Psicología social de los prejuicios”, en Álvaro, J. L. e outros (coord) (1996): 295-315.

Rodríguez, F. (1976): *Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia*. Xistral, Monforte.

Rodríguez, L. e Romero, D. [en liña1]: “item:)aga comunicando normalmente”. <www.iaga.com/item-aga/campesc.html> [Consulta: xaneiro, 2002].

Rodríguez, L. e Romero, D. [en liña2]: “Elementos de publicidade e mercadotecnia na dinamización lingüística”. <www.iaga.com/item-aga/puntoesc.html> [Consulta: xaneiro, 2002]. Repr.: Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 71-85.

Rodríguez Galdo, M. X. e Losada Álvarez, A. (2000): “Citroën Hispania. La gran industria de Galicia”, en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 144-151.

Rodríguez Galdo, M. X. e outros (2000): “Zeltia. Galicia innova” en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 280-285.

Rodríguez Gómez, G. e outros (1996): *Metodología de la investigación cualitativa*. Aljibe, Málaga.

Rodríguez González, A. (1989): "Interpretación de las actitudes", en Rodríguez, A. e Seonae, J. (1989): *Creencias, actitudes y valores*. Alhambra, Madrid: 199-299.

Rodríguez Neira, M. A. (1986): "Sobre o proceso de sustitución lingüística en Galicia", en Kremer, D. (ed.) (1988-1992): *XVIII Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes* (Université de Trier, 1986). Max Niemeyer, Tübingen. Vol. 5: 253-265.

Rodríguez Neira, M. A. (1991): "Outra contribución á cuantificación do cambio lingüístico en Galicia", en Brea M. e Fernández Rei, F. (coords.) (1991): *Homenaxe ó profesor Constantino García*. Universidade de Santiago de Compostela: Departamento de Filoloxía Galega, Santiago de Compostela. Vol. 2: 179-194.

Rodríguez Neira, M. A. (1993): "Análisis de la situación sociolingüística del gallego desde el ámbito escolar". *Plurilinguismes*, 6 «*Sociolinguistique galicienne*»: 55-87.

Rodríguez Neira, M. A (1999): "Recursos de apoio ós servicios de normalización lingüística", en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 135-144.

Rodríguez Neira, M. A. (2002): "A lingua galega nos comezos do novo milenio", en Bugarín López, M. X. e outros (2002): 129-147.

Rodríguez Neira, M. A. (2003): "Bilingües entre monolingües. Contribución á identidade bilingüe en Galicia", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 132-145.

Rodríguez Neira, M. A. (2004): "Determinantes sociolingüísticos do bilingüismo galego", en *Investigación e innovación na Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela: 349-370.

Rodríguez Neira, M. A. e López Martínez, M. S. (1988): *O galego na Universidade*. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Rodríguez Osuna, J. (1974): *Informe sociológico sobre el área de Santiago de Compostela.* Ayuntamiento de Santiago de Compostela, [Santiago de Compostela].

Rodríguez Osuna, J. (1991): *Métodos de muestreo*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos Metodológicos, 1.

Rodríguez Osuna, J. (1993): *Métodos de muestreo. Casos prácticos.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos Metodológicos, 6.

Rodríguez Osuna, J. (1994): "La muestra: teoría y aplicación", en García Ferrando, M. e outros (eds.) (1994b): 365-398.

Rodríguez [Sánchez], F. (1995): "Marco legal e política lingüística na Galiza", en Álvarez González, E. e outros (eds.) (1995): 207-222.

Rodríguez Sánchez, F. (1998): *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*. 4ª ed. Laiovento, Santiago de Compostela.

Rodríguez Vázquez, M. (2001): "Xénese da Fundación Galicia Empresa", en Novo, P. (coord.) (2001).

Rodríguez-Yáñez, X. P. (1993): "Quelques réflexións à propos de la sociolinguistique galicienne". *Plurilinguismes,* 6 «*Sociolinguistique galicienne*»: 225-258.

Rodríguez-Yáñez, X. P. (1994): "Actitudes e comportamentos cara ó galego en bares e restaurantes da cidade de Lugo", en Lorenzo, R. (ed.) (1992-1994): *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña. Vol. 6: 29-40.

Rodríguez-Yáñez, X. P. (1997): "Aléas Théoriques et méthodologiques dans l'étude du bilinguisme. Le cas de la Galice", en Boyer, H. (ed.) (1997b): 191-254.

Rojas Tejada, A. e outros (eds.) (1998): *Investigar mediante encuestas. Fundamentos teóricos y aspectos prácticos.* Síntesis, Madrid.

Rojo, G. (1981a): "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia". *Revista Española de Lingüística*, 11 (2): 269-310.

Rojo, G. (1981b): "En torno a las actitudes lingüísticas de los profesores de E.G.B. de Galicia". *Revista de Educación*, 268: 131-155.

Rojo, G. (1996): "La situación lingüística gallega", en *Ciclo de Conferencias «Las lenguas de España»* (Sevilla, 7 a 10 de marzo de 1995). Fundación El Monte, Sevilla.

Romay Martínez, J. e García Mira, R. (2003): "Identidad cultural y lingüística en Galicia", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 146-160.

Romero, D. e Vaquero, I. (2001): *Da periferia á Rede. Internet en Galicia. Lingua e contidos.* Xerais, Vigo.

Rouquette M. L. e Rateau, P. (1998): *Introduction à l'étude des représentations sociales.* Presses Universitaires de Grenoble, Grenoble.

Rubal, X. (1991): "Apuntes para a historia da normalización lingüística, 1977-1988", en *Doce anos de búsqueda da nosa identidade, 1977-1988*. Xermolos, Lugo.

Ruquoy, D. (1997): "Situação de entrevista e estratégia do entrevistador", en Albarello, L. e outros (1997): 84-116.

Sánchez Carrión, J. M. (1991): *Un futuro para nuestro pasado. Claves de la recuperación del Euskara y teoría social de las lenguas.* 2ª ed. Seminario de Filología Vasca "Julio de Urquijo", Donostia.

Sánchez Puga, X. (coord.) [1995]: *Documentos para a comunicación comercial*. Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Sánchez Puga, X. (1997): "Situación actual e perspectivas dos servicios de normalización lingüística nas entidades locais e empresas de Galicia", en Lorenzo Suárez, A. (ed.) (1997b): 133-140.

Sánchez Puga, X. (coord.) (2000): *XVIII Convenio colectivo da banca privada.* Xunta de Galicia: Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela.

Sangrador García, J. L. (1981): *Estereotipos de las nacionalidades y regiones de España*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

Sangrador García, J. L. (1996): *Identidades, actitudes y estereotipos en la España de las autonomías* (resultados del Estudio 2123). Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

Santamaría Conde, J. J. (1986): "O galego-português comercial e a linguagem técnico-científica face à CEE". *Nós: revista galaico-portuguesa de cultura,* 1: 39-45.

Santamaria Conde, J. J. (1985): "Os economistas ante a normalización lingüística". *Agalia,* 3: 326-329.

Santamarina, A. (1995): "Norma e estándar", en Monteagudo, H. (1995): 53-98.

Santamarina, A. (2000): "Normalisation linguistique en Galice. Trente ans d'histoire". *Lengas,* 47: 41-65.

Santos Castroviejo, I. (1998): "Os séculos XVIII e XIX (ata 1870): protagonistas e transformacións", en Fernández Casanova, C. (coord.) (1998c): 87-138.

Sarabia, B. e Zarco, J. (1997): *Metodología cualitativa en España*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid. Cuadernos Metodológicos, 22.

Sauca, J. M. (2000): *Lenguas, Política, Derechos.* Instituto de Derechos Humanos "Bartolomé de las Casas"; Universidad Carlos III; Boletín Oficial del Estado, Madrid.

Segura i Llopes, C. (2003): "A lingua nunha normalización 'bilingüística'", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 1156-1168.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1993a): "La Carte Sociolinguistique de la Galice", *Plurilinguismes,* 6 «*Sociolinguistique galicienne*»: 211-216.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1993b): "Estudio sociolingüístico da comarca ferrolá: fase previa ó Mapa Sociolingüístico de Galicia". *Cadernos de Lingua,* Anexo 1.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia: compendio do I volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Real Academia Galega, A Coruña.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1995): *Usos lingüísticos en Galicia: compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia.* Real Academia Galega, A Coruña.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia: compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia.* Real Academia Galega, A Coruña.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega [en liña]: "Deseño de medidas para mellora-las actitudes cara ó galego e incrementa-lo seu uso". *Noves*, hivern 2002.<http://cultura.gencat.net/llengcat/noves/hemeroteca/hivern02.htm> [Consulta: abril, 2003].

Sequeiros Tizón, J. G. (1986): *El desarrollo económico en Galicia*. Universidade de Santiago de Compostela: Servicio de Publicaciones, Santiago de Compostela.

Serra Alegre, E. e outros (eds.) (1995-1997): *Panorama de la investigació lingüística l'Estat espanyol: actes del I Congrés de Lingüística General* (Valencia, 15-17 de febreiro de 1994) (5 vol.). Universitat de València, València.

Sierra Bravo, R. (2001): *Técnicas de Investigación Social. Teoría y ejercicios.* 14ª ed. Paraninfo, Madrid.

Siguan [Soler], M. (2001): "Linguaxe e personalidade". *Estudios de Sociolingüística*, vol. 2 (1): 141-152.

Siguan Soler, M. (1994): *Conocimiento y uso de las lenguas*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

Silva Valdivia, B. (1991): "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia: algunhas consideracións". *Cadernos de Lingua*, 4: 27-38.

Sineiro García, F. (1992): “Los cambios operados en la agricultura y actividades forestales en el período 1960-1988. Tipología de las industrias agroalimentarias y de la transformación de la madera”, en González Laxe, F. (1992): *Estructura económica de Galicia*. Espasa Calpe, Madrid: 57-124.

Solé Camardons, J. e Institut DEP [en liña]: “Usos, actituds i serveis lingüístics a les empreses d'assegurances, per l'Institut DEP”. *Noves*, primavera 2002. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hm02primavera/catalana/sole1_9.htm> [Consulta: decembro, 2002].

Solé Camardons, J. [en liña]: “Els mètodes bàsics de recerca sociolingüística”. *Noves*, tardor 2000. <http://www6.gencat.net/llengcat/noves/hemeroteca/tardor00.htm> [Consulta: xaneiro, 2002].

Soler Pujals, P. (1997): *La investigación cualitativa en marketing y publicidad: el grupo de discusión y el análisis de datos*. Paidós, Barcelona.

Somoza de Monsoríu, F. (1995): *Estorbos y remedios de la riqueza de Galicia. Discurso político legal*. [Estudio preliminar de X. L. Barreiro Fernández]. Escola Galega de Administración Pública, Santiago [de Compostela].

Souto, E. (1994): *Socio-didáctica lingüística: notas para o ensino*. Laiovento, Santiago.

Souto González, M. (1997): “A dinamización lingüística desde o Servicio de Normalización Lingüística do concello de Vigo”, en Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997b): 171-184.

Subiela, X. (2002): “Política lingüística en Galicia”, en Monteagudo Romero, H. e outros (2002): 131-171.

SSG-RAG [en liña]: vid. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega [en liña].

Tajfel, H. (1984): *Grupos humanos y categorías sociales: estudios de psicología social*. Herder, Barcelona.

Tomé, A. (2003): "Bilingualite: une reponse au developpement culturel", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 161-165.

Tomeo Perucha, V. e Uña Juárez, I. (1990): *Diez lecciones de estadística descriptiva. (Curso teórico-práctico)*. AC, Madrid.

Torres Romar, X. (1990): "O status lingüístico nas denominacións de orixe específicas dos productos agroalimetarios galegos". *Cadernos de Lingua*, 1: 79-92.

Tusón Valls, A. (2002): "El análisis de la conversación: entre la estructura y el sentido". *Estudios de Sociolingüística*, vol. 3 (1): 133-153.

Tuson, J. (1997): *Mal de linguas*. Positivas, Santiago de Compostela.

Valiña, M. (2000): "Hijos de Rivera. Cerveza con estrella", en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 196-199.

Valles, M. S. (1997): *Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional.* Síntesis, Madrid.

Valles, M. S. (2002): *Entrevistas cualitativas*. Centro de Investigaciones Sociológicas, Madrid.

Vallverdú, F. (1970): *Dues llengües, dues funcions?*. Edicion 62, Barcelona.

Vallverdú, F. (1972): *Ensayos sobre bilingüismo*. Ariel, Barcelona.

Vallverdú, F. (1980): *Aproximació crítica a la sociolingüística catalana. Balanç dels estudis de sociologia lingüistica als Paisos Catalans.* Edicions 62, Barcelona.

Vallverdú, F. (1983): "Hi ha o no ha diglòssia a Catalunya? Anàlisi d'un problema conceptual". *Treballs de Sociolingüística Catalana*, 5: 17-24.

Vallverdú, F. (1999): "La Política lingüística en Cataluña : circunstancias y resultados", en Álvarez, R. e Vilavedra, D. (eds.) (1999), vol. 1: 1021-1045.

Vann, R. E. (2003): "The construction of catalanist identities: group history and individual practice", en Cabeza Pereiro, C. e outros (eds.) (2003): 166-174.

Vaquero Quintela, I. (1999): “A utilización da internet nun SNL/SL como ferramenta de información, formación e dinamización”, en Domínguez Salgado, A. e outros (eds.) (1999): 165-186.

Vara, A. (2000): “Coren. Ganadería sin tierra”, en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 156-163.

Varela Varela, X. M. (2000): “Memoria do Servicio Lingüístico Comarcal de Bergantiños”, en Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): 41-60.

Varela, J. (2000): “Endesa. La mayor térmica de España”, en Ojea, F. R. (coord.) (2000): 174-175.

Vázquez Cuesta, P. (1985): “Situación e perspectivas do galego”, en *Actas do Congresso sobre a Situação Actual da Língua Portuguesa no Mundo* (Lisboa, 1983). ICLP, Lisboa. Vol. 1: 109-135.

Veiga Martínez, D. (1986): *Unha aproximación didáctica e sociolingüística á situación do galego e do castelán escrito na escola*. Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Velasco Souto, C. F. [1983]: “Literatura e nacionalismo na Galiza (1875-1917)”. *Estudios de Historia Social*, 28-29: 107-112.

Velasco Souto, C. F. (1987): *A sociedade galega da Restauración na obra literaria de Pardo Bazán: 1875-1900*. Artes Gráficas Portela, Pontevedra.

Velasco Souto, C. F. (1993): “O campesinado galego do século XIX nas fontes literarias e judiciais, por umha revisión de certos tópicos tradicionais”, en Juana, J. de e Castro, X. (eds.) (1993): *VII Xornadas de Historia de Galicia*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, Ourense: 73-89.

Vez Jeremías, J. M. (1985): “Consideraciones sociolingüísticas en torno a aspectos funcionales del gallego, castellano e inglés en Galicia”. *Revista Española de Lingüística Aplicada*, 1: 97-111.

Villar, R. (1999): "Unha experiencia no eido socio-laboral: o Servicio de Normalización da Confederación Intersindical Galega (CIG)", en Domínguez Salgado, A. e outros (1999): 65-71.

Villares Paz, R. (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1950-1936*. Síntesis, Madrid.

Villares Paz, R. (1986): *A Historia*. Galaxia, Vigo.

Villares Paz, R. (1990): "La agricultura gallega contemporánea. Permanencias y cambios". *Areas: Revista de Ciencias Sociales*, 12: 137-143.

Villares Paz, R. (2000): "A agricultura galega, 1870-1930: unha época de grandes transformacións", en Fernández Prieto, L. (2000): 61-82.

Visauta Vinacua, B. (1989): *Técnicas de investigación social. I: Recogida de datos.* PPU, Barcelona.

Visauta Vinacua, B. (1995): *Análisis estadístico con SPSS para Windows: estadística básica*. McGraw-Hill, Madrid.

VV.AA. (2000): "Lingua e política". *Tempos Novos*, 36. 35-58.

VV.AA. (2003): "A tensión da lingua". *Tempos Novos*, 70: 18-40.

Wesh Language Board (ed.) [s. d.]: *Marketing en lenguas minoritarias. Guía para las empresas.* Wesh Language Board, [s. l.]. [folleto-guía resultado dun Taller Europeo sobre linguas minoritarias celebrado en Gales do Norte en 2001].

Williamson, R. C. e Williamson, V. L. (1984): "Selected factors in bilingualism: the case of Galicia". *Journal of Multilingual and Multicultural Development*, 5 (5): 401-413.

Worsley, P. e outros (1978): *Introducción a la sociología*. Monte Avila, Caracas.

Zanden, J. W. V. (1990): *Manual de psicología social.* Paidós, Barcelona.

Enderezos electrónicos

Relación dos principais enderezos electrónicos visitados que se citan na investigación:

http://cgrl.xunta.es/revista/isl2003.pdf
http://cultura.gencat.es/llengcat/informe/cat.htm
http://edu.xunta.es/dxpl/
http://www.amesa.org/noticias
http://www.amesanl.org/biblioteca/
http://www.atexga.com
http://www.camerdata.es
http://www.comercioacotes.com
http://www.elcorreogallego.com.
http://www.feiraco.es
http://www.finsa.es/
http://www.froiz.es
http://www.fundaciongaliciaempresa.org/
http://www.galego.org
http://www.galicia2010.com
http://www.galicia-hoxe.com/periodico
http://www.gestores.net
http://www.iaga.com/
http://www.ige.xunta.es
http://www.reversoweb.com
http://www.sargadelos.com
http://www.tagenata.com
http://www.televes.com/espanol/sobreteleves/sobreteleves.asp
http://www.vieiros.com/entrevista/villares.html
http://www.vision.net.au/
http://www.xunta.es/galicia2003/gl/08_02.htm
http://www6.gencat.net/llengcat/socio/us.htm
http://www6.gencat.net/llengcat/noves/